



Folio 00001

B 0000001

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

LIBRO DE ACTAS
DAS
SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO

DILIXENCIA DE APERTURA:

O presente libro que se compón de douscentos folios, selados, numerados e legalizados coa rúbrica do Presidente e do Secretario, comprendidos entre as follas B0000001 a B0000200 (ámbalas dúas inclusive), queda destinado á transcrición das actas das sesións do Pleno do Concello. Comezando pola correspondente á do día dezasete de xuño de mil novecentos noventa e cinco. Estendéndose a presente dilixencia en cumprimento do disposto no artigo 2,2 do Decreto 101/83 de 14 de xullo da Xunta de Galicia.

Betanzos, 17 de xuño de 1995

O Secretario,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.- José Cortés Carro.

Vº e pr.

O Alcalde,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.- Manuel Lagares Pérez.

ACTA DE CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION E DE ELECCION DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIONS LOCAIS CELEBRADAS O DIA VINTEOITO DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

No salón de actos da Casa do Concello de Betanzos, sendo as trece horas do día dezasete de xuño de mil novecentos noventa e cinco, para dar cumprimento ó que se dispón nos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e á elección de alcalde, reuníronse, en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o día vinteoito de maio de 1995, que son os seguintes:

D. MANUEL LAGARES PEREZ.
Dª Mª ASUNCION SANCHEZ VAZQUEZ.
D. ANTONIO SALVADOR LAGARES PEREZ.
D. ANTONIO CARRO GALEIRAS.
D. FRANCISCO MANUEL DIAZ PEREIRA.
D. JOSE RAMON GARCIA VAZQUEZ.
D. ANDRES BEADE DOPICO.
Dª OFELIA LOPEZ CAMPOS.
D. ANTONIO VAZQUEZ LORENZO.
D. JAIME ALBERTO PITA VARELA.
Dª Mª DOLORES FARALDO BOTANA.
Dª Mª CINTA FERNANDEZ RAMOS.
D. LUIS ALBERTO CARRO ERIAS.
D. ANGEL PASTOR CASAL OTERO.
D. ANDRES MARTINEZ GUERRA.
D. ANDRES OTERO MARTINEZ.

Non asiste, con desculpa:

D. MANUEL JOSE BASTEIRO FERNANDEZ.

asistidos polo infraescrito secretario da corporación, D. JOSE CORTES CARRO, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado Regulamento, como trámite previo legal para este acto.

100.- CONSTITUCION DA CORPORACION E ELECCION DE ALCALDE.

Seguidamente procedeuse a forma-la Mesa de Idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes, D. Andrés Beade Dopico, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén entre os asistentes, D. Luis Alberto Carro Erias, e actuando como secretario da mesma D. José Cortés Carro, que o é da propia Corporación.

Unha vez constituida a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comproba-las credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona, e comprobado que se compre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento, pola devandita Mesa declárase constituida a Corporación, previo o cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108.6 da mesma Lei orgánica

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril (BOE do día 6), e o que efectuaron pola orde que foron proclamados pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos.

Acto seguido procédese, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei orgánica, á proclamación dos candidatos para a elección de alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA
D. MANUEL LAGARES PEREZ	PSdeG-PSOE
D. JAIME ALBERTO PITA VARELA	Partido Popular
D. ANDRES OTERO MARTINEZ	BNG

ELECCION DE ALCALDE.

Acto seguido, de acordo co que dispon o artigo cento noventa e seis da varias veces citada Lei orgánica 5/1985, procédese á elección de alcalde, iniciándose a votación de acordo co que establece o artigo 102 do xa mencionado Regulamento, para elixilo de entre os candidatos proclamados para o devandito cargo, obténdose o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NUM. DE VOTOS	
D. MANUEL LAGARES PEREZ	NOVE	9
D. JAIME ALBERTO PITA VARELA	SEIS	6
D. ANDRES OTERO MARTINEZ	UN	1

Inmediatamente o Sr. Concelleiro que resultou elixido como alcalde deste municipio, D. MANUEL LAGARES PEREZ, integrado na lista ou candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obreiro Español, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, previo o cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril (BOE do día 6), pasando a ocupa-la presidencia.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACION.

A continuación, polo Sr. Secretario Xeral, dase conta da acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova corporación, acompañada de tódolos documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ó inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e para os efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, acordándose, por unanimidade aproba-los documentos. Os resumos dos devanditos documentos son os seguintes:

1º.- ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA.

A.- METALICO DO PRESUPOSTO.

Existencia do arqueo anterior..... 4.083.872,- pts.

Ingresos desde dito arqueo..... 28.169.415,- pts.

SUMA.....	32.253.287,- pts.
Pagos desde dito arqueo.....	4.176.910,- pts.
EXISTENCIA.....	28.076.377,- pts.

B.- VALORES INDEPENDENTES E AUXILIARES DO PRESUPOSTO.

a) Metálico:

Existencia do arqueo anterior.....	22.660.622,- pts.
Ingresos de dito arqueo.....	1.822.597,- pts.
SUMA.....	24.483.219,- pts.
Pagos desde dito arqueo.....	0,- pts.
EXISTENCIA.....	24.483.219,- pts.

b) Valores:

Existencia do arqueo anterior.....	0,- pts.
Ingresos (entradas) desde dito arqueo	0,- pts.
SUMA.....	0,- pts.
Pagos (saídas) desde dito arqueo	0,- pts.
EXISTENCIA.....	0,- pts.

C.- CLASIFICACION DA EXISTENCIA.

	METALICO	VALORES	TOTAL PTS.
De presuposto....	28.076.377	0	28.076.377
De valores indep. e auxiliares.....	24.483.219	0	24.483.219
SUMAS.....	52.559.596	0	52.559.596

2º.- INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL.

Suman as propiedades e dereitos (ACTIVO)	4.521.215.263,- pts
Suman os préstamos e gravames (PASIVO)..	257.582.389,- pts
DIFERENCIA: Patrimonio líquido.....	4.263.632.874,- pts

INCIDENCIAS:

Non se produciron.

Por último, polo Sr. Secretario, dase conta do artigo 38 do varias veces citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do contido do cal quedan enterados tódolos asistentes, co que se deu por rematado o acto, dispoñéndose o cumprimento dos requisitos legais establecidos, rematándose a sesión sendo as trece horas e trinta e oito minutos e estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo o Secretario, de todo o cal, certifico.

O ALCALDE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo./ Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo./ José Cortés Carro.

ACTA DA PRIMEIRA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTESETE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Andrés Beade Dopico.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e trinta minutos do día vintesete de xuño de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la primeira sesión plenaria extraordinaria correspondente ó día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión celebrada o 17 de xuño de 1995.

200.- DAR POSESION DO CARGO DE CONCELLEIRO A D. MANUEL JOSE BASTEIRO FERNANDEZ.

Seguidamente procédese a comproba-la credencial presentada -en tempo e forma- na Secretaría Xeral do Concello e realízase a acreditación da personalidade do electo, D. Manuel José Basteiro Fernández, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona, o cal por causa persoal debidamente xustificada no expediente xeral aberto para a renovación desta Corporación non puido tomar posesión do cargo de Concelleiro na sesión constitutiva da Corporación celebrada o pasado día 17 de xuño de 1995.

Previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.6 da mesma Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a

fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril (BOE do día 6), dase posesión do cargo de Concelleiro a D. Manuel José Basteiro Fernández.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o secretario da corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

Asdo./ Manuel Lagares Pérez. Asdo./ José Cortés Carro.

ACTA DA SEGUNDA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTESETE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Andrés Beade Dopico.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Manuel J. Basteiro Fernanández.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos do día vintesete de xuño de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la segunda sesión plenaria extraordinaria correspondente ó dia de hoxe.

Antes de dar comezo á sesión, fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente, para -interpretando o sentir unánime dos Sres. membros da Corporación-, que conste

en acta a felicitación da Corporación ó "Real Club Deportivo de La Coruña" polo éxito conseguido no día de hoxe ó obte-la "Copa del Rey". Accédese a iso por unanimidade.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Queda pendente pendente de aprobación a acta da primeira sesión extraordinaria celebrada o día de hoxe, por ter rematado a sesión fai escasos minutos.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes:

201.- RESOLUCION DA ALCALDIA REGULADORA DA COMISION DE GOBERNO E AS SUAS ATRIBUCIONS.

Dase conta ó Pleno da Resolución da Alcaldía número 340/95, reguladora da Comisión de Goberno e as súas atribucións, di así: "Res. 340/95. RESOLUCION: reguladora da COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO e da delegación de competencias na mesma pola Alcaldía. RESULTANDO: Que a constitución da nova Corporación Municipal e elección de Alcalde deste Concello se efectuou na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio.= CONSIDERANDO: Que de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei reguladora das bases do réxime local do 2 de abril de 1985, e polo artigo 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, do 28 de novembro de 1986, pode a Alcaldía designar libremente ós Sres. membros da Corporación que integrarán a COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO do Concello, podendo delegar na mesma as atribucións que estime procedentes, a excepción das non delegables que menciona o artigo 22 da Lei, veño en dicta-la seguinte,= RESOLUCION.= PRIMEIRO.- Que a Comisión de goberno, presidida por esta Alcaldía, estará integrada por cinco membros da corporación, número de concelleiros non superior ó tercio estricto do número legal dos mesmos e que a continuación se indican:= Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Antonio Carro Galeiras, D. Francisco Manuel Díaz Pereira, D. José Ramón García Vázquez.= SEGUNDO.- Por delegación desta Alcaldía, serán competencia da COMISION DE GOBERNO, as seguintes atribucións:= a) A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.= b) a concesión de licencias de obras de nova planta ou obras maiores. As obras menores concederanse por resolución do Sr. Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente.= c) A concesión de licencias de apertura de establecementos.= d) A organización dos servicios de recadación e tesourería.= e) A aprobación de gastos.= f) O nomeamento de funcionarios en virtude de probas selectivas para o efecto convocadas, así como a súa xubilación e excedencia.= g) A apertura de expedientes disciplinarios ós funcionarios que estean en posesión do título de habilitación nacional, sen prexuizo da facultade disciplinaria de destitución do cargo á administración do estado.= h) A apertura de expedientes disciplinarios e a suspensión previa de funcionarios que non estean en posesión do título de habilitación nacional, agás a separación definitiva do servicio dos devanditos funcionarios, que é competencia do Pleno, así como o despido do persoal laboral, se ben o acordo adoptado será ratificado polo Pleno.= i) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co presuposto aprobado.= j) A regulación do aproveitamento dos bens comunais.= k) O alleamento de parcelas sobrantes da vía pública.= l) Contratar obras e servicios, salvo casos que considere urxentes, sempre que a

súa contía non exceda do 5% do límite xeral aplicable á contratación directa, de acordo co procedemento legalmente establecido.= m) A emisión de informes nos expedientes tramitados de acordo co vixente Regulamento de actividades insalubres, molestas, nocivas e perigosas.= n) As demais que expresamente lle atribúen as leis.= Os acordos adoptados pola Comisión de Goberno en cuestións da súa competencia terán a mesma eficacia que os do Concello Pleno, salvo os casos en que por precepto legal ou regulamentario sexa necesaria a ratificación por este.= TERCEIRO.- Da presente resolución darase coñecemento ó PLENO na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados e publicaranse no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuizo da súa efectividade do día seguinte ó da presente resolución, segundo se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no artigo 52) 4º do Regulamento de organización e funcionamento do 28 de novembro de 1986.= CUARTO.- A Comisión de Goberno celebrará sesión ordinaria os días e horas que se acorde polo Pleno da Corporación Municipal. Celebrará as sesións extraordinarias que sexan necesarias a xuizo da Alcaldía-Presidencia."

202.- RESOLUCION REGULADORA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DA ORDE DE SUCESION NA ALCALDIA.

Dase conta ó Pleno da resolución da Alcaldía (341/95) reguladora do nomeamento de tenentes de alcalde e da orde de sucesión na Alcaldía. Di así: "Resolución 341/95.- RESOLUCION: reguladora do nomeamento de tenentes de alcalde e da orde de sucesión nos casos de ausencia, enfermidade o vacante do Alcalde.= RESULTANDO: Que a constitución da nova Corporación Municipal e elección de Alcalde deste Concello se efectuou na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 15 de xuño como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 26 de maio.= CONSIDERANDO: Que é competencia exclusiva da Alcaldía o nomeamento dos Sres. tenentes de alcalde, ó abeiro do preceptuado no artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, veño en dicta-la seguinte,= RESOLUCION.= Efectua-los seguintes nomeamentos:= 1º Tte. de alcalde, Dª Mª ASUNCION SANCHEZ VAZQUEZ.= 2º Tte. de alcalde, D. ANTONIO SALVADOR LAGARES PEREZ.= 3º Tte. de alcalde, D. ANTONIO CARRO GALEIRAS.= 4º Tte. de alcalde, D. FRANCISCO MANUEL DIAZ PEREIRA.= 5º Tte. de alcalde, D. JOSE RAMON GARCIA VAZQUEZ.= Betanzos, vintedous de xuño de 1995.= O ALCALDE-PRESIDENTE,= Asdo./ Manuel Lagares Pérez."

203.- RESOLUCION DA ALCALDIA REGULADORA DO NOMEAMENTO DE DELEGADOS.

Dase conta ó Pleno da resolución da Alcaldía (342/95) reguladora do nomeamento de delegados. Di así: "Resolución nomeamento de Delegados. Resolución número: 342/95. RESULTANDO: Que a constitución da nova Corporación Municipal e elección de Alcalde deste Concello se efectuou na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio.= CONSIDERANDO: Que ó abeiro do preceptuado no artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia da Alcaldía o efectua-lo nomeamento de delegados da mesma.= Vistos os demais preceptos legais e regulamentarios de aplicación, veño en dicta-la seguinte,= RESOLUCION.= Efectua-los seguintes nomeamentos de DELEGADOS:= a) De Benestar social, sanidade e consumo: Dª Mª ASUNCION SANCHEZ VAZQUEZ.= b) de Urbanismo, medio ambiente, facenda, seguridade e formación: D. ANTONIO SALVADOR LAGARES PEREZ.= c) De Persoal, trafico, servicios e relacions sindicais: D. ANTONIO CARRO

GALEIRAS.= d) De Cultura, xuventude, deportes, protocolo e "pasatiempo": D. FRANCISCO M. DIAZ PEREIRA.= e) De Acción rural e infraestructuras: D. JOSE RAMON GARCIA VAZQUEZ.= f) De Emigración, festexos, turismo e relacións sociais: D. ANDRES BEADE DOPICO.= g) De Educación, parques e xardins: Dª OFELIA LOPEZ CAMPOS.= h) De Patrimonio e cemiterio: D. ANTONIO VAZQUEZ LORENZO.= Betanzos, 22 de xuño de 1995.= O ALCALDE-PRESIDENTE,= Asdo./ Manuel Lagares Pérez."

Estas delegacións xenéricas comprenden todas aquelas funcións e deberes referidos á materia delegada que corresponden ó órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións, coa soa excepción das que segundo a Lei 7/85 do 2 de abril, non sexan delegables.

204.- DAR CONTA DA DESIGNACION DE VOCEIROS DOS GRUPOS POLITICOS.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente para indicar que os Voceiros dos Grupos Políticos serán designados polos memsmos mediante a correspondente proposta "in voce".

Seguidamente os Grupos Políticos, pola orde que se menciona, proceden á designación dos Voceiros dos seus respectivos Grupos.

O Grupo Popular, designa como Voceiro do seu Grupo a D. Jaime Alberto Pita Varela. Suplentes: 1º) Dª Mª Dolores Faraldo Botana, 2º) Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

O Grupo BNG, designa como Voceiro do seu Grupo a D. Andrés Otero Martínez.

O Grupo Socialista, designa como Voceiro do seu Grupo a D. Antonio Lagares Pérez. Suplente: D. Antonio Carro Galeiras.

205.- RESOLUCION DA ALCALDIA DESIGNANDO PRESIDENTE DA COMISION INFORMATIVA DE PROGRAMACION.

Dase conta da resolución da Alcaldía (343/95) pola que se designa Presidente da Comisión Informativa de Progrmación. Di así: "Resolución número: 343/95. COMISION DE PROGRAMACION.= RESULTANDO.- Que a constitución da nova Corporación Municipal tivo lugar o pasado día 17 de xuño.= CONSIDERANDO.- Que de conformidade co preceptuado no artigo 38 do Regulamento de organización (RD. 2568/86), é competencia da Alcaldía dictar resolución nomeando presidentes das comisións informativas, veño en dicta-la seguinte:= RESOLUCION.= PRESIDENTE DA COMISION INFORMATIVA DE PROGRAMACION: D. ANTONIO S. LAGARES PEREZ.= Betanzos, vintedous de xuño de 1995.= O ALCALDE-PRESIDENTE,= Asdo./ Manuel Lagares Pérez."

300.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS CENTROS DE ENSINANZA.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente para indicar que os representantes nos centros de ensinanza serán designados polos Grupos Políticos mediante a correspondente proposta "in voce".

O Voceiros do Grupo Socialista, D. Antonio Lagares Pérez, formula proposta de nomear representantes nos centros de ensinanza como segue: no Instituto de Bacharelato: Dª Mª Asunción Sánzhez Vázquez. No Instituto de Formación Profesional: Dª Ofelia López Campos. No Colexio Público de EXB "Francisco Vales Villamarín": D. Antonio Carro Galeiras.

O Voceiro do Grupo Popular: D. Jaime Alberto Pita Varela, formula proposta de nomear representantes nos centros de ensinanza como segue: no Instituto de

Bacharelato: D. Angel Pastor Casal Otero. No Instituto de Formación Profesional: Dª Mª Cinta Fernández Ramos. No Colexio Público de EXB "Francisco Vales Villamarín": D. Manuel José Basteiro Fernández.

Non formula proposta o Grupo BNG.

Sometidas a votación ámbalas dúas propostas obteñen o seguinte resultado:

- Proposta formulada polo Grupo Socialista: Votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, sete (7, os emitidos polo Grupo Popular); abstencións: unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

- Proposta formulada polo Grupo Popular: Votos a favor, sete (7, os emitidos polo Grupo Popular); votos en contra, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); abstencións, unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

Polo tanto enténdese aprobada a proposta formulada polo Grupo Socialista de nomear representantes nos centros de ensinanza ós interesados que constan na mesma.

400.- MOCION RELACIONADA COAS NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO CORPORATIVO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relacionada coas normas xerais de funcionamento corporativo.

Di así: "A Lei 7/85, do dous de abril, reguladora das bases do réxime local, así como o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais establece o réxime organizativo dos concellos.= Nesta orde, faise necesario establecer unhas normas xerais para os debates das mocións plenarias.= Para os mesmos, cada Grupo poderá utilizar dúas tandas, dun máximo de cinco minutos cada unha e poñerá fin ós debates a intervención da Alcaldía.= Tódolos Grupos poderán realiza-la explicación do seu voto, para o que dispoñerán dun máximo de un minuto.= Calquera Concelleiro, poderá entrar ou ausentarse das sesións coa autorización da Alcaldía.= Os Concelleiros, que desexen obter documentación relacionada con asuntos municipais, solicitarana da Alcaldía, a cal resolverá o procedente.= Os actos institucionais ou participativos ós que asista a Corporación, serán presididos polo Alcalde ou Tte. Alcalde, que o substitúa e á mesma asistirán os Concelleiros que o desexen.= Cando se establezan comitivas ou desfiles procesionais, o Alcalde presidiraos acompañado de un Tte. Alcalde, a continuación colocaranse os restantes Concelleiros, en grupos de catro, empezando por situarse os Ttes. de Alcalde e a continuación tódolos membros corporativos.= Cando se produza a saída do estandarte municipal, será portado polo Cronista Oficial ou Delegado de cultura, acompañándoos outro Delegado da Alcaldía. En ausencia de Cronista Oficial e Delegado de Cultura, portaráo calquera outro representante da Alcaldía ou Concelleiro.= Betanzos, vintedous de xuño de 1995.= O ALCALDE-PRESIDENTE."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se dirán, pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: quere puntualizar e facer indicacións a tres apartados: 1º) Que lle parece ben a duración de cinco minutos de tanda de intervencións, pero non se matiza duración á tanda da Alcaldía que pon fin ós debates e por iso solicita se fixe. 2º) En canto a que os concelleiros solicitarán da Alcaldía a documentación con carácter xeral non é correcto posto que ós asuntos das sesións e comisións xa teñen acceso. 3º)

En canto á saída do estandarte, modifica a norma existente a nivel corporativo desde fai anos en canto a quen debe acompaña-lo estandarte do Concello.

- O Sr. Otero Martínez: que a moción da Alcaldía o que fai é unha sintese da Lei de bases e por iso non obxecta nada, cre na existencia de tanda por alusións, e noutra orde coincide co Grupo Popular en que parte da documentación (sesións) xa emana da secretaría xeral, por último considera que as outras son normas de protocolo das corporacións locais que dependen dos Grupos de Goberno e que noutro momento poden ser diferentes e ó seu entender, non deberían estar, por iso non entrará no tema.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que a Alcaldía non consome tanda, non obstante non hai inconvinte en que teña a mesma duración que os demais a tanda de peche do debate: en canto á documentación das sesións e comisións esta remitese ós Grupos Políticos así como as actas, no referente ó estandarte, o protocolo é un elemento mais da Corporación, aceptando a indicación do Grupo Popular en canto ó tempo de duración da tanda de peche do debate e a documentación seguirase remitindo coa suficiente antelación.

- O Sr. Pita Varela: o estandarte portábao o Cronista Oficial e acompañábano o Concelleiro máis xove e o Sr. Secretario Xeral, polo tanto quedara establecido e entroncado no protocolo que debería estar precisado nun Concello histórico coma o noso.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que acepta a proposta formulada polo Grupo Popular relacionada co establecemento de normas de protocolo, en consecuencia propón se forme unha comisión que estará integrada polos Sres. Voceiros dos Grupos ó obxecto de establecer unhas normas de protocolo municipais.

- O Sr. Otero Martínez: a intervención que realizou non significa alusións ás diferencias protocolarias existentes entre concellos.

Sometida a votación, presenta o seguinte resultado: Votos a favor: dezaseis (16, os emitidos polo Grupo Socialista -9- e o Grupo Popular -7-): votos en contra, non se formulan; abstencións, unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

500.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A CREACION E COMPOSICION DA COMISION ESPECIAL DE CONTAS.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía, relativa á creación e composición da comisión especial de contas.

Di así: "COMISION ESPECIAL DE CONTAS.- O artigo 116 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, establece a obrigatoriedade da creación da COMISION ESPECIAL DE CONTAS, coa misión de informa-las contas anuais do Concello, antes de ser sometidas á aprobación do Pleno da Corporación.= Dita comisión estará constituida por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación.= Como consecuencia, esta Alcaldía honrase en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte,= ACORDO.= PRIMEIRO.- Prestar aprobación á resolución da Alcaldía que se achega con esta moción, creando dita comisión e nomeando membros da mesma en representación do grupo socialista.= Segundo.- O que os Voceiros dos demais grupos políticos designen "in voce" o seu representante en dita comisión.= Efectuada dita designación polos Voceiros, díctase a seguinte resolución:= RESULTANDO.- Que a constitución da nova corporación municipal e elección de Alcalde deste Concello, se efectuou na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 28 de maio

pasado.= CONSIDERANDO.- Que de conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 7/1985, é obrigatorio a creación da comisión especial de contas deste Concello, a cal estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación, coa misión de informar antes do día 1 de xuño as contas anuais do Concello, antes de ser sometidas á aprobación polo Pleno da Corporación Municipal, veño en dicta-la seguinte,= RESOLUCION.= PRIMEIRO.- O abeiro do precepto citado, crea-la COMISION ESPECIAL DE CONTAS deste Concello.= SEGUNDO.- A mencionada Comisión estará integrada polos seguntes membros.= PRESIDENTE: ANTONIO SALVADOR LAGARES PEREZ.= VOCAIS:= Os representantes dos Grupos Políticos nomearán ós seus integrantes:= Cinco Grupo Socialista.= Tres Partido Popular.= Un Bloque Nacionalista Galego.= SECRETARIO: UN FUNCIONARIO DA AREA ECONOMICA."

O Voceiro do Grupo Popular, Sr. Pita Varela, procede a designa-los vocais do seu Grupo na Comisión de Contas: D. Andrés Martínez Guerra; D. Manuel José Basteiro Fernández; D. Jaime Alberto Pita Varela.

O Voceiro do Grupo Socialista procede a designa-los vocais do seu Grupo na Comisión de Contas: D. Antonio Carro Galeiras; D. José Ramón García Vázquez; D. Francisco Manuel Díaz Pereira; Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

O Voceiro do Grupo BNG procede a designa-los vocais do seu Grupo na Comisión de Contas: D. Andrés Otero Martínez.

Poderán efectuarse sustitucións, cando causa xustificada impida a asistencia ó Vocal titular ás sesións da Comisión de Contas.

600.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA AS COMISIONS ESPECIAIS.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa ás comisións especiais. Di así: "MOCION DA ALCALDIA RELATIVA AS COMISIONS ESPECIAIS. A constitución da nova Corporación Municipal efectuouse na sesión plenaria celebrada o pasado día 17 de xuño como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio.= O Pleno da Corporación, no seu día, prestou aprobación á creación de sendas comisións especiais: Comisión Especial Revisión Normas Subsidiarias Planeamento; Comisión Especial de Tráfico; Comisión Especial de Feiras.= No momento actual, subsisten as causas que orixinaron a creación das mencionadas comisións especiais e por esta cuestión procede designa-los membros que integrarán as mesmas, por iso, teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:= Primeiro.- Estas comisións estarán integradas por un presidente, que será do Grupo de Goberno Municipal, e un vocal de cada un dos Grupos Corporativos.= Segundo.- Que, os Grupos Políticos, designen "in voce", ós representantes nas devanditas comisións especiais (composición ó dorso).= Betanzos, vintedous de xuño de 1995.= O ALCALDE-PRESIDENTE,= Asdo./ Manuel Lagares Pérez."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se dirán pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que a moción comeza facendo referencia ás comisións especiais, solicita se inclúa entre as mesmas a Comisión Especial de Persoal, ó igual que bota de menos ós técnicos na composición das comisións, solicitando a súa incorporación como persoal con experiencia para o debido asesoramento.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): como ben di a moción da Alcaldía, existen varias comisións e xa se desprende que os asesores se manteñen como antes, así como nas que aparezan, en canto á Comisión de Persoal aceptarano nun vindeiro pleno.

- O Sr. Pita Varela: que lle parece adecuado se manteñan as que había, así como que se creen as que se consideren convenientes.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

Os Grupos Políticos proceden a designa-los seus representantes nas comisións especiais, como segue:

Comisión Especial Revisión Normas Subsidiarias Planeamento.

Grupo Socialista: Presidente: D. Antonio Lagares Pérez.

Vocais:

Grupo Socialista: D. José Ramón García Vázquez.

Grupo Popular: D. Alberto Carro Erias.

Grupo BNG: D. Andrés Otero martínez.

Comisión Especial de Trafico.

Grupo Socialista: Presidente: D. Antonio Carro Galeiras.

Vocais:

Grupo Socialista: D. Antonio Vázquez Lorenzo.

Grupo Popular: D. Angel Pastor Casal Otero.

Grupo BNG: D. Andrés Otero Martínez.

Comisión Especial de Feiras.

Grupo Socialista: Presidente: D. Antonio Carro Galeiras.

Vocais:

Grupo Socialista: D. Andrés Beade Dopico.

Grupo Popular: Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Grupo BNG: D. Andrés Otero Martínez.

700.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A ELECCION DE ALCALDES DE BARRIO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa á elección de alcaldes de barrio. Di así: "MOCION DA ALCALDIA SOBRE O REXIME DE ELECCIONS DE ALCALDES DE BARRIO. Constituida a nova Corporación Municipal na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño, na que, así mesmo, se procedeu á elección de Alcalde, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio, dando así cumprimento ó preceptuado na Lei orgánica 5/1985 e artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, aprobado por Real decreto 2568/86. Como consecuencia procede convocar eleccións para a designación democrática dos novos alcaldes de barrio.= Por iso o Alcalde que subscribe honrase en propoñer ó Pleno da Corporación, para a súa aprobación, as normas que rexerán na elección dos devanditos alcaldes de barrio e que son as seguintes:= PRIMERIA.- Procederase á elección dos alcaldes de barrio nas seguintes zonas do termo municipal: VIÑAS-A ANGUSTIA, CASTRO-PONTELLAS, INFESTA, GUILIADE, PIADELA-VIUXE-VILADESUSO, S. MARTIN DE TIOBRE, S. MARTIN DE BRABIO, XAN ROZO-A GRAÑA-REQUIAN-MONTELLOS E NOSA SEÑORA-A PONTE VELLA.= SEGUNDA.- Convocaranse, durante os meses de setembro e outubro, asembleas veciñais, en establecementos asequibles ó público en cada un dos lugares de elección de alcaldes de barrio.= TERCEIRA.- As convocatorias expoñeranse nos taboleiros de anuncios, remitiranse ós medios de comunicación social difundíndose coa maior amplitude.= CUARTA.- Nas asembleas convocadas procederase á elección dos alcaldes de barrio. Se ningún candidato reunise un número de votos superior ó 5% do censo electoral da zona, poderá ser designado directamente pola Alcaldía.= QUINTA.- No decreto de nomeamento precisaranse as competencias que

se delegan nos alcaldes de barrio, entre os que se incluirá a posibilidade de construir un concello de barrio. Tomarán posesión dos seus cargos ante a Alcaldía-Presidencia, con cumprimento do Real decreto 707/1979.= E o que se honra en propoñer ó Pleno da Corporación por se estimase o aproba-la mencionada normativa."

Sometida a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

800.- DESIGNACION DE VOCAIS DA COMISION INFORMATIVA DE PROGRAMACION.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente para indicar que os vocais da Comisión Informativa de Programación, serán designados polos Grupos Políticos mediante a correspondente proposta "in voce".

Os Grupos Políticos proceden a designa-los vocais da Comisión Informativa de Programación como segue:

Grupo Socialista:

D. Antonio Carro Galeiras.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Francisco Manuel Díaz Pereira.

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

Grupo Popular:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

D. Luis Alberto Carro Erias.

D. Andrés Martínez Guerra.

Grupo BNG:

D. Andrés Otero Martínez.

Secretario:

Un funcionario de administración xeral.

Poderán efectuarse sustitucións cando causa xustificada impida a asistencia ó vocal titular ás sesións da Comisión de Programación.

900.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A CREACION DE CONSELLOS E A SUA COMPOSICION.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa á creación de consellos e a súa composición. Di así: "MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A CREACION DE CONSELLOS E A SUA COMPOSICION.= Coa finalidade de coordinar e programar determinadas áreas, viñeron funcionando no anterior mandato varios "consellos" que a experiencia aconsella que sigan actuando no actual mandato, polo cal, o Alcalde que subscribe hónrase en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte, ACORDO:= Prestar aprobación á creación e composición dos "consellos" que figuran no anexo á presente moción."

CONSELLOS (DENOMINACION E COMPOSICION):

CONSELLO DE EDUCACION.

Delegado de Educación e Delegado de Cultura, representante APA de cada colexio, representante alumnos de cada colexio, representante profesores de cada colexio.

ACCION RURAL.

Alcaldes de barrio, Delegado de Urbanismo, Delegado de Acción Rural.

CULTURA.

Delegado de Cultura, Delegado de Festexos, representante de cada asociación cultural inscrita no rexistro local do Concello.

DEPORTES.

Delegado de Deportes, Delegada de Educación, representantes de cada asociación, entidade ou club inscrito no rexistro local de entidades deportivas.

XUVENTUDE.

Delegados de Xuventude e Educación, representantes de asociacións e entidades inscritos no rexistro local de entidades xuvenís.

SECRETARIO:

Funcionario/persoal da área do delegado correspondente.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que lle chama a atención o encabezamento da moción posto que algúns consellos, como o de educación, cónstalle que non funcionaron así como que apenas existen diferencias entre o consello e a Comisión Especial de Educación se non fora polo nome e compoñentes.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: continúa chamándolle poderosamente a atención o cambio de estratexia do Grupo de Goberno, posto que non se lles invita a participar no (nos) consello (s), hai certos aspectos que son mais importantes que outros sen embargo nuns aí estamos e non no consello de educación.

- Segue o Sr. Otero Martínez: como conclusión, solicita que nos consellos haxa representantes dos grupos da oposición, de non ser así votarían en contra da moción.

- O Sr. Pita Varela: que o Grupo Popular se manifesta na liña do Grupo BNG, repetíndose a historia: en boa lóxica a participación cidadá é boa pero sorpréndelle -unha vez mais- a forma de crea-los consellos posto que se lle dá participación ós colectivos pero non ós grupos da oposición que son representantes do Concello por elección directa, por iso quere que conste o seu pesar ó non considerar democrática esta actuación que é claro intento de marxinar ós grupos da oposición.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): sorpréndenlle as últimas palabras do Voceiro do Grupo Popular relacionadas con "marxinar"; o Grupo de Goberno cre que existen os suficientes mecanismos de control: comisións informativas, especiais e plenos, a cuestión redúcese a un canle de participación cidadá en órganos apolíticos.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que existen diferencias entre as comisións especiais e os consellos, nas primeiras participan os grupos políticos e os outros son apolíticos, solicita que a palabra "marxinar" non se debe dar no Concello de Betanzos, porque simplemente non ocorre.

- O Sr. Otero Martínez: que o seu Grupo non propón un Consello de Educación sen a existencia da Comisión Especial, posto que os problemas en Betanzos relacionados coa educación son múltiples e variados.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo non tende que se fagan referencias a outros concellos, el representa ó Grupo Popular de Betanzos e alégralle que se cree o Consello de Xuventude, en canto ó que manifestou o 5-06-91, é o mesmo que di agora pero con outras palabras rogando novamente se recollan as actas en rexistros adecuados ó obxecto de que consten literalmente as intervencións.

- O Sr. Otero Martínez: que sabe distingui-la diferencia entre unha comisión especial e un consello, pero iso non quere dicir que se poden nomear representantes dos grups da oposición nos consellos, non obstante o pobo no seu momento adoptará a

decisión que corresponda; o que está facendo é realizar unha petición para poder aporta-lo seu gran de area.

-O Sr. Lagares Pérez: contesta que pasado un tempo se constituirá a comisión especial no sentido que se adopte polo Pleno; cada grupo ten o seu programa electoral e os consellos están dirixidos ó asesoramento e cara á representación dos cidadáns nunha institución como o Concello.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que a moción está o suficientemente debatida, polo que someterá a votación.

Sometida a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, oito (8, os emitidos polo Grupo Popular -sete- e o Grupo BNG -un-); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, préstase aprobación á moción da Alcaldía-Presidencia obxecto deste punto da orde do día.

1000.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A PERIODICIDADE DAS SESIONS DO PLENO E DA COMISION DE GOBERNO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa á periodicidade das sesións do pleno e da comisión de goberno. Di así: "MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A PERIODICIDADE DAS SESIONS DE PLENO E DA COMISION DE GOBERNO.= O artigo 38 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais establece que dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva do Concello, o Alcalde convocará sesión extraordinaria para aprobar -entre outros asuntos- a periodicidade das sesións.= Na súa consecuencia, o Alcalde que subscribe hónrase en propoñer ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte,= ACORDO.= PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación Municipal celebrará sesión ordinaria bimestralmente, nos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.= SEGUNDO.- A Comisión de Goberno celebrará sesión ordinaria quincenalmente.= TERCEIRO.- A Alcaldía-Presidencia convocará as sesións extraordinarias que sexan necesarias, tanto do Pleno como da Comisión de Goberno.= Betanzos, vintedous de xuño de 1995.= O ALCALDE-PRESIDENTE,= Asdo./ Manuel Lagares Pérez."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: remítese ó dito en pasadas lexislaturas, en consecuencia solicita: Que os plenos ordinarios se realicen mensualmente para evita-la acumulación de puntos nas sesións ordinarias, o contrario determina que sexan amplas non sendo prácticas. Hai moitos puntos de vista para celebralos e exemplos de tódalas clases; en consecuencia solicita a modificación deste apartado.

- O Sr. Otero Martínez: que, pouco mais ou menos, se manifesta como o Grupo Popular con matices, ás reunións da Comisión de Goberno non hai nada que obxectar, se así o considera o equipo de goberno pode ser positivo.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: que, como no ano 1991, solicita os plenos ordinarios mensuais e non só iso, se non que se celebren en data fixa, como sucede coas comisións de goberno, tal actuación sería positiva posto que: - Os cidadáns coñecerían que se celebra sesión ordinaria con mais antelación. - O non existir data fixa á oposición obrígaselle a entregar iniciativas que poden chegar tarde para seren incorporadas á orde do día. - O seu Grupo podería facer previsións e presentar

alternativas con independencia de coñece-las do Grupo de Goberno coa antelación debida, así o xogo democrático quedaría en igualdade de condicións.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que a oferta da moción é xenerosa dentro do marco da administración local, de 3 meses pásase a 2 meses; nos elementos do traballo ten que habe-la suficiente flexibilidade así como nos temas, por iso entende que o réxime de sesións que se propón é o adecuado e vantaxoso, non entrando en comparacións que poden resultar odiosas.

As 20:32 horas auséntase do salón de sesións a Sra. Faraldo Botana.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: Betanzos é unha cabeceira de comarca e hai que poñerse de acordo noutras cousas para que non se discriminen noutros concellos ós grupos da oposición.

- O Sr. Pita Varela: aclara que Betanzos non é cabeceira doutros concellos da comarca porque estes son autónomos nas súas decisións e que o Grupo Popular non vai intervir na política doutros concellos; o acordo a adoptar non altera a excepcionalidade dos casos sendo necesario para ter organización e haxa operatividade polos razoamentos expostos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que os Grupos Políticos tiveron suficientes intervencións para expoñe-lo seu criterio; só lle faltou oi-la petición de que se celebre un pleno ordinario diario; cónstalle que o BNG realiza sesións mensuais nos concellos onde goberna, pero non así outros grupos; a proposta que realiza a moción parécelle suficiente tal como está e nesa orde dá lectura ó artigo 140 da Constitución española: "140. La Constitución garantiza la autonomía de los municipios. Estos gozarán de personalidad jurídica plena. Su gobierno y administración corresponde a sus respectivos Ayuntamientos, integrados por los Alcaldes y los Concejales. Los Concejales serán elegidos por los vecinos del municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto, en la forma establecida por la la ley. Los Alcaldes serán elegidos por los Concejales o por los vecinos. La ley regulará las condiciones en las que proceda el régimen del concejo abierto"

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que considera suficientemente debatida a moción, polo que procederá a súa votación.

Sometida a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, sete (7, os emitidos polo Grupo Popular -seis- e o Grupo BNG -un-); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, préstase aprobación á moción da Alcaldía-Presidencia obxecto deste punto da orde do día.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteduas horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o secretario da corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo./ Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo./ José Cortés Caro.

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA ONCE DE XULLO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Andrés Beade Dopico.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Manuel José Basteiro Fernández.
D. Andrés Martínez Guerra.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

D. Luis Couto González (Arquitecto do grupo redactor da revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste Concello).

Non asisten, con desculpa:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana, Concelleira do P.P.

D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do B.N.G.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do día once de xullo de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión plenaria ordinaria correspondente ó día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Quedan pendentes de aprobación as actas da primeira e segunda sesión celebradas o vintesete de xuño pasado, non se subministraron ós Sres. Concelleiros.

Fai uso da palabra o Sr. Pita Varela, roga que cando sexa factible se subministren as actas antes da seguinte sesión do Pleno, recordando o contido do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, así como que se trate de recoller íntegramente as mesmas en soporte magnético.

O Sr. Alcalde-Presidente: tratarase de acceder á petición do Sr. Pita Varela.

As 21:02 horas incorpóranse á sesión os Sres. Beade Dopico e Carro Galeiras.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes:

201.- Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, informa sobre solicitude de construcción dun matadoiro comarcal, di así o informe: "En contestación ó seu escrito no que se solicita a construcción dun matadoiro comunícolle que a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais non ten articuladas liñas de axuda para matadoiros. As solicitudes deberanse dirixir á Dirección Xeral de Producción Agraria e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a construcción dun novo matadoiro (que segundo a regulamentación vixente, terá que cumprir as condicións dun matadoiro homologado dende o momento da súa apertura).= Esta Consellería pretende en todo momento aconsellar ós municipios e recomenda-la solución máis viable. Unha vez estudiada a situación real da zona, obsérvase que o seu Concello pode ser abastecido por matadoiros moi pretos como o de Montellos (3 Km.) ou na Coruña (20 Km.), así mesmo o baixo volume de sacrificio (5.000 animais/ano), non aconsellan a construcción dun matadoiro.= De tódalas maneiras se consideran oportuno a construcción do matadoiro a decisión final será sempre das autoridades municipais."

202.- A Agrupación de Carniceiros de Betanzos, solicita que o Concello faga os trámites necesarios para conseguir da Xunta de Galicia unha subvención para a construcción dun matadoiro comarcal.

203.- Convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza e Interior e o Concello de Betanzos, para realización de obras de restauración do entorno do edificio para xulgados.

204.- Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos para a formalización do depósito de traxes rexionais.

205.- Nai superiora do convento das Madres Agustinas Recoletas de Betanzos, sobre determinados extremos relacionados coa construcción dunha marquesiña que se apoia no muro do convento.

300.- PRESTAR APROBACION INICIAL A ESTUDIO DE DETALLE DA UNIDADE DE ACTUACION DO CASCO HISTORICO DE BETANZOS (RUA VALDONCEL-RUA NOVA).

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación inicial ó estudio de detalle da unidade de actuación do casco histórico de Betanzos (Rúa Valdoncel-Rúa Nova).

Está informado favorablemente polos servicios técnicos locais, a sección de patrimonio histórico da Delegación da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, e a Comisión de Programación coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Fernández Ramos: que na Comisión de Programación o seu Grupo se pronunciou pola abstención en base a circunstancias especiais -complexidade de planos-, de aí a inhibición do voto.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación inicial ó estudio de detalle da unidade de actuación do casco histórico de Betanzos (Rúa Valdoncel-Rúa Nova).= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.=

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

400.- PRESTAR APROBACION AS CONTAS ANUAIS DE 1994.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ás contas anuais de 1994.

Está informado favorablemente pola Comisión especial de Contas na sesión celebrada o día 28-03-1995, dito expediente foi exposto ó público para os efectos de reclamacións (Boletín Oficial da Provincia número 088/18-04-95); durante o período de exposición pública non se formulou reclamación ningunha contra o mesmo.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo se pronunciará pola abstención neste tema.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ás contas anuais de 1994.= Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios derivados do acordo adoptado."

500.- MOCION DO DELEGADO DE CULTURA SOBRE CONCESION DUNHA EMISORA DE RADIODIFUSION.

Dase conta ó Pleno da moción do Delegado de Cultura sobre concesión dunha emisora de radiodifusión.

Propón o Delegado de Cultura, se adopten os seguintes acordos: "1º.- Solicitar á Secretaría Xeral de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública, a concesión dunha emisora de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, para o cal se facultará amplamente ó Alcalde-Presidente para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias.= 2º.- Acorda-la habilitación de crédito suficiente para atende-los gastos orixinados pola posta en funcionamento dunha emisora municipal, en función da subvención que nos conceda a Secretaría Xeral de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública.= 3º.- Aproba-lo proxecto de regulamento interno así como a forma de xestión da emisora municipal.= 4º.- Aproba-la programación de emisión, cunha determinación de horas en galego que non será inferior ó 50% do tempo total de emisión." Está informada favorablemente pola Comisión de Programación; o Grupo Popular pronúnciase desfavorablemente.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela realiza unhas matizacións: 1º.- ¡ata que punto interesa a emisora?, 2º.- O investimento que se precisa para o seu funcionamento; o seu Grupo entende que debe haber emisora en Betanzos, pero nunca pública, entendendo por iso municipal, deberíase propicia-la privada.

- Continúa o Sr. Pita Varela: desde o punto de vista de investimento, nese aspecto é unha necesidade de cuarta orde; como conclusión pronunciaríanse a favor se fose privada e non pública, dadas as experiencias doutros concellos próximos.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que a proposta ten como obxecto conseguir unha subvención para a emisora pública ó abeiro das disposicións do D.O.G.; nun principio o Concello é receptivo ás subvencións, o seu fin fundamental sería dar maior difusión ós actos, etc., facendo fluidas as comunicacións.

- O Sr. Alcalde-Presidente: entende expresado o criterio dos Grupos e someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, seis (6, corresponden ó Grupo Popular); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Solicitar á Secretaría Xeral de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública a concesión dunha emisora de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, para o cal se facultará amplamente ó Alcalde-Presidente para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias.= 2º.- Acorda-la habilitación de crédito suficiente para atende-los gastos orixinados pola posta en funcionamento dunha emisora municipal, en función da subvención que nos conceda a Secretaría Xeral de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública.= 3º.- Aproba-lo proxecto de regulamento interno así como a forma de xestión da emisora municipal.= 4º.- Aproba-la programación de emisión, cunha determinación de horas en galego que non será inferior ó 50% do tempo total de emisión."

600.- <u>DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUN INMOBLE CON DESTINO A CAFETERIA NO LUGAR DE PAZO - GUILIADE.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a declaración de utilidade pública e interese social da construcción dun inmoble con destino a cafetería no lugar de Pazo - Guiliade.

Está informado favorablemente polos servicios técnicos locais e secretaría xeral, así como pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo Popular.

Sometido o asunto a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble con destino a cafetería no lugar de Pazo - Guiliade.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

700.- <u>DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUN INMOBLE CON DESTINO A ESTACION DE SERVICIO EN MONTELLOS.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a declaración de utilidade pública e interese social da construcción dun inmoble con destino a estación de servicio en Montellos.

Está informado favorablemente polos servicios técnicos locais e secretaría xeral, así como pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo ten puntualizacións importantes que realizar: 1ª) No expediente non encontraronn información ós veciños nos aspectos positivos ós que quere chegar hai que informar suficientemente e ben ós veciños afectados por este tipo de instalacións; pero tamén para conceder determinados permisos esta actividade está incluída no nomenclator de actividades insalubres, molestas e perigosas e non poderán emprazarse en determinadas zonas agás a súa idoneidade e por natureza estean vencelladas ó uso que se pretende. 2ª) Como se dixo, este tipo de industria está sometida ó regulamento de actividades insalubres, aparte da normativa xeral, fálase no mesmo de emprazalas a unha distancia de 2.000,- metros ó núcleo máis cercano por iso sorpréndelle que non se contemple este apartado; o su Grupo, baixo interpretación do mesmo, entende que se está incumprindo a normativa. 3ª) Que considera fundamental que previa unha declaración de urxencia, se subministre información ós veciños -como noutros casos- dado que é unha zona con expansión urbana e é imprescindible contar coa opinión dos referidos, por iso non apoiarán esta cuestión.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que é un tema importante e é indudable que é unha aprobación inicial; a partir deste momento subminístrase información ós veciños podendo ser recorrida a instalación en todo momento. Actuouse con toda normalidade e ós veciños informaráselles puntualmente desto como de tódolos outros casos que lles afecten.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: non se debe intentar confundir; estase a iniciar un expediente, que o regulamento de actividades insalubres é secundario, isto é unha aprobación inicial desde o punto de vista urbanístico, e trátase de crear industrias con traballo. Os veciños terán a súa oportunidade de presentar suxerencias, así o indica o ordenamento e a lei.

- Segue o Sr. Lagares Pérez: que lle sorprende a non lectura dos expedientes; polo equipo de goberno infórmase ós veciños e recibe as súas suxerencias; por último estiman a declaración positiva, indicando que tódolos veciños serán oidos.

- O Sr. Pita Varela: é, lamentablemente, o comezo das descalificacións; o seu Grupo entende perfectamente as cuestións e remítese ó disposto polo regulamento de actividades insalubres para estes casos, en consecuencia aquí non se confunde nada; o que se debe facer é informar para evitar conflictos "a posteriori" e en boa lóxica se hai intención de facelo non hai nada que esperar. Ten claro que o informe pode non ser correcto e o seu Grupo considera que cada un exprese os seus argumentos e con carácter previo ás actuacións solicita novamente información ós veciños.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): chámalle a atención a segunda intervención do Sr. Pita Varela en varios aspectos, pero debe aclarar que existe xurisprudencia sentada en base á cal non é necesario nin declarar de utilidade pública e interese social esta instalación; pero non se pode confundir ós veciños porque estes serán debidamente informados e as súas alegacións ou suxerencias serán estudiadas para chegar a solucións concretas.

- O Sr. Alcalde-Presidente: entende o asunto suficientemente debatido, en consecuencia someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, seis (6, corresponden ó Grupo Popular); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble con destino a estación de servicio en Montellos.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Tanda de explicación de voto:

- O Sr. Pita Varela: a intención do seu Grupo era pronunciarse pola abstención, pero ó non obter do Grupo de Goberno resposta axeitada emiten voto negativo, iso non quere decir que nun momento determinado como poida se-lo aumento da información disponible no expediente poida ser cambiado o sentido do mesmo.

800.- <u>DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA INSTALACION DUN MASTRO AUTOSOPORTADO NO LUGAR DE OUTEIRO (TIOBRE).</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a declaración de utilidade pública e insterese social da instalación dun mastro ausotoportado no lugar de Outeiro (Tiobre).

Está informado polos servicios técnicos locais e secretaría xeral, con este último informe achégase información adicional xustificativa de xurisprudencia sobre o asunto a tratar neste punto da orde do día, di así -entre outros apartados-: A) Edificacións ou instalacións de utilidade pública ou interese social que necesariamente deban emprazarse no medio rural.- ..."La utilidad pública o el interés social que pueden legitimar la actuación en esta clase de suelo no precisan su previo reconocimiento o declaración normativa, ni la declaración que tal realice la autoridad urbanística exige una previa habilitación legal (S.T.S. 12 dic. 1988). En consecuencia, en cada caso concreto habrá de decidirse sobre la utilidad pública o el interés social en la instalación que se proyecte"... "La sentencia del Tribunal Supremo de 17 de abril de 1989 razona que la "específica manifestación del interés público que dio lugar a la construcción de la obra pública prevalece sobre la genérica que inspira el régimen propio del suelo no urbanizable."

Igualmente está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo dispón da documentación remitida polo Concello, entre ela, o informe emitido polos servicios técnicos locais -procede a dar lectura de determinados parágrafos do informe e a conclusión final-.

- Continúa o Sr. Pita Varela: pensa que se hai determinadas condicións para organismos, solicita aplicar esas normas con carácter xeral e ¡se hai circunstancias especiais para a súa instalación nesa zona, dado que non se trata soamente de caseta senon dunha antena cunha altitude determinada que pode causar problemas ós colindantes?, solicita a oportuna explicación.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): nas palabras do Grupo Popular despréndese o fondo da cuestión, trátase dun beneficio para Betanzos. No expediente consta o informe urbanístico con defectos subsanables relacionados coa declaración de

interese público, que obra en poder do Grupo Popular: despois de moitos estudios, chegouse á conclusión que o lugar é o mais axeitado: entende que moitas veces a utilidade ou interese público priman sobre o urbanístico e en proba diso a xurisprudencia existente sobre o tema entende que aparte de ser un beneficio, hai xurisprudencia que avala, se ben o organismo superior terá a facultade de decidir.

- O Sr. Pita Varela: estanse intentando mezclar duas cousas, como son o cumprimento da lei e a utilidade pública, a maior parte delas son cuestións alleas, agradaríalle que se puidese face-lo mesmo cando outros veciños solicitan para construir vivendas ou instalar os seus negocios: coñece perfectamente que para ese servicio telefónico quedaron zonas con sombras, pero hai unha oferta e unha demanda, logo que se adquiran os terreos, dado que Telefónica non é unha entidade benéfica: por iso non o aprobarán, posto que non cumpre as normas segundo se desprende do informe técnico, pronunciaranse pola abstención.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que moitas veces os informes deixan portas abertas para adaptarse á situación real e baseándose no mesmo e na xurisprudencia pode aprobarse por prima-lo interese público sobre o urbanístico.

- O Sr. Alcalde-Presidente: entende o asunto debatido, polo que se someterá a votación, facendo constar que de acordo co solicitado, o voto será nominal.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista, Sres. D. Manuel Lagares Pérez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Carro Galeiras, D. José Ramón García Vázquez, D. Francisco Manuel Díaz Pereira, D. Andrés Beade Dopico, D. Antonio Vázquez Lorenzo, Dª Ofelia López Campos); votos en contra, un (1, corresponde a Dª Mª Cinta Fernández Ramos do Grupo Popular); abstencións, cinco (5, corresponden ós restantes membros do Grupo Popular, D. Jaime Alberto Pita Varela, D. Luis Alberto Carro Erias, D. Manuel José Basteiro Fernández, D. Angel Pastor Casal Otero, D. Andrés Martínez Guerra).

Na súa consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Declarar de utilidade pública e interese social a instalación dun mastro autosoportado no lugar de Outeiro (Tiobre).= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

900.- <u>CREACION DA COMISION ESPECIAL DE PERSOAL.</u>

Fai uso da palabra o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), que os Grupos Políticos formulen proposta "in voce" para designa-los seus correspondentes representantes na comisión especial de persoal.

Os Grupos Políticos presentes proceden a designa-los seus representantes na comisión especial de persoal como segue:

Grupo Socialista: presidente, D. Antonio Carro Galeiras; vocal, D. José Ramón García Vázquez.

Grupo Popular: D. Andrés Martínez Guerra.

1000.- <u>ADXUDICACION DA OBRA DENOMINADA "PLAZA DEL PASATIEMPO".</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para proceder á adxudicación da obra denominada "Plaza del Pasatiempo", polo sistema de subhasta.

Está informado polos servicios técnicos locais e Comisión de Programación coa abstención do Grupo Popular no sentido de propoñe-la adxudicación da obra á empresa ECINSA.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que lembrar que se está adxudicando unha obra na que existe unha baixa temeraria, consideran que houbo ofertas mais válidas que a formulada por ECINSA; gustaríalles saber e coñecer cales foron os criterios do Grupo de Goberno para proceder á súa adxudicación con baixa temeraria cando as outras son razoables. En boa lóxica non o poderán apoiar agas explicación razoable sobra cal é o motivo; o seu Grupo é partidario do aforro pero todo ten un límite.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): como ben coñece, o sistema de adxudicación das obras é a subhasta, e debe, en consecuencia -sempre que sexa factible a execución da obra-, adxudicarse á oferta mais baixa; vistos os informes técnicos que consideran xustificada a baixa e a normal execución da obra é factible a adxudicación a ECINSA.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que normalmente é partidario de adxudica-la obra ás ofertas que beneficien mais ó Concello, pero de ser así, invalidaríase a adxudicación da obra ó estar financiada íntegramente pola Deputación Provincial, por iso e o se-la adxudicación por subhasta, debe adxudicarse á oferta mais baixa con posibilidades de execución, e someterase o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, seis (6, corresponden ó Grupo Popular); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Adxudica-la execución da obra denominada: construcción da praza no Pasatempo á empresa ECINSA, N.I.F.: A15033962, no importe que se dirá: 14.582.739,- ptas. (IVE incluido), por se-la mellor das ofertas presentadas, de acordo co sistema de adxudicación da obra en cuestión.= 2º.- Este acordo comunicarase á empresa adxudicataria para os efectos oportunos, facultando amplamente ó Sr. Alcalde para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

1100.- APROBACION DA DEDICACION EXCLUSIVA DE MEMBROS DA CORPORACION.

Dase conta ó Pleno do dictame emitido pola Comisión de Programación, polo que se informa favorablemente a proposta do Grupo de Goberno de propoñe-la dedicación exclusiva ós seguintes membros da Corporación: Alcaldía, Delegado de Urbanismo, Delegado de Cultura e Delegado de Emigración (50%).

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Fernández Ramos: que na comisión formulou a pregunta relacionada co coñecemento da dedicación e a súa retribución, non coñecendo ata o momento a resposta.

- O Sr. Alcalde-Presidente: para fixa-las retribucións terán que reunirse os Grupos Políticos.

- O Sr. Pita Varela: solicita que se retire da orde do día dado que cando se veña ó Pleno a falar de dedicacións exclusivas que se fale das retribucións dos 17 membros da Corporación, non lle parece correcto que se aproben as dedicacións

duns cantos posto que cada un ten as súas tarefas e funcións, en base a iso que se retire e se traten esas cuestións de forma conxunta.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): como ben dixo o Sr. Alcalde, tratarase o asunto nunha reunión dos voceiros e haberá debate, hoxe trátase de fixa-las posicións iniciais, despois tratarase o resto na comisión informativa para posteriormente redactar moción conxunta dos voceiros.

- O Sr. Pita Varela: paralelamente, sería facelo agora, non dentro de 10 días, non parece correcto trae-lo asunto das dedicacións exclusivas ó Pleno e o resto excluidos, a dedicación téñena todos, e pide novamente a retirada da proposta.

- O Sr. Alcalde-Presidente: parécelle debatida a proposta, aclarando ó Grupo Popular que na reunión de fai uns días sostida polos Sres. Voceiros dos Grupos, pedíronse suxerencias: non recibiu ningunha e polo tanto descoñéceas, non habendo, en consecuencia, concreción, nesta base, someterase á consideración do Pleno a proposta obxecto deste punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, seis (6, corresponden ó Grupo Popular); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Nomear ós seguintes Concelleiros con dedicación exclusiva: Sr. Alcalde-Presidente D. Manuel Lagares Pérez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Francisco Manuel Díaz Pereira e D. Andrés Beade Dopico (cincuenta por cento).= Segundo.- Facultar amplamente ó Sr. Alcalde para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Tanda de explicación do voto:

- A Sra. Fernández Ramos: que na reunión non se solicitaron suxerencias e seguen sen enterarse das retribucións.

- O Sr. Alcalde-Presidente: na reunión de voceiros SI se pediron suxerencias ós Grupos Políticos.

1200.- <u>PRESTAR APROBACION O AVANCE DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANISTICO DESTE CONCELLO.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó avance da revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste concello.

Está informado favorablemente pola Comisión Especial para revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste Concello, así como pola secretaría xeral.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que se encontra presente o arquitecto director do grupo de arquitectura redactor do avance da revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste Concello, Sr. Luis Couto González, o cal explicará brevemente o contido e alcance do documento urbanístico.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Couto González: os traballos de revisión das normas subsidiarias parten da analise de diversos parámetros, así como de razóns, que son motivo de reflexión; intervén a comunidade á que van dirixidas as normas subsidiarias, e noutra orde iniciouse o expediente no pasado mes de febreiro cando se solicitaron aportacións ós veciños. Estes motivos tivéronse en conta, continuouse coa búsqueda de razóns para modifica-lo anterior planeamento.

- Continúa o Sr. Couto: unha das cuestións principais que orixinan a revisión é a cantidade de solo urbano non desenvolto, o que provocou cortes no viario con múltiples disfuncións; iso inténtase solucionar intentando o método de limpar dificultades, dando facilidades para desenvolve-lo solo na liña da nova Lei do solo de Galicia e na lei estatal.

- Segue o Sr. Couto González: desta forma o solo apto para urbanizar recibe apoios importantes, consolidándose e desenvolvéndose por unidades de execución integrais, sendo iso un aspecto fundamental para o seu desenvolvemento. Sobre as peticións dos veciños haberá unha análise motivada na liña de respecto do solo urbano; nos núcleos rurais existe un nivel de consolidación, existindo proposta de amplialo sustancialmente.

- Remata o Sr. Couto González: que isto é a grandes rasgos unha breve explicación; o traballo a partir de agora é recabar información.

- O Sr. Alcalde-Presidente: agradece a intervención do Sr. Couto González e indica que pese a que o trámite do avance non é preceptivo, considérao importante polo feito de que se fai necesario recabar información dos veciños para o seu desenvolvemento e poida ser consensuado polo maior número de veciños.

Seguidamente fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: parécelle ben que se realice o avance, iso demostra que as normas subsidiarias anteriores foron restrictivas e ó seu Grupo non se lle fixo caso cando así o manifestaron e agora realízanse modificacións; non obstante quere facer unha crítica, posto que se creou na lexislatura anterior e houbo pouco contacto e intercambio para recolle-las propostas dos grupos da oposición e debatelas.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que se hai mais enriquecemento habería mais aportacións e non "a posteriori"; que, a pesar da publicidade, moita xente non se entera da súa situación urbanística, como exemplo o PEPOCH, ainda hoxe moitas persoas non coñecen a información urbanística das súas vivendas.

- Segue o Sr. Pita Varela: solicita moita información e que os veciños poidan facer suxerencias e logo con calma analizalas, dado que este é o feito mais importante do Concello dado que as normas subsidiarias restrictivas teñen a virtude de favorecer a poucos e prexudicar a moitos.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece a crítica do Grupo Popular, pero é necesario ter un documento para discutir (avance), coinciden na metodoloxía: a información será exhaustiva (BOP, prensa, anuncios, etc.), mantivéronse e manteranse mais contactos cos veciños, para iso é necesario ter un documento aberto.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que cré ós grupos políticos de acordo, posto que é importante dar un xiro, contando coa aportación dos Sres. Concelleiros.

- O Sr. Pita Varela: roga que o Voceiro do Grupo de Goberno lle digo o número de reunións que sostivo a comisión especial de revisión das normas subsidiarias de planeamento.

- O Sr. Lagares Pérez: noutro momento respostará á pregunta do Sr. Pita Varela.

- O Sr. Alcalde-Presidente: observa con agrado que as posicións dos grupos son coincidentes e claras, en consecuencia someterase o avance a votación.

Sometido a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó avance correspondente á revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste Concello de Betanzos.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Antes de inicia-lo seguinte punto da orde do día (1300.- Rogos e preguntas) fai uso da palabra o voceiro do Grupo de Goberno, o Sr. Lagares Péres (D. Antonio), manifesta: que, con motivo dun escrito formulado pola nai superiora do convento das Madres Agustinas Recoletas de Betanzos, e en base á problemática que expón a mesma, formula a proposta da súa inclusión na orde do día, previa declaración de urxencia polo Pleno da Corporación.

Manifesta, igualmente, que se recibiu un escrito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polo que se envía solicitude da mesma do 4-04-1995, relacionado con petición dunha parcela de 10.000,- mts. para construir un centro de ensinanza secundaria, formula a proposta da súa inclusión na orde do día, previa declaración de urxencia polo Pleno da Corporación.

- O Sr. Alcalde-Presidente: son dúas cuestións individuais e como tal se tratarán, considera suficiente o motivo para declarar de urxencia a proposta formulada polo voceiro do Grupo de Goberno e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren nas cuestións presentadas pola nai superiora do convento das Madres Agustinas propón se someta á consideración do Pleno da Corporación a declaración de urxencia da petición formulada pola mesma, consecuentemente a súa inclusión na orde do día e posterior adopción dos acordos que procedan.

- O Sr. Pita Varela: roga a lectura íntegra do escrito formulado polas Nais Agustinas.

Polo Sr. Secretario Xeral, dase lectura ó mesmo, di así: "EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS.= Sor María Gallego Sauceda, Madre Superiora do Convento das Madres Agustinas Recoletas, en Betanzos, actuando en representación da citada orde relixiosa de clausura; ante o Excmo. Concello comparece e respectuosamente, di: Que tivo noticias de que o muro que pecha o convento mencionado e é propiedade do mesmo desde tempo inmemorial, se viu afectado pola construcción dunha marquesiña que se apoia no mesmo, en particular, o tellado da mesma, o que, sen duda, haberá de provocar prexuizos ó mesmo e, desde logo, pode crear dudas no futuro acerca da súa propiedade exclusiva do convento. Que co fin de evitar diferencias indesexables para a orde relixiosa á que represento e o Excmo. Concello de Betanzos, no futuro, interesaría á mesma que por ese Excmo. Concello se adoptase acordo plenario polo que se recoñecese o seguinte: a) que o muro que pecha o convento das Madres Agustinas Recoletas, de Betanzos, en colindancia co Paseo da Tolerancia, é propiedade exclusiva de dito covento, sen que a marquesiña construida e tellado da mesma apoiado ou adosado no devandito muro de peche supoña agora e no futuro servidume ou dereito de propiedade ningún sobre o mesmo por parte do Excmo. Concello de Betanzos, nin, en todo caso, obstáculo para que a orde relixiosa, propietaria exclusiva do mesmo, poida facer no tan repetido muro de peche agora e sempre as obras que estime procedentes, coas autorizacións administrativas pertinentes. b) que o Excmo. Concello de Betanzos, en todo caso, se compromete a

repara-los danos e prexuizos que poida sufri-lo tan repetido muro e que poidan derivarse da construcción da aludida marquesiña. Por iso, SUPLICA O EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS que habendo por presentado este escrito, con copia, se digne admitilo e, na súa vista, na súa oportunidade e á maior brevidade posible, se sirva adopta-lo acordo plenario referido no corpo deste escrito, con todo o demais procedente, por ser gracia e xustiza que pide. Betanzos, 8 de xuño de 1995.= Asdo. Madre María Luisa Gallego Sauceda.= D.N.I. nº 5237580."

Sometida a votación apróbase por unanimidade de tódolos asistentes; en consecuencia, adóptase o acordo de declarar de urxencia a inclusión na orde do día do escrito presentado pola nai superiora do convento das Madres Agustinas Recoletas de Betanzos.

1300.- PETICION FORMULADA POLA NAI SUPERIORA DO CONVENTO DAS MADRES AGUSTINAS RECOLETAS DE BETANZOS E ADOPCION DE ACORDO.

O Pleno declárase enterado do escrito formulado pola nai superiora do convento das Madres Agustinas Recoletas de Betanzos.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo coa aclaración de que o Concello non realizou obra ningunha no muro do convento: "Primeiro.- Recoñécese que o muro que pecha o convento das Madres Agustinas Recoletas de Betanzos, que limita co Paseo da Tolerancia é propiedade exclusiva de dito convento, sen que a marquesiña construida e tellado da mesma apoiado ou adosado en dito muro de peche supoña sevidume ou dereito de propiedade ningunha sobre o mesmo por parte do Excmo. Concello de Betanzos, nin obstáculo ningún para que a orde relixiosa poida facer no mencionado muro tódalas obras que estime procedentes, previa petición das pertinentes autorizacións administrativas.= Segundo.- O Excmo. Concello de Betanzos, comprométese a repara-los danos e prexuizos que poida sufri-lo mencionado muro derivados da marquesiña construida.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

- O Sr. Alcalde-Presidente: continuando coa segunda cuestión tamén considera suficiente o motivo para declarar de urxencia a proposta formulada polo Voceiro do Grupo de Goberno e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren na petición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia se someta á consideración do Pleno da Corporación a declaración de urxencia da petición formulada pola mesma, consecuentemente a súa inclusión na orde do día e posterior adopción dos acordos que procedan.

- O Sr. Pita Varela: roga a lectura íntegra dos escritos recibidos da Xunta de Galicia.

Polo Sr. Secretario Xeral dase lectura ós mesmos, din así: "ASUNTO: S/ TERREOS INSTITUTO.= DESTINATARIO: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BETANZOS. Enterada esta Delegación polos medios de comunicación do día de hoxe, que no rexistro dese Concello non consta ningunha petición formal de terreos para o novo Instituto de Educación Secundaria, remítese de novo dita solicitude de data 4 de abril de 1995 con rexistro de saía nº 7889, a fin de que ese Concello resolva o que proceda.= O DELEGADO PROVINCIAL.= Asdo. Francisco Pérez Rivas." (Data saída Delegación: 6-07-95. Data entrada Concello: 11-07-95).

"ASUNTO: CESION SOLAR.= DESTINATARIO: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BETANZOS.= Tendo prevista esta Consellería a construcción dun Centro de E.S.O. (Ensinanza Secundaria Obrigatoria) nese Concello, deberán aportar unha parcela duns 10.000 m2 para este fin, que previamente ha de ser aceptada polos servicios técnicos desta Delegación.= A mencionada parcela deberá ter previstos os servicios urbanísticos que fixa o artigo 78 da vixente Lei do Solo, así como ter as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento no caso de situarse en solo non urbanizable.= O DELEGADO PROVINCIAL.= Asdo. Francisco Pérez Rivas."

Sometida a votación apróbase, por unanimidade de tódolos asistentes: en consecuencia, adóptase o acordo de declarar de urxencia a inclusión na orde do día dos escritos enviados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

1400.- DAR CONTA DE ESCRITOS ENVIADOS POLA CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E ADOPCION DE ACORDO.

O Pleno declárase enterado dos escritos enviados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia polos que se solicita a cesión á Xunta de Galicia dunha parcela de 10.000,- mts. con destino á construcción dun instituto de educación secundaria.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente: dada a importancia da cuestión, solicita se pase a mesma á comisión especial de revisión das normas subsidiarias de planeamento para que se habilite o solo necesario.

As 22:45 horas auséntase da sala o Sr. Carro Galeiras.

Seguidamente fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: manifesta a súa extrañeza polo extravío do documento primeiro e pregunta se é necesario modifica-lo solo destinado polas normas subsidiarias a usos culturais para ser destinado a usos educativos; existe unha parcela de 10.000,- mts. que figura clasificada para usos sociais e é unha boa oportunidade para aproveitala se reune as debidas condicións para non retrasar excesivamente unha necesidade urxente.

As 22:48 incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que é unha preocupación constante do Grupo de Goberno o conseguir dotacións escolares, sen a menor duda o retraso niso é da Consellería, como se puxo de manifesto ó aprobarse dúas veces a creación dunha comisión coa calada por resposta; hai que ser rigorosos, está de acordo con que o escrito non foi recibido polo Concello e todo isto parécelle impresentable posto que se o Concello non a recibiu outros grupos utilizárona en período preelectoral, roga se valoren as posicións e espera que dunha vez por todas fagan caso.

- O Sr. Pita Varela: que se o Concello non a recibiu será por múltiples causas, pero que o seu Grupo ten todo o dereito e liberdade a utilizar calquera documento existente nun rexistro público; non obstante non quere ser mal pensado, estando clara a vía de urxencia debendo poñerse a disposición da Consellería os terreos inmediatamente.

As 22:55 horas auséntase da sala o Sr. Beade Dopico.

- O Sr. Lagares Pérez: que sempre foi partidario de que a oposición sexa leal e constructiva, se así fose debería haber avisado ó Concello, pero iso non ocorreu e agora solicita celeridade.

As 22:59 horas incorpórase á sesión o Sr. Beade Dopico.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: creáronse dúas comisións especiais, sistemáticamente tiveron a calada por resposta, e solicitan urxencia; xa se está a trata-lo asunto coa suficiente urxencia pero, non obstante, no fondo existen outras filosofías.

- O Sr. Alcalde-Presidente: ó obxecto de poñer fin ó debate, convoca ós Sres. Voceiros para unha reunión o vindeiro día dezaoito de xullo, ás 20:30 horas, para trata-lo tema e despois pronunciarase o Pleno da Corporación, que o tema leva retrasado dous anos pola Consellería; o Concello de Betanzos colaborará coa mesma pese a non colabora-la Consellería co Concello.

1500.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Voceiro do Grupo Popular, formúlanse as seguintes:

1ª.- Solicitan se retiren os vehículos abandonados nas rúas.

- O Sr. Alcalde-Presidente roga ó Sr. Pita Varela comunique os sitios concretos.

- O Sr. Pita Varela: na Avda. Fraga Iribarne e outros, non obstante traerá a relación.

2ª.- Que os vehículos pesados aparcados na Avda. Fraga Iribarne provocan perigo para a circulación, que se sinalice debidamente.

3ª.- Solicita a imposición da correspondente insignia do concello ós Sres. Concelleiros que cesaron na lexislatura pasada.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que a comisión de voceiros trate este tema, xunto coas retribucións dos Sres. Concelleiros.

4ª.- O seu Grupo leu na prensa a problemática do Grupo Martín Ballesteros, roga axilización de trámites.

- O Sr. Alcalde-Presidente: a Xunta denegou a axuda solicitada para rehabilitación das vivendas.

- A Sra. Fernández Ramos: roga a remisión das actas coa maior brevidade posible.

- O Sr. Alcalde-Presidente: remitiranse coa maior brevidade posible e desde logo dentro do prazo sinalado pola lexislación.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintetrés horas e vinte minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo./ Manuel Lagares Pérez. Asdo./ José Cortés Carro.

ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA DEZ DE AGOSTO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. Manuel Lagares Pérez.
Sres. Concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Andrés Beade Dopico.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. Secretario:
D. Antonio Vara Fiaño.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do día dez de agosto de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de celebra-la sesión plenaria extraordinaria correspondente ó día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes préstase aprobación ás actas da primeira e segunda sesións plenarias celebradas o día vintesete de xuño de mil novecentos noventa e cinco, coa seguinte puntualización: "O Sr. Pita Varela manifesta que no punto 201 da acta do pleno 2 de data 27-06-1995, se cita o artigo 520 apartado 4 do R.O.F. do 28-11-86, que se comprobe por se fose un erro de transcripción xa que ó seu grupo político non lle consta a existencia do devandito artigo no regulamento citado."

Queda pendente de aprobación á acta de data 11 de xullo, por non ter sido subministrada unha copia da mesma ós Sres. Concelleiros.

200.- DESIGNACION REPRESENTANTE MUNICIPAL PARA ELECCION DE MEMBROS QUE INTEGRARAN A COMISION PROVINCIAL DO MEDIO AMBIENTE.

Dase conta da comunicación cursada pola Consellería da Presidencia e Administración Pública, interesando se designe representante municipal para a posterior elección de membros que integrarán a nova Comisión Provincial do Medio Ambiente.

A Comisión de Programación emitiu informe no sentido de que a proposta de representante se realice "in voce" no Pleno.

CONCELLO DE BETANZOS * EXCMO.

O Grupo Municipal Socialista propón como representante a D. Antonio Lagares Pérez (Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente)

O Grupo Popular propón ó concelleiro D. Luis Alberto Carro Erias.

O BNG non realiza proposta.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: a favor da proposta do Grupo Municipal Socialista 9 votos, os emitidos polos compoñentes do devandito grupo. A favor da proposta do Grupo Popular 7 votos, os emitidos polos compoñentes do mesmo. Abstense o representante do BNG.

Polo tanto, queda designado como representante do Concello o Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente D. Antonio S. Lagares Pérez.

300.- PRESTAR APROBACION A MOCION DA ALCALDIA RELATIVA O COMPROMISO DE FINANCIACION DO PROXECTO DENOMINADO: "CONSTRUCCION GLOBO E ORGANIZACION ROMARIA FLUVIAL DOS CANEIROS CORRESPONDENTE O ANO 1995".

Préstase aprobación, por unanimidade dos asistentes, a moción da Alcaldía-Presidencia a cal está informada favorablemente pola Comisión de Programación, e que transcrita literalmente di así: "En relación coa solicitude de subvención feita polo Concello de Betanzos á Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería da Presidencia e Administración Pública, para o proxecto "construcción globo e organización da romaría fluvial dos Caneiros", solicítase do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos: ... "1º.- Que o Concello de Betanzos se compromete co gasto necesario para cubir-lo financiamento do proxecto denominado "Construcción Globo e organización romaría fluvial "Os Caneiros", correspondente ó ano 1995. 2º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos".

400.- PROPOSTA DE UTILIZACION DE TERREOS POR PARTE DA CONSELLERIA DE EDUCACION DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCION DUN CENTRO DE EDUCACION SECUNDARIA.

Dase lectura á proposta relativa a lugares que puideran ser aptos para o fin indicado, en base ó informe realizado polos servicios técnicos municipais e que son os seguintes: FINCA NUMERO 1.- Finca onde se encontra ubicado o centro de inseminación artificial. FINCA NUMERO 2.- Parcela propiedade do Ministerio de Agricultura, con fronte á Avda. de Circunvalación, Avda. do Carregal e contigua coas pistas polideportivas descubertas. FINCA NUMERO 3.- Finca municipal que se encontra dentro da urbanización do SAU3 contigua co río Mendo.

Así mesmo e en base ó informe anteriormente referenciado establécese a seguinte orde: 1º FINCA NUMERO 2, 2º FINCA NUMERO 1, 3º FINCA NUMERO 3.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Pita Varela, o cal manifesta que está de acordo coa proposta xa que se tratou o tema anteriormente nunha reunión de voceiros, sen embargo pregunta ó Sr. Alcalde información acerca dunha entrevista que mantivo con un representante da Consellería sobre a cesión de locais municipais á Xunta de Galicia.

Respóstalle o Sr. Alcalde que dado que dito tema non se encontra na orde do día, informará do mesmo puntualmente ós voceiros.

Préstase aprobación, por unanimidade dos asistentes, no sentido de remitir á Xunta de Galicia as tres alternativas anteriormente citadas, de acordo co informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, ó obxecto de que os técnicos da Consellería e tendo en conta dito informe, estimen cal sería a máis idónea para a posible ubicación do centro de educación secundaria.

500.- ACORDO RELATIVO A REMUNERACIONS A PERCIBIR POR MEMBROS DA CORPORACION.

Dase lectura á ponencia presentada conxuntamente polos voceiros dos grupos políticos que integran a Corporación, a cal transcrita literalmente di así: "Os abaixo asinantes, en representación dos tres grupos políticos que integran o Pleno da Corporación, Antonio Lagares Pérez, Andrés Otero Martínez e Mª Dolores Faraldo Botana, reunidos na Casa do Concello o día un de agosto de mil novecentos noventa e cinco, por unanimidade acordan elevar ó vindeiro Pleno, para a súa aprobación, a seguinte PONENCIA.= Con retroacitividade do mes de xullo derradeiro, as indemnizacións mensuais que corresponderán ós integrantes da Corporación, no desempeño dos seus cargos, quedarán fixadas nas seguintes contías: Alcalde-Presidente con dedicación exclusiva, 280.000,- ptas.; Delegados de Cultura e Urbanismo con dedicación exclusiva, 200.000,- ptas.; Delegado de Festexos con dedicación exclusiva parcial, 100.000,- ptas.; Concelleiros por asistencia ós Plenos, por mes, 28.000,- ptas.; Concelleiros por asistencia á Comisión de Goberno, por mes, 28.000,- ptas.; Concelleiros por asistencia a reunións de delegacións, por mes, 28.000,- ptas. Os Concelleiros con dedicación exclusiva non cobrarán pola asisitencia ás sesións, e anualmente revisaranse as percepcións que reciben de acordo coas subidas funcionariais. As cantidades que se especifican son líquidas. Cada grupo político percibirá 20.000,- ptas. por mes para o desenvolvemento das súas funcións".

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

En consecuencia, préstase aprobación á devadita ponencia por unanimidade dos asistentes.

600.- PRESTAR APROBACION O PROXECTO DE URBANIZACION DO POLIGONO DE PIADELA.

Dase lectura ó informe emitido pola Arquitecto Municipal, o cal transcrito literalmente di así: "INFORME TECNICO.= PROXECTO DE URBANIZACION DO POLIGONO INDUSTRIAL DE PIADELA.= O proxecto presentado é un proxecto de obras a finalidade do cal é levar á práctica a realización material das propias que establece o plan parcial industrial de Piadela na UNIDADE DE EXECUCION-1 (aproximadamente un 35% do total da superficie planificada).= O proxecto de urbanización presentado non modifica as previsións do plan parcial que desenvolve e conten a documentación preceptiva segundo o Regulamento de planeamento incluindo as obras de:= -Pavimentación de calzadas, aparcamentos e beirarrúas e espacios libres.= - Rede de distribución de auga potable, de rego e hidrantes contra incendios.= - Rede de sumidoiros para evacuación de residuais e pluviais.= - Rede iluminación pública.= - Rede de telefonía.= Preséntase así mesmo o preceptivo estudio de SEGURIDADE E HIXIENE no traballo.= Non se presenta prego de condicións técnico-administrativas por non ser necesario en tanto en canto a urbanización se execute polo sistema de compensación en terreos dun só propietario, como é o caso.= O prazo de execución das obras establécese en 8 meses.= O presuposto de execución material é de 216.438.449,- ptas. (douscentos dezaseis

millóns catrocentas trinta e oito mil catrocentas corenta e nove pesetas).= O presuposto de contrata é de 298.771.635,- ptas. (douscentos noventa e oito millóns setecentas setenta e unha mil seiscentas trinta e cinco pesetas).= NOTAS:= A lei establece que "os proxectos de urbanización deberán resolve-lo enlace dos servicios urbanísticos cos xerais da cidade e acreditar que teñen capacidade suficiente para tendelos".= Concretando:= En canto o acceso que se sinala de conexións coa autovía Coruña-Lugo e unido ó polígono que se executa, no plan parcial figura como de financiación do MOPTMA pero non se garantiza a súa execución.= En canto ó subministro de auga, o plan parcial conta coa conexión á rede municipal e en previsión de futuras demandas coa execución dun depósito de auga de 1.500 m3 para un caudal punta de 35 l/sg. O presente proxecto de urbanización non prevé a súa execución en tanto en canto estiman suficiente para esta primeira fase o caudal que pode subministra-la rede municipal (estiman 15 l/sg. en base a 0,5 l/sg/Ha).= En canto á rede de evacuación de residuais o plan parcial prevé unha estación de bombeo ou impulsión á rede de sumidoiros que pasa por Infesta cara á depuradora municipal de 16 cv. e presuposto estimado de 16.715.206,- ptas. O proxecto de urbanización prevé a impulsión e bombeo da área que estudia o polígono -1.= En definitiva, co presente proxecto trata de resolve-los problemas de servicios que particularmente afectan ó polígono -1 do plan parcial e que é o que se desenvolve.= Só me cabe facer fincapé na cuestión dos accesos ó mesmo e nos termos xa comentados.= E o que informa para os efectos oportunos.= Asdo./ Ana Fonticoba Graña. Arquitecto."

Conta co informe favorable da Comisión de Programación (abstención do Grupo Popular).

- Fai uso da palabra o Sr. Pita Varela o cal manifesta que o motivo da abstención do seu grupo na Comisión de Programación foi que non se puido facer un estudio minucioso do mesmo ó non dispoñer de medios (copia do proxecto), motivado á súa extensión, sen embargo e tendo en conta o informe emitido e o carácter e beneficio que pode supoñer para Betanzos van votar favorablemente.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: PRESTAR APROBACION O PROXECTO DE URBANIZACION DO POLIGONO DE PIADELA.= Segundo: O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro: Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

700.- <u>PRESTAR APROBACION O PROXECTO DE MODIFICACION DO VASO DA PISCINA MUNICIPAL.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó proxecto de modificación do vaso da piscina municipal, redactado polos servicios técnicos locais, por importe de 7.698.940,- ptas.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: manifesta que de acordo co proxecto a reducción da profundidade do vaso da piscina realizarase para facilita-lo acceso a persoas maiores á mesma, así como para facilita-la ensinanza. Recabados informes tanto técnicos como

examinadas outras piscinas, o que se soe facer é o contrario, é dicir, ampliar. A piscina municipal de Betanzos foi realizada cunhas características para que pola súa profundidade e dimensións servise tanto para a aprendizaxe como para a realización de determinadas competicións. Agora coa reducción que se pretende non será válida para a realización de ningún tipo de competición. A reducción pode ter aspectos positivos (menor gasto enerxético, ensinanza, minusválidos, etc.), sen embargo tamén pode telos negativos (ensinanza, etc.). Por outra parte e dado que na Comisión Municipal de Goberno do 6-06-95 se adoptou o seguinte acordo: "308.- ESCRITOS E COMUNICACIONS.= Excma. Deputación Provincial da Coruña, sobre circular 5 bis/95 para a contratación do plan de instalacións deportivas municipais de 1995. Apróbase por unanimidade efectua-los trámites necesarios para realiza-la contratación das obras coa maior urxencia, da obra 4-modificación vaso piscina municipal- código 45320, por un importe de 11.336.102,- ptas. para o cal se faculta amplamente ó Sr. Alcalde-Presidente.", pide aclaracións acerca dos motivos de modificación do proxecto inicial e o actual.

- Sr. Alcalde: a modificación da piscina municipal non se debe ó aforro enerxético, senon que é motivada polas peticións realizadas pola maioría dos cidadáns. En canto á modificación do proxecto débese a comunicación cursada pola Deputación Provincial con motivo de subvención.

- Sr. Otero Martínez: fai uso da palabra para explica-la posición de voto do seu partido. Pensa que o erro partiu do proxecto inicial que xa se debeu ter realizado de acordo coa modificación que se ten prevista actualmente. Así mesmo manifesta que discrepa co exposto polo voceiro do Grupo Popular no referente á profundidade do vaso da maioría das piscinas. O seu grupo tamén estableceu contactos e examinou distintas piscinas e a profundidade das mesmas sole ir en escada de menor a maior. Así mesmo e no referente ás piscinas profesionais solen ter unha lonxitude de 50 mts. e na maioría dos casos descubertas.

- Sr. Pita Varela: ratifícase na súa declaración anterior. Son coñecedores de bastantes piscinas e as mesmas teñen unhas medidas regulamentarias. Existe unha norma así como un catálogo de piscinas. Así mesmo gostaríalle que cando se manifesta que se realiza un determinado cambio por peticións, que as mesmas fosen realizadas por escrito e non de palabra.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos asistentes, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: PRESTAR APROBACION O PROXECTO DE MODIFICACION DO VASO DA PISCINA MUNICIPAL.= Segundo: O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro: facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

Por último, e xa fóra da orde do día, o Sr. Alcalde invita a tódolos concelleiros á inauguración dun centro social en Guiliade, acto que terá lugar mañá ás 21 horas, así como ós distintos actos que se celebrarán con motivo das festas patronais.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e vintecinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo./ Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo./ Antonio Vara Fiaño.

ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA O DIA SETE DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Caro Erias.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Non asisten, con desculpa:

D. Andrés Beade Dopico, Concellerio do PSdeG-PSOE.
D. Jaime Alberto Pita Varela, Concelleiro do PP.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana, Concelleira do PP.
D. Angel Pastor Casal Otero, Concelleiro do PP.

Na sala de exposicións do edificio Liceo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de setembro de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión plenaria extraordinaria urxente prevista para o día de hoxe.

Faise constar expresamente que a sesión se celebra na sala de exposicións do edificio Liceo por causa de forza maior (obras na casa do concello), tendose dado cumprimento ó disposto no artigo 85.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais (R.D. 2568/86).

100.- DECLARAR DE URXENCIA A APROBACION DO PROXECTO: SANEAMENTO DO NUCLEO DE BETANZOS O VELLO (2ª FASE), E INCLUSION NO PLAN PROVINCIAL

ADICIONAL O DE OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DE 1995 DA DEPUTACION PROVINCIAL.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente: que se procederá a someter a votación a declaración de urxencia deste punto da orde do día, para posteriormente -se procedese- adopta-los acordos oportunos.

Seguidamente fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: roga unha breve explicación sobre a urxencia da convocatoria.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): a urxencia da sesión ven dada pola necesidade de presenta-la documentación correspondente para inclui-lo proxecto obxecto deste punto da orde do día no plan adicional de cooperación da Deputación Provincial antes do día nove de setembro de 1995, data límite para iso.

As 20:35 horas incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- A Sra. Fernández Ramos: fai constar que a documetación se recibiu no Concello o pasado oito de agosto e os trámites puideron terse feito con máis antelación.

- O Sr. Alcalde-Presidente: o obxecto da sesión é solicita-la inclusión do proxecto no plan adicional de cooperación ás obras e servicios 1995 e aproveitar así as baixas nas adxudicacións das obras do plan de cooperación de 1995 que lle corresponden a este Concello.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade de tódolos asistentes, en consecuencia, adóptase o acordo de declarar de urxencia a aprobación do proxecto denominado: saneamento do núcleo de Betanzos o Vello (2ª fase), e inclusión no plan provincial adicional ó de obras e servicios de competencia municipal de 1995 da Deputación Provincial.

200.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes préstase aprobación á acta da sesión celebrada o día once de xullo de 1995.

Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o dez de agosto pasado, non se subministrou ós Sres. Concelleiros.

300.- APROBACION DO PROXECTO: SANEAMENTO DO NUCLEO DE BETANZOS O VELLO (2ª FASE), INCLUIDO NO PLAN PROVINCIAL ADICIONAL O DE OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DE 1995 DA DEPUTACION PROVINCIAL.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó proxecto: saneamento do núcleo de Betanzos o Vello (2ª fase), incluido no plan adicional ó de obras e servicios de competencia municipal de 1995 da Deputación Provincial.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "1º) Aproba-lo plan adicional ó de obras e servicios de competencia municipal de 1995, por aplicación das baixas de adxudicación das obras correspondentes ó plan base de 1995, composto polas obras que a continuación se indican e o desglose de financiación das cales é o seguinte:= Denominación da obra: saneamento do núcleo de Betanzos o Vello (2ª fase).= Importe total: 3.000.000,- ptas.= Aportación Estado: 119.679,- ptas.= Aportación Deputación: 302.008,- ptas.= Aportación Concello (FP): 2.578.313,- ptas.= Aportación Concello (BCL): 0,- ptas.= 2º) Aproba-los proxectos das obras incluidas no plan adicional e que se relacionan no punto anterior.= 3º) Declarar

que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.= 4º) Declarar que no presuposto municipal de 1995 existen os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal ás obras incluidas no plan.= 5º) Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluidas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.= 6º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión sendo as vinte horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario Xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo./ Manuel Lagares Pérez. Asdo./ José Cortés Carro.

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTESEIS DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José R. García Vázquez.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Asiste:

D. Luis Couto González, arquitecto do grupo redactor da revisión das NN.SS. de planeamento urbanístico deste Concello.

Na salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteseis de setembro de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión plenaria ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes préstase aprobación ás actas das sesións plenarias celebradas o dez de agosto e o sete de setembro de mil novecentos noventa e cinco, formulando o Grupo Popular a seguinte matización:

- A Sra. Faraldo Botana: que non lles consta a intervención do Sr. Alcalde, no punto 100 da acta da sesión do sete de setembro de mil novecentos noventa e cinco, con posterioridade á intervención da voceira do Grupo Popular na devandita sesión: Sra. Fernández Ramos.

As 20:35 horas incorpóranse á sesión os Sres. Beade Dopico e Díaz Pereira.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, solicitan se comunique ó Patronato para a Mellora do Medio Rural un representante do Concello para os efectos oportunos.

- Fai uso da palabra o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), para manifestar que antes do punto "rogos e preguntas" se someterá á consideración do Pleno a posible declaración de urxencia desta cuestión.

202.- D. Gunter Halbach Becker, de Madrid, comunica que o museo de Betanzos lle impresionou fondamente e puntualiza: "estoy convencido que va a ser difícil encontrar en España ni en toda Europa museo tan bien montado en ciudad de semejante tamaño".

203.- "Cadena Cope", comunica que reunido o xurado calificador da primeira edición dos premios "Jardines Coruñeses", acorda a concesión do premio "Jardines Coruñeses" á Escola Taller "Betanzos" e "Pasatiempo de Betanzos", polo seu eficaz e meritorio labor de recuperación de parques e xardíns así como a mellora das marxes fluviais do río Mandeo.

300.- APROBACION DE PREGOS DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS XERAIS QUE REXERAN A CONTRATACION MEDIANTE: A) CONCURSO CON PROCEDEMENTO ABERTO DE OBRAS; B) SUBHASTA CON PROCEDEMENTO ABERTO DE OBRAS; C) PROCEDEMENTO NEGOCIADO DE OBRAS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais que rexerán a contratación mediante: a) concurso con procedemento aberto de obras; b) subhasta con procedemento aberto de obras; c) procedemento negociado de obras.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: que supón que os pregos de cláusulas administrativas foron confeccionados de acordo co dereito, polo que o Grupo Popular votará a favor.

- O Sr. Otero Martínez: solicita que conste en acta que se entende que os pregos foron elaborados polos servicios xurídicos, ó ser así non obxectará nada e votará a favor.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: prestar aprobación ós pregos de cláusulas administrativas xerais que rexerán a contratación mediante: a) concurso con procedemento aberto de obras; b) subhasta con procedementgo aberto de obras; c) procedemento negociado de obras.= Segundo: ó devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro: facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

400.- APROBACION INICIAL A REVISION DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANISTICO DO CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación INICIAL á revision das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Concello de Betanzos.

Está informado pola comisión especial informativa para a revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico da forma seguinte: Asunto: Informar suxerencias cento sesenta e catro (164), presentadas durante a exposición pública do avance da revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos. Dictame: Vistas as suxerencias presentadas incorpóranse ó documento total ou parcialmente unha maior parte das mesmas. Proponse: Eleva-los documentos e planimetría correspondente ó Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial.

Así mesmo, as suxerencias presentadas durante o período de exposición pública do avance da revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos, están informadas polo equipo redactor das mesmas, di así o informe: "INFORME AS SUXERENCIAS PRESENTADAS O AVANCE DA REVISION DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO PLANEAMENTO DO TERMINO MUNICIPAL DE BETANZOS.= De acordo co artigo 125.2 do R.P., una vez finalizado o periodo de exposición ao público do Avance, o Equipo encarregado da redacción do Plan estudiará as suxerencias e alternativas presentadas e propondrá a Corporación a confirmación ou reitificación dos criterios e solucións xerais de planeamento.= A vista do resultado da exposición ao público e do estudio das suxerencias, a Corporación deberá acorda-lo procedente en canto aos criterios ou solucións xerais con arranxo aos cales vaian a culminarse os traballos de elaboración do Plan (art. 125.3 de R.P.).= De acordo co anterior, este Informe inclúe unha descripción non solo xeral do tipo de propostas presentadas, senón tamén pormenorizada das mesmas, así como a valoración do Equipo redactor das citadas propostas de ordenación.= O número de suxerencias presentadas no prazo de exposición pública foi de 164, as cales incidiron puntualmente encol de aicións determinadas en predios concretos, non conténdose en ningunha delas criterios xerais sobor da

ordenación do municipio.= Procedeuse a unha laboura de síntese e axuntamento por unidades temáticas, tratando de obter o criterio de ordenación latente, ao obxeto de apricar as correccións pertinentes que permitan axeitar o planeamento as propostas formuladas.= A continuación se expresan as suxerencias con referencia ao número de entrada no rexistro do Concello de Betanzos.= EN RELACION CO SOLO URBANO DA CIDADE DE BETANZOS.= a) Beira do solo urbano:

1272,- Trátase de unha parcela situada no perlongamento da rúa dos Angeles na beira do solo urbano das N.S. vixentes, acéptase o contido da suxerencia incluindose a parcela no solo urbano calificado de baixa densidade igual que as contigas, sempre e cando, e dado que está incluida dentro da zona de servidumbre de protección do D.P.M.T., sexa ademitida esta solución po la Demarcación de Costas.

1506.- Parcela situada na rúa Mandeo, e contigua ao solo urbano delimitado, polo que se acepta a súa inclusión no mesmo, coa ordenanza da área, BD.

1509.- Situada na rúa Mandeo. A parte da parcela situada ao borde da rúa xa está clasificada de solo urbano de baixa densidade. A suxerencia solicita incluir a totalidade da parcela, non é factible acceder ao solicitado xa que o linde posterior da finca está a 80 metros da aliñación exterior.

1440.- Cabe facer consideracións semellantes ás da suxerencia anterior. Admitese a consideración de solo urbano nunha profundidade de 30 metros dende a aliñación exterior.

1431.- Solicita a pasar de solo clasificado, tanto nas N.S. vixentes como nesta Revisión, de non urbanizable, en razón a carencia dos servicios urbanísticos requiridos polo ñartigo 10 da L.S. Proponse incluir no ámbeto do S.A.U. nº 3, co aproveitamento correspondente á ordenanza de media densidade no frente do camiño existente no lindeiro Este da parcela.

e) Maior aproveitamento.

1361.- Parcela incluída na calificación de solo urbano ordenanza BD, na zona de Bellavista, lindando coa MD, solicita inclusión nesta última. Estimase, aínda que deberá rematar a edificación en bloque aberto recuando ésta do lindeiro coa ord. BD nun ancho igual á altura de dito bloque.

1379.- Idem na Avda. da Coruña. Acéptase, debido ao ancho da rúa, así como por coincidir a proposta coa tipoloxía edificatoria prevista nas Normas a outra beira da rúa.

1441.- Parcela sita con frente ao camiño da Cangrexeira, procede desestimala polo razoamento exposto no caso da anterior suxerencia.

1297= 1418= 1373= 1417=.

1435.- Solicitan estas suxerencias a apricazón de ordenanza distinta ás das Normas vixentes, e que se manteñen na Revisión, no caso das nº 1373, 1435 e 1417, sitas na rúa do Mandeo, ademitindose pola contra, as nº 1297 e 1418, sitas na praza de Enrique IV.

1430.- Fai referencia a un sito nas Cascas, e sobor do que existe un convenio Urbanístico coa propiedade, con cesión de parcela de 960 m2 de zona verde, polo que se acepta a inclusión das propostas de dito Convenio nesta Revisión.

f) En relación coas Unidades de Execución.

1438.- En relación con la U.E. nº 2, amóstrase a suxerencia conforme en líneas xerais coa ordenación plantexada na Revisión das Normas. Dados os condicionamentos da

área de actuación: necesidade de agachar as medianeiras das edificacións existentes, topografía dos terreos, así como a ubicación das dotacións actuais, aconsella non modificar a situación da zona verde grafiada na Revisión das Normas.

1463.- Acéptase o contido da suxerencia relativa a U.E. nº 14, unificándose en consecuencia as alturas de edificación na Av. de Jesús García Naveira en 5 plantas e baixo cuberta.

1318=.

1502.- Os obxetivos da U.E. nº 15 correspóndese co contido de ambas suxerencias, aínda que éstas aparentemente son contrapostas, xa que aquéles pretenden o acadamento dunha zona verde pública na zona contiga ao río que, constituíndo un paseo fluvial, garantice además as máis óptimas condicións de soleamento e ventilación das vivendas a que se refire a suxerencia nº 1502, xa que nas N.S. vixentes non se estabrecía ningún sistema de actuación urbanística que permitise acadar dita zona pública. Coa finalidade de mellorar as determinacións da ordenación, proponse o seguinte: a) modificar o ámbeto da UE, tal e como se indica na suxerencia nº 1318, b) Permitir a construcción de 1 sótano, baixo, catro plantas altas e aproveitamento baixo cuberta, igual que nas restantes edificacións con frente a Av. de Jesús García Naveira, e con un fondo máximo edificable en tódalas plantas de 17 metros.

1488.- Co obxeto de estabrecer unhas determinacións de ordenación cunhas cargas e beneficios máis equitativos entre ambas las dúas parcelas que conforman a unidade de execución nº 16, modificanse as aliñacións de xeito que quede un ancho mínimo no encontro coa rúa Arxentina de 14 m. estabrecéndose un fondo edificabre entorno a praza de nova creación de 12 m., dividindose o ámbito de dita unidade en dúas.

1489= 1490=1495=

1510.- O conxunto destas suxerencias manifestan o rexeitamento da ordenación que se propoñia no Avance, polo que se acepta o seu contido, e en consecuencia mantense a ordenación prevista nas N.S. vixentes.

1437=

1500.- Ao obxeto de facer compatibles as propostas das dúas suxerencias, na zona da Condesa delimitaranse duas Unidades de Execución que permitan cumprir coas obrigas de urbanizar e edificar nas condicións que naquelas se expoñen.

1496.- Acéptase o contido da suxerencia, eliminándose a unidade de execución plantexada na Revisión en base ás consideracións sinaladas na suxerencia, aumentándose as alturas edificatorias a catro plantas sempre é cando se realicen a costa dos propietarios a conexión do alcantarillado a rede xeral, e se executen as determinacións urbanísticas no prazo que se sinale nas Normas.

1503.- En relación coa Unidade de Execución nº 1 de Bellavista plantexa a suxerencia algunhas obxecións que poderán terse en conta en fases seguientes da redacción das Normas xa que non supoñen trocos sustancias na ordenación proposta na Revisión. Non obstante, e co obxeto de facilitar a xestión e desenrolo da actuación dividese a U.E. en dúas, correspondentes cada unha delas a un único propietario.

g) En relación co solo urbanizable:

1416.- A suxerencia non formula proposta distinta á que plantexan as Normas, simpremente recorda a obriga legal de repartir equitativamente dentro do ámbeto do S.A.U. os beneficios e as cargas derivados da rdenación que adopte o Plan Parcial.

1316.- Solicita a inclusión da zona verde contiga ao río Mendo dentro do ámbeto do S.A.U. 2 para a súa xestión dentro do mesmo, considerándose axeitada a proposta, polo que se acepta.
1432.- Parcela incluída dentro do ámbeto do S.A.U. 2, e que solicita a inclusión en solo urbano apoyándose na clasificación que na Revisión das N.S. teñen as parcelas sitas a o outro lado do vial. Dita clasificación obedece a consolidación edificatoria existente na mazán iniciada coa actuación urbanística do PERI do Ambulatorio, polo que non resulta procedente no caso desta suxerencia, xa que non reune as condicións de servicios ou de consolidación edificatoria que sinala o artigo 10 de L.S.
1453=.
1512.- Acéptase o contido da proposta B da suxerencia 1453, modificándose o trazado das aliñacións dacordo co grafiado sinalado para dito apartado na suxerencia.
1497.- Ampliase o ámbeto do S.A.U. nº 3 dacordo co exposto na suxerencia, extendéndose o mesmo á totalidade da parcela do propietario, coa densidade solicitada de 15 vv/Ha, e edificabilidade de 0,3 m2/m2.
1494.- Na suxerencia non se aducen razóns de índole urbanístico que motiven a modificación das propostas das Normas. Non embargante os motivos expostos poderán ser tidos en conta na xestión do Plan Parcial que en desenrolo de dito sector se redacte.
h) En relación co PEPRI:
1468.- Acéptase a suxerencia por cuanto a inclusión da edificación dentro do ámbeto do equipamento educativo obedece a un erro do grafiado que agora se corrixe.
i) Outras:
1469.- A suxerencia propón pasar a parcela sita na Avda. da Coruña, de solo apto para urbanizar a solo urbano de media densidad, o que xa se contempla no Avance da Revisión das N.S.
1397.- Corrixese na Normativa urbanística as distancias ás que afectan as zonas de servidume e afección -20 e 50 metros respectivamente- dacordo co sinalado no apartado 1 da suxerencia.
Non resulta procedente a atribución do uso industrial a parcela á que se fai referencia no apartado 2 da suxerencia, ao obxeto de protexer debidamente o xardín contigo.
Acéptase o contido dos apartados 3 e 4 da suxerencia.
1511.- Teranse en conta os aspectos sinalados na suxerencia en todo ó que sexa posible para a sua incorporación no Documento urbanístico, en fases posteriores da tramitación do mesmo.
MEDIO RURAL
O maior número de suxerencias (111 suxerencias) correspóndese co tratamento do solo non urbanizable e dos núcleos incluídos no mesmo, o que pon unha vez máis en evidencia a importancia que o tratamento do rural ten nos planeamentos da nosa comunidade autónoma, así como a mutua incomprensión entre os propietarios do rural e os instrumentos de ordenación e sobor de todo de xestión urbanística (por ausencia da mesma na Lei para o solo non urbanizable), o que implica que a falla de instrumentos redistributivos no solo non urbanizable, e que as limitacións que ao mesmo se estabrecen nos planeamentos urbanisticos en cumplemento da Lei representan unhas

cargas en moitos casos inxustas ao non existires posibilidade de compensación das mesmas no ámbeto urbanístico.

Velaí que as suxerencias referidas ao medio rural se manifesten casi sempre no senso de demanda-la calificación de solo non urbanizable mais axeitada en orden a reducir nunhos casos as limitaciones derivadas da apricazón das ordenanzas de protección, e noutros de simplemente potencia-las posibilidades edificatorias (fin último que con maior ou menor intensidade perseguen a meirande parte das suxerencias) a base da inclusión da parcela no núcleo, ben a traveso da creación dun novo núcleo, ou ampliando ó mais inmediato ata abarca-la parcela correspondente a cada interesado. Para elo as consideracións realizadas nestas suxerencias apoianse fundamentalmente en dous conceptos: nunhos casos, nunha suposta ambigüidade dos criterios de delimitación dos núcleos na LASGA, e noutros na dificultade de obxetiviza-las áreas que son merecedoras de calificarse de especial protección dacordo cos criterios do artigo 13 da LASGA e por remisión deste, os do artigo 36 do Regulamente de Planeamento.

Cabe citar ao respeito, que a pesar do aumento da extensión considerada no Avance para os núcleos, en relación coa das Normas vixentes, do número indicado anteriormente de suxerencias relativas ao medio rural, 80 tratan de custións relativas aos núcleos: ou ben solicitan a inclusión de parcelas nos mesmos, ou troco na ordenanza de apricazón.....

a) Inclusión en núcleos.-

- Acéptase a inclusión nos núcleos que se van indicando a continuación a totalidade das parcelas correspondientes a siguintes suxerencias, tanto pola pequena superficie das mesmas, como por estar contiguas a delimitación dos núcleos no Avance da Revisión das N.S.: nº 1375, 1376, 1398, e 1413, en Xan Rozo; nº 1331 e 1466 nas Cascas; nº 1279 e 1467 en Castro; nº 1281, 1355 e 1498 en Betanzos o Vello; nº 1487 na Volta do Codo; nº 1452 en Roibeira; nº 1270, 1273, 1274, 1354, 1390, 1394 e s/n do 12/8/95 en Ribalta.
- Por reunir os requisitos esixidos polo artigo 12 da LASGA delimítase o núcleo de Cancelas tal e como solicitan as suxerencias nº 1277 referida a unha parcela de 800 m2; e a nº 1389 en relación con parcela de 900 m2.
- Así mesmo, inclúense dentro dos lindes dos núcleos grafiados, tan soio unha parte das parcelas consideradas nas siguintes suxerencias, que estando situadas igualmente achegadas aos núcleos delimitados, presentan ou unhas dimensións amplias, ou ben una configuración xeométrica en relación co vial do fronte ou condicións topográficas, que estarían en contradicción co sinalado no artigo 12.4 de LASGA: nº 1429 (6000 m2) nas Cascas; nº 1269 (3600 m2) en Guiliade; nº 1201 (3000 m2) en Roibeira; nº 1391 (1731 m2) en Revellón; nº 1323 (4500 m2) en Mallal; nº 1366 (2000 m2) en Mallal; nº 1315 (2100 m2) en Braxe; nº 1308 (1800 m2) en Castro; 1301 (1200 m2) en Viladesuso; nº 1460 (3600 e 2500 m2 respectivamente) en Viladesuso; nº 1480 (varias fincas) en Montellos; nº 1501 (5000 m2), e as nº 1396 e 1481 (varias fincas) en Montellos; nº 1314 (1800 m2) en Xan Rozo; nº 1275 (3000 m2) en Betanzos o Vello; nº 1175 e 1202 (4000 m2) en Vista Alegre; nº 1393 (5500 m2) en Vista Alegre; nº 1451 e 1471 (10000 m2) en Vista Alegre.
- Non procede a consideración de núcleo as parcelas das seguintes suxerencias por non reuni-las condicións da LASGA a tal fin: nº 1436 en Pantina; nº 1374 nas Animas; nº 1455 na Grela; nº 1378 na Veiga e nº 1412 en Betanzos o Vello.

- Por razóns semellantes indicadas no apartado anterior así como a excesiva dimensión das parcelas, non é factible estimar as siguintes suxerencias: nº 1434 (11500 m2) en Chouza do Vilar; nº 1422 (3000 m2) na Condesa; nº 1409 (13500 m2) en Fontela; nº 1439 (5500 m2) en Abelleiras; nº 1492 (21000 m2) en Roibeira.

b) Suxerencias relativas a parcelas situadas en núcleo, e que solicitan o cambio de calificación dentro do mesmo:

- Acéptase a apricazón dunha única ordenanza NRI as suxerencias nº 1461 e 1399 sitas en Caraña do Medio e Montellos respectivamente, e que no Avance das Normas tiñan parte das súas parcelas incluídas en ordenanzas NRI e NN.
- Non se estima o troco de graduación da ordenanza NR das Normas vixenes solicitado na suxerencia s/n de data 12/8/95, na Caraña de Arriba, por non ser a de edificacións adosadas a tipoloxía dominante da zona, nin tampouco o troco de clasificación de ordenanza NN a NRI solicitada pola suxerencia nº 1174, por non darse os condicionamentos legais esixidos.

c) Parcela incluída en núcleo e que solicita calificación de SNU:

- Nº 1414.- Non é posible acceder ao solicitado, xa que a ordenación urbanística estructúrase a base de áreas homoxéneas, polo que a parte da parcela situada con frente ao vial, deberá manterse dentro do núcleo igual que as contiguas que teñan as mesmas condicións. O resto da parcela hacio ó fondo desde o vial xa está clasificada de solo non urbanizable.

d) En relación co Solo Industrial:

- Varias suxerencias referidas a parcelas situadas dentro do SAU-5 e á beira exterior deste, preto do núcleo de Viuxa, solicitan a calificiación de uso residencial e inclusión en dito núcleo. Aténdese dita solicitude, incluíndose dentro do referido núcleo, coa calificación -NN- que legalmente lle corresponde en función da ausencia de determinados servicios urbanísticos, ás parcelas con vivendas construídas, así como as situadas nos intersticios daquelas: nº 1276, 1311, 1312, 1313, 1343, 1344, 1345, 1346, 1347, 1348, 1387, 1388 e 1454. Polo contrario, e por tratarse de una parcela illada, separada por vial, manténselle o uso industrial á parcela da suxerencia nº 1415.
- Nº 1479 e 1499.- A primeira das suxerencias aportada por varios propietarios que solicitan ó uso industrial para as mesmas, acéptandose a proposta ao estaren situadas entre as estradas N-542 e C.P. 105, Cortiñán-Vilacoba, así como estr pretas do SAUI-5 e do enlace da autovía.

e) En relación co núcleo de Infesta:

- Nº 1326.- Solicita modificar ó uso industrial atribuído a parcela en esta Revisión a residencial, nas condicións que tiña nas N.S. vixentes, ó que se estima.
- Nº 1300, 1324.- Parcelas clasificadas de solo non urbanizable, pero contiguas ao núcleo delimitado. Acéptanse na parte da parcela máis cercana ao núcleo.
- Nº 1271, 1325.- Trátase de parcelas afastadas do núcleo, carentes de consolidación edificatoria axeitada para a súa inclusión dentro do núcleo.
- Nº 1421 (a) -Estímase o contido da suxerencia manténdolle a parcela a calificación das N.S. vixentes.
- Nº 1458.- Solicita excluir unha parcela do solo urbano. Non é posible acceder a este requerimento, por canto a clasificación de solo urbano e reglada e deberá atribuírselle as parcelas que reúnan algún dos condicionantes sinalados no artigo 10 de L.S., como

sucede no presente caso, non obstante poderá grafiarse un vial de acceso ao resto da parcela sita ao interior.

- Nº 1421 (b), 1433, 1472, 1459, 1457, 3 suxerencias s/n de data 12/8/95.- Aluden estas suxerencias a o grafiado dun vial en Infesta, ao interior dunha mazán que nas N.S. vixentes se clasificaba de SAU residencial, e que no Avance se incluía en solo urbano dada a consolidación edificatoria existente ao frente dos viais. Non obstante, e para non minguar o aproveitamento resultante da apricazón dos parámetros do SAU na área, e artellar ésta debidamente, previase un vial, que agora, e de acordo co sinalado na suxerencia nº 1457 modificase na súa conexión polo borde Sur da citada mazá.

f) En relación co solo non urbanizable protexido:

f1) Do cemiterio:

- Nº 1470, 1473, 1474, 1475, 1508.- Solicitan a exclusión das parcelas da calificación de solo non urbanizable de protecición do cemiterio, baseándose nunha suposta calificación de edificable nas Normas vixentes, o que non é correcto, polo que se mantén a calificación de solo protexido.

- Nº 1362 e 1363.- Trátase de dúas parcelas do mesmo propietario, situadas contiguas ao núcleo urbano da Caraña, polo que se propón a delimitación dunha unidade de execución que posibilite un certo aproveitamento urbanístico coa correspondente cesión de terreo para servicios do cemiterio.

f2) De espacios naturais, servidumes costeiras, e protección forestal:

- Nº 1299 e 1491.- Non é factible acceder ao solicitado por estar ditas parcelas incluídas dentro da delimitación do Anexo 2 das NN.SS. da provincia da Coruña (Relación de Espacios Naturais), é non existir núcleo de poboación.

- Nº 1309 e 1400.- Nestes casos, además de estares incluídas na citada relación de Espacios Naturais, están afectadas pola servidume de protección do DPMT.

- Nº 1401 e 1411.- A variación da servidume de protección do DPMT require da modificación da liña de deslinde de dito DPMT, para o cal será necesario contar coa aoutorización da Demarcación de Costas, o que, e á vista da argumentación das suxerencias, e da comprobación sobor do terreo do que nelas se expresa, parece que deberían ser tomadas en conta polo citado Organismo.

Así mesmo acéptase modificar o ámbeto da protección de vistas, trasladándoo ao camiño situado ao Norte destas parcelas, dado que os terreos situados á outra marxen do mesmo xa están afectados pola referida servidume de protección do DPMT.

- Nº 1310.- A parcela xa está incluída en solo non urbanizable común, aínda que en parte está afectada pola servidume de protección do DPMT.

- Nº 1477.- Parcela situada contigua á delimitación do solo non urbanizable común. Acéptase o contido da suxerencia co troco da calificación da parcela a solo non urbanizable non protexido.

- Nº 1298, 1392, 1395, 1419, 1462, 1464, 1465, 1482.- Refírense as suxerencias a parcelas calificadas na Revisión das N.S. de solo non urbanizable de protección forestal, dacordo co sinalado no artigo 13 da LASGA e 17 de L.S. Mantense dita calificación, xa que non se xustifica a desprotección solicitada.

CONCLUSIONS DESTE INFORME:

Da sucinta exposición realizada respecto deste conxunto de suxerencias, polo seu carácter particular e pormenorizado, despréndese que non teñen incidencia na definición de criterios e solucións xerais, e que as suxerencias aportadas poden ser

asumidas nun alto porcentaxe, según se foi referindo para cada unha delas, e nos seus aspectos de detalle constitúen unha información útil para a Comisión de Seguimento e o equipo Redactor polo que éste conclúe na comenencia de confirma-los criterios e solucións xerais de planeamento propostos no Avance, coas rectificacións puntuais que se deducen das referencias temáticas que se foron apuntando neste informe.

Pero, do contido das suxerencias, aparte da conclusión anterior, dedúcese tamén que as Normas Subsidiarias vixentes son un documento asumido maioritariamente por entidades, colectivos, propietarios e axentes inmobiliarios, o que propiciou xa dende esta fase a presentación de suxerencias de detalle e acabado dos texidos urbanos nas zonas nas que éstos non están aínda debidamente artellados, xeralmente por non estar rematadas ou incluso iniciadas as actuacións urbanísticas previstas naquelas, polo que sería positivo levar a cabo convenios urbanísticos para levar a cabo actuacións unitarias non soio de acabado de urbanización, senón tamén de rescate de solo para dotacións públicas, sendo factible acadar compromisos concretos de execución mantendo os criterios xerais de ordenación.

Máis aló do seu alcance adminstrativo na elaboración, o trámite de exposición pública do Avance permitiu un nivel de participación que debe ser tido en conta para o enriquecemento das Normas. Polo equipo redactor Luis Couto González."

Igualmente, está informado o asunto pola Comisión de Programación en sentido favorable, por unanimidade dos grupos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

1ª tanda de intervencións:

- O Sr. Otero Martínez: Considera que unha das cuestións máis importantes dun concello é a elaboración das normas subsidiarias de planeamento urbanístico, nese aspecto Betanzos é dos máis avanzados, posto que están elaboradas desde o ano 1987: ata aquí nada que obxectar, por tanto é normal que se produza a revisión das mesmas dado o período de tempo transcorrido e a dinámnica social procedendo a hora da mesma.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: A súa postura foi favorable á revisións das normas subsidiarias o que se inicia agora; pero, por determinadas informacións, parece ser que se constata unha serie de intervencións urbanísticas que fan entende-la existencia de movementos anteriores á revisión da normas subsidiarias, polo tanto á espera das oportunas alegacións á revisión das normas subsidiarias, o seu Grupo modificará a postura sostida na comisión e polo tanto pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Carro Erias: que, no nome do seu grupo (Popular), solicitará unhas aclaracións ó mesmo tempo que formulará queixas, veñen por unha serie de cuestións: a postura do Grupo Popular, ata a data, foi favorable e non entorpecedora, pero encontráronse con tódalas trabas posibles, negáronselles copias da planimetría, copias de textos e, para colmo, a chamada comisión especial non sabe o que foi e se existiu pola súa función.

- Continúa o Sr. Carro Erias: na 1ª reunión, só houbo dous puntos e na seguinte, en setembro, esperaba analizar tódalas alegacións e só asistiu a un monólogo do Sr. Couto, por tanto non as viron como pensaban; o seu grupo (Popular) recibiu queixas de veciños, mentres non se contesten e non se varíen actitudes relacionadas coa documentación da revisión das normas subsidiarias o Grupo Popular absterase.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): quere facer constar que por escrito e verbalmente se comunicou ós Grupos que a planimetría e a documentación podían estudiarse cando o estimasen os mesmos; cré que por iso é un exemplo de claridade e non é partidario de que a documentación se leve ós locais dos grupos políticos, coincide co BNG en que Betanzos é un dos primeiros da Comunidade Autónoma en materia urbanística.
- Continúa o Sr. Lagares Pérez: ata o momento houbo consenso entre os grupos políticos ó cen por cen, solicitándoo de novo na totalidade; noutra orde agradaríalle coñece-las queixas dos veciños para darlles o debido tratamento; na reunión da comisión explicáronse as alegacións polo equipo redactor e o equipo de goberno, todos puideron falar.
- Segue o Sr. Lagares Pérez: na cuestión técnica, están orgullosos das comisións, posto que se lle deu participación ós grupos políticos, non podéndose utiliza-la documentación para enganar ós cidadáns; ó avance deuselle publicidade: E. Liceo na exposición pública, pola Alcaldía con circular ós cidadáns e a través da publicación "Concello Betanceiro", sendo o Grupo de Goberno partidario dunha información nítida e clara, se se fan denuncias débense concretar e non deixar no aire cousas non claras, nesa liña é evidente que votará a favor da aprobación inicial, apelando á responsabilidade dos grupos para facer unhas normas a gusto de todos.

Segunda tanda de intervencións:

- A Sra. Faraldo Botana: que, en relación á alusión de utiliza-la documentación para enganar ós cidadáns, o Grupo Popular coñece perfectamente as súas responsabilidades, non interesándolle-lo que se pode pensar ou non: o único que solicitan é que se lles subministre a información de acordo coa legalidade.
- O Sr. Lagares Pérez: para matiza-la súa intervención, tódolos grupos coñecen que puideron utilizar toda a documentación, así se lles comunicóu unhas veces por escrito e outras verbalmente, para iso tiveron á súa disposición unha sala de traballo no Edificio Liceo para examina-la planimetría e a documentación da revisión das normas subsidiarias.
- O Sr. Otero Martínez: ante a afirmación do voceiro socialista, é certo que tiveron á disposición do seu grupo (BNG) a sala para exmina-la planimetría e a documentación, pero iso non é óbice de que a pesar de estar de acordo coa revisión das normas subsidiariais de planeamento se dean circunstancias e acontecementos especiais que só son dúbidas e do que prefire non falar polo momento, que conducen a esta postura de abstención.
- O Sr. Alcalde-Presidente: permitirase unha 3ª tanda de intervencións ó Grupo Popular, a pesar de estaren previsto só dúas tandas.

Terceira tanda de intervencións:

- O Sr. Carro Erias: é certo que tiveron a sala á súa disposición para examina-la documentación pero non é menos certo que solicitaron copias da mesma e non se lles subministrou, por tanto non se poden facer xuizos de valor.
- O Sr. Alcalde-Presidente: están claras as posturas sobre o tema, a importancia do asunto é patente, non obstante é sintomática a coincidencia da postura dos grupos políticos. Quere aclarar, con respecto á documentación, que o acceso á mesma está regulado pola Lei; dase e darase ós Sres. Concelleiros a documentación que a devandita Lei prevé pero non haberá unha lexión de funcionarios a disposición dos grupos políticos descuidando para iso a atención que ten que prestarse a tódolos cidadáns. Cómprese amplamente e en tódolos campos, se algo en concreto se solicita

darase de acordo coa legalidade e o procedemento correspondente; noutra orde parécelle que ademais é importante considera-la revisión das normas e necesario utiliza-la documentación polos canles legais e debidos.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprob ación inicial á revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do concello de Betanzos.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor, facendo constar que de conformidade co artigo 102 do Real decreto lexislativo 1/92 do 26 de xuño o acordo de aprobación inicial da revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos, leva implícita a suspensión de licencias; non obstante, mantense a concesión de licencias, sempre e cando os proxectos cumpran as novas determinacións propostas no documento de planeamento aprobado inicialmente.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

500.- <u>INFORMAR DEFINITIVAMENTE EXPEDIENTE DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUN INMOBLE CON DESTINO A CAFETERIA EN GUILIADE.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para informar definitivamente expediente de declaración de utilidade pública e interese social da construcción dun inmoble con destino a cafetería no lugar do Pazo (Guiliade).

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos grupos.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Informar favorablemente e declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble con destino a cafetería no lugar do Pazo (Guiliade).= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

600.- <u>INFORMAR DEFINITIVAMENTE EXPEDIENTE DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA INSTALACION DUN MASTRO AUTOSOPORTADO NO LUGAR DO OUTEIRO (TIOBRE).</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para informar definitivamente expediente de declaración de utilidade pública e interese social da instalación dun mastro autosoportado no lugar do Outeiro (Tiobre).

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: así como o seu grupo (Popular) mantivo unha postura favorable no punto anterior, neste pronunciaranse pola abstención, posto que a negociación coa empresa Telefónica de España SA puido terse levado por outros canles.

- O Sr. Otero Martínez: no caso presente a coincidencia ideolóxica co Grupo Popular non é tal, o que pasa é que o tamaño da parcela é menor do esixido, por iso a pesar da súa importancia para a telefonía móbil teñen dúbidas, por iso absteranse.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Informar favorablemente e declarar de utilidade pública e interese social a instalación dun mastro autosoportado no lugar do Outeiro (Tiobre).= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

700.- INFORMAR DEFINITIVAMENTE EXPEDIENTE DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUN INMOBLE CON DESTINO A ESTACION DE SERVICIO EN MONTELLOS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para informar definitivamente expediente de declaración de utilidade pública e interese social da construcción dun inmoble con destino a estación de servicio en Montellos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: o Grupo Popular, neste punto, pronunciarase pola abstención, así como no punto seguinte votarán afirmativamente, neste non, dado que a instalación está a unha distancia inferior a 2.000,- mts. das vivendas; teñen constancia dos informes técnicos pero manteñen discrepancia coa instalación e absteranse pola existencia de posibles incongruencias.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): realizará dúas matizacións, 1ª) o Grupo de Goberno vota de acordo cos informes técnicos, 2ª) estase a confundir unha actividade fabril cunha actividade para expedición de combustible, remitíndose ó disposto no artigo 4º) do RAM.

- A Sra. Fernández Ramos: solicita que o Sr. Secretario dea lectura ó artigo mencionado do RAM.

- O Sr. Alcalde-Presidente: indica á Sra. Fernández Ramos que as peticións deben dirixirse á Alcaldía e esta disporá o que proceda; nesa orde o Sr. Alcalde solicita ó Sr. Secretario se é posible acceder á petición da Sra. Fernández Ramos; ó non dispoñerse do texto regulamentario a Alcaldía dispón que se lle remita unha fotocopia do artigo mencionado.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que os acordos se adoptan con legalidade absoluta, se non non veñen ó Pleno, por tanto, dado que existe a conformidade dos servicios técnicos, someterase o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Poppular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Informar favorablemente e declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble con destino a estación de servicio en Montellos.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

800.- EXPEDIENTE DE DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUN INMOBLE CON DESTINO A ESTACION DE SERVICIO NA CN-651, P.K. 2.260, BETANZOS-FERROL.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para informar definitivamente expediente de declaración de utilidade pública e interese social da construcción dun inmoble con destino a estacion de servicio na CN-651, P.K. 2.260, Betanzos-Ferrol.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: como manifestaron, neste punto votarán afirmativamente por reuni-las condicións necesarias para este tipo de instalacións.

- O Sr. Carro Erias: que no expediente existen dous informes técnicos, agradaríalle coñece-la causa.

- O Sr. Alcalde-Presidente: a existencia de dous informes é un aspecto funcional do expediente, e informará diso o Sr. Secretario Xeral.

- O Sr. Secretario Xeral: que, efectivamente, no expediente constan dous informes emitidos polos servicios técnicos locais, ámbolos dous poñen de manifesto o cumprimento do disposto na LASGA; o último informe (emitido o 13-09-95) fai referencia, ademais, á protección dunha fonte.

Sometido o asunto a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, quince (15, os emitidos polo Grupo Socialista nove -9- e o Grupo Popular seis -6-); votos en contra, non se formulan; abstencións, unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble con destino a estación de servicio na CN-651, P.K. 2.260, Betanzos-Ferrol.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

As 21:10 horas incorpórase á sesión o Sr. Pita Varela.

900.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A CONSTRUCCION DE PISTAS POLIDEPORTIVAS CUBERTAS NO COLEXIO PUBLICO "FRANCISCO VALES VILLAMARIN".

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa á construcción de pistas polideportivas cubertas no Colexio Público "Francisco Vales Villamarín".

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo BNG.

Propón a Alcaldía-Presidencia se adopten os seguintes acordos: "1) Reiteramo-lo acordo adoptado polo Pleno do 27 de decembro de 1994 relativo á petición formulada pola Alcaldía con data 2 de novembro do 94 e que di así: "Primeiro.- Reitera-la petición formulada pola Alcaldía-Presidencia o 2-11-94 á Consellería de

Educación e á Presidencia da Xunta de Galicia, para a construcción dun polideportivo cuberto no Colexio Público "Vales Villamarín" e que di así: -2 de novembro de 1994. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. Santiago. Estimado Sr.: En referencia á súa contestación, da que lle acompaño fotocopia, de data 13 de xullo de 1994, na que me comunicaba a priorización das instalacións deportivas do Colexio Público "Vales Villamarín" e tendo coñecemento, tanto este Concello como membros da comunidade escolar do referido centro de actuacións anteriores noutros colexios da provincia, pídolle que aplique a prioridade que me decía para tratar de facerse de inmediato as melloras no "Vales Villamarín" ás que se refería, por tratarse dunha necesidade perentoria nun centro que ten, posiblemente, maior número de alumnos de toda a Comunidade Autónoma.- Aproveito a ocasión para enviarlle un afectuoso saúdo. Cordialmente. O Alcalde-Presidente. Asdo./ Manuel Lagares Pérez. Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados do acordo adoptado.= 2) Enviar estes acordos ó Sr. Presidente da Xunta e ó Conselleiro de Educación, para que traten de realizar con carácter de urxencia as obras consideradas prioritarias a mediados de 1994 e que ainda non están materializadas."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

Primeira tanda de intervencións:

- O Sr. Otero Martínez: que na comisión informativa mantivo unha postura de duda igual á sostida no anterior Pleno de decembro de 1994, acerca de reiterar outra vez a petición e neste momento segue mantendo igual tipo de agnosticismo.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: a pesar de examina-los últimos Diarios Oficiais de Galicia, non atopou que se realizara en ningún colexio público, por completo, un polideportivo cuberto, pero non obstante, a pesar do seu escepticismo manifestado, vai votar a favor desta nova petición.

- A Sra. Faraldo Botana: o Grupo Popular votará a favor da moción, pero non vai axudar ó Grupo de Goberno a marear máis este tema; ó seu Grupo cónstalle que ó Grupo de Goberno lle agrada marealo pero solicitan que os trámites se fagan ben porque se non o polideportivo seguirá sen construirse.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): considera que o asunto é o bastante serio como para darlle a importancia que ten; todos teñen constancia dun escrito onde un Conselleiro se compromete a realizalo, supoñemos que será ó Presidente da Xunta de Galicia onde haxa que dirixirse; todos queremos unha solución onde corresponda dado que é misión de todos que se constrúa.

Segunda tanda de intervencións:

- O Sr. Otero Martínez: matiza que naquel momento existían conciertos a tres bandas: Xunta, Deputación e Concellos, coa sinatura do Sr. Presidente da Xunta e os Presidentes das catro Deputacións e que xa manifestou no seu día que non se iba construir a pesar de que todos prometeran a súa construcción remitíndose a pasadas campañas electorais, no seu día non se seguiu o canle adecuado nos trámites a realizar para a súa construcción e os culpables non só foron do Concello de Betanzos, é de todos; a pesar diso votará a favor.

- O Sr. Pita Varela: quere puntualizar que os convenios establecidos fórono para unha relación e colaboración máis ampla en cuestión; o que se di é certo, a

Consellería de Educación non fai polideportivos, fanse a través de convenios entre Deputación e Xunta, no último convenio non figura ningunha ubicada dentro dun centro público, lamenta que non se houbese establecido con prioridade este asunto, outra cousa é que se faga escepticismo.

- O Sr. Lagares Pérez: coincide prácticamente ó cen por cen.

- O Sr. Alcalde-Presidente: feitas as observacións polos grupos quere aclarar que por encima de precisións é evidente o retraso na construcción do polideportivo existindo algo parecido a un engano con Betanzos, non vai entrar de quen posto que o Concello recibe unha confirmación de que a construcción do polideportivo en Betanzos é prioritaria en Galicia e non se levou adiante; o único que desexa é que se cumpran os compromisos e así se solicita na moción e desde logo que se teña en conta e se faga, nesta liña someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "1) Reiteramo-lo acordo adoptado polo Pleno do 27 de decembro de 1994 relativo á petición formulada pola Alcaldía con data 2 de novembro do 94 e que di así: "Primeiro.- Reitera-la petición formulada pola Alcaldía-Presidencia o 2-11-94 á Consellería de Educación e á Presidencia da Xunta de Galicia, para a construcción dun polieportivo cuberto no Colexio Público "Vales Villamarín" e que di así: -2 de novembro de 1994. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. Santiago. Estimado Sr.: En referencia á súa contestación, da que lle acompaño fotocopia, de data 13 de xullo de 1994, na que me comunicaba a priorización das instalacións deportivas do Colexio Público "Vales Villamarín" e tendo coñecemento, tanto este Concello como membros da comunidade escolar do referido centro de actuacións anteriores noutros colexios da provincia, pídolle que aplique a prioridade que me dicía para tratar de facerse de inmediato as melloras no "Vales Villamarín" ás que se refería, por tratarse dunha necesidade perentoria nun centro que ten, posiblemente, o maior número de alumnos de toda a Comunidade Autónoma.- Aproveito a ocasión para enviarlle un afectuoso saúdo. Cordialmente. O Alcalde-Presidente. Asdo./ Manuel Lagares Pérez. Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados do acordo adoptado.= 2) Enviar estes acordos ó Sr. Presidente da Xunta e ó Conselleiro e Educación, para que traten de realizar con carácter de urxencia as obras consideradas prioritarias a mediados de 1994 e que ainda non están materializadas."

1000.- <u>PRESTAR APROBACION A PROXECTOS DE OBRAS A INCLUIR NO PLAN PLURIANUAL DE INVESTIMENTOS LOCAIS 1996/99 E NO PLAN DE COOPERACION DA DEPUTACION PROVINCIAL 1996.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ós proxectos de obras a incluir no plan plurianual de investimentos locais 1996/99 e no plan de coopèración da Deputación Provincial 1996.

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptanse os seguintes acordos:

A) PLAN PLURIANUAL DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS DE 1996/99.

"1º) Aproba-lo plan plurianual de investimentos municipais de 1996/99 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar durante os vindeiros catro anos dentro do programa de cooperación económica local, coas seguintes cifras globais:

ANUALIDADE	ESTADO+DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL
1996	11.474.162	4.525.765	15.999.927
1997	88.925.000	18.075.000	107.000.000
1998	58.250.441	12.049.559	70.300.000
1999	68.011.360	13.988.640	82.000.000
TOTAL	226.660.963	48.638.964	275.299.927

2º).- A anualidade de 1996 está integrada polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica:

Nº orde e denom. obra /	Importe / Estado+Deput. / Concello F.P-B.C.L.
1.- Saneam. núcl. Graña /	3.923.045 / 2.813.366 / 1.109.679
2.- Saneam. núcl. Angus /	3.087.613 / 2.214.246 / 873.367
3.- Saneam. de Castro /	4.998.911 / 3.584.911 / 1.414.000
4.- Acond. pav. r/z.urb./	3.990.358 / 2.861.639 / 1.128.719
TOTAIS	15.999.927 /11.474.162 / 4.525.765

As anualidades correspondentes a 1997, 1998, 1999 teñen carácter deslizante polo que poderán ser modificadas nos sucesivos plans plurianuais.

3º) Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade de 1996 e que se relacionan no punto anterior.

4º) Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes necesarias para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º) Comprometerse o Concelo a incluir no presuposto municipal de 1996 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 1996.

6º) Solicitar á Deputación a delegación da contratación e execución das obras, que se entenderá aceptada no caso de que esta efectivamente se produza.

7º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

B) PLAN DE COOPERACION DEPUTACION 1996.

"1º) Solicita-la inclusión das obras que a continuación se indican e co presuposto que se especifica, no plan de cooperación da Deputación 1996:

Nº orde e denom. obra /	Deputación / Concello / Total
1.- Acond.pav.cam.acc.ncl. rurais pquia.S.M.Tiobre/	3.693.976 / 1.033.643 / 4.727.619
2.- Acond.pav.cam.acc.ncl. rurais Piadela-Requian /	3.899.276 / 1.091.091 / 4.990.367
3.- Acond.pav.cam.acc.ncl. rur.Bravio-Tiobre-outr./	3.880.910 / 1.085.951 / 4.966.861
TOTAIS	11.474.162 / 3.210.685 /14.684.845

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.
3º) Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes necesarias para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
4º) Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municial 1996 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras solicitadas.
5º) Solicitar á Deputación a delegación da contratación e execución das obras, que se entenderá aceptada en caso de que esta efectivamente se produza.
6º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Antes de inicia-lo seguinte punto da orde do día (1100.- Rogos e preguntas) fai uso da palabra o voceiro do Grupo de Goberno, o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), manifesta: que con motivo dun escrito formulado pola Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Coruña e en base ó exposto no mesmo, formula a proposta da súa inclusión na orde do día, previa declaración de urxencia polo Pleno da Corporación.

Polo Sr. Secretario Xeral dase lectura ó escrito referido: "CONSELLERIA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACION PUBLICA.= Delegación Provincial.= Praza de Pontevedra, 22-2º. A CORUÑA.= Constituídas as novas Corporacións Municipais como consecuencia do proceso electoral do pasado 28 de maio, e para dar cumprimento ó disposto nos Decretos 218/87 do 23 de xullo e 429/87 do 26 de novembro, reguladores da estructura dos Patronatos para a Mellora do Medio Rural e Orde do 2 de setembro (D.O.G. 174 do 10-09-87), e sendo precisa a renovación dos cargos, rogo comunique a este Patronato o representante designado, ós efectos da celebración da votación para a que será debidamente convocado.= A Corouña, 26 de xullo de 1995.= O DELEGADO PROVINCIAL-PRESIDENTE,= Asdo.: José Antonio Sangil Noya.= SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BETANZOS."

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes: en consecuencia, adóptase o acordo de declarar de urxencia a inclusión na orde do día do escrito enviado pola Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

1100.- <u>NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PATRONATO PARA A MELLORA DO MEDIO RURAL DA DELEGACION PROVINCIAL DA CONSELLERIA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACION PUBLICA DA XUNTA DE GALICIA</u>.

O Pleno declárase enterado do escrito enviado pola Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Coruña, polo que se solicita o nomeamento de representante do Concello no Patronato para a mellora do medio rural da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o Grupo de Goberno propón como representante a D. José Ramón García Vázquez, Delegado de Acción Rural.

- O Sr. Pita Varela: o Grupo Popular non presentará candidato por corresponderlle a representación a un membro do equipo de goberno e ser, ó memo tempo, unha representación institucional.

- O Sr. Otero Martínez: o Grupo BNG non presentará candidato por cuestións obvias.

Sometida a votación a proposta do Grupo de Goberno, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, oito (8, corresponden sete -7- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Designar representante do Excmo. Concello de Betanzos no Patronato para a mellora do medio rural da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia ó Sr. Delegado de Acción Rural, D. José Ramón Garcia Vázquez.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

Antes de comeza-lo punto seguinte da orde do día, o Sr. Alcalde-Presidente informa ós Sres. membros da Corporación que a finais do mes de novembro se realizará unha viaxe á Arxentina, con motivo do 90 aniversario e inauguración oficial da nova sede do Centro Betanzos, por se estiman pertinente participar no mesmo.

1200.- ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente realízanse as seguintes:

- O Sr. Martínez Guerra: que, en relación coa nota de prensa do 15-09-95, sobre concesión de premios "lanchas engalanadas dos Caneiros", solicita aclaración posto que se acordou colaboración entre os grupos políticos e el non sabe nada do tema.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que se reúna a comisión e se aclare debidamente a cuestión.

- A Sra. Faraldo Botana:

1º) Solicita que a Alcaldía informe sobre "Brigomostra".

2º) Así mesmo se informe ó seu grupo (Popular) sobre o estado do expediente de rehabilitación do "grupo de vivendas Martín Ballesteros"

3º) Igualmente solicita coñecer cales son as cotas de aluguer da lancha municipal ós Caneiros e persoas que poden utilizala.

4º) Que se informe se existe o artigo 520 do R.O.F. en relación coa observación que realizaron a unha acta do Pleno.

- O Sr. Alcalde-Presidente: serán contestadas polos departamentos correspondentes.

- O Sr. Pita Varela: quere solicitar no nome de múltiples cidadáns que se poñan en funcionamento os semáforos de Betanzos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: é un rogo á Delegación de Servicios, cré interesante a adaptación e roga un pouco de pacencia.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e trinta e sete minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIENTE,

Asdo./ Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo./ José Cortés Carro.

ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTECATRO DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José R. García Vázquez.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Andrés Beade Dopico.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Angel Pastor Casal Otero.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Non asisten, con desculpa:

D. Jaime Alberto Pita Varela, concelleiro do PP.
D. Manuel J. Basteiro Fernández, concelleiro do PP.
D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintecatro de outubro de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatora o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión plenaria extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes préstase aprobación á acta da sesión plenaria celebrada o vinteseis de setembro de mil novecentos noventa e cinco.

As 20:33 horas incorpórase á sesión a Sra. Faraldo Botana.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Deputación Provincial da Coruña, comunica resolución relativa ó uso da opción que foi concedida a este Concello no acordo aprobatorio do plan de instalacións deportivas municipais e tempo libre de 1995, adoptado polo Pleno da Corporación Provincial o 5-05-1995, e que, respecto da financiación, no que compete ó Concello de Betanzos queda como segue: Proxecto: modificación do vaso da piscina municipal; código obra: 95.7360.0004. Aportación provincial: 6.000.000,- ptas. Aportación municipal: 1.698.940,-. Presuposto total: 7.698.940,- ptas.

202.- Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, Delegación Provincial da Coruña, comunica a aprobación do calendario laboral para o ano 1996 na comunidade autónoma de Galicia, solicitando que o Concello envíe proposta coas festas de ámbito local para 1996 antes do día dez de novembro de 1996; caso de non facelo, entenderase que o Concello de Betanzos opta polas festas fixadas para o ano 1995: martes de carnaval e 16 de agosto.

203.- Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, manifesta o seguinte: "O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA.= Sr. D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde do Concello de Betanzos.= Querido Alcalde: simplemente unhas liñas para agradecerche a hospitalidade e as atencións que tivestes comigo o pasado día 13 de outubro na miña visita institucional a ese Concello, na que tiven a oportunidade de departir cos membros desa Corporación e coñecer de cerca as vosas principais inquedanzas. Un cordial saúdo, Augusto César Lendoiro."

300.- <u>APROBACION DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE UNIDADE DE ACTUACION DO CASCO HISTORICO (RUA VALDONCEL-RUA NOVA).</u>

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación definitiva ó estudio de detelle da unidade de actuación do casco histórico de Betanzos (rúa Valdoncel-Rúa Nova).

As 20:36 horas, incorpórase á sesión o Sr. Martínez Guerra.

Está informado favorablemente polos servicios técnicos locais, a sección de patrimonio histórico da Delegación da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, e a Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: o seu Grupo (Popular) pronunciarase pola abstención, dado que despois da reunión da Comisión, enteráronse da existencia dunha reclamación de veciños que poden ter algo de razón.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, cinco (5, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Vistos os informes emitidos pola asesoría xurídica, desestima-la alegación efectuada por María Lourdes Crespo Faraldo e Luis González López ó estudio de detalle da unidade de actuación do casco histórico de Betanzos (rúa Valdoncel-Rúa Nova).= Segundo.- Prestar aprobación definitiva ó estudio de detalle da unidade de actuación do casco histórico de Betanzos (rúa Valdoncel-Rúa Nova).= Terceiro.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Cuarto.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

400.- DESIGNACION DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA AREA DA CORUÑA.

Dase conta ó Pleno da comunicación que envía a Mancomunidade de Municipios da area da Coruña, di así: "Con data 29 de setembro de 1995, pola Presidencia dictouse Providencia que na súa parte dispositiva di o seguinte: "Primeiro.- Dirixir comunicación a tódolos Sres. Alcaldes-Presidentes dos Concellos que compoñen a Mancomunidade de Municipios da area da Coruña (Arteixo, Cambre, Carral, Coruña, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Betanzos e Sada) interesando que comuniquen á Secretaría da Mancomunidade de Municipios (sita nesta cidade na Pza. de María Pita, 1) a designación de 2 representantes para a Asemblea Intermunicipal e 1 representante na Comisión Xestora. Segundo.- Unha vez designados tódolos membros que han de compoñe-los devanditos órganos rectores da Mancomunidade, convocarase sesión constitutiva dos mesmos a celebrar no Pazo Municipal do Excmo. Concello da Coruña."

Está informada pola Comisión de Programación no sentido de que os Grupos formularan proposta "in voce" na sesión plenaria; o Grupo BNG non a formula por considerar que a representación lle corresponde ó Grupo de Goberno.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: que lle chama a atención que este asunto veña ó Pleno, porque fai aproximadamente un ano que Betanzos intentou formar unha mancomunidade propia e recoñece non saber nada do tema no que se refire a xestións, estado de tramitación, etc., ó día da data; Betanzos debe te-la súa mancomunidade e non cré deba incluirse na área metropolitana da Coruña, por iso pronunciaranse pola abstención.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): comparte que Betanzos sexa cabeceira de comarca, é un desexo favorable forma-la mancomunidade de "As Mariñas"; estamos na mancomunidade da Coruña desde 1987 e temos representación por distintos servicios que se prestan mancomunados.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que propoñerá para a asemblea intermunicipal ó Delegado de Urbanismo, D. Antonio Lagares Pérez, e ó Delegado de Acción Rural, D. José Ramón García Vázquez, e para a comisión xestora ó Delegado de Urbanismo, D. Antonio Lagares Pérez.

- A Sra. Faraldo Botana: interesaríalle coñecer por que non se seguiu traballando na mancomunidade de Betanzos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que lle parece ben o tema e o suficientemente interesante para ser tratado nunha sesión plenaria.

Sometida a votación a proposta formulada polo Grupo de Goberno, no sentido de designar representantes na mancomunidade de municipios da área da Coruña, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, cinco (5, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Designar representantes deste Concello na mancomunidade de municipios da área da Coruña, como segue: na asemblea intermunicipal ó Delegado de Urbanismo (D. Antonio Lagares Pérez) e ó Delegado de Acción Rural (D. José Ramón García Vázquez), e para a

comisión xestora ó Delegado de Urbanismo (D. Antonio Lagares Pérez).= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

500.- MOCION DA ALCALDIA RELACIONADA CON SOLICITAR A DEPUTACION PROVINCIAL A EXECUCION DE DIVERSAS OBRAS NESTE CONCELLO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relacionada con solicitar á Deputación Provincial a execución de diversas obras neste Concello.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a realización das seguintes obras no noso termo municipal: -Saneamento separativo de pluviais e residuais en zona escolar e núcleo da Magdalena. -Ampliación da calzada e dotación de beirarrúas na estrada provincial Betanzos-Campolongo".

Está informada pola Comisión de Programación en sentido favorable por unanimidade dos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a realización das seguintes obras no noso termo municipal: -Saneamento separativo de pluviais e residuais en zona escolar e núcleo da Magdalena. -Ampliación da calzada e dotación de beirarrúas na estrada provincial Betanzos-Campolongo.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

600.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA AS PROPIEDADES QUE A FAMILIA GARCIA IRMANS TEN NO CEMITERIO MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa ás propiedades que a familia García Irmáns ten no cemiterio municipal.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "1) Dado que a familia García Irmáns posúe no cemiterio municipal un panteón onde repousan tan lembrados fillos de Betanzos, propónse eximir de taxas con carácter vitalicio ó mesmo, ó tempo que se procurará realiza-lo seu mantemento para que se encontre nas debidas condicións.= 2) Facultar ó Alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar á práctica o acordo adoptado."

Está informada pola Comisión de Programación en sentido favorable por unanimidade dos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1) Dado que a familia García Irmáns posúe no cemiterio municipal un panteón onde repousan tan lembrados fillos de Betanzos, proponse eximir de taxas con carácter vitalicio ó mesmo, ó tempo que se procurará realiza-lo seu mantemento para que se encontre nas debidas condicións.= 2) Facultar ó Alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar á práctica o acordo adoptado."

700.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA A INCLUSION NOS PRESUPOSTOS AUTONOMICOS DE 1996 DE PARTIDAS ECONOMICAS PARA A EXECUCION DE DIVERSAS OBRAS NESTE CONCELLO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa a solicitar da Xunta de Galicia a inclusión nos presupostos autonómicos de 1996 de partidas económicas para a execución de diversas obras neste Concello.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "Solicitar á Xunta de Galicia que dentro dos presupostos correspondentes ó ano 96, se inclúan as partidas necesarias para acometer dentro do termo municipal de Betanzos, as seguintes obras: -Pavimentación da prolongación da estrada comarcal 542, tramo: Valdoncel-Cruzamento das Cascas. -Dotación de beirarrúas na estrada C-540 de Betanzos-A Golada, tramo: as Cascas-Roibeira. -Ampliación da calzada e dotación de beirarrúas na estrada comarcal Betanzos-Sada, tramo: Betanzos-Bergondo. -Acondicionamento e pavimentación do porto de Betanzos. -Ampliación da ponte do Louriño, na estrada comarcal C-540, Betanzos-A Golada. -Ampliación da ponte sobre o ferrocarril en Infesta, na estrada comarcal C-542, de Betanzos-Mesón do Vento."

Está informada pola Comisión de Programación en sentido favorable por unanimidade dos grupos políticos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: que o seu Grupo votará a favor da moción dado que lles parece ben para Betanzos; non obstante, chámalles a atención que noutro Pleno se completaban estas peticións con outras ó Goberno Central que ten os seus presupostos xerais; o seu Grupo faría unha serie de peticións ó Goberno Central.

- Continúa a Sra. Faraldo Botana: rogaría que as peticións á Xunta se fixesen con máis tempo dado o avanzado da elaboración dos presupostos autonómicos, as Consellerías fan presupostos programados, por outra banda existe unha certa demagoxia e manipulación nas peticións que se fan á Xunta de Galicia rogando, así mesmo, que as peticións se fagan ante as institucións debidas nos prazos adecuados.

- Segue a Sra. Faraldo Botana: que o Partido Popular de Betanzos, a maiores das peticións realizadas polo Partido Socialista, propón incorpora-las seguintes peticións ó Goberno Central ou administración que corresponda:

-Ilumina-lo desvío de acceso da Angustia a Betanzos.
-Beirarrúas de Betanzos o Vello.
-Saneamento do río e recuperación.
-Paso elevado na zona escolar.
-Promoción do ferrocarril.
-Beirarrúas de Atocha.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que o que se quere é cambia-la moción da Alcaldía e é cuestión fora de lugar, podendose presentar noutro pleno a proposta e nese momento aprobarase.

- O Sr. Lagares Pérez: agradece o voto favorable dos grupos, en canto a realiza-las peticións a tódalas institucións o Grupo Popular adiántase ó punto seguinte da orde do día, noutra orde considérase que este é o momento máis adecuado ó encontrarse en debate os presupostos autonómicos.

- A Sra. Faraldo Botana: non era a súa intención modifica-la moción da Alcaldía senon ampliala, por outra parte coñecen o punto seguinte e as peticións canto antes cheguen mellor.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que non se vai altera-la orde do día; trátase de insistir no tema e tratar de consegui-lo mellor para Betanzos, pensando que calquera grupo pode presentar propostas nese sentido.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia que dentro dos presupostos correspondentes ó ano 96 se inclúan as partidas necesarias para acometer dentro do termo municipal de Betanzos, as seguintes obras: -Pavimentación da prolongación da estrada comarcal 542, tramo: Valdoncel-Cruzamento das Cascas. -Dotación de beirarrúas na estrada C-540 de Betanzos-A Golada, tramo: as Cascas-Roibeira. -Ampliación da calzada e dotación de beirarrúias na estrada comarcal Betanzos-Sada, tramo: Betanzos-Bergondo. -Acondicionamento e pavimentación do porto de Betanzos. -Ampliación da ponte do Louriño, na estrada comarcal C-540, Betanzos-A Golada. -Ampliación da ponte sobre o ferrocarril en Infesta, na estrada comarcal C-542, de Betanzos-Mesón do Vento.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

800.- PRESTAR APROBACION DEFINITIVA O "PASEO MARITIMO-FLUVIAL DA GALERA".

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación definitiva ó paseo marítimo-fluvial da Galera.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo BNG.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ó paseo marítimo-fluvial da Galera.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda cloase de trámites derivados dos acordos adoptados."

900.- PRESTAR APROBACION A CONVENIO ECONOMICO A CONCERTAR COA DIRECCION XERAL DE COSTAS PARA A CREACION DO PASEO MARITIMO FLUVIAL DA GALERA.

Dase conta ó Pleno do convenio económico a concertar coa Dirección Xeral de Costas para a creación do paseo marítimo fluvial da Galera; di así o devandito documento: "ACORDO SOBRE A APORTACION ECONOMICA DAS PARTES PARA A EXECUCION DAS OBRAS PARA A CREACION DO PASEO MARITIMO FLUVIAL DA GALERA. D. FERNANDO OSORIO PARAMO, Director Xeral de Costas, do Ministerio de Obras Públicas e Transportes. D. MANUEL LAGARES PEREZ, Alcalde-Presidente do Concello de Betanzos. En virtude do establecido nos artigos 82 e 83 da Lei 22/88, do 28 de xullo, de costas, acordan: que as obras do paseo marítimo fluvial da Galera, cun presupostosto de execución por contrata que ascende a ..... pesetas, serán financiadas xuntamente entre o Ministerio de Obras Públicas e Transportes e o Concello de Betanzos. Que a aportación do Concello de Betanzos será de 59.385.000,- pesetas, distribuidas nas seguintes anualidades: 1995 (1.770.000,- e 55.615.000,-), 1996 (2.000.000,- ptas.).= O resto do presuposto de adxudicación que resulte será aportado polo MOPT coa distribución de anualidades que figure no contrato.= Que as condicións que deben rexe-la financiación mixta das obras serán as seguintes: 3.1 O importe do contrato cofinanciado correspondente ó Concello será fixo e invariable, non podendo ser minorado pola posible baixa que efectúe o adxudicatario.= 3.2 Os incrementos que, no seu caso, se deban aboar por revisións de precios e liquidacións (provisionais ou definitivas) satisfaranse pola Dirección Xeral de Costas.= 3.3 O Concello deberá aboar de forma prioritaria as certificacións de obras aprobadas ata o importe total que lle corresponda na cofinanciación do presente contrato. En consecuencia, a Dirección

Xeral de Costas non está obrigada ó pagamento de certificación ata que se certifique polo importe total que corresponda ó Concello.= 3.4 A Dirección Xeral de Costas non é responsable do impagamento das certificacións de obras que corresponda aboar ó Concello de Betanzos estableceéndose expresamente o carácter independente das obrigacións económicas contraídas no presente convenio.= 3.5 Os intereses de demora, no seu caso, serán aboados pola parte que dera lugar á súa reclamación.= 3.6 O incremento, no seu caso, do tipo impositivo do IVE será a cargo, de forma proporcional ó importe cofinanciado, de cada unha das partes intervenintes.= 3.7 Con anterioridade á iniciación do expediente de contratación, o Concello de Betanzos, de acordo coas súas normas específicas, deberá constituir aval polo importe da parte que lle corresponda na cofinanciación, outorgado por un banco oficial ou privado inscrito no Rexistro Xeral de Bancos e Banqueiros, ou por mutualidades profesionais constituídas ó efecto e por entidades de seguros sometidas á Lei do 2 de agosto de 1984.= 3.8 As modificacións do contrato deberán ser autorizadas previamente pola Dirección Xeral.= 3.9 O Concello de Betanzos autoriza á Dirección Xeral de Costas para incluir todas ou algunhas das presentes estipulacións, no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares e no contrato que se formalice co adxudicatario das obras.= O Concello comprométese á conservación das obras unha vez sexan recibidas pola administración contratante, ou no seu caso, unha vez sexan postas ó uso e disfrute público, o cal se comunicará pola administración contratante.= En proba de conformidade, asinan as persoas arriba indicadas, con data.....de.....de 199..= POR PARTE DO CONCELLO DE BETANZOS O ALCALDE, Manuel Lagares Pérez. POR PARTE DA DIRECCION XERAL DE COSTAS DO MOPT O DIRECTOR XERAL, Fernando Osorio Páramo."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención dos grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- A Sra. Faraldo Botana: o seu Grupo pronunciarase pola abstención dado que consideran pouco clarificado o documento a establecer coa Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que iso se comunique á Dirección Xeral de Costas para que articulen mellor os convenios.

Sometido o asunto avotación, obten o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista): votos en contra, non se formulan: abstencións, cinco (5, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó convenio económico a concertar coa Dirección Xeral de Costas para a creación do paseo marítimo fluvial da Galera.= Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios derivados do acordo adoptado."

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente para agradecer ós Sres. Concelleiros a súa asistencia á sesión plenaria, citando ós Sres. Voceiros dos grupos políticos para unha reunión que se celebrará o vindeiro día 31 de outubro ás 20 horas na Alcaldía, ó obxecto de tratar sobre as ordenanzas fiscais deste Concello.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e corenta e seis minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo./ Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo./ José Cortés Carro.

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTE DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José R. García Vázquez.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de novembro de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Ses. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión plenaria ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes préstase aprobación á acta da sesión plenaria celebrada en data vintecatro de outubro de mil novecentos noventa e cinco.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes:

201.- Resolución da Alcaldía-Presidencia, número 0554/95, pola que se nomea Delegado de Estatística ó Concelleiro D. Antonio Vázquez Lorenzo, di así: "RESOLUCION NUMERO 554/95.= Resultando: Que a constitución da nova Corporación Municipal e elección de Alcalde deste Concello se efectuou na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio.= CONSIDERANDO: Que ó abeiro do preceptuado no artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia da Alcaldía o efectua-lo nomeamento de delegados da mesma.= Vistos os demais preceptos legais e regulamentarios de aplicación, veño en dicta-la seguinte.= RESOLUCION:= Efectua-lo seguinte nomeamento de DELEGADO:= A) Delegado de Estatística.= D. ANTONIO VAZQUEZ LORENZO."

202.- Da Federación de Concellos Galegos, relacionado coa realización dunha operación estatística sobre a poboación de Galicia, simultánea coa renovación padroal de 1996, consistente na recolleita dun cuestionario adicional ó da folla padroal, o custo do cal será aboado polo Instituto Galego de Estatística.

300.- APROBACION DO PRESUPOSTO ORDINARIO PARA 1996: PLANTILLA PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL: OFERTA PUBLICA DE EMPREGO.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó presuposto ordinario para 1996: plantilla persoal funcionario e laboral: oferta pública de emprego.

Propón a Alcaldía-Presidencia se adopten os seguintes acordos: "1º.- Prestar aprobación provisional ó presuposto xeral para o exercicio económico de 1996.= 2º.- Prestar aprobación á plantilla de persoal funcionario/laboral para o exercicio económico de 1996.= 3º.- Prestar aprobación á oferta pública de emprego para o exercicio de 1996, que estará formada por todas aquelas vacantes existentes na plantilla de funcionarios/laboral para o exercicio económico de 1996, mais todas aquelas que se produzan por xubilación ou outra calquera causa durante o mesmo. As devanditas prazas serán cubertas polos procedementos de selección que para cada unha das prazas determinen as bases xerais/específicas que no seu momento aprobe o Pleno da Corporación Municipal."

Está informado favorableente pola Comisión de Programación cos votos favorables do Grupo de goberno e a abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

1ª tanda de intervencións:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: en relación co presuposto para o ano 1996, a postura do seu Grupo será pronunciarse pola abstención e explicará os motivos:

1º.- No seu momento solicitaron se lles entregase a documentación relacionada co presuposto con mais antelación e entregóuselles un resumo escueto con 48 horas de antelación á sesión; o seu Grupo non pode estudiar en 48 horas algo que ó Grupo de Goberno lle pode levar un ou dous meses estudiar.

2º.- O presuposto dedica a gastos de persoal o 77 por cento, outras administracións procuran que non supere o 70 por cento e ó mesmo tempo non diminúan outras partidas, por tanto debía corrixirse.

3º.- No presuposto do Concello, unha grande parte do capítulo II consúmeno os gastos correntes que pouco se poden modificar, pero invita ó Grupo de Goberno a xestionar mellor en canto á administración pero iso é xestión e a oposición non pode ensinar ó equipo de goberno a administrar, debe aprendelo el mesmo.

As 20:36 horas incorpórase á sesión o Sr. Beade Dopico.

- Continúa a Sra. Faraldo Botana: que os investimentos reais son apenas 80 millóns e saben que o campo é pequeno; como dixo, o seu Grupo non vai dar clases de como se xestiona o Concello; o presuposto está atado polos gastos de persoal e o gasto corrente e polo tanto pronunciaranse definitivamente pola abstención.

As 20:38 horas incorpórase á sesión o Sr. Pita Varela.

- O Sr. Otero Martínez: en primeiro lugar, desculpa a súa ausencia na Comisión de Programación do pasado xoves e entrando no tema dos presupostos, como xa anticipou na primeira sesión da comisión, o presuposto presenta aspectos iguais que o anterior exercicio entendendo que son austeros non habendo, para comprobalo, mais que olla-los anteriores.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: chámalle a atención que no presuposto nunca aparecen presupostos por delegacións ou concellerías, aí sería onde a oposición podería incidir; polo demais a situación é igual que o ano antrior, cunha progresiva diminución dos investimentos directos o que é un mal de tódolos concellos e por esa cuestión pronunciarase pola abstención dado que non ven motivos que os empuxen a votar afirmativamente.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece a intervención dos grupos e intentará respostar brevemente: o presuposto ascende a 860 millóns de pesetas, medra o 1,17% con respecto ó anterior, é austero e realista: mantense o capítiulo II anque se incremente o 4,06% porque consta de diversos elementos e vai dirixido ós cidadáns de Betanzos, de forma que de cada 100 pesetas 55 van a investimentos ou servicios.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: trátase dun presuposto preventivo, e que estará sometido a expedientes de modificación de crédito; en canto ó calendario de traballo, acordouse cos grupos políticos e deuse a documentación sucesivamente, a presentación do presuposto é boa constando de tódolos documentos legais, agradecendo ós funcionarios o seu traballo e dedicación.

- Segue o Sr. Lagares Pérez: que o ideal sería chegar ó reparto de 50-25-25 con referencia ós gastos das administracións; por outra parte o gasto de persoal representa o 43,3% do presuposto e non o 77%; en canto ós investimentos, estes mantéñense prudentemente dentro da austeridade e son o 19,1% do presuposto, o que supón 164 millóns e non 80. En canto a cultura, esta recóllese en distintas partidas.

- Remata o Sr. Lagares Pérez: no presuposto recóllense/reflíctense as tres variantes funcionais desde o punto de vista técnico e que como conclusión o presuposto é austero, equilíbrase o gasto corrente, manténdose os investimentos facéndose unha moderada apelación ó crédito, estando dirixido a tódolos cidadáns de Betanzos.

2ª tanda de intervencións:

- O Voceiro do Grupo Popular, Sr. Pita Varela: que con independencia do manifestado polo voceiro do Grupo Socialista, o seu Grupo pronunciarase pola abastención para que non se lles acuse de obstrucción, e explicarase: nos presupostos, aparte de trámites hai prazos para que os grupos poidan traballar e facer enmendas para enriquece-la visión da aplicación dos presupostos; non pode ser que o pasado xoves se lle dea unha parte da documentación ós grupos da oposición quedando escasos días para o traballo; pensa que para a transparencia do presuposto anual hai que ter tempo para face-las aportacións posto que anque as presentasen por escrito non o poderían facer por falta material de tempo.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que existen outras cuestións: son austeros porque non hai cartos e hai que facer axustes e lembra que detectaron cuestións que pensa deberían figurar e non se incluen por exemplo, a Lei 4/93 do 14-04 de servicios sociais regula aspectos básicos da mesma en Galicia dalle autonomía ós concellos máis ca do 87, que era delegada; a Lei 4/93 dalle autonomía ós concellos e responsabilidade. En consecuencia os concellos deben consigna-lo 6% do presuposto a servicios sociais e pensa que se debería consignar pola sensibilidade do tema.

- Segue o Sr. Pita Varela: solicita se incremente a partida reducindo algún capítulo que se considere convinte, dado que os servicios sociais son fundamentais, preocúpalle-lo tema e cre que a todos, por último solicita que estes debates se teña sensibilidade e se lles facilite a documentación con tempo para análise e poder ofrecer alternatias en beneficio de todos e para o benestar dos nosos veciños.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece a intervención do Sr. voceiro do Grupo Popular, indicando que os trámites foron cumpridos e foron claros e transparentes, lembra que se puideron facer propostas e agradecería se presentaran; coincide nalgunhas cousas relacionadas coa Lei 4/93, ós concellos dáselles autonomía pero non economía debendo as competencias ter un reflexo nunha economía. Nese aspecto está recollida e incrementada a parte social, a cal está en torno ó 10%, sendo o total das partidas destinadas á mesma en torno ó 38,04% e incluso se recolle o 0,7% con destino a axudas humanitarias para o terceiro mundo polo que a aportación do Grupo Popular está amplamente recollida no presuposto.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que ata o momento actual, interviñeron os grupos compartindo a opinión dos mesmos en canto a que os recursos son escasos e que os concellos están reclamando unha maior participación nos presupostos e ata a data actual as demandas dos mesmos non foron recollidas nin pola Comunidade Automa nin polo Estado. Cos escasos recursos de que se dispón é importante o presuposto e con iso estase a mellora-las infraestructuras de Betanzos.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: non só se fixo unha reunión de voceiros, senon dúas, facilitouse a documentación que foi solicitada e cre se facilita ós representantes dos grupos a neesaria para o desenvolvemento da súa función; se algún aspecto concreto relacionado coa área social non está recollido o Concello non escatimará nada e recorrerase ó crédito incluso para aumenta-la dotación económica das mesmas tratando de facer fronte ás obrigas do Concello pero non de outras administracións. Tódalas iniciativas que axuden a desenvolve-lo presuposto serán benvidas, en consecuencia procederase a someter a votación este punto da orde do día.

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, oito (8, corresponden sete -7- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Prestar aprobación provisional ó presuposto xeral para o exercicio económico de 1996.= 2º.- Prestar aprobación á plantilla de persoal funcionario/laboral para o exercicio económico de 1996.= 3º.- Prestar aprobación á oferta pública de emprego para o exercicio de 1996 que estará formada por todas aquelas vacantes existentes na plantilla de funcionarios/laboral para o exercicio económico de 1996, mais todas aquelas que se produzan por xubilación ou outra calquera causa durante o mesmo. Ditas prazas serán cubertas polos procedementos de selección que para cada unha das prazas determinen as bases xerais/específicas que no seu momento aprobe o Pleno da Corporación Municipal.= 4º.- A tódolos expedientes daráselle-lo trámite previsto na lexislación en vigor.= 5º.- Facultar ó Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Di así o resumo por capítulos do presuposto municipal para o exercicio de 1996:

ESTADO DE INGRESOS-EXERCICIO 1996.

CLASIFICACION ECONOMICA, RESUMO POR CAPITULOS.

Cap. / Descrición	Recursos
1.- Impostos directos.....	206.000.000,-
2.- Impostos indirectos.....	50.000.000,-
3.- Taxas e outros ingresos.....	102.423.293,-
4.- Transferencias correntes.....	306.240.163,-
5.- Ingresos patrimoniais.....	5.400.000,-
6.- Alleación investimentos reais.....	48.900.000,-
7.- Transferencias de capital.....	93.636.544,-
8.- Activos financieiros.....	2.300.000,-
9.- Pasivos financieiros.....	45.100.000,-
TOTAL PRESUPOSTO.....	860.000.000,-

ESTADO DE GASTOS-EXERCICIO 1996.

CLASIFICACION FUNCIONAL, RESUMO POR GRUPOS DE FUNCION.

G. func. / Descrición	Recursos
0.- Débeda pública.....	50.853.352,-
1.- Servicios carácter xeral.....	136.714.040,-
2.- Protección civil e seguridade.....	58.036.000,-
3.- Seguridade, proteccion e promoción.....	160.991.960,-
4.- Prod. bens pub. c. social.....	327.749.898,-
5.- Prod. bens publ. econom.....	81.855.436,-
6.- Regulación económica c. xeral.....	43.699.314,-
7.-	0,-
8.-	0,-
9.- Transfs. a admons. públicas.....	100.000,-
TOTAL PRESUPOSTO.....	860.000.000,-

ESTADO DE GASTOS-EXERCICIO 1996.
CLASIFICACION ECONOMICA, RESUMO POR CAPITULOS.

Cap. / Descrición	Recursos
1.- Gastos de persoal.....	372.655.757,-
2.- G. bens correntes e servicios.....	246.267.915,-
3.- Gastos financieiros.....	30.270.000,-
4.- Transferencias correntes.....	20.500.000,-
5.-	0,-
6.- Investmentos reais.....	164.752.976,-
7.- Transferencias de capital.....	100.000,-
8.- Activos financieiros.....	4.100.000,-
9.- Pasivos financieiros.....	21.353.352,-
TOTAL PRESUPOSTO.....	860.000.000,-

400.- APROBACION ORDENANZAS FISCAIS 1996: TAXAS, PRECIOS PUBLICOS E IMPOSTOS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación provisional ó expediente de modificación das ordenanzas fiscais 1996: taxas, precios públicos e impostos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación cos votos favorables do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que volve á mesma cuestión do apartado anterior: antigamente os asuntos que hoxe veñen na orde do día tratábanse por separado en sesións monográficas, facíase un Pleno para os presupostos e outro para as ordenanzas fiscais, agora trátanse conxuntamente e son temas delicados pola repercusión que teñen nos cidadáns, todo requiriría un debate en profundidade pola raiz dos tributos en moitos casos inxustos.

- Continúa o Sr. Pita Varela: pensa que a pesar das explicacións que se deron e a pesar das reunións, as modificacións que se introducen dixéronllas na reunión do pasado día 16; noutra orde congratúlanse da baixada de taxas no casco histórico dado que a idea inicial foi do seu grupo polo ano 1988, agora demóstrase que a teoría daquel momento foi axustada.

- Segue o Sr. Pita Varela: que ningún grupo da oposición presenta textos alternativos completos, só presentan enmendas e correccións; normalmente é o equipo de goberno quen os fai, a documentación non se encontrou a disposición do seu grupo antes da reunión do xoves paado e polo tanto non teñen as facilidades que deberían ter -sen querer obstruir- lamentando a postura da abstención á espera dun futuro mellor.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): as ordenanzas son as mesmas que cando se fixo o consenso dos grupos; só se limitan a aplicar incrementos moderados en torno ó IPC, e á actualización de precios en aqueles servicios que se melloraron, agradecendo que o Grupo Popular tivese a idea da baixada de taxas por obras no casco histórico o cal foi precautorio e estimado un posible consenso.

- O Sr. Alcalde-Presidente: fixadas as posturas dos grupos, a Alcaldía tratou de da-las máximas facilidades posibles desde principios de novembro; os voceiros

coñecían as subidas sendo o resto das actuación simples actualizacións e axustes, en consecuencia someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, corresponden nove -9- ó Grupo Socialista e un -1- ó Grupo BNG); votos en contra, non se formulan; abstencións, sete (sete, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de ordenanzas fiscais: taxas, precios públicos e impostos para o exercicio económico de 1996.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

500.- APROBACION EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 1/95.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de créditos 1/95, a nivel de vinculación xurídica.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación cos votos favorables do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: o seu grupo (BNG), pronunciarase pola abstención e a explicación ven dada porque é un documento de carácter contable relacionado co desenvolvemento do presuposto sendo ós técnicos a quen corresponde da-los visos de legalidade non valorando o documento dado o seu marcado carácter técnico e político relacionado co desenvolvemento presupostario.

- O Sr. Pita Varela: seguindo a liña habitual do seu grupo (Popular), é plena responsabilidade política do Grupo de Goberno o expediente, trámites e motivos do mesmo, por iso non entrarán a debatelo pronunciándose o Grupo Popular pola abstención.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, oito (8, corresponden sete -7- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de créditos 1/95, a nivel de vinculación xurídica.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite preisto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

600.- APROBACION DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACION DO POLIGONO DE PIADELA.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación definitiva ó proxecto de urbanización do Polígono de Piadela.

Está informado favorablemente, unanimidade, pola Comisión de Programación cos votos favorables do Grupo de Goberno e o Grupo Popular.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ó proxecto de urbanización do Polígono de Piadela.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó

Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

Antes de comeza-lo seguinte punto da orde do día fan uso da palabra:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), para manifestar que fai escasos días se celebrou unha reunión con veciños das vivendas da Condesa e acordouse que os voceiros presentasen unha moción para instar ó Instituto Galego da Vivenda e Solo a que solucione os problemas existes na primeira fase das vivendas e os derivados da urbanización para que o Concello posteriormente a reciba, solicitando a tódolos grupos políticos se acepte e se proceda á súa inclusión na orde do día, previa declaración de urxencia.

- O Sr. Pita Varela: quere fecer unha petición que supón será aceptada igualmente polos grupos, e é que se solicite a quen corresponda a colocación dunha pasarela peonil entre o Centro de Formación Profesional e os centros de bacharelato/EXG, solicitando a tódolos grupos políticos se acepte e se proceda á súa inclusión na orde do día, previa declaración de urxencia.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que lle parece ben adopta-las medidas de seguridade vial necesarias para que unha zona escolar á que concorren cerca de 4000 alumnos teña as debidas protecciónes, por todo iso e dado que a proposta do Partido Popular podería ser incompleta ou mellorable, propón que a Comisión Especial de Tráfico, co asesoramento correspondente, estudie as medidas a aplicar e se solicite a realización das mesmas ós organismos que corresponda.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade de tódolos asistentes, en consecuencia adóptase o acordo de declarar de urxencia a inclusión na orde do día das peticións conxuntas dos grupos políticos relacionadas co estado das vivendas e urbanización no grupo de vivendas da Condesa e a instalación da pasarela peonil para a comunicación entre centros escolares.

700.- PETICION DOS GRUPOS POLITICOS O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DA XUNTA DE GALICIA, RELACIONADA CO ESTADO DE VIVENDAS E URBANIZACION NO GRUPO DE VIVENDAS "A CONDESA".

O Pleno declárase enterado da proposta formulada "in voce" polos grupos políticos, relacionada co estado de vivendas e urbanización no grupo de vivendas "A Condesa".

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Solicitar ó Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia a reparación das deficiencias que presentan as viendas do grupo da Condesa, así como efectua-las obras de urbanización necesarias para que o Concello poida, a continuación, efectua-la recepción do referido polígono.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado."

800.- PETICION DOS GRUPOS POLITICOS RELACIONADA COA INSTALACION DUNHA PASARELA PEONIL NA AVDA. DA CORUÑA PARA COMUNICACION DE CENTROS ESCOLARES.

O Pleno declárase enterado da proposta formulada "in voce" polos grupos políticos, relacionada coa instalación dunha pasarela peonil na Avda. da Coruña para comunicación de centros escolares.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Solicitar ós organismos competentes a adopción de medidas de seguridade na Avda. da Coruña, para comunicación dos centros escolares existentes na zona.= Segundo.- Facultar á Comisión Especial de Tráfico para realiza-las peticións a quen corresponda, así como toda clase de trámites derivados do acordo adoptado, facéndose extensiva a outras medidas de seguridade complementarias que estime necesarias."

900.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Secretario Xeral dase conta das respostas a preguntas formuladas polo Grupo Popular na sesión ordinaria celebrada o pasado día vinteseis de setembro, din así: "CONTESTACION AS PREGUNTAS FORMULADAS POLA SRA. FARALDO BOTANA, CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, NO PLENO DO 26 DE SETEMBRO DE 1995.= 1.- Solicita que a Alcaldía informe sobre "Brigomostra".= Por parte da Delegación de Servicios, infórmase que se celebraron diversas xuntanzas para este fin, con representantes de concellos da comarca e empresarios do municipio, sen que se acadase un acordo sobre esta cuestión. Non obstante, é propósito do goberno municipal estudiar novas posibilidades estimándose necesario a axuda financieira doutras administracións, dada a importancia e trascendencia social e económica destes eventos.= 2.- Así mesmo se informe ó seu grupo (Popular) sobre o estado do expediente de rehabilitación do grupo de vivendas "Martín Ballesteros".= Pola Delegación de Urbanismo infórmase que con data 26 de abril de 1994 se publica no DOG unha orde para a concesión de axudas para erradica-lo chabolismo. O Concello de Betanzos crea unha comisión especial e realízase un estudio para ve-la forma de actuación. O 28 de setembro de 1994 o Pleno da Corporación realiza a aprobación do plan de erradicación do chabolismo e solicítanse da Consellería de Ordenación Territorial as axudas correspondentes. Por parte da Consellería solicítanse datos complementarios e acoden a unha reunión no IGVS de Santiago a Asistente Social do Concello e a Aparelladora. Preséntase por parte do Concello varias posibilidades e ningunha encaixa dentro das condicións do Instituto Galego que transmite a intención de cambia-las condicións para a convocatoria do ano 95 sen que, polos coñecementos que temos á data, o realizaran. Paralelamente e desde o Concello tramitáronse os cambios urbanísticos necesarios para poder acollerse a subvencións noutras convocatorias.= 3.- Igualmente solicita coñecer cales son as cotas de aluguer da lancha municipal ós Caneiros e persoas que poden utilizala.= Por parte da Delegación de Festexos infórmase que poden utiliza-la lancha municipal calquera entidade, asociación, etc. de tipo deportivo, cultural, recreativo, colectivos, etc., tendo prioridade os pertencentes ó municipio de Betanzos.= En canto ó importe de utilización da mesma é de 30.000,- pesetas correspondentes ó pagamento ó patrón da embarcación (15.000,- ptas.) e mantemento e seguro da mesma (15.000,- ptas.).= 4.- Que se informe se existe o artigo 520 do ROF en relación coa observación que realizaron a unha acta do Pleno.= Non existe. Incluiuse, segundo informe da secretaría, erroneamente nunha acta que logo xa se corrixiu."

Igualmente das preguntas que formula o Grupo Popular na presente sesión plenaria, din así: "PARTIDO POPULAR DE BETANZOS. O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal do Concello de Betanzos.= O respecto da contratación dunha Asistente Social polo Concello de Betanzos. Pregunta.= Medios nos que se difundiu a

convocatoria.= Prazos que se estableceron para a presentación de documentación.= Composición do Tribunal.= Se se informou da convocatoria desta praza á Comisión de Persoal.= Baremo utilizado na mencionada convocatoria, desglosado (ex. por un sobresaínte X puntos).= Acceso á revisión dos expedientes por parte dos representantes da oposición e os sindicatos.= Betanzos, 20 de novembro de 1995."

A continuación formúlanse as seguintes:

A continuación formúlanse as seguintes:

- O Sr. Otero Martínez: nunha das últimas sesións celebradas pola Comisión de Goberno tratouse un punto relacionado coas prazas de Habilitación Nacional, roga se lle informe sobre iso.

- O Sr. Alcalde-Presidente: daráselle oportuna contestación.

- O Sr. Martínez Guerra: solicita a instalación dunha mesa para traballar nas sesións plenarias ó obxecto de tomar datos para facer máis cómodo o traballo.

- O Sr. Alcalde-Presidente: está de acordo; que por parte dos distintos grupos políticos se formulen as suxerencias oportunas para levar á práctica a medida solicitada.

- A Sra. Faraldo Botana: roga que nas copias seladas que se expidan a interesados de presentación de escritos no Rexistro de Documentos, conste o número de rexistro.

- O Sr. Alcalde-Presidente: seguiranse os criterios legais, para o cal pola Secretaría Xeral se dispoñerá o procedente.

- O Sr. Pita Varela: solicita que ó seu grupo se lle dean as máximas facilidades para acceder á documentación pública posto que algúns membros do seu grupo ás veces teñen dificultades para poder acceder a ela, ó mesmo tempo que os grupos tiveran un lugar para traballar cómodamente, incluso un local para a súa actividade municipal.

- O Sr. Alcalde-Presidente: en canto ó primeiro rogo, a información subministrada é absoluta e transparente, pero ten que haber normas para o acceso á documentación que foron aprobadas pola Corporación e que aparecen na lexislación vixente que en determinadas ocasións membros do Partido Popular non as respectan poñendo nun trance de dificultade ós funcionarios municipais, estando disposto a facilitar toda a información para que os Sres. concelleiros poidan cumpri-la súa función pero eles teñen que respecta-las normas establecidas. En cando ó segundo, a situación real en canto a disponibilidade de locais está á vista, non obstante os Sres. voceiros dos grupos poderán estudia-la cuestión presentada.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e corenta e sete minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo./ Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo./ José Cortés Carro.

Diligencia.- La consigna, el Secretario General del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos, para hacer constar que la sesión ordinaria del Ayuntamiento Pleno prevista para celebrar durante el mes de enero no se ha celebrado al disponerlo asi -por unanimidad- los representantes de los Grupos Politicos que forma la Corporación.

Los asuntos ha tratar en la misma, se incluiran en la próxima sesión extraordinaria que celebre la Corporación.

Lo que se hace constar, en aplicación de lo dispuesto en el articulo 109 del R.D. 2568/ de 28-11-1986- Reglamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Juridico de las Corporaciones Locales.

Betanzos, a uno de febrero de 1.996.

EL SECRETARIO GENERAL,

Fdo.- José Cortes Carro.

ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA CINCO DE FEBREIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José R. García Vázquez.
Dª Ofelia López Campos.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

No salón de sesións do Ecxmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de febreiro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o

Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión plenaria extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

As 20:32 horas incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

Por unanimidade dos asistentes préstase aprobación á acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data 20 de novembro de mil novecentos noventa e cinco.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes:

201.- Do acordo adoptado pola Comisión de Goberno do Excmo. Concello de Betanzos o 29-12-95 (316) polo cal se nomea cabo da policía local ó aspirante proposto polo tribunal calificador: D. Manuel Seijo Vázquez.

202.- Do acordo adoptado pola Comisión de Goberno do Excmo. Concello de Betanzos o 29-12-95 (315) polo cal se nomean policías locais en prácticas ós aspirantes propostos polo tribunal calificador: José A. Vázquez Filgueiras, Pedro Rodríguez Pedreira e Víctor A. Méndez Vázquez.

203.- Da Presidencia da Xunta de Galicia, xustifica recepción do acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 24-10-95 e comunica que se translada á Consellería competente para o seu estudio.

204.- Resolución nº 583/95 da Alcaldía-Presidencia polo que se concerta unha operación de tesourería por importe de 30.000.000,- de pesetas co Banco de Crédito Local.

205.- Resolución nº 590/95 da Alcaldía-Presidencia pola que se renova unha operación de tesourería por importe de 30.000.000,- de pesetas co Banco de Crédito Local.

206.- Xunta de Galicia, Servicios Provinciais de Urbanismo, expediente nº 76/95, comunica o outorgamento a BETANGAS SL da autorización previa á concesion de licencia municipal da construcción dunha estación de servicio no lugar de Montellos, Piadela, de Betanzos.

300.- MOCION DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE INUNDACIONS EN DISTINTAS ZONAS E INMOBLES DE BETANZOS.

Faise constar que, por decisión unánime dos grupos políticos que compoñen o Pleno do Concello de Betanzos, este asunto se tratará conxuntamente co punto seguinte da orde do día desta sesión extraordinaria.

En consecuencia dase conta ó Pleno de sendas mocións do grupo socialista e o grupo popular sobre inundacións en distintas zonas e inmobles de Betanzos.

Propón o grupo socialista se adopten os seguintes acordos: "1º.- Demandar ante as institucións oficiais competentes as indemnizacións necesarias, tanto para os cidadáns de xeito privado, como a nivel público (danos en inmobles, distintos establecementos comerciais da zona portuaria, vías de comunicación, etc.).= 2º.- Dirixirse á COTOP (Instituto Galego da Vivenda e Solo) para estudia-la posibilidade da concesión de novas vivendas a persoas afectadas.= 3º.- Reitera-la petición á Demarcación de Costas para que se leve a efecto a limpeza das marxes dos ríos Mendo e Mandeo, así como o dragado correspondente das mesmas, e da ría de Betanzos ata o Pedrido.= 4º.- Reitera-la petición á Xunta de Galicia para o arranxo axeitado do porto fluvial de Betanzos, así como dos accesos, infraestructuras e equipamentos que foran demandados en sucesivas veces por acordos plenarios.= 5º.- Dirixirse á Consellería de Industria e á

COTOP para que fagan un control exhaustivo das minicentrais eléctricas do río Mandeo que nos permita dispoñer de estudios razonados que equiparen o grao de influencia das mesmas nas inundacións.= 6º.- Demandar das autoridades competentes os estudios técnicos que busquen os motivos das inundacións e que dean diagnóstico para a súa corrección.= Betanzos, 22 de xaneiro de 1996.= O voceiro do Grupo Socialista.= Asdo. Antonio Lagares Pérez."

Propón o Grupo Popular se adopten os seguintes acordos: "1º.- Solicitar á Demarcación de Costas a limpeza das marxes fluviais dos ríos Mendo e Mandeo ó seu paso por Betanzos e a apertura do canle na ría desde Betanzos ó Pedrido como había antigamente.= 2º.- Pedi-la modificación presupostaria para desvia-lo investimento previsto na construcción dun paseo entre a Ponte Nova e o Carregal para mellorar todo o malecón da Ribeira desde a Ponte Vella á Ponte Nova e o seu contorno para impedi-las inundacións da zona.= 3º.- Solicitar dos organismos oficiais competentes as indemnizacións que correspondan polos danos ocasionados polas inundacións en edificios, vivendas e negocios de toda a zona afectada.= Asdo. Jaime Alberto Pita Varela.= Voceiro do Partido Popular."

Están informadas ámbalas dúas mocións pola Comisión de Programación no sentido de que os grupos políticos, por unanimidade, se reservan o voto ó Pleno.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

1ª tanda de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que dada a existencia de acordo entre tódolos grupos políticos, os puntos 300 e 400 da orde do día da sesión prevista para o día de hoxe trataranse conxuntamente, coas indicacións que realicen os Sres. voceiros dos mesmos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: interprétase que as mocións se debaterán de forma conxunta para o cal os Sres. voceiros presentarán as súas respectivas propostas.

- O Sr. Pita Varela: que se estivo a falar e consensuar para conseguir como obxectivo principal que en Betanzos se solucione o problema con relación ós debordamentos, pensa que hai varias circunstancias que son as que determinan os sucesos, unha delas o atascamento dos ríos por suciedade: aumenta o fundo e sobre o nivel das augas como nos días pasados; pero o anterior non quere dicir que isto non vaia a máis polo estreitamento do río e os propios peiraos, por iso solicita que se realice un estudio técnico que diga as medidas para corrixir adecuadamente a situación posto que hai as suficientes, sobre todo para soluciona-lo problema de entrada das augas nas vivendas polos desaugadoiros.

- Continúa o Sr. Pita Varela: o problema pódese transladar a outras zonas (Martín Ballesteros), en canto ó apartado segundo da moción, o seu grupo, para que non exista confusión, quere dicir que neste momento hai un orzamento aprobado para o "Paseo da Galera" e antes de que se investise o diñeiro se fixera un desvío de parte do orzamento e se efectuasen as modificacións correspondentes no peirao, por ser iso prioritario dado que é unha zona en boas condicións e está afectada por eses sucesos, ante eses feitos o Grupo Popular modifica a súa moción, pero introducindo un "solicitando" a Costas para que realice un estudio técnico e unha dotación económica para soluciona-los problemas da zona e, en consecuencia, se introduza na moción ese punto e poñerse en contacto con Costas con carácter urxente para actuacións concretas.

- O Sr. Otero Martínez: manifféstase a favor e está de acordo coas dúas mocións pero, non obstante, quere puntualizar que, no seu momento, o Grupo BNG non expresou unha opinión favorable ó "Paseo da Galera" tal como se presentaba, pero tamén entende que os trámites están avanzados para a execución do mesmo.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: que ainda no caso de non existir consenso votaría a favor das dúas mocións; dicir que a natureza ten zonas onde manifesta a súa forza pero por desgracia a zona afectada executouse sobre zona de enchentes naturais do río e iso é irreversible; que a lección sirva de exemplo posto que o problema se vía vir téndose ido o tema das mans, por iso se deben evitar actuacións urbanísticas onde non se pode; como conclusión apoiará a moción conxunta dos grupos.

2ª tanda de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez: agradece ós grupos o seu interese en algo que marca a sensibilidade e en especial a flexibilidade do Grupo Popular; existen varias circunstancias que inciden nas inundacións sendo importante que as accións se leven a efecto; a Policía Local e Protección Civil tiveron actuacións destacadas; formouse unha comisión especial que está funcionando e propón os acordos a adoptar conxuntamente.

- O Sr. Pita Varela: para afondar, hai unhas cuestións que lle preocupan cara a un futuro para as persoas afectadas e é que aparte do auxilio pensa que non se lles prestou o servicio que merecían: aloxamento e non o entende posto que se lles podería ter cedido o local social da Ribeira. Ainda hoxe varias familias teñen dificultades para durmir por teren os colchóns mollados pola auga, determinadas necesidades primarias tiñan que estar previstas.

- Continúa o Sr. Pita Varela: sorpréndelle a cuestión da valoración dos danos, dado que o persoal técnico debería ir ás casas dos afectados e despois valoralos, non á inversa, por iso roga previsión.

- Segue o Sr. Pita Varela: que ó seu tempo o Grupo Popular presentará unha moción relacionada coa posibilidade de habilita-lo edificio social da Ribeira para vivendas sociais e destina-lo edificio singular que estivo destinado a matadoiro para centro social, non obstante estas son ideas con carácter orientativo.

- O Sr. Lagares Pérez: unha grande parte do problema das inundacións non é novo, pero déronse un conxunto de circunstancias que o incrementan; pero aparte dos servicios que posiblemente non foron suficientes ofertóuselles a afectados pernoctar noutro sitio e non o aceptaron; a comisión especial tomou medidas no acto con respecto ás pérdas e as valoracións fixéronse aproximadas cunha estimación moi real, non obstante supervisaranse en profundidade polos servicios técnicos locais.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que o problema está a agudizarse e a comisión especial está a intentar que se palien os danos, entendendo o malestar das familias afectadas.

- O Sr. Alcalde-Presidente: unha vez que os grupos interviñeron entende asumidas, por unanimidade, as propostas para adoptar medidas axeitadas e así facer fronte á situación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unamidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Demandar ante as institucións oficiais competentes as indemnizacións necesarias, tanto para os cidadáns de xeito privado, como a nivel público (danos en inmobles, distintos establecementos comerciais da zona portuaria, vias de comunicación, etc.).= 2º.- Dirixirse

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

á COTOP (Instituto Galego da Vivenda e Solo), para estudia-la posibilidade da concesión de novas vivendas a persoas afectadas.= 3º.- Reitera-lo pedimento á Demarcación de Costas para que se leve a efecto a limpeza das marxes dos rios Mendo e Mandeo, así como o dragado correspondente das mesmas, e da ría de Betanzos ata o Pedrido.= 4º.- Reitera-lo pedimento á Xunta de Galicia para o arranxo axeitado do porto fluvial de Betanzos, así como dos accesos, infraestructuras e equipamentos que se demandaran en sucesivas veces por acordos plenarios.= 5º.- Dirixirse á Consellería de Industria e á COTOP para que faga un control exhaustivo das minicentrais eléctricas do río Mandeo que nos permita dispoñer de estudios razonados que equiparen o grao de influencia das mesmas nas inundacións.= 6º.- Demandar das autoridades competentes os estudios técnicos que busquen os motivos das inundacións e que dean diagnóstico para a súa corrección.= 7º.- Solicitar á Demarcación de Costas a limpeza das marxes fluviais dos ríos Mendo e Mandeo ó seu paso por Betanzos e a apertura do canle na ría desde Betanzos ó Pedrido como había antigamente, realizando un estudio técnico e a correspondente dotación económica para soluciona-los problemas da zona.= 8º.- Solicitar dos organismos oficiais competentes as indemnizacións que correspondan polos danos ocasionados polas inundacións en edificios, vivendas e negocios de toda a zona afectada.= 9º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

400.- MOCION DO GRUPO POPULAR SOBRE AS INUNDACIONS OCORRIDAS NO PASADO MES DE DECEMBRO NAS ZONAS BAIXAS DE BETANZOS.

Por decisión unánime dos grupos políticos que compoñen o Pleno do Concello de Betanzos, este asunto tratouse xuntamente co punto anterior da orde do día desta sesión extraordinaria.

500.- MOCION DO DELEGADO DE ESTATISTICA RELACIONADA CON DESIGNAR NOMES A RUAS DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de estatística relacionada con designar nomes a rúas de Betanzos.

Di así a moción: "PROPOSTA DO DELEGADO DE ESTATISTICA O PLENO DA EXCELENTISIMA CORPORACION MUNICIPAL.- Con data 11 de novembro de 1994, aprobouse polo Pleno da Excma. Corporación Municipal unha moción na que se propoñía o cambio de nomes ás rúas e prazas do Concello, como queira que se omitiron algunhas e hai que modificar outras, é o que de acordo cos planos que se achegan, se propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte:= ACORDO.= 1. Travesía Malecón-Marina. 2. Praza do Landán. 3. Praza do Cristo .4. Rúa de Cervantes. 5. Travesía de Lanzós. 6. Rúa dos Soportais da Fonte de Unta .7. Travesía do Pintor Seijo Rubio. 8. Travesía do Doctor José Fariña. 9. Rúa da Condomiña. 10. Camiño do Carregal. 11. Camiño do Refoxo. 12. Camiño Real de Obre. 13. Lugar de Loureiros. 14. Lugar do Coto. 15. Praza de Dª Agueda.= E o que se eleva ó Pleno da Corporación para a súa aprobación se procede para o fin de remitilo posteriormente a Estatística e así poder continua-los traballos preliminares e posterior actualización da última renovación do padrón municipal de habitantes.= Betanzos, 30 de xaneiro de 1996.= Asdo.: Antonio Vázquez Lorenzo."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez, manifesta que intervén para aclara-la súa postura nos seguintes termos: que se trata de dar nome ás rúas que quedaron sen incluir no nomenclator no momento de elabora-lo mesmo; naquel momento, por unha situación determinada, manifestouse en contra; a pesar de estar de acordo con que os nomes que hoxe se propoñen son os tradicionais, por necesaria coherencia non poderá votar a favor e pronunciarase pola abstención.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor dezaseis (16, corresponden nove -9- ó Grupo de Goberno, e sete -7- ó Grupo Popular); votos en contra, non se formulan; abstencións unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

En consecuencia, adóptanse os seguintes acordos: "Primeiro.- Prestar aprobación á moción do delegado de estatística pola que se propoñen os nomes que indica na mesma para rúas de Betanzos.= Segundo.- Deste acordo darase translado ós organismos correspondentes para os efectos oportunos.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

600.- ADOPCION DE ACORDO SOBRE ESCRITO DO COMITE DE EMPRESA DA FABRICA DE ARMAS DA CORUÑA, SOLICITANDO APOIO PARA EVITA-LO PECHE DA MESMA.

Dase conta ó Pleno de escrito do comité de empresa da fábrica de armas da Coruña, no cal solicita que a Corporación preste aprobación a unha moción urxente de apoio para evita-lo peche da factoría e o despido dos traballadores.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que o seu grupo está de acordo co manifestado polo comité de empresa da fábrica de armas porque se da a circunstancia de que a Galicia sempre lle toca aguantar reconversións; non entende por que sempre se potencia a uns para prexudicar a outros e polo tanto o Concello de Betanzos o menos que pode facer é ter solidariedade e facer xestións para poder corrixir que a fábrica de armas permaneza e sexa unha industria máis das escasas que temos.

- O Sr. Lagares Pérez: o seu grupo votará igualmente a favor, querendo facer constar que posiblemente este non sexa o foro mais axeitado para o debate; cré que ó estar nunha campaña preelectoral o novo goberno que saia elixido marcará directrices e que, persoalmente, sempre defenderá ó sector público; noutra orde é indubidable que os traballadores recibiron unha alternativa concreta que posiblemente non foi valorada adecuadamente polo comité de empresa da fábrica de armas, non obstante o apoio está presente.

- O Sr. Otero Martínez: non tiña pensado intervir posto que entendía que o apoio era absoluto á petición do comité de empresa da fábrica de armas pero, non obstante, cré que calquera foro é adecuado, outra cousa é que os acordos surtan os efectos necesarios.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: persoalmente encantaríalle que desaparecesen as armas, pero dase o caso que sempre nos toca a nós; e falando doutra cuestión, deberíase facer unha análise profunda posto que se todos defensen o sector público como se di, tiñamos que se-los mellores; como xa indicou, manifesta o seu total apoio á fábrica de armas.

- O Sr. Pita Varela: non sabe a que se refire o voceiro do grupo de goberno cando fai referencia á campaña preelectoral, o su grupo só se posicionou con respecto a unha empresa pública. O comité de empresa inicialmente aceptou a proposta de fabricar discos duros para ordenador pero posteriores informes doutras empresas puxeron de manifesto que os traballadores levan tempo sen cobrar e, lóxicamente, o comité oponse: trátase de manter postos de traballo porque, indirectamente, nos afecta a todos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que, por todas esas cuestións precisamente propón a solidariedade dos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo. "Primeiro.- Prestar o apoio da Corporación Municipal para evita-lo peche da factoría da fábrica de armas da Coruña e o despido dos seus traballadores.= Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

700.- PRESTAR APROBACION AS BASES POLAS QUE SE REXERAN AS SUBVENCIONS A CONCEDER POLO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta ó pleno do expediente aberto para prestar aprobación ás bases polas que se rexerán as subvencions a conceder polo Excmo. Concello de Betanzos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de aclara-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: a postura do seu grupo ven dada pola propia lei que regula a maneira de concesión de subvencións; a lei estima que sexa o Pleno quen as aprobe pero non contempla que sexa o Pleno o que as revise, quedando nas mans da Comisión de Goberno a concesión das subvencións. Iso non significa que dubide pero á hora da verdade o Pleno non controla a concesión de subvencións e se non se lles consulta para a concesión, pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Pita Varela: dado que é unha cuestión técnica o seu grupo non ten inconveniente ningún; outra cousa é o que manifesta o voceiro do grupo BNG pero o grupo de goberno ten capacidade para decidir.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor dezaseis (16, corresponden nove -9- ó grupo de goberno e sete -7- ó Grupo Popular); abstencións unha (1, corresponde ó grupo BNG); votos en contra non se formulan.

En consecuencia adóptase o seguinte acordo: "1º.- Prestar aprobación ás bases polas que se rexeran as subvencións a conceder polo Excmo. Concello de Betanzos.= 2º.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado."

800.- MOCION DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS E ACCION RURAL O PLENO DA CORPORACION CON RELACION A MELLORAS NO SERVICIO ELECTRICO.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras e acción rural ó Pleno da Corporación con relación a melloras no servicio eléctrico.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de aclara-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: dados os termos nos que está redactada a moción o seu grupo pronunciarase pola abstención por mesturar diversas cuestións e ter unha redacción confusa, porque parece ser que das deficiencias do subministro da enerxía ten a culpa a Consellería de Industria cando son da empresa subministradora; outra cuestión é que onde teña competencias a Xunta o seu grupo apoiará tódalas peticións; non se pode pedir a un organismo onde a cuestión é competencia da compañía subministradora, que se lle esixa a esta o que proceda.

- O Sr. García Vázquez: lamenta o posicionamento do Grupo Popular pero a moción, dalgún modo, é política; pode haber cousas que non son competencia da Consellería de Industria pero esta ten que ser partícipe cos problemas; verdadeiramente non comprende a posición pero respéctaa.

- O Sr. Alcalde-Presidente: expostas as posicións dos grupos, a cuestión é que cada quen ten as súas competencias pero os problemas teñen que solucionarse e, en consecuencia, someterase o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación obtén o seguinte resultado: votos a favor dez (10, corresponden nove -9- ó grupo de goberno e un -1- ó grupo BNG); votos en contra, non se formulan; abstencións sete (7, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Solicitar á empresa subministradora Unión-Fenosa e a Consellería de Industria, o que se acometan, entre outras, as seguintes melloras:= CASCO URBANO: 1.- Completa-lo máis urxente posible o anel de unión dos CT que dan servicio á cidade (levando as conduccións por aqueles lugares que menos entorpezan as obras de canalización).- 2.- Completa-la supresión de conduccións mediante cableado nu.- 3.- Estudiar novas conduccións que eviten postes nas beirarrúas en zonas como a Condesa e colexios públicos, etc.= ZONA RURAL: 1.- Mellora-lo servicio evitando os frecuentes cortes.- 2.- Mellora-la rede de baixa e potencia en: Viladesuso, Piadela, Guiliade, Viuxa, Xan Rozo - CT do Castro, Infesta-Apeada, Vista Alegre-Piñeiro, Roibeira-O Piñeiro, Talai, A Xerpe, Touriñao de Arriba, San Paio, A Casilla-A Rúa.- 3.- Electrificación de San Xiao.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado."

900.- ADOPCION DE ACORDO CON RESPECTO A ESCRITO DO CONCELLO DE FOZ (LUGO) SOBRE CEMITERIOS ATOMICOS.

Dase conta ó Pleno do escrito do Concello de Foz (Lugo) sobre cemiterios atómicos, di así: "O Concello pleno en sesión ordinaria celebrada en 1ª convocatoria o día 22 de decembro de 1995 adoptou, entre outros o seguinte acordo: 5º.- Escrito Concello de Noia sobre vertedeiros atómicos: Acordo ó respecto.- A continuación por min o secretario dase lectura ó dictame emitido ó respecto pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios Pleno do 5-12-95 na que se acordou manifestarse sobre este asunto no Pleno, así como ó acordo adoptado polo Concello de Noia e que di: "IV.- Moción do grupo municipal do PP sobre vertedeiros atómicos. Dada conta de mociónn presentada polo grupo municipal do PP (anexo núm. 1 que se une á presente acta), exposición e defensa da mesma polo voceiro do grupo, de orde da Presidencia e secretaria deu lectura do dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo do 28-08-95. Seguidamente, a indicación da Presidencia, o concelleiro do BNG Sr. López Rico, pasou á exposición e defensa do voto

particular ó dictame da Comisión Informativa (anexo núm. 2 que se une á presente acta). Tras amplo debate e deliberación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA: PRIMEIRO: Manifesta-lo rechazo á ubicación do cemiterio español de residuos nucleares nos concellos de Fisterra, Mondoñedo e A Gudiña. SEGUNDO: Dirixirse ós organismos competentes autonómicos, estatales e europeos, esixindo a non instalación en Galicia de ningún tipo de vertedeiro atómico. TERCEIRO: Dar translado ós restantes concellos de Galicia para que manifesten o seu apoio en favor desta proposta". Rematada a mesma, os membros da Corporación presentes, acordan por unanimidade ratifica-lo acordo do Concello de Noia."

Solicita o Concello de Foz que se adopten os acordos que constan no mesmo.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO: Manifesta-lo rexeitamento á ubicación do cemiterio español de residuos nucleares nos concellos de Fisterra, Mondoñedo e A Gudiña.= SEGUNDO: Dirixirse ós organismos competentes autonómicos, estatais e europeos, esixindo a non instalación en Galicia de ningún tipo de vertedeiro atómico.= TERCEIRO: Dar translado ós restantes concellos de Galicia para que manifesten o seu apoio en favor desta proposta.= CUARTO: Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado."

1000.- MOCION DO GRUPO BNG EN RELACION CON REALIZA-LAS XESTIONS OPORTUNAS ANTE O CENTRO DE BETANZOS EN BOS AIRES PARA OBTER UNHA COPIA DOS SEUS ARQUIVOS HISTORICOS.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo BNG en relación con realiza-las xestións oportunas ante o Centro de Betanzos en Bos Aires para obter unha copia dos seus arquivos historicos.

Propón o grupo BNG a adopción do seguinte acordo: "facultar ao Sr. Acalde-Presidente ou Concelleiro Delegado da Emigración para realizar as xestións oportunas diante das autoridades do Centro Betanzos de Bos Aires, conducentes a posibilitar que unha copia daquel arquivo (documentos históricos de interese xeral, fotografías, publicacións,...) pase a formar parte dos fondos locais do noso arquivo municipal, posibilitando o estudio e consulta por parte de investigadores e interesados dunha parcela tan importante da nosa historia contemporánea."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro Delegado da Emigración para realizar as xestións oportunas diante das autoridades do Centro Betanzos de Bos Aires, conducentes a posibilitar que unha copia daquel arquivo (documentos históricos de interese xeral, fotografías, publicacións,...) pase a formar parte dos fondos locais do noso arquivo municipal, posibilitando o estudio e consulta por parte de investigadores e interesados dunha parcela tan importante da nosa historia contemporánea."

1100.- MOCION DO GRUPO BNG EN RELACION CO TRATAMENTO E XESTION DOS RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

Dase conta ó Pleno de moción do Grupo BNG en relación co tratamento e xestión dos residuos sólidos urbanos.

Propón o Grupo BNG a adopción dos seguintes acordos: "1º.- Expresar o apoio da Corporación á iniciativa lexislativa popular de tratamento adecuado dos residuos e proibicion da icineración de residuos sólidos urbanos e toxicos e perigosos.= 2º.- Solicitar da Administración Autonómica a inmediata criación dunha planta de reciclaxe e compost de residuos sólidos urbanos, baseada nos criterios do estudo aprobado pola Mancomunidade da Coruña o 26 de marzo de 1990.= 3º.- Instar ao Governo Municipal para que poña de inmediato os meios para proceder á recollida selectiva de lixo no Concello de Betanzos.= 4º.- Dispor a difusión do presente acordo entre os viciños e viciñas do Concello e nos meios de comunicación."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos Grupos de Goberno e Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

1ª tanda de intervencións:

- O Sr. Pita Varela: que, en representación do seu grupo, manifestará o seu voto en contra porque esta moción parte de principios cos que non está de acordo e refírese ó punto primeiro da mesma, pártese dunha premisa que é un sofisma: o seu grupo, sen excluir outras alternativas, acepta que a incineración dos residuos é unha solución axeitada porque o problema é gravísimo en Galicia.

- Continúa o Sr. Pita Varela: o tema lévase discutindo moitos anos e hai que adoptar medidas e o que quere é que se faga algo, tódalas alternativas son boas pero non se pode utiliza-la exclusión dado que se exclúe a tódolos demais sistemas sen explicación, pensa que a solución de incinera-los residuos é asumible estando avalada pola propia Organización Mundial da Saúde por entrar dentro dos parámetros que sinala a mesma, por estas razóns, lamentándoo, votará en contra.

- O Sr. Lagares Pérez: que o Grupo de Goberno manterá a posición inicial: abstención.

- O Sr. Otero Martínez: son moitos os argumentos en defensa da súa moción pero esta non é de carácter ecolóxico e si económico estando baseada en acordos da Mancomunidade da Coruña, debe quedar claro que todo o que se queima non pode ser reutilizado e todo se esgota incluso a auga.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: na moción do seu grupo hai un principio básico e que é o tratamento adecuado; en tódolos libros de educación se expón como único medio de tratamento dos residuos a reciclaxe, non se fala de incineración, esta faise pero non como solución, unha cousa é que a reciclaxe sexa difícil e outra moi distinta son os intereses, que os hai.

- Segue o Sr. Otero Martínez: noutra orde, fai pouco tempo que se montou un gran follón coa instalación dunha empacadora de residuos e iso non ten problemas, nós imos te-la incineradora en Cerceda; lamenta que non se aprobe a súa moción porque cré que a solución é a adecuada ó tratarse dunha moción económica.

2ª tanda de intervencións:

- O Sr. Pita Varela: puntualiza que a OMS determina cales son os parámetros e os valores adecuados para o tratamento da incineración; os paises adiantados dan ese tratamento ós residuos, exemplo Londres, Paris, etc.; non obstante parécelle ben que o Grupo BNG defenda a súa moción pero o seu posicionamento é pragmático e o Grupo Popular, ó igual que a maior parte dos concellos de Galicia, considera positivo e correcto o que se incineren os residuos, o que se quere é que en Galicia haxa solucións.

- O Sr. Otero Martínez: pensa que a onde hai que ir é a reciclaxe e cré que a conciencia cambiará cos tempos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: no seu momento o Concello de Betanzos adoptará a decisión oportuna dado que na sociedade galega hai un debate, considera suficientemente debatida a moción do Grupo BNG e polo tanto someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, obten o seguinte resultado: votos a favor, un (1, corresponde ó Grupo BNG); votos en contra, sete (7, corresponden ó Grupo Popular); abstencións, nove (9, corresponden ó Grupo de Goberno -PSOE-).

En consecuencia, non se presta aprobación á moción do Grupo BNG en relación co tratamento e xestión dos residuos sólidos urbanos.

1200.- MOCION DA ALCALDIA RELACIONADA COA ACTUALIZACION DO CADRO DE FUNCIONARIOS E A OFERTA PUBLICA DE EMPREGO PARA O EXERCICIO DE 1996.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relacionada coa actualización do cadro de funcionarios e da oferta pública de emprego para o exercicio de 1996.

Propón a Alcaldía-Presidencia que se adopte o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- O Pleno declárase enterado do resultado da oposición libre convocada para provistar en propiedade tres prazas de policías locais, así como do concurso de méritos para provistar un praza de cabo de policía local.= SEGUNDO.- Polos servicios correspondentes, procederase á actualización do cadro de funcionarios aprobado polo Pleno da Corporación o 20-11-1995, así como á actualización da oferta pública de emprego para o ano 1996, aprobada polo Pleno da Corporación o 20-11-1995, para posterior publicación desta última no Boletín Oficial do Estado, para os efectos oportunos na orde legal.= TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- O Pleno declárase enterado do resultado da oposición libre convocada para provistar en propiedade tres prazas de policías locais, así como do concurso de méritos para provistar unha praza de cabo de policía local.= SEGUNDO.- Polos servicios correspondentes procederase á actualización do cadro de funcionarios aprobado polo Pleno da Corporación o 20-11-1995, así como á actualización da oferta pública de emprego para o ano 1996, aprobada polo Pleno da Corporación o 20-11-1995, para posterior publicación desta última no Boletín Oficial do Estado, para os efectos oportunos na orde legal.= TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

1300.- PRESTAR APROBACION A RECTIFICACION DO INVENTARIO DE BENS DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS CON REFERENCIA O 31-12-1995.

Dase conta ó pleno do expediente aberto para prestar aprobación á rectificación do inventario de bens do Excmo. Concello de Betanzos con referencia ó 31-12-1995.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que o seu grupo votará favorablemente, pero solicitia que as valoracións dos bens sexan un pouco mais axustadas e iso pódese lograr mediante unha valoración dos bens realizada por un técnico taxador regulado; solicítao para aproximarse á realidade e iso adoita facerse nos concellos grandes para evitar así problemas.

- O Sr. Alcalde-Presidente: recóllese a suxerencia do Partido Popular dado que lle parece bastante acertada e, en consecuencia, a continuación someterase a votación este punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, préstaselle aprobación por unanimidade de tódolos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á rectificación do inventario de bens do Excmo. Concello de Betanzos, con referencia ó 31-12-1995, os resumos do cal, a nivel de rectificación e xeral, son como seguen:

RESUMO RECTIFICACION DO INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL 1995.

INDICE-RESUMO:

RESUMO.	VALOR (Ptas.)
Total inventario ano 1994.....	4.493.138.886,-
Total altas rectificacion-inv. 1995.....	84.975.453,-
Total baixas rectificación-inv. 1995.....	-105.000,-
TOTAL RECTIFICACION-INVENTARIO-1995.....	4.578.009.339,-

INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL referido ó día 31 de decembro de 1995.

INDICE - RESUMO XERAL POR EPIGRAFES E GRUPOS

N.do epígrafe	Nº de bens	Valor (Pts.)	Nº folios
1º.- BENS INMOBLES:			
Grupo A.- Fincas urbanas	44	2.241.880.000	02/095
Grupo B.- Fincas rústicas	135	764.686.287	099/394
Patrim. Mpal. solo	1	53.262.700	367/368
Grupo C.- Vías públicas	89	810.865.650	400/576
Grupo D.- Font. e lavadeiros	52	30.025.000	581/601
2.- DEREITOS REAIS	2	1.852.500	605/606
3.- BENS MOBLES DE CARACTER HISTORICO, ARTISTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONOMICO	5	72.000.000	609/617
4.- VALORES MOBILIARIOS, CREDITOS E DEREITOS DE			

CARACTER PERSOAL DA CORPORAC ION	--	----------	--------
5.- VEHICULOS	20	38.910.000	624/650
6.- SEMOVIENTES	--	----------	--------
7.- MOBLES NON COMPRENDIDOS NOS ANTERIORES EPIGRAFES	273	564.527.202	655/761
8.- BENS E DEREITOS REVERTIBLES	--	----------	-------
SUMA TOTAL.....		4.578.009.339	

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado, facendo constar que ó devandito expediente se lle dará o trámite previsto pola lexislación en vigor."

1400.- DESIGNAR MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIONS XERAIS A CELEBRAR EN MARZO DE 1996.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a designación de membros das mesas electorais en eleccións xerais a celebrar en marzo de 1996, para o fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das normas electorais vixentes.

Cumpridas as formalidades legais establecidas; visto o informe proposta formulado pola Comisión Especial para Eleccións, este Concello formou por sorteo público as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

Mesa - sección.

Apelidos - nome - NIF - cargo

MESA: 1 - UNICA
Fernández González, Maximino - 32 755 440 J - PRESIDENTE
Ferreiro Barral, Isabel - 32 805 071 X - 1º VOCAL
Fraga Rodríguez, Bernardo Jesús - 76 363 853 N - 2º VOCAL
Fuentes Abeledo, Eva María - 76 361 482 X - SUPLENTE PRESIDENTE
García López, María Jesús - 32 750 151 Z - SUPLENTE PRESIDENTE
García Naveira, Begoña - 32 773 991 A - SUPLENTE 1º VOCAL
García Pedreira, Enrique Javier - 32 805 690 P - SUPLENTE 1º VOCAL
García Sánchez, Francisco José - 76 357 032 F - SUPLENTE 2º VOCAL
García-Bustelo García, Susana - 71 864 435 S - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 2 - UNICA
Villaverde Teijo, Victoria Eugenia - 76 351 181 J - PRESIDENTE
Zapata Barbeito, María Esperanza - 32 774 707 Y - 1º VOCAL
Aguiar Boudin, Eduardo - 32 421 701 G - 2º VOCAL
Alvarez Crespo, Enrique - 32 340 839 X - SUPLENTE PRESIDENTE
Babio Rodríguez, María Pilar - 32 356 123 E - SUPLENTE PRESIDENTE
Bahamonde Reija, M. Sandra - 32 799 501 Y - SUPLENTE 1º VOCAL
Blanco Arévalo, José Antonio - 32 370 298 Y - SUPLENTE 1º VOCAL
Budiño Barreiro, M. Pilar - 78 786 219 H - SUPLENTE 2º VOCAL
Cal Dopico, María Rosario - 32 808 179 J - SUPLENTE 2º VOCAL

MESA: 3 - UNICA
Caño del Pereira, Julian - 35 303 660 V - PRESIDENTE
Castro Ramallo, Alfonso - 32 445 053 B - 1º VOCAL
Cortés Varela, M. Victoria - 79 317 444 N - 2º VOCAL
Costoya Bravo, María Teresa - 76 361 457 P - SUPLENTE PRESIDENTE
Couceiro Lago, Olga - 32 748 832 Y - SUPLENTE PRESIDENTE
Dopico Carro, Francisco A. - 76 363 680 T - SUPLENTE 1º VOCAL
Edreira Charlon, Francisco J. - 32 750 752 V - SUPLENTE 1º VOCAL
Fernández Faraldo, María Karina - 32 775 554 W - SUPLENTE 2º VOCAL
Fernández Villaverde, María Dolores - 76 363 267 R - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 4 - UNICA
Lareo Sánchez, Rubén - 32 792 147 N - PRESIDENTE
Lobeiras Pita, Manuel Angel - 32 436 412 H - 1º VOCAL
López Lodeiro, Manolita - 76 334 736 J - 2º VOCAL
López Millarengo, María Angeles - 32 625 961 R - SUPLENTE PRESIDENTE
López Moreira, María Luisa - 32 391 460 P - SUPLENTE PRESIDENTE
López Seijo, Marcelino - 76 351 129 F - SUPLENTE 1º VOCAL
Losada Rodríguez, M. Teresa - 32 440 753 N - SUPLENTE 1º VOCAL
Malo Pérez, Alfonso Alberto - 32 428 904 P - SUPLENTE 2º VOCAL
Marqués Solla, Emma María - 76 406 907 X - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 5 - A
Fraga García, Javier - 32 761 285 K - PRESIDENTE
Fernández Ferreiro, M. Carmen - 32 764 172 M - 1º VOCAL
Fernández López, M. Begoña - 76 353 922 V - 2º VOCAL
Fernández Parga, Federico Roberto - 32 406 811 H - SUPLENTE PRESIDENTE
Fernández Ramos, María Jesús - 33 190 360 A - SUPLENTE PRESIDENTE
Fernández Rivas, María Jesús - 32 781 369 K - SUPLENTE 1º VOCAL
Fernández Rodríguez, Javier - 76 344 723 H - SUPLENTE 1º VOCAL
Ferreño Precedo, María José - 32 781 904 G - SUPLENTE 2º VOCAL
Fernández Varela, María Elena - 32 769 805 A - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 5 - B
Naveira Pardiñas, María Antonia - 32 770 478 D - PRESIDENTE
Naveira Rodríguez, Alberto - 76 356 992 M - 1º VOCAL
Naveira Sánchez, María Carmen - 32 766 779 J - 2º VOCAL
Noguerol Porca, María Flora - 32 400 312 M - SUPLENTE PRESIDENTE
Núñez Faraldo, María Carmen - 79 310 521 N - SUPLENTE PRESIDENTE
Otero García, José - 32 450 201 F - SUPLENTE 1º VOCAL
Ogando Marzoa, María Isabel - 76 365 223 W - SUPLENTE 1º VOCAL
Otero Ares, Isidro Enrique - 76 315 734 D - SUPLENTE 2º VOCAL
Otero García, Alfredo - 32 383 330 C - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 6 - UNICA
López López, Francisco - 32 595 265 X - PRESIDENTE
López Vidal, Ricardo - 76 315 750 W - 1º VOCAL
Louriño Cortés, José Manuel - 32 629 658 H - 2º VOCAL
Lucas Castrillón, M. Fernanda - 32 763 637 E - SUPLENTE PRESIDENTE

Llamas Morales, Francisco - 23 171 815 M - SUPLENTE PRESIDENTE
Mayo Presa, María Josefa - 76 335 650 F - SUPLENTE 1º VOCAL
Mariño Rodríguez, Enrique - 34 244 998 E - SUPLENTE 1º VOCAL
Mellid Mayo, Marina - 76 347 636 X - SUPLENTE 2º VOCAL
Martínez Couceiro, Elvira - 32 317 511 G - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 7 - UNICA
Saya Crespo, María Esther - 32 755 000 X - PRESIDENTE
Seijas Castelo, Manuel - 32 413 675 M - 1º VOCAL
Seoane Lage, Aurea - 32 431 746 K - 2º VOCAL
Suárez García, Manuel - 32 764 455 N - SUPLENTE PRESIDENTE
Tato Bonome, José Luis - 76 329 324 Y - SUPLENTE PRESIDENTE
Teijo Díaz, María Luisa - ---------- - SUPLENTE 1º VOCAL
Teijo López, José Angel - 32 844 283 F - SUPLENTE 1º VOCAL
Teijo Rico, Francisco - 32 776 750 W - SUPLENTE 2º VOCAL
Tomé Morandeira, Ana Isabel - 22 740 334 G - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 8 - A
Campos Buyo, José Félix - 76 351 121 E - PRESIDENTE
Carro Iglesias, María Carmen - 32 782 512 Z - 1º VOCAL
Carro Purriños, Vicente - 32 768 660 P - 2º VOCAl
Fariñas García, José - 79 316 386 N - SUPLENTE PRESIDENTE
Pumares Mateo, Javier - 10 834 594 F - SUPLENTE PRESIDENTE
Sánchez Sánchez, José - 32 793 606 E - SUPLENTE 1º VOCAL
Sánchez Tomé, Elena - 76 359 257 Q - SUPLENTE 1º VOCAL
Vasco Bolaño, María Carmen - 76 357 005 H - SUPLENTE 2º VOCAL
Vázquez Seoane, Carlos Miguel - 76 341 531 T - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 8 - B
García Naveira, María Susana - 76 363 871 F - PRESIDENTE
García Rodríguez, María José - 76 363 723 C - 1º VOCAL
García Seoane, Pedro - 32 783 166 R - 2º VOCAL
Gerónimo Vázquez, María Mercedes - 34 599 237 S - SUPLENTE PRESIDENTE
Gómez Pérez, Sandra - 32 797 790 C - SUPLENTE PRESIDENTE
Gómez Vidal, María Elena - 32 430 935 S - SUPLENTE 1º VOCAL
Iglesias López, José Luis - 32 774 183 B - SUPLENTE 1º VOCAL
González Pedreira, José Antonio - 76 324 801 Z - SUPLENTE 2º VOCAL
Herrero Alamo, Raquel - 4 162 845 Y - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 9 - UNICA
Sánchez Mirón, Rosa María - 32 788 611 H - PRESIDENTE
Vázquez Agilda, María Beatriz - 76 357 066 X - 1º VOCAL
Vázquez Gómez, Patricia - 32 785 503 S - 2º VOCAL
Aba Varela, María - 76 363 242 E - SUPLENTE PRESIDENTE
Bernal Sousa, María Mercedes - 32 437 765 Z - SUPLENTE PRESIDENTE
Calviño Picado, José María - 76 366 379 P - SUPLENTE 1º VOCAL
Castro Dans, Laureano Manuel - 32 419 375 R - SUPLENTE 1º VOCAL
Dans Lagoa, María Raquel - 32 789 418 C - SUPLENTE 2º VOCAL
Dapena Paz, José Vicente - 76 341 505 C - SUPLENTE 2º VOCAL

MESA: 10 - A
Naya Otero, Rosa María - 76 333 363 C - PRESIDENTE
Nogueira Naveira, María Lourdes - 76 344 774 T - 1º VOCAL
Otero Mosquera, José Luis - 76 341 764 A - 2º VOCAL
Paz Paz, María José - 32 435 328 S - SUPLENTE PRESIDENTE
Seoane Gómez, Luis Manuel - 32 807 228 M - SUPLENTE PRESIDENTE
Vázquez Matos, Freddy - 32 798 473 J - SUPLENTE 1º VOCAL
Veiga Vázquez, Olga María - 32 810 481 S - SUPLENTE 1º VOCAL
Zapata Varela, Antonio - 76 356 094 G - SUPLENTE 2º VOCAL
Muiños Otero, José Manuel - 32 842 626 Y - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 10 - B
Prado Mourón, Monserrat - 76 363 756 F - PRESIDENTE
Bello Carabel, María Josefa - 32 443 484 Y - 1º VOCAL
Castro Otero, María Elvira - 76 858 255 Y - 2º VOCAL
Fornos García, Juan - 32 804 177 J - SUPLENTE PRESIDENTE
Fraga Liste, Joaquin - 79 314 697 W - SUPLENTE PRESIDENTE
Fraga Pedreira, María Raquel - 32 806 169 G - SUPLENTE 1º VOCAL
García Cabanas, Olga - 34 891 548 L - SUPLENTE 1º VOCAL
López Calviño, Ana Berta - 32 438 134 S - SUPLENTE 2º VOCAL
Méndez Sánchez, Manuel - 76 354 100 B - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 10 - C
Charlon Otero, Alfonso - 76 353 991 V - PRESIDENTE
Díaz Cortés, María Isabel - 32 773 413 T - 1º VOCAL
Fariña Pedreira, María Carmen - 32 429 416 Z - 2º VOCAL
Fernández Fiaño, María Nieves - 32 797 769 E - SUPLENTE PRESIDENTE
Galavis Vales, Oscar Enrique - 32 833 965 Q - SUPLENTE PRESIDENTE
García García, Fernando - 76 323 156 W - SUPLENTE 1º VOCAL
García López, María Pilar - 32 786 570 R - SUPLENTE 1º VOCAL
Gómez Gómez, María Silva - 76 363 205 P - SUPLENTE 2º VOCAL
Iglesias Otero, M. Carmen - 76 323 165 B - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 10 - D
Alonso Villar, María Carmen - 22 740 402 A - PRESIDENTE
Casal Sobrino, María Carmen - 76 351 149 G - 1º VOCAL
Candame Pardo, Yolanda - 32 791 080 A - 2º VOCAL
Martínez Fariñas, Ana María - 32 777 636 Z - SUPLENTE PRESIDENTE
Amado Rodoríguez, Mónica - 79 316 897 V - SUPLENTE PRESIDENTE
Pato Martínez, Manuel - 02 825 581 P - SUPLENTE 1º VOCAL
Pérez Varela, Manuela - 76 363 816 K - SUPLENTE 1º VOCAL
Rodríguez Vázquez, Rosa Mary - 34 940 271 M - SUPLENTE 2º VOCAL
Rosende Seoane, María Soledad - ---------- - SUPLENTE 2º VOCAL
MESA: 11 - UNICA
Rey Barbeito, Elena - 33 306 821 S - PRESIDENTE
Rey Cortés, María Carmen - 32 799 540 E - 1º VOCAL
Rivas Pardo, M. Esther - 32 781 008 M - 2º VOCAL
Pérez Casal, Tomás - 32 796 480 K - SUPLENTE PRESIDENTE
Rodríguez Santiso, Antonio Guillermo - 32 797 071 Z - SUPLENTE PRESIDENTE

Rodríguez Suárez, Ramiro - ---------- - SUPLENTE 1º VOCAL
Sánchez Vázquez, Ana María - 76 336 988 B - SUPLENTE 1º VOCAL
Seoane Buján, Jesús - 14 235 817 J - SUPLENTE 2º VOCAL
Torres Díaz, M. Carmen - 76 363 843 W - SUPLENTE 2º VOCAL

1500.- PRESTAR APROBACION A PROXECTOS DE OBRAS A INCLUIR NO FONDO DE COOPERACION LOCAL 1996 DA XUNTA DE GALICIA.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación a proxectos de obras a incluir no fondo de cooperación local 1996 da Xunta de Galicia.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos.

Sometido o asunto a votación, préstaselle aprobación por unanimidade de tódolos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación a proxectos de obras a incluir no fondo de cooperación local 1996 da Xunta de Galicia, que son: 1º fase de abastecemento de auga a Talai, por importe de 3.681.042,- ptas.; recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, por importe de 3.000.000,- ptas.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado, facendo constar que ó devandito expediente se lle dará o trámite previsto pola lexislación en vigor."

1600.- MOCION DA ALCALDIA SOBRE EXPOSICION FUNDACION "JIMENEZ COSSIO" EN BETANZOS E OUTRAS CAPITAIS GALEGAS E ESPAÑOLAS.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre exposición fundación "Jiménez Cossio" en Betanzos e outras capitais galegas e españolas.

Popón a Alcaldía-Presidencia que se adopte o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Informar favorablemente e prestar apoio corporativo á organización da exposición itinerante da Fundación Jiménez Cossio en Betanzos e outras capitais galegas e españolas.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou tenente de alcalde en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Informar favorablemente e prestar apoio corporativo á organización da exposición itinerante da Fundación Jiménez Cossio en Betanzos e outras capitais galegas e españolas.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou tenente de alcalde en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

1700.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de inicia-las tandas de rogos e preguntas, fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente para invitar ós Sres. concelleiros á inauguración da nova "Escola Taller Pasatempo", que terá lugar o vindeiro día nove de febreiro ás 13:30 horas, nas instalacións da mesma.

Polo Sr. secretario xeral dase conta ó Pleno das respostas a preguntas formuladas polo grupo Popular e o grupo BNG na sesión ordinaria celebrada o pasado día vinte de novembro; din así as as respostas ás preguntas formuladas polo grupo Popular:

¿Medios en que se difundiu a convocatoria?

- Solicitáronse os aspirantes ó devandito posto de traballo a través de presentación de oferta de emprego xenérica á Oficina de Emprego de Betanzos.

¿Prazos que se estableceron para a presentación da documentación?

- A Oficina de Emprego, en función da oferta xenérica presentada, comunicou a tódalas asistentes sociais inscritas na Oficina de emprego a praza ofertada por este Concello. Non se estableceu un prazo concreto senon o necesario pola Oficina de Emprego para convocar a tódalas aspirantes que cumpriran os requisitos obxecto da praza.

¿Informouse da convocatoria desta praza á Comisión de Persoal?

- Non se informou á Comisión de Persoal posto que a devandita comisión foi creada para seleccionar ó persoal contratado por este Concello en virtude de convenios de colaboración co INEM, non sendo o caso.

¿Cal foi o baremo utilizado na mencionada convocatoria?

- Residencia en Betanzos durante os últimos 5 anos consecutivos: máximo 3 puntos.

- Por calificacións obtidas na carreira: máximo 3 puntos.

- Por experiencia profesional: máximo 3 puntos.

- Outras consideracións a ter en conta polo tribunal (asistencia a cursos, etc.): máximo 1 punto.

Din así as respostas ás preguntas formuladas polo grupo BNG:

En relación cos postos de Intervención e Tesourería, o Ministerio para as Administracións Públicas comunicou a este Concello que a Dirección Xeral da Función Pública convocará concurso unitario na segunda quincena de outubro para prover nas corporacións locais postos vacantes a funcionarios de administración local con habilitación nacional.

De acordo coa lexislación vixente, esencialmente o artigo 25 do RD 1732/94, no devandito concurso deberán ofrecerse tódolos postos vacantes que non foran incluídos na convocatoria anual de concurso ordinario.

Seguidamente, formúlanse as seguintes:

- O Sr. Pita Varela: que na convocatoria da orde do día pese a ser unha sesión extraordinaria, figuran rogos e preguntas, ¿iso quere dicir que en tódalas sesións extraordinarias figurará dito apartado?, dado que habitualmente non figuran.

- O Sr. Alcalde-Presidente: a esa pregunta pódelle contesta-lo representante do grupo Popular que asistiu á reunión previa á convocatoria da sesión plenaria: incluíronse neste Pleno por estar previsto.

- O Sr. Pita Varela: en relación coa reclamación dun veciño solicitando a anulación de recibos de recollida de lixo ano 1995 por considera-la existencia de doble imposición, desestimouse, roga que cando se faga así se diga e indique a causa da desestimación da reclamación presentada.

- O Sr. Otero Martínez: formula as seguintes:

1º.- Que ten coñecemento de que particulares poñen xardineiras nas rúas, ¿como é posible iso?

2ª.- En relación coa gardería infantil, ¿existen subvencións doutros organismos para o seu funcionamento?

3ª.- ¿Cales eran as vacantes que había nos concursos (ordinario e unitario 1995) convocados en relación polos postos de habilitados nacionais vacantes neste Concello?

- O Sr. García Vázquez: ten coñecemento de que o MOPT está redactando un proxecto de reparación de infraestructuras afectadas pola construcción da autovía, roga que se curse comunicación ó devandito organismo para que axilicen os trámites.

- O Sr. Alcalde-Presidente: realizaranse as xestións oportunas.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e catorce minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA O DIA VINTESEIS DE FEBREIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Luis Alberto Carro Erias.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Non asisten, con desculpa:

D. José Ramón García Vázquez, concelleiro do PSdeG-PSOE.
D. Antonio Vázquez Lorenzo, concelleiro do PSde G-PSOE.
D. Jaime Alberto Pita Varela, concelleiro do PP.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana, concelleira do PP.
D. Manuel J. Basteiro Fernández, concelleiro do PP.
D. Andrés Martínez Guerra, concelleiro do PP.
D. Angel Pastor Casal Otero, concelleiro do PP.
D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinteseis de febreiro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria

o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión extraordinaria urxente prevista para o día de hoxe.

A urxencia da sesión ven dada polo escrito da Xunta Electoral de Zona de Betanzos polo que se comunica ó Sr. secretario xeral do Excmo. Concello de Betanzos/delegado da Xunta Electoral de Zona, as resolucións das excusas presentadas por parte interesada ante a referida Xunta Electoral para a formación de mesas electorais nas eleccións xerais a celebra-lo vindeiro día tres de marzo e insta coa maior urxencia a que se realicen en forma legal as actuacións conducentes para a debida formación das mesas electorais.

Apreciada a urxencia da sesión polo Pleno da Corporación, procédese a celebra-la mesma.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Queda pendaente de aprobación a acta da sesión celebrada o día cinco de febreiro de 1996, non se subministrou ós Sres. concelleiros.

200.- DESIGNAR NOVOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS EN ELECCIONS XERAIS DE MARZO DE 1996.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a designación de novos membros de mesas electorais en sustitución dos nomeados inicialmente por resolución de reclamacións/alegacións efectuadas por parte interesada ante a Xunta Electoral de Zona, para o fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das normas electorais vixentes e o acordado pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, na reunión celebrada pola mesma o vinteun de febreiro pasado.

Cumpridas as formalidades legais establecidas; vista a proposta formulada pola Comisión Especial para Eleccións, este Concello designou por sorteo público os membros das mesas electorais en sustitución dos nomeados inicialmente, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

Sección - Mesa - Cargo - Interesado - NIF

1ª - Unica - 1º vocal - Pedro Ignacio Noya López - 33 152 739 X
2ª - Unica - 1º suplente presidente - Antonio Couceiro Faraldo - 32 759 497 E
3ª - Unica - Presidente - María Soledad Varela Otero - 1 819 971 G
9ª - Unica - Presidente - Josefa López Naveira - 32 422 193 J
10ª - B - 1º suplente 1º vocal - Cristina Barallobre Moar - 34 890 577 Z
10ª - B - 2º suplente 1º vocal - María José Casanova Orgeira - 76 351 191 T
10ª - D - 2º suplente 1º vocal - María José Barcia Guerra - 32 774 482 B

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTENOVE DE MARZO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. Manuel Lagares Pérez.
Sres. Concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
Sr. secretario:
D. José Cortés Carro.
Sr. interventor:
D. José A. García Bello.
Non asisten, con desculpa:
Dª Mª Dolores Faraldo Botana, concelleira do PP.
D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintenove de marzo de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación ás actas das sesións realizadas polo Pleno da Corporación o día cinco e o día vinteseis de febreiro de mil novecentos noventa e seis.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes:

201.- Resolución número 79/96 da Alcaldía-Presidencia , pola que se presta aprobación á liquidación do presuposto de 1995, cun superavit de 3.733.005,- ptas.; únese á mesma informe favorable emitido polos servicios económicos de intervención.

202.- Resolución número 86/95 da Alcaldía-Presidencia, pola que se presta aprobación a proxectos e memorias de obras redactadas polos servicios técnicos locais ó obxecto de solicita-la correspondente subvención ó Instituto Nacional de Emprego (INEM).

203.- Resolución número 114/96 da Alcaldía-Presidencia, pola que se acorda renova-la operación de tesourería número 10231 do Banco de Bilbao, por un importe de 30.000.000,- ptas.

204.- Acordo do Concello de Pobra do Caramiñal, en relación coa nova rede de centros de ensino público da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

205.- Escrito de alegacións do Concello de Betanzos ó proxecto de rede de centros de ensino público da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

300.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELATIVA Á ORDENANZA FISCAL NÚMERO OITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA..

Dase conta ó Pleno de moción do grupo BNG relacionada coa ordenanza fiscal número oito da Deputación Provincial da Coruña.

Propón o grupo BNG que se adopte o seguinte acordo: "Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a modificación do artigo 7 da ordenanza fiscal nº 8, de tal xeito que os metros lineais de fachada e os metros cadrados de cada planta constitúan a base da imposición da devandita taxa, sobre a que se debe aplicar unha tarifa semellante á que hai nas outras deputacións galegas."

Está informada pola Comisión de Programación no sentido de que os grupos políticos, por unanimidade, se reservan o voto ó Pleno, ante a ausencia xustificada do representante do referido grupo BNG á sesión da referida comisión onde se informou este punto da orde do día.

Fai uso da plabra o Sr. alcalde, para propoñer que ante a ausencia xustificada do representante do grupo BNG a esta sesión plenaria ordinaria, o asunto quede sobre a mesa ó obxecto de que sexa tratado nunha próxima sesión plenaria e permitir así que o devandito representante expoña a moción do seu grupo.

Ás 20:34 horas incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía-Presidencia, apróbase por unanimidade, en consecuencia a devandita moción queda sobre a mesa para ser tratada na próxima sesión que celebre a Corporación.

400.- ADOPCION DE ACORDO SOBRE ESCRITO DA SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de escrito da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos, di así o devandito escrito: "En relación co seu escrito do 1 de dembro de 1995, con rexistro de saída nº 1865, polo que solicitaba desta sociedade que se manifestara sobre a utilización ou renuncia do local das Escolas García Irmáns, esta xunta directiva comunica que: Na asemblea xeral ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 1996, ás 20:30 horas no edificio Liceo, na orde do día da cal figuraba como punto 4 "contestación ó escrito recibido do Excmo. Concello sobre a utilización ou renuncia do local das Escolas Irmáns García Naveira e posibles solucións", e unha vez lido o escrito recibido dese concello o cal di: "A Comisión de goberno deste Concello, na súa sesión celebrada o día vintetrés de novembro de 1995, decidiu: "300/ ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.- Seguidamente, dase conta á Comisión dos seguintes, enviados por: 331/ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.- Visto o expediente aberto para a utilización por parte da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos, das instalacións sitas nas Escolas Irmáns García Naveira. Solicitarase á mencionada sociedade, para que manifesten se van utiliza-las referidas instalacións, ou polo contrario presenten renuncia formal á utilización das mesmas. O que lle comunico para os efectos oportunos na orde legal".= Previa exposición razonada por parte da directiva das dificultades económicas que supoñen o facerse cargo do local nas

condicións en que se concede, e dado que na actualidade os ingresos, aínda contando coas axudas institucionais, son necesarios para o mantemento da sociedade co que, trala deliberación da asemblea, se somete a votación, co seguinte resultado: Votos a favor da renuncia 18; votos en contra da renuncia 3; abstencións 0. Quedando aprobada polo tanto a renuncia a ocupa-las referidas instalacións.= Á vista do anteriormente exposto e dado que a sociedade necesita de instalacións para o seu funcionamento e desenvolvemento de actividades, é polo que a xunta directiva, facéndose eco do acordo tomado pola asemblea, solicita que lle sexan concedidos os locais que na actualidade ven disfrutando por un período e condicións semellantes ás da cesión do local obxecto da renuncia.= O que se comunica para os efectos oportounos.= Betanzos, 1 de marzo de 1996.= O PRESIDENTE."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Martínez Guerra: na documentación do expediente incorpórase un croquis e por iso entende que os locais mencionados coinciden co mesmo e que as condicións son iguais que na cesión das antigas Escolas García Irmáns.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que efectivamente coincide coas afirmacións do Sr. Martínez Guerra.

Ás 20:38 horas incorpóranse á sesión os Sres. Pita Varela, Carro Erias e Casal Otero.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez, manifestando que, non obstante o anterior, a zona marcada de amarelo no plano destinarase á fundación "Jiménez Cosio" e unha variación é que o tempo de cesión, de acordo cos informes sobre necesidades técnicas e de ampliación dos servicios culturais do Concello, será por cinco anos con data que se contará desde esta sesión plenaria e, en definitiva, os locais o uso dos cales se cede á ACR de Betanzos, por un período de cinco anos, son os mesmos que veñen disfrutando menos o que se destinará á fundación "Jiménez Cossio", que se contarán desde esta data.

- O Sr. Martínez Guerra: solicita coñecer se existen máis variacións.

- O Sr. Lagares Pérez: só as que mencionou.

Non existindo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Cede-lo local que actualmente ven usando a Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Betanzos á mesma por un período de cinco anos que se contarán a partir da data desta sesión plenaria (29-03-1996) con excepción da parte que dá ó atrio de Santo Domingo (superficie sesenta e seis metros cadrados), a cal será destinada polo Excmo. Concello de Betanzos para a exposición da fundación "Jiménez Cosio"; as restantes condicións serán as mesmas que rexeron para a cesión das antigas Escolas García Irmáns á sociedade mencionada consonte o acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 29-11-1991.= Segundo.- Deste acordo darase translado ás partes interesadas, ó obxecto de formaliza-la cesión que se efectúa, para o cal se faculta amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

500.- MOCION DO GRUPO POPULAR SOBRE REINICIA-LAS OBRAS DO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DE INFESTA.

Dase conta ó Pleno da Corporación de moción do grupo Popular sobre reinicia-las obras do centro social e cultural de Infesta.

Propón o grupo Popular que se adopte o seguinte acordo: "REINICIA-LAS OBRAS DO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DE INFESTA AXILIZANDO AS MESMAS PARA QUE SE POIDA UTILIZAR NUN PRAZO DE TEMPO RAZONABLE"

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos (grupo Socialista e Popular).

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Lagares Pérez: reitera o manifestado na comisión informativa con respecto a que se manteñan as obras posto que non estiveron paradas; recaba o apoio do grupo Popular para que apoien a petición de subvencións con destino a continua-las obras e que se interesen á súa vez por outras.

- O Sr. Pita Varela expón dúas cuestións:

1ª) Solicita coñecer a que consellería se dirixiron as peticións para ter información.

2ª) Que a obra tivo un período de execución e estivo parada como todos coñecen; incluso estivo causando trastornos á vivenda colindante ó haber humidades que se introducían pola medianeira e por descontado que o apoiarán como outras.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Reinicia-las obras do centro social e cultural de Infesta axilizando as mesmas para que se poida utilizar nun prazo de tempo razonable.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

600.- <u>MOCION DO GRUPO POPULAR SOBRE O ESTADO DA REDE DE SANEAMENTO NA ZONA DAS CASCAS.</u>

Dase conta ó pleno de moción do grupo Popular sobre o estado da rede de saneamento da zona das Cascas.

Propón o grupo Popular que se adopten os seguintes acordos: "Primeiro.- Realizar con carácter urxente un informe técnico-sanitario da rede de saneamento que discorre pola citada zona.= Segundo.- Acometer urxentemente as obras necesarias para evita-las fugas de augas residuais da rede, evitando deste modo as posibles infeccións que poidan sufri-los veciños, os cheirumes noxentos da zona e a contaminación do noso río Mendo."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos (grupo Socialista e grupo Popular).

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Carro Erias: cré que a moción quedou suficientemente explicada na reunión da comisión informativa, solicita que se leve a cabo a petición formulada e con posterioridade a ver cales son as mellores solucións.

- O Sr. Lagares Pérez: agradece as aportacións do grupo Popular pero non obstante tanto este tema como o seguinte están sendo tratados polos técnicos municipais.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptanse os seguintes acordos: "Primeiro.- Realizar con carácter urxente un informe técnico-sanitario da rede de saneamento que

discorre pola citada zona.= Segundo.- Acometer urxentemente as obras necesarias para evita-las fugas de augas residuais da rede, evitando deste modo as posibles infeccións que poidan sufri-los veciños, os cheirumes noxentos da zona e a contaminación do noso río Mendo.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

700.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O ESTADO DA REDE DE SANEAMENTO NA RUA DAS MARIÑAS.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo Popular sobre o estado da rede de saneamento na rúa das Mariñas.

Propón o grupo Popular que se adopten os seguintes acordos: "Primeiro.- Realizar con carácter urxente un informe técnico-sanitario da rede de sumidoiros que discorre pola rúa das Mariñas así como das súas ramificacións.= Segundo.- Acometer urxentemente as obras necesarias para evita-las emanacións fétidas procedentes da rede de sumidoiros así como as de mellora da citada rede que se desprendan do informe municipal."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos (grupo Socialista e grupo Popular).

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Carro Erias: a moción do seu grupo, como indicou na comisión informativa, refírese ó estado no que se encontra a rede de saneamento da rúa das Mariñas, a cal ocasiona molestias polos cheirumes incluso dentro das propias vivendas, que se acentúan no verán.

- O Sr. Alcalde-Presidente: na reparación da rede de saneamento, teñen que intervir particulares e a propia Xunta de Galicia; o Concello non vai acepta-la urbanización mentres non estea en condicións, existindo estudios técnicos e polo tanto vaise esixir a todos que se fagan as obras de urbanización necesarias antes de recibilas.

- O Sr. Carro Erias: indica que a rúa das Mariñas está no contorno da Condesa e non pertence á Condesa.

- O Sr. Lagares Pérez: como ben din todos, Alcaldía-Presidencia e Sr. Carro Erias, existen entronques comúns á rúa das Mariñas e Condesa e polo tanto o tratamento é conxunto e a cuestión é de todos, existindo avais depositados por promotores, non obstante os problemas coñécense e os servicios técnicos locais están intentando solucionalos.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptanse os seguintes acordos: "Primeiro.- Realizar con carácter urxente un informe técnico-sanitario da rede de sumidoiros que discorre pola rúa das Mariñas así como das súas ramificacións.= Segundo.- Acometer urxentemente as obras necesarias para evita-las emanacións fétidas procedentes da rede de sumidoiros así como as de mellora da citada rede que se desprenden do informe municipal.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

800.- BASES PARA PROVER EN PROPIEDADE DÚAS PRAZAS DE POLICÍAS LOCAIS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 1996.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ás bases para prover en propiedade dúas prazas de policías locais incluídas na oferta de emprego público de 1996.

Están informadas favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos (grupo Socialista e grupo Popular).

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ás bases para prover dúas prazas de policías locais incluídas na oferta de emprego pública de 1996.= Segundo.- Ás devanditas bases daráselle-lo trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

900.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DE TERREOS NO LUGAR DA ESTACIÓN POBO.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para proceder ó proceso expropiatorio de terreos no lugar da Estación Pobo de Betanzos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do grupo Popular; Secretaría Xeral e os servicios económicos de Intervención.

Incorpóranse ó devandito expediente a relación de propietarios e bens afectados: nome, domicilio, descrición da finca, referencias, situación xurídica, detalle das descricións e antecedentes, así como o tipo de suposto expropiatorio: execución en solo urbano dunha dotación local, non inclídas en unidades de execución integral (artigo 78.2 da Lei 8/1990).

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postoura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que se presenta un prego pero non se di cales son os fins e motivos para expropia-los terreos; o seu grupo non se opón a expropiacións para cuestións de interese para o Concello, non obstante queren coñecer, loxicamente, as motivacións.

- O Sr. Lagares Pérez: o motivo está na resolución da Alcaldía e procederá á súa lectura parcial: "...Determinadas circunstancias -de todos coñecidas- esixen a ampliación de espacios públicos e naturais para xerar dotacións públicas tanto de carácter xeral como local e dotar de equipamentos sociais/comunitarios non incluídos en unidades de execución integrables (UEI) a este Concello...".

- O Sr. Pita Varela: precisamente lembrando a proposta pide concreción e solicita coñecer cales son as "determinadas circunstancias -de todos coñecidas-"; tal como está redactado hai unha indefinición e deberíase concretar un pouco máis, non obstante o seu voto será favorable.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, vistos os artigos 10 e seguintes da Lei de expropiación forzosa e os 66 e seguintes, os 78 e 81 e seguintes da Lei 8/1990 do 25 de xullo e en harmonía co decreto da Alcaldía e os informes que figuran no expediente, por unanimidade, adóptanse os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Estimar necesaria a expropiación de terreos no lugar da Estación Pobo de Betanzos, ó obxecto de proceder á ampliación de espacios públicos e naturais para xerar dotacións públicas tanto de carácter xeral como local e dotar de equipamentos sociais/comunitarios non incluídos en unidades de execución integrais (UEI), considerando implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos inmobles dos que se aproba a relación concreta, individualizada e valorada e que se describen no anexo deste acordo.= SEGUNDO.- Segui-la expropiación individualmente para cada finca abrindo información pública durante un prazo de quince días no taboleiro de anuncios do Concello e no boletín oficial da provincia, con notificación persoal ós interesados, para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar

EXCMO CONCELLO DE BETANZOS

cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros ou omisións que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán fundamentar motivadamente.= Para os sós efectos da subsanación de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá presentarse alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.= TERCEIRO.- Se non se producen reclamacións, considerarase aprobada definitivamente a relación concreta de bens, e darase por iniciado o expediente expropiatorio, invitándose ós interesados para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo con cargo ó presuposto do Concello, utilizando como criterios de valoración os establecidos na Lei 8/1990 do 25 de xullo.= CUARTO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para:= a) Realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.= b) Determina-lo prezo axustado por mutuo acordo, se iso é posible, tendo en conta que o anterior non implica liberdade estimativa, polo que a valoración dos terreos se producirá en función do conxunto de dereitos de contido urbanístico adquiridos nos termos fixados nos artigos 81 e seguintes da Lei 8/90 do 25 de xullo.= c) Formalizar -caso de mutuo acordo- toda clase de documentos notariais, realización de pagamentos, etc.; de tódalas actuacións a Alcaldía-Presidencia dará conta ó Pleno da Corporación."

Anexo -que se cita- ós acordos adoptados:

EXPROPIACIÓN DE TERREO NO LUGAR DA ESTACION POBO.

RELACIÓN DE PROPIETARIOS E BENS AFECTADOS.

Nome do propietario: Rede Nacional de Ferrocarrís Españois (RENFE). Delegación Territorial en Castilla-León-Galicia-Asturias. NIF: G-2801674-

Domicílio: r/ Joaquín Planells, s/n. 15007 A CORUÑA.

Descrición da finca: terreo sito no lugar da Estación Pobo, na r/ Estación Pobo, s/n.

Concello: BETANZOS.

Non existe constancia da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Inscrita no folio.....)
Tomo.....)
Finca.....) Negativo.
Inscrición do Rexistro)
da Propiedade de.....)

Referencia catastral: 3728801NH6932N0001TJ.

Número fixo: 32396036Y

DH 15. Coruña. Municipio 009. Betanzos.

Situación finca: Vía: 00073. CL. Argentina.

Número: --

Tipo de parcela: solar e construcción. Propiedade única.

Coeficiente propiedade:99.9999.

Situación xurídica:

Perténcelle a RENFE, en base a que o 20 de maio de 1993 a División Técnica e Administrativa de Ferrocarrís, para facilita-la construcción do ferrocarril de Betanzos a Ferrol, fixo unha proposta de acordo co Concello de Betanzos, co que o ferrocarril ocuparía algúns tereos do Concello que deberían compensarse con outros de dominio público, marcándose nos planos correspondentes os terreos que se consideraban indispensables

para necesidades presentes ou futuras do ferrocarril e estación, estando perfectamente delimitado o terreo correspondente ó ferrocarril.

Detalle das descricións e antecedentes:

"Contiguo a este e lindando polo norte con terreos do ferrocarril e polo leste coa estrada do acceso á estación e peiraos da ría e polo S. coa estrada á Coruña, está a parcela asignada ó Concello de Betanzos en compensación dos terreos ocupados polo ferrocarril , parcela que hoxe está destinada a parque e campo de deportes, este último hoxe centro de ensinanza."

"Contiguo co terreo asignado ó Concello e con acceso pola estrada da Coruña, está a parcela designada a Obras Públicas, o resto do terreo de dominio público figura para entregarse ó Ministerio de Facenda para a súa alleación."

O 20 de novembro de 1947 a Dirección Xeral de Portos e Sinais Marítimos, ordeou que se fixese o deslinde do Porto de Betanzos, polo cal se ordeou que se formase unha comisión que con data cinco de outubro de 1948 levantou acta, da cal serviu como referencia a tódolos efectos o plano da proposta de División Técnica e Administrativa de data 20 de maio de 1913, e na cal acta se fixo constar que a proposta do enxeñeiro xefe da 1ª División Técnica e Administrativa de Ferrocarrís se entregara anteriormente á Facenda Pública para alleación tódolos terreos sobrantes da construcción do ferrocarril de Betanzos-El Ferrol, con excepción de: a) Os que se consideraban necesarios para futuras ampliacións da estación de Betanzos: como consecuencia do anterior, a descrición dos terreos obxecto de expropiación é a seguinte sendo coincidente sensiblemente co plano do 20-05-1913: "Zona reservada ó ferrocarril que ten por límites N e E a estrada de acceso á estación de Betanzos, S os terreos destinados ó Concello de Betanzos, hoxe dedicados a parque e O terreos da zona do ferrocarril, hoxe nave industrial.

Tipo de suposto expropiatorio:

Execución en solo urbano dunha dotación local, non incluídas en unidades de execución integral (artigo 78.2.b da Lei 8/1990).

1000.- PRESTAR APROBACIÓN A OPERACIÓN DE CRÉDITO POR UN IMPORTE DE 45.000.000,- PTAS. Ó OBXECTO DE FINANCIA-LAS OBRAS PREVISTAS NO PRESUPOSTO XERAL DE 1996.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación a operación de crédito por importe de 45.000.000,- ptas. ó obxecto de financia-las obras previstas no presuposto xeral de 1996.

Propón a Alcaldía-Presidencia que se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Concertar operación de crédito de 45.000.000,- ptas. (corenta e cinco millóns de pesetas) para o fin de financia-las obras previstas no presuposto municipal de 1996."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do grupo Popular, así como polos servicios económicos de intervención.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que este tipo de operacións económicas son responsabilidade do grupo de goberno e, loxicamente, absteranse como fixeron sempre nestes casos.

- O Sr. Lagares Pérez: a operación de crédito é unha mera consecuencia do presuposto en execución do mesmo.

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, corresponden ó grupo de goberno); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación a operación de crédito por importe de 45.000.000,- ptas (corenta e cinco millóns de pesetas) ó obxecto de financia-las obras previstas no presuposto xeral de 1996.= SEGUNDO.- Ó expediente aberto, daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= TERCEIRO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados, incluso solicitar e contratar coa entidade bancaria adecuada nas mellores condicións a operación de crédito mencionada; de tódalas actuacións darase conta ó Pleno da Corporación.

1100.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar comezo ás intervencións correspondentes a este punto da orde do día, fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente para comunicar ós Sres. concelleiros os actos que se van realizar con motivo da Semana Santa, dando por suposto que todos recibiron a oportuna invitación.

O Sr. secretario xeral dá conta ó Pleno da resposta a preguntas formuladas polo grupo BNG na sesión plenaria celebrada o pasado día cinco de febreiro; din así: "CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO BNG NA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE FEBREIRO DE 1996.= - O Concello, a petición dos veciños, pode acceder á colocación de xardineiras sempre e cando os particulares que formulan a petición se encarguen do mantemento das mesmas e se considere, a través dos informes precisos, a súa necesidade.= - No curso 94/95 recibiuse unha subvención da Consellería de Familia por importe de 1.500.000,- ptas.= - No concurso unitario convocado pola Dirección Xeral da Función Pública do MAP encontrábanse incluídos os postos vacantes de habilitación nacional. De acordo coa lexislación vixente, esencialmente o artigo 25 do RD 1732/94, no devandito concurso deberán ofrecerse tódolos postos vacantes que non foran incluídos na convocatoria anual de concurso ordinario. Os postos, por estar vacantes con anterioridade ó 28-10-94, incluíronse no concurso extraordinario de dita data. O 10-02-95, data límite do RD 1732/94, o concurso extraordinario continuaba en trámite e esta Corporación non tivo oportunidade de ofrece-los postos no concurso ordinario de 1995 posto que descoñecía se ían quedar vacantes do concurso extraordinario."

Seguidamente formúlanse os seguintes:

O Sr. Pita Varela expón os que seguen: "1º.- En relación cos semáforos, solicita que a partir de determinadas horas cando haxa tráfico reducido se desconecten os mesmos ou se poñan en situación de precaución, para así axiliza-lo tráfico e que non se produzan retencións innecesarias, poñendo como exemplo a situación dos cruzamentos de Pérez Salas coa Avda. de Castilla e o cruzamento do Valdoncel."

O Sr. alcalde-presidente: que o mencionado polo Sr. Pita Varela sexa informado pola Comisión Especial de Tráfico.

"2º.- Que os peóns teñen serias dificultades no paso peonil do cruzamento do Valdoncel dado que non é adecuado, existindo grave risco para os mesmos.= 3º.- Na vía de acceso do Valdoncel a Correos aparcan vehículos contra a muralla da estrada, sería interesante dotar de beirarrúas a zona para impedi-lo aparcamento de vehículos que obstaculicen a circulación que, ó mesmo tempo, enlazarían co paso de peóns antes

D. Jaime Alberto Pita Varela.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Angel Pastor Casal Alonso.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. José Cortés Carro.
Sr. interventor:
D. Antonio Vara Fiaño.
Non asisten, con desculpa:
Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana, concelleira do PP.
D. Luis Alberto Carro Erias, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de maio de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de celebra-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o pasado día 29 de marzo de 1996.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes:

201.- Do Ministerio da Presidencia (subsecretario), xustifica recepción do escrito deste Concello co que se remitiu certificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación no que se manifesta o rexeitamento á instalación de cemiterios ou depósitos radiactivos de alta actividade, indicando que se da traslado do mesmo ó Ministerio de Industria e Enerxía dada a súa competencia.

202.- Do conselleiro de educación e ordenación universitaria da Xunta de Galicia, di así: "Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Betanzos.= Estimado señor Alcalde:= Unha vez estudiadas por esta Consellería as alegacións presentadas ó proxecto de rede de centros de ensino público de Galicia por parte desa Alcaldía, comunícolle que en vez de programarse un novo centro para a ESO, o alumnado desta etapa escolarizarase nas instalacións que quedarán dispoñibles no colexio público "Francisco Vales Villamarín", que acollerán ó alumnado de educación primaria e ó de educación secundaria obrigatoria.= A nova construcción que se programa será tamén dedicada a educación infantil.= Co agradecemento desta Consellería, saúdao atentamente."

203.- Xefatura Provincial de Obras Hidráulicas da Conselllería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, relacionado con expediente sancionador contra Dª Leticia Litas Regueiro por presuntas obras ilegais no río colindante coa súa vivenda en Caraña, termo municipal de Betanzos, propoñendo que examinados os feitos denunciados, se procede ó arquivo do expediente.

204.- Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, concede trámite de audiencia a este Concello en procedemento de reclamación formulado polo mesmo, en relación con deficiencias no subministro de enerxía eléctrica.

205.- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, solicita, consonte o acordado pola Sala no proceso contencioso-administrativo número 02/0005038/1996, presentado contra acordo do Concello de Betanzos do 5-07-94, polo que se acordou conceder licencia de obras para a construcción dun edificio de 32 vivendas e locais comerciais á entidade Urbanizaciones Betanzos SL na r/ Rosalía de Castro, o envío do correspondente expediente administrativo.

300.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA 1994/95.

Dase conta ó Pleno das resolucións da Alcaldía-Presidencia correspondentes ós anos 1994/1995, números 0630/0675/94 e 001/95 á 0604/95, inclusive.

400.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO DELEGADO DE URBANISMO AUTORIZANDO OBRAS MENORES.

Dase conta ó Pleno das resolucións do delegado de urbanismo polas cales se autorizan as obras menores correspondentes ó período comprendido entre o 28-03-94 e o 28-07-94.

500.- MOCION DA ALCALDÍA SOBRE CONSTRUCCIÓN DE UN CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL EN BETANZOS.

Dase conta ó Pleno da moción da Alcaldía-Presidencia sobre a construcción de un centro de educación infantil en Betanzos.

Propón a Alcaldía-Presidencia a adopción do seguinte acordo: "1º.- Amplia-la oferta de terreos para a construcción dun centro de educación infantil ofertada á Xunta no Pleno do 10-08-95, de acordo coa nova programación establecida para o noso municipio. Para iso ofértase, ademais dos terreos xa explicitados, a posibilidade de construi-lo centro de educación infantil no antigo Asilo Manuel Naveira.= 2º.- Establecer unha comisión formada por un representante de cada grupo municipal e os técnicos municipais, para que no prazo de dous meses analicen coa Consellería de Educación a oferta máis conveniente papa o desenvolvemento educativo de Betanzos.= 3º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve adiante os trámites para a materialización deste acordo."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos políticos.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do grupo BNG: que o seu apoio será favorable á moción, non obstante preocúpalle o feito de que isto non significa que estea garantizada a construcción, posto que hai varios programas e os presupostos como tales non son eternos, teñen un límite; aqueles que realicen as xestións coa maior premura serán os que os leven e os que tarden quedaranse sen centro.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: neste momento esta oferta é outra posibilidade beneficiosa pero presenta riscos porque a rehabilitación do Asilo Manuel Naveira para centro infantil conservando a monumentalidade do mesmo posiblemente sexa máis custosa que para uso normal. En canto ás outras dúas ofertas parece que non son de titularidade municipal os terreos, roga que se axilicen os trámites para que a construcción do centnro sexa real e efectiva.

- O Sr. Pita Varela, voceiro do grupo Popular, fai as seguintes precisións: 1º) que os presupostos para a construcción de centros son novos e adaptados ó territorio posto que non son estándar como noutras épocas. 2º) A interpretación que fai este voceiro é

que esta é unha alternativa máis, non única: hoxe o único posible problema é a superficie do terreo, dado que a apertura da rúa pode afectarlle.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que fai uns días estaba prevista a visita a Betanzos de autoridades da Xunta de Galicia acompañadas do propio voceiro do grupo Popular neste Concello como deputado do Parlamento de Galicia xunto coas autoridades locais para concreta-lo espacio físico pero causas alleas ás autoridades da Xunta non permitiron a visita, valorándose esta situación nun futuro inmediato.

- Segue o Sr. Pita Varela: que o investimento non nos debería preocupar neste caso, deberíanos preocupa-la construcción completa do centro; calquera das ofertas parece válida en principio, canto antes se aprobe mellor, incluso para instalacións complementarias como poden se-lo polideportivo cuberto no colexio público de EXB.

- Remata o Sr. Pita Varela indicando que o manifestado éo como aclaración, estando de acordo coa moción presentada.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do grupo Socialista: quere agradece-las aportacións positivas dos grupos e lembra que o 10-08-95 se aprobou unha moción para a construcción de centros e como conclusión a construcción dun centro de educación infantil que é aceptada; na moción da Alcaldía fálase de dous meses e da formación dunha comisión como interlocutora coa comisión da Xunta para que poida aportar cousas positivas para Betanzos.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: agrádalle que exista inquedanza sobre o polideportivo nos colexios de EXB e desexa que se manteñan os compromisos.

- O Sr. Otero Martínez: que non é a única oferta que aparece, xa se falou do tema e que o diñeiro non é efímero, ten límite, de aí o seu pedimento de premura e présa lembrando que a idea partiu do consello escolar do colexio "Francisco Vales Villamarín" e resaltando a unanimidade dos grupos políticos neste tema.

- O Sr. alcalde-presidente: expostos os puntos de vista, congratúlase das posturas conxuntas dos grupos; en canto ás ofertas non son dúas ofertas as que se fixeron senon tres; a primeira é construilo en terreos propios do Concello, a segunda en terreos compartidos e a terceira en terreos da Xunta de Galicia; agora amplíanse con esta cuarta opción. Por outra parte, en canto á construcción da pista polideportiva cuberta ten carácter prioritario e coincide plenamente cos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Amplia-la oferta de terreos para a construcción dun centro de educación infantil ofertada á Xunta no Pleno do 10-08-95, de acordo coa nova programación establecida para o noso municipio. Para iso ofértase, ademais dos terreos xa explicitados, a posibilidade de construi-lo centro de educación infantil no antigo Asilo Manuel Naveira.= Segundo.- Establecer unha comisión formada por un representante de cada grupo municipal e os técnicos municipais, para que no prazo de dous meses analicen coa Consellería de Educación a oferta máis conveniente para o desenvolvemento educativo de Betanzos.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve adiante os trámites para a materialización deste acordo."

600.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓN DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DOS MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS DE GALICIA E ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno da comuncación da Federación de asociacións en favor dos minusválidos psíquicos de Galicia e adopción de acordo.

Di así: "Excmo. Sr. Alcalde:= O motivo da presente é poñer no seu coñecemento que esta Federación considera necesario que a súa comarca conte cun centro especial de atención ós minusválidos psíquicos.= No seu día a Xunta de Galicia incluiu esa comarca na rede de centros para minusválidos psíquicos, e agora FADEMGA reclámao como prioritario.= Os servicios a prestar serían os dun centro ocupacional e posterior centro especial de emprego, con apoio dunhas vivendas tuteladas, que servirán de minirresidencas para aquelas persoas con problemas familiares ou para outros que non teñan os domicilios próximos.= O investimento rondaría os 80 millóns de pesetas, cofinanciados pola Xunta de Galicia e pola Fundación ONCE. Para poder incluir este proxecto no estudio que esta Federación está elaborando para presentárllelo ós organismos antes mencionados, é necesario poder contar cuns terreos (sobre 3.000 m2) que debería aportar ese Concello, no caso contrario priorizaranse aqueles que si o aporten.= Para calquera información ó respecto poñémonos á súa disposición.= Atentamente.= Julio Cesar Cortiñas López.= Presidente de FADEMGA.= Representante do Colectivo dos Minusválidos Psíquicos no Consello Galego de Servicios Sociais.= Xunta de Galicia."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Manifesta-lo acordo corporativo coa comunicación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DOS MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS DE GALICIA e, en consecuencia, os servicios técnicos da Delegación de Urbanismo deste Concello que emitan o correspondente informe sobre a localización e ubicación máis idónea dos terreos para resolver posteriormente.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve adiante os trámites para a materialización deste acordo."

700.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS PARA A CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DE UNHA CAFETERÍA NO "PASATIEMPO".

Dase conta ó Pleno do prego de condicións administrativas para a concesión da explotación de unha cafetería no "Pasatiempo".

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: o seu grupo pronunciarase pola abstención porque observan que hai unha lagoa no punto 10 a) e é que ¿como se vai poñer un "canon" por algo que non se sabe onde está ubicado?; a situación inflúe poderosamente sobre o "canon" e neste caso no establecemento, que se inclúa a ubicación e superficie para que os interesados poidan optar e non sexa unha hipótese, incluso poñer un mínimo de saída e a partir de aí segui-los trámites.

- O Sr. Otero Martínez: a abstención do seu grupo ten un motivo que dirá, non obstante non está en contra da súa instalación no "Pasatiempo" -parece lóxica- e hai unha certa demanda popular; estráñalle que a mellor oferta económica non sexa a adxudicataria, tampouco entenden o apartado c) no relacionado co pedimento de experiencia, posto que de non consignalo se darían posibilidades a persoas que carecen dela.

Ás 21:05 horas incorpórase á sesión o Sr. García Vázquez.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: que no demais de acordo, pero como teñen dúbidas o seu grupo pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Lagares Pérez: en relación con este asunto fai constar que o prego se basea na nova Lei de contratos, existindo varias precisións e intentará explicalas; hai condicionantes que teñen que ir unidos á documentación e que son inherentes; non se pode esquecer que se trata dun servicio ós cidadáns e que é unha demanda social, ademais estamos nun momento de creación de traballo e hai que pensar no que se vai xerar.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que, en canto ó punto dez, hai ofertas que se poden facer e non cuantificar economicamente como poden ser colaboracións co Concello.

- O Sr. Pita Varela: lamenta discrepar, a nova normativa non contradí o que dixo; a ubicación debe ser determinada polo Concello como en tódalas cuestións, loxicamente a oferta estará determinada pola superficie da concesión e do prego non se desprende a contraprestación de servicios, rogo que se cuantifique para que haxa obxectividade no prego e que se concrete a ubicación.

- O Sr. Lagares Pérez: solicita desculpas por non expoñela, non obstante a ubicación será na parte inferior do "Pasatiempo" non estando definida; noutra orde de cousas, debe diferenciarse unha subhasta dun concurso, a subhasta obriga a acepta-la oferta económica o concurso non.

- O Sr. Otero Martínez: aclara que o IAE se devenga unha vez que se inicie a actividade, antes non.

- O Sr. alcalde-presidente: que á vista dos matices distintos dos grupos e estando clara a posición dos mesmos, someterase a votación este punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, corresponden ó grupo de goberno); votos en contra, non se formulan; abstencións, cinco (5, corresponden catro -4- ó grupo Popular e unha -1- ó grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: prestar aprobación ó prego de condicións a dministrativas para a concesión da explotación de unha cafetería no "Pasatiempo".= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

800.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS PARA A CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DE QUIOSCO NA PRAZA GARCÍA IRMÁNS E OUTRO NOVO A INSTALAR NA AVDA. DA CORUÑA.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó prego de condicións administrativas para a concesión da explotación de quiosco na praza García Irmáns e outro novo a instalar na Avda. da Coruña.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: non entrará a discuti-los pregos; aclara que así como entendían no punto anterior a existencia dunha posible demanda, este é o momento de que estes "chirimbolos" desaparezan para recupera-los espacios públicos, non entendendo a existencia do quiosco; ó igual que non entende a necesidade de instalalo na Avda. da Coruña, como non sexa por fomenta-lo consumo, por iso a súa posición será contraria, incluso a desaparición sería oportuna.

- O Sr. Pita Varela: mostra a súa alegría pola modificación de criterios do grupo de goberno lembrando que houbo cidadáns que no seu día solicitaron quioscos na Avda. da Coruña e praza e outras zonas e foron denegados: non entra se é correcto o prego pero pensa 1º) que debería ser retirado da orde do día e reunirse os grupos políticos para facer un estudio racional sobre a ubicación dos mesmos, e 2º) feito o estudio convoca-lo concurso.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que en canto ós instalados na praza oponse a que calquera que teña as concesións se lle extingan pero unha vez que queden libres que desaparezan e concretamente refírese ó acordo adoptado hai uns oito anos sobre os quioscos da Eira Vella, roga que se aplique o mesmo criterio ós da praza para ter coherencia e como conclusión solicita a retirada do prego para un estudio detido.

- O Sr. Lagares Pérez: que ata o momento se falou de todo menos do prego: a ubicación na Avda. da Coruña non está definida, están na praza.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez, facendo diferenciacións entre un servicio e o consumismo e puntualiza: que manifesta a súa sorpresa porque non se discuta o prego e si a instalación e ubicación; con respecto ó pedimento da súa retirada da orde do día hai estudios que presentan as necesidades, se na comisión informativa se pedira posiblemente se accedera, por iso se mantén o punto.

- O Sr. Pita Varela: o que manifestou é que aquí se presentaron pedimentos e están rexistrados, non outra cousa; en canto ás necesidades se as hai, tamén as houbo antes; gustaríalle saber cales son os estudios ¿onde están? non os viron na documentación.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que ainda non se lle deu resposta ó que dixo sobre a obxectividade do criterio aplicado fai anos coa extinción dos contratos da "Eira Vella", iso é incongruencia; en cando á falta de definición da ubicación dun quiosco non se poden manifestar dado que non poden optar persoas sen coñecela, todo iso ten o seu valor e polo tanto razoan outras posibilidades.

- O Sr. Otero Martínez: como aclaración á denominación de "chirimbolos", precisa que non é un invento novo, considerando que é un neoloxismo bastante acertado, non obstante é o momento de facelo desaparecer e non instalar nada na Avda. da Coruña.

- O Sr. alcalde-presidente: considera o asunto debatido e polo tanto someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, corresponden ó grupo de goberno); votos en contra, cinco (5, corresponden catro -4- ó grupo Popular e un -1- ó grupo BNG); abstencións, non se formulan.

En consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó prego de condicións administrativas para a concesión da explotación de quiosco na praza García Irmáns e outro novo a instalar na Avda. da Coruña.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

900.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS PARA A XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA E O PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó prego de condicións administrativas para a xestión da piscina municipal climatizada e o pavillón polideportivo de Betanzos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: a súa postura é semellante ó punto anterior e é de carácter ideolóxico; a práctica do deporte é unha necesidade social e debe prestarse o servicio polo Concello ou por tódalas administracións públicas.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: que entende que debe se-la administración local a que preste o servicio como sucedeu co Patronato Municipal de Deportes, non saben o que pasou con el, pero por desgracia procedeuse á privatización do deporte e pregúntase: se non é rendible para o Concello, ¿como é posible que o sexa para a empresa privada?

- Segue o Sr. Otero Martínez: non entrará a matiza-lo prego, porque están en contra das cesións e, en consecuencia, votará en contra.

- O Sr. Pita Varela: o seu grupo pronunciarase pola abstención, non entrando no fondo da cuestión; en canto a privatizar chámalle a atención o apartado terceiro do prego e unha cuestión é que ó Partido Popular se lle acusa de ser privatizador pero agora o grupo Socialista comparte eses criterios.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que en canto a que poida estar en mans privadas non lles preocupa, é unha decisión do grupo de goberno, por iso non votarán en contra, pronunciaranse pola abstención sen carácter obstructivo, non obstante farán o seguimento correspondente.

- O Sr. Lagares Pérez: que existe un erro conceptual de partida, isto non é privatizar, confúndese un prego cun regulamento e a ideoloxía do grupo Socialista é a mesma: "deporte para todos", trátase de mante-las mesmas ofertas deportivas e melloralas con ampliación a outros aspectos.

- O Sr. Otero Martínez: indica que non utilizou o termo "privatizar" senon "cesión", por outra parte se unha empresa o fai ben por que non o pode facer o patronato.

- O Sr. Pita Varela: que non se pode falar por falar de economía sen coñecela, está claro que se privatiza un servicio e o Concello non vai xestionar nada; el dixo: "xestionar un servicio por parte dunha empresa privada" e limitouse a le-lo prego que se lle subministrou e está moi claro.

- O Sr. alcalde-presidente: cré debatido o asunto e polo tanto someterase seguidamente a votación.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, corresponden ó grupo de goberno); votos en contra, un (1, corresponde ó grupo BNG); abstencións, catro (4, corresponden ó grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó prego de condicións administrativas para a xestión da piscina municipal climatizada e o pavillón polideportivo de Betanzos.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

1000.- DAR CONTA DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS RETRIBUTIVAS DO PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS E RATIFICACIÓN DO MESMO.

Dase conta ó Pleno do acordo regulador das condicións retributivas do persoal laboral do Excmo. Concello de Betanzos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Ratifica-lo acordo regulador das condicións retributivas do persoal laboral do Exmo. Concello de Betanzos.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve adiante os trámites para a materialización deste acordo."

1100.- MOCION DO GRUPO BNG RELATIVA Ó XARDÍN MUNICIPAL "PABLO IGLESIAS".

Dase conta ó Pleno de moción do grupo BNG relativa ó xardín municipal "Pablo Iglesias".

Propón o Sr. voceiro do grupo BNG que se adopten os seguintes acordos: "1.- Dotar ao perímetro do xardín municipal dalgún vexetal arbustivo que mellore a súa estética e, ao propio tempo, faga de "pantalla" aos ruídos orixinados polo tráfico.= 2.- Colocación de letreiros con datos das distintas especies existentes no xardín con fins pedagóxicos.= 3.- dotar ao xardín de mobiliario recreativo para os máis pequenos na zona que se considere máis axeitada.= 4.- mellorar a antiestética entrada principal de acceso.= 5.- Evitar que o xardín municipal "Pablo Iglesias" sexa un campo de prácticas permanente da Escola-Taller, por entender que estas deben realizarse noutras zonas máis apropiadas para estes fins pedagóxicos ou, en todo caso, limitar a súa actividade a labores de mantemento e non de experimentación.= 6.- Incrementar a vixiancia da policía local no xardín municipal.= Betanzos, o 27 de maio de 1996.= Asdo.: Andrés Otero Martínez.= Portavoz Municipal do BNG en Betanzos."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos grupos Socialista e Popular.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: con carácter xeral, están de acordo co que se indica no fondo da moción do grupo BNG; outra cousa son as melloras, o que antes era frondoso hoxe non o é e é que determinadas circunstancias como o paso do tempo e os temporais influiron niso derrubando árbores no parque que tiñan valor polo seu exotismo, non opoñénsose á convivencia de árbores.

- Continúa o Sr. Pita: o seu grupo, igualmente, non se opón a que o parque poida ser campo de prácticas da Escola Taller, sempre que sexan adecuadas e, por outra parte, noutras cuestións están de acordo, manifestando o seu desacordo co aspecto do macizo central, pensa que non se acertou e posiblemente debería dárselle outro tratamento.

- Segue o Sr. Pita Varela: no fondo están de acordo coa moción pero solicita que se suprima "experimentos" e apoiarana.

- O Sr. Lagares Pérez: na comisión a posición do seu grupo foi a abstención pero o voto agora será negativo e matizarao como segue: da análise da moción existen aspectos asumibles e outros non, ninguén pode dicir que o parque non mellorara pero no limiar da moción fálase de temas que non poden compartir.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: a Escola Taller forma parte do Centro Ocupacional, non se trata de facer do parque un campo de prácticas, trátase de facer do parque un lugar de recreo e distracción para os cidadáns, en canto á vixiancia iso é relativo, por último os acordos poderían transaccionarse pero opoñeranse.

- O Sr. Otero Martínez: neste caso fálase de moitos detalles: limiar, etc., etc., pode estar ben ou mal pero é certo, a responsabilidade é dos mestres non dos alumnos, estes teñen que face-las prácticas de experimentación pero poden facerse noutros lugares e as súas tarefas que sexan de mantemento.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: na moción non aparece "especies autóctonas", algunhas non lle agradan pero non son xenófobos coas árbores, só critican a instalación de certas especies, a entrada non é a máis adecuada, a vixiancia cré que se debe incrementar dada a concentración de alumnos no parque durante nove meses ó ano, por esta circunstancia non entende por que non pode haber máis presencia da policía local.

- Segue o Sr. Otero Martínez: non sabe onde están os problemas do limiar, se persoalmente fixese un xardín na súa casa non instalaría as chaves do rego no seu centro senon nalgún lugar máis adecuado e a ubicación dos letreiros en semellantes lugares, cré que o grupo de goberno debería reconsidera-la súa posición de voto e mante-la posición da comisión.

- O Sr. Lagares Pérez: que se fan alusións na moción que non se poden compartir, hai aspectos positivos e outros non, a vixiancia é positiva e lamenta non poder transaccionar, dado que se eliminarían aspectos da mesma.

- O Sr. Pita Varela: previa valoración dos argumentos do Sr. voceiro do grupo BNG, estes convenceron ó seu grupo, polo que votarán a favor.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, cinco (5, corresponden catro -4- ó grupo Popular e un -1- ó grupo BNG); votos en contra: nove (9, corresponden ó grupo de goberno); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, non se presta aprobación á moción do grupo BNG relativa ó xardín municipal "Pablo Iglesias".

1200.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar comezo ás intervencións correspondentes a este punto da orde do día fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente para solicitar do Pleno da Corporación que conste en acta o "pésame" da Corporación polo repentino falecemento do Sr. interventor xeral do Concello de Betanzos, D. José Antonio García Bello.

Así como que se faga constar igualmente en acta a felicitación do Pleno da Corporación ó Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría polo seu nomeamento de ministro de sanidade, ó igual que a Dª Mª Fernanda Faraldo Botana e D. José Hipólito Fariñas Sobrino polos seus nomeamentos como deputados do Parlamento Nacional.

Accédese a iso por unanimidade dos asistentes.

O Sr. secretario xecretario xeral da conta ó Pleno da resposta a preguntas formuladas polo grupo Popular na sesión plenaria realizada o pasado día vintenove de marzo. Din así: "CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO POPULAR NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O PASADO DÍA 29-03-1996.= Á primeira pregunta: non consta a existencia de obras ilegais e legalizables, non obstante polos servicios de urbanismo faranse os trámites necesarios e se se comproba a posible existencia deste tipo de obras realizaranse os procedementos oportunos.= Á segunda pregunta: ó día de hoxe as obras están executándose e o motivo de que non o fixeran débese a cuestións alleas ó Concello de Betanzos.= Á terceira pregunta: a Alcaldía-Presidencia remítese ó informe emitido pola asesoría xurídica, que consta no expediente aberto para tal efecto, di así: "1/ Antecedentes.= D. Alberto Carro Erias, concelleiro deste Concello solicita mediante escrito de data 31 de xaneiro pasado que se

lle expidan copias de informes técnicos de dous expedientes, un referido ó ano de 1995 e o outro do expediente nº 175/1988.= Os primeiros da súa época de concelleiro e o último anterior.= 2/ Criterios legais e conclusión.= Examinada a Lei 7/1985, do 2 de abril, así como os artigos 35 e 37 da Lei 30/1992, o letrado que subscribe chega á conclusión de que procede o acceso ós expedientes, non obstante, a tenor do previsto na Lei 30/92 e as vixentes normas de adecuación do procedemento administrativo á Lei 30/92, debe acredita-lo solicitante o ter un interese directo e lexítimo no asunto, demostrado iso, procede que se lle expida igualmente copia da documentación solicitada.= E este é o meu dictame que, naturalmente, queda sometido a calquera outro máis autorizado.= É o que teño o honor de informar á Alcaldía.= Betanzos, 22 de febreiro de 1996.= O LETRADO.= Asdo.: Emilio-Julio García Crespo."

Seguidamente dase conta ó Pleno dos rogos e preguntas que formula o grupo BNG, din así: "O BNG desexa coñecer do goberno municipal o motivo polo que, aparentemente, o aparcamento soterrado -tantas veces refrexado nos distintos medios de comunicación- que nun principio estaba previsto na chamada praza do ambulatorio deixará de realizarse, logo do convenio suscrito entre o Concello de Betanzos e o Servicio Galego de Saúde.= 2.- Os medios de comunicación fixéronse, de igual maneira, eco da pretensión do Goberno Municipal de recuperar as marxes dos ríos Mendo e Mandeo para uso público e dotalas dos correspondentes paseos marítimo-fluviais, en tanto, e paradoxicamente, as marxes de ámbolos dous ríos están a sofrir continuos recheos e vertidos de "escombros" -zonas de San Xiao, A Veiga, Ponte das Cascas, etc.- Queremos entender que non se trata da iniciación de ditos paseos e que tales atentados ao dominio público obedecen a iniciativas de particulares sen escrúpulos, polo que solicitamos que dende o propio Goberno Municipal se actúe de acordo ao rigor que as leis dictaminan diante de actuacións deste tipo.= 3.- Recentemente, a través dunha nota de prensa, un colectivo xuvenil informaba das presuntas irregularidades que se estaban a dar na prestación que os obxectores de conciencia desenvolvían nas distintas dependencias municipais, tales como o desempeño de dita labor en horarios diferentes ao propio persoal do Concello e mesmo sustituíndo a estes en determinadas datas e horas non laborais ou festivas. O BNG demanda do Goberno Municipal unha aclaración diante de tales denuncias, ao tempo que require información sobre o tipo de prestación que realizarán os cincuenta novos obxectores que solicita no último convenio co Ministerio de Xustiza.= 4.- Preguntamos ao Goberno Municipal se o parque público do "Pasatiempo" goza dalgún tipo de protección urbanística e, de ser así, cales son as súas características.= Betanzos, 31 de maio de 1996.= Asdo.: Andrés Otero Martínez.= Portavoz Municipal do BNG de Betanzos."

A continuación, formúlanse as seguintes:

O Sr. Carro Galeiras: solicita que se faga unha póliza seguro de vida ós membros da Corporación.

O Sr. alcalde-presidente: se iso é posible, que se faga rapidamente.

O Sr. Pita Varela: "a) Solicita novamente que se proceda á grabación das sesións, dado que hoxe se fai con moita frecuencia nos concellos sendo iso importante.= b) En relación cun incendio ocurrido en días pasados e pola información de que dispoñen, parece ser que: - As mangueiras non estaban colocadas adecuadamente e o depósito de auga do vehículo contra-incendios estaba vacío e tiveron que ir enchelo.= Por iso solicita unha especial precaución, porque dentro das desgracias que ocorren esta é unha das máis

importantes, pensa que incluso se debe felicitar ó persoal que participou na extinción do mesmo."

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e cincuenta e oito minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESETE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

D. Luis Alberto Carro Erias, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do día vintesete de xuño de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o pasado día trinta e un de maio de mil novecentos noventa e seis.

200.- PRESTAR APROBACIÓN DEFINITIVA Ó PROXECTO DE REVISIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente, para manifestar que dado que se realizaron varias reunións da comisión e antes de entrar no debate propio do asunto, ¿algún voceiro desexa efectuar algunha intervención previa?

Continúa o Sr. alcalde: posto que non se realiza ningunha intervención previa, pasarase a tratar este punto da orde do día.

En consecuencia, dase conta ó Pleno do expediente completo aberto para prestar aprobación definitiva ó proxecto de revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos; no mesmo constan os informes sectoriais correspondentes, así como a pertinente documentación (escrita e gráfica) complementaria.

O devandito expediente está informado pola Comisión especial para a revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico como segue: "Vista a planimetría e corrección de erros, xunto coas modificacións presentadas ó documento de revisión das normas aprobado inicialmente, así como os informes emitidos polos distintos órganos superiores, a comisión informativa, por maioría, acorda informar favorablemente ditos documentos, os cales se incorporan ó resto do expediente para a súa aprobación definitiva."

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martíntez, voceiro do grupo BNG: o tema que hoxe nos ocupa é de vital importancia para Betanzos, existindo moitas cuestións que tratar, nesa orde: "1º.- Sr. alcalde, Sras. e Sres. membros da Excma. Corporación, sen entrar noutras consideracións de caracter formal, que xa quedaron de manifesto en anteriores debates e comisións, e indo directamente ó que hoxe aquí se plantexa: o derradeiro debate POLÍTICO -e como tal agardo que así se entenda e non dea lugar a fáciles e baratas elucubracións- sobre a revisión das NSP do Concello de Betanzos, indicar que:= 2º.- O BNG presenta, por medio deste portavoz, e no correspondente período de alegacións, un documento no que se fan constar as deficiencias que, ó entender do BNG presentan, para a súa aprobación inicial a revisión das normas que hoxe nos ocupan.= 3º.- Así, nesta primeira observación o BNG advirte as seguintes carencias:= 1.- Non existe ORDE DE PRIORIDADES que indique cales son as obras e de as adquisicións de terreos mais urxentes, con que cadencia deberanse acometer no tempo e que deberá financialas (particulares, institucións e cales...), tal e como demanda o art. 4.1 da LAS.= 2.- Non existe AVALIACIÓN ECONÓMICA que analice os custos da adquisición de terreos públicos, execución de equipamentos, obras públicas e servicios necesarios para a poboación estimada futura, que por outra banda tampouco aparece cuantificada a súa evolución en ningún lugar (demandao o art. 6.2 da LAS).= 3.- Non existe CATÁLOGO DE ELEMENTOS DE PROTECCIÓN (art. 13 LAS) reducido exclusivamente ó que corresponde ó de protección especial do casco histórico e a 30 elementos que se inclúen no art. 46 da normativa, pero carentes das preceptivas fichas individualizadas de indicación da súa situación nos planos de ordenación, nin

determinacións suficientes de medidas protectoras e de áreas de protección.= 4.- Non existe un ESTUDIO DO MEDIO RURAL (art. 12 da LAS Galicia), previa á súa ordenación, que pon de manifesto o seguinte:= - Áreas de protección insuficientes (boscosas, cauces fluviais, capacidade productiva, interés ecolóxico-paisaxístico...) e merecentes de ser preservadas de construcción indiscriminada.= - Condicións de parcela en solo non urbanizable que non recollen a existencia na súa fronte de viario pavimentado e a posibilidade de dotación de servicios urbanísticos.= Incremento de posibilidades edificatorias nos núcleos rurais sen que o mesmo se vexa acompañado do compromiso de execución dos servicios urbanísticos de abastecemento de auga, alumeado público, rede de saneamento, pavimentación de viais, e dotación de áreas de esparcemento e equipamento axeitadas á demanda de crecemento agardado.= 5.- Hai, en todo o núcleo de Betanzos, un incremento sustancial das posibilidades e dereitos edificatorios, paralelo á inexistencia e renuncia dos dereitos que temos, os betanceiros e betanceiras, a que os axentes inmobiliarios cedan, debidamente urbanizadas, as zonas verdes e os espacios destinados a escolas, centros culturais e sociais e áreas deportivas, etc. Clara mostra deste incremento edificatorio é a reclasificación sistemática de SAUS e solos non urbanizables en solo urbano, tanto de execución directa como de UEI, véndose reducidas deste xeito, e incluso suprimidas as obrigas de cesión de equipamentos e zonas libres, ás que antes faciamos referencia. Por engadido, o BNG entende que o troco de clasificación de SAU por solo urbano -sen previo desenvolvemento de plans parciais, proxectos de urbanización e reparto equitativo de beneficios e cargas derivadas da actividade urbanizadora-, vulnera as disposicións que emanan da propia Lei do solo, máis concretamente as disposicións recollidas nos arts. do 1 ó 45. O BNG entende que se as áreas citadas anteriormente carentes de edificación teñen aptitudes para seren urbanizadas, a clasificación que lles compre é a de solo apto para urbanizar, dos que define a Lei do solo no art. 11.= 4º.- Unha somera análise comparativa destas reclasificacións, indicando os aproveitamentos outorgados e as cesións establecidas polas normas subsidiarias vixentes, fronte os propostos pola actual revisión veñen a demostrar un considerable incremento dos primeiros (os aproveitamentos) e un notable e significativo descenso dos segundos (as cesións ó propio Concello), tal e como xa demostramos nunha táboa -anexo á presentada coas alegacións- e que está a dispor de tódolos membros da corporación.= 5º.- Esta revisión das normas que delimita 27 UEI, en aras dunha suposta maior facilidade de execución, entendida polo BNG como unha simple reclasificación, renunciando ás cesións establecidas por lei ó Concello -e que regulamentariamente se determinan no regulamento do plenamento vixente- privando os cidadáns actuais e futuros, de zonas verdes, prazas públicas, zonas escolares e deportivas, equipamentos sociais e culturais, etc., só pode ser comprendida diante da incapacidade do goberno municipal, en materia de xestión urbanística, no período de vixencia das normas, agora en proceso de revisión, como demostra o feito do desenvolvemento de só dúas das seis UA contempladas actualmente, e a paralización do único SAU en proceso.= 6º.- Por tales motivos o BNG solicitou no seu momento -período de alegacións- e a paralización do proceso de revisión das normas. Hoxe, continúan sen incorporar os estudios que o BNG solicitou naquelas datas (estudio e análise do medio, evolución da poboación, necesidades de equipamento e servicios, e as modificacións que tales estudios conleven), e, ó non mudar a situación evidentemente non vai mudar o posicionamento do BNG.= Sr. alcalde, Sras. e Sres. membros da Corporación, ata aquí a miña primeira intervención."

- O Sr. Pita Varela, voceiro do grupo Popular, expón as seguintes cuestións: o interminable listado de manobras utilizado polo equipo municipal gobernante para impedi-la máis elemental e obrigada participación dos concelleiros do Partido Popular no proceso de revisión das normas do planeamento municipal remata, como non podía ser menos, co broche final dunha convocatoria extraordinaria do Pleno e o outorgamento de corenta e oito horas para o exame dun expediente tan complexo, como é o da revisión das normas urbanísticas municipais, e para unha rigorosa toma de postura do noso grupo político ante a proposta do acordo que o Pleno terá que adoptar.= Afeitos como estamos ás actitudes inelegantes, ridículas e chavacanas do equipo de goberno, pouco pode provir daquel que nos colla por sorpresa. Pretender limpeza, corrección, claridade e respecto non deixaría de ser unha quimera: sería tanto como pedirlle peras ó olmo e, por triste que resulte, nese equipo gobernante non hai máis cera que a que arde... ¡E así nos vai!.= O pánico, o pavor que os socialistas de Betanzos senten ó pensar no seu quefacer municipal poida ser coñecido polo grupo Popular, é a lóxica e fatal consecuencia do coñecemento que teñen da súa propia incompetencia e da mala fe coa que actúan. Pero o medo insuperable determinante das súas tácticas ocultistas non vai ser atenuante das súas responsabilidades. E, para conseguir que estas sexan declaradas e esixidas por quen corresponda en cada caso, o grupo Popular afronta desde agora a súa firme decisión de poñer en práctica tódolos medios que o estado de dereito arbitra.= A primeira delas, ainda conscientes da súa ineficacia, é a de opoñernos á aprobación definitiva do proxecto de revisión das normas urbanísticas remitido ó Pleno. E somos conscientes da súa ineficacia porque sabemos que tratar este asunto no Pleno non é o obxectivo, como debería selo, para quen dí gobernar democraticamente os asuntos públicos e respecta-la legalidade. A inclusión na orde do día non pasa de ser un trámite que hai que cubrir. É o broche que pon fin a un sinfín de despropósitos. É, en definitiva, un exponente máis do cinismo e o descaro que pasaron a constitui-lo común denominador de quen, polo momento, están á fronte do goberno municipal.= O grupo Popular non vai malgastar enerxías cun listado de deficiencias que, ata a saciedade, tratou de subsanar ó longo da tramitación. Tampouco vai entrar en valoracións xurídico-urbanísticas pormenorizadas porque, para os socialistas de Betanzos, a legalidade só existe cando os tribunais os condenan a respectala. O goberno municipal é consciente do que fixo: unhas normas para uns poucos, unhas normas para salva-lo mal feito, unhas normas que non son outra cousa que o compendio dun entramado de cacicadas que esperamos ir detallando e probando ante os tribunais, vías e xurisdicións que resulten competentes en casa suposto. O grupo Popular, en definitiva, non vai ser comparsa, co seu silencio, da montaxe a que se reduce o expediente presentado.= Facendo un mal uso, mellor diriamos un abuso, das competencias que en materia de urbanismo a Xunta de Galicia quixo delegar nos municipios e en alarde de soberbia e de xogo suxo, o goberno socialista de Betanzos trata de INCUMPLIR IGNORÁNDOO todo o catálogo de deficiencias detectadas pola Xunta de Galicia no seu informe preceptivo e vinculante. E o que é máis grave, non parándose a pensar que aquelas deficiencias non son outra cousa que FLAGRANTES FALTAS DE RESPECTO Á LEGALIDADE.= -O desprecio polas advertencias efectuadas no informe remitido pola Xunta de Galicia tradúcese nunha provocación ESTÚPIDA, por pouco intelixente e DESHONESTA por ser contraria á lei.= -Buscar como fundamento dos seus propósitos un dictame xurídico emitido por quen coñecemos constitúe unha treta infantil e unha demostración da ignorancia supina de quen o emite ou, cando menos, unha versión

interesada e pouco seria e rigorosa da materia a exame.= -Recorrer á teoría do silencio administrativo positivo para non ter que recoñecer e corrixi-las ilegalidades detectadas no informe da Xunta é dato máis que concluinte para poñer ó descuberto a CASTE E A BAIXEZA DE MIRAS de quen non pode expoñer de forma máis contundente a súa vontade de non respecta-la legalidade vixente.= -Intentar vestir aquelas ilegalidades con tintes interpretativos emanados do equipo redactor (nós sabemos quen é o autor de tan descarado informe e tomarémo-las medidas oportunas ante os órganos da Xunta de Galicia competentes na materia) non é outorgar patente de autoridade a tales interpretacións fronte ás expostas pola Consellería de Política Territorial. É, sinxelamente, poñer de manifesto a incompetencia profesional e a malicia de quen as efectúa e, por certo, non asina.= -Trátase, en definitiva, dun expediente e dunha proposta de acordo viciados de nulidade de pleno dereito. O silencio administrativo, se o houbo, serviría para continua-la tramitación PERO NUNCA PARA SANAR UN EXPEDIENTE CONTRARIO Á LEI. Iso sábeno os que informaron e os que encargaron os informes. E nós tamén e por iso, conscientes do engano e da nulidade de pleno dereito do acordo que prestase aprobación definitiva ás presentes normas urbanísticas, votamos en contra esixindo o cumprimento estricto do informe emitido pola Consellería de Política Territorial e a subsanación das deficiencias que, por ilegais, foron postas de manifesto ó longo da exposición ó público tanto polo grupo Popular como polos cidadáns nas súas alegacións respectivas.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que, como conclusión, o seu grupo votará en contra, esixindo o cumprimento estricto do informe da Xunta, dado que non pode aceptar que ó longo do tempo de tramitación se dean os feitos por consumados, sendo un desprecio para o representante do grupo Popular e un desprecio ós cidadáns que se ventilan o seu futuro.

- Segue o Sr. Pita Varela: fixéronse un número de alegacións que non foron debatidas e iso é un deterioro para os interesados que as presentaron, ainda sen ter razón é importante oilos porque as cuestións urbanísticas son as que máis afectan a Betanzos; tense a obriga de velar polos intereses dos cidadáns de Betanzos.

- O Sr. alcalde-presidente: agradece as intervencións dos grupos, a continuación realizará a súa intervención o Sr. voceiro do grupo Socialista.

- O Sr. Lagares Pérez, voceiro do grupo Socialista, realizará a súa intervención contestando ós grupos que efectuaron a súa correspondente, referíndose ó último grupo que interveu, nesa orde manifesta: realizouse unha intervención demagóxica sen fundamento co obxectivo de obstruir e paraliza-la economía de Betanzos, non ofrece nada como alternativa como sería a súa obrigación e está en contradicción co grupo que goberna o estado, posto que o mesmo saca normas sobre o solo que son negativas para os intereses dos concellos; despois desta presentación contestará ós grupos.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que lle sorprende o posicionamento do grupo Popular e lembra o proceso de elaboración da revisión das normas subsidiarias: no ano 1994 iníciase o proceso de revisión das normas subsidiarias, a través dos medios adecuados recíbense as alegacións correspondentes as cales son valoradas positivamente na súa maior parte, a partir de aí o proceso oficial realízase a través dun equipo redactor elixido por concurso no que participou a propia Consellería: faise a exposición pública das normas e recíbense novas alegacións, posteriormente constitúese a comisión e estúdianse unha a unha as alegacións presentadas, de forma paralela considerouse necesario oir a 12 ou 15 interesados ben individualmente ou en grupo, na aprobación inicial recíbense os

correspondentes informes sectoriais vinculantes os cales son todos favorables e o que queda é o informe último da Consellería de Política Territorial, que ten entrada fóra de prazo neste Concello; o Sr. alcalde o día 4 de xuño cursa sendos telegramas ós servicios provinciais de urbanismo e á propia Conselleria e ó cabo recíbese o informe da mesma emitido o 26-05-96, pero esqueceron que no rexistro de saída pon do día 5-06-96 co cal existe silencio positivo, pero non conformes con isto o Sr. alcalde realiza xestións para realizar unha reunión coa Consellería efectuándose esta recentemente, recoñecendo eles mesmos que existe silencio positivo pero non por escrito e agora encontrámonos aquí para a súa aprobación definitiva.

- Segue o Sr. Lagares Pérez: agradece a intervención do voceiro do grupo BNG,pero as filosofías non son as mesmas e posiblemente na súa intervención exista unha leve crítica á Lei do solo e a LASGA, non sendo este o foro adecuado para iso, non obstante quere facer constar: "1º.- Existe unha Lei do solo, onde se fala da disponibilidade dos terreos e recóllese iso nas normas subsidiarias, ninguén nesta sesión fixo mención á reducción das cesións ós concellos do 15% ó 10% e son cinco puntos.= 2º.- O grupo BNG ten unha pouca confusión, confunde as normas subsidiarias cun plano xeral, este debe ter avaliación económica, as normas subsidiarias non.= 3º.- Non analizaron debidamente as normas subsidiarias; o esquema do medio rural divídese en solo urbanizable e solo non urbanizable, isto foi unha cuestión prioritaria para a revisión dado que hai servicios e hai que dar facilidades para a construcción.= 4º.- Con respecto ós SAUS, todo o solo urbanizable dos SAUS ten e debe desenvolverse polos medios legais".= Remítese a que as normas subsidiarias teñen un grao de desenvolvemento aceptable e ofrecen alternativas á economía de Betanzos; en canto ós catálogos estes existen e en canto ás alegacións presentadas polo grupo BNG, algunhas recolléronse.

- Puntualiza o Sr. Lagares Pérez: está claro que as verdades hai que dicilas anque non gosten; estase intentando entorpecer un proceso económico de Betanzos por un grupo. Non existiron problemas para o acceso á documentación por todos, polo servicio de urbanismo pasaron centos de persoas, polo tanto non é certo que non haxa claridade, haina como quedou demostrado e todos coñecen o camiño a seguir, lamenta que se minta e inconscientemente se diga algo que non é real, posto que as alegacións se valoraron unha a unha, e indubidablemente no relativo ó informe da Xunta non lle parece de bo gusto que non se recoñezan os informes dos xuristas, intentarase face-lo consenso e farase; roga que se someta a votación a revisión das normas subsidiarias do Concello de Betanzos, en todos aqueles puntos que non estean en contradicción co informe da Xunta de Galicia.

- Matiza o Sr. Otero Martínez, dúas cuestións: 1ª- Que é normal que se aprecie unha certa formación arquitectónica na súa intervención.= 2ª- Na súa intervención non critica a Lei do solo, nin moito menos.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: desde o momento da súa aprobación inicial ata esta sesión para prestar aprobación definitiva ó proxecto de revisión das normas subsidiarias do planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos, fóronse recibindo nesta casa os preceptivos informes das distintas administracións implicadas no proceso que nos ocupa.= Un último informe, con data de entrada na Casa do Concello de día 10 do presente, emitido pola Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia -informe preceptivo e vinculante (Lei 7/1995, art. 7, de delegación e distribución de competencias en

materia de urbanismo)- é desfavorable e atopa considerables deficiencias no proxecto que hoxe pretende aprobarse.= - Curiosamente para algúns (supoñendo que reparasen en ámbolos dous), non para este portavoz, coincide, no fundamental, co exposto polo BNG nas súas alegacións.= - Reclasificación de SAU e solo non urbanizable por solo urbano sen que quede acreditada a concurrencia dos requisitos esixidos pola Lei do solo, citando expresamente as UEI utilizadas polo BNG na táboa comparativa de perda de equipamentos nas súas alegacións.= - Carencia dun ESTUDIO DO MEDIO RURAL (art. 12 da LAS), tal como citaban as alegacións do BNG.= - Aumento da densidade de vivendas, sen que exista o ponderado aumento das previsións para equipamentos comunitarios, tal como apuntaban as alegacións do BNG.= - Falta de garantía na protección axeitada prevista para os solos non urbanizables de especial protección, exactamente igual que o demandado polo BNG nas súas alegacións.= - Repito que particularmente a este portavoz, e ó BNG de Betanzos, tal coincidencia, non nos sorprende, xa que emana do propio estudio da lexislación vixente.= Tampouco nos sorprende que o BNG de Betanzos sexa capaz de elaborar un informe semellante con moitísima máis rapidez e celeridade que tódolos equipos técnicos e xurídicos de todo un departamento nunha consellería do goberno autonómico. Xa estamos afeitos á súa inoperancia.= - Unha inoperancia ou deixadez, e aquí si que estamos sorprendidos, que leva á anteriormente citada Dirección Xeral a emitir o seu informe, aparentemente, fóra de prazo, ou extemporáneo segundo o dictame xurídico, elaborado por dous letrados, a pedimento, cremos, que do goberno municipal do Excmo. Concello de Betanzos.= - Extemporáneo ou non extemporáneo. Entendéndoo emitido en sentido favorable, considerándoo como un caso de silencio administrativo positivo. Cun dictame xurídico non vinculante para a Corporación (textual) e un informe desfavorable e si vinculante por lei, ¿podemos prestar aprobación a algo que a todas luces sabemos ilegal, por moi extemporáneo que se nos presente, e por moito "silencio" administrativo do que se fale (cando xa temos o informe)?.= - O BNG de Betanzos, á vista de todo o que hoxe aquí se suscita, amén das coincidencias antes citadas co informe da Consellería, non pode emiti-lo seu voto favorable para a aprobación definitiva do proxecto de revisión das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos, e insta, humilde pero firmemente, ós demais membros da Corporación a adoptar igual postura contraria e corrixi-las deficiencias observadas pola consellería e o propio BNG de Betanzos, na convicción de que todo posicionamento favorable, no coñecemento do antedito informe vinculante (por moi "extemporáneo" que sexa) pode incurrir nun delito de prevaricación. Moitas gracias Sr. alcalde, Sras. e Sres. membros da Corporación.

- O Sr. Pita Varela: que é un insulto grave dicirlle á oposición que menten, nunca necesitaron mentir, poden enganarse pero non menten; o que é mentira é dicir que se fixeron análises das alegacións na comisión, á mesma só se troixeron resolucións das alegacións.

- Segue o Sr. Pita Varela: o silencio administrativo, se o houbo, serve para continua-la tramitación, non para sanar un expediente contrario á lei.

- Continúa o Sr. Pita Varela: a veces, se non se enteran é porque se oculta documentación, só piden que se cumpra a norma, non entrando nas leis que aprobe o goberno central, por non ser este o foro adecuado.

- Aclara o Sr. Pita Varela: que o seu grupo non dixo que as normas subsidiarias non vallan para nada, discrepan simplemente delas, son estrictas nalgunhas cuestións, de aí a

resolución por incumprimento; ó seu grupo sorpréndelle que agora se fale de facer unha modificación.

- O Sr. Lagares Pérez: que lle lembra ó grupo BNG que tódolos informes son favorables, incluso o da Consellería de Política Territorial, o decreto da Xunta é claro e que hai coincidencia co informe da Xunta cando fai referencia ás unidades de actuación, remítese ó disposto no artigo 10 da Lei do solo.

- Segue o Sr. Lagares Pérez: que os cidadáns son os que entenden ben o problema; as alegacións foron tratadas unha a unha, así o demostran as actas da Comisión Especial, roga que se informen dos temas; en canto ó pánico parece que hai un silencio grave dun grupo político que o que pretende é impedi-lo desenvolvemento de Betanzos; solicita o voto positivo para as normas subsidiarias.

- A Sra. Fernández Ramos, por alusións, manifesta: que é impresentable a descalificación sistemática que se fai de persoas que son representantes democráticos do pobo; que o voceiro do grupo de goberno mente posto que consonte a normativa pediu acceder ós documentos das normas, indicándolles os funcionarios que mentres non recibisen ordes nese sentido non sería posible, solicitou un notario e cando este chega impedíuselle levanta-la acta correspondente.

- O Sr. alcalde-presidente: ata o momento actual cría que as reunións cos Sres. voceiros valían para algo, vólvelle a estraña-la posición do grupo Popular, parece que non ten nada que ver coa pretendida democracia do seu partido.

- Continúa o Sr. alcalde-presidente: supoñía que o Partido Popular tiña información que, por outra parte, ve que non ten e é que se chegou a un acordo coa consellería; en canto ó representante do grupo BNG manifestarlle que ter coincidencias con outros grupos leva a determinados resultados e é que o grupo BNG, a nivel xeral, está a facer recoñecemento do prexuizo que se lle causou ós concellos coas últimas medidas do goberno central en relación co solo.

- Segue o Sr. alcalde-presidente: desde o Concello débense defender criterios xerais non privados, sería lóxico que o Partido Popular votase afirmativamente as normas, é un documento fundamental para Betanzos e estívose retrasando a súa tramitación desde fai meses; remítese ó manifestado no Decreto de transferencia: "1.- A aprobación definitiva do planeamento que a presente Lei atribúe ós municipios en réxime de competencia delegada requirirá informe previo favorable da consellería competente en materia urbanística. Así mesmo, o mencionado informe poderá aludir só a aspectos concretos, e poderá, neste caso, procederse á aprobación parcial de todas aquelas cuestións non afectadas polo informe e que han constar no mesmo.2.- A estes efectos, concluída a tramitación do plano e inmediatamente antes da aprobación definitiva, o concello dará traslado a consellería competente en materia urbanística do contido íntegro de aquel xunto co expediente completo tramitado, para que no prazo de tres meses se pronuncie sobre o mesmo. Entenderase emitido o informe en sentido favorable se non se evacua no prazo de tres meses a partir da recepción do expediente completo no citado organismo"; non sendo necesario ir á universidade para facer interpretacións diferentes; pensa que desde o BNG débense ter posturas diferentes, pero ter criterios públicos.

- Lembra o Sr. alcalde-presidente: 1º.- O abastecemento de auga alcanza practicamente o cen por cen do concello. 2º.- A rede de sumidoiros chega a case tódalas casas. 3º.- A pavimentación igual. Todo iso pódese comprobar e non pensa-lo contrario; no

informe piden aclaracións que se tratarán de dar: ás normas incorporáronse tódolos elementos esenciais, hai informes que o acreditan, cumpriuse a legalidade.

- Aclara o Sr. alcalde-presidente: en canto ás restantes posturas, cré que cando o Sr. voceiro do grupo Popular leu a súa intervención descoñecía a reunión efectuada momentos antes de comezar esta sesión e non cambiou impresións cos restantes voceiros; a elaboración das normas foi democrática, participaron os veciños, colectivos, asociacións; recolléronse os seus pedimentos sempre que foi posible legalmente, fixéronse con espírito aberto para participar e non se pode seguir loitando contra os intereses de Betanzos.

- Remata o Sr. alcalde-presidente: todo o mundo pode expresarse e desexa que as normas que hoxe se van aprobar nun 95% aumenten o nivel de Betanzos e, en consecuencia, procederase a somete-lo asunto a votación.

- A Sra. Fernández Ramos solicita facer uso da palabra.

- O Sr. alcalde-presidente comunícalle que consonte as normas, é o alcalde-presidente coa súa intervención quen pon fin ós debates.

- Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, corresponden ó grupo de goberno); votos en contra, sete (7, corresponden seis -6- ó grupo Popular e un -1- ó grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- PRESTAR APROBACIÓN DEFINITIVA Ó PROXECTO DE REVISIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS, a excepción de todo o que estea afectado polo INFORME emitido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, en data 26 de maio de 1996.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Di así o informe emitido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en data 26 de maio de 1996: "XUNTA DE GALICIA. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Dirección Xeral de Calidade Medioambiental. Santiago de Compostela, 26 de maio 1996. Destinatario: Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Betanzos (A Coruña). Expediente AC95002.AD. Asunto: INFORME SOBRE O PROXECTO DE REVISIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO CONCELLO DE BETANZOS (A CORUÑA). O Excmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, en data 26 de maio de 1996, en relación ó asunto emitiu o seguinte informe:= Vista a documentación obrante no expediente de referencia remitido polo Concello de BETANZOS, en virtude do disposto no artigo 7 da Lei 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo, emítese o seguinte informe:= I.- ANTECEDENTES: 1º.- O proxecto de revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento formulado polo Concello de Betanzos foi informado por esta Consellería en data 20/09/1995, en virtude do disposto no artigo 8.a) da Lei 7/1995.= 2º.- O expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en data 26/09/1995; sometido a información pública polo prazo dun mes, presentáronse un total de 88 alegacións.= 3º.- As vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal foron aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de urbanismo de A Coruña en data 18-05-1987.= II.- OBSERVACIÓNS:= 1ª.- A Lei 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia

de urbanismo, no seu artigo 7, prevé o informe preceptivo e vinculante desta consellería como requisito previo á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento urbanístico.= 2ª.- No Proxecto prevese a ampliación de solo urbano sobre terreos que o planeamento vixente clasifica como solo apto para urbanizar ou solo non urbanizable, sen que quede acreditada a concurrencia dos requisitos esixidos polo artigo 10.a) da vixente Lei do Solo, en particular nos seguintes casos:= - As unidades de execución núms. 3, 4, 6, 7 e 8, delimitadas no proxecto sobre solos actualmente clasificados como solo apto para urbanizar SAU-2 (plano 1/1000, follas 5 e 6).= - As unidades de execución núms. 9, 10, 11 e 12, delimitadas no proxecto sobre solos actualmente clasificados como solo apto para urbanizar SAU-1 (PLANO 1/1000, follas 3 a 6).= - A unidade de execución nº 17, no extremo sur do núcleo urbano de Betanzos (plano 1/1000, folla 7).= - O solo urbano de comercio clasificado na beira norte da estrada N-VI á súa saída da vila cara a Madrid (plano 1/2000, folla 13).= - Parte centro-sur do núcleo de Touriñao de Abaizo (plano 1/2000, folla 3).= - Parte leste do núcleo de Angustias e terreos entre este e os núcleos de Illobre e Vista Alegre (plano 1/2000, folla 4).= - Conexións entre os núcleos de Caraña, Xerpe e Braxe (plano 1/2000, folla 5).= - Parte do núcleo de Infesta (plano 1/2000, folla 12).= En consecuencia, compre revisa-la clasificación de solo urbano nas citadas áreas, de xeito que se inclúan nesta clase de solo exclusivamente aqueles terreos que efectivamente reúnan os requisitos de urbanización básica ou consolidación edificatoria nas condicións requiridas polo artigo 10.a) da Lei do solo.= Así mesmo, cómpre suprimir do Estudio do Medio Rural a referencia ó núcleo de recente formación de As Bouzas (parroquia de Requián), que foi eliminado dos planos do proxecto de revisión (plano 1/2000, folla 15) e non reúne as condicións para ser clasificado como urbano.= 3ª.- A definición de solar en solo urbano de núcleo rural (artigo 31.20 da normativa do proxecto) deberá axustarse ó disposto no artigo 19.2 da Lei 11/1985, no sentido de que a parcela deberá contar con redes de servicios, non podendo estes consistir en sistemas individuais.= 4ª.- Polo que atinxe ó sistema de núcleos de poboación, cómpre establece-los criterios para a definición e delimitación dos núcleos rurais de poboación, que se deberá basear, alomenos, nos parámetros de número e densidade de vivendas e distancia entre edificacións (artigo 12 da Lei 11/1985 de adaptación da do solo a Galicia). En congruencia cos criterios establecidos deberá revisarse a delimitación dos núcleos.= Así mesmo, deberá xustificarse o recoñecemento de núcleos de poboación non identificados no planeamento vixente (por exempo os núcleos de As Nogueiras, As Cascas-Condesa e o ámbito delimitado ás beiras da estrada Betanzos-Pedrido, na zona de Castro).= 5ª.- As modificacións que se introducen no vixente Plan Parcial do Pasatempo implican un aumento da densidade de vivendas que pasa dos actuais 16 viv/ha. a 50 viv/ha., que precisa dun ponderado aumento das previsións para equipamentos comunitarios de xeito que quede garantizado o cumprimento das reservas mínimas de solo establecidas polo Anexo ó Regulamento de planeamento.= 6ª.- No relativo ó solo non urbanizable protexido, cómpre sinalar: a) Na delimitación do solo non urbanizable de protección de espacios naturais, deberá xustificarse axeitadamente a diminución que se fai con respecto ó ámbito recollido nas Normas Subsidiarias Provinciais (ficha número 11).= b) A superficie mínima de parcela edificiable prevista para o solo non urbanizable de especial protección agropecuaria é a mesma que a prevista para o solo non urbanizable común, o que non garante unha protección axeitada das potencialidades que dan razón de ser á protección establecida.= Por todo o exposto, deberán subsanarse as deficiencias observadas no proxecto de

Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Betanzos e, tralos trámites oportunos e inmediatamente antes da súa aprobación definitiva polo Concello, someterse de novo a informe preceptivo desta Consellería.= Comuníquese ó Concello e déase traslado ó Delegado Provincial desta Consellería.= O que lle comunico a VI para o seu coñecemento e efectos pertinentes.= O SUBDIRECTOR XERAL DE URBANISMO E ARQUITECTURA.= Asdo.: Vicente Ruiz Soldevilla."

Queda de explicación do voto:

- O Sr. Otero Martínez, manifesta a súa sorpresa ante as intervencións en asintonía do voceiro socialista e o Sr. alcalde ó respecto da intervención deste voceiro, pois o 1º interpreta a postura do BNG como unha crítica ó LSG, mentres que o Sr. alcalde acaba de estrañarse ante o que el interpreta como unha defensa da mesma LSG. Quero lembrarlle ó Sr. alcalde que dita lei foi aprobada no Parlamento Galego cos votos do PSOE e o PP, curiosamente tócalle como sempre ó BNG defende-la súa legalidade.

- A Sra. Faraldo Botana, como aclaración ó voto emitido polo seu grupo, manifesta que: o silencio administrativo positivo serve para continua-lo trámite non para sanar un expediente, en canto á aprobación parcial ¿por que non se someteu o expediente completo ó pleno e non así de forma parcial?

- O Sr. alcalde-presidente: que os documentos que hoxe se someteron á aprobación do Pleno da Corporación son exactamente os mesmos que foron informados pola Comisión Especial para revisión das normas.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a rematar-la sesión, sendo as vintedúas horas e corenta e oito minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA DEZAOITO DE XULLO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

Dª Ofelia López Campos.

D. Andrés Beade Dopico.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

D. Jaime Alberto Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Andrés Martínez Guerra.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. José Cortés Carro.
Sr. Interventor:
D. Antonio Vara Fiaño.
Non asisten, con desculpa:
D. Manuel J. Basteiro Fernández, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do día dezaoito de xullo de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concellleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda pendente de aprobación a acta da sesión extraordinaria realizada o 27-06-96.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes:

201.- O Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría, agradece a felicitación deste Concello con motivo do seu nomeamento como ministro de sanidade e consumo.

Ás 21:01 horas incorpórase á sesión o Sr. Beade Dopico.

202.- Do colexio público "A. Carrero Blanco" de Arteixo, agradecen a acollida dispensada a profesores e alumnos de 8º de EXB na excursión escolar que visitou esta cidade o pasado día 14 de xuño.

Ás 21:02 horas incorpórase á sesión o Sr. Díaz Pereira.

203.- Do delegado provincial da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, comunica resolución pola que se acorda o requirir a Unión Fenosa SA para que proceda a subministrar de maneira permanente e axustada a tensión nominal de enerxía eléctrica na zona denunciada por este Concello nos terminos e condicións do Regulamento de verificacións eléctricas.

300.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE CONCESIÓN DA MEDALLA DE PRATA DA CIDADE Ó EXCMO. SR. D. JOSÉ MANUEL ROMAY BECCARÍA.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía-Presidencia sobre concesión da medalla de prata da cidade ó Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do grupo BNG.

Di así a moción do Sr. alcalde-presidente: "Para a formación de pobos prósperos e da importancia de Betanzos, foi necesario que a través da Historia, fillos ilustres puxeran o mellor das súas cualidades e do seu tempo en favor da colectividade.= Esta posta a disposición en favor do desenvolvemento social, cultural e xeral de Betanzos, sempre foi valorado polos betanceiros que saben recoñecer ás personalidades que traballan polo seu

ben.= Como representación singular do destacado conxunto de betanceiros que puxeron as súas mellores cualidades en favor de tódolos cidadáns, destacaría ós irmáns García Naveira. De humilde condición tiveron, ó igual que outros moitos betanceiros, que emigrar e en Bos Aires, gracias á súa clara intelixencia e sentido comercial, lograron unha contiosa fortuna. Ó encontrarse nunha posición económica moi vantaxosa, lembraron os seus orixes e decidiron realizar diversas actuacións en favor de toda a sociedade: escolas, asilos, lavadeiros, axudas sociais e en xeral, obras de interese público e cidadán.= Hoxe son lembrados en prazas, rúas e lugares do noso termo municipal.= E enlazando co anterior, en data recente produciuse un destacado acontecemento: o betanceiro José Manuel Romay Beccaría, fillo predilecto da cidade, foi nomeado ministro de sanidade. Cargo de grande relevancia e que da continuidade a outros ministros que, con anterioridade, tivo Betanzos. Estou seguro de que, como bo betanceiro, deixará escrito para a Historia novas páxinas que dignifiquen e melloren a Betanzos e a España.= Por este feito e polos merecementos demostrados polo Sr. Romay nos seus importantes cargos anteriores (Subsecretaría Gobernación, presidente da Deputación da Coruña, conselleiro de agricultura e sanidade e outros moitos), é polo que me honro en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Entregar a D. José Manuel Romay Beccaría a medalla de prata da cidade, en consideración ós seus merecementos e á súa traxectoria.= 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para o desenvolvemento do anterior acordo."

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: a abstención que adoptou o BNG no día de onte (Comisión de Programación) ó respecto da moción da Alcaldía non se corresponde co posicionamento que o seu grupo nacionalista vai adoptar no referente a este punto da orde do día. O motivo non foi outro que o de pulir o máis posible os argumentos do noso voto contrario, para deste xeito no feri-la sensibilidade favorable que adoptaron os outros grupos da Corporación, coma xa onte manifestaron. O BNG de Betanzos non pretende coa súa postura suscitar polémica ningunha e si pretende deixar ben claro que o voto contrario non está motivado por postura ningunha de carácter persoal ou político. Votariamos en contra calquera que fose a filiación política do condecorado. Evidentemente, como betanceiros sentímonos satisfeitos e congratulámonos dos logros profesionais dos nosos conciudadanos, logros que entendemos son xa a maior condecoración que a persoa acada no desempeño da súa actividade social, política, laboral...etc.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: desde este principio elemental da propia realización individual (principio fundamento humanista) mesmo engrandecido pola súa vertente colectiva (encamiñado e dirixido cara ós demais) folgan tódalas condecoracións. Por outra banda, habendo conciudadanos merecentes de medalla e posuidores das mesmas non estariamos clasificando en categorías os cidadáns (os das medallas e a "tropa", os que non a teñen), indo en contra da idea socialista de que todos somos iguais e merecentes da mesma consideración, calquera que sexa a raza, sexo, oficio, intelixencia. Para un pai, tódolos fillos son iguais, a pesar das súas diferencias (principio cristián) non ten predilectos e mesmo os máis torpes, e mesmo capaces reciben deste máis atención. Como políticos e representantes do pobo debemos evitar predilección, clasificacións e condecoracións entre os nosos veciños. Sr. romay, novamente noraboa e a continuar,

democraticamente na loita e defensa dos seus ideais, mais, con tódolos respectos, o BNG de Betanzos non lle entrega medalla ningunha."

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, quince (15, corresponden nove -9- ó grupo Socialista e seis -6- ó grupo Popular); votos en contra, un (1, corresponde ó grupo BNG); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, como resultado da votación, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Conceder ó Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría a medalla de prata da cidade, en consideración ós seus merecementos e á súa traxectoria.= 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para o desenvolvemento do anterior acordo."

400.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA RELACIONADA COAS MEDIDAS QUE EN MATERIA DE SOLO ADOPTOU O GOBERNO DA NACIÓN MEDIANTE O REAL DECRETO LEI 5/1996.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo Socialista relacionada coas medidas que en materia de solo adoptou o Goberno da Nación mediante o Real decreto lei 5/1996.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación cos votos en contra do grupo Popular.

Propón a moción do grupo Socialista que se adopte o seguinte acordo: "O pleno do Concello de Betanzos manifesta a súa máis profunda discrepancia coas medidas adoptadas polo Goberno da Nación no Real decreto lei 5/96 tanto polo seu contido segundo o exposto anteriormente, como pola ausencia de diálogo coas corporacións locais ou as súas entidades representativas, que un tema coma este tivera requirido."

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Carro Erias: que o seu grupo continúa sostendo a mesma postura que na Comisión, preguntando se o pasa-las cesións do 15% ó 10% beneficia ou prexudica ó cidadán; é evidente que o custo por m2 do precio das vivendas vai baixar e isto repercutirá favorablemente nos cidadáns posto que a maioría non podían acceder a unha vivenda e con estas medidas favoreceranse as rendas baixas; inténtase: 1º) abarata-lo prezo das vivendas e 2º) incrementa-la actividade económica.

- Continúa o Sr. Carro Erias: o Concello deixaría de ingresar solo, pero ben é certo que se xenera emprego; á parte dos datos que se mencionan na moción existen outros que non se citan, se se lera adecuadamentne esta Lei veriase que hai cuestións máis importantes que o 15%, as cales contribuirán eficazmente no abaratamento do custo por m2 das vivendas.

- O Sr. Lagares Pérez: a moción do seu grupo está motivada polo Real decreto 5/96, na mesma manifféstanse dous aspectos: 1º) De forma: o municipalismo ten interlocutores válidos: a FEGAMP e a FEM ámbolos dous foron esquecidos nas negociacións sendo o diálogo un elemento positivo. 2º) De fondo: a cuestión é negativa para os concellos porque a Lei do solo marcaba unha cesión do 15% neto urbano no desenvolvemento dos plans, deuse un paso adiante e agora dase un paso atrás.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: non se abarata nada, porque non hai economista que o sosteña; os socialistas sempre se preocuparon polas vivendas dignas para que o mercado teña demanda, por esa cuestión cré que se está dando marcha atrás e roga o voto a favor da moción en aras do bo funcionamento do Concello de Betanzos.

- O Sr. Otero Martínez: ante a presentación desta moción que imos apoiar, sinto unha satisfacción persoal que ben podería resumirse no refrán: "Pola boca morre o peixe". Decreto de normalización lingüística, Plan de residuos sólidos urbanos, Repoboación forestal, Política gandeira, Consecuencias pesqueiras da adhesión á CEE, Rede ferroviaria...etc son temas de diferentes mocións presentadas por este portavoz do BNG, as cales, independentemente do posicionamento, o portavoz socialista replicaba case sempre cun "trabucouse de foro, este non é o lugar para debater estes temas". Por suposto, non se trataba de debater, senon de posicionarse, xeralmente en contra, diante de calquera decisión que afectase negativamente as condicións de vida dos betanceiros e betanceiras. Hoxe, tal e como nos pide o portavoz socialista, o BNG está a favor de "manifesta-la súa máis profunda discrepancia coas medidas adoptadas polo goberno do Estado no Real decreto lei 5/1996 liberalizadoras en materia de solo e de colexios profesionais". De todos é sabido que na actualidade a cesión de solo para a construcción de vivendas de protección oficial e con destino a usos urbanísticos é do 15% do aproveitamento tipo de solo urbanizable. O decreto do Goberno do Estado establece unhas medidas que, baixo o pretexto de liberaliza-lo solo, rebaixao ó 10% co que existe unha carga evidente do 5% do aproveitamento tipo que lle correspondería ás administracións públicas e neste caso ós concellos.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: con esta política os beneficiados serán os promotores, fronte ós compradores e usuarios que van se-los grandes prexudicados. E dicimos baixo o pretexto de liberaliza-lo solo co argumento da escasez de solo clasificado como urbanizable, cando por exemplo, e agora mesmo en Galicia, existe solo para construir tres veces o número de vivendas que actualmente temos. Por outra banda, e así manifestei as miñas dúbidas na comisión do día de onte, o BNG considera unha intromisión (ollo non falo de ilegalidade) por parte do Estado o feito mesmo de rebaixa-la cesión do 15% ó 10%, xa que en materia de urbanismo e de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas (de aí que consideremos oportuno que ademais de apoiar-la moción se lle faga chega-la nosa decisión ó Goberno Autonómico para que este faga vale-los seus dereitos diante do Estatal).

- Segue o Sr. Otero Martínez: repito, as competencias son da Xunta e de feito, a Lei, onde fala deste 15% está recorrida polas comunidades autónomas, que consideran esta materia de competencia exclusiva. Ademais desta reducción do 15% ó 10% o decreto afecta ó funcionamento democrático dos concellos e á construcción de vivendas de protección oficial e de promoción pública. Ata o de agora as corporacións locais eran as que aprobaban, de acordo coa Lei do solo de 1992 os planeamentos iniciais, os definitivos e daban os pasos para a formación dos plans xerais de ordenación urbanística. Con esta nova Lei redúcese a capacidade dos plenos dos concellos quedándolles reservada só a aprobación definitiva. Situación antidemocrática que rebaixa as súas competencias.

- Remata esta intervención o Sr. Otero Martínez: pero a grande desculpa do goberno para elaborar este decreto é que se vai abarata-lo solo e con isto abarátanse tamén os custes da vivenda, algo que non será posible ó non existir un verdadeiro programa de construcción de vivendas de protección oficial e de promoción pública, nin un programa para un parque de vivendas en aluguer, imprescindible para aquelas persoas que non poidan mercala (sobre todo novas). Os únicos que sairán favorecidos serán os especuladores inmobiliarios. Volvendo ó posicionamento e á nosa discrepancia coas medidas do Real decreto, insistir na petición á Xunta de defensa das súas competencias

(exclusivas e non exclusivas) pois de todos é sabido que a lei que se está elaborando en materia de solo no Parlamento Galego establece unha cesión do 15% en tódolos concellos mentres que a Lei do solo só a establecida naquelas de máis de 25.000,- habitantes. Ó haber esta rebaixa ó 10% o goberno da Xunta terá que tomar unha decisión de defensa das súas competencias, que por outra banda consideramos beneficiosa, ó conferirlle ós concellos capacidade para ter unha intervención no solo.

- O Sr. Pita Varela: non se poden utilizar adxectivos non adecuados e agradaríalle que se diga se hai algún acordo coa FEGMP. Cada un pode face-las declaracións que lle atañen, o que aquí se está dicindo polo grupo Socialista é pura demagoxia; as medidas do Real decreto 5/96 son liberalizadoras, pode ser que existan colectivos que as critican pero os sindicatos non as rexeitaron porque as consideran positivas, non se pode dicir que se preocuparon de adoptar medidas para abaratalas posto que o valor da vivenda se multiplicou por tres nos últimos anos e todo o mundo sabe que os traballadores teñen máis dificultades que antes para acceder ás mesmas.

- Continúa o Sr. Pita Varela: as medidas do Real decreto son liberalizadoras, benefician ó sector da construcción que é un dos máis importantes motores económicos e polo tanto débese debater se o mesmo é positivo ou non, o sentido é relanza-la construcción abaratándoa e crear emprego simultaneamente.

- Segue o Sr. Pita Varela: que todo o mundo o verá, as medidas son complementarias unhas das outras -débese ler-, posto que con anterioridade a estas medidas os pasos estaban dados para rebaixa-lo 15% ó 10%; poden dici-lo que queiran pero os que entraron non saen no xornal coma outros; aquí estase falando dun Real decreto que pode ter erros pero non con acusacións que non veñen ó caso, solicitando coñecer cales foron as porcentaxes que se aplicaron neste Concello en materia urbanística ata a data, posto que Betanzos é un dos de menor crecemento urbanístico de toda Galicia, a ver se o convencen con datos técnicos.

- o Sr. Lagares Pérez, reflexionando manifesta: que a historia se xulga nos xulgados e que os grupos non poden facer xuizos de valor, só manifestou que era unha cuestión de forma non oir á FEGAMP e consecuentemente ós concellos por ser esta a súa representante e que estas medidas liberalizadoras non son tal, só parecen neoliberais e solicita que se manteña a cota do 15% o cal é sorprendente que se rexeite aquí.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: entende o seu grupo que a queixa está fundamentada, en canto ás cesións no Concello de Betanzos, estas son as que marca a Lei, se non o consideran así teñen a obriga de denuncialo onde estimen oportuno; segundo os informes da comunidade autónoma o Concello de Betanzos é o concello que figura no terceiro lugar da mesma na construcción de determinado tipo de vivendas.

- O Sr. Otero Martínez, puntualiza: 1º) Non dixo que se trabucara de foro, esa expresión utilizouse noutras ocasións cando o seu grupo presentaba moción; 2º) En canto á demagoxia, é probable que cando se intentan defender ideas poida parecer demagoxia pero existe unha grande diferencia; o seu grupo non intenta facer política enganosa, é claro que o Real decreto choca frontalmente coas competencias da comunidade autónoma, por iso a demagoxia está na ambigüidade de determinados grupos, o BNG non se caracteriza por iso.

- O Sr. alcalde-presidente: dado que os grupos políticos debateron o tema profundamente, considera rematado o debate e, polo tanto, someterase o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor dez (10, corresponden nove -9- ó grupo Socialista e un -01- ó grupo BNG); votos en contra: seis (6, corresponden ó grupo Popular); abstencións: non se formulan.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- O Pleno do Concello de Betanzos, manifesta a súa máis profunda discrepancia coas medidas adoptadas polo Goberno da Nación no Real decreto lei 5/96 tanto polo seu contido segundo o exposto anteriormente, como pola ausencia de diálogo coas corporacións locais ou as súas entidades representativas, que un tema coma este houbera requirido.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para o desenvolvemento do anterior acordo."

500.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELACIONADA CO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo Popular relacionada co conservatorio de música de Betanzos.

Di así o dictame da Comisión de Programación: "Infórmase favorablemente coa reserva de voto ó pleno do grupo BNG. Matízase polo grupo de goberno, que sempre e cando a Xunta se comprometa a contribuir economicamente ó custe do conservatorio, a habilitación dos locais queda pendente de estudio".

Propón a moción do grupo Popular que se adopten os seguintes acordos: "1.- Amplia-los estudios do conservatorio de música de Betanzos ó GRAO MEDIO.= 2.- Habilitar unha planta das antigas escolas García Irmáns como conservatorio de música municipal.= 3.- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha subvención para o ano 96 de acordo coa Orde do 1 de abril de 1996 pola que se establecen subvencións para escolas de música (DOG do 28/05/96)."

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: pensa que houbo o suficiente debate para chegar a unha conclusión no primeiro punto da moción crendo a tódolos grupos de acordo co mesmo, sempre será beneficioso dado que nos últimos tempos en Betanzos o nivel musical é bastante elevado e vai en aumento porque o demanda a poboación estudiantil.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: en canto ó punto segundo da moción, o BNG non ten nada en contra, posiblemente o tema importante será como conseguilo en base a que o problema está na falta de diñeiro ¿de onde sae? teríase que busca-la maneira de que sexa posible a creación a nivel económico, xa que unha subvención non significa que continúen os estudios, trata-la idea inicial de que se faga todo o posible e xestiona-las economías que están moi difíciles.

- O Sr. Pita Varela: o pedimento fundamental está orientado a amplia-los estudios e despois, loxicamente, para telos, propoñen unhas condicións posto que o Partido Popular no seu deseño político de ubicación de instalacións municipais, o pequeno espacio que queda das antigas escolas García Irmáns, está planificado para ensinanza e unha das carencias é o conservatorio; o que propón o seu grupo é un local estable pero pode haber outras alternativas.

- Continúa o Sr. Pita Varela: ¿Por que se presenta a moción? Pola demanda. Recóllese na mesma algo que coñece o goberno municipal: o pedimento de moitos pais. Noutros lugares existe e debemos ve-la situación de Betanzos en relación cos mesmos,

posto que na Comunidade Autónoma de Galicia existen cinco centros que dependen da mesma, dous superiores (A Coruña e Vigo) e tres de grao medio.

- Segue o Sr. Pita Varela: neste tipo de ensinanza está prevista a ampliación, só é unha decisión política do Concello de Betanzos realizala, existen trece concellos que a teñen.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que, para o seu grupo, o único que hai que facer é que o Concello adopte o acordo e que se comprometa realizando a correspondente readaptación presupostaria e o resto son "campaíñas", pode dar datos económicos do que aportan outros concellos e por iso formulan este pedimento agora, recollendo a demanda social que hai en Betanzos onde o Concello se supón que ten capacidade presupostaria; en canto ó local flexibilizan o pedimento sempre e cando teñan boas instalacións e sexan adecuadas.

- O Sr. Lagares Pérez: entende a mensaxe do grupo BNG, pero estase falando de determinadas correccións na moción, tal como é non se pode face-lo que se pretende, así o explicou o delegado de cultura na xuntanza da Comisión de Programación e houbo consenso; se continúa como é o punto terceiro da moción pode haber falta de coordinación debido á normativa que rexe a creación dos estudios de conservatorio en grao medio, en canto ó segundo punto respecta o deseño pero non o comparte, facendo referencias á infraestructura das ensinanzas do grao medio; está de acordo coa creación do grao medio no conservatorio pero sensatamente hai que facelo ben, tendo a iniciativa o grupo Popular.

- O Sr. Díaz Pereira, como complemento: que tódolos concellos que teñen grao medio do conservatorio están afogados economicamente sendo o importe das taxas por curso bastante alto.

- O Sr. Pita Varela: os razonamentos expostos non lle valen para nada; non se fixo un estudio para saber que custo terían que soporta-los pais dos alumnos; os rapaces queren continua-los seus estudios e non teñen praza, iso é frustante e todos coñecen as dificultades; se os concellos están afogados economicamente é un problema de prioridades, o resto é cuestión de tempo, dependendo da orde das que se queira establecer.

- O Sr. Otero Martínez: consígase como se consiga, vai ser caro, por moitas subvencións que haxa para o conservatorio, sendo pragmático na súa presentación.

- O Sr. alcalde-presidente: considera claro e debatido o asunto e, polo tanto, solicitaranse a tódalas administracións.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Amplia-los estudios do conservatorio de música de Betanzos ó GRAO MEDIO, sempre e cando a Consellería de Educación, que é de quen dependen as competencias educativas, habilite os medios económicos necesarios para o mantemento do persoal, facilitándolle o Concello de Betanzos os locais para a súa implantación.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Ás 21:30 horas auséntase do salón de sesións o Sr. García Vázquez.

600.- DAR CONTA DE ANEXO Ó ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS LABORAIS E RETRIBUTIVAS DO PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS, RATIFICACIÓN DO MESMO.

Dase conta ó Pleno de anexo ó acordo regulador das condicións laborais e retributivas do persoal laboral do Excmo. Concello de Betanzos para a ratificación do mesmo.

Está informado favorablemente, por unanimidade, pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó anexo ó acordo regulador das condicións laborais e retributivas do persoal laboral do Excmo. Concello de Betanzos.= Segundo.- Ó mesmo daráselle o trámite previsto pola lexislación vixente."

Di así o anexo mencionado:

COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE. ANO 1996.

D. Félix Álvarez Rodríguez	10.150,-
D. Guillermo Ares Barral	10.150,-
D. Modesto Centoira Miranda	10.150,-
D. Adolfo Cortés Sampayo	10.150,-
D. Rafael Fraga Varela	10.150,-
D. José Freire Espiñeira	10.150,-
D. Jesús García Camba	10.150,-
D. Manuel González Fernández	10.150,-
D. Luis Jaime López Crespo	10.150,-
D. Manuel José Medín Crespo	10.150,-
D. Jesús Otero Faraldo	10.150,-
D. José Manuel Pérez Varela	10.150,-
D. Pedro Tenreiro Viqueira	10.150,-
D. Silvestre Seoane Medín	10.150,-
Dª Matilde Vázquez López	10.150,-
D. Alfredo Veiga Edreira	10.150,-
D. Francisco Abrodos Lousa	10.150,-
D. Arturo Seoane Maceiras	10.150,-
D. José Ramón Pérez Montero	10.150,-
Dª Fernanda Rojo Freire	10.150,-
D. José Carro Suárez	10.150,-
D. Antonio Vara Fiaño	14.000,-
Dª Leonor Sánchez Edreira	14.000,-
D. José Cortés Carro	14.000,-
D. Francisco Doural Cartemil	14.000,-
Dª Purificación Calviño Ruanova	14.000,-
Dª Mª José Purriños Aller	14.000,-
D. José A. García Bello	14.000,-
Dª Mª Teresa Morales Segade	14.000,-
D. José E. Fidalgo García	14.000,-
D. Andrés Rey Orgeira	14.000,-
D. José Mª Vidal Moreira	14.000,-
D. José Raul Caamaño Lata	14.000,-
D. Antonio Carlos Naveira Placer	14.000,-
D. Manuel Calaza Fernández	14.000,-
D. Manuel Seijo Vázquez	14.000,-

D. Raul Brea Morlán	14.000,-
D. Alberto Fernández Seijo	14.000,-
D. Juan Cortés Pereiro	14.000,-
D. Herminio Pérez Taboada	14.000,-
D. José R. Vázquez Vázquez	14.000,-
D. Daniel Recouso Pedreira	14.000,-
D. Jesús Vázquez Parga	14.000,-
D. José Gil Sésar	14.000,-
D. Juan Carlos Gómez Dopico	14.000,-
D. José Fco. Amado Posse	14.000,-
D. José Simeón Porto Fernández	14.000,-
D. José Luis Zamora Andrade	14.000,-
D. Pedro Rodríguez Pedreira	14.000,-
D. Antonio Vázquez Filgueiras	14.000,-
D. Víctor A. Méndez Vázquez	14.000,-

700.- DAR CONTA DE ESCRITO DE CIDADÁNS DE BETANZOS CON RESPECTO A TERREOS SITOS NO LUGAR DO XUNCALIÑO, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno de escrito de cidadáns de Betanzos con respecto a terreos sitos no lugar do Xuncaliño.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa reserva de voto ó Pleno do grupo Popular.

Di así o escrito mencionado: "Despois de ler nos medios de comunicación que unha veciña da Coruña reclamou para a súa propiedade os tereos do Xuncaliño, invádenos unha impresión de sorpresa e de incredulidade que queremos dar a coñecer.= De todo o vecindario é coñecido que no Xuncaliño aprenderon a nadar moitos nenos que iniciaron aquí os seus contactos coa auga. Igualmente que foi un lugar onde as pequenas embarcacións descargaban o xunco e tamén o que, durante varios anos, o Concello o utilizou como lugar de recheo e verquíanse os residuos que se transportaban en carro. Ainda temo-la lembranza dos señores Penika e León que eran os empregados municipais encargados de dirixir este servicio. Por iso o que un lugar público como O Xuncaliño queira ser declarado privado por esta persoa non sabemos en base a que criterios, parécenos inadmisible. E solicitamos do Concello que defenda a súa titularidade e realice na zona as instalacións deportivas e recreativas que están previstas, para que de esta forma os nenos e os veciños, en xeral, das áreas da Ponte Vella, Caraña, Saavedra Meneses, Nosa Señora, Ribeira, Malecón e lugares lindantes, poidamos disfrutar de algo que sempre nos correspondeu e que, polo capricho dunha persoa e os seus familiares, non debemos perder."

Ás 21:34 horas incorpórase á sesión o Sr. García Vázquez; á mesma hora auséntase do salón de sesións o Sr. Díaz Pereira.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: o seu grupo enterouse do litixio polos medios de comunicación en relación cos terreos do Xuncaliño; agora están vendo que unhas persoas asinan un documento e como ten descoñecemento non queren entrar a debater sobre a cuestión e non entrarán por estar en litixio.

Ás 21:37 horas incorpórase á sesión o Sr. Díaz Pereira.

- Continúa o Sr. Pita Varela: o seu grupo pronunciarase no seu momento, cando saian as sentencias, e nese momento emitirá o correspondente comunicado, pero agora pronuncianse pola abstención.

- O Sr. Lagares Pérez: que non se falou de acordo, propoñerase agora como se mencionou na comisión; o Xuncaliño é coñecido por todos, recuperáronse elementos no arquivo que din que son terreos de Costas, aparte que non se di así porque así, é un ben público para disfrute dos cidadáns.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: o Concello ten documentos antigos que así o demostran; fixéronse recheos e espera que os terreos sexan de quen son.

- O Sr. Otero Martínez: mantén a posición da comisión, hoxe non se adopta acordo pola Corporación; a proposta é que están dispostos a defender terreos de titularidade pública e hai que agarda-la sentencia; os terreos que hoxe se reclaman non os había, así o entende por vivencias, por iso hai que defendelos en razón da sentencia xurídica que se produza.

- O Sr. Pita Varela: ten coñecementos de que nesa zona houbo propietarios que tiveron que demostra-la súa propiedade, pero unha ocusa é defender propiedades municipais e outra cousa é defende-lo que non se sabe se así é; o grupo Popular en previsión espera que falen os xuices e nese momento dirá o que teña que dicir: as sinaturas non son sinónimo de nada, por iso se pronunciarán pola abastención.

- O Sr. Lagares Pérez: o grupo Socialista presentou un documento asinado por veciños que non é papel mollado; é unha iniciativa e defenderana con tódalas súas consecuencias; se é en contra acatarán a sentencia, pero non a compartirán; o proceso está aí e o grupo Socialista loitará por que sexan un ben público.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, corresponden nove -9- ó grupo Socialista e un -1- ó grupo BNG); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Defende-la titularidade dos te rreos do Xuncaliño como patrimonio municipal.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Quenda de explicación do voto:

- A Sra. Faraldo Botana (grupo Popular): que tendo entendido que as brañas non se poden cerrar e son propiedade privada, sería recomendable que se puxeran letreiros dicindo "non poden bañarse", etc.

800.- PRESTAR APROBACIÓN Á ADAPTACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA DÚAS PRAZAS DE POLICÍAS LOCAIS Ó D. 121/95 DA XUNTA DE GALICIA.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a adaptación das bases da convocatoria para dúas prazas de policías locais ó D. 121/95 da Xunta de Galicia.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: que, por necesaria coherencia, manterá a postura que mantivo sempre en relación con estes temas e pronunciarase pola abstención.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, quince (15, corresponden nove -9- ó grupo de Goberno e seis -6- ó grupo Popular; votos en contra, non se formulan; abstencións, unha (1, corresponde ó grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación a adapta-las bases da convocatoria para dúas prazas de policías locais ó Decreto 121/95 da Xunta de Galicia.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

900.- DAR CONTA DOS NOVOS ESTATUTOS DA FEGAMP E ADHESIÓN DO CONCELLO DE BETANZOS Á MESMA.

Dase conta ó Pleno dos novos estatutos da FEGAMP para a adhesión do Concello de Betanzos á mesma.

Están informados favorablemente, por unanimidade, pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ós novos estatutos da FEGAMP, así como a adhesión do Concello de Betanzos á mesma.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

1000.- MOCIÓN DO GRUPO BNG SOBRE O DÍA DA PATRIA GALEGA.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo BNG sobre o día "Día da Patria Galega"

Está informada desfavorablemente pola Comisión de Programación, coa reserva de voto ó Pleno do grupo Popular; o grupo BNG vota a favor.

Propón o grupo BNG que se adopten os seguintes acordos: "1º.- Publicar un bando da Alcaldía no que se recolla unha breve história do Día da Patria e un chamamento á ciudadanía para que celebre o 25 de xullo como festa da nación Galega, así como unha invitación ás veciñas e veciños do municipio a que o día 25 penduren a bandeira galega das fiestras, galerías e balcóns das súas casas.= 2º.- Adquirir un determinado número de exemplares do "Sempre en Galiza" de Castelao e de bandeiras galegas para a súa entrega ás entidades sociais do municipio no transcurso dun acto institucional."

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez: seguirá intentendo cambiar de posicionamento político ós grupos e, nese intento, explicará a súa moción como segue:= Na II Asemblea Nacionalista das Irmandades da Fala, realizada en Santiago de Compostela no ano 1919, foi cando se tomou a resolución de conmemora-lo 25 de xullo -festa da cidade de Santiago e de moitas parroquias do país- como día de exaltación patriótica galega. As primeiras celebracións non pasaban dunha tímida afirmación nacionalista, coa exibición da bandeira galega nalgúns edificios públicos e privados. A dictadura de Primo de Rivera veu cortar axiña o carácter político e reivindicativo.= Posteriormente, no paréntese das dúas dictaduras, hai un avance do nacionalismo baixo o impulso do Partido Galeguista e o movemento nacionalista.= No 1949 recupérase dalgunha maneira a conmemoración desta data coa creación da Misa de Rosalía no convento de Santo Domingo de Bonaval, misa que, ano tras ano, vaise convertendo nun acto cada vaz máis reivindicativo e político. Algúns anos despois van se-las organizacións nacionalistas as que van facer xa definitivamente do 25

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

de xullo a festa na que se reafirma a identidade da Galicia como nación "... a festa maior de Galiza, a festa de todos os galegos...", como a definiría Castelao.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: en definitiva, a moción do seu grupo, solicita que se adopten os acordos mencionados e que repite: "1º- Publicar un bando da Alcaldía, no que se recolla unha breve historia do Día da Patria e un chamamento á ciudadanía para que celebre o 25 de xullo como festa da nación Galega, así como unha invitación ás veciñas e veciños do municipio a que o día 25 penduren a bandeira galega das fiestras, galerías e balcóns das súas casas.= 2ª.- Adquirir un deteminado número de exemplares do "Sempre en Galiza" de Castelao e de bandeiras galegas para a súa entrega ás entidades sociais do municipio no transcurso dun acto institucional", os cales poden ser asumidos por todos e é o que se propón, insistindo en solicita-lo voto positivo para a mesma.

-O Sr. Pita Varela, manifesta: que o seu grupo non a apoiará porque: 1º) Do Día de Galicia uns teñen un concepto e outros un distinto; o BNG non acepta a celebración con carácter institucional e o "Día de Galicia" é de todos e non dunhs poucos; estase a facer unha utilización partidista do "Día de Galicia" dado que é o "Día de Todos" sen marcar diferenciacións; persoalmente está encantado co libro pero unha cuestión é o libro e outras son cuestións distintas, discrepando da interpretación que algúns lle dan.

Ás 22:50 horas auséntase do salón de sesións o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. Lagares Pérez: que o Concello ten os seus propios actos e por ese motivo votarán en contra.

Ás 22:51 incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. Otero Martínez realiza unha puntualización: que utiliza-la bandeira do seu partido (BNG), non é unha mala utilización, utilízase en moitas cousas. Noutra orde, son democráticos e as súas manifestacións son tan válidas como as dos outros grupos, tampouco nacen sendo nacionalistas, a ideoloxía adquírese acertadamente ou non acertadamente; agrádalle a postura do Sr. voceiro do grupo de Goberno por ser dialogante e non lle molesta a do Sr. voceiro do grupo Popular, lembrando que o día 25 de xullo celebrouno o grupo BNG antes que a Xunta de Galicia.

- O Sr. Pita Varela, matiza: que é un problema de madurez e o seu grupo oponse a todo o que se faga nese aspecto.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, un (1, corresponde ó grupo BNG); votos en contra, quince (15, corresponden nove -9- ó grupo socialista e seis -6- ó grupo Popular); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, non se presta aprobación á moción do grupo BNG sobre o Día da Patria Galega.

1100.- <u>ROGOS E PREGUNTAS.</u>

O Sr. secretario xeral da conta ó Pleno de:

1º) CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO BNG Ó PLENO ORDINARIO DE DATA 31-05-1996.

- Á primeira pregunta:

O motivo polo que non se construíu o aparcamento subterraneo que estaba previsto na chamada praza do Ambulatorio foi debido a que tras unha sentencia xudicial motivada pola reclamación que fixeron algúns propietarios da unidade de actuación e na que se consideraba que a referida obra non se debería incluir no PERI, relativo á mesma, o SERGAS, que foi quen realizou as obras na referida praza non considerou oportuno facelo, moi posiblemente por carecer de partidas presupostarias para a súa construcción.

- Á segunda pregunta:

Con respecto ó recheo e verquido de escombros en diversas zonas ó que fai referencia na súa pregunta, déronse as oportunas instrucións para corrixir todo aquelo no que teñamos competencias municipais. De ningún xeito se iniciaron os referidos paseos e solicitamos en concreto de calquera grupo ou cidadán que nos informe de alteracións que se produzan para adopta-las medidas correspondentes.

- Á terceira pregunta:

Segundo datos dos responsables da obxección de conciencia os distintos cidadáns que están prestando a mesma fano tendo en conta as normas que regulan a mesma.

- Á cuarta pregunta:

O parque do "Pasatiempo" está regulamentado desde o punto de vista urbanístico segundo as normas de protección aprobadas recentemente pola Corporación Municipal e que pode comprobar na Secretaría do Concello.

2º) CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO POPULAR Ó PLENO ORDINARIO DE DATA 31-05-1996.

Igualmente, o Sr. secretario xeral dá conta ó Pleno das mesmas:

ASUNTO: INCENDIO NUN ALMACÉN NA AVDA. GARCÍA NAVEIRA EN BETANZOS.= DESCRICIÓN: Francisco José Pando Caldelas, como xefe da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos ten a ben comunicar que: Con motivo dunha chamada telefónica feita pola Policía Local de Betanzos á nosa base ás 22:00 horas solicitando persoal e medios materiais para combater un incendio de considerables dimensións é polo que un retén formado por: Azucena Máquez Chas, Edictino Melcon García, José Antonio Beade Rivas, Adolfo Ois Mella, José Ramón Pérez Montero, Juan Manuel Pérez Abrodos, Antonio Golpe Maceiras, Jesúa Fraga Varela, se desprazou ó lugar no vehículo contra-incendios e coches particulares, alí encóntrase a Policía Local acordonando e dando seguridade na zona, solicitan unha dotación ó Parque de Bombeiros da Coruña dadas as dimensións do devandito incendio. Inícianse os labores de extinción, ó chega-los bombeiros da Coruña, poñémonos á súa disposición e colaboramos na tarefa con eles. O devantido incendio queda extinguido ás 23:40 horas, hora na que voltamos á base deixando o camión moto-bomba estacionado nas proximidades do incendio por se se voltase a reavivar. O incendio quedou controlado e ben regado despois de gastar 8.000,- litros de auga, o lugar encóntrase a unha distancia de ida e volta da nosa base de 3 Kms. Sen outro particular saúdao moi atentamente. Xefe da Agrupación. Faise constar así mesmo que como conductor do camión autobomba do Concello actuou D. José Lousa García. Dito camión non tivo que realizar intervención ningunha posto que chegou de inmediato a dotación da Coruña, a cal prestando apoio ó vehículo de incendios que ten asignada a Agrupación de Protección Civil lograron sofoca-lo incendio.= É de destaca-la boa colaboración que presta o citado conductor, posto que cada vez que solicitan os seus servicios acode de inmediato. AMPLIACIÓN DE INFORME EFECTUADO POR ESTA AGRUPACIÓN CON MOTIVO DE INCENCIO OCORRIDO EN ALMACÉN UBICADO NA AVDA. J. GARCÍA NAVEIRA DESTA CIDADE, O DÍA 30 DE MAIO DE 1996. INFORME 26/95.- 1ª.- Unha vez comunicado o suceso á Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil, cursáronse as ordes oportunas para proceder ó desprazamento ó lugar dos feitos do camión motobomba pertencente ó Concello e designado a Protección Civil, o cal ía cargado con 4.000,- litros de auga. Así mesmo tamén se desprazou a motobomba pertencente ó Concello e asignada ó Servicio de Limpeza, a cal ía, así mesmo, cargada con 3.000,- l. de

auga, non sendo necesaria a súa intervención. 2ª.- O material de que se dispuxo foi o seguinte: - 25 mangueiras de 25 m. cada unha cun diámetro de 25. - 2 mangueiras de 20 m. de diámetro. - Equipo mezclador de espumóxeno. - 4 cascos de seguridade. - 4 máscaras anti-fumes. - Equipo autónomo de aire. - 2 lanternas halóxenas. 3ª.- O camión asignado ó servicio de limpeza encontrábase totalmente equipado co material de pronto auxilio. 4ª.- Ó chegar ó lugar dos feitos e ve-las dimensións do incendio, iniciáronse os labores de extinción cos medios anteriormente referidos. Unha vez que o vehículo contra-incendios asignado a Protección Civil vaciou o tanque de auga intentando sofoca-lo mesmo, chegaron ó lugar do suceso os bombeiros da Coruña, os cales continuaron os labores de extinción, procedendo nese momento a cargar de novo o tanque no hidrante ubicado na Pza. Irmáns García Naveira. Unha vez cargado de novo o tanque e dado que a dotación do parque de bombeiros da Coruña quedara sen auga e unha vez sofocado xa o incendio, procedeuse ó trasvase da auga do vehículo motobomba do Concello ó parque de bombeiros. O vehículo motobomba do Concello, asignado ó Servicio de Limpeza e cargado con 3.000 l. de auga, estivo en todo momento no lugar do suceso sen ter que chegar a intervir. 5ª.- Por último e como é habitual unha vez extinguido o incendio procedeuse a cargar de auga a motobomba no hidrante ubicado na Condesa. É o que teño o honor de informar para os efectos pertinentes. O Xefe da Agrupación."

Seguidamente formúlanse os seguintes rogos:

- A Sra. Faraldo Botana: que o Sr. alcalde non faga os labores de oficina nos Plenos ó escribir ou revisa-la súa axenda durante o desenvolvemento dos mesmos.

- O Sr. alcalde-presidente: agradece as suxerencias da Sra. Faraldo Botana e indica, noutra orde de cousas, que tódolos Sres. concelleiros teñen á súa disposición -previo pagamento do seu importe- a invitación á homenaxe que proximamente se realizará na nosa cidade ó Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría, ministro de sanidade.

Así mesmo, que os grupos políticos poderán presentar aportacións e suxerencias ós presupostos e as ordenanzas que en breve se someterán á consideración do Pleno.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e cincuenta e oito minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA SEIS DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

D. Jaime Alberto Pita Varela, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de setembro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Por unanimidade préstase aprobación á acta correspondente á sesión plenaria extraordinaria realizada o 27-06-1996, coa observación formulada polo Sr. Otero Martínez, no sentido de que na páxina 3, apartado 6º, onde di: "...e a realización do proceso de revisión das normas...", debe dicir: "...e a paralización do proceso de revisión das normas..."

Queda pendente de aprobación a acta correspondente ó 18-07-1996; non se subministrou ós Sres. concelleiros.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- D. Hipólito Fariñas Sobrino, deputado pola Coruña, agradecendo a felicitación do Concello Pleno con motivo do seu nomeamento como deputado pola Coruña nas recientes eleccións xerais.

202.- Dirección Xeral de Xustiza e Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, comunica que, de acordo co disposto na Orde desa Consellería do 23 de abril pasado, se acordou: non conceder a este Concello a cesión dun vehículo todoterreo con destino ó corpo da Policía Local, por contar xa este Concello cun turismo e un todoterreo prestando os seu servicios na Policía Local e non dispoñe-la Consellería de crédito suficiente para atender tódalas solicitudes presentadas.

203.- Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, comunica que se procedeu á adxudicación do contrato denominado: "Paseo da Galera e recuperación das marxes dos ríos Mendo e Mandeo ó seu paso por Betanzos, TM de Betanzos (A Coruña)",

á empresa Corsan SA, polo importe total de 130.645.387,- Ptas., e exercicios 1996: 2.073.306,- Ptas. e 1997: 128.572.081,- Ptas.

204.- Deputación Provincial da Coruña, envía orixinal do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Betanzos para a execución das obras: "Praza do Pasatiempo", asinado o pasado día 26 de xullo.

205.- Caixa Galicia, comunica que dita entidade, atendendo ó pedimento de axuda formulado polo Concello, para a organización do curso internacional de gravado "Gráfica 96", acordou concede-la cantidade de 1.000.000,- de Ptas.

206.- Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, comunica que se aproba a concesión da seguinte subvención: "Mantemento actividades terceira idade": 510.000,- Ptas., de acordo coas normas que menciona.

300.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CONDICIÓNS XERAIS, XURÍDICAS, TÉCNICAS E ECONÓMICAS REGULADOR DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NO SUBSOLO DA PRAZA GARCÍA IRMÁNS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó prego de condicións xerais, xurídicas, técnicas e económicas regulador do concurso público para a construcción e explotación dun estacionamento de vehículos no subsolo da praza García Irmáns.

Dito expediente está informado favorablemente pola Asesoría Xurídica e os Servicios Técnicos Locais, igualmente está informado pola Comisión de Programación como segue: "A Comisión acorda informar favorablemente, por unanimidade dos asistentes, o prego, coa introducción das modificacións que se incorporan ó prego de condicións xerais que afectan á cláusula dous (páx. 1) e ó modelo de presentación (páxs. 7/8)."

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Otero Martínez (voceiro do grupo BNG): o posicionamento do seu grupo é favorable porque entenden que a realización do mesmo é unha demanda dos cidadáns; manifesta a súa falta de fe en que se leve adiante; xenericamente o aspecto básico das obras a realizar agora son as mesmas que as do prego da anterior lexislatura e segundo as condicións poucas empresas serán as que poidan concursar posto que están limitadas, non obstante, o caso é que cumpran; por último manifesta que o seu grupo non se opón e no caso de que ninguén concurse, que se fagan os trámites correspondentes para outro tipo de aparcamento.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación, por unanimidade, ó prego de condicións xerais, xurídicas, técnicas e económicas regulador do concurso público para a construcción e explotación dun estacionamento de vehículos no subsolo da praza García Irmáns.= Segundo.- Ó devandito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve adiante os trámites para a materialización deste acordo."

400.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE REPOSICIÓN DE ACCESOS A PROPIEDADES DE VECIÑOS DE BETANZOS AFECTADAS POLAS OBRAS DA AUTOVÍA A CORUÑA-MADRID.

Dase conta ó Pleno da moción do grupo Popular sobre reposición de accesos a propiedades de veciños de Betanzos afectadas polas obras da autovía A Coruña-Madrid.

Propón a moción do grupo Popular que se adopte o seguinte acordo: "1º.- Que por parte do persoal técnico municipal se efectúe a comprobación da denuncia realizada polos veciños afectados e que recolle o grupo municipal do Partido Popular.= 2º.- Que se demande á empresa responsable que executou as obras a modificación do firme de tódalas pistas afectadas pola autovía ó seu paso polo termo municipal de Betanzos."

A moción está informada pola Comisión de Programación na forma que dita moción pase ó Pleno da Corporación.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Carro Erias (grupo Popular) procederá a explica-la moción, nesa orde manifesta: que os veciños lles comunicaron os problemas, simplemente os comprobaron e algúns accesos están en mal estado, por iso solicitan un informe técnico sobre o tema e posteriormente o amaño inmediato dos accesos deteriorados.

- O Sr. García Vázquez (grupo Socialista): que non ten constancia de que haxa ninguén incomunicado; con respecto á calidade pode comparti-lo razonamento do grupo Popular e non teñen inconveniente, pero matiza que a solicitude non debe dirixirse á empresa senon ó ministerio que a proxectou.

- O Sr. Carro Erias: está de acordo co primeiro punto sobre as vivendas posto que hai pistas que dan a casas que están sen asfaltar pero a cuestión é que os accesos se amañen, por iso que despois se eleve o pedimento ó órgano correspondente.

- O Sr. García Vázquez: que comparte o manifestado polo grupo Popular, pero como ben pode observarse, as pistas laterais só se asfaltaron neste concello, no resto son de zahorra, non obstante coincide en que o asfaltado non é o ideal, por iso apoiarán a moción coa matización que mencionaron.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade a moción do grupo Popular, coa matización expresada.

500.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN Ó PADRÓN DE HABITANTES 1996.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre aprobación ó padrón de habitantes 1996.

Propón, en síntese, a Alcaldía-Presidencia, que se teña a ben prestar aprobación á follas numeradas, así como ós correspondentes resumos numéricos ó obxecto de proceder posteriormente ó período de reclamacións.

Está informada favorablemente, por unanimidade dos asistentes, pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó padrón de habitantes con referencia ó un de maio de 1996, así como ós correspondentes resumos numéricos.= Segundo.- Ó expediente aberto daráselle o trámite previsto na lexislación vixente.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve adiante os trámites para a materialización deste acordo."

Di así o resumo numérico xeral municipal:

1.- Variacións no número de habitantes

Concepto	Total	Varóns	Mulleres
Poboación de dereito ó 01-05-96	12242	5773	6469

600.- ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente o Sr. Otero Martínez, voceiro do grupo BNG, formula as seguintes:

1ª) En relación coa instalación de determinadas cabinas telefónicas:

a) ¿Por que unha cercana ó matadoiro local foi eliminada e posteriormente foi instalada no Malecón cerca da ponte de madeira cando existe outra próxima na praza de Paio Fermoso?

b) Chámalle a atención a instalación dunha cabina telefónica pegada ó adro de Santo Domingo, pola ubicación da mesma cerca dunha coñecida estatua. ¿De quen foi a decisión das instalacións das mencionadas cabinas telefónicas?

2ª) Proximamente iniciarase a urbanización do adro da igrexa da Angustia ¿que tipo de pavimento se utilizará? Roga que se respecten as zonas nobles da zona.

3ª) En relación coa paralización de obras que se están a realizar nos arredores do antigo asilo nun desmonte grande por problemas con explosivos, ¿a paralización foi decisión do Concello ou de outro órgano?

4ª) Solicita coñecer se a actividade da gardería empreza axiña, ó igual que coñece-las tarifas da mesma ¿por que aumentan? e ¿que criterios se seguen para que haxa diferentes cotas? así como o horario.

5ª) No río Mendo, concretamente fronte ó lavadeiro das Cascas, existe un muro que está volvendo a ser reconstruido con entullo de terrazo nunha zona monumental importante como é o propio lavadeiro; solicita información sobre a cuestión.

6ª) En Caraña do Medio, no camiño do Aguieiro, ó cruza-lo río, obsérvase unha estructura metálica pegada ó camiño que ten bastante altura, ¿cales son os motivos da mesma? e ¿a que conduce?

A Sra. Faraldo Botana (grupo Popular):

1º) Reitera que se tomen as medidas correspondentes para que no Rexistro Xeral se numeren sistematicamente as copias dos escritos que se presentan ó mesmo.

2º) Que revisaron os planos correspondentes á revisión das normas subsidiarias recentemente aprobadas e non se sabe se hai un despiste na antiga UA-4, posto que as escaleiras que dan acceso á praza das antigas escolas García Irmáns só aparecen nun lateral e non aparecen na parte dianteira; solicita unha aclaración sobre o tema.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e cincuenta e catro minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDÍA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARÍA *

Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESETE DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
Sr. secretario:
D. José Cortés Carro.
Sr. interventor:
D. Antonio Vara Fiaño.
Non asisten, con desculpa:
D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintesete de setembro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Por unanimidade préstase aprobación ás actas correspondentes ó dezaoito de xullo e ó seis de setembro de 1996, esta última coa observación que formula o Sr. Carro Erias (grupo Popular), no sentido de que no apartado terceiro do punto 400 da acta do 6-09-96, non fai referencia a que non haxa ninguén incomunicado, senon que fai referencia a que si hai pistas que dan a casas, que están sen asfaltar.

Ás 20:34 horas incorpórase á sesión o Sr. Vázquez Lorenzo.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- Dª María Fariñas Vasco e fillos, viúva de D. José Antonio García Bello, roga que se faga constar ó Pleno e a todo o persoal do Concello o seu máis sincero agradecemento polas mostras de condolencia recibidas.

202.-José María Víctor Barús Vía, pon de manifesto que por motivos particulares diversos, presenta renuncia inexcusable ó cargo de concelleiro do Excmo. Concello de Betanzos.

300.- PRESTAR APROBACIÓN A OBRAS A INCLUIR NO POS/97: PLAN DE COOPERACIÓN DEPUTACIÓN 1997 E PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.

EXCMO CONCELLO DE BETANZOS

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación a obras a incluir no POS/97: Plan de cooperación Deputación 1997 e Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal.

Dito expediente está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos políticos.

Sometido a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes, en consecuencia adóptanse os seguintes acordos:

a) Plan de cooperación Deputación 1997:

1º.- Solicita-la inclusión das obras que a continuación se indican e co presuposto que se especifica, no Plan de cooperación da Deputación 1997:

Nº orde e denominación obra	Deputación	Concello	Total
1- Acond. pav. camiños acceso núcleos rurais parroquias de S.M. Bravio e S.M. Tiobre.	2.230.966	1.697.794	3.928.760
2- Idem. camiños acceso a núcleos rurais Santiago Requián e Piadela.	2.756.122	2.097.446	4.853.568
3- Idem. camiños de acceso ó núcleo de Tiobre.	2.839.135	2.160.620	4.999.755
4- Idem. camiños de acceso a núcleos rurais de S.P. de Viñas, Sta. Mª de Pontellas e S. Esteban de Piadela.	2.773.564	2.110.720	4.884.284
5- Acondicionamento e pavimentación de rúas en zona urbana.	1.858.040	1.413.993	3.272.033
TOTAIS	11.457.827	9.480.573	21.938.400

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.

3º)Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes necesarias para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º) Comprometerse a incluir no presuposto municipal de 1997 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras solicitadas.

5º) Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6º) Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

b) Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal.

1º) Aproba-lo Plan plurianual de investimentos municipais de 1997/2000 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar durante os vindeiros catro anos dentro do programa de cooperación económica local, coas seguintes cifras globais:

Anualidade	Estado+Deputación	Concello	Total
1997	12.457.827	7.247.063	19.704.890
1998	58.250.441	12.049.559	70.300.000
1999	68.011.360	12.998.640	81.000.000
2000	62.406.525	12.593.574	75.000.099
TOTAL	201.126.153	44.878.836	246.004.989

2º) A anualidade de 1997 está integrada polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica:

Nº orde e denominación obra	Estado+Deputación	Concello (F.P.+BCL)	Total
1.- Pav. e renovación servicios r/ Lanzós (adro Igrexa Santiago)	3.135.289	1.823.884	4.959.173
2- Pavimentación beirarrúas Pza. Constitución.	1.920.983	1.117.489	3.038.472
3- Seguridade vial, beirarrúas Infesta e Cascas.	3.147.065	1.830.736	4.977.801
4- Saneamento O Maial-A Graña 3ª fase e Nosa Señora do Camiño.	2.146.952	1.248.941	3.395.893
5- Mellora en centros sociais.	2.107.538	1.226.013	3.333.551
TOTAIS	12.457.827	7.247.063	19.704.890

As anualidades correspondentes a 1998-1999-2000 teñen carácter deslizante polo que poderán ser modificadas nos sucesivos plans plurianuais.

3º) Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 1997 e que se relacionan no punto anterior.

4º) Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º) Comprometerse o Concello a incluir no presuposto de 1997 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluidas na anualidade de 1997.

6º) Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

7º) Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

400.- PRESTAR APROBACIÓN A OBRAS A INCLUIR NO PLAN AREAS DE OCIO E PISCINAS DESCUBERTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 1996/98; ADOPCIÓN DE ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

Seguidamente dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación a obras a incluir no Plan áreas de ocio e piscinas descubertas da Deputación Provincial 1996/98.

Ás 20:38 horas incorpórase á sesión o Sr. Beade Dopico.

Dito expediente está informado favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos grupos Políticos.

Sometido a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes, en consecuencia, adóptanse os seguintes acordos: "- Participar no Plan de áreas de ocio e piscinas descubertas da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a execución dun dos modelos tipo por ela seleccionados neste Concello (A/C).= -Comprometerse o Concello a financia-lo importe correspondente á aportación municpal de acordo coas condicións establecidas na base 5. Para tal efecto o Concello comprométese a tramita-lo oportuno expediente de

modificación de créditos dentro do vixente presuposto correspondente ó exercicio de 1996 para habilita-lo crédito necesario que permita facer fronte á aportación municipal á obra.= - Asumi-lo compromiso firme de afecta-la consignación presupostaria á que se fixo mención no apartado anterior á financiación da aportación municipal á obra solicitada dentro do Plan provincial de áreas recreativas e pisicinas descubertas. Asumir, así mesmo, o compromiso de habilitar crédito nas anualidades de 1997/1998 para atender á financiación municipal prevista no plan.= - Comprometerse o Concello a poñer a disposición da Deputación a parcela denominada: Parque do "Pasatiempo" (lindante con zona deportiva) situada na zona do Carregal, de 4.067 m2, que reune as condicións técnicas esixidas nas bases 2.2.= - Comprometerse o Concello a facilitar e permiti-las inspeccións previas e, no seu caso, a realización das obras necesarias para a execución e a posta en marcha das instalacións.= - Comprometerse o Concello, no caso de ser seleccionado, á recepción das obras e ó posterior mantemento e conservación das instalacións, con estricto cumprimento das normas de piscinas de uso colectivo da comunidade autónoma de Galicia, así como a Lei 13/82 do 7 de abril, sobre integración de minusválidos e o Decreto 286/1992 da Xunta de Galicia, do 8 de octubre, de accesibilidade e eliminación de barreiras.= O Concello comprométese a elaborar un programa de explotación do servicio que garantice a súa óptima utilización.= - Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

500.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE ADXUDICACIÓN DE CONCURSO PARA A XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA E O PAVILLÓN DEPORTIVO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a adxudicación de concurso para a xestión da piscina municipal climatizada e o pavillón deportivo de Betanzos.

A adxudicación do concurso está informada desfavorablemente pola Comisión de Programación, coa reserva de voto ó Pleno que formularon os grupos de Goberno e Popular, tendo estimado a mesma que se incorporaría ó expediente un informe global sobre as ofertas presentadas.

Igualmente constan no expediente os seguintes informes: a) O emitido por letrado, relacionado coa empresa "Deporte, Vida y Turismo" (DEVITUR), no que se pon de manifesto que non pode tomar parte no concurso ó efecto convocado, por aplicación taxativa da Lei de contratos para as administracións públicas e Lei 53/84 que regula as incompatibilidades do persoal ó servicio das administracións públicas, ó estar incurso D. Miguel Sánchez Ortiz en prohibición de contratar polas causas que se indican.= b) Os emitidos polo responsable de mantemento das instalacións da piscina municipal relacionados coa actuación da empresa Infrica, contratada pola empresa de xestión SIDECU para o mantemento das instalacións da piscina municpal e os cales poñen de manifesto que a empresa rompeu o compromiso de revisa-lo previsto para a parada, e que a revisión se fixo por conta da administración, así como que nunca se efectuaron visitas periódicas de revisión e outras deficiencias varias.= c) O emitido pola arquitecta técnica local, no que tras unha análise das ofertas presentadas polas empresas EULEN, DEVITUR, SIDECU, SERVIOCIO e SOLUDE, conclúe que: "as empresas SIDECU e DEVITUR son as que presentaron unhas ofertas máis concretas e específicas en canto ás características das mesmas e ubicación das instalacións, observándose algúns puntos que deberían ser estudiados con máis detenemento".= d) O emitido de forma global por letrado a pedimento da Comisión de Programación, relacionado co concurso para a a xestión da piscina e o

polideportivo municipais, no que, como conclusión, se pon de manifesto: "Que a Corporación á vista do expediente aberto e dos informes técnicos incorporados, pode proceder á adxudica-lo concurso ou, polo contrario, deixalo deserto dado que existe base legal para iso".

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que o posicionamento do seu grupo, dado que non o realizou na Comisión de Programación, é que o concurso quede deserto polos distintos informes que están clarificados.

- O Sr. Pita Varela: en relación con este asunto puntualizará o seguinte: 1º) Manifesta que ten copia do informe emitido por letrado, pero non se di quen é e polo tanto pode ser anónimo; considera que falta algo para que teña o valor correspondente. 2º) Vendo a documentación, cré que existen anomalías: a) O informe técnico considera que non é correcto no sentido de que polas características do mesmo, tiña que telo feito outra clase de persoal técnico cualificado. b) Dunha das empresas dise que non especifica suficientemente o proxecto presentado.

- Continúa o Sr. Pita Varela: fundamentalmente, o que interesa ó seu grupo é o motivo de que o concurso quede deserto; pensa que o lóxico é que se adxudicara á empresa que reunise as mellores condicións.

- Segue o Sr. Pita Varela: que un dos motivos é a valoración e, pola documentación que viron, preséntanse uns documentos en forma de valoración detallada, di que pensa que anque haxa algunha irregularidade pode ser adxudicado e novamente solicita os motivos específicos de por que se quere deixar deserto e que iso require unha explicación adecuada e o criterio que se segue para non adxudicalo posto que hai que pensar na problemática derivada da próxima posta en funcionamento normal das instalacións deportivas.

- O Sr. alcalde-presidente: temos o nome do letrado e para iso o Sr. secretario xeral acctal. comunicaráo ó Pleno.

O devandito secretario comunica que o nome do letrado é D. Emilio-Julio García Crespo.

- O Sr. Lagares Pérez: en relación co solicitado polo Sr. Pita Varela, case o mesmo xustifica a decisión do grupo de Goberno; o prego di que pode quedar deserto e para tal efecto da lectura á parte correspondente: "O Excmo. Concello de Betanzos resérvase o dereito de deixar deserto o concurso, se as proposicións efectuadas polos concursantes non fosen bastante economicamente ou tecnicamente para realiza-la adxudicación do mesmo."

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que, para maior abundamento, existen catro informes; hai tipos económicos elevados e empresas sobre as que se emiten informes (constan no expediente) que polos informes que emite a arquitecta técnica non están abondo especificadas e cuantificadas as melloras, en consecuencia, tendo en conta os informes técnicos, considérase que quede deserto.

- O Sr. Pita Varela: estase falando de que non hai especificadas non sabe que cuestións; tódalas empresas participantes teñen especificado todo o que teñen que ter para participar no concurso; roga que se lle aclare se a proposta do grupo Socialista é que o concurso quede deserto ou sobre a mesa.

- O Sr. alcalde-presidente: que o concurso se pode adxudicar ou deixalo deserto; a proposta do grupo de Goberno é que o concurso quede deserto.

- O Sr. Pita Varela: a proposta do seu grupo é que quede sobre a mesa e analizalo debidamente volvendo a examina-la documentación presentada; que a argumentación que se fai da documentación que presentan algunhas das empresas non é correcta coa documentación que se presenta neste Concello; hai contradicción, polo tanto solicita que quede o asunto sobre a mesa, analizala e presentala a un novo Pleno previo paso por comisión e comprobar se os informes emitidos se cinguen perfectamente ó que se acaba de dicir das respectivas empresas, porque non están nada claros os motivos para que se denegue algo.

- Continúa o Sr. Pita Varela: o seu grupo considera que, dos proxectos presentados, algúns están claros e perfectamente detallados e pode dicilo pola profesionalidade dalgúns dos que participan, que a súa forma parece correcta, outra cousa é o que considere o grupo de Goberno; novamente solicita que o asunto quede sobre a mesa e que se reestudie de novo.

- O Sr. alcalde-presidente: o asunto debateuse o suficiente e é evidente que por circunstancias de organización e funcionamento, así como o inminente comezo da actividade das instalacións deportivas municipais, o concurso non pode quedar sobre a mesa, e polo tanto someterase a votación a proposta do grupo de Goberno, no sentido de que consonte os informes técnicos o concurso quede deserto.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor nove (9, corresponden ó grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Vistos os informes incorporados ó expediente aberto para a adxudicación de concurso para a xestión da piscina municipal climatizada e o pavillón deportivo de Betanzos, declárase deserto o referido concurso, de acordo co disposto no apartado 10.4) do prego de cláusulas administrativas particulares para a xestión da piscina municipal climatizada e o pavillón deportivo de Betanzos, aprobado polo Pleno da Corporación o 31-05-96.= Segundo.- Deste acordo darase traslado as partes interesadas.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados".

600.- SINALAR DOUS DÍAS PARA FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 1997.

Dase conta ó Pleno de comunicación da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, relacionada co calendario laboral 1997 na Comunidade Autónoma de Galicia que se publicará proximamente no Diario Oficial de Galicia; solicita que se sinalen as datas concretas de dous días de festas de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o próximo ano 1997.

O asunto está informado na Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos, no sentido de propoñer ó Pleno o que se sinalen como festas de carácter local para o ano 1997 o "martes de antroido" e o 16 de agosto.

Visto o mesmo, por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Sinalar como festas de carácter local para o ano 1997 o martes de carnaval e o 16 de agosto.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

700.- INFORMAR PETICIÓN FORMULADA POR D. CRISTÓBAL VÍCTOR FRAGA BERMEJO, RELACIONADA CON SOLICITA-LO NOMEAMENTO PROVISIONAL COMO SECRETARIO DO CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de petición formulada por D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, relacionada con solicita-lo nomeamento provisional como secretario do Concello de Betanzos, ó abeiro do disposto no artigo 38 do Real decreto 1174/87; únese coa devandita petición informe favorable emitido polo Concello de Negreira.

O asunto está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa reserva de voto ó Pleno dos grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela, manifesta: que vaia por diante que o seu grupo non ten nada en contra do nomeamento dun secretario para o Concello de Betanzos, pero quere reiterar e reivindicar, unha vez mais, que para cubrir calquera posto de funcionario ou persoal laboral debe facerse por medios habituais, isto é, mediante anuncios públicos para que o saiban os interesados; aquí encontrámonos con feitos consumados do nomeamento como xa pasou noutras ocasións.

- Continúa o Sr. Pita Varela: gostaríalle saber como xurde a conversa mantida para sabe-lo que pasou; a forma de selección de persoal para un cargo de alta responsabilidade como secretario xeral debe facerse dunha forma máis adecuada, non obstante, non ten nada que opoñer e non ten nada en contra e tampouco contra ningún outro funcionario; noutra orde, agradaríalles que se sacara a praza porque pensa que esa é a forma, polo demais parécelle correcto.

- O Sr. alcalde-presidente: a explicación ó solicitado polo Sr. Pita Varela é fácil; a Alcaldía mantivo esa conversa co solicitante do momeamento como moitas outras con outros interesados en ocupa-la praza; esta clase de funcionarios técnicos o único que queren coñecer antes de ocupala son as condicións económicas e iso é o que máis lles interesa por circunstancias persoais; en canto ó nomeamento é provisional e a praza continuará saíndo a concurso como tódalas demais prazas ata que se cubran.

Sometido o asunto a votación, obtén o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, corresponden ó grupo Socialista); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó grupo Popular).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Informar favorablemente a petición formulada por D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, relacionada con solicita-lo nomeamento provisional como secretario do Concello de Betanzos, dada a urxente necesidade de proceder á cobertura do posto.= Segundo.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e dez minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: José Cortés Carro.

EXCMO CONCELLO DE BETANZOS

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DIA DEZASETE DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo
D. Jaime A. Pita Varela.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.

Sr. secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana, concelleira do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezasete de outubro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión realizada polo Pleno da Corporación o 27 de setembro de 1996.

200.- ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN CON CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) EN MATERIA DE OBXECCIÓN DE CONCIENCIA E PRESTACIÓN SOCIAL.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto con respecto ó convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en materia de obxección de conciencia e prestación social, así como da resolución número 311/96 da Alcaldía-Presidencia relacionada co asunto.

O expediente está informado favorablemente por unanimidade dos grupos políticos asistentes á correspondente sesión da Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: Primeiro.- Adherirse ó convenio de cooperación en materia de obxección de conciencia e prestación social asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias.= Segundo.- Disolve-lo que, nesta materia, se subscribira co Ministerio de Xustiza.= Terceiro.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

300.- MOCIÓN DO DELEGADO DE SERVICIOS SOBRE SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA CESIÓN DE COLECTORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de servicios sobre solicitar da Xunta de Galicia cesión de colectores para recollida selectiva de residuos sólidos urbanos.

Propón o delegado de servicios que se adopten os seguintes acordos: "Primeiro.- Solicitar da Xunta de Galicia a cesión de colectores para a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos, segundo memoria que se xunta, en virtude da Orde do 18 de setembro de 1996 (DOG nº 189 do 26 de setembro) que regula a colaboración da Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda coas entidades locais sobre esta materia.= Segundo.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para a aceptación da axuda concedida e a sinatura do convenio de cesión dos recipientes nas condicións que estableza a mencionada consellería."

O expediente está informado favorablemente por unanimidadae dos grupos políticos asistentes á correspondente sesión da Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: Primeiro.- Solicitar da Xunta de Galicia a cesión de colectores para a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos, segundo memoria que se xunta, en virtude da Orde do 18 de setembro de 1996 (DOG nº 189 do 26 de setembro) que regula a colaboración da Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda coas entidades locais sobre esta materia.= Segundo.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para a aceptación da axuda concedida e a sinatura do convenio de cesión dos recipientes nas condicións que estableza a mencionada consellería.

400.- PETICIÓN SOBRE ACOLLERSE Á ORDE DE AXUDAS ÓS CONCELLOS PARA A INFRAVIVENDA RURAL NO EXERCICIO DE 1996 PARA ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.

Seguidamente dase conta ó Pleno do expediente aberto para petición sobre acollerse á Orde de axudas ós concellos para a infravivenda rural no exercicio de 1996 para erradicación do chabolismo: consta incorporada ó mesmo a correspondente proposta-memoria redactada polos servicios técnicos municipais e os sevicios de asistencia social.

O expediente está informado favorablemente por unanimidade dos grupos políticos asistentes á correspondente sesión da Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura, nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que este é un tema que xa está falado, dado que parte de outra petición semellante; pide que tratemos de conseguir todo tipo de axuda sobre o tema, incluso ofrece apoio institucional; se hai un proxecto en marcha é un estímulo para outras administración e reivindicación permanente para todos, anque, afortunadamente,

temos un pequeno foco de chabolismo, se conseguimos que o subvencionen ó máximo, mellor.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): a coincidencia é plena entre tódolos grupos políticos, a pesar de non asistir á sesión o representante do grupo BNG por causa máis que xustificada, e efectivamente existen outras administracións como a Unión Europea á que se solicitou a subvención correspondente e contestou que se estudiará a mesma.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: Primeiro.- Acollerse á Orde da Xunta de Galicia do 27-06-96 da CPTOV e demais complementarias para axudas a concellos para erradicación do chabolismo.= Segundo.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para a realización dos trámites derivados do acordo adoptado.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e corenta e seis minutos , da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA * SOZNZ

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA PRIMEIRA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.
D. Antonio Carro Galeiras, concelleiro do PSdeG-PSOE.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e cinco minutos do día vintenove de outubro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, ó obxecto de realiza-la primeira sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Non se procede á lectura do borrador da acta da sesión anterior.

200.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO D. FRANCISCO MANUEL GESTAL CALVETE.

Como consecuencia de vacante producida nos representantes do Partido Popular, procédese neste acto a dar posesión do seu cargo de concelleiro deste Excmo. Concello a D. Francisco Manuel Gestal Calvete, que se atopa presente na sala, téndose comprobado a credencial expedida pola Xunta Electoral Central e tendo acreditada a súa personalidade.

A indicación do Sr. alcalde, polo secretario procédese a dar lectura á fórmula de xuramento prevista no Real decreto 707/79 do 5 de abril, respostando o interesado "si xuro", dándoselle posesión polo Sr. alcalde e pasando a ocupa-lo seu lugar como concelleiro.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e vinte minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SEGUNDA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Antonio Vara Fiaño.
Non asisten, con desculpa:
Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintenove de outubro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la segunda sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión realizada o pasado día dezasete de outubro.

200.- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS NO SUBSOLO DA PRAZA GARCÍA IRMÁNS, PRAZA DE GALICIA E CANTÓN SAN ROQUE DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente iniciado para a contratación do concurso público para a construcción e explotación de estacionamento para vehículos no subsolo da Pza. García Irmáns, Pza. de Galicia e Cantón San Roque de Betanzos; consta no mesmo que: a)- Realizada a correspondente licitación para a adxudicación do concurso mencionado, non se formulou reclamación ningunha.= b)- A adxudicación do concurso está informada favorablemente pola Comisión de Programación e Planificación, coa abstención do grupo BNG.= c)- O correspondente informe emitido polos servicios técnicos locais que pon de manifesto o seguinte: OBSERVACIÓNS: a beirarrúa do Cantón de San Roque que mide na actualidade 8,80 metros de ancho vese diminuida no proxecto a 4,50 m. modificando a ubicación das árbores achegándoas ós edificios por razóns obvias de ocupación do subsolo. Consideramos aconsellable manter no posible o ancho deste paseo, reestudiando a ubicación das árbores. Obsérvase así mesmo, que a rampa de saída de vehículos fronte ás escaleiras do Liceo estrangula neste punto o paso pola beirarrúa: entendemos que debe buscarse no posible unha solución que permita un paso máis folgado entre rampa e escaleiras. As obras de excavación, tal como sinala o plan do casco histórico, deberán realizarse baixo a inspección dun técnico arqueólogo autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Documental.

Iníciase o debate no que quedan de manifesto as seguintes opinións:

- Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: manifesta o seu posicionamento favorable.

- Sr. Pita Varela, voceiro do PP: manifesta o seu apoio, dada a importancia da actuación, se ben quere sinalar como "handicap" á mesma, algunhas modificacións que respostan á preocupación dos cidadáns, concretándoas nas seguintes peticións: 1.- Que sería conveniente incluir no proxecto un paso de peóns novo, desde o Cantón, por debaixo

da N-VI, que permitira o acceso desde o casco antigo.= 2.- Que se manteña o maior número de árbores, humanizando a praza.= 3.- Preocupación polos prazos de execución, ó non aparecer claro o grado de responsabilidade da empresa.= Así mesmo, quere deixar constancia de que con data do 4 ó 8 de xullo, a empresa "Tracing" realizou sondeos na praza para o estudio do subsolo.

- Sr. Lagares Pérez , voceiro do grupo Socialista: fai constar en primeiro lugar o feito importante de máximo consenso obtido, felicitando por iso ós tres grupos da Corporación. A continuación fai as seguintes puntualizacións: 1- Respecto ó novo acceso de peóns, como se propón, xa se entendeu non viable, sen prexuizo de estudia-la posibilidade nesta ou noutra fase, sinalando para iso tres problemas: incumprimento de prazos, aumento de prezo e tramitación de servidume ó Ministerio de Fomento.= 2.- Manterase o maior número posible de árbores.= 3.- Si, fíxose un estudio xeotécnico, supón que con autorización, anque neste momento non dispón de mais datos.= 4.- Respecto ó cumprimento dos prazos, fai referencia ós prazos do prego de condicións e á existencia das correspondentes penalizacións, sen prexuízo do oportuno expediente.

Nunha segunda quenda, manifféstase o seguinte:

- Sr. Pita Varela, voceiro do Partido Popular: quere puntualizar que o paso que solicita presta un maior servicio e comodidade, e que a súa xestión non presentaría maiores problemas, facendo o pedimento en nome dos cidadáns.= Insiste na necesidade do cumprimento dos prazos e da calidade na execución, pedindo as menores modificacións no acabado da obra, que entende adecuada á estética da praza, polo que remata felicitando os deseñadores.

- Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: quere insistir na felicitación a todos, presentando as seguintes suxestións: 1.- Ante a modificación da parada de autobuses dotala de marquesiñas consontes co contorno.= 2.- Conseguir libera-la praza, unha vez feita a obra, de aparcamento de vehículos.

- Sr. Pita Varela, voceiro do PP: sobre a última suxestión do voceiro do BNG, entende que non procede o pronunciamento xa que no seu momento se falará do uso da praza.

- Intervén o Sr. alcalde, quen entende fixadas as posicións, manifestando a súa satisfacción pola execución da obra, da que espera que se acabe nas datas establecidas, a sabendas dos problemas que se van presentar, esperando que o final sexa favorable para o desenvolvemento de Betanzos. Pide a colaboración de todos, esperando o consenso na solución dos problemas, agradecendo a todos o feliz remate da obra.

- Sra. Faraldo Botana: pide aclaración sobre a empresa que fixo o estudio xeolóxico sobre se o encargo foi pola propia empresa ou polo Concello

- Sr. Lagares Pérez: resposta que supón que a empresa pediu autorización ó Concello, engadindo que, neste momento, non dispón de mais datos.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o concurso denominado: "concurso público para a construcciíon e explotación de estacionamento para vehículos no subsolo da praza de García Irmáns, praza de Galicia e cantón San roque de Betanzos" á empresa APAGA SA consonte o prego de condicións xerais, xurídicas, técnicas e económicas reguladoras do concurso, así como ó informe emitido polos servicios técnicos locais, dado que a súa proposición se adapta e cumpre as condicións xerais do prego en tódolos seus extremos e resultar vantaxosa para o interese público e fins que motivan o obxecto do concurso e

consonte a proposición económica presentada por dita empresa, a cal é como segue: 1º- O presuposto total das obras e instalacións ascende a trescentos vintecinco millóns de pesetas (325.000.000,- Ptas.) sen IVE.= 2º- O prazo de execución das obras que se oferta é de: 1º prazo parcial. Remate da praza García Irmáns, praza de Galicia e cantón San roque, e toda a obra de superficie para a súa entrada en servicio en douscentos vintecinco días (225 días), desde o inicio das obras. 2º prazo total: remate total do aparcamento en trescentos días (300 días), desde o inicio das obras.= 3º- O número de prazas do aparcamento será de duascentas noventa e oito (298).= 4º- O prazo pola cesión durante a vixencia da concesión para residentes é de un millón setecentas cincuenta mil pesetas (1.750.000,- Ptas.) sen incluí-lo IVE.= 5º- O prazo de aluguer horario é de cento catro pesetas/hora (104 Ptas/hora) ou fracción, sen incluí-lo IVE.= 6º- A duración da concesión é de setenta e cinco anos (75 anos).= 7º- O canon global anual a satisfacer ó Concello de Betanzos é de un millón de pesetas (1.000.000,- Ptas.).= 8º- Vixiancia e seguridade do aparcamento.= Segundo.- Autoriza-la cancelación das garantías provisionais depositadas pola empresa que se presentou ó procedemento.= Terceiro.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

300.- PRESTAR APROBACIÓN A MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS 1997/2000.

A indicación do Sr. alcalde, o secretario da lectura ó dictame da Comisión informativa sobre modificación ó plan de obras incluído no programa de cooperación local.

Prodúcense as seguintes intervencións:

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: ainda non manifestaron a súa postura por non asistir á comisión, non opoñéndose a todo o que sexa facer obras, ainda non estando de acordo coas liñas de actuación, preguntando sobre os criterios á hora de elixir uns ou outros centros rurais. Anuncia a súa abstención pola súa falta de participación.

- O Sr. García Vázquez, delegado de acción rural: pon de manifesto que non se está propoñendo a aprobación de obras, senon só de adecuación do título da obra ós códigos dos plans, polo que non cambia nin o espírito nin o importe da obra, facendo referencia a que os criterios respostan a atende-las necesidades máis urxentes en relación ás disponibilidades presupostarias.

O Pleno, por maioría dos asistentes, coa abstención anunciada, acorda, en modificación ó acordo do pasado 27-09-1996:

"1º)- Aproba-lo PLAN PLURIANUAL DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS DE 1997-2000 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar durante os próximos catro anos dentro do programa de cooperación económica local, coas seguintes cifras globais:

ANUALIDADE	ESTADO+DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
1997	12.457.827	7.247.063	19.704.890
1998	58.250.441	12.049.559	70.300.000
1999	68.011.360	13.988.640	82.000.000
2000	62.406.525	12.593.475	75.000.000
TOTAL...	201.126.153	45.878.737	247.004.890

2º)- A anualidade de 1997 está integrada polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica:

Nº de orde e denominación obra.	Importe total.	Estado+Dep.	Concello. (F.P./B.C.L.)
1.- Pav. e ren. serv. r/ Lanzós (adro igrexa Santiago)	4.959.173	3.135.289	1.823.884
2.- Pav. de beirarrúas na Pza. da Constitución	3.038.472	1.920.983	1.117.489
3.- Construc. de beirarúas en Infesta e As Cascas (seguridade vial)	4.977.801	3.147.065	1.830.736
4.- Saneamento no Maial-A Graña (3ª fase) e Nosa Sª do Camiño	3.395.893	2.146.952	1.248.941
5.- Mellora en centros rurais de Betanzos O Vello, Piadela, Castro e Guiliade para bibliotecas públicas (1ª f.)	3.333.551	2.107.538	1.226.013
TOTAIS	19.704.890	12.457.827	7.247.063

As anualidades correspondentes a 1998-1999-2000 teñen carácter deslizante polo que poderán ser modificadas nos sucesivos plans plurianuais.

3º)- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 1997 e que se relacionan no punto anterior.

4º)- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º)- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 1997 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 1997.

6º)- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

7º)- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Así mesmo, proceder á rectificación de erros materiais no plan plurianual de investimentos municipais.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS *ALCALDIA*

CONCELLO DE BETANZOS *SECRETARIA*

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

EXCMO CONCELLO DE BETANZOS

Sres. concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. Cristóbal V. Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Antonio Vara Fiaño.
Non asisten, con desculpa:
Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteoito de novembro de mil novecentos noventa e seis. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación ós borradores das actas das sesións realizadas o 29 de outubro de 1996.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes asuntos:

201.- De escrito do director xeral da vivenda, a arquitectura e o urbanismo da Subsecretaría do Ministerio de Fomento, polo que xustifica recepción do acordo plenario deste Concello de data 18-07-96 relativo ó Real decreto-lei 5/1996 de medidas liberalizadoras en materia de solo, facendo diversas consideracións en defensa deste.

202.- De escrito do director xeral de producción e mercados gandeiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, comunica que as solicitudes que presenta o acordo adoptado por esta Corporación ó respecto das cotas lácteas e nos aspectos que afectan a ese departamento, non poden ser consideradas á luz das disposicións legais que regulan o réxime de cotas na CEE.

203.- De comunicación da empresa APAGA SA, dando conta de nomeamento de técnico arqueólogo autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Documental para a inspección das obras de construcción dun estacionamento para vehículos no subsolo da praza García Irmáns, praza de Galicia e Cantón San Roque de Betanzos.

204.- Do documento relativo a proposta de Mapa Comarcal de Galicia, aprobado inicialmente por acordo do 23 de outubro, mediante proposta que fixo o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial, en cumprimento do disposto no artigo 29 da Lei 7/1996 do 10 de xullo.

205.- De nomeamento provisional de secretario xeral deste Concello a D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo por resolución do conselleiro da presidencia e administración pública da Xunta de Galicia de data 7 de outubro de 1996.

300.- ADOPCIÓN DE ACORDO RELACIONADO CON EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DE TERREO NA GALERA, ASÍ COMO DECLARACIÓN DE URXENCIA DA MESMA.

Dase lectura á proposta-dictame da Comisión Informativa de Programación, no sentido de informar favorablemente a expropiación proposta de terreo na Galera, para a execución do "Paseo Marítimo-Fluvial da Galera", coas abstencións do grupo Popular e o BNG.Consta no expediente aberto o correspondente informe e a valoración emitida ó respecto polos servicios técnicos locais, manifestando estes últimos que o terreo a expropiar ten unha superficie de 97,42 m2, dos cales, deducidos 14,40 m2 correspondentes ó dominio público marítimo terrestre, se obteñen 83 m2 a expropiar, sendo a valoración 1.885,- Ptas/m2, en total, cento cincuenta e seis mil catrocentas cincuenta e cinco pesetas (156.455,- Ptas.). Incorpóranse ó devandito expediente a relación de propietarios e bens afectados: nomes, domicilio, descrición da finca, referencias, situación xurídica, detalle das descricións e antecedentes, así como o tipo de suposto expropiatorio: as previstas pola Lei e o Regulamento de expropiación forzosa por razóns non urbanísticas e disposicións complementarias ó dispoñerse polas mesmas que as corporacións locais poderán expropiar toda clase de dereitos e calquera outros personais relativos á ocupación de bens patrimoniais para destinalos a fins relacionados con obras ou servicios públicos.

Aberto o debate, quedan de manifesto as seguintes posturas:

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do grupo Popular: manifesta a abstención do seu grupo, porque non están de acordo en como se levan determinados asuntos, mediante notas de prensa que poden levar a engano. Pregunta cal é a liña de ribeira e entende que houbo unha deixación de funcións por parte do Goberno anterior por só sinalarlle en 20 Kms. dos 1.100 que ten a provincia, polo cal hai que actuar baixo unha liña de deslinde anterior á lei do 88. Por todo iso entende que é posible que as medicións sexan erróneas, o que indicaría a chapuza que se está a facer; insistindo posteriormente en que non están establecidos os deslindes de costa coa nova lei.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): realiza as seguintes puntualizacións: que se fala pola voceira do PP de notas de prensa, cando ó Pleno se trae documentación; que lle parece ben que o Goberno actual mellore a Lei de costas segundo o que digan en Cataluña, pero pode que non se confunda o que se fala, cunha zona de afección urbanística.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: explica a súa posición de voto, absténdose, non por estar en contra da expropiación. Ainda instando a recuperación da Galera, oponse ó paseo proxectado e así mesmo solicitou este método expropiatorio para a recuperación doutra zona, o que foi desestimado, de aí o seu voto por coherencia.

- O Sr. alcalde: entende debatido o asunto e, sometido a votación, o Pleno co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Lagares Pérez Antonio, Sánchez Vázquez, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e a abstención dos cinco concelleiros

presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e do concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), acorda: "PRIMEIRO.- Estima-la expropiación de terreos no lugar da Galera de Betanzos, ó obxecto de proceder a obter terreos para destinalos a fins relacionados con obras ou servicios públicos: paseo marítimo-fluvial da Galera, considerando implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos inmobles, a relación concreta, individualizada e valorada dos cales se aproba e se describen no anexo deste acordo.= SEGUNDO.- Segui-la expropiación individualmente para cada finca abrindo información pública durante un prazo de quince días no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, con notificación persoal ós interesados, para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros ou omisións que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán fundamentar motivadamente.= Para os sós efectos da subsanación de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.= TERCEIRO.- Se non se producen reclamacións considerarase aprobada definitivamente a relación concreta de bens e darase por iniciado o expediente expropiatorio, invitándose ós interesados para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo con cargo ó presuposto do Concello, utilizando como criterios de valoración os establecidos na Lei 8/1990 do 25 de xullo.= CUARTO.- Consonte o disposto no artigo 52) da Lei de expropiación forzosa e sen prexuizo de continua-la tramitación ordinaria do expediente, solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos terreos afectados pola expropiación.= QUINTO.- Faculta-lo alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para: a) Realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados. b) Determina-lo xustiprezo por mutuo acordo (se iso é posible) tendo en conta que o anterior non implica liberdade estimativa, polo que a valoración dos terreos se producirá en función do conxunto de dereitos de contido urbanístico adquiridos nos termos fixados nos artigos 81 e seguintes da Lei 8/90 do 25 de xullo. c) Formalizar (no caso de mutuo acordo) toda clase de documentos notariais, realización de pagamentos, etc. De tódalas actuacións a Alcaldía-Presidencia dará conta ó Pleno da Corporación."

ANEXO -que se cita- ós acordos adoptados: "Expropiación de terreo no lugar da Galera. Relación de propietarios e bens afectados.= Nome dos propietarios: Dª Esther María e Dª María Cruz Camino Rodríguez.= NIF nº: Dª Esther Mª Camino Rodríguez: 32136024X; Dª María Cruz Camino Rodríguez: descoñecido.= Domicilios: Dª Esther Mª Camino Rodríguez, r/ Ferradores 19-1, 15300 Betanzos. Dª Mª Cruz Camino Rodríguez, descoñecido.= Descrición da finca: Terreo sito no lugar da Galera en Betanzos. Poboación: BETANZOS. Non existe constancia da súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Referencia catastral: non consta. Situación da finca: a Galera, Betanzos. Tipo de parcela: solar. Propiedade única. Coeficiente de propiedade: 100%.= Situación xurídica: de acordo cos antecedentes disponibles correspóndelle a propiedade a Dª Esther María e María Cruz Camino Rodríguez. Detallle das descricións e antecedentes: contiguo coa estrada N-VI nos arredores da Ponte Nova e o Paseo da Galera e con acceso pola estrada da Coruña, está a parcela destinada a Obras Públicas, o resto do terreo de dominio público. É un terreo sobrante das antigas edificacións derrubadas con motivo do ensanche da Ponte Nova e as expropiacións realizadas polo Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo. Como

consecuencia do anterior, a descrición dos terreos obxecto de expropiación constan nos informes emitidos polos servicios técnicos locais.= Tipo de suposto expropiatorio: as previstas pola Lei e o Regulamento de expropiación forzosa por razóns non urbanísticas e disposicións complementarias ó dispoñerse polas mesmas que as corporacións locais poderán expropiar toda clase de dereitos e calquera outros personais relativos á ocupación de bens patrimoniais para destinalos a fins relacionados con obras ou servicios públicos."

400.- PRESTAR APROBACIÓN PROVISIONAL Ó EXPEDIENTE DE MOFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 1997.

Dase lectura á proposta-dictame da Comisión Informativa, favorable á aprobación da modificación das ordenanzas fiscais proposta para 1997. Consta no expediente informe favorable.

Aberto o debate, prodúcense as seguintes intervencións:

- Sr. Pita Varela, voceiro do PP: anuncia a súa abstención como sempre e, neste caso, máis xustificada, xa que sempre se facilitara a documentación pertinente para o seu estudio, cousa que agora non se fixo, o que impide un estudio do asunto coa antelación suficiente. Así mesmo considera a xestión económica como responsabilidade do grupo de goberno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e do concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación provisional ó expediente de modificación das ordenanzas fiscais: taxas, precios públicos e impostos para o exercicio económico de 1997.= SEGUNDO.- Ó devandito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación vixente, considerándose definitivamente aprobado o mesmo se durante o período de exposición pública non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.= TERCEIRO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

500.- PRESTAR APROBACIÓN Ó REGULAMENTO INTERIOR DA EXPLOTACIÓN DUN ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NO SUBSOLO DA PRAZA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA, PRAZA DE GALICIA E CANTÓN SAN ROQUE Á EMPRESA APAGA SA.

Dase lectura á proposta-dictame da Comisión Informativa, emitida en sentido favorable, coa reserva de voto do grupo Popular e o BNG, sobre aprobación do regulamento interior da explotación do estacionamento subterráneo da praza García Irmáns, presentado pola empresa concesionaria APAGA SA.

No debate póñense de manifesto as seguintes posturas:

- Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: mantén as dúbidas xa manifestadas na Comisión Informativa, non suficientemente aclaradas, no que se refire a atribucións da concesionaria, nas prazas de uso permanente, sobre os prezos e os gastos de mantemento, manifestando tamén a extrañeza ó non haber diminución do prezo ó aumenta-la estancia. A súa postura vai ser de abstención, xa que votar en contra sería incongruente co seu apoio á construcción do aparcamento.

- Sr. Pita Varela, voceiro do PP: afirma que o seu grupo non ten afán obstruccionista, considerando o tema moi importante e sobre o que non están de acordo, ó non figura-las tarifas para reservas e se-la máxima tarifa por día superior a calquera das cidades galegas, o que podería supoñer un problema de utilización. Entende necesario sabe-las cargas a repartir entre os usuarios. Por todo iso non poden apoia-la proposta e o seu voto vai ser en contra.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): precisa que o regulamento ven avalado por un prego de condicións e outras normas, formando unha cadea dependente de rango superior. Por outro lado os impostos que terán que aboa-los usuarios serán os indicados nas leis. Entende que as tarifas veñen ben expresadas, sendo os prezos semellantes a outros, insistindo en que o regulamento se adapta ó prego de condicións da concesión.

Nunha nova quenda de intervencións, manifféstase:

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: quere aclarar que non existe lei que marque as tarifas, que veñen establecidas pola empresa concesionaria, sendo cousa distinta o que se teña que pagar por impostos. Insiste en que o prezo máximo é excesivo, pedindo unha norma adecuada e racional para que o aparcamento sexa útil e non resulte inviable. Por iso entende unha lixeireza non facer un estudio adecuado, considerando que ó non ser urxente o asunto, podería deixarse para a súa análise.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): afirma que non se lle interpretou ben, na existencia duns baremos máximos que, de superalos, poderíaos rexeita-lo Consello Regulador de Prezos, por abusivos. Entende que o desacordo debería acompañarse dunha alternativa e non dicir non porque non.

Entendendo suficientemente debatido o asunto e sometido a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo), o voto en contra dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó regulamento interior da explotación dun estacionamento de vehículos na praza dos Irmáns García Naveira, praza de Galicia e Cantón San Roque presentado pola empresa concesionaria APAGA SA.= SEGUNDO.- Ó devandito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación vixente, considerándose definitivamente aprobado o mesmo se durante o período de exposición pública non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.= TERCEIRO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

600.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS RELACIONADAS CO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS LABORAIS E RETRIBUTIVAS DO PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS; ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase lectura ó dictame da Comisión Informativa de Programación polo que se propón rexeitar, co voto do grupo Socialista, o requirimento efectuado polo Sr. gobernador civil da provincia sobre o acordo regulador das condicións laborais e retributivas do persoal laboral do Excmo. Concello de Betanzos, realizado ó abeiro do artigo 65.3 da Lei reguladora das bases do réxime local, coa reserva de voto para este Pleno do grupo Popular e a abstención do BNG.

Consta no expediente o citado requirimento que se estende sobre diversas consideracións do citado acordo, que se cren contrarias á lexislación vixente.

Iníciase o debate, no que se manifestan as seguintes opinións:

- Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG, quen indica que tras manter nun principio unha postura a favor, pola súa confianza nos representantes que negociron, agora, ante a situación de que algúns artigos, aparentemente, contraveñen a legalidade, cabe preguntarse se os servicios xurídicos do Concello non están capacitados ou se se negociou de mala fe, ofrecéndoo todo, sabendo que despois ia ser rexeitado. Dubida da aplicación do requirimento por tratarse de persoal laboral, e entende que o Goberno Civil non debe emitir xuizos de valor como o que se realiza respecto das xubilacións. Afirma que non tivo tempo de indagar nas competencias do Goberno Civil e tendo en conta que no seu día o acordo foi aprobado por unanimidade e que na actualidade non ten apoio xuridicamente, nin confianza en non cometer unha irregularidade, anuncia a súa abstención.

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: entende que a postura adoptada manifesta unha falta total de recato, xa que neste asunto se conculcan ata sete leis, a aplicación das cales é para todos igual. Lamenta a falta de asesoramento e entende a actuación como unha total lixeireza, procedendo que se informe tecnicamente para determinar sobre o asunto que así aparece incompleto, sen que por parte do Goberno Civil se emitiran xuizos de valor senon aplicación de leis.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: entende que o requirimento parte dunha interpretación subxectiva da normativa e que cando menos supón un atentado á autonomía local, xa que se propón ratificar un acordo unánime que atende á negociación colectiva de persoal laboral, que se rexe polo Estatuto dos Traballadores. Manifesta o rexeitamento do seu grupo e entende que o acordo foi tomado dentro la lei, polo que non deben admitirse interferencias.

- O Sr. Otero Martínez, voceito do BNG: insiste en aclara-lo que pode parecer incoherencia respecto dun acordo aprobado e na emisión de xuizos de valor no requirimento, co que chega á conclusión da aplicación das leis segundo a cor de quen estea detrás da mesa, xa que nos últimos anos os convenios eran semellantes e nunca se recorreron.

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: afirma que o voceiro do PSOE se vai do tema e que se está nun estado de dereito e que hai que aplica-la lei anque non satisfaga a súa interpretación. Reitera que a documentación se encontra incompleta, esixindo un informe e non que se manteña o criterio persoal do grupo Socialista, para o que o Concello ten os medios pertinentes, engandindo que por encima de todo está a lei que non ampara as palabras do voceiro do PSOE, polo que se terá que entender que anque no seu día se aceptou esta proposta, houbo un erro, como moitas outras neglixencias dos últimos anos, das que antes non se debían mirar.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: entende que tampouco son lei as palabras do gobernador ou do voceiro do PP. Insiste en que o escrito de requirimento contén partes que atentan á autonomía municipal, que se incumpre o Estatuto dos Traballadores, todo iso baseado nun escrito do gobernador que tampouco é un informe, para rematar advertindo que se manifeste se algún grupo non quere defender ós traballadores.

Prodúcese unha discusión sobre a orde das sesións, con protestas do voceiro do PP, quen pide ó Sr. alcalde que cumpra a súa función, pedindo o Sr. alcalde á Corporación

que manifeste o seu sentir democrático e lembra que se está a facer un acto de defensa da autonomía municipal.

Sometido o asunto a votación, o Pleno co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e a abstención dos 5 concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e o representante do BNG (Sr. Otero Martínez) acorda: rexeita-lo requirimento do Goberno Civil respecto ó acordo regulador das condicións laborais e retributivas do persoal laboral do Excmo. Concello de Betanzos, por entendelo axustado a dereito.

- Solicita a palabra o voceiro do PP (Sr. Pita Varela) para, en explicación do voto, afirmar: que quere deixar constancia do rexeitamento á actitude do Sr. alcalde pola súa falta de actuación ó dar fin ó debate, manifestando que se apoia a tódolos traballadores pero que sen informes non poden manifestarse.

700.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE ELDA RELACIONADA CO "PREMIO DE CONVIVENCIA MANUEL BROSETA"; ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno de comunicación do Excmo. Concello de Elda polo que se propón para o "Premio de Convivencia Manuel Broseta" na súa edición de 1996 a D. Francisco Tomás y Valiente, ex presidente do Tribunal Constitucional e catedrático de historia do dereito, que foi asesinado por ETA a comezos deste ano.

Está informado favorablemente, por unanimidade, pola Comisión Informativa de Programación.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: "PRIMEIRO: propoñer para o "Premio de Convivencia Manuel Broseta" na súa edición de 1996 a D. Francisco Tomás y Valiente.= SEGUNDO: facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites relacionados co acordo adoptado."

800.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS DE CENTROS ESCOLARES RELACIONADAS CON NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN CENTROS ESCOLARES; ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno de comunicacións dos centros escolares de Betanzos (colexio "Francisco Vales Villamarín", instituto de bacharelato "Francisco Aguiar", instituto de FP) polas que solicitan nomeamento de representantes municipais para os seus respectivos consellos escolares.

A Comisión Informativa de Programación emite o seguinte dictame: "O grupo de goberno reserva a súa proposta ó Pleno. O grupo Popular propón a seguinte: formación profesional e EXB a D. Manuel Basteiro Fernández; centro de bacharelato: Dª Cinta Fernández Ramos. O grupo BNG a D. Andrés Otero Martínez para tódolos centros."

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: propón para o colexio de EXB a D. Antonio Carro Galeiras, para o instituto de bacharelato a D. Antonio Vázquez Lorenzo e para o instituto de FP a Dª Ofelia López Campos.

Sometidas as propostas a votación, obteñen o seguinte resultado: Proposta do PSdeG-PSOE nove votos, os emitidos polos concelleiros dese grupo (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo). Proposta do PP cinco votos, os emitidos polos concelleiros presentes dese grupo (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero). Proposta do BNG un voto, o emitido polo

concelleiro dese grupo (Sr. Otero Martínez). Así pois, por maioría legal absoluta, quedan nomeados como representantes municipais nos centros escolares: D. Antonio Carro Galeiras colexio público "Francisco Vales Villamarín", D. Antonio Vázquez Lorenzo instituto de bacharelato "Francisco Aguiar", Dª Ofelia López Campos instituto de FP.

900.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O CONSUMO DE DROGA EN BETANZOS.

Pola voceira do PP, Sra. Faraldo Botana, ponse de manifesto que xa na Comisión Informativa se chega ó acordo de acepta-la moción en liñas xerais, e proceder a un debate amplo dentro da comisión correspondente, polo que procedía fixa-la data para inicia-los traballos sen tardanza.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): manifesta que coincide plenamente no fondo, que non é un tema esquecido senon preocupante, agradecendo a preocupación de tódolos grupos políticos; fai referencia ós tres problemas fundamentais: a prevención, a curación e a represión, insistindo na importancia do asunto.

Procédese ó nomeamento dos representantes que actuarán na comisión, xunto cos concelleiros delegados de benestar social e seguridade, polo PP Dª Mª Dolores Faraldo Botana, polo BNG D. Andrés Otero Martínez.

Apróbase por unanimidade a moción, nos termos referidos.

1000.- ALLEACIÓN DE TERREOS MUNICIPAIS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE PIADELA, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Preséntase á aprobación do Pleno o prego de condicións para a alleación dunha parcela de titularidade municipal, sita no Polígono Industrial de Piadela, cunha superficie de 12.392 m2, coas demais características que constan no expediente, establecéndose o tipo de licitación en 55.126.170,- Ptas. máis IVE.

Consta no expediente o informe e o dictame emitidos en sentido favorable.

Iníciase o debate, no que se pon de manifesto:

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: entende que o prego é consecuencia do presuposto, sendo xa contraria naquela ocasión a súa postura, polo que, coherentemente, vai votar en contra.

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: comeza preguntando sobre os motivos da venda dunha parcela tan importante, tamén por que non ven acompañada de valoración oficial dun perito taxador, co que entende que se conculcan normas legais. Remata esixindo unha explicación política.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: resposta ó voceiro do BNG sobre o aspecto de cumpri-lo presuposto, explicando que a valoración responde á escritura da parcela, que é recente, máis a apreciación do mercado. Sinala que a alleación pretende, non só cumpri-lo presuposto, senon atender a outras realidades, do desenvolvemento industrial, incrementándose as industrias e os postos de traballo e permitindo economías no presuposto con novos investimentos que afectan á mellora e benestar de todos.

O pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e o voto en contra dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e o concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), acorda: "PRIMEIRO.- Aproba-lo prego de condicións para a alleación de terreos municipais no Polígono Industrial de Piadela, polo procedemento de subhasta restrinxida mediante

tramitación urxente.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para a realización dos trámites e as xestións necesarias para o bo fin do acordo."

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: indica que non o convenceu o voceiro do PSdeG-PSOE, esperando que outra vez non inclúa na alleación a Casa do Concello, xa que sería lamentable.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: matiza que, ó mellor, o leva o PP no seu próximo programa electoral, explicando que nun próximo Pleno se tratará a rectificación anual do inventario, no que se pode observa-lo seu crecemento espectacular desde 1983.

1100.- PRESTAR APROBACIÓN Ó TEXTO REFUNDIDO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno da elaboración do texto refundido das normas subsidiarias, consecuencia do informe favorable emitido pola Subdirección Xeral de Urbanismo e Arquitectura. Acompáñase dictame favorable da comisión informativa especial.

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: pregunta sobre o documento que se trae a aprobación, xa que, na súa opinión, a presentación é confusa.

O secretario, a instancia do Sr. alcalde, indica que o texto das normas, que se trae a aprobación, é o que consta no expediente.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e o voto en contra dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e o concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), o que supón a maioría legal absoluta, acorda: "PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o texto refundido das normas subsidiarias de planeamento urbanístico de Betanzos, unha vez incorporadas o texto aprobado definitivamente en sesión do 27 de xuño pasado as correccións aportadas na documentación complementaria remitida por este Concello á Subdirección Xeral de Urbanismo e Arquitectura o 29-07-96, sin prexuízo de incorporar, no seu día, as aportacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ó plan parcial do Pasatiempo, todo iso de acordo co informe da citada subdirección do pasado 23 de setembro.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación, mediante a publicación, facultando a tal efecto ó Sr. alcalde para levar a cabo cantos actos ou xestións sexan necesarios para o bo fin do acordo adoptado."

Na quenda de explicación do voto manifféstase:

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: que reitera a súa postura respecto ás normas, por canto non se teñen en conta tódalas alegacións, entendendo que son as normas do grupo Socialista, das que foron marxinados, nas que non houbo participación e das que só se analizaron os pedimentos dun grupo determinado.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: manifesta a ratificación na súa postura de aprobación, indicando que tódalas alegación se estudiaron polos voceiros dos tres grupos e, loxicamente, algunhas non se admitiron, polo que non se deben terxiversa-las cousas.

Neste momento auséntase do Pleno, por indisposición, Dª Ofelia López Campos, á que acompaña o Sr. García Vázquez.

1200.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA CON ELABORACIÓN DUN PLANO MUNICIPAL PARA A MOCIDADE.

Dase conta da moción do BNG relacionada coa elaboración dun plano municipal para a mocidade, na cal se propón a adopción dos acordos seguintes: 1.- Creación dunha Concellería de Mocidade.= 2.- Desenvolvemento dun programa de información e asesoramento para a mocidade.= 3.- Creación do Consello Local da Mocidade.= 4.- Programa de formación e emprego.= 5.- Programa de apoio ó asociacionismo.= 6.- Programa de mocidade, solidariedade e obxección de conciencia.= 7.- Programa socio-cultural e do tempo libre.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: advirte de erro no dictame da Comisión Informativa, por canto o seu voto foi a favor da moción unha vez retirado polo voceiro do BNG os detalles concretos da proposta, e non de reserva de voto como se fai constar no dictame, facéndose, en consecuencia, a oportuna rectificación por ser conforme.

Sometida a votación, o Pleno, con seis votos a favor, os emitidos polos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) e o do BNG (Sr. Otero Martínez), sete votos en contra, os emitidos polos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, Beade Dopico, Vázquez Lorenzo) e dúas abstencións por ausencia (Sres.: García Vázquez e López Campos, concelleiros do PSdeG-PSOE), acorda rexeita-la moción.

1300.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELACIONADA COA APLICACIÓN DAS COTAS DO LEITE E A SUPER TAXA.

Dase conta ó Pleno da moción do BNG relacionada coa aplicación das cotas do leite e a super taxa, a cal propón que se adopten os seguintes acordos: "1.- Manifestar unanimemente a oposición á aplicación da sanción chamada "supertaxa" por exceso de producción láctea, ós productores e productoras de leite, por prexudicar ás economías familiares de explotacións con producción que, realmente, non forza a xenerar excedentes.= 2.- Rexeitar así mesmo a aplicación da supertaxa porque contribuiría a aumenta-lo despoboamento e abandono do noso medio rural, xa dabondo desertizado e coa poboación moi avellentada.= 3.- Dirixirse ó presidente da Xunta e conselleiro de agricultura comunicándolle-los acordos anteriores e solicitándolles que poñan os medios ó seu alcance para negociar coas autoridades comunitarias a reforma da normativa referida ás cotas do leite co fin de introducir criterios que non prexudiquen a países non excedentarios e ás explotacións de tipo familiar.= 4.- Dirixirse á ministra de agricultura comunicándolle os acordos anteriores e solicitando que arbitre medidas para que Galicia teña presencia nas negociacións sobre producción láctea e cotas do leite que se leven a cabo nas institucións comunitarias.= 5.- Dirixirse ó Parlamento Galego para que tome iniciativas tendentes a impedi-la aplicación da supertaxa."

Lido o dictame da Comisión Informativa, emitido en sentido favorable, maniféstanse as seguintes posturas:

- O Sr. Pita Varela, voceiro do PP: anuncia a súa abstención, anque entende que se podería falar moito sobre un tema xa moi debatido que desde este Pleno non se vai amañar, que é o que se desexa.

- O Sr. Otero Martínez: insiste na necesidade de diálogo e de aportar entre todos iniciativas a favor dos gandeiros.

Neste punto incorpórase á sesión o Sr. García Vázquez, ausentándose definitivamente a Sra. López Campos.

Sometida a votación, o Pleno, con nove votos a favor, os emitidos polos oito concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e o concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero) acorda aprobala moción.

1400.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELACIONADA COA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS.

Dase conta de moción do BNG relacionada coa declaración universal dos dereitos lingüísticos a cal propón que se adopten os seguintes acordos: "1.- Que o Concello de Betanzos asuma o contido da Declaración Universal do Dereitos Lingüísticos.= 2.- Que o Concello de Betanzos se dirixa ás entidades promotoras da Conferencia, o PEN CLUB INTERNACIONAL e o CIEMEN, co soporte técnico da UNESCO, para manifestarlle-lo acordo de adhesión á Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos."

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: aclara a postura do seu grupo favorable agora, unha vez coñecido o texto do que se vai votar.

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimidade de tódolos concelleiros presentes, acorda aprobala moción.

1500.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O FUNCIONAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL.

Dase conta de moción presentada polo grupo Popular sobre o funcionamento da piscina municipal a cal di así: "A piscina municipal pasou recentemente, de ser xestionada por unha empresa privada a ser xestionada directamente polo Concllo, o cal non nos parece mal.= O que ocorre é que desde que isto ocorreu os usuarios da piscina quéixanse de que se empeorou o servicio, é dicir, do fría que está a auga, da desaparición da aparataxe dun ximnasio que había instalado nas mencionadas dependencias, aparte doutras pequenas incidencias.= Polo tanto o Partido Popular solicita que se tomen as medidas oportunas para que o funcionamento da piscina sexa polo menos, se non pode ser mellor, igual ó do ano pasado, non queremos e con isto cremos que os representantes do Partido Socialista deste municipio deberían estar de acordo con nos, que isto sirva de exemplo para que os nosos veciños pensen, que sempre que xestiona directamente a administración o fai peor que a empresa privada. Xestione quen xestione, débese garantir un bo funcionamento, o que neste momento e a xulgar polas queixas dos usuarios na piscina municipal de Betanzos non está ocorrendo.= Polo tanto que se proceda a repara-las averías se as hai e a repoñer servicios existentes o ano pasado, dado que entendemos que as cotas de subscripcións non diminuíron."

Está informada desfavorablemente pola Comisión Informativa, co voto a favor do grupo Populalr e a abstención do grupo BNG.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: insiste na postura de abstención xa manifestada na Comisión, por entender que non se lle pide o voto para nada concreto.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: entende que a moción xa foi moi debatida na Comisión, sendo o interese da mesma que a piscina funcione ben, que o grupo de goberno recoñeza a existencia e reposición dos aparatos do ximnasio, co que se mellorará o servicio que é o que interesa.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: afirma que xa na Comisión se pediu que se aclarara o solicitado, que se precisara a moción, xa que entende

que o servicio funciona ben e que se din cousas que non son verdade. Insiste no aspecto da temperatura da auga, que se axusta ó regulamentario, segundo as medicións e os controis que se realizan.

Sometida a votación, o Pleno, con cinco votos a favor emitidos polos concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero), oito votos en contra emitidos polos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e unha abstención (do concelleiro do BNG, Sr. Otero Martínez), acorda rexeita-la moción.

1600.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE SEGURIDADE.

Dase conta de moción do grupo Popular sobre seguridade a cal di así: "A pesar de que en datas recentes o excelentísimo señor alcalde do noso municipio declarou na prensa que a seguridade cidadá non se vira afectada polo valado da praza García Irmáns, o que sí é verdade e a pesar das súas declaracións é que a sensación que se vive na cidade non é isa e as queixas dos veciños son reiteradas e van en aumento.= Polo tanto o Partido Popular solicita ó Concello que se faga non só un reforzo da vixiancia arredor do valado da praza García Irmáns, senon que se faga un estudio completo sobre o tema de vixiancia por parte das patrullas municipais no municipio, tendo en conta:= O número de efectivos cos que contamos.= O número de efectivos necesarios para o control de tráfico, segundo días e horas.= O número de efectivos destinados a vixiancia e reforzo dos puntos conflictivos.= Necesidades de patrullar a pé ou en coche segundo as zonas.= Se fora necesario contar con mais efectivos, etc.= Aparte doutros moitos aspectos. Como formación específica en determinados temas.= A necesidade de ter unha policía municipal muller para temas específicos.= Un plano destas características non somos coñecedores de que nunca se fixera no Concello, non é simplemente poñer quendas de traballo.= Manifestamo-la nosa total colaboración para participar na elaboración dun plano destas características, no cal tamén se debe contar coa opinión dos profesionais implicados.= Aproveitamo-la moción para preguntar ó Sr. alcalde por que se paralizaron as obras nas dependencias da policía municipal, dado que son uns profesionais altamente valorados polo noso grupo político, e consideramos que a paralización desas obras é un elemento importante de "disconfor" para eles.= Solicitamos que por parte do grupo no goberno se dea conta desta moción ós membros da Policía Municipal."

Está informada desfavorablemente pola Comisión Informativa, co voto a favor do grupo Popular e a abstención do grupo BNG.; antes do debate o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio) solicita que consten en acta os informes solicitados para aclara-la nota que en sentido erróneo se publicou nun xornal.

Din así os informes: "DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL.= 611ª COMANDANCIA (A CORUÑA). POSTO DE BETANZOS. 0611010401.= ASUNTO: INFORMANDO SOBRE NOTA APARECIDA NA PRENSA.= No día da data, comprobouse que no xornal "VOZ DE GALICIA", apareceu unha nota sobre SEGURIDADE CIDADÁ, por medio da cal se reclama máis vixiancia por parte dos organismos encargados da mesma, como igualmente aparece que na Alameda próxima ó valado das obras que na mesma se realizan, foron atracadas varias persoas, participase que ata esta data, nestas dependencias, non foi formulada ningunha denuncia en tal sentido, polo que se ignora se iso é veraz, comentando tal circunstancia co xefe da Policía Local desta vila, quen di ignoralo, xa que tampouco foron formuladas denuncias por iso.= Betanzos, 27 de novembro de 1996.= O BRIGADA COMTE. POSTO,=

Asdo.: José Dafonte Diéguez.= Señor delegado de seguridade do Concello de BETANZOS". "EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS.= POLICÍA LOCAL.= ASUNTO: Informando sobre estado da seguridade cidadá no contorno da Pza. García Irmáns.= SR. DELEGADO DE SEGURIDADE:= En relación co informe por Vde. solicitado e referente á ocorrencia de atracos ou roubos nas inmediacións do valado que rodea a Pza. García Irmáns desta cidade, cabe destacar que ante esta Policía Local NON SE FORMULOU NINGUNHA DENUNCIA ó respecto, e por parte desta policía NON SE TEN COÑECEMENTO DA OCORRENCIA DE NINGÚN FEITO SEMELLANTE, nin tan sequera nas inmediacións do lugar.= O que se pon no seu coñecemento para os efectos que considere oportunos.= Betanzos, 27 de novembro de 1996.= O SARXENTO XEFE,= Asdo.: Xosé Henrique Fidalgo García."

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: aclara que a nota de prensa e os informes parece que non se refiren ó mesmo lugar. Por outra parte ignora se o dito nos informes é veraz, o que non significa que sexa mentira, o único que din é que non hai constancia, o que non quere dicir que non existan.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: indica a súa posición de voto en sentido de absterse polas mesmas razóns expresadas na anterior moción de que non se pide o voto para nada concreto.

Sometida a votación, o Pleno, con cinco votos a favor emitidos polos concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita Varela, Faraldo Botana, Basteiro Fernández, Carro Erias, Casal Otero), oito en contra emitidos polos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio, Díaz Pereira, Carro Galeiras, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e unha abstención (corresponde ó concelleiro do BNG, Sr. Otero Martínez), acorda rexeita-la moción.

1700.- <u>ROGOS E PREGUNTAS.</u>

Dase contestación ás efectuadas no Pleno Ordinario realizado o 6 de setembro de 1996.

<u>Ó grupo BNG:</u> "Á PRIMEIRA.- a) e b).- Polo que se refire á ubicación de cabinas telefónicas, corresponde a proposta sobre as mesmas á referida compañía e con posterioridade os servicios técnicos municipais informan sobre os inconvenientes dos lugares propostos. É por iso que, se se considera non adecuada a ubicación dalgunha delas, pode manifestarse ós servicios técnicos municipais e tratar de que a compañía a ubique nun lugar máis propicio.= Á SEGUNDA.- O indicado no POS de 1997, aprobado recentemente polo Pleno da Corporación e que se encontra á súa disposición.= Á TERCEIRA.- Doutro órgano.= Á CUARTA.- A actividade da gardería municipal desenvólvese dentro do calendario previsto e os criterios para a existencia de cotas diferentes veñen dados pola normativa que a Xunta de Galicia ten para as garderías subvencionadas da nosa comunidade autónoma.= Á QUINTA.- Déronse as indicacións oportunas ós técnicos para o seu estudio e corrección, se procedese.= Á SEXTA.- Supoño que nos referimos a unha estructura o motivo da cal é a colocación dunha parra alta ("espallar")."

<u>Ó grupo Popular</u>: "Á PRIMEIRA.- Estableceuse un convenio coa Xunta de Galicia e espérase que a comezos do ano 1997 estean unificados os rexistros municipais.= Á SEGUNDA.- A normativa do planeamento urbanístico é a dos planos e documentos escritos, aprobados polo Pleno desta Corporación.

Preséntanse as seguintes:

Do grupo BNG: "1.- Moitas das obras que se están a realizar no noso concello carecen do preceptivo cartel onde deben consta-los datos técnicos das mesmas, e rematan sen que o mesmo teña sido instalado. Solicitamos un maior control deste feito, ou en calquera caso que se contemple a posibilidade de que dito cartel sexa realizado polo propio concello con cargo ós custos da licencia.= 2.- Hai días que apareceron nos medios de comunicación diferentes noticias referentes ó dragado da ría. O BNG solicita do Goberno Municipal información das xestións realizadas a este respecto.= 3.- O Bloque Nacionalista Galego desexa coñece-los criterios que se aplican na selección e admisión dos alumnos da Escola Taller e quen se encarga de dita admisión e selección.= 4.- ¿Realízanse controis habituais das augas potables? ¿Con que periodicidade? ¿Quen os realiza?.= 5.- Actualmente a xestión da piscina e o polideportivo municipais están en mans do Concello, co que, nos últimos anos estase a produci-la alternancia municipal-privada-municipal. Sen embargo, seméllanos que non sucede así co persoal. Solicitamos do Goberno Municipal se nos facilite unha relación de todo o persoal que traballou e traballa na xestión, administración, control, e calquera outra actividade relacionada coa piscina e co polideportivo municipais durante as anterior e actual xestións municipais e a última xestión privada.= 6.- A asociación cultural Eira Vella solicitou do Goberno Municipal, segundo nota que fai chegar ó BNG, a cesión dun pequeno local ou dependencia onde poder reunirse e mante-lo seu arquivo documental. ¿Tomouse xa algunha decisión ó respecto? Queremos lembrarlle ó equipo de goberno que cesións deste tipo no caso doutras asociacións tiveron incluso decisión plenaria da Corporación."

Do grupo Popular: "PREGUNTA.- Nun edificio das Cascas, construido polo Sr. Gándara, na estrada que vai a Oza dos Ríos, o número do edifio é o 12, consta que a parte posterior do edificio, linda cun camiño de servidume, segundo consta nas escrituras do edificio e manifestacións dos veciños da zona, ademais de nun informe de técnicos municipais no expediente 175/88, que di que se trata dunha "servidume de paso dun ancho de 3,50 metros". Posteriormente noutro expediente municipal 811/95, correspondente ó solar do lado, consta un informe de técnicos municipais no que se lle cambia a denominación e di que se trata de "un patio aberto de dominio municipal", ademais de dici-lo informe que existen terreos dese solar sen xustificar. A pregunta é se os técnicos municipais nos poden informar por que se produce un cambio de denominación con respecto ó mesmo paso, e por que non se aplicaron as mesmas condicións na construcción dos dous edificios, por exemplo no retranqueo da obra con respecto a este paso, no edificio número 12 e o número 14.= PREGUNTA.- Segundo o xornal do sábado día 22 denovembro uns delincuentes, procederon a decapita-la imaxe e Santa Eulalia na Espenuca, isto que anque pertencente ó concello de Coirós a todos nos desagrada por tratarse dun acto de vandalismo, ven a colación, pois co consentimento do municipio se procedeu á destrucción dos restos dun león que había no "Pasatiempo", que anque restos escasos e de cemento e ladrillo tiña o seu valor histórico, vaise proceder á colocación dun león novo no seu lugar. Por que se lle encarga a un artesán de fóra do municipio. Custo da obra. Por que non foi realizada pola Escola Taller. Se se consultou a especialistas na materia antes de proceder á destrucción dos restos existentes, e quen é o responsable de tan grande barbaridade en termos de restauración.= PREGUNTA.- Quen pedira a prospección na praza do Campo, é dicir, o estudio xeolóxico do subsolo levado a cabo no mes de xullo, lembre o Sr. voceiro que quedou de aclarar este punto cando se discutiu no último Pleno, o punto referente á adxudicación do aparcamento subterráneo na praza

García Irmás, resumindo a pregunta era se foi a empresa a que solicitou face-lo estudio xeolóxico, en que data o solicitou, ou se foi o Concello o que solicitou á empresa que se fixera ese estudio.= PREGUNTA.- Se o Sr. alcalde-presidente ten a ben informar ó Pleno municipal de: custo da reforma no despacho da Alcaldía, incluindo as obras efectuadas, mobiliario, tapicerías, alfombras, etc., etc.= PREGUNTA.- Con respecto á pregunta realizada nun Pleno, sobre as escaleiras das escolas García Irmáns,que non aparecían reflexadas nos planos do novo plan urbanístico, non recibimos ainda ningunha resposta, polo tanto reiteramo-la pregunta.= ROGO.- Reiterámo-la petición xa efectuada en múltiples Plenos, de que se comunique á oposición, a realización de actos ou distintas reunións de carácter institucional, que se realicen no concello, pois a maioría das veces enterámonos pola prensa.= PREGUNTA.- Solicitouse permiso ó Concello e con que data para depositar entullo nun terreo do Carregal próximo ó polideportivo, que ademais de alcanzar unha altura considerable, está afectando ó contorno desde o punto de vista medio ambiental. Que constancia teñen deste punto os técnicos municipais.= PREGUNTA.- Con respecto a que dous fillos da señora tenente alcalde, que se encontran traballando para o Concello, e existe unha normativa legal ó respecto, gustaríanos saber: Que tipo de contrato os une co municipio, no momento actual. Cando se levou a cabo a renovación do contrato dun deles. En que condicións. Duración do mesmo e forma de provisión da praza. Convocatoria, baremo aplicado.= PREGUNTA.- 1.- ¿Que prazo establecía ó adxudicatario o prego de condicións que rexeu a venda en pública subhasta dos terreos da unidade de actuación número catro para realiza-las obras de urbanización?.= 2.- Se se concedeu algunha prórroga e a que empresa para realizar ditas obras de urbanización.= 3.- Se concluiron ditas obras e se se recepcionaron polo Concello."

Así mesmo, o Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG quere preguntar sobre as noticias sobre a futura construcción do polideportivo e futuro centro de educación infantil, lembrando o momento, polo debate dos presupostos da Xunta.

Insiste no último rogo da sesión anterior, entendendo que debe haber erros no lugar, indicando o Sr. alcalde que se poña en relación cos servicios técnicos.

Pola súa parte, a Sra. Faraldo Botana, voceira do PP, insiste na pregunta realizada sobre as escaleiras na praza das antigas escolas García Irmáns, sobre as que realmente quere saber se van seguir existindo ou se van destruir.

Por outra parte fan referencia a unha moción, non incluida, sobre informe pedido ó secretario respecto a información e os dereitos dos concelleiros, sobre o que queren insistir como rogo.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA DO DÍA VINTECATRO DE XANEIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal V. Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

D. Jaime A. Pita Varela, concelleiro do PP.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos, concelleira do PP.
D. Manuel J. Basteiro Fernández, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintecatro de xaneiro de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión realizada o vinteoito de novembro de mil novecentos noventa e seis.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- Deputación Provincial da Coruña, comunica que se aprobou inicialmente o plan provincial de áreas de ocio e pisicinas descubertas 1996-1998, primeira fase, asignándose a este Concello a obra seguinte coa financiación por anualidades que se indica a continuación: Concello-Betanzos, tipo de obra-C, % aportación Deputación-75%, % aportación Concello-25% e presuposto total-5.500.000,- ptas. Anualidade 1997-Presuposto 5.500.000,- ptas.; Deputación 4.125.000,- ptas.; Concello F. propios 1.375.000,- ptas.

202.- Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo, CPTOPV, Xunta de Galicia, comunica concesión a este Concello, para o seu uso, o material seguinte: 1 colector de 3 m3 para papel, 1 colector de 2,5 m3 para vidro, 16 colectores de 10 litros para pilas, ó abeiro da Orde o 18 de setembro de 1996 (DOG núm. 189 do 26 de setembro de 1996).

203.- Resolución da Alcaldía-Presidencia núm. 258/1996, relativa a renovar unha operación de tesourería nº 4115094M co Banco de Crédito Local por importe de 30.000.000,- ptas.

204.- Resolución da Alcaldía-Presidencia núm. 260/1996, relativa a concertar unha operación de tesourería co Banco de Crédito Local por importe de 30.000.000,- ptas.

300.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA SUBHASTA DUNHA PARCELA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BETANZOS.

Vista a acta da mesa de contratación, dentro da subhasta pública con procedemento restrinxido para alleación dunha parcela situada no ámbito dos planos parciais un/dous do SAU núm. sete, industrial de Betanzos, e a proposta nela contida, o Pleno acorda: "PRIMEIRO.- Allear á empresa Tojeiro Transportes SA a parcela de titularidade municipal situada no ámbito dos planos parciais un/dous do SAU número sete, industrial das normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos; ten unha superficie de 12.392,- m2; a súa descrición é como segue: "Termo municipal de Betanzos. Parroquias de San Pedro das Viñas, Piadela e Requián. Parcela ós nomeamentos de Apeada, Picoto e Regueiro, formada pola número dez do polígono un e a número catro do polígono dous, da superficie de doce mil trescentos noventa e dous metros cadrados, que linda: norte, terreo de onde procede destinado a servicios comúns; sur, parcela número un, polígono dous, conocida por P-10; leste, vial de Ferrol a Betanzos; e oeste, terreo destinado a pista de acceso.", polo prezo de 63.967.504,- ptas. (IVE incluído).= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para realizar cantos actos ou xestións sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo"

400.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADOR DO CONCURSO CON PROCEDEMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO RECOLECTOR COMPACTADOR DE LIXO.

Preséntase a consideración do Pleno o prego de condicións administrativas particulares regulador do concurso con procedemento aberto para o subministro dun vehículo recolector compactador de lixo con destino ó Departamento de Servicios do Concello de Betanzos. Dase conta do dictame emitido pola Comisión Informativa.

Aberto o debate, a Sra. Faraldo Botana, voceira do PP, mantén a súa postura de abstención, non por estar en contra do prego nin da adquisición do vehículo que se propón, senon pola nula participación dos grupos políticos nos procesos de selección, xa que nunca se lles invita ás aperturas de plicas.

- O Sr. Lagares Pérez, D. Antonio, voceiro do PSdeG-PSOE: advirte que o procedemento é o que se utiliza en toda a administración pública, cumpríndose coa normativa, sen prexuizo de que todos poden asistir ás aperturas, porque son actos públicos.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: como representante do grupo nacionalista engade un novo motivo para a súa abstención, xa que entende que a proposta responde a necesidades do criterio político do grupo de goberno, do seu criterio político, considerando que se fora el quen tivera que decidir, ó mellor elixiríase outra cousa.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio S., Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo), e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres.: Faraldo Botana, Carro Erias, Casal Otero, Gestal Calvete, do grupo Popular e o Sr. Otero Martínez do BNG), acorda: "PRIMEIRO.- Aproba-lo prego de condicións para a adquisición por concurso con procedemento aberto dun vehículo recolector compactador de lixo.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para as xestións oportunas a tal fin, iniciándose o expediente de contratación."

500.- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONCESIÓN DE PROXECTO, OBRAS E POSTERIOR VENDA DOS PANTEÓNS CONSTRUIDOS NA AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE BETANZOS.

Preséntase a consideración do Pleno, o prego de cláusulas administrativas particulares para a concesión de proxecto, obras e posterior venda dos panteóns construidos na ampliación do cemiterio de Betanzos.

Dase conta do dictame da Comisión Informativa, emitido en sentido favorable coa reserva de voto dos grupos Popular e nacionalista e coas seguintes modificacións: que a entrada se realizará pola estrada provincial e que o adxudicatario deberá aporta-los documentos sinalados nos apartados e) e f) do artigo 17 do Decreto 133/82 regulador das condicións dos cemiterios de Galicia.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: manifesta o seu acordo coa ampliación, non opoñéndose tampouco, en xeral, ás cláusulas do prego, pero si á idea da posterior venda dos panteóns xa que está en contra da venda libre, avogando pola venda no momento da necesidade, o cal xustifica a súa postura de abstención.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: anuncia a abstención do seu grupo polas mesmas razóns que no punto anterior, non se participa na mesa, non se pode opinar, engadindo outros motivos, como son os criterios de adxudicación, preguntando sobre os criterios de puntuación do delegado de obra ou o control de calidade, xa que non lle parece congruente a puntuación outorgada co que se pretende valorar. Entende que o proxecto técnico podería ser efectuado polos técnicos municipais, dándolle mais valor á oferta económica, e no seu conxunto unha valoración máis obxectiva.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: explica a xustificación da ampliación do cemiterio, facendo referencia a que a venda de panteóns ven regulada por ordenanza e polo que se refire ós criterios do prego entende que son obxectivos, sen prexuizo da súa subxectivación pola mesa de contratación; concretamente e en referencia ás cuestións suscitadas pola Sra. voceira do grupo popular, entende que serán os técnicos quen os informen adecuadamente, elevando a mesa a súa proposta para ratificación polo Pleno.

Seguen outras intervencións no mesmo senso, insistindo a Sra. Faraldo Botana en preguntar que se vai puntuar concretamente en cada caso e o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio) explicando o procedemento de adxudicación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio S., Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres.: Faraldo Botana, Carro Erias, Casal Otero, Gestal Calvete, do grupo popular, e o Sr. Otero Martínez do BNG), acorda: "PRIMEIRO.- Aproba-lo prego de condicións para a concesión

de proxecto, obras e posterior venda de panteóns na ampliación do cemiterio de Betanzos.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para as xestións oportunas a tal fin, iniciándose o expediente de contratación."

600.- PRESTAR APROBACIÓN A ACOLLERSE Ó PROGRAMA DE PEQUENAS INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS LOCAIS DA XUNTA DE GALICIA 1997.

Dase conta da convocatoria da Xunta de Galicia, dentro do Programa de pequenas infraestructuras e equipamentos locais, do Fondo de Cooperación coas Entidades Locais 1997, dictaminada pola Comisión Informativa en sentido favorable.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: en coherencia co manifestado anteriormente, entendendo que a proposta responde ó criterio do grupo de goberno, mantén a súa abstención.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: anuncia o seu voto afirmativo, xa que non se trata de votar un prego, senon de pedir unha subvención, o que sempre apoiarán.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio S., Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) e dos catro concelleiros presentes do Partido Popular (Sres.: Faraldo Botana, Carro Erias, Casal Otero, Gestal Calvete), e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), acorda: PRIMEIRO.- Solicitar ó abeiro do citado programa do Fondo de Cooperación coas Entidades Locais 1997, a adquisición dun vehículo recolector compactador para a recollida de residuos sólidos urbanos.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para tódalas xestións necesarias para tal fin.

700.- PRESTAR APROBACIÓN PROVISIONAL Á ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO PÚBLICO DE AUTOMÓBILES DE ALUGUER "AUTO-TURISMOS".

Dase conta da proposta de ordenanza reguladora do servicio público de auto-turismos, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Prestar aprobación provisional á ordenanza reguladora do servicio público de auto-turismo.= SEGUNDO.- Que se proceda á súa tramitación, considerándose definitivamente aprobada se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

800.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS RELACIONADA CON SOLICITAR AXUDAS PARA APERTURAS DE VÍAS FORESTAIS.

Dase conta de proposta do Sr. concelleiro delegado de acción rural e infraestructuras sobre solicitude de axudas para apertura de vías forestais, informada favorablemente pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Solicitar axudas para levar a cabo as aperturas de vías forestais incluídas no proxecto de "apertura, afirmado e acondicionamento de pistas forestais no concello de Betanzos", por un importe de 8.726.168,- ptas., ó que se presta a aprobación, ó abeiro da Orde do 8 de maio de 1996 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.= SEGUNDO.- Designar ó alcalde para exerce-la representatividade na solicitude.

900.- MOCIÓN DO DELEGADO DE SERVICIOS SOBRE APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA REGULADORA PARA EXPOSICIÓN E VENDA DE PRODUCTOS AGRARIOS E HORTÍCOLAS.

Dase conta da tramitación da ordenanza reguladora para exposición e venda de productos agrarios e hortícolas, así como do dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: pregunta sobre a redacción final, téndose modificado o artigo 4º, no sentido proposto na Comisión.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: manifestando o seu apoio, entende que os asuntos de mercados se deberían tratar tamén na Comisión de Feiras e non no Consello de Consumo, onde non participan os grupos políticos.

- Informa o Sr. Carro Galeiras, concelleiro do PSdeG-PSOE: que a ordenanza non foi elaborada polo Consello de Consumo, anque hai asuntos tratados nel.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Prestar aprobación provisional á ordenanza reguladora para exposición e venda de productos agrarios e hortícolas.= SEGUNDO.- Que se proceda á súa tramitación, considerándose definitivamente aprobada se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

1000.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS RELACIONADA CON MEDIDAS PARA MELLORA-LA SEGURIDADE VIAL.

Vista a moción dos tres grupos políticos, acordada na Comisión de Tráfico, o Pleno, por unanimidade, acorda: Aproba-la proposta técnica para construcción de beirarrúas na encrucillada do "Picardel", facultando ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado ó obxecto de dispoñe-lo necesario para o cumprimento deste acordo, baixo a dirección dos servicios técnicos.

1100.- MOCIÓN DO DELEGADO DE TRÁFICO E SERVICIOS PARA CREACIÓN DA XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

Dase conta da moción do Sr. concelleiro delegado de tráfico, así como do dictame da comisión Informativa, referente á creación da Xunta Local de Protección Civil.

- A Sra. Faraldo Botana: manifesta a modificación da súa postura na Comisión, indicando en tal sentido a necesidade de maior frecuencia nos Plenos, xa que as sesións con tantos asuntos son dificis de preparar polo tempo dispoñible para o seu estudio. Ó respecto da proposta entende oportuno a representación na Xunta dos grupos políticos, absténdose no seu voto en caso contrario.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: súmase ó exposto sobre os Plenos pola voceira do PP, e respecto á Xunta de Protección civil, entende que debe estar en mans dos técnicos.

- Insiste a Sra. Faraldo Botana, voceira do PP, sinalando que na proposta aparecen catro políticos do mesmo grupo, entendendo que as aportacións poden facerse desde moitos puntos de vista.

- Intervén o Sr. alcalde, coincidente na súa postura co representante do BNG, sometendo a proposta a votación.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio S., Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo) do grupo socialista e o (Sr. Otero Martínez) do grupo BNG, e a abstención dos outros catro concelleiros (Sres.: Faraldo Botana, Carro Erias, Casal Otero, Gestal Calvete) do grupo popular, acorda: PRIMEIRO.- Aproba-la creación da Xunta Local de Protección civil, que quedará composta e terá as funcións indicadas no expediente.= SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Consellería da Presidencia, a través da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

1200.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓN DA FEGAMP SOBRE AS XORNADAS: "POR LA VERTEBRACIÓN DEL ESTADO: LA ADMINISTRACIÓN LOCAL". ADOPCIÓN DE ACORDO.

Vistas as conclusión das xornadas das Federacións Territoriais de Municipios e Provincia "por la vertebración del estado, la administración local", realizadas o pasado mes de decembro en Santiago de Compostela, así como o dictame da Comisión Informativa, o Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la declaración das citadas xornadas que di: "1º.- Que as Federacións Territoriais se dirixan ás súas CC.AA. para acelera-los seus respectivos pactos locais. Á vez solicitar á FEMP que se acelere o pacto local a nivel estatal.= 2º.- Pedir un marco legal para as federacións de municipios e provincias que as recoñeza institucionalmente.= 3º.- Pedir que as CC.AA. que non teñan leis de administración local as redacten e as aproben e que as que xa as teñan as desenvolvan.= 4º.- Presencia no Senado das CC.LL.= 5º.- As federacións territoriais consideran necesaria unha vía de acceso ó Tribunal Constitucional das entidades locais.= 6º.- Suficiencia financieira a través do desenvolvemento do artigo 142 da Constitución Española.= 7º.- Modificación do Fondo de Cooperación Local de forma que recolla as aspiracións dos pequenos municipios. Elaboración dunha nova Lei de Facendas Locais.= 8º.- Pedir participación e decisión nos Fondos Estructurais da Comunidade Europea.= 9º.- Solicitar das respectivas CC.AA. a creación dun fondo ou instrumento semellante non finalista. Estímase que a súa dotación non debería ser inferior a un 2% do presuposto da respectiva comunidade autónoma.= 10º.- Acórdase que a través dos órganos de goberno das respectivas federacións se deben facer chega-los acordos aquí tomados ós organismos pertinentes. A FEGAMP, como anfitriona destas xornadas, fará chegar este documento á FEMP."

1300.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE SINALIZACIÓN DAS SAÍDAS CARA A BETANZOS NA AUTOESTRADA DO ATLÁNTICO.

Dase conta de moción da Alcaldía, sobre sinalización das saídas cara a Betanzos na Autoestrada do Atlántico, así como do dictame da Comisión Informativa, emitido en sentido favorable.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: insiste na pregunta formulada na Comisión sobre moción tramitada no Pleno, do BNG, neste mesmo sentido, rogando que se informe en que data se trasladou ó Ministerio, indicando o Sr. alcalde a súa comprobación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Solicitar de Autoestradas do Atlántico a correcta sinalización das saídas e entradas, en relación coa nosa cidade.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para as xestións necesarias para o bo fin deste acordo.

1400.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE PETICIÓN DA CREACIÓN NESTE CONCELLO DUNHA UNIDADE DE DROGODEPENDENCIA.

Dase conta de moción da Acaldía sobre petición de creación no noso Concello dunha unidade de drogodependencia, así como do informe favorable da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: a firma o seu apoio á petición, pero manifesta o seu desacordo na maneira de presenta-lo asunto ó Pleno polo Sr. alcalde, entendendo que as cousas deben estar ben feitas cumprindo a normativa, para evitar, o que parece que se pretende, que a Xunta diga que non. Fai referencia á creación dunha comisión ó respecto, entendendo conveniente que a solicitude vai acompañada doutros informes. Sinala que este asunto non pasou pola comisión creada para o efecto e, a pesar de todo, o seu grupo loitará por consegui-la proposta.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: manifesta o seu apoio á moción, entendendo que o mellor era non ter necesidade de crear unha unidade dese tipo anque, desgraciadamente, a situación é grave, insistindo en que deben xurdir outras ideas, orientadas á prevención e ó control.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: agradece o voto a favor dos grupos políticos, pedindo que a defensa se faga noutros foros de decisión.

- O Sr. alcalde, indica, como matiz ó debate, que como alcalde pode pedi-lo que considere oportuno, sendo a súa actuación reflexo dun acto democrático.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: engade que non negando eses dereitos ó alcalde, as peticións deberían ir máis documentadas.

Remata o debate o Sr. alcalde, indicando que espera neste asunto a colaboración da Comunidade Autónoma.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia que a Consellería de Sanidade cree unha unidade de drogodependencia en Betanzos.= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo os trámites necesarios para o bo fin deste acordo.

1500.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELACIONADA CON PETICIÓN DE APOIO INCONDICIONAL Á ENSINANZA PÚBLICA Á XUNTA DE GALICIA.

Dase conta da moción do grupo nacionalista, en relación a petición de apoio incondicional á ensinanza pública á Xunta de Galicia, así como do informe da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade acorda: "Instar á Xunta de Galicia para que: 1.- Estableza unha política de poio e defensa do ensino público co fin de contribuir a unha igualdade de oportunidades entre o alumnado galego.= 2.- Atenda ás necesidades básicas do sistema educativo coas partidas orzamentarias necesarias que permitan acada-los seguintes obxectivos: a) Dotar a tódolos centros educativos de transporte escolar e comedor nos niveis educativos obrigatorios.= b) Dotar a tódolos centros das condicións necesarias para imparti-lo ensino recollidas no RD 1004/91, mediante as partidas presupostarias correspondentes nos capítulos referidos a RAM, equipamento e gastos de funcionamento.= c) Planificar e concreta-las novas construccións de acordo cunha rede de centros que contemple a singularidade xeográfica e demográfica de Galicia, así como un proxecto de desenvolvemento económico global do país. Esta planificación terá en conta unha organización, construcción e acondicionamento dos centros para impartir desde a educación infantil á educación post-obrigatória.= d) Dotar a tódolos centros do profesorado necesario para impartir tódalas áreas educativas e matérias optativas que recolle a lexislación vixente co fin de evitar entre o alumnado discriminacións que lle impidan acceder a outros niveis educativos."

1600.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A MELLORA DAS FEIRAS E MERCADOS NO MUNICIPIO DE BETANZOS.

Dase conta da moción do grupo Popular para a mellora das feiras e mercados no municipio, así como do informe da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se pase á Comisión de Feiras para mellor estudio, solicitando a Sra. Faraldo Botana, voceira do PP, que se tramite canto antes e non quede parada.

1700.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA ADOPTAR MEDIDAS URXENTES PARA QUE A RÚA PROLONGACIÓN DO ROLLO SE POÑA EN SERVICIO.

Dase conta da moción do grupo Popular pola que se pon de manifesto o estado da rúa do Rollo, en dirección ás Cascas, como consecuencia de obras que alí se realizan, solicitando a adopción con carácter urxente das medidas precisas para a súa reparación e posta en servicio.

Consta informe favorable da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, presta aprobación á proposta.

1800.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A CREACIÓN DUN CENTRO LOXÍSTICO DE TRANSPORTES PARA A ZONA NORTE DE GALICIA.

Dase conta da moción do grupo Popular na que, tras diversas consideracións de ubicación, laborais e económicas, se solicita o inicio de xestións para a posible instalación do centro loxístico de transportes (Cidade do Transporte) en Betanzos.

O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: xustifica a súa postura, que en principio é de apoio á moción, polos criterios de ubicación apuntados na mesma, anque entende que nestas actuacións de debe obrar con criterios máis amplos, evitando as loitas particularistas entre concellos, xa que decisións deste tipo corresponden a instancias máis xerais como o Parlamento Galego.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: entende que ademais dos criterios de ubicación, se Betanzos loita e fai cousas transcenderá, en xeral, á opinión e ás empresas, o que xa de por si é positivo polo feito de ser coñecidos, evitando quedar á marxe.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: en nova intervención, manifesta que non comparte os criterios de "marketing", que a promoción se debe facer doutras maneiras, con iniciativas que non estean a expensas do que nos poden dar.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: cré que non é necesario insistir na importancia de Betanzos para todos, pero a súa defensa haina que facer con xestos e realidades posibles, non con hipóteses falsas e, neste caso, o centro do que se está a falar xa está adxudicado.Indica á Sra. Faraldo Botana que, ó igual que ela esixiu documentación na anterior moción sobre a unidade de drogodependencias, neste caso tamén hai que actuar documentado e non facer campaña electoral disfrazada.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: quere precisa-las súas verbas no sentido de que o que dixo que deben ir fundamentadas son as peticións, non as mocións, e respecto ás opinións verquidas polo voceiro do PSOE, non quere entrar en discusións irrespetuosas. Engade que a súa proposta é un proxecto serio para Betanzos.

- Remata o debate o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, quen fai textualmente unha cita de Ortega e Gasset que di: "palabras, palabras, palabras".

Tras unha cuestión de orde sobre a comisión que debe estudia-lo asunto, o Pleno, por unanimidade, acorda: "PRIMEIRO.- Inicia-las xestións ante os organismo competentes para a posible instalación do centro loxístico de transportes (Cidade do Transporte) en Betanzos.= SEGUNDO.- Que pase á Comisión de Tráfico ó obxecto de realiza-las oportunas xestións así como o seguimento e informes que procedan ó respecto.

1900.- PRESTAR APROBACIÓN A PROXECTO DE PRESUPOSTO MUNICIPAL ORDINARIO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 1997.

Preséntase ó Pleno o proxecto de presuposto para 1997, acompañado da documentación regulamentaria esixible e o dictame da Comisión Informativa, emitido en sentido favorable, se ben coa reserva de voto ó Pleno dos grupos popular e nacionalista.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: procede a expoñe-lo proxecto, entendendo que se trata dun presuposto austero, realista, que contén o gasto

corrente, progresista e dirixido ós cidadáns, sen prexuizo das adaptacións que proceda na súa execución e do que se deu ampla conta na Comisión Informativa. Preocúpalle a considerable reducción de transferencias do Estado, coa conseguinte apelación, neste caso moderada, ó crédito e sinala o cumprimento estricto da conxelación salarial imposta pola normativa de aplicación. No campo dos investimentos espérase realiza-los sinalados no correspondente plano presupostario, con aportación doutras administración xa comprometidas, o que non sucede coa Xunta. Destaca, entre outras partidas, as adicadas a Escola-Taller, educación, cultura, feiras e festas, etc., e remata insistindo nos criterios sinalados ó principio que incidirán, sen dúbida, nunha mellora de servicios e calidade de vida para todos, pedindo, en consecuencia, o voto favorable.

- A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP: anuncia a abstención do seu grupo, dado que non participa na xestión do presuposto, sobre o que ten outras ideas, sobre as que sinala algúns aspectos: entende que o endebedamento non é elevado, pero aumenta significativamente do ano pasado. Igualmente non lle saen as cifras que se dan de investimento en relación coas anunciadas na prensa. Como exemplos de xestión, cita os gastos de teléfono, entendendo que coas melloras técnicas poderíanse reducir. Solicita claridade no que se refire ás gratificacións do persoal; critica os gastos da cabalgata de Reis polo mal que resultou e tampouco ve claros os gastos que se di se aplican a educación. Remata mantendo a abstención, porque se podería xestionar mellor.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: comeza a súa exposición facendo referencia ó crecemento presupostario e ó seu carácter austero que ven obrigado polas circunstancias, observa a diminución dos gastos de persoal, dada a súa conxelación e tamén os gastos correntes, o que lle satisface, mentres que os investimentos só crecen medio punto, quedando lonxe do 25% desexable. Onde ve a modificación alarmante en canto ó aumento é na carga financiera e nas transferencias, o que pode, co tempo, facer dificilmente asumible as débedas. En determinados servicios entende que o adicado é o mínimo, como en educación que se dedica a gastos de mantemento do colexio e a gardería. Fai referencia a outras partidas como a destinada a estudios encargados a persoal alleo. Remata afirmando que non vai apoia-lo presuposto que, en resumo, é responsabilidade do grupo Socialista.

Durante esta intervención auséntase a Sra. Faraldo Botana.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE: entende que hai temas comúns nas exposicións dos dous grupos da oposición, facendo referencia a datos concretos e numéricos, antes non sinalados, como a contención do gasto corrente nun 7%, aumento de gastos reais, non só o capítulo sesto, nun 10%. En contestación a algunhas apreciacións dos grupos, sinala que a partida para estudios a empresas de fora, responde a proxectos técnicos que non poden face-los técnicos municipais, mais a aportación que corresponda, se se acorda algunha actuación urbanística. Lembra ó grupo Popular que os investimentos veñen perfectamente reflexados por importe de 179 millóns cun aumento do 2%, respondendo así mesmo ás outras cuestións presentadas, sinalando que existe unha negociación para as gratificacións do persoal, a quen, o goberno central do PP, impuxo un 0% de incremento, que os gastos de educación están debidamente sinalados. Remata reiterando os seus criterios sobre o presuposto que entende perfectamente axustado.

- O Sr. Otero Martínez, voceiro do BNG: engade que non vale a pena discutir pero reclama o seu dereito democrático a votar en contra.

Remata o debate o Sr. alcalde, resaltando a importancia do acto, agradecendo a colaboración dos grupos, manifestando a necesidade de mellorar para tódolos concellos, a participación de tódalas institucións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo Socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez Vázquez, Lagares Pérez Antonio S., Díaz Pereira, Carro Galeiras, López Campos, Beade Dopico, García Vázquez, Vázquez Lorenzo), o voto en contra do concelleiro do grupo nacionalista (Sr. Otero Martínez) e a abstención dos tres concelleiros presentes do grupo Popular (Sres.: Carro Erias, Casal Otero, Gestal Calvete), acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o presuposto para 1997, xunto coas súas bases de execución, cadro de persoal e relación de postos de traballo, ademais da documentación regulamentariamente esixible, e que presenta, en resumo, as seguintes cantidades:= CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS:= 0.- Débeda pública.- 67.490.000.= 1.- Servicios de carácter xeral.- 134.634.000.= 2.- Protección civil e segur.- 75.481.000.= 3.- Seguri., protecc. e prom.- 193.988.000.= 4.- Prod. bens púbicos de carácter social.- 324.715.000.= 5.- Prod. bens públicos económ.- 85.950.000.= 6.- Reg. económica car. social.- 42.742.000.= TOTAL PRESUPOSTO.- 925.000.000.= CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS.= A.- OPERACIÓNS CORRENTES.= Cap. 1.- Gastos de persoal.- 380.159.000.= Cap. 2.- G. bens correntes e servicios.- 227.641.000.= Cap. 3.- Gastos financieiros.- 40.000.000.= Cap. 4.- Transferencias correntes.- 55.038.000.= TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES.- 702.838.000.= B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL.= Cap. 6.- Investimentos reais.- 189.672.000.= Cap. 7.- Transferencias de capital.- 0.= Cap. 8.- Activos financieiros.- 4.100.000.= Cap. 9.- Pasivos financieiros.- 28.390.000.- TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL.- 222.162.000.= TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS.- 925.000.000.= CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS.= A.- OPERACIÓNS CORRENTES.= Cap. 1.- Impostos directos.- 258.627.000.= Cap. 2.- Impostos indirectos.- 55.000.000.= Cap. 3.- Taxas e outros ingresos.- 122.626.000.= Cap. 4.- Transferencias correntes.- 300.010.000.= Cap. 5.- Ingresos patrimoniais.- 3.400.000.= TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES.- 739.663.000.= B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL.= Cap. 6.- Alleación investimentos reais.- 57.800.000.= Cap. 7.- Transferencias de capital.- 75.137.000.= Cap. 8.- Activos financieiros.- 2.300.000.= Cap. 9.- Pasivos financieiros.- 50.100.000.= TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL.- 185.337.000.= TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS.- 925.000.000.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

2000.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase contestación ás preguntas efectuadas no Pleno Ordinario realizado o 28 de novembro de 1996.

Ó grupo BNG: Á PRIMEIRA.- O goberno municipal trata, desde fai tempo, de mellora-las condicións no contorno dos ríos e da ría de Betanzos. Neste senso fixéronse diversas xestións ante responsables de Costas de Galicia e nunha recente visita da Alcaldía ó actual ministro de sanidade indicóuselle a conveniencia desta actuación. No ano 97 farase un anteproxecto desta importante obra e buscarase a financiación para a mesma que permitirá novamente a comunicación efectiva de Betanzos co mar.= Á SEGUNDA.- A relación de alumnos para a selección realízaa o INEM, que a envía ó Concello. A continuación unha comisión de valoración, formada por persoal do INEM e do

Centro de Formación Ocupacional, realiza unha selección definitiva a través de entrevistas persoais e outras probas valorativas.= Á TERCEIRA.- Si, diarios, en laboratorios de análises debidamente autorizados.= Á CUARTA.- No curso 1995/96, a xestión da piscina e do polideportivo municipais foi adxudicada á empresa SIDECU, e no curso actual 1996/97, a xestión e administración é do concello. Xúntase relación de persoal.= Á QUINTA.- Efectivamente a asociación cultural "Eira Vella", ó igual que outras entidades asociativas, solicitou do Concello un local social. Estase a facer un estudio das posibilidades de concesión do mesmo, inda que, con respecto ás reunións da mesma, facilítaselle habitualmente a tódalas agrupacións que o piden.

Ó grupo Popular: Á PRIMEIRA.- Expte. 175/88.- Neste expediente existe un informe técnico de data 8 de agosto de 1988 no que se indica que ten 3, 50 mts. de ancho e denomínano como servidume de paso; posiblemente se denominou así pola información verquida polos veciños; o ancho de 3,50 mts. coincide co plano do proxecto que presentou o Sr. Gándara. Outra interpretación é que se se indica que é un calexón, no Ministerio da Vivenda non permitirían esas alturas. Expte. 811/97.- Non se fai mención en ningún informe técnico ó camiño. Expte. 803/95.- No informe técnico de data 6 de marzo de 1995 menciónase a existencia dun calexón no citado espacio. No informe técnico de data 29 de febreiro de 1995 menciónase un calexón propiedade municipal e que no proxecto o consideran como un patio aberto a fachada (xa que o calexón está cerrado) e dise que mantén un ancho de 3 mts. Aclaracións.- A diferencia de denominación de consideralo no primeiro informe como servidume de paso e posteriormente como un calexón cerrado, debeuse a que se tivo, no primeiro caso, unha información errada ou por se se interpretaba como camiño, que o Ministerio da Vivenda non permitira esas alturas.- Referente a se se aplicaron diferentes condicións na construcción dos edificios 12 e 14, non existe ningunha notificación no expte. 175/88 no que se ordee retira-lo edificio. No proxecto do edificio 12 marcan un calelxón de 3,50 mts. e segundo o proxecto do edificio nº 14 de 3,00 mts. existía unicamente de 3,00 mts. na fronte e de 1,23 no fondo (segundo plano presentado o 11 de agosto de 1995). Xúntanse planos de emprazamento.= Á SEGUNDA.- A obra está a realizala a Escola-Taller "Pasatiempo II" e rógase que se especifique o alcance da palabra "la metería" para poder aclara-la pregunta na súa integridade.= Á TERCEIRA.- A solicitude realizouna a empresa TRACIM, con rexistro de entrada nº 1692 no Concello o 15 de xuño de 1996 e concedida por traslado correspondente con data 25 de xuño de 1996 e nº de saída 774.= Á CUARTA.- Resulta difícil facer unha valoración exacta das obras realizadas no despacho da Alcaldía, pois na mesma intervíñeron, ademais de traballadores privados, outros que pertencen ó cadro de persoal municipal. Non obstante, se desexan coñece-lo custo das partidas concretas, especifícanas e daráselles información sobre as mesmas.= Á QUINTA.- Reitérase a resposta do Pleno anterior.= Á SEXTA.- No plan parcial do "Pasatiempo" existen un conxunto de terreos privados, que se foron reenchendo, posiblemente, coa intención de prepara-los engadidos necesarios para a futura urbanización. Díronse as oportunas indicacións ós técnicos municipais para que teñan un seguimento das alteracións que se produzan e traten de previr modificacións prexudiciais.= Á SÉTIMA.- Un contrato laboral de acordo coa lexislación vixente. Ten un contrato por obra ou servicio, en idénticas condicións que o resto do persoal adscrito a servicios sociais. Contratos por concursos segundo os baremos establecidos. A duración ven determinada segundo a obra ou servicio de que se trate. Convocatoria mediante concurso segundo o baremo establecido na mesma.= Á OITAVA.- Consonte o prego de

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

condicións que rexeu a venda da subhasta en 1988, a favor do adxudicatario da mesma: FORJADOS RIVERA SA, o prazo para a urbanización da UA-4 era de dezaoito meses a partir da adxudicación definitiva.= Á NOVENA.- Concedéronse prórrogas para as obras ás empresas: PROVIBE SA, TERRENOS Y URBANIZACIONES CANEIROS SA, CR INVERSIONES SL, CONSTRUCCIONES FRAGA SL.= Á DÉCIMA: Non concluiron no momento actual.

Preséntanse as seguintes preguntas:

Do grupo BNG: 1.- Nalgunhas cidades establécense condicionantes á concesión de licencias de apertura e instalación de establecementos adicados ó ocio, principalmente pubs, cervexarías, bares..., para evitar, na medida do posible, a excesiva concentración, en rúas determinadas, da denominada "movida nocturna". ¿Utiliza o Goberno Municipal algún criterio desta natureza na nosa cidade? De non ser así, ¿é consciente o Goberno Municipal de que este tipo de locais está a aumentar considerablemente na rúa do ambulatorio e outras adxacentes? ¿Entende o Goberno Municipal o perigo e a incoherencia que pode supoñer ter un centro médico e un servicio de urxencias en plena zona de "movida"? Desde o BNG entendemos que as licencias de apertura de establecementos deben contar, ademais de cos preceptivos informes urbanísticos, con outro tipo de criterios de carácter social.= 2.- Vimos observando grandes manchas de graxas e aceites nas augas dos nosos principais rios durante varios días das pasadas e presente semanas. ¿Ten o goberno municipal algún coñecemento destes verquidos e os seus responsables? ¿Realízase periodicamente algún control e seguimento do estado das augas dos nosos ríos e das súas marxes? ¿Actuouse nalgunha ocasión legal e xudicialmente contra algún infractor ou infractores por presunto atentado ecolóxico ó patrimonio natural do noso Concello?.= 3.- Como é sabido o Concello leva os seus resíduos sólidos urbanos ó verquedoiro de Bens. Logo do derrubamento do mesmo, algunhas declaracións do alcalde da Coruña, concello onde está situado o verquedoiro, apuntaban no senso de pecha-lo mesmo en datas próximas. Hoxe os medios de comunicación fanse eco dunha "nova idea" do citado alcalde, que semella mudalas segundo sopre o aire do verquedoiro ¿Teñen noticia oficial de que se vaia pecha-lo verquedoiro? ¿Estase a estudiar algunha medida alternativa no caso de que o peche se confirme? ¿Contémplase a posibilidade, que xa apuntou en varias ocasións o BNG, e mesmo foi aprobada na propia Mancomunidade de Concellos da Coruña, de dotarse dunha planta mancomunada de reciclaxe de residuos sólidos urbanos?.= 4.- ¿Que pasa co paseo da Galera? ¿Está paralizado por mor dun valado de arames, ou por un contencioso administrativo, presentado por quen se declaran propietarios do terreo acoutado? ¿Existe a posibilidade de que dito contencioso "dea ó traste" co paseo, pola demora no fallo pertinente?.= 5.- Temos noticia de que a empresa CEVISA vai pecha-las súas instalacións no noso concello, ó parecer non por un problema de rendibilidade, senón de reorganización interna, xa que os traballos e servicios que aquí se realizan serán trasladados a instalacións que a citada empresa posúe noutra localidade ¿Ten o Goberno Municipal algunha noticia ó respecto? ¿Interesouse directamente polo tema? ¿Realizou ou suxeriu algunha iniciativa en defensa da permanencia de ditas instalacións e postos de traballo no noso concello?

Do grupo Popular: 1.- Dado a capacidade da Escola-Taller de Betanzos en canto a número de alumnos e a cantidade de materias que se imparten. Consideramos que á fronte da mesma debería colocarse unha persoa coa capacidade e formación suficiente para o mellor desenvolvemento e expansión das súas actividades e non que servira, en gran

parte, para a captación de votos do equipo de goberno, que non é esa a misión da escola-taller Non está no noso ánimo deixar sen traballo a ninguén pero si velar polo bo funcionamento dos servicios que pagan tódolos cidadáns, polo tanto, debería estar en posesión de cursos de xestión, restauración, etc. Rogamos que se nos facilite o curriculo do director da Escola-Taller, formación universitaria, etc. Además da forma de acceso a dita praza.= 2.- Está presentado o proxecto de nova construcción que afecta á conocida "casa de Pita", ¿que tipo de licencia está solicitada no Concello e con que data? Solicitamos acceso ó expediente de catalogación da mencionada casa.= 3.- ¿Que tipo de póliza de seguros ten subscrita o Concello con respecto ás súas instalacións, por inundación, incendio, roubo, etc., responsabilidade civil, por calquera accidente que puidera ocorrer nas instalacións municipais?.= 4.- ¿Que tipo de construcción se pode realizar na coñecida horta de Villaverde en San Francisco, é dicir, como quedou catalogada nas novas normas? Estas preguntas realízanse no Pleno dadas as dificultades crecentes que en Urbanismo se nos poñen para o acceso a expedientes, polo cal lembramos ó secretario que anque non tiñamos présa no informe que temos solicitado para o acceso ós expedientes, dadas as actuales circunstancias nolo presente coa maior brevidade posible.= 5.- Señor alcalde: figura no noso poder unha contestación súa a unha empresa que, como se deduce do escrito, o Concello de Betanzos, debe diñeiro, na súa contestación, da que xuntamos unha fotocopia, omitindo a empresa, e que rogamos que lea o Sr. secretario. Vostedes pídenlle que envíe detallada ós auditores o importe da débeda e unha serie de aclaracións. ¿É que vostedes descoñecen as débedas pendentes de pagamento contraídas e a súa composición? Se non como nos explica o presente escrito e non é o Concello o que facilitou esta información ó Consello de Contas. Aproveitamo-la ocasión para pedir un listado das facturas pendentes de pagamento do Concello de Betanzos ó 31 de decembro de 1996, co ano ó que corresponden esperamos que as teñan relacionadas.

Preséntanse os seguintes rogos:

Do grupo BNG: 1.- Queremos fecilitar ó equipo de goberno pola iniciativa de baleirado de fósas sépticas, que nos parece a todas luces unha medida eficaz e acertada , unha de cal. Por desgracia hai outra de area, pois, ó tempo, permítese a construcción de edificios de vivendas en lugares que non posúen os medios técnicos nin as dotacións de servicios necesarios para canaliza-las súas augas residuais á estación depuradora e son verquidas directamente ós nosos ríos. Unha palpable mostra de "dobre moral", xa que se realmente se aposta pola defensa e preservación do medio natural e os seus recursos non se pode, á vez, permitir un urbanismo que atenta directamente conta el.= 2.- A respecto da posta en marcha de Radio Betanzos, o BNG quere manifestar ó Goberno Municipal o seguinte: 1º A falta de principios democráticos e transparencia na selección de persoal, sen oferta pública ningunha e colocación directa por parte do equipo de goberno, que impide a máis mínima garantía, diante dos cidadáns, de obxectividade e imparcialidade na redacción e difusión das noticias. 2º A normalización da lingua galega é no noso país, un dos obxectivos da creación de medios de difusión públicos, e mesmo así teno aprobado por unanimidade esta Corporación ó acollerse ó Decreto da Xunta de Galicia do 23 de xaneiro do 92 (DOG nº 46 do 6/03/92). En Radio Betanzos o uso do galego é meramente anecdótico, empregándose somentes cando o fala algún entrevistado, o mais do tempo semella que o noso idioma non existe. 3º Descoñecemos, anque supoñemos, quen marca a liña editorial da emisora, empecinada en reproducir constantemente as noticias doutros medios de comunicación -principalmente xornais-, reforzando así unha determinada

corrente de opinión, que non é outra que a dos propietarios deses medios, e esquecendo por completo todo tipo de noticias máis inmediatas ós nosos cidadáns. 4º A difusión das iniciativas da oposición é nula, e mesmo en ocasións os locutores semellan voceiros do equipo de goberno, como nulas son as informacións do acontecido nas sesións plenarias desta Corporación. Noutros concellos con radio propia, esta emite incluso os debates corporativos. 5º O BNG considera necesaria e importante a creación de Radio Betanzos -xa nos anos 1991 e 1995 apostamos por esta iniciativa nos nosos programas electorais-, pero unha radio municipal ten que ser libre, veraz, independente e ó servicio da cidadanía e non dun grupo político ou de intereses económicos determinados.

Do grupo Popular: 1.- Na estrada que vai de Montellos a Cortiñán estanse a realizar obras por parte da Deiputación, concretamente a colocación de tuberías, rógase por parte do Concello que teña a previsión necesaria para aproveitar estas obras e proceder á colocación da rede de sumidoiros, ou realiza-las xestións correspondentes para que isto sexa posible, antes da obra das beirarrúas que supoñemos que tamén están previstas nesta zona.= 2.- Para beneficio dos funcionarios e maior axilidade no traballo nas dependencias municipais, rógase ó equipo de goberno, o estudio e instalación dun plan de informatización dos diversos servicios municipais, incluíndo o rexistro de entrada, como se realizou en diversas administracións. O rexistro de entrada preocúpanos tremendamente, para evita-la posibilidade de alteración na data de presentación de documentos.= 3.- Nas pistas do polideportivo, hai unha grande cantidade de focos fundidos, os veciños que as alugan, queixanse da iluminación, como a xestión compete ó Concello rogamos, se tomen as medidas necesarias para subsanar ditas deficiencias.= 4.- O camiño que vai desde a Nacional VI á altura da chatarrería, situada na marxe esquerda, á feira, está completamente deteriorado e debido as choivas destes días, difícil de transitar rogamos que desde o Concello se tomen as medidas oportunas para a reparación deste camiño.= 5.- A factura do teléfono nas dependencias municipais ascendera segundo o presuposto do 97 a 5.000.000,- ptas. cantidade que nos parece excesiva, na actualidade telefónica pon a disposición dos usuarios diversos sistemas que abaratan tremendamente o custo e permite a comunicación entre diversas dependencias a uns prezos moi inferiores, como o sistema instalado pola Xunta de Galicia, polo tanto rogamos ó Concello que estudie as distintas alternativas que hai no mercado á súa disposición e abarate os custos, en beneficio de todos.= 6.- Que se certifique por parte dos técnicos municipais se na execución do aparcamento na praza García Irmáns se cumpre a norma NBE-AE/88, e a norma NCSE-94, relativa a construccións (sismorresistentes) concretamente o capítulo 6 relativo a cimentacións, dado que Betanzos cambiou a súa intensidade pasando a ser intensidade media na citada norma.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e vinte minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTE DE MARZO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal V. Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de marzo de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión realizada o vintecatro de xaneiro de mil novecentos noventa e sete.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- Acta de formalización de reversión da finca nº 13 das afectadas de expropiación con motivo da construcción da Autoestrada do Atlántico A-9, tramo Guísamo-Miño, no termo municipal de Betanzos (A Coruña), rfª: expropiacións A-9, R-1786-A. Acórdase realiza-la incorporación da devandita finca ó Inventario Mpal. de Bens.

202.- Dirección Xeral de Producción e Mercados Gandeiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, polo que xustifica recepción de escrito da Alcaldía dando traslado do acordo plenario deste Concello relativo á taxa suplementaria do leite e facendo diversas consideracións relacionadas con este asunto.

300.- COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE SOBRE A AUTOVÍA DO CANTÁBRICO.

Dase conta ó Pleno da Corporación de escrito do Concello de Moeche sobre acordo plenario de data 3-02-97 que presta aprobación á moción do grupo municipal PSdeG-PSOE sobre a Autovía do Cantábrico. Está informado favorablemente pola Comisión Informativa de Programación, coa abstención dos grupos BNG e Partido Popular.

- Intervén o Sr. Pita Varela (voceiro do PP): manifesta que o seu grupo mantén a actitude de abstención, pedindo que se aclare se o asunto é ou non para adopción de acordo, o que é aclarado polo Sr. Lagares Pérez (D. Antonio). No uso da palabra o Sr. Pita afirma que están de acordo con que a autovía chegue a Ferrolterra, anque outra cousa é acepta-lo escrito do Concello de Moeche, sendo distinto, se se razonara a proposta.

- O Sr. Otero Martínez (voceiro do BNG): manifesta entender perfectamente o que se solicita, anque coincide co grupo Popular en que a postura que se adopte non se pode basear na solicitude dun concello sen datos técnicos. Non se opón a que Ferrolterra teña bos accesos, polo que anuncia a súa abstención.

- Insiste o Sr. Pita (voceiro do PP) en que a decisión dependerá de debates que afectan a toda a comunidade. Afirma o apoio á autovía, pero mantén a abstención do seu grupo ante a proposta unilateral dun concello.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos sete concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández), e o do BNG (Sr. Otero), acorda: Apoia-la moción do grupo municipal PSdeG-PSOE sobre a Autovía do Cantábrico a cal, na súa parte dispositiva di: "1) Que o estudio do tramo autovía do cantábrico inclúa prioritariamente seu paso polos concellos de Ribadeo-Cervo-Viveiro-Ortigueira-Ferrol.= 2) Remitir este acordo ós gobernos autonómicos de Asturias e Galicia e ós seus respectivos parlamentos, deputacións e concellos afectados; Congreso e Senado, Presidencia do Goberno, Ministerio de Fomento, Consellería de Política Territorial, Parlamento Europeo, sindicatos representativos, organizacións empresariais e cámaras de comercio.".

400.- DAR CONTA DE ESCRITO RELACIONADO COA CREACIÓN DO CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA; ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta de escrito de D. Jesús Ñáñez Fernández polo que se informa da creación da fundación "Centro Internacional da Estampa Contemporánea", propoñendo a este Concello a integración no padroado da mesma, acompañando estatutos da referida fundación, así como do dictame da Comisión Informativa de Programación.

Aberto o detate, o Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista (BNG), pon de manifesto que non tiña coñecemento do asunto e de aí a súa postura de abstención na Comisión Informativa, que agora unha vez analizado quere cambiar, dada a importancia que o proxecto ten para Betanzos, así como o ofrecemento para que o Concello estea presente.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, quere ratifica-la súa postura favorable, suxerindo que se acorde que o membro do Concello na fundación sexa o alcalde.

O Sr. Pita, voceiro do grupo Popular, entende moi positivo para o acervo cultural da cidade esta proposta que sen dúbida repercutirá positivamente, querendo, ademais de

manifesta-lo seu voto a favor, expresa-lo agradecemento polo esforzo do promotor, betanceiro ilustre que coa súa oferta aporta un notable enriquecemento cultural.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Integrarse no "Padroado da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea", segundo os estatutos que figuran no expediente.= 2º.- Nomear representante en dita fundación ó Sr. alcalde-presidente.

500.- MOCIÓN DO DELEGADO DE SERVICIOS Ó OBXECTO DE SOLICITAR DA CPTOV DA XUNTA DE GALICIA ADQUISICIÓN DE COLECTORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS.

Dase conta da proposta do concelleiro delegado de servicios, pola que se propón a solicitude á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 1997 (DOG núm. 37 do 24 de febreiro), de material de xestión de resíduos sólidos urbanos.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar a dita consellería, segundo a devandita orde, a dotación de colectores para a recollida selectiva de resíduos sólidos urbanos nas seguintes cantidades: cinco para vidro, dezaseis para pilas e vinteún para a recollida de papel, aceptando integramente os termos e prescricións expresados na orde de referencia.= 2º.- Facultar ó Sr. alcalde para que no caso de resolución favorable, acepte a axuda e asine o convenio de cesión nas condicións que sexan establecidas pola consellería.

600.-MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN EN VIVENDAS.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras sobre instalacións de calefacción en vivendas, en relación coa Orde do 27 de febreiro de 1995 da Consellería de Industria e Comercio que regula en Galicia as condicións das instalacións de calefaccións para aquelas que teñen unha capacidade inferior a 5.000 litros, así como do dictame da Comisión Informativa de Programación.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto que a moción chega con dous anos de atraso xa que a orde é de 1995, tempo no que non se fixo nada desde o Concello. Non está en contra da demorada proposta, pero entende que tódalas instalacións deben estar reguladas polos seus riscos.

O Sr. Pita, voceiro do PP: pon de manifesto a súa discrepancia, facendo referencia a noticias ó respecto aparecidas na prensa, afirmando a súa inexactitude: en canto á orde non ten efectos retroactivos, nin son certas as contías baralladas, e por outro lado a orde xa está prorrogada, co que se pretende alarmar á xente, anunciando o seu voto en contra.

O Sr. García, voceiro do PSdeG-PSOE: destaca que hai opinións de todo tipo, sendo o certo que a xente non lé as ordes dos boletíns, que realmente afecta á maior parte das calefaccións e que o custo sinalado non só son as taxas de industria senon dos amaños e adaptacións. Non se pide que non se regulamente o asunto, senon que a súa posta en marcha se faga atenuadamente.

O Sr. Otero (voceiro do BNG) insiste na necesidade de cumpri-las normas e na necesidade de informar por quen proceda, coñecéndose así mesmo as instalacións afectadas, das que non hai información.

O Sr. Pita (voceiro do PP) manifesta o seu asombro porque o propio Concello debería ter información da situación, xa que as instalacións se fan con permiso do

Concello, que debería informar. Cousa distinta é pedir unha moratoria, que xa se vai aplicar. Indica que a lexislación xa existía fai anos e que agora se está malinformando.

Seguen outras manifestacións sobre a responsabilidade da información e tras afirma-lo Sr. alcalde que se reafirma nas manifestacións feitas na prensa, sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos sete concelleiros do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Dirixirse á Consellería de Industria e Comercio para que suavice as condicións tanto técnicas como de taxas polos custos que representan para os veciños o darse de alta para todas aquelas calefaccións que estean feitas antes destas datas, así mesmo solicitar que se amplíe o tempo para darse de alta.= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin.

700.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS EN RELACIÓN CON DEFICIENCIAS EXISTENTES NA RESTITUCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DO CONCELLO AFECTADAS POLA AUTOVÍA.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras en relación con deficiencias existentes na restitución de infraestructuras do Concello afectadas pola autovía, así como do dictame da Comisión Informativa de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Dirixirse ó Ministerio de Fomento, manifestando a preocupación da Corporación polas deficiencias existentes nas restitucións das infraestructuras do Concello que foron afectadas polo paso da autovía.= SEGUNDO.- Solicita-la reparación e restitución urxente do detallado no informe técnico, mostrando o apoio da Corporación a tódalas xestións da Alcaldía ou da persoa en quen delegue para solucionar esta problemática.

800.- PRESTAR APROBACIÓN DEFINITIVA A ESTUDIO DE DETALLE NA PRAZA JOSÉ DAPENA..

Dase conta do estudio de detalle na praza José Dapena, tramitado a instancia de "Vinos del Noroeste SL", ó que se acompaña a documentación acreditativa e os informes oportunos emitidos en sentido favorable, así como dictame da Comisión Informativa.

Na súa quenda de palabra, o Sr. Pita (voceiro do PP), considera que se está tratando unha cuestión gravísima, tal como figura nalgunha documentación, facendo referencia concreta á incompetencia material na aprobación inicial, á minoración de espacios públicos e modificación de usos urbanísticos, con transformación do aproveitamento, o que non é finalidade do estudio de detalle, ó feito de que están recorridas as normas de planeamento, e incluso a posible existencia dun acto constitutivo de delicto, por non se ter desafectado previamente o dominio público e basearse a actuación nunha permuta nula de pleno dereito. Por todo iso, que se retire a cuestión, por considerala un atentado ó dereito público, ó patrimonio e ó dereito de igualdade, sen que beneficie á sociedade brigantina.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia ó expediente que se presenta ó Pleno, que ven refrendado polos informes favorables do arquitecto e do secretario, que por outro lado informan negativamente as alegacións.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, considera que existe un convenio anterior aprobado polo Pleno, por unha Corporación da que el non tomaba parte, e que o certo é que o estado

actual da praza é horrible, polo que pide unha modificación do proxecto que aporte unha solución estética.

De novo o Sr. Pita, voceiro do PP, insiste na súa postura, advertindo da ilegalidade.

Considerando debatido o aunto, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres. Lagares D. Manuel, Lagares D. Antonio, Beade Dopico, Díaz Pereira, García Vázquez, Vázquez Lorenzo, Carro Galeiras e Sras. Sánchez Vázquez, López Campos), o voto en contra dos sete concelleiros presentes do grupo popular (Sres. Pita Varela, Carro Erias, Casal Otero, Gestal Calvete, Basteiro Fernández e Sras. Faraldo Botana e Fernández Ramos) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero Martínez), o que supón a maioría legal absoluta do número de membros desta Corporación acordou: 1º) Aprobar definitivamente o estudio de detalle da praza José Dapena, tramitado a instancia de "Vinos del Noroeste SL" e segundo documento redactado polos arquitectos Fco. Javier e José A. Calvo Blanco.= 2º) Facultar á Alcaldía ou concelleiro delegado para continua-la tramitación que proceda do expediente.

900.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO UN LOCAL PARA AS ACTIVIDADES DO MENCIONADO GRUPO POLÍTICO.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo popular solicitando un local para as actividades do mencionado grupo político, así como do dictame da Comisión Informativa de Programación.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, insiste nas veces que se presentou a cuestión.

- O Sr. alcalde indica que xa quedaron os voceiros dos grupos de reunirse, ó obxecto de facer unha proposta concreta sobre a que cre non vai haber inconveniente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que a solicitude é estensible a tódolos grupos.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Que se dispoñan as medidas necesarias para a adxudicación, nun prazo de 6 meses, dun local nas dependencias municipais ós grupos políticos, feita a proposta correspondente.

1000.- MOCION DO GRUPO POPULAR SOBRE ORGANIZACIÓN DUN ACTO CON CONTIDO DEPORTIVO E CULTURAL SOLICITANDO A LIBERDADE DE ORTEGA LARA E COSME DELCLAUX.

Dase conta de moción do grupo popular sobre organización dun acto con contido deportivo e cultural solicitando a liberdade de Ortega Lara e Cosme Delclaux, así como do dictame da Comisión Informativa de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, antes de defende-la proposta do seu grupo, desexa coñece-la postura do grupo socialista, xa que a proposta é flexible en canto á organización de actos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, afirma que o grupo socialista a través das diversas institucións, xa se manifestou ó respecto da liberdade destas persoas e non lle parece oportuno realizar actos festivos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que en ningún caso se fala de acto festivo, senon cultural ou deportivo, actos xa organizados por outros concellos, ós que se debería suma-lo noso Concello.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, está convencido da idea común de tódolos grupos da condena dos feitos que se sinalan, pero non cre que debería ser un acto deportivo ou cultural, senon institucional, debendo os voceiros reunirse para chegar a que tipo de acto se pode realizar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández) o voto en contra dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda rexeita-la moción.

- A Sra. Faraldo (voceira do PP), en explicación do voto, insiste en que o seu grupo estaría disposto a traballar sen estar cerrado a propostas, afirmando que ó Sr. alcalde non lle parece oportuno.

1100.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo popular solicitando a eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios municipais, así como do dictame da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Que se tomen as medidas necesarias nos edificios dependentes do Concello, edificio do Liceo, edificio da Policía Municipal, Casa do Concello, etc., para a eliminación das barreiras arquitectónicas.= SEGUNDO.- Que se insista no mesmo sentido ás distintas administracións con edificios públicos en Betanzos, para a eliminación das mencionadas barreiras.= TERCEIRO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro delegado para realiza-los trámites necesarios para a realización dos acordos adoptados.

1200.- MOCIÓN DO DELEGADO DE SERVICIOS SOBRE TARIFA DE AUTO-TAXIS.

Dase conta da proposta do delegado de servicios sobre tarifa de auto-taxis, acompañada de informe da sesión realizada polo Consello Local de Consumo o día 20 de febreiro de 1997, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, mantén a súa abstención, que explica, no sentido de que se acepte como válida unha proposta dun consello no que non participan os grupos da oposición, non podendo así coñece-los datos.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos sete concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández) e do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-las tarifas para o servicio do taxi no termo municipal de Betanzos segundo proposta que se xunta.= SEGUNDO.- Dar traslado das mesmas ós titulares de licencias e asalariados no seu caso de forma individual para a súa aplicación e a difusión habitual para xeral coñecemento da cidadanía, facultando amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para realizar cantos actos fosen precisos para facer efectivo o presente acordo.

1300.- PROPOSTA DE ORDENACIÓN DA PRAZA GARCÍA IRMÁNS DE BETANZOS.

Dase conta da proposta de ordenación da praza García Irmáns, realizada polos servicios técnicos, estando a punto de remata-las obras do aparcamento subterráneo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto o seu motivo de abstención, debido á desinformación producida por non poder asistir á comisión que tratou o tema. Entende que quedan unha serie de cuestións pendentes, como a falta dunha memoria de materiais, custos da obras, etc., considerando o deseño acertado.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, comeza afirmando a necesidade dunha valoración, xa que, se non, parece que se está xogando ós debuxos. O seu grupo xa expuxera, cando o

aparcamento, que a praza debería quedar como estaba, aceptando só as modificacións imprescindibles, o que considera que non se cómpre coa proposta, insistindo nos valores de conservación históricos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que existe unha memoria-proxecto do aparcamento, da que esta ordenación que se propón fai aportacións mantendo a estructura da praza e mellorándoa en xeral.

Seguen outras manifestación nos mesmos sentidos apuntados, sinalando o Sr. alcalde que non observa modificacións substanciais e que o grupo de goberno asume, como sempre, o risco da actuación.

O Pleno, cos votos a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), os votos en contra dos sete concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda: Aproba-la proposta de ordenación da praza García Irmáns realizada polos servicios técnicos.

1400.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE SUPRESIÓN DA PEAXE DO TRAMO GUÍSAMO-A CORUÑA NA AUTOESTRADA DO ATLÁNTICO A-9.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía-Presidencia sobre supresión da peaxe do tramo Guísamo-A Coruña na Autoestrada do Atlántico A-9 e do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, pon de manifesto que ogallá todo fora gratis, entendendo que existen outras cuestións máis importantes, sen prexuizo de que se fale do tema noutras instancias, polo que anuncia a súa abstención.

O Pleno, co voto a favor dos 9 concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o do BNG (Sr. Otero), e a abstención dos sete concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández), acorda: PRIMEIRO.- Solicitar do Ministerio de Fomento, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ou do organismo que corresponda, a supresión da peaxe do tramo Guísamo-A Coruña, ou ben que se arbitre unha saída da autovía que permita unha comunicación máis fluída coa capital coruñesa e desta forma resolver un problema de comunicación que xa existe neste momento e que se agravará considerablemente no futuro se non se adoptan algunhas destas medidas.= SEGUNDO.- facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin deste acordo.

1500.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE RETIRADAS DE VALAS LATERAIS DO DESVÍO DA N-VI.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre retiradas de valas laterais do desvío da N-VI e do dictame da Comisión Informativa.

Polo Sr. Lagares (Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, engádese á proposta a reducción da afección de estradas de 25 a 50 mts. na zona.

-O Sr. Pita, voceiro do PP, considera que é unha declaración de boas intencións, pero que debería vir acompañada dun informe técnico sobre se a petición está de acordo coa normativa, entendendo que debería quedar sobre a mesa para mellor información.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, considera tamén oportuno o informe, entendendo que non hai présa.

- O Sr. Alcalde, considera que quen terá que face-lo informe é o ministerio e a realidade é que se está penalizando a uns veciños.

Sometido o aunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), e a abstención dos sete concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, Fernández) e o do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Solicitar do Ministerio de Fomento, ou autoridade competente a retirada das valas laterais existentes no desvío da N-VI, realizado no seu día desde Coirós ata a Espantosa (Angustia), por non estar este considerado como tramo de autovía.= SEGUNDO.- Unha vez realizada esta medida polos organismos correspondentes, facilitarase o desenvolvemento urbanístico desa zona, adoptando en consecuencia as medidas oportunas.= TERCEIRO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin deste acordo.

1600.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE CONSTRUCCIÓN DE NOVAS VIVENDAS SOCIAIS NO NOSO MUNICIPIO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía-Presidencia sobre solicitude á Xunta de Galicia da construcción de novas vivendas sociais neste municipio, que é lida polo secretario a solicitude do voceiro do grupo popular, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, discrepa da moción sinalando que se oculta ou manipula, por canto o Instituto Galego da Vivenda e Solo xa insistiu ó respecto ante o Concello, dándose contestacións oportunas en canto ós terreos ofertados. Pide que se faga unha oferta concreta de terreos determinados nun plano.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que a moción é ambigua no que respecta ós terreos ofertados, anque a pesar diso non se vai negar, anque manifesta o seu desacordo con que con estas actuacións se disgregue a cidade, polo que no seu día se deberá discutir sobre os lugares axeitados.

- O Sr. Alcalde mantén a moción, que pretende mellorar a bastantes cidadáns e que no seu día se determinarán os terreos máis idóneos.

Neste momento auséntase do Pleno o Sr. Casal.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, engade que o seu grupo apoiaría incondicionalmente se os técnicos poidesen decidi-los terreos e que estes sexan propiedade do Concello e edificables. Manifesta a súa desconfianza sobre o asunto, indicando que poderían pedir responsabilidades por outras actuacións semellantes nas que acabaron desaparecendo os papeis, esixindo prazos para esta nova proposta.

- O Sr. Alcalde agradece que se utilicen ameazas, que entende só son palabras, engadindo a súa vontade de que o grupo de goberno vai actuar como ten que facelo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Gestal, Fernández) e o do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Solicitar da Xunta de Galicia a construcción de vivendas sociais naqueles terreos propiedade do Concello que se consideren máis axeitados.= SEGUNDO.- Formar de novo unha comisión con representación dos distintos grupos municipais para que, nun prazo máximo de 3 meses, presente ó Pleno a aceptación da Xunta de Galicia da

presente oferta e a cesión municipal de terreos que se consideren máis idóneos para as novas construccións.= TERCEIRO.- Se transcorrido o prazo de 3 meses a Xunta non mostrase de xeito concreto o calendario de construcción de novas vivendas sociais, articularanse os medios para a construcción de vivendas de protección oficial nas condicións máis favorables posibles para os cidadáns betanceiros.= CUARTO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

1700.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELACIONADA COA REGULACIÓN DA COOPERACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO COAS CORPORACIÓNS LOCAIS.

Dase conta ó Pleno de moción do BNG relacionada coa regulación da cooperación económica do Estado coas corporacións locais, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, explica a súa postura, xa que hai cousas que non comparte, entre outras, que a situación obriga a pagar débedas herdadas de anteriores gobernos e que cada un debe asumi-las súas competencias, polo que non está de acordo co plan único que se propón.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG: non lle sorprende a postura, engadindo que o plan único evitaría os criterios partidistas e localistas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o do concelleiro do BNG (Sr. Otero), e o voto en contra dos seis concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Gestal, Fernández), acorda: PRIMEIRO.- Elevar enérxica protesta ó Ministerio para as Administracións Públicas polo drástico recorte na aportación económica do mesmo para os diversos planos que realiza a través da Deputación da Coruña, concretado no recorte de 322.120.000,- no plano de obras, rede viária e acción especial (interior sul, interior centro e norte) e a anulación dos programas de acción especial "centro oeste" e "centro leste", nos que se proxectaba un investimento no cuatrienio 1997-2000 de 701.311.832.= SEGUNDO.- Solicita-la inmediata derrogación do Real decreto 665/1990 do 25 de maio, por consideralo especialmente lesivo cos intereses dos concello da nosa provincia, demandando do Estado a transferncia á Comunidade Autónoma dos instrumentos de cooperación local e dos fondos correspondentes que ponderen en función compensatoria e distributiva os seguintes factores: A.- O déficit existente de equipamentos e servicios mínimos. B.- O nivel relativo de renda por habitante. C.- O acusado degradamento do ruralismo e dispersión na estructura de localización do hábitat.= TERCEIRO.- Demandar do Goberno Galego a urxente unificación das diversas canles de cooperación local ás obras e servicios municipais hoxe existentes nun plano único de obras e servicios municipais, elaborado baixo os criterios de racionalidade, obxectividade e solidariedade para o conxunto dos concellos.= CUARTO.- Remitir copia dos citados acordos á Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Federación Galega de Municipios e Provincias e Ministerio para as Administracións Públicas.

1800.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELATIVA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS SOCIAIS NO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS.

Dase conta de moción do BNG relativa á construcción de vivendas sociais no casco histórico de Betanzos, así como do dictame da Comisión Informativa.

Tra-la intervención dos grupos, no sentido de ser común a proposta nos distintos programas, o Sr. Alcalde sinala a dificultade de levala adiante ainda sendo unha cuestión do máximo interese.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Aproba-la realización dun plan especial de reforma interior e rehabilitación do casco histórico, en sintonía cos condicionantes urbanísticos existentes e co marco normativo legal, no que, mediante a intervención das administracións públicas e a través dos convenios pertinentes, se contemple a rehabilitación de vivendas para a súa posterior adxudicación como pisos sociais.= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro delegado para que realice cantos actos sexan necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

1900.- MOCIÓN DO GRUPO BNG SOBRE A ADQUISICIÓN DUN SONÓGRAFO.

Dase conta ó Pleno de moción do BNG sobre adquisición dun sonógrafo, e do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pon en coñecemento do Pleno a existencia do material e fai referencia á problemática dos ruidos e ó seu enfoque legal e de capacitación do persoal, polo que o seu grupo non vai apoia-la moción, porque o material xa existe.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que o material existente non funcionaba e que a finalidade da moción é a utilización, preparando as persoas e finalmente procurar evita-los ruidos.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, pregunta sobre o funcionamento do material, e fai referencia á lei que se tramita no Parlamento Galego ante a importante demanda cidadá sobre o tema.

- Remata o Sr. Alcalde, manifestando que o obxectivo está en actualiza-las ordenanzas, cualifica-lo persoal e perfeccionar e utiliza-los medios materiais e que, respecto á moción, non se pode adquirir algo que xa se ten, ainda cando o tema ten o seu interese, máis amplo do que se expón.

Sometido o asunto a votación, co voto a favor do representante do BNG (Sr. Otero), o voto en contra dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Gestal, Fernández), queda rexeitada a moción.

2000.- MOCIÓN DO GRUPO BNG CON RELACIÓN Á INSTITUCIONALIZACIÓN DO DÍA 10 DE MARZO COMO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo BNG relacionada coa institucionalización do día 10 de marzo como día da clase obreira galega, así como do dictame emitido pola Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, tras declara-lo seu respecto á clase obreira, que estende a tódolos traballadores, entende que xa está fixada a data do 1 de maio, sen que se vexan outras circunstancias que as desgraciadas que motivaron os sucesos que agora se pretenden lembrar, sucesos que se dan noutros lugares, polo que non se pode dar unha relación nacionalismo-clase obreira.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, afirma que non esperaba outra postura, acepta que a expresión obreira pode ser trasnoitada, anque ten unha forte carga histórica e sinala que non propoñía, na súa moción, unha festividade, senon que sendo a historia parte da

cultura dos pobos, lembrar un feito, hoxe descoñecido polos xoves. Sinala que é unha data celebrada polas centrais sindicais.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o do BNG (Sr. Otero) e a abstención dos seis concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Gestal, Fernández), acorda: O Concello Pleno insta ó goberno municipal a que adopte as medidas necesarias para rotular algún espacio urbano cun nome apropiado ó recoñecemento do día dez de marzo como "Día da clase Obreira Galega" e, así mesmo, considera-la celebración anual desta data como un tempo apropiado para desenvolver, polos seus propios medios ou en colaboración cos diversos axentes sociais que impulsan a conmemoración institucional desta efeméride, actividades tendentes ó estudio, divulgación e recoñecemento social do papel da clase traballadora galega na loita pola democracia, os dereitos laborais e os dereitos nacionais de Galicia.

2100.- MOCION DO GRUPO BNG RELATIVA A DECLARACIÓN DO CONTORNO DE CECEBRE COMO PARQUE NATURAL.

Dase conta de moción do grupo BNG relativa á declaración do contorno de Cecebre como parque natural e do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, anuncia a súa postura contraria por entender que existe unha normativa e que o contorno de Cecebre xa é espacio natural protexido. Son posicionamentos que hai que facer moi en serio, polo carácter restrictivo das actuacións e as cargas que a conservación poden ocasionar ós propietarios.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, ve claro que non se comparten os criterios de defensa do contorno, considerando o feito ata agora como un atentado ecolóxico, anque estea protexido. Entende que é obrigado preserva-lo territorio para futuras xeracións, polo que piden o parque natural con tódalas consecuencias.

O debate mantense en semellantes opinións, sometendo o Sr. alcalde o asunto a votación.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o do BNG (Sr. Otero), e a abstención dos seis concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Gestal, Fernández), acorda: PRIMEIRO.- Que o Concello de Betanzos inste á Xunta de Galicia para que declare "Parque Natural" ó encoro de Cecebre e o seu contorno, establecendo as medidas necesarias para a protección das súas augas, así como da fauna e flora que forman este importante espacio natural.= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realiza-los trámites necesarios para o cumprimento do acordo adoptado.

2200.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS PARA INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE MELLORA DE SINAIS DE TELEVISIÓN.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras para instalación de equipos de mellora de sinais de televisión, así como do dictame da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade acorda: PRIMEIRO.- Dirixirse a Retevisión e á Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social e Audiovisual solicitando instala-los equipos necesarios para mellora-los sinais de TV no Mandeo, Marulo, Tabacos, Martinete, Barallobre, Piñeiro, Roibeira, Acea, A Magdalena e Nosa Señora.= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

O Sr. Lagares (Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, presenta moción ó Pleno, para ser tratada por urxencia, relativa a pronunciamento sobre o plano de xestión de resíduos sólidos urbanos de SOGAMA.

Por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acórdase declara-la de urxencia.

A continuación o Sr. Alcalde dá conta da proposta, con base no acordo adoptado polos concellos da Mancomunidade da Área da Coruña, e da problemática en xeral da xestión dos resíduos.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, oponse á prórroga que se pensa solicitar, entendendo o proxecto de SOGAMA fundamental e importantísimo. Lembra a responsabilidade do noso Concello co vertedoiro de Bens, polo que cre que debería ser prioritaria a adhesión ó plano da Xunta e non pedir prórrogas sen que existan outras alteirnativas.

- O Sr. Lagares (Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que a postura proposta é a máis adecuada e vanse manter nela.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, apoia a proposta. Admite que SOGAMA teña que existir, pero pódese mellorar e é do que se trata.

- Remata o Alcalde, afirmando que é difícil contestar a afirmacións do PP sobre responsabilidades e outras, pedindo seriedade nos temas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e o BNG (nove do PSdeG-PSOE, Sres. Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e un do BNG, Sr. Otero) e o voto en contra dos seis concelleiros presentes do PP (Sres. Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Gestal, Fernández), adoptou, en resposta a solicitude do Sr. presidente de SOGAMA, o seguinte acordo: "Considera-la proposta de SOGAMA, pediendo un prazo de tres meses para estudia-las condicións do posible acordo".

2300.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase contestación ás preguntas efectuadas no Pleno Ordinario realizado o 24 de xaneiro de 1997.

Ó grupo BNG: Á PRIMEIRA.- Márcano as normas e ordenanzas.= Á SEGUNDA.- Non. A Delegación de Medio Ambiente da Xunta de Galicia realiza seguimento e estudio do contorno, así coma o SEPRONA (Servicio de Protección da Natureza).= Á TERCEIRA.- Está constituída unha Comisión Especial de Concellos, que fan uso do verquedoiro de Bens que está a estudia-las situacións actuais e o futuro do tratamento dos resíduos sólidos.= Á CUARTA.- As obras do Paseo da Galera iniciáronse no mes de decembro de 1996 e está previsto o seu remate no presente ano.= Á QUINTA.- O equipo de goberno interesouse polo tema a través de vários representantes e hai interese en que os postos de traballo sexan recuperados con outras actividades que permitan a súa recolocación.

Ó grupo Popular: Á PRIMEIRA.- Currículo do director: - Diplomado en EXB pola Escola de Profesorado de EXB da Coruña. - Acompáñase. A forma de acceso foi por concurso.= Á SEGUNDA.- 1.- Ten licencia na Comisión de Goberno de data 27 de febreiro de 1997. 2.- A póliza 8-9.426.964-R, establecida o 19 de abril de 1996, inclúe tódalas condicións de responsabilidade civil e sinistro que solicitan e encóntrase á súa disposición nas dependencias municipais. 3.- A que marcan as normas do planeamento urbanístico e que foron remitidas ó concelleiro D. Alberto Carro Erias, membro da Comisión Especial de Seguemento das Normas.= Á TERCEIRA.- O Consello de Contas é un organismo que realiza

as súas funcións auditoras dunha forma específica e entre as maneiras da súa actuación está a de pedir directamente ás empresas e organismos a súa situación contable cos concellos. Por iso nos solicitaron o facelo deste xeito e o Concello accedeu a iso. Con respecto ás contas do 96, presentaranse proximamente á Corporación e terán a ocasión de face-las comprobacións que estimen pertinentes.

Preséntanse os seguintes rogos e preguntas:

Do grupo Popular: ROGO.- Para facilita-las peticións dos cidadáns e o traballo dos empregados municipais, rógase que se confeccionen por parte do Concello unhas instancias tipo dirixidas a cada unha das áreas, urbanismo, servicios sociais, etc., en papel autocopiativo, que conste de tres copias, e na parte posterior consten as taxas aplicables a cada unha das peticións, para que non ocorra o que na actualidade, que pola mesma xestión a uns veciños non se lles cobra taxas e a outros cóbraselles taxas diferentes.= ROGO.- Rógase que nas contestacións que por parte da Alcaldía se dan ás preguntas que o Partido Popular realiza nos diversos Plenos, sexan contestadas con claridade e concisión e non como ata agora, moitas delas con vaguedades ou respostas inconcretas, como a que se nos deu ó custo das obras de reparación do despacho do alcalde, a ninguén se lle ocorre e menos unha institución pode contestar que é difícil de calcular poruque interviñeron varios na obra.= ROGO.- Rógase que no Pleno Municipal o alcalde actúe dunha maneira ecuánime.= ROGO.- Emítese un rogo no sentido que se arbitren as medidas necesarias para que os membros da oposición dispoñamos dunha mesa onde apoia-los papeis no Pleno.= PREGUNTA.- Sobre o coñecemento ou noticias sobre o proxecto de gasificación.= ROGO.- Se nos facilite información sobre a distribución dos lugares de recollida de pilas no noso municipio.

- O Sr. Alcalde, en relación con algún rogo efectuado, mantén a ecuanimidade de actuación e espera a proposta conxunta dos voceiros sobre a mesa para apoia-los papeis nos Plenos.

Do grupo BNG: ROGO.- 1.- O Bloque Nacionalista Galego ven manifestando, reiteradamente, diante do goberno municipal os múltiples atentados que continuamento se están a facer cos nosos ríos, nas súas marxes e os seus contornos. Pois ben: - Os verquidos na zona de San Xiao continúan e son cada vez máis frecuentes. - O río dos Pelamios (río de Caraña) desemboca, cando así llo permite a marea, completamente de cor negro no Mandeo, cotidianamente e durante mais de media hora, entre as 6 e 7 da tarde. - No mesmo río de Caraña, un particular está a cementar "alegremente" o seu cauce e unha das súas marxes. Pregamos que se adopten as medidas oportunas para evita-la progresiva degradación do noso patrimonio fluvial.= ROGO.- 2.- As paradas de autobuses da Ponte Vella e de Jesús García Naveira ocasionan múltiples retencións e problemas na circulación. Solicitamos que ámbolos dous asuntos sexan estudiados polos funcionarios e técnicos responsables e incluídos para o seu debate e deliberación na póxima convocatoria da Comisión de Tráfico.= PREGUNTA.- 3.- A preciosa casa da Porta da Vila, esquina coa praza de Etcheverría Naveira, presenta un valado de protección ante posibles desprendementos -dado o estado en que se atopa- na súa fachada á mencionada praza de Etcheverría Naveira, pero non así na fachada que dá á Porta da vila ¿Non existe o mesmo perigo de desprendemento por esta zona?.= PREGUNTA.- 4.- Nos últimos anos os concursos de oposición para funcionarios foron, no noso Concello, exclusivamente, para prazas da Policía Local ¿Que criterios se aplican para non convocar, igualmente, concurso oposición a calquera outra praza de funcionario municipal?.= ROGO.- 5.- No pasado Pleno

Ordinario do mes de xaneiro, o BNG manifestou ó equipo de goberno municipal a súa preocupación pola incoherencia e perigosidade que pode supor a concesión de licencias de apertura e instalación de determinados establecementos xunta a/ou próximos a certos edificios públicos -concretamente pubs, cervexerías, bares..., na rúa do ambulatorio e outras adxacentes-. Agora temos coñecemento da solicitude de licencia municipal para a apertura dun salón de xogos recreativos na rúa Arxentina, como todos saben en plena zona escolar. Entendemos que tal concesión atentaría directamente contra os principios pedagóxico-educativos mais elementais. Por tal motivo, ó igual que xa fixemos no pasado pleno, solicitamos do goberno municipal que diante de solicitudes desta natureza -como xa se fai en moitas outras cidades-, ademais dos preceptivos informes urbanísticos, se estimen outro tipo de criterios de carácter social.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintecatro horas e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DIA VINTETRÉS DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Manuel J. Basteiro Fernández.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal V. Fraga Bermejo.

Sr. Interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintetrés de maio de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión realizada o vinte de marzo de mil novecentos noventa e sete, se ben, pola voceira do PP, Sra. Faraldo, solicítase mellor redacción para evitar algún problema de comprensión.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- Alcaldía de Lugo, comunica que este ano lle corresponde actuar como Delegado Rexio na tradicional ofrenda que anualmente rende o Antigo Reino de Galicia a Xesús Sacramentado ó alcalde de Betanzos, que terá lugar nesa cidade o vindeiro 8 de xuño e informa sobre detalles a ter en conta con motivo da celebración de dito acto.

202.- Resolución da Alcaldía número 39/97, sobre renovación da operación de Tesourería número 10299 co Banco Bilbao-Vizcaya por importe de 30.000.000,- ptas.

203.-Resolución da Alcaldía número 40/97, pola que se aproban os proxectos e memorias de obras realizados polos Servicios Técnicos Locais ó obxecto de solicitude de subvención a realizar ó INEM.

204.- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, comunica sentencia nº 382/1997 (favorable ó Concello) dictada en recurso nº 02/0005613/1994 presentado por C.R. INVERSIONES SL contra acordo do Concello de Betanzos (acto presunto) sobre "execución subsidiaria" obras urbanización UA-4 con execución avais de "Construcciones Fraga SL".

205.- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, comunica sentencia nº 530/1996 (favorable ó Concelo) dictada en recurso nº 02/0005612/1994 presentado por PROMOCION DE VIVIENDAS BETANZOS SA, contra resolución tácita (acto presunto) do Concello de Betanzos de solicitude de "execución subsidiaria" das obras de urbanización da UA-4 con execución dos avais que "Construcciones Fraga SL" ten presentados para respostar da execución de ditas obras de urbanización.

206.- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, comunica desestimación do recurso de súplica presentado polo procurador Sr. Lousa Gayoso en nome e representación de Jaime Alberto Pita Varela e outros contra auto de data 7-03-1997, en relación co recurso número 02/0005038/1996 M (PS).

207.- Audiencia Provincial da Coruña, Sección Primeira, comunica sentencia nº 243 desestimatoria do recurso de apelación civil 3142/96 presentado contra a sentencia do Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Betanzos do 6 de novembro de 1996 (recurso nº 0079/96 sobre declaración de propiedade e outros).

208.- Director xeral de Autoestradas do Atlántico Concesionaria Española SL, contesta escrito relativo a acordo plenario sobre petición de mellora da sinalización de Betanzos nas saídas da A-9, indicando que se efectuou a modificación dos carteis da saida 2F-ENLACE DE GUISAMO.

300.- DAR CONTA DE ESCRITO DA SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE BETANZOS, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Visto o escrito presentado pola Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos, relativo a traslada-la súa sede social ó edificio das antigas Escolas García Irmáns e a solicitude de ratificación da cesión do devantido local así como a autorización para o comezo das obras de acondicionamento do mesmo, e o informe favorable da Comisión Informativa, o Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- A cesión en uso do local sito no edificio das antigas Escolas García Irmáns, lado esquerdo da entreplanta, entrando pola porta principal, planta 1ª completa e baixo cuberta completo, por un prazo de 50 anos, de acordo coas condicións solicitadas. SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para formalizar en documento administrativo o presente acordo, coas condicións xerais.

400.- DAR CONTA DE ESCRITO DO CLUB CICLISTA DE BETANZOS, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Visto o escrito presentado polo presidente do Club Ciclista Betanzos, relativo á concesión dun local nas antigas Escolas García Irmáns para o desenvolvemento de actividades propias da sociedade, e o informe favorable da Comisión Informativa, o Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- A cesión do uso do local sito no edificio das antigas Escolas García Irmáns, lado dereito da entreplanta, entrando pola porta principal, por un prazo de 20 anos, de acordo coas condicións solicitadas. SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para formalizar en documento administrativo o presente acordo, coas condicións xerais.

500.- DAR CONTA DE ESCRITO DE D. JOSE RAMÓN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ SOBRE CESIÓN DE CAMIÑO Ó CONCELLO DE BETANZOS, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta de escrito de D. José Ramón González Fernández en nome e representación de varios titulares de finca do lugar de Abelares, polo que se cede ó Concello o camiño aberto, segundo se fai constar no plano xunto, que comunica a estrada de circunvalación co camiño de Abelares a Infesta. Consta dictame da Comisión Informativa e informe técnico.

Aberto o debate, prodúcense as seguintes intervencións, nas que se poñen de manifesto as seguintes posturas:

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, solicita que o asunto quede sobre a mesa, xa que entende que é un tema delicado que esixiría informe da Intervención e valoración. Mostra o seu desacordo co informe técnico que figura no expediente, sobre o estado do camiño. Así mesmo considera a actuación unha alteración da rede viaria municipal e unha alteración das normas urbanísticas, que trae como consecuencia un enriquecemento importante do valor duns terreos con, ó seu parecer, indicios delictivos, dadas as relacións directas de algúns membros da Corporación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que a modificación viaria debe xurdir do propio Concello, non planificada polos veciños, manténdose na liña do manifestado pola voceira do PP.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, admitindo a delicadeza do tema, pero polas conversas mantidas cos veciños, para conseguir unha comunicación co lugar de Abelares, que beneficia a tódolos cidadáns. Entende que o proceso se realizou de maneira regular, que non afecta á alteración da calificación do solo, nin á boa programación da rede viaria e remata facendo referencia ó informe técnico, en sentido favorable, que figura no expediente.

- De novo a Sra. Faraldo, voceira do PP, afirma que o Sr. voceiro do PSdeG-PSOE non aclara nada, insistindo na súa postura.

Sometida a votación a solicitude de queda-lo asunto sobre a mesa, o Pleno rexéitaa co voto a favor de oito concelleiros e o voto en contra de nove concelleiros.

Entendendo suficientemente debatido o asunto, o Sr. alcalde someteo a votación e o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres. Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o voto en contra dos outros oito concelleiros presentes (Sres. Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero do BNG) acorda: PRIMEIRO.- Acepta-la cesión do camiño que une a estrada de circunvalación co que discorre de Abelares a Infesta (xúntase plano de situación). SEGUNDO.- Incorporalo ó inventario municipal como ben de dominio público, dentro da rede de vías municipais.

600.- PROPOSTA DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai proposta sobre designación de representantes do Concello no Consello Escolar segundo dispón o artigo 30 1.5) do Decreto 44/88 do 11 de febreiro da Xunta de Galicia en relación co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/96 do 18 de decembro.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifféstase a favor da proposta, anque considera un erro o propoñer á psicóloga, por entender que se debía buscar unha representación mais democrática a través dos grupos políticos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifféstase en sentido semellante.

O Pleno, por unanimidade, acorda nomear representantes no Consello Escolar Municipal a: os directores dos centros de ensinanza CP "Francisco Vales Villamarín", IB "Francisco Aguiar", Instituto de Formación Profesional de Betanzos, "Nosa Señora do Carmen-Grande Obra de Atocha e instituto pedagóxico "Nosa Señora do Sagrado Corazón"; a concelleira de educación, Dª Ofelia López Campos, e a psicóloga dos Servicios Sociais Municipais, Dª María del Carmen López Rodríguez.

700.- ADXUDICACIÓN DE CONCURSO PARA O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO RECOLECTOR COMPACTADOR DE LIXO.

Vista a proposta da mesa de contratación relativa á adxudicación do concurso con procedemento aberto para o subministro dun vehículo recolector-compactador de lixo, así como o dictame da Comisión Informativa, favorable coa reserva de voto ó Pleno do grupo popular, tras manifesta-lo Sr. Pita (voceiro do PP) e o Sr. Otero (voceiro do BNG) a súa postura coincidente de abstención, por entender que se trata dun tema técnico e de xestión do grupo de goberno, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres. Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros oito concelleiros presentes (Sres. Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero, do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Adxudica-lo concurso para o subministro dun vehículo recolector compactador de lixo á proposta presentada por ROS ROCA, coas seguintes características técnicas: chasis Mercedes 1824-BASUR, motor Mercedes diesel de 6 cilindros de 245 CV de potencia turbo-alimentado, recolector cargador RSE CROSS, cunha capacidade de 18 m3; por un importe de 19.568.628,- ptas. (dezanove millóns cincocentas sesenta e oito mil seiscentas vinteoito pesetas). SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantos actos ou xestións sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

800.- ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓN DE PROXECTO, OBRAS E POSTERIOR VENDA DE PANTEÓNS CONSTRUIDOS NA AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE BETANZOS.

Dase conta da proposta da Mesa de Contratación relativa a adxudicación de concesión de proxecto, obras e posterior venda de panteóns construidos na ampliación do cemiterio de Betanzos, consta dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia a súa postura de abstención, contrario de sempre á venda dos panteóns.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, anunciando tamén a mesma postura, pregunta sobre a publicidade do concurso, chamándolle a atención que só se presentaran dúas empresas, entre as que hai unha diferencia mínima.

Tras aclara-lo Sr. Alcalde o tema da publicidade, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros oito concelleiros presentes (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero, do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Adxudica-la concesión de proxecto, obras e posterior venda de panteóns construidos na ampliación do cemiterio de Betanzos á proposta presentada pola empresa "Construcciones Alcuba SA", de acordo coas determinacións da proposta e o prego de condicións. SEGUNDO: Facultar ó alcalde-presidente para realizar tódolos trámites derivados da adopción deste acordo.

900.- PROPOSTA PARA A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO NO CONCELLO DE BETANZOS, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta da proposta elaborada polos Servicios Técnicos Municipais para "erradicación do chabolismo", referente ó grupo "Martín Ballesteros" desta localidade, así como o modelo de convenio de colaboración a subscribir co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia. Está dictaminado favorablemente.

O asunto da lugar a un longo debate no que quedan de manifesto as seguintes opinións:

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta o seu apoio a unha boa iniciativa, anque non se poidan conseguir vivendas máis dignas, solicitando así mesmo o cuidado da zona, evitando as queimas e outros.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, despois de congratularse de trata-lo tema, lembra que a primeira iniciativa ó respecto a fixo o seu grupo. Sen embargo, ainda sendo positivo, entende que as cousas se deben facer ben para resolve-lo problema. Fai referencia ó acordo deste Concello do 17-10-96, no que se aprobou, por unanimidade, unha proposta con vivendas de máis superficie e planta alta, distinta á que se trae agora, da que pon de manifesto o tipo de prefabricado a utilizar, que non considera o mais adecuado, e a súa superficie, que é menor á proposta no seu día. Considera que se deben facer unhas vivendas dignas, polo que propoñen que se manteña a proposta inicial, facendo finalmente alusións á necesidade de soluciona-la marxinación do colectivo afectado.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, afirma que o grupo socialista considera a tódolos cidadáns da mesma categoría e propugna unha sociedade sen clases co apoio e a solidariedade de todos. Como consecuencia do seu programa electoral, vanse facer vivendas dignas para este colectivo. Fai referencia á proposta anterior, aprobada a proposta do seu grupo, na que se aprobou un anteproxecto e memoria, denegado pola Xunta por diversas razóns e o que se fai agora é considerar de novo a solicitude, contra o presente exercicio. Relata o conxunto das obras e o seu

presuposto que acada os 66.000.000,- ptas., que é consecuencia da valoración feita polo equipo social e da proposta técnica que se considera máis adecuada. Remata pedindo propostas e non discursos, así como o voto afirmativo neste caso.

- A Sra. Faraldo, quere aclara-la cuestión das propostas, sinalando que sempre foi o seu grupo o que levou a iniciativa. O Sr. alcalde prégalle que non utilice a súa quenda para facer un mitin.

- De novo o Sr. Pita, mantendo a súa postura, acusa ó voceiro socialista de manipula-los acordos do Pleno e utiliza-los informes técnicos. Insiste na alternativa presentada o ano pasado, á que fixo referencia e nos datos de superficie do actual que, a seu xuízo, non quedan claros na proposta, calificando a proposta actual de erro histórico.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), pide que se distinga entre as simples palabras e os feitos, insiste en que nunca se aprobou un proxecto como o que agora se propón, para o que reitera a aprobación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, apoia o manifestado polo PP respecto do estudio feito pola comisión e expón a súa postura contraria á marxinación sen confinamentos, insistindo na coincidencia fundamental que é soluciona-lo problema.

- Remata o Sr. Alcalde, quen entende suficientemente debatido o asunto, explica que se trata dun proxecto de erradicación do chabolismo no que se está a facer todo o que se pode, facendo referencia ó problema social grave, que se presenta ó respecto do aloxamento durante as obras. Entende que o programa é difícil, proba diso é os poucos concellos que o teñen solicitado, ningún do Partido Popular. Pide o apoio de tódolos grupos e afirma que o proxecto se pode mellorar, sendo o importante que saia adiante, sen demagoxias, insistindo en que as axudas anteriores quedaron sen cubrir por falta de peticións, que só o fixeron Betanzos e A Coruña.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de dezaseis concelleiros presentes (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do partido socialista; Sres.: Pita, Faraldo, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, do partido popular, e Sr. Otero, do BNG) e o voto en contra da concelleira do Partido Popular, Dª Mª Cinta Fernández Ramos, acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos en materia de erradicación do chabolismo. SEGUNDO.- Aproba-la proposta técnica, elaborada polos Servicios Técnicos Municipais, para a "erradicación do chabolismo" no concello de Betanzos; situación: Grupo Martín Ballesteros, Betanzos.TERCEIRO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para realizar tódolos trámites relacionados coa adopción destes acordos.

En explicación do voto, a Sra. Fernández manifesta que o problema non é arquitectónico senon social, que coa actuación que se pretende estase perpetuando o problema, por seguir no mesmo sitio, o que condena ós interesados a permanecer aillados, o que non se debería permitir por un principio de igualdade ante a lei.

Pola súa parte, o Sr. Pita indica que si hai outros concellos do PP que, incluso sen axuda da Xunta, fixeron outras actuacións, ó que o Sr. alcalde precisa que o tema é completamente distinto.

1000.- <u>PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE Ó CENTRO DE XESTIÓN CATASTRAL DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.</u>

Dase conta de proposta de convenio a subscribir co Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, para colaboración en materia de xestión tributaria, que está dictaminado en sentido favorable.

Solicitadas e aclaradas algunhas precisións sobre o contido e funcionamento do mesmo, o Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, a formalización do convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria) e o Excmo. Concello de Betanzos, de colaboración en materia de xestión catastral (modelo A-II). SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin.

1100.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES/TÉCNICAS PARA A XESTIÓN DOS SERVICIOS DEPORTIVOS DA PISCINA MUNICIPAL E PAVILLÓN DEPORTIVO.

Dase conta do prego de condicións, ó obxecto do concurso para a xestión dos servicios deportivos e de piscina municipal e pavillón deportivo, dictaminados favorablemente pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, fai referencia ó prego aprobado o pasado ano e á contradicción que existe en privatizar unhas cousas e non outras, mais neste caso cando ultimamente se optou pola xestión directa da piscina, que non parece tan complicado, anque entende que pode haber máis eficacia nunha empresa, aludindo ós beneficios que iso pode outorgar. Insiste no lio que se organizou no concurso anterior, solicitando que agora se controlen mais os trámites. Momento no que o Sr. alcalde lle solicita que se cinga ó asunto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, entende que o grupo popular non fai propostas, só refire certas irregularidades que, se existen, deben ser expostas, senon descalifícanse por si mesmas. Afirma que se cumpre a Lei de contratos e que na convocatoria anterior o único que sucedeu foi que se declarou o concurso deserto.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pide que non se privatice, debendo crearse un consello deportivo. A xestión privada indica que a piscina non é deficitaria xa que as empresas non veñen por altruismo, polo que podería funcionar perfectamente a través da xestión pública.

- A Sra. Faraldo insiste en coñece-lo motivo da privatización, e nas irregularidades existentes noutras ocasións.

- O Sr. Alcalde aclara que a xestión privada vai no sentido de mellora-lo servicio, non habendo outra explicación que a libre opción de entender en cada momento o mais interesante para cada servicio e a súa oportunidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o voto en contra dos outros oito concelleiros presentes (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares/técnicas para a xestión dos servicios deportivos de piscina municipal e pavillón deportivo. SEGUNDO.- Que se continúe coa súa tramitación, facultando ó alcalde-presidente para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

1200.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PREGO DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS/TÉCNICAS QUE REXERÁN O CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DUN ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO PARA VEHÍCULOS E OUTROS, ASÍ COMO PARA A REHABILITACIÓN DO "ASILO MANUEL NAVEIRA" E POSTERIOR EXPLOTACIÓN.

Dase conta do prego de condicións, que se presenta co dictame favorable da Comisión Informativa, regulador das condicións administrativas/técnicas que rexerán o concurso público para a concesión dun estacionamento subterráneo para vehículos e outros, así como para a rehabilitación do "Asilo Manuel Naveira" e posterior explotación.

Aberto o debate polo Sr. Alcalde, o Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia o seu voto en contra polos seguintes motivos: entende que se tratan cousas diferentes; cré que o asilo non debe pasar a mans privadas, co que dá a impresión de quererse desfacer do edificio, habéndose, por outro lado, ofertado á Consellería de Educación, ignorando se se contestou. Polo que respecta ó aparcamento, non se sabe ainda a aceptación do que se está facendo e proponse facer outro.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, sinala que non se pode acepta-la proposta pola mixtura que se fai e pola utilización do patrimonio que entende ilegal. O seu grupo quere ser respectuoso cos fins para os que se construiu e ós que se adicou o asilo segundo os intereses do seu fundador, D. Manuel García Naveira, ós que fai referencia, entendendo que se deben manter. Sinala, por outro lado, o sorprendente da privatización do patrimonio.

- O Sr. Alcalde, intervén para indicar que respecto á intención da fundación, el sabe o que se asinou ó respecto, xa que foi el o que actuou en tal sentido, afirmando que con esta actuación non só se respecta o desexo da fundación, senon que se mellora. A finalidade mantén os obxectivos: mellora-los servicios sociais rahabilitando ademais dun edificio que está caendo, á vez que dando a Betanzos novos servicios. Respecto á utilización educativa, aparte de que para estes equipamentos sempre se pensou no carregal, non se pode estar indefinidamente esperando a contestación da administración educativa. Insiste en que se cumpre a legalidade, aclarando que á concesión que se propón pode acudir calquera asociación sen fin de lucro e incluso a Xunta, dirixindo os seus investimentos a algo interesante. Remata afirmando que se respectan integramente os desexos da familia, mais concretamente, da viúva de D. Manuel Naveira, que é o facer algo en favor de Betanzos.

- De novo o Sr. Pita, voceiro do PP, reclama que se respecte a finalidade que pretendía o Sr. Naveira e sinala que a primeira vez que se propuxo a utilización con carácter educativo, xa no ano 87, fíxoa o seu grupo. Non lle vale a xustificación da rehabilitación do edificio, xa que outras se fixeron e segue facendo referencia á privatización e a súa actitude, así como as medidas a adoptar condo o seu grupo goberne.

- O Sr. Alcalde da por rematado o debate, insistindo na posible presentación dos organismos públicos se non adicaran o diñeiro a propaganda e outros fins, coincidindo en que se rehabilitou e obtivo un patrimonio para o Concello, sobre todo polos edificios recuperados desde 1983, sinalando que as propiedades do Concello deben servir para o desenvolvemento de Betanzos, en contra do desexo dalgún grupo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o voto en contra dos outros oito concelleiros presentes (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias,

Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero, do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo prego de condicións administrativas/técnicas que rexerán o concurso público para a concesión dun estacionamento subterráneo para vehículos e outros, así como para a rehabilitación do denominado "Asilo Manuel Naveira" e posterior explotación. SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación, facultando ó alcalde-presidente para realizar tódolos trámites necesarios para a adopción destes acordos.

1300.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE SOLICITAR COLABORACIÓN TÉCNICA Á CPTOPV DA XUNTA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO DETERMINADAS OBRAS EN BETANZOS.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras, sobre solicitar colaboración técnica á CPTOPV da Xunta de Galicia para levar a cabo determinadas obras en Betanzos, así como do informe favorable da Comisión Informativa.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó abeiro do Decreto 84/1997, a colaboración técnica e económica para levar a cabo as seguintes obras: a) Colector de Saneamento desde o lugar da Lanza ata Saavedra Meneses, ó longo da N-525. b) Colector de saneamento entre o lugar de Guiliade e Piadela e depuradora correspondente. c) Colector de saneamento entre o lugar de Castro e a depuradora instalada. d) Bombeo e colector saneamento entre o lugar dos Anxeles e a Ponte Vella. SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tales fins.

1400.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN DEFENSA DA ENSINANZA PÚBLICA.

Dase conta de moción do grupo socialista en defensa da ensinanza pública, informada en sentido favorable pola Comisión Informativa.

Aberto o debate, o Sr. Otero, voceiro do BNG, manifestase a favor da mesma.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, chama a atención sobre a falta de congruencia do grupo socialista, que ante unha proposta semellante do BNG votara en contra, así como que ata a data non se trate este problema, cando as actuacións do Goberno anterior conduciron a unha ausencia de financiación para a educación, preguntándose sobre as actuacións privatizadoras, nunha Comunidade Autónoma, a Galega, que, ó seu xuizo, foi a única que aumentou as remuneracións ó profesorado. Da paso á súa queixa sobre o conflicto que está xurdindo no colexio sobre unhas obras que está a levar a cabo a Consellería, o que considera unha actuación penosa do Concello ó que parece que lle molesta que se fagan cousas. Neste aspecto replica o Sr. Alcalde, sinalando que o que é penoso son as actuacións caciquís e o que se acaba de afirmar polo Sr. concelleiro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que a moción vai mais aló das cuestións de forma que se deron en Betanzos e fíxase no problema da financiación da ensinanza, esquecida polo Partido Popular, sendo a maior financiación da Xunta para a ensinanza privada, o que sen dúbida conduce a unha educación elitista, ante o que o grupo socialista quere unha maior igualdade.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta o seu acordo coa moción, anque non coa política do Concello en educación, con pouca atención presupostaria para a ensinanza pública, que a esixe de tódalas administracións para que haxa unha igualdade de oportunidades e non se obrigue á xente a abandona-la ensinanza pública. No caso de Betanzos, fai referencia ás reivindicacións que se manteñen: o polideportivo, o centro de educación infantil e o cerre do colexio, sobre o que cré que hai que pedir permiso, sen

chegar á situación actual que non se aplica noutras actuacións urbanísticas. Lamenta o lío coa Consellería, consecuencia do cal se incumpren as promesas e remata sinalando que os que sofren as consecuencias son os nenos e anque o ensino público siga funcionando, vaise a un deterioro xeral.

- O Sr. Pita, mantendo as mesmas posturas, entende que hai manipulación e certo fariseismo nas propostas, esixindo que o Concello cumpra a través do seu presuposto, indicando que os compromisos da Xunta, polideportivo e centro infantil, están previstos presupostariamente, anque non con especificidade.

- Remata o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pedindo ó PP que demostren a súa postura con feitos, para que non se desmantele a ensinanza pública e se afronten as melloras que necesita Betanzos.

- O Sr. Alcalde, antes de somete-lo asunto a votación, entende que o representante do BNG fai demagoxia na súa postura en relación ó Concello nos diversos foros en que actúa, sobre o que lle solicita aclaracións o Sr. Otero.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do partido socialista, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra dos outros sete concelleiros presentes, do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- A Corporación Municipal manifesta o seu compromiso co servicio público de educación e demanda das administracións central e autonómica as medidas e recursos necesários para mantelo e melloralo, así como a paralización das actuacións privatizadoras que se veñen producindo. SEGUNDO.- Igualmente o Pleno Municipal reitera a necesidade de acometer, por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, distintos investimentos nos centros de ensino público do noso concello, tales coma: pavillón polideportivo cuberto nas pistas exteriores do colexio público "Francisco Vales Villamarín", construcción dun centro de educación infantil e construcción do peche no colexio público, como mais destacadas. TERCEIRO.- Dar traslado dos anteriores acordos ó Ministerio de Educación e Cultura e á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como difundilos a traverso dos medios de comunicación e os recursos informativos dos que dispoña o Concello.

1500.- <u>PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA EXPLOTACIÓN DO SERVICIO DA AUGA POTABLE E SANEAMENTO Á EMPRESA CONCESIONARIA AQUAGEST, ADOPCIÓN DE ACORDO.</u>

Preséntase ó Pleno proposta de prórroga da concesión do servicio de abastecemento de auga á empresa Aquagest SA, que está informada favorablemente pola Comisión Informativa, de acordo coas cláusulas que figuran no expediente.

- Iniciado o debate, a Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto a súa oposición á proposta, por várias razóns: parécelle esaxerado a concesión ata o ano 2020; non está de acordo na forma de establece-las tarifas, xa que se debían limitar cun máximo; segundo os seus cálculos a empresa vai investir unha porcentaxe ridícula do que ingresa; engade que non concibe como se pode traer esto así, ó Pleno, e como se pode admitir esta concesión.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, coincide coa posición económica da Sra. Faraldo e engade o seu rexeitamento a ceder á empresa ningún local e menos do edificio onde había un acordo de cesión ás sociedades, polo que se opón á prórroga proposta.

- O Sr. García, voceiro do partido socialista, afirma que a proposta responde a criterios técnicos de atender ben un servicio que nos últimos tres anos se incrementou en mais dun 30% e que, como consecuencia, se presentan unhas carencias en infraestructuras e necesidades, de bombeos, depósitos, captacións, etc., reflectidas en informes técnicos, unido á mellor prestación do servicio: todo iso leva a unhas obras urxentes, imposibles de afrontar por medios municipais, polo que entende altamente positivo o acordo, sen prexuízo doutros ingresos que se sinalan no acordo. Doutra parte aclara que a cesión do local municipal leva a instalación dun centro de control e enlaces de todo o servicio, así como o referente a tarifas que en todo caso dependerán dos acordos que tome o Pleno. Remata propoñendo a aprobación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, cre que a súa intervención anterior non foi entendida no que respecta ós aspectos políticos. Entende que a prórroga non beneficia, xa que de sacarse a concurso poderíanse obter maiores beneficios, polo que remata pedindo que quede sobre a mesa para un mellor estudio, para obter mellores condicións.

Ante esta petición, o Sr. alcalde somete a votación a proposta de que o asunto quede sobre a mesa, que é rexeitada co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal) e do concelleiro do BNG (Sr. Otero) e co voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez).

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o voto en contra dos sete concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Basteiro, Carro Erias, Casal, Gestal) e o do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-la prórroga da concesión do servicio de saneamento e abastecemento de auga potable á empresa Aquagest SA., ata o ano 2020 coas cláusulas propostas, das que cabe destacar: o Concello de Betanzos cede á empresa Aquagest SA un local no edificio Escolas García Irmáns (ala dereita planta baixa) ata o ano 2020; a empresa Aquagest SA realizará, a súa custa, várias obras de mellora nas redes de abastecemento e saneamento, así como no edificio no que se atopa o local cedido, por un importe total de 58.571.032,- ptas.; a empresa Aquagest SA entregará ó Concello de Betanzos materiais (hidrantes e bocas de rego, cos accesorios correspondentes) por valor de 6.770.340,- ptas., así como 75 millóns ptas. como aportación para a mellora das infraestructuras xerais do municipio, nun prazo de catro anos; a empresa Aquagest SA. financiará a realización do proxecto-estudio do saneamento dos núcleos rurais que non teñan este servicio, así como a realización do proxecto marco de futuro para as redes de auga potable, saneamento, augas pluviais, etc. que contemplen o desenvolvemento futuro do casco urbano de acordo coas normas urbanísticas actuais. SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a bo fin tódolos acordos e trámites que sirvan de base a esta prórroga.

1600.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. secretario dá lectura ás contestacións correspondentes ás preguntas presentadas no anterior Pleno ordinario, realizado o 20 de marzo de 1997.

Ás do PP:

Proxecto de gasificación: As instalacións transcorren cercanas ó concello de Betanzos, polos concellos de Coirós e Oza dos Ríos. Várias empresas manifestaron o seu

interese en participar na instalación, estase esperando información dos organismos competentes.

Ás do BNG:

1) En resposta á súa pregunta sinalada no seu escrito co nº 3, relativa á casa da Porta da Vila, esquina Etcheverría Naveira, teño que indicarlle que, trala esixencia dos servicios urbanísticos do Concello, adoptáronse várias medidas de protección que permitan minora-los perigos para os cidadáns na referida zona. Ademais, a referida casa xa conta coa licencia de construcción para face-las obras previstas para a súa recuperación.

2) Con respecto á súa pregunta sinalada co nº 4, indicarlle que, obrigatoriamente, os policías locais teñen que acceder ó seu posto mediante oposición. No resto das prazas municipais, séguense criterios legalmente establecidos.

O Partido Popular formula, por escrito, as seguintes preguntas:

1) Desde fai algúns meses, lévanse realizado operacións de desmonte e entullado nunha parcela situada no lugar de Abelares. Debido a estas operacións e como na citada parcela ou parcelas non existe ningún cartel informativo das obras a executar no que consten os datos típicos (expediente, nº de licencia, promotor, etc.), é polo que se realiza a seguinte pregunta: ¿Que tipo de licencia se solicitou para ditas operacións? ¿Con que data se solicitou? ¿Data de aprobación da mesma? ¿Promotor da obra?

2) ¿En que data a Consellería de Educación solicitou permiso de demolición do antigo Instituto Laboral situado na Magdalena? ¿Con que data o Concello lle concedeu permiso á Consellería de Educación para a demolición do edificio do Instituto Laboral ubicado na Magdalena? ¿En que acta consta?.

3) Respecto á nova ordenación da praza García Irmáns ¿quen se fai cargo do custe, a empresa ou o Concello?

4) Respecto ó tema das vivendas sociais ¿remitiuse á Xunta algún escrito posterior á moción presentada no Pleno do 20/03/97 no que se concreten os terreos ofertados e as súas características? porque na moción mencionada non había concreción ó respecto. ¿Por que non se formou a comisión que consta no punto 16 do Pleno se xa pasaron os 3 meses?

5) ¿De que información dispón o concello sobre as sustraccións de carteiras, diñeiro ou outros enseres que se producen na piscina municipal?. ¿Por que non se toman medidas ó respecto como a colocación de taquillas para os usuarios da piscina?.

6) Cantidade de metros cadrados que o Concello, consonte o título, tiña no ámbito do plan parcial do Pasatiempo, cantidade de metros que lle foron recoñecidos ó Concello pola Xunta de Compensación do Pasatiempo.

7) ¿Que tipo de contrato une co Concello de Betanzos a Daniel Pereiro Cachaza?. ¿Que honorarios percibe, cal é a base fundamentada en necesidades de persoal e coñecementos para o Concello, dado que neste momento temos un secretario de carreira no municipio?

O Partido Popular formula, por escrito, os seguintes rogos:

1) Solicítase unha gravadora para que non se produzan inconvenientes derivados da redacción das actas dos Plenos.

2) Solicítase, desglosado por partidas, o custo do despacho do Sr. alcalde.

3) "O partido Popular de Betanzos emite un rogo ó Sr. alcalde para que depoña a súa actitude de enfrontramento e ataque constante a través dos medios de

comunicación á Xunta de Galicia. Dá a impresión de que lle preocupa máis realizar unha política de partido, encamiñada ós comicios autonómicos, que a política que lle corresponde polo cargo que ocupa como rexedor do municipio en beneficio do pobo, que ó noso entender debería se-lo seu máximo interese."

Así mesmo, polo grupo popular (Sra. Faraldo) pídese ó alcalde que sexa máis igualitario no trato. Pola súa parte, o Sr. Pita pide informe sobre unha presunta entrada no Concello con roubo, así como cadeiras para o público.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintecatro horas e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal V. Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asiste:

D. Manuel J. Basteiro Fernández, concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do día trinta e un de xullo de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A Sra. voceira do PP advirte do seu voto en contra, engadindo que vai pedir responsabilidades ó secretario ante a Dirección Xeral de Administración Local polo que considera unha actuación intencionada ó recortarse na acta anterior unha das preguntas realizadas.

A acta correspondente á sesión do 23 de maio pasado queda aprobada co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do concelleiro do grupo nacionalista (Sr. Otero).

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, remite informe do enxeñeiro director das obras, sobre as reclamacións do Concello de Betanzos de data 12 de marzo de 1997 (obra: Autovía do Noroeste. CN-VI de Madrid a A Coruña. Tramo: Montesalgueiro-A9), ó que esa xefatura de demarcación da a súa conformidade.

202.- Presidente da Xunta de Galicia, xustifica recepción de certificación de acordo plenario deste Concello de data 24-01-97, que pasa ó Sr. conselleiro de sanidade e servicios sociais para que a través do Sr. comisionado do plan de Galicia sobre drogas se lle envíe o oportuno informe ó respecto.

203.- Dirección Xeral de Réxime Xurídico e Económico Territorial do Ministerio de Administracións Públicas, contesta escrito do 16-06-97 sobre moción sobre a CEL, no que se da traslado do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, relativo á moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre diversos aspectos da cooperación económica local do Estado.

204.- Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia, xustifica recepción da certificación de acordo plenario deste Concello en relación coa comunicación do Concello de Moeche verbo da autovía do Cantábrico, participando que se deu traslado do mesmo ós distintos grupos parlamentarios.

300.- AUTORIZACIÓN A UNIÓN FENOSA PARA UBICACIÓN DE TRANSFORMADORES NA UA-3 AMBULATORIO.

Visto o escrito presentado por Unión Fenosa solicitando autorización para ubicación de transformadores na urbanización que se está a executar na rúa Rosalía de Castro (UA-3), así como o dictame favorable da Comisión Informativa (coa reserva de voto para o Pleno do Partido Popular), o Pleno, co voto favorable de dez dos concelleiros presentes (nove do grupo socialista -Sres. Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez- e un do grupo nacionalista -Sr. Otero-), e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- A autorización

a Unión Fenosa para a ocupación da vía pública na rúa Rosalía de Castro, para o fin de ubica-los transformadores de enerxía necesarios á unidade urbanística UA-3, de acordo co plano de situación presentado e sen prexuízo da súa modificación cando motivos de interese municipal así o aconsellaran.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para formalizar, se procede, en documento administrativo o presente acordo.

400.- ACEPTACIÓN RENUNCIA DE CONCELLEIRO.

Visto o escrito formulado por D. Manuel José Basteiro Fernández, concelleiro do grupo popular, no que manifesta que como consecuencia da súa actividade profesional e circunstancias familiares comunica a súa renuncia irrevocable ó cargo de concelleiro do Excmo. Concello de Betanzos, así como o dictame favorable emitido pola Comisión de Programación, acórdase, por unanimidade: 1º.- Acepta-la renuncia de D. MANUEL JOSÉ BASTEIRO FERNÁNDEZ como concelleiro deste Concello.- 2º.- Tramitar ante a Xunta Electoral Central, a expedición da oportuna credencial do sustituto que corresponda.

500.- SOLICITUDE DA SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE BETANZOS SOBRE COMPROMISO ANTE ENTIDADES BANCARIAS.

Dase conta da solicitude da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos relativa a que o Concello de Betanzos se comprometa ante a entidade bancaria que conceda o crédito necesario para acomete-las obras de adecuación do novo local social a esa Sociedade, a liquida-la débeda pendente no momento en que a aludida asociación se vise inmersa na súa disolución; así como do dictame favorable da Comisión de Programación, coa reserva de voto para o Pleno do grupo Popular.

Iniciado o debate, o voceiro do grupo nacionalista, Sr. Otero, manifesta a súa sorpresa ante esta forma de garantía, que ó seu xuízo é un aval que se presta a unha sociedade privada, que se presenta sen un informe que a clare o que cré é un acordo ilegal, incluso prevaricador. Entende que o Concello se mostra xeneroso en exceso e anuncia o seu voto negativo.

- A voceira do grupo popular, Sra. Faraldo, coincide coa postura do BNG, insistindo na presunta ilegalidade do acordo e advertindo de que se toma un camiño equivocado, xa que en diante haberá que avalar a tódalas entidades, anunciando o seu voto de abstención.

- O Sr. voceiro do grupo socialista, Sr. Lagares -D. Antonio-, pon de manifesto a necesidade de le-los asuntos e actuar dentro dos principios da tolerancia. Sinala que non é o que o representante nacionalista di, xa que non se trata dun aval.

- Segue o Sr. Otero, insistindo na súa postura, por entender que hai unha responsabilidade de paga-la posible débeda da sociedade, pedindo o Sr. Lagares que se lea detidamente a solicitude.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra do concelleiro do grupo nacionalista (Sr. Otero) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Comprometerse ante a entidade bancaria que conceda o crédito á Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos, para a adaptación do local cedido por este Concello, a liquida-la posible débeda pendente por dito crédito, no momento en que a Sociedade se vira inmersa na disolución.= 2º.- Facultar ó Sr. alcalde para formaliza-lo presente acordo.

600.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA A SOLICITUDE A UNIÓN FENOSA.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía-Presidencia relacionada con solicitude a Unión Fenosa, e o seu dictame pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: 1º) Solicitar á empresa UNIÓN FENOSA, a adopción urxente de medidas que corrixan as deficiencias de subministro, que se veñen producindo con regularidade, por fallos na liña de transporte do Pedrido.= 2º) Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo os trámites que considere oportunos.

Neste punto da orde o día incorpórase o Sr. Pita.

700.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE LIMPEZA DE TALUDES EN ESTRADAS.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras sobre limpeza de taludes en estradas e do seu dictame pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: 1º) Demandar ó Ministerio de Fomento que acometa a limpeza de taludes ata o cerre de tela existente, na estrada N-VI ó seu paso polo termo municipal de Betanzos.= 2º) Demandar a Autopistas del Atlántico SA que limpe os taludes ata o cerre de tela na autoestrada o Atlántico da Coruña a Santiago ó seu paso polo termo municipal de Betanzos, nos lugares de Piadela e Guiliade.= 3º) Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo os trámites que considere oportunos.

800.- RATIFICACIÓN ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO SOBRE O GRUPO DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Dase conta ó Pleno do acordo da Comisión de Goberno de data 11 de xullo de 1997 relativo á creación do "Grupo Municipal de Intervención Rápida", así como do dictame en sentido favorable da Comisión de Programación, coa reserva de voto para o Pleno dos grupos popular e nacionalista.

- O voceiro do BNG, Sr. Otero, manifesta que comparte o fundamento do proxecto que se presenta, sendo axeitados os recursos e a estructura operativa, ainda cando o seu período de duración sexa escaso, pero mantén dúbidas acerca dos escasos resultados obtidos por estes grupos así como o carácter pseudoprofesional do persoal. Doutro lado, cre que nos medios de comunicación do día de hoxe, se da por feita a selección do persoal, o que ó seu xuízo trastoca o sentido do proxecto, o que o leva a non apoiala, poñendo de manifesto a súa abstención, estando de acordo co proxecto, pero non cos procedementos.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Pita, pregunta se antes non había un grupo de protección civil, do que ben se presumía, e se agora se pretende crear grupos paralelos, no que ademais pide máis participación. Así mesmo quere que se lle informe sobre o carácter comarcal do grupo e se se coordina con outros concellos, xa que se non é así estarase a cometer unha intromisión. Remata afirmando que non é acertada a denominación nin a maneira de facelo.

- O Sr. Alcalde, en aclaración ás preguntas do Sr. Pita, indícalle que as súas peticións haberá de trasladalas ó Sr. presidente da Xunta ou ó conselleiro da presidencia, xa que é de onde xurdiu este servicio que, por outra parte, considera de grande interese.

- O Sr. Pita afirma que coñece as decisións do goberno galego, o que non ten que ver coa información que teñen os Sres. concelleiros. Esixe o dereito a participar neste tema como noutros e reitera as súas anteriores críticas.

- O Sr. Otero ve clara a diferencia co grupo de protección civil e insiste na postura do seu voto por razóns de procedemento en relación co persoal.

- Remata o Sr. Alcalde, sinalando que non ten noticias acerca da selección do persoal e, por outra parte, é a Xunta a que pode dar máis información.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros (seis do grupo popular -Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal- e un do grupo nacionalista -Sr. Otero-), acorda ratifica-lo acordo da Comisión de Goberno de data once de xullo de mil novecentos noventa e sete, sobre o Grupo de Intervención Rápida.

900.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE O PLAN 2000.

Dase conta da proposta que se realiza dentro do denominado Plan 2000, da Excma. Deputación provincial, co correspondente dictame da Comisión Informativa.

- O voceiro do grupo nacionalista, Sr. Otero, empeza a súa intervención anunciando o sentido do seu voto, tal como o manifestara na Comisión, xa que se ben acepta a realización dunha serie de obras beneficiosas e que melloran a calidade de vida dos cidadáns, co que está de acordo, entende que alguén debe facer consta-lo desacordo co Plan 2000, no que a Deputación convirte un proceso de programación, participativo, nunha simple enquisa, que cando menos debe calificarse de alucinante, xa que en vinte días se pretende elaborar un plan para cinco anos. Non hai aclaracións sobre aspectos procedementais, sobre o que pasa sobre os demais plans, presentándose todo nunhas condicións indignas e impresentables para a autonomía municipal. O lóxico, entende, debería ser dar un maior prazo, clarificando os aspectos da convocatoria, retirando os aspectos mais antiautonómicos, reclamando o proceso de contratación para os concellos. Agradece que neste caso o grupo de goberno someta o asunto a consideración do Pleno, o que non é preceptivo no plan, e considerando que gañará o voto afirmativo, rexeita o plan polos aspectos sinalados.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Pita, opina que se obvia a cuestión principal, o que significa este plan para os concellos, pedindo que o voceiro socialista explique as vantaxes para Betanzos. Parte do seu respecto á autonomía de todos e ainda por riba das posibles discrepancias no fondo o Plan 2000 é moi importante xa que supón un considerable incremento das cantidades de investimento, polo que considera unha barbaridade opoñerse.

- O voceiro do grupo socialista, anuncia o voto do seu grupo favorable, polo risco de perde-lo investimento, non compartindo no fondo a filosofía do plan, anque o debate deba facerse no foro correspondente, non téndose en conta moitas cousas e hipotecándose a institución provincial. Informa sobre a desaparición dos outros plans, salvo o POS, por mante-la subvención do ministerio, que así mesmo se ve cada vez máis diminuída e remata sinalando que se considerou o asunto importante para traelo ó Pleno.

Seguen outras intervencións, en sentido semellante:

- O Sr. Otero indicando que se del dependera, votaría si, o que quere deixar de manifesto é un rexeitamento ideolóxico.

- O Sr. Pita quere sinala-lo incremento que supón para os investimentos un plan que ninguén presentou ata agora e que se manterá e debe apoiarse.

- O Sr. Lagares -D. Antonio-, facendo referencia ó asunto que se presenta: a enquisa para 1998 e seguintes e as obras concretas para 1997, referíndose a que os investimentos se verán cando se boten as contas, xa que sempre na Deputación houbo outros plans, sinalando que non se trata só de economía senon de talantes democráticos.

-Remata o Sr. Alcalde, indicando que comprende a postura do grupo nacionalista, pero por responsabilidade debe votarse en sentido positivo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de quince concelleiros presentes (nove do grupo socialista -Sres: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez- e seis do grupo popular -Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal-) e o voto en contra do concelleiro do grupo nacionalista (Sr. Otero), acorda: 1º.- Aproba-lo plan plurianual municipal de investimentos do Plan 2000.= 2º) Aproba-los proxectos correspondentes a 1997.

ANTES DO APARTADO DE ROGOS E PREGUNTAS, o Sr. Alcalde presenta unha moción que, en síntese, propón:

Ante o luctuoso suceso acaecido co asesinato do concelleiro do Concello de Ermua, Miguel Angel Blanco, aparte das condenas xa postas de manifesto, o grupo socialista quere propoñe-la adopción do seguinte acordo: Reitera-la condena de tal acto, sumarse á homenaxe que se pretende levar a cabo polas forzas sociais, neste caso promovido polo diario Marca, desembolsando unha cantidade de aportación persoal de cada concelleiro, a deducir de pagamentos municipais, para a construcción dun polideportivo na súa cidade, que levará o seu nome. Facultando para tal efecto ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número leglal de membros, acorda que se proceda a debate e votación do asunto.

E non xurdindo debate, o Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la proposta presentada.

1000.- ROGOS E PREGUNTAS.

Xa no apartado de rogos e preguntas, o voceiro do grupo popular, Sr. Pita, e en relación coa cuestión antes tratada, despois de condena-lo acontecemento, que atenta contra os valores mais preciados da vida, propón a creación dunha comisión que estableza uns criterios de aplicación xenéricos, por parte do Concello, ante calquera acto que altere os principios democráticos.

O Sr. Alcalde cré que pode ser interesante a proposta e sinala que se estudie na xunta de voceiros

Pola súa banda, o voceiro do BNG, Sr. Otero, entende que o estado de dereito ten resortes para combater legalmente estas actuacións e que non haberá ningún cidadán que poña en dúbida a condea de ningún dos membros desta Corporación ós feitos deste tipo, polo que non considera imprescindible nin necesaria a comisión proposta, dado que as actitudes democráticas se poñen de manifesto día a día, sen necesidade de reténs democráticos.

O voceiro do grupo popular, Sr. Pita, ainda estando disposto a retira-la proposta por falta de unanimidade, insiste en que debe existir esta comisión para manifestarse con carácter de urxencia, debendo de facerse pronunciamentos claros, sen ambigüidades, afirmando a capacidade do Concello para tomar estas decisións.

O Sr. Alcalde entende expostas as posturas e remite o tema á xunta de voceiros.

CONCELLO DE BETANZOS * EXCMO

Dase contestación ás preguntas do Pleno anterior (realizado o 23 de maio de 1997), formuladas polo PP: 1.- Non existe licencia de desmonte e entullado no lugar de Abelares. Do que se teñen noticias, é de que un particular aproveitou a terra procedente do aparcamento, para recheo.= 2.- O proxecto refetente ó antigo Instituto Laboral foi coñecido sobre o ano 1988, constando no de construcción do novo edificio. Ata despois da Lei de facendas locais, non se adoitaba outorgar licencias a organismos públicos.= 3.- En relación coa ordenación da praza García Irmáns: Fíxose de acordo co proxecto aprobado no seu día polo Pleno da Corporación, asumíndoo a empresa integramente, tal e como se estipulara. As variacións e aumentos na colocación de pedra engadidos constitúen a obra complementaria e abóaos o Concello.= 4.- Respecto ó tema das vivendas sociais: O goberno municipal está moi interesado na construcción de novas vivendas sociais e, neste sentido, puxéronse a disposición da Xunta de Galicia tódolos terreos municipais onde se puidensen construir, sen que, ata o momento, se recibira ningún tipo de iniciativa por parte do organismo autónomo competente.= Respecto á constitución da comisión prevista: a Comisión funcionará no momento en que haxa que tomar decisións concretas. Dado que se deu un prazo de tres meses á Xunta e que estamos á espera das súas programacións en Betanzos, cando se produzan será o momento en que a Comisión de Vivendas Sociais deberá reunirse e decidir.= 5.- En relación con diversos incidentes na piscina municipal, tense previsto a dotación de taquillas.= 6.- Respecto ós datos solicitados sobre o plan parcial do Pasatiempo, constan no oportuno expediente, ó que terán acceso no lugar e hora que se determinarán, se así o interesan.= 7.- O Sr. D. Daniel Pereiro ten contrato subscrito con este Concello para a prestación do servicio de asesoría e defensa deste Concello, realizado ó abeiro do artigo 197 e seguintes da Lei 13/95 de contratos das administracións públicas, segundo os datos que constan no prego e expediente.

A voceira do PP, Sra. Faraldo, realiza os seguintes rogos e preguntas:

Solicita que conste en acta pregunta completa realizada polo PP no Pleno anterior (do 23/05/1997), que se reitera e que di: Cantidade de metros cadrados que o concello, consonte o título, tiña no ámbito do plan parcial do Pasatiempo, cantidade de metros que lle foron recoñecidos ó Concello pola Xunta de Compensación do Pasatiempo.= Plano no que apareza a propiedade municipal afectada polo Plan Parcial do Pasatiempo, distinto do plano que pertence ó proxecto de compensación, todo con descrición de lindantes en cada unha das parcelas municipais e superficie das mesmas.

Despois de dar lectura a resolución número 93/97 da Alcaldía sobre revocación das resolucións do 4/11/1996 e do 30/12/1996 do delegado de urbanismo, realiza sobre a mesma as seguintes preguntas:

- Por que non se trae ó Pleno Municipal a resolución da Alcaldía nº 93/97, que anula as resolucións do Sr. delegado de urbanismo do 4/11/1996 e do 20/12/1996.
- É de coñecemento do Sr. alcalde que para achandarse en calquera xuizo, debe comunicarllo ó Pleno da Corporación municipal. E neste caso non o fixo.
- Se o Sr. alcalde descoñece a Lei de réxime local.
- Rogan que se lles conteste individualmente un a un ós concelleiros da oposición.
- Se pensan retractarse na prensa das acusacións verquidas na mesma (La Voz de Galicia, 22/01/1997) polo cerre da parcela, e proceder á reposición do honor das interesadas.

- Se o Sr. concelleiro de urbanismo vai demitir da súa condición de concelleiro de urbanismo e da súa condición de voceiro do PSOE con motivo da revocación das súas resolucións polo Sr. alcalde.

- Piden a demisión de Antonio Lagares Pérez como concelleiro de urbanismo e voceiro do Partido Socialista no Concello de Betanzos.

Outras preguntas:

- Cal foi o destino que se deu ás canterías que foron retiradas da praza do campo numeradas, e que se ten previsto facer con elas.

- Por que non se restablece a doble circulación na praza García Irmáns.

- Relación de accidentes laborais na Escola Taller de Betanzos, non só o número senon tamén as circunstancias en que se produciron e as medidas que se tomaron ó respecto para subsanar esta situación.

- En relación coas actividades para nenos que organizou o Concello de Betanzos, que número de nonos foron inscritos, quen imparte ditas actividades, que tipo de vinculación ten co Concello, que cantidade se lles aboa por impartir ditas actividades, que póliza de seguro de subscribiu en caso de accidente.

O voceiro do grupo nacionalista realiza os seguintes:

- Rógase que se poñan máis visibes os sinais de limitación de velocidade na rúa Saavedra Meneses.

- Pide a limpeza de maleza dun sendeiro de a pe polo camiño a Caraña.

- Pide que os colectores de rexollida de lixo da mesma zona se suxeiten con material fixo, pola perigosidade dos mesmos.

- Sinala que os veciños reclaman marquesiñas de paradas de autobuses, mellor situadas.

- Pide limpeza na fonte da praza da Ponte Vella, así como atención á súa potabilidade.

- Pide a limpeza de terreos, onde comeza a estrada de Ferrol, por estaren cheos de maleza e dada a escasa visibilidade, preguntando acerca da situación urbanística dos terreos, ante a posibilidade de crear neles un espacio público.

- Pregunta sobre o respecto ás marxes fluviais, ante a continua acotación e cerre de parcelas que imposibilitan o acceso ás beiras, interesándose polo que se fai desde o Concello.

- Pregunta sobre os accidentes na Escola-Taller, que adquiren caracteres alarmantes, interesándose polo seguemento das normas de seguridade e os seguros que cubren a situación.

- Por último, solicita aclaracións sobre o informe do Consello de Contas sobre o presuposto de 1993, que presenta e que fai referencia a diversas cuestións sobre a tramitación do presuposto.

O voceiro do Partido Popular, Sr. Pita, efectúa as seguintes:

- Pide que se adopten tódalas medidas de seguridade para evitar que se produzan lesións graves nos alumnos da Escola Taller.

- Pide informe sobre o feito acontecido o día 16 de xullo, sobre actuación dunha autoridade cun vehículo particular, no que considera unha actuación irregular.

- Pide que a pintura de sinais se faga a horas que non interrumpan a circulación.

- Fai referencia ó feito, ó seu xuízo anómalo, sucedido no aparcamento, con motivo dos horarios de peche, pedindo que se subsanen urxentemente, pola imaxe negativa que dan da cidade.

- Pide que se solucione o problema das terrazas dos bares, que afecta a tódolos veciños.

- Solicita, por último, que non se aforre na iluminación pública, xa que hai zonas do centro que se encenden tarde, dando un aspecto fantasmagórico.

O voceiro nacionalista, Sr. Otero, fai referencia á realización do rogo sobre o aparcamento na Comisión de Programación, preguntando se os mesmos non se traen ó Pleno, o que da lugar á solicitude de informe ó secretario, polo Sr. alcalde.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e cincuenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA DOCE DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asiste, con desculpa:

D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día doce de setembro de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión realizada o trinta e un de xullo de mil novecentos noventa e sete.

200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación dos seguintes, enviados por:

201.- Director do colexio público "Francisco Vales Villamarín", D. Francisco López López, saúda a Corporación Municipal e invita ó alcalde e ós voceiros dos grupos políticos a visita-lo colexio.

300.- PROPOSTAS DE FESTAS LOCAIS PARA 1998.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para fixar dous días de festas locais de carácter retribuído e non recuperable para o ano 1998, así como do dictame favorable da Comisión de Programación. Visto o mesmo e cumpridos os trámites oportunos, por unanimidade, acórdase fixar como FESTAS LOCAIS PARA 1998 o martes de Carnaval e o 18 de agosto.

400.- PRESTAR APROBACIÓN A SOLICITUDE DE CONCESIÓN SERVICIO RADIOTELEFÓNICO POLICÍA LOCAL.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para solicitar á Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Fomento a concesión de dominio público radioeléctrico para dotar dun servicio radiotelefónico á Policía Local deste Concello. Está informado favorablemente pola Comisión de Programación. Visto o mesmo, por unanimidade, acórdase: PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Fomento a concesión de dominio público radioeléctrico para dotar dun servicio radiotelefónico á Policía Local deste Concello de Betanzos.= SEGUNDO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente deste Concello, D. Manuel Lagares Pérez, para levar a cabo toda clase de trámites derivados do acordo adoptado.

500.- PRESTAR APROBACIÓN A SOLICITUDE ACTIVIDADE ESCOLA TALLER.

Preséntase ó Pleno o proxecto e correspondente solicitude de aprobación do proxecto de escola taller e das subvencións correspondentes. Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

O Sr. Pita, voceiro do grupo popular, manifesta o seu acordo coa solicitude, se ben o seu grupo tería outras propostas distintas das ideas presentadas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó proxecto da escola taller coa denominación de Escola Taller "Concello de Betanzos", o obxecto de actuación da cal será rehabilitar e restaura-lo edificio do antigo matadeiro municipal e río de Caraña, para as especialidades formativas de: escaiolista, forxa, carpintería, albanelería, xardinería.= SEGUNDO.- Solicita-la subvención económica correspondente de 211.762.305,- ptas., de acordo co detalle que se recolle na memoria xunta.= TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

600.- ADXUDICACIÓN CONCESION APARCAMENTO SUBTERRÁNEO E ASILO MANUEL NAVEIRA.

Dase conta ó Pleno da tramitación do expediente relativo a concesión de aparcamento subterráneo e asilo Manuel Naveira, así como da proposta que realiza a Comisión Informativa, á vista do informe emitido sobre a oferta presentada.

- O Sr. Pita, voceiro do grupo popular, pon de manifesto a abstención do seu grupo, por dúas razóns: se ben se está de acordo co estacionamento, que xa ía no programa do seu grupo, non o está en que se incorpore o asilo, por tanto tempo, xa que se perde a posibilidade de utilizalo con fins públicos. Non está de acordo co destino que se lle vai dar. Así mesmo, abstéñense para que non se lles acuse de obstruccionismo.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa Complejo San Roque SL a concesión dun aparcamento subterráneo para vehículos e outros, así como para a rehabilitación do denominado "Asilo Manuel Naveira" e a súa posterior explotación, polo prazo e as condicións establecidas na documentación que figura no expediente e consonte o prego de condicións que rexeu o concurso.= SEGUNDO.- Notificarlle este acordo ó interesado, ó obxecto dos prazos establecidos, para formalización do contrato e inicio das obras, significándolle a necesidade de adapta-los proxectos definitivos ás indicacións emitidas no informe da arquitecto municipal.= TERCEIRO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para levar a cabo toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

700.- PRESTAR APROBACIÓN A ADXUDICACIÓN XESTIÓN SERVICIO PISCINA.

Dase conta ó Pleno da tramitación do expediente relativo ó concurso para a xestión dos servicios deportivos de piscina municipal e pavillón deportivo, así como da proposta que realiza a Comisión Informativa, á vista da valoración efectuada pola mesa de contratación, segundo os criterios establecidos no prego de condicións.

Aberto o debate, o Sr. Pita, voceiro do grupo popular, fai referencia ás seguintes cuestións: que a documentación relativa a este punto da orde do día se encontraba oculta e non a disposición dos concelleiros, ós que se lles negou, ata que se presentou un notario, o que, ó seu xuízo, se trata dun atentado ós dereitos fundamentais, impropio dun estado de dereito. Que as actas que constan no expediente, en relación co tema, están cheas de falsidades: faise constar que as preside o Sr. alcalde cando este non asistiu, dise que deu lectura dun anuncio, indícase ós interesados que se mirara a documentación presentada e dise que se leu a acta, o que, segundo el, non se fixo, cometéndose así unha serie de irregularidades que conculcan os dereitos das empresas. Entende que a valoración realizada é subxectiva, aplicándose baremos de maneira caprichosa e, en xeral, cométense irregularidades que non se poden admitir, insistindo en que se incorre en falsidade.

Advertido polo Sr. alcalde de remata-lo seu tempo, remata sinalando o voto do seu grupo en contra e advertindo de que realizarán as oportunas reclamacións.

O Sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do grupo socialista, afirma que tódolos grupos teñen abertos os camiños que lles conceden as normas en vigor e, así mesmo, indica que é rigorosamente incerto o sinalado, xa que o alcalde estivo presente anque non estivera en todo o acto e ó resto das afirmacións habería que aplicarlle-lo mesmo, porque o que non estaba presente foi o Sr. voceiro do grupo popular. Por outro lado, estase descalificando

ós funcionarios e non se di que os documentos si estaban na Comisión Informativa do pasado día dez, á que non asistiu o grupo popular, como estaban despois cos demais asuntos e como están agora no Pleno. Todo iso demostra o interese do Partido Popular tanto neste como noutros asuntos, que se deixa levar mais pola "rumoroloxía", víndose exhibir ó Pleno.

Remata dando conta das actuacións da mesa de contratación, indicando a importancia do servicio e consecuentemente, a adopción de acordo no sentido da proposta.

O Sr. Pita, de novo no uso da palabra, entende que o voceiro socialista o insulta, poñendo de manifesto un claro talante antidemocrático de matón de feira, xa que non rebate nada, sal polos cerros de Úbeda, sinalando que os que menten son os socialistas. Fíxose unha comisión lóstrego, negouse a documentación, o que son actuacións fascistas. Entende que á comisión asístese cando se quere e que a actuación é de ocultismo, para tapar trapalladas, insistindo en que na acta se mente e está falseada e que se cometen barbaridades na valoración, aproveitando para solicitar que o asunto quede sobre a mesa para que se fagan as cousas en boa forma e democraticamente.

O Sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do grupo socialista, lamenta algunhas referencias que o voceiro do grupo populalr realiza a certos grupos, parecendo que se defende ós terroristas, o que, insiste, cre lamentable, sinalando a continuación que de fascistas sabe moito o Partido Popular, que son os que non deixan falar, insistindo nas trapalladas. O xogo cre que é limpo, ningunha empresa pediu copia da acta ou outra información porque a acta foi pública e, en consecuencia, o proceso foi limpo e democrático, invitando á oposición a que utilicen os trámites oportunos para as súas reclamacións.

O Sr. alcalde entende suficientemente debatido o asunto, polo que se pasa a someter a votación, en primeiro lugar, a proposta de que quede sobre a mesa, sendo o resultado o seguinte: votos a favor, seis, dos concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal); votos en contra, nove, dos concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), co que queda rexeitada tal proposta.

Sometido o asunto da orde do día, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres. Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e o voto en contra dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Adxudica-lo concurso para a xestión dos servicios deportivos de piscina municipal e pavillón deportivo, de acordo coa valoración que efectúa a mesa de contratación, segundo a cláusula 10 do prego de condicións, á empresa Desarrollo e Inversión Deportiva SL (DESIDE), consonte a oferta presentada.= SEGUNDO.- Notificar este acordo ó interesado, ó obxecto dos prazos establecidos para formalización do contrato e inicio das actividades.= TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para realizar tódolos trámites derivados dos acordos adoptados.

800.- PRESTAR APROBACIÓN A MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 1/97.

Dada conta do expediente de modificación de créditos 1/97, informado favorablemente pola Comisión Informativa, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Diaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do

grupo popular (Sres. Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente 1/97 de modificación presupostaria por importe de 24.766.068,- ptas.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

900.- PRESTAR APROBACIÓN A CRÉDITO OBRAS PRESUPOSTO 1997.

Dase conta do expediente tramitado para prestar aprobación a concerto dunha operación de crédito para a realización de obras do presuposto 1997. Está informado favorablemente pola Comisión Informativa.

O Sr. Pita pon de manifesto a abstención do seu grupo en cuestións, coma esta, relativas a créditos, nas que non participan.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Concertar coa entidade de crédito Banco Etcheverría unha operación de crédito para a realización de obras do presuposto 1997, por importe de 20.038.323,- ptas., coas seguintes condicións: Tipo de xuro variable MIBOR a tres meses mais 0,10 puntos; liquidación de xuros trimestral; sen comisión; comisión de reembolso anticipado 0%; prazo de vixencia 12 anos con amortizacións trimestrais; carencia de amortización 2 anos e medio; gastos de formalización os que se produzan a cargo do prestatario.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para levar a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

1000.- PRESTAR APROBACIÓN A TRANSFORMACIÓN DE CRÉDITO DE TESOURERIA A LONGO PRAZO.

Dase conta do expediente tramitado para prestar aprobación a transformación de crédito de tesourería a longo prazo. Está informado favorablemente pola Comisión Informativa.

O Sr. Pita pon de manifesto a abstención do seu grupo en cuestións, coma esta, relativas a créditos, nas que non participan.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Concertar coa entidade de crédito Banco Etcheverría un crédito, para transformación de operación de tesourería a longo prazo, por importe de 69.600.000,- ptas., de acordo coas seguintes condicións: tipo de xuro variable MIBOR a tres meses mais 0,10 puntos; liquidación xuros trimestral; sen comisión; comisión de reembolso anticipado 0%; prazo de vixencia 12 anos con amortizacións trimestrais; carencia de amortización 2 anos e medio; gastos formalización os que se produzan a cargo do prestatario.= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para levar a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

1100.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE UE-18

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. Serafín Moure Soengas para o estudio de detalle para fixación de rasantes e alineacións e ordenación de volumes no camiño do Refoxo, así como dos informes emitidos ó respecto e do dictame da Comisión

Informativa, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ó estudio de detalle para fixación de rasantes e alineacións e ordenación de volumes no camiño do Refoxo, Betanzos (UEI-18).= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

1200.- RATIFICACIÓN ACORDO SOBRE OBRAS PLAN ADICIONAL 1997.

Dada conta do acordo adoptado pola Comisión de Goberno, dada a urxencia do asunto, relacionado coas obras do plan adicional 1997, así como do dictame emitido pola Comisión Informativa, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo solicialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do Partido Popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Ratifica-lo acordo de aprobación do plan adicional de obras e servicios de competencia municipal 2/1997, composto polas obras que a continuación se indican e co seguinte desglose de financiación: Denominación da obra: "acond. pav. Avda. Carregal"; Deputación: 407.714; Concello: 3.547.866; Importe total: 3.955.580. Totais: Deputación 407.714; Concello 3.547.866; importe total 3.955.580.= SEGUNDO.- Aproba-los proxectos das obras incluídas no plan adicional e que se relacionan no punto anterior.= TERCEIRO.- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.= CUARTO.- Declarar que no presuposto municipal de 1997 existen os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal ás obras incluídas no plan.= QUINTO.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.= SEXTO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

1300.- PLAN PLURIANUAL DE INVESTIMENTOS 1997-2001 (PLAN 2000), ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta da presentación definitiva do plan plurianual municipal de investimentos de 1997-2001 (plan 2000), así como do informe da Comisión de Programación.

- O Sr. Pita, voceiro do grupo popular, pon de manifesto a falta de consenso nas obras, que non coinciden coas que eles propoñerían. Fai referencia a unha solicitude que consta no Concelo, relativa á instalación da iluminación no campo de fútbol, por parte do Club Betanzos, apoiada polo Concello e que non consta no plan. Remata anunciando a abstención do seu grupo.

- O Sr. García, como delegado de infraestructuras, sinala que é certa tal solicitude e así se lle presentou no seu día á Deputación, dada a boa disposición do seu presidente e a envergadura da obra, pero ante o trámite non houbo resposta.

- O Sr. Pita pregunta sobre dita tramitación, crendo un engano se se deu un documento ó club. Por outro lado pensa que a obra podería repartirse en anualidades, podéndose incluir neste plan, anque se actúa con outros criterios políticos.

- De novo o Sr. García, aclara que a petición se formulou directamente polo Concello e discrepa na exposición realizada, xa que a obra podería facerse se a Deputación tivera vontade de facela.

Tras unha aclaración do Sr. Alcalde ó respecto de xestiona-la obra sinalada, sométese o asunto a votación.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo plan plurianual municipal de investimentos de 1997-2001 no que se recolle a planificación dos investimentos que o Concello ten previsto realizar durante os cinco anos da súa vixencia dentro do plan 2000, anualidades 1997-1998-1999-2000-2001 da Deputación provincial da Coruña coas seguintes cifras globais e que se detalla nas fichas que se xuntan: Anualidade / Concello fondos propios / Fondos P.2000 da Deputación asignados ó Concello / Deputación partidas sectoriais específicas / Total.= 1997 / --- / --- / 14.234.613 / 14.234.613.= 1998 / --- / 19.301.171 / 22.775.381 / 42.076.552.= 1999 / --- / 19.301.171 / 22.775.381 / 42.076.552.= 2000 / --- / 19.301.171 / 22.775.381 / 42.076.552.= 2001 / --- / 19.301.171 / 22.775.381 / 42.076.552.= Total / --- / 77.204.684 / 105.336.137 / 182.540.821.= SEGUNDO.- Comprometerse o Concello a aprobar anualmente planos municipais no marco destas previsións e con aprobación dos correspondentes proxectos e plan financieiro.

1400.- ANUALIDADE 1997 (PLAN 2000), ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do plan anual municipal exercicio 1997 integrado no plan plurianual municipal de investimentos 1997-2001, así como do dictame da Comisión Informativa.

O grupo popular manifesta a súa abstención, por lóxica e non cun carácter obstruccionista, xa que o seu grupo ten os seus propios proxectos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención do seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo plan anual municipal exercicio 1997 integrado no plan plurianual municipal de investimentos 1997-2001 aprobado por este Concello no que se inclúen as obras anuais e plurianuais que a continuación se indican e co desglose de financiación que se realiza nas fichas que se xuntan: Nº de orde / Denominación da obra / Presuposto total.= 1 / Pavimentación e renovación de servicios r/ Quiroga / 4.999.439.= 2 / Saneamento en Montellos (2ª fase) / 4.994.496.= 3 / Mellora seguridade vial en Avda. Carregal e Vista Alegre / 4.240.678.= SEGUNDO.- Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.= TERCEIRO.- Declarar que o Concello dispón de terreos necesarios para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.= CUARTO.- Comprometerse o Concello a aporta-lo importe de aportación municipal previsto no plan financieiro das obras incluídas en planos e programas sectoriais e nas anualidades que corresponda e co detalle que se reflicte nas fichas citadas no apartado 1 que se xuntan a este acordo. Dita aportación municipal será ingresada na Deputación na forma prevista nas bases. Autorízase expresamente á

Deputación para que inicie, cando procedera, expediente de extinción por compensación das débedas que puideran nacer das obrigas económicas do Concello que se tramitará consonte o establecido nas bases.= QUINTO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado na tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

1500.- ANUALIDADE 1998 (PLAN 2000), ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do plan anual municipal exercicio 1998 integrado no plan plurianual municipal de investimentos 1997-2001, así como do dictame da Comisión Informativa.

O grupo popular manifesta a súa abstención, por lóxica e non con caracter obstruccionista, xa que o seu grupo ten os seus propios proxectos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo plan anual municipal exercicio 1998 integrado no plan plurianual municipal de investimentos 1997-2001 aprobado por este Concello no que se inclúen as obras anuais e plurianuais que a continuación se indican e co desglose de financiación que se realiza nas fichas que se xuntan: Nº de orde / Denominación da obra / Presuposto total.= 1 / Saneamento en Castro (3ª fase) / 4.997.027.= 2 / Construcción pista polideportiva descuberta en Infesta (1ª fase) / 3.751.488.= 3 / Saneamento en Viladesuso (1ª fase) / 6.688.126.= 4 / Pav. e renovación servicios en r/ Noas / 7.552.753.= 5 / Mellora seguridade vial en Caraña N-525 / 4.950.000.= 6 / Mellora seguridade vial e construcción de beirarrúas en Infesta / 3.700.318.= 7 / Travesía de Xan Rozo (1ª fase) / 5.450.000.= 8 / Acond. e pav. camiños acceso ós núcleos S. Requián e S. M. Tiobre / 4.986.840.= SEGUNDO.- Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.= TERCEIRO.- Declarar que o Concello dispón de terreos necesarios para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.= CUARTO.- Comprometerse o Concello a aporta-lo importe de aportación municipal previsto no plan financieiro das obras incluídas en planos e programas sectoriais e nas anualidades que corresponda e co detalle que se reflicte nas fichas citadas no apartado 1 que se xuntan a este acordo. Dita aportación municipal será ingresada na Deputación na forma prevista nas bases. Autorízase expresamente á Deputación para que inicie, cando procedera, expediente de extinción por compensación das débedas que puideran nacer das obrigas económicas do Concello que se tramitará de acordo co establecido nas bases.= QUINTO.- (Só para a anualidade de 1998) Solicita-la realización da contratación e execución das obras que a continuación se relacionan, de conformidade cos límites establecidos nas bases reguladoras do plan 2000.= SEXTO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

1600.- PLAN DE OBRAS E SERVICIOS 1998, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do plan plurianual de investimentos municipais 1998-2001 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar durante os próximos catro anos dentro do programa de cooperación económica local, así como do dictame da Comisión Informativa.

O grupo popular manifesta a súa abstención, por lóxica e non cun carácter obstruccionista, xa que o seu grupo ten os seus propios proxectos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos seis concelleiros do grupo popular (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo plan plurianual de investimentos municipais de 1998-2001 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar durante os próximos catro anos dentro do programa de cooperación económica local, coas cifras globais seguintes: Anualidade / Estado+Deputación / Concello / Total.= 1998 / 5.107.386 / 4.761.666 / 9.869.052.= 1999 / 5.500.000 / 1.000.000 / 6.500.000.= 2000 / 5.500.000 / 1.000.000 / 6.500.000.= 2001 / 5.500.000 / 1.000.000 / 6.500.000.= Total / 21.607.386 / 7.761.666 / 29.369.052.= SEGUNDO.- A anualidade de 1998 está integrada polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica: Nº de orde e denominación da obra / Importe total / Estado+Deputación / Concello.= 1.- Saneamento pluviais e outras melloras en marxes estrada comarcal ó seu paso por Guiliade / 4.877.389 / 2.536.242 / 2.341.147.= 2.- Saneamento de pluviais e outras melloras nas marxes da estrada N-VI ó seu paso pola Angustia / 4.991.663 / 2.571.144 / 2.420.519.= Totais / 9.869.052 / 5.107.386 / 4.761.666.= As anualidades correspondentes a 1999-2000-2001 teñen carácter esvarante polo que se poderán modificar nos sucesivos planos plurianuais.= TERCEIRO.- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 1998 e que se relacionan no punto anterior.= CUARTO.- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.= QUINTO.- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 1998 os fondos necesários para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 1998.= SEXTO.- Solicitar á Excma. Deputación provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.= SÉTIMO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

1700.- MOCIÓN DO GRUPO BNG SOBRE A EMISORA MUNICIPAL

Dando traslado o Sr. alcalde da petición do voceiro do grupo nacionalista (BNG), autor desta moción relativa a regulamento para a emisora municipal de radio, para que se retire ante a imposibilidade de asistir ó Pleno e, polo tanto, defendela, o Pleno, por unanimidade, acorda que o asunto quede sobre a mesa.

1800.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase lectura ás preguntas efectuadas no Pleno anterior (31-xullo-1997, ordinario) no seguinte sentido:

Respostas ás preguntas formuladas polo Partido Popular en relación coa resolución da Alcaldía nº 93/97: 1.- Como xa se fixo en anteriores ocasión, proximamente poñeranse en coñecemento do Pleno da Corporación as resolucións da Alcaldía.= 2.- A contestación é a mesma que a anterior.= 3.- É posible que non a coñeza íntegramente.= 4.- Non sei a que honor se refire, e o goberno municipal defenderá en tódalas instancias os intereses de Betanzos.= 5.- As competencias da Alcaldía utilízanse na forma que se considera mais axeitada.

Contestación a outras preguntas formuladas polo Partido Popular: 1.- As canterías da praza do Campo están en dependencias municipais e utilizaranse en obras públicas do Concello.= 2.- Xa foi restablecida.= 3.- Recóllense os mais importantes: "RAFAEL PÉREZ PÉREZ (Escola Taller-solador). Data do accidente, 19-06-97. Lugar, O Pasatiempo. Descrición do accidente, cando estaba realizando unha roza na parte de atrás do muro de pedra onde recentemente se colocou un niño para que os electricistas fosen metendo mangueira, o muro desmoronouse caéndolle encima un pilar de pedra que lle danou a pelve. Consecuencias, rotura de pelve e baixa laboral (actualmente continúa de baixa). Posibles causas, deficiente asesoramento do técnico da obra. Anque estaba presente o monitor de electricidade, este non podía valora-la resistencia do muro. Neste muro colocárase un niño que posiblemente non fose tampouco valorada a súa resistencia e que puido afectar a este desmoronamento. Medidas adoptadas, interrompe-la obra ata que non a supervise un técnico adecuado. MIGUEL ANGEL ALONSO GONZALEZ (cursos Xunta-carpintería). Data do accidente, 15-07-97. Lugar, taller de carpintería. Descrición do accidente, cortou un dedo manexando a máquina escuadradora. Consecuencias, amputación dun dedo e minusvalía na man esquerda. Posibles causas, neglixencia no manexo da máquina. Medidas adoptadas, intensificación da formación en seguridade e hixiene". Se desexa ampliación doutros casos poñerei a súa disposición os datos disponibles na Delegación de Persoal.= 4.- Para contestar a esta pregunta e dado que o Concello organizou moitas actividades para nenos, necesítase unha precisión de a que se refire.

Contestación a preguntas formuladas polo voceiro do Bloque Nacionalista Galego: 1.- Pediríalle ó representante nacionalista que especificase os cerres que se producen nas marxes fluviais, para poñelo en coñecemento dos organismos competentes e face-los trámites legais que correspondan.= 2.- Solicitado o informe dos accidentes da Escola Taller sinálanse como máis importantes, como consecuencia do desenvolvemento de actividades formativas, os anteriormente citados.

Contestación a preguntas do voceiro do Partido Popular: 1.- Para da-la información requirida necesítase coñece-las persoas, vehículos e circunstancias ás que se fai referencia.

A Sra. Faraldo procede a efectua-las seguintes preguntas e rogos:

- Por que non se da conta da sentencia 920/97.
- Se o Sr. alcalde e o seu irman van cambia-la súa postura arbitraria en urbanismo
- Se é coñecida polos concelleiros socialistas a referida sentencia.
- Se se van trae-las sentencias ó Pleno.
- Que os concelleiros socialistas fiscalicen ó alcalde e o seu irmán na Comisión de Goberno.
- Que o alcalde desminta ou demostre as informacións aparecidas na revista da FEGAMP, na que acusa ós veciños de Betanzos de rapiña no Pasatiempo.
- Que se confirme que o administrador único da empresa DESIDE é D. Raimundo Montes Sánchez no rexisitro mercantil.

O Sr. Pita realiza os seguintes:

- Que se faciliten ós grupos políticos os documentos das sentencias, no apartado no que se da conta doutros asuntos.
- Pide que se retire, a seu xuízo, o adefesio realizado na praza de Santiago, coa pedra colocado arredor do magnolio da praza.

- Pide que se actúe, coa Lei de contaminación acústica, contra os cafés da rúa Rosalía de Castro, ante as protestas dos veciños que constan no Concello.

- Pide que se invite ó seu grupo á convocatoria do martes con productores da comarca.

- Que se lles informe das modificacións na estructura do grupo de goberno, para non cometer erros na denominación dos concelleiros.

- Que se atendan os pedimentos de utilización da vía pública na praza dos Ánxeles, para que non haxa discriminación entre os industriais, aplicando iguais criterios para todos.

- Que se responda cando se fagan peticións, facendo referencia concreta ás realizadas pola asociación Alfolí, sinalando que tódalas asociacións deben disfrutar por igual das instalacións municipais.

- Que se atenda democraticamente ás peticións do grupo popular, o labor de oposición do cal non debe preocupar, xa que é constitucional, polo que a mais información mellor labor de oposición.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O VINTETRÉS DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Luis Alberto Carro Erias.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Non asisten, con desculpa:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Antonio Vara Fiaño, interventor.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e corenta minutos do día vintetrés de setembro de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS MOTIVADA POLAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA 1997.

Dada conta do resultado do sorteo realizado para elixi-los membros das mesas electorais con motivo das eleccións ó Parlamento Galego 1997, o Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo sorteo realizado, quedando formadas as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

SECCIÓN 1.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Vía Leira, Enriqueta, DNI: 32 776 416-J.= 1º vocal: Vidal Pedreira, Consuelo Amparo, DNI: 76 363 223-A.= 2º vocal: Vilariño Bujía, José Manuel, DNI: 76 315 736-B.

Suplentes: Presidente: Amor Fernández, Mónica Anabel, DNI: 76 344 776-W.= Presidente: Amor Vilariño, Sandra María, DNI: 32 778 691-B.= 1º vocal: Ares Couceiro, José Luis, DNI: 32 330 069-G.= 1º vocal: Ares Iglesias, Isabel, DNI: 79 314 687-S.= 2º vocal: Ares Louzao, Concepción, DNI: 76 356 155-L.= 2º vocal: Asensi Pernas, Mercedes, DNI: 32 772 428-G.

SECCIÓN 2.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Lago González, José M., DNI: 32 625 947-X.= 1º vocal: Longueira Gómez, Marina, DNI: 32 387 959-A.= 2º vocal: Longueira Lendoiro, José Luis, DNI: 76 282 854-L.

Suplentes: Presidente: López Camino, Sagrario Luz, DNI: 33 248 235-X.= Presidente: López Campos, María Encarna, DNI: 76 351 066-J.= 1º vocal: López Núñez, Pierina Inmac.= 1º vocal: López Yáñez, José Isidro, DNI: 32 782 185-D.= 2º vocal: Lousa Regueiro, Emilio José, DNI: 32 796 883-X.= 2º vocal: Maceira Freire, Margarita, DNI: 79 311 024-D.

SECCIÓN 3.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Dopico Carro, Consuelo, DNI: 76 363 276-X.= 1º vocal: Fernández Faraldo, María Karina, DNI: 32 775 554-W.= 2º vocal: Fernández Villaverde, María Dolores, DNI: 76 363 267-R.

Suplentes: Presidente: Fraga Mandián, Ana Isabel, DNI: 46 901 268-J.= Presidente: Freire Doval, Francisco, DNI: 76 275 932-C.= 1º vocal: Freire Rivas, María Carmen, DNI: 76 304 687-W.= 1º vocal: García Barros, María Begoña, DNI: 79 311 545-R.= 2º vocal: García González, Mercedes, DNI: 76 337 000-T.= 2º vocal: Golpe García, Ana María, DNI: 32 769 697-X.

SECCIÓN 4.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Veiga García, María, DNI: 32 436 552-C.= 1º vocal: Vidal Cabado, Mónica, DNI: 32 768 900-H.= 2º vocal: Vázquez Gómez, María Sol, DNI: 32 641 067-L.

Suplentes: Presidente: Vila Muiños, Manuel Luis, DNI: 32 415 384-N.= Presidente: Vilariño Sánchez, Ana María, DNI: 32 782 673-Z.= 1º vocal: Yáñez Pérez, María Pilar, DNI: 32 811 155-E.= 1º vocal: Acitores Fernández, Fernando M., DNI: 32 411 480-H.= 2º vocal: Alvarez García, Gloria, DNI: 9 740 348-D.= 2º vocal: Amenedo Gancedo, José Carlos, DNI: 32 746 968 M.

SECCIÓN 5.- MESA: A

Titulares: Presidente: Casanova Díaz, María Mercedes, DNI: 76 363 297-P.= 1º vocal: Castro Sánchez, Lucía A., DNI: 76 369 184-F.= 2º vocal: Cerrillo Ortiz, Begoña, DNI: 14 914 542-P.

Suplentes: Presidente: Cibreiro Blanco, Jesús Luis, DNI: 32 747 117-Q.= Presidente: Clerins West, Miguel, DNI: 32 764 135-Z.= 1º vocal: Cordido Cea, María José, DNI: 76 363 799-G.= 1º vocal: Corral Bernabé, María Francisca, DNI: 40 030 417-K.= 2º vocal: Cortés González, María José, DNI: 32 437 901-N.= 2º vocal: Cortina Varela, Leticia, DNI: 46 867 009-R.

SECCIÓN 5.- MESA: B

Titulares: Presidente: Martínez López, Pablo, DNI: 32 634 878-V.= 1º vocal: Martínez Mosteiro, María Carmen, DNI: 32 385 966-B.= 2º vocal: Martínez Otero, María Yolanda, DNI: 76 357 067-B.

Suplentes: Presidente: Martínez Portugal, Juan José, DNI: 10 816 776-Z.= Presidente: Martínez Solleiro, Jorge, DNI: 32 805 257-N.= 1º vocal: Martínez Vicente, Ana, DNI: 32 717 054-Z.= 1º vocal: Martínez Vidal, José Manuel, DNI. 32 290 604-F.= 2º vocal: Matilla Cortés, Belén, DNI: 32 761 354-Q.= 2º vocal: Mauri García, Antonio Luis, DNI: 76 315 739-Z.

SECCIÓN 6.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Castro Vidales, C. María, DNI: 9 676 178-D.= 1º vocal: Cejuela Amado, Alfonso, DNI: 34 391 101-Y.= 2º vocal: Collar Urquijo, Jesús, DNI: 5 235 410-N.

Suplentes: Presidente: Cordeiro Rodríguez, Manuela, DNI: 32 763 170-S.= Presidente: Cortés de la Iglesia, Francisco, DNI: 79 310 397-A.= 1º vocal: Cortés Ruanova, Manuel, DNI: 32 442 961-N.= 1º vocal: Cortizas Bouza, Francisco José, DNI: 32 630 673-K.= 2º vocal: Couceiro Dorado, José Luis, DNI: 33 277 588-S.= 2º vocal: Couto Rey, José Manuel, DNI: 76 358 725-J.

SECCIÓN 7.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Andrade Vidal, María Isabel, DNI: 76 326 811-T.= 1º vocal: Ares Domínguez, M. Carmen, DNI: 32 796 780-E.= 2º vocal: Ares Medín, Isabel, DNI: 76 329 343-W

Suplentes: Presidente: Ares Suárez, María Araceli, DNI: 32 443 978-U.= Presidente: Becerra Noguerol, Pedro, DNI: 76 363 794-E.= 1º vocal: Cagiao Fidalgo, María Ángeles, DNI: 32 768 557-C.= 1º vocal: Cagiao Souto, Javier, DNI: 76 336 945-Z.= 2º vocal: Carro Álvarez, María Monse., DNI: 79 317 990-Y.= 2º vocal: Carro Núñez, Ana María, DNI: 79 317 988-G

SECCIÓN 8.- MESA: A

Titulares: Presidente: Ois Fariñas, María Jesús, DNI: 76 356 151-S.= 1º vocal: Lata Barbeito, José Ramón, DNI: 32 449 456-K.= 2º vocal: Lendoiro Sánchez, Manuel, DNI: 76 366 539-F.

Suplentes: Presidente: López Lendoiro, Adolfo, DNI: 79 312 714-C.= Presidente: Olcoz López, Marcelino, DNI: 76 406 569-U.= 1º vocal: Maseda Corbelle, María José, DNI: 32 448

181-B.= 1º vocal: Otero Pacín, Beatriz, DNI: 32 768 771-G.= 2º vocal: Pumares Mateo, Javier, DNI: 10 834 594-F.= 2º vocal: Silvent Lorenzo, Encarnación, DNI: 32 754 582-Y.

SECCIÓN 8.- MESA: B.

Titulares: Presidente: Dopico Sueiro, José, DNI: 37 034 050-W.= 1º vocal: Freire Fernández, Elba Berta, DNI: 34 576 399-Q.= 2º vocal: García Naveira, Susana, DNI: 76 363 871-F.

Suplentes: Presidente: Fernández Mosquera, Salvador, DNI: 76 309 099-K.= Presidente: Fernández Pérez, Juan José, DNI: 79 318 540-G.= 1º vocal: Ferreño Pradeda, Ana, DNI: 79 310 966-C.= 1º vocal: Ferrer García, Julián, DNI: 16 534 710-R.= 2º vocal: García Rodríguez, María José, DNI: 76 363 723-C.= 2º vocal: Franco Morales, Ana Esther, DNI: 9 743 821-D.

SECCIÓN 9.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Lareo Barreiro, Lucía, DNI: 53 161 463-E.= 1º vocal: Lendoiro Fernández, María Carmen, DNI: 79 311 524-A.= 2º vocal: García Vilariño, María José, DNI: 32 786 533-X.

Suplentes: Presidente: López Jerez, Patricia, DNI: 47 359 175-J.= Presidente: López Naveira, Josefa, DNI: 32 422 193-J.= 1º vocal: López Socas, Carlos M., DNI: 33 247 864-F.= 1º vocal: Miramontes Otero, María Jesús, DNI: 32 773 772-Z.= 2º vocal: Moris Mosquera, María Concepción, DNI: 32 842 860-X.= 2º vocal: Mosquera Vales, Antonio Oscar, DNI: 79 318 101-W.

SECCIÓN 10.- MESA: A

Titulares: Presidente: Abeal Pérez, Patricia, DNI: 76 329 106-H.= 1º vocal: Barral Seoane, Diana María, DNI: 32 825 306-N.= 2º vocal: Blanco Saavedra, María Pilar, DNI: 32 448 459-J.

Suplentes: Presidente: Calviño Golpe, María Isabel, DNI: 32 757 364-M.= Presidente: Castro Barral, Oscar, DNI: 46 896 713-N.= 1º vocal: Duro Creo, José M., DNI: 681 535-E.= 1º vocal: Fernández Bernardo, Elisa, DNI: 53 161 440-E.= 2º vocal: Fontenla Martínez, Isabel, DNI: 76 369 162-P.= 2º vocal: Furelos Ramos, María Teresa, DNI: 46 898 368-B.

SECCIÓN 10.- MESA: B.

Titulares: Presidente: Sánchez Vázquez, Jorge, DNI: 79 314 444-W.= 1º vocal: Santiago Ares, Ana, DNI: 32 432 774-Z.= 2º vocal: Teijeiro González, Julia.

Suplentes: Presidente: Vaamonde Fariñas, María José, DNI: 76 356 145-D.= Presidente: Vázquez Lata, Manuel, DNI: 32 437 431-W.= 1º vocal: Vázquez Souto, María Pilar, DNI: 46 898 841-R.= 1º vocal: Veiga Iglesias, Santiago, DNI: 76 367 113-Y.= 2º vocal: Arcay López, José Ángel, DNI: 76 341 564-X.= 2º vocal: Barral López, María Pilar, DNI: 32 442 008-W

SECCIÓN 10.- MESA: C

Titulares: Presidente: Acción Lamas, Ramiro, DNI: 32 783 665-V.= 1º vocal: Andrade Rosende, Berta, DNI: 32 804 419-W.= 2º vocal: Antolín Alvarez, Eleuterio, DNI: 32 607 367-Z.

Suplentes: Presidente: Areal Sánchez, Rocío, DNI: 76 356 994-F.= Presidente: Arribas Mosquera, Gemma, DNI: 32 800 324-R.= 1º vocal: Bello López, Blanca, DNI: 32 645 602-T.= 1º vocal: Carneiro Casal, Antonio M., DNI: 79 311 533-N.= 2º vocal: Carro Gómez, Lidia, DNI: 32 807 800-W.= 2º vocal: Charlon Otero, Alfonso, DNI: 76 353 941-J.

SECCIÓN 10.- MESA: D.

Titulares: Presidente: Amado Rodríguez, Mónica, DNI: 79 316 897-V.= 1º vocal: Cainzos Pena, Antonio, DNI: 32 784 228-M-= 2º vocal: Candame Pardo, Yolanda, DNI: 32 791 080-A

Suplentes: Presidente: Carro Carro, María Olga, DNI: 79 318 099-T.= Presidente: Casal Sobrino, María Carmen, DNI: 76 351 149-G.= 1º vocal: Castro Díaz, Beatriz, DNI: 34 890 526-D.= 1º vocal: Chas Pérez, Samuel, DNI: 79 319 278-Y.= 2º vocal: Díaz Cortés, María Isabel, DNI: 32 773 413-T.= 2º vocal: Edreira Díaz, Jorge M., DNI: 32 796 490-P.

SECCIÓN 11.- MESA: ÚNICA.

Titulares: Presidente: Agraso Carballido, Manuel Amancio, DNI: 33 161 185-S.= 1º vocal: Beade Pérez, María Nieves, DNI: 76 363 854-J.= 2º vocal: Cabanas Domínguez, José Miguel, DNI: 79 312 303-T.

Suplentes: Presidente: Cainzos Gómez, Fernando, DNI: 76 356 980-Q.= Presidente: Crespo Seoane, Belén, DNI: 46 897 817-N.= 1º vocal: Carro Breijo, Pedro José, DNI: 32 408 389-D.= 1º vocal: Casanova Prado, Begoña, DNI: 32 799 653-C.= 2º vocal: Castro Castiñeira, Cristina, DNI: 32 788 991-F.= 2º vocal: Crespo Pardo, Agustín, DNI: 76 363 207-X

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Perez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA O TRECE DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galerias.

Dª Ofelia López Campos.

D. Andrés Beade Dopico.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

D. José Ramón García Vázquez.

D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do día trece de outubro de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria urxente prevista para o día de hoxe.

100.- DESIGNAR NOVOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA 1997 CON MOTIVO DE EXCUSAS E OUTROS.

Dada conta do resultado do sorteo realizado para cubri-las baixas producidas nas mesas electorais das eleccións ó Parlamento Galego 1997, por excusas, ausencias, etc., o Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo sorteo realizado, quedando cubertas as baixas mencionadas para as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan, para os cargos que se reseñan:

SECCIÓN 2.- MESA: U.
Cargo: Suplente 2 de presidente / 02.29 / Babío Rodríguez, María Pilar.
Cargo: Suplente 2 de vocal 1 / 03.44 / Bello Varela, María Pilar.
SECCIÓN 4.- MESA: U.
Cargo: Suplente 2 de vocal 2 / 07.225 / García Sánchez, María Dolores.
SECCIÓN 5.- MESA: A.
Cargo: Suplente 1 de vocal 2 / 13.486 / Faraldo Paz, Ricardo.
Cargo: Suplente 2 de vocal 2 / 07.236 / Candamio Folgar, Sonia María.
SECCIÓN 5.- MESA: B
Cargo: Suplente 2 de vocal 1 / 11.404 / Pardo Vía, María Rosa.
Cargo: Suplente 2 de presidente / 11.410 / Pariente Vila, Sagrario.
SECCIÓN 6.- MESA: U
Cargo: Suplente 1 de presidente / 08.260 / Dopico Gómez, María José.
Cargo: Suplente 2 de presidente / 06.201 / Couceiro Dorado, José Luis.
Cargo: Suplente 2 de vocal 1 / 02.36 / Arévalo Vázquez, Cristina María.
SECCIÓN 7.- MESA: U
Cargo: Suplente 2 de vocal 1 /05.131 / Díaz Noguerol, Manuel.
SECCIÓN 8.- MESA: A
Cargo: Suplente 2 de Presidente / 02.33 / Calvo Cobelo, José Antonio.
Cargo: Suplente 2 de vocal 2 / 02.42 / Carro Cartelle, María Carmen.
SECCIÓN 10.- MESA: A
Cargo: Suplente 2 de Presidente / 03.80 / Hermo Rodríguez, Susana.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Angel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteoito de novembro de mil novecentos noventa e sete. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación ás actas da sesión ordinaria do día doce de setembro de mil novecentos noventa e sete e ás das sesións extraordinarias dos días vintetrés de setembro e trece de outubro de mil novecentos noventa e sete.

2.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno da Corporación do seguinte enviado por:

2.1.- Director xeral de estradas da Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes do Ministerio de Fomento, contesta escritos deste Concello de datas 12 e 20 de marzo de 1997 nos que se comunicaban unha serie de anomalías producidas durante as

obras da Autovía do Noroeste no tramo: Montesalgueiro-A9, no termo municipal de Betanzos.

3.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELACIONADA COAS FEIRAS DE BETANZOS.

Neste punto da orde do día incorpórase a Sra. Faraldo Botana, concelleira do PP.

A solicitude do Sr. Pita e de orde do Sr. alcalde, o secretario da lectura á moción do grupo popular que, en síntese, sinala que xa é hora de que a feira de Betanzos volte á súa tradicional ubicación na praza dos Irmáns García Naveira, tralo remate das obras de construcción do aparcamento subterráneo que motivaron o seu traslado á zona do Carregal, facendo a seguinte proposta: "1º.- Ordena-lo inmediato traslado da feira do Carregal á praza dos Irmás García Naveira.= 2º.- Convocar unha reunión urxente con tódolos colectivos afectados para que a reubicación se realice de forma racional e intelixente tendo en conta fundamentalmente os intereses económicos da nosa cidade".

- No uso da palabra, o voceiro do grupo popular, Sr. Pita, pon de manifesto que o seu grupo mantén unha espera paciente, entendendo que sobre a feira nunco houbo acordo de traslado, senon que a súa ubicación foi provisional por motivos excepcionais e que unha vez que a "praza do Campo" recobrara a súa fisonomía anterior, voltaría alí a feira. E nese sentido fixéronse oi-las proposicións e opinións, desesperadas pola repercusión económica que todo iso está tendo. Pide que o grupo socialista se pronuncie, pero que non actúe como concesión, senon falando cos colectivos interesados, que se reúnan, para non dilata-la situación. Sinala que non lle interesa só o resultado da moción, senon esperta-la sensibilidade sobre este asunto.

- O voceiro do grupo BNG, Sr. Otero, manifesta o seu acordo cos dous puntos da moción, entendendo que co segundo tamén o estará o grupo de goberno. Incide en que non houbo acordo de traslado, senon que o mesmo se debeu a unha circunstancia que, unha vez superada, debía recuperarse, non tendo sentido mais demoras, polo que a comisión competente debía terse convocado antes.

- O Sr. Carro, como voceiro do grupo socialista, considera que non se debe entrar en debates, afirmando que desde o goberno municipal se está interesando en que as feiras se realcen e favorezan a economía local. Entende que o foro de debate ha de se-la comisión, que resolverá ó respecto, indicando que se realizaron contactos, e non de carácter privado, con varios sectores.

- De novo o Sr. Pita, mantense nos seus criterios, entendendo que con anterioridade non houbo acordos, téndose previsto o contrario do que agora se actúa, polo que se congratula de que a súa moción sirva indirectamente para reaccionar, anque non se acepte.

Remata o debate o Sr. alcalde, indicando que os problemas afrontaranse pensando obter sempre o mellor para Betanzos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de sete dos concelleiros presentes (seis do Partido Popular, Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal, e o do BNG, Sr. Otero) e o voto en contra dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeita-la moción presentada.

- A Sra. Faraldo, en explicación do voto, sinala que o mellor para Betanzos non é sempre o que o alcalde pense.

4.- PROPOSTA RELACIONADA COA REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN 2000, ANUALIDADE 1998.

Dase conta de proposta, dictaminada pola Comisión Informativa, sobre modificacións e determinación de obras a contratar polo Concello dentro do Plan 2000, anualidade de 1998.

- O Sr. Pita, como voceiro do PP: que en materia de obras non están en contra, pero entende que son decisión do grupo de goberno.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, coherentemente coa súa postura noutros Plenos, está en contra do propio plan pola súa filosofía contraria á autonomía municipal. Nesta ocasión anuncia a súa abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que a protesta do seu grupo xa se levou a cabo noutros foros, entendendo que a realización das obras é necesario mantela.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (seis do PP, Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal, e o representante do BNG, Sr. Otero), acorda: 1.- Subsanar erro de transcrición na anualidade correspondente a 1998 do plan 2000, por iso onde di: "5- Mellora seguridade vial en Caraña N-525/4.950.000", debe dicir: "5- Mellora seguridade vial en Caraña N-651/4.950.000".= 2.- Ratificar proposta da Alcaldía pola que se solicita da Deputación Provincial a realización da contratación e execución das obras que se relacionan:= Denominación / Importe.= Saneamento de Castro 3F / 4.997.027,- ptas.= Mellora seguridade vial e construcción de beirarrúas en Infesta / 3.700.318,- ptas.= Travesía de Xan Rozo 1ª fase / 5.450.000,- ptas.= Acond. pav. camiños acceso núcleos de Requián e Tiobre / 4.986.840,- ptas.

5.- ADOPCIÓN DE ACORDO NO ESCRITO FORMULADO POR MANUEL RIVERA PEDREIRA EN REPRESENTACIÓN DE PROVIBE SA, RELACIONADO CON RECUSACIÓNS EN EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA.

Dase conta de escrito de D. Manuel Rivera Pedreira, polo que se procede a recusación de D. Antonio Carro Galeiras e Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez como actuantes en expediente sancionador, por diversos motivos que constan no escrito. Existe, así mesmo, dictame do asesor xurídico e está informado pola Comisión.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, solicita do secretario que explique en que consiste o acordo que se propón, por que se trae ó Pleno e que se vai votar. Así mesmo comenta a dúbida de por que non se momean xuices instructores destes expedientes a técnicos, que teñen máis coñecementos, preguntando tamén se os recusados poden votar no Pleno.

A indicación do Sr. alcalde, o secretario explica que a solicitude de D. Manuel Rivera ten a súa orixe nun expediente sancionador en materia urbanística, na que, en uso dos seus dereitos, o interesado procede a recusar ós que van resolver sobre o expediente, recusación que, consonte o artigo 184 do Real decreto 2568/86 do 28 de novembro, corresponde decidir ó Pleno. Respecto á posibilidade de voto no Pleno dos propios recusados, o Sr. secretario indica que se se pide un informe legal, tería que solicita-lo prazo oportuno para emitilo fundadamente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta que non entende de materias legais e cre que este asunto é alleo ó propio Concello, polo que non se cre capacitado para votar, mantendo serias dúbidas sobre a actuación do Pleno, polo que anuncia a súa abstención.

- Insiste a Sra. Faraldo en que se aclaren as dúbidas expostas, pedindo que quede o asunto sobre a mesa para que se informe.

De novo, por indicación do Sr. alcalde, o secretario pon de manifesto a imposibilidade de emitir unn informe fundado, sobre todo polo que respecta á emisión do voto do Sr. Carro Galeiras neste Pleno, non tendo case dúbidas no que respecta a Dª Mª Asunción Sánchez.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, aclara que o asunto ven como consecuencia dun expediente urbanístico, en virtude dun informe sancionador, dentro das competencias do Concello.

O Sr. alcalde entende suficientemente debatido o asunto, sometendo con anterioridade á consideración do Pleno a solicitude de que o asunto quede sobre a mesa. O Pleno, co voto a favor de sete dos concelleiros presentes (seis do PP, Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal, e o do BNG, Sr. Otero) e o voto en contra dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeitar que quede o asunto sobre a mesa.

De novo o Sr. alclalde, entrando no fondo do asunto, somete a votación a solicitude de recusaciónpresentada. O Pleno, co voto a favor dos seis concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), a abstención do representante do BNG (Sr. Otero) e o voto en contra de oito concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeita-la recusación presentada por D. Manuel Rivera Pedreira en expediente urbanístico sancionador.

Faise constar, así mesmo, a abstención do Sr. Carro Galeiras, como posible interesado no asunto.

En explicación do voto, o voceiro do PP quere deixar constancia de que, ó seu entender, se cometeu unha irregularidade.

6.- ESCRITO DE D. JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ, RELACIONADO COA DOAZÓN DA SÚA "OBRA GRÁFICA" Ó EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS.

Visto o escrito de D. Jesús Núñez Fernández, relacionado coa doazón da súa "obra gráfica ó Excmo. Concello de Betanzos, así como o dictame da Comisión Informativa, os voceiros dos grupos manifestan o seu acordo, entendendo o BNG a elección do lugar como axeitada.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Acepta-la doazón que D. Jesús Núñez Fernández efectúa da súa obra gráfica, calculada nuns douscentos gravados. Doazón que, unha vez inventariados os bens, deberá ser elevada a escritura pública.= 2º.- Aceptar como recinto adecuado na actualidade para a exposición total da obra o local da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, sito na rúa do Castro número 2, desta localidade; para tal efecto o Concello comprométese á realización das obras necesarias para tal fin.= 3º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para realizar cantos trámites ou xestións sexan necesarios para levar a cabo os acordos adoptados.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA ACEPTACIÓN DE FUNCIÓNS DELEGADAS POR CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA E O CONCELLO DE BETANZOS EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

Dase conta ó Pleno de proposta da Alcaldía-Presidencia para aceptación de funcións delegadas por convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda e o Concello de Betanzos en materia de xestión catastral, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O voceiro do PP, Sr. Pita, manifesta a abstención do seu grupo, sen entrar a valora-la proposta.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que esta actuación resposta a unha petición anterior, que vai na liña de prestar máis servicios ós cidadáns e de máis autonomía municipal.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (nove do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e un do BNG, Sr. Otero) e a abstención dos seis concelleiros do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Acepta-las funcións delegadas no convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria) e o Excmo. Concello de Betanzos, de colaboración en materia de xestión catastral (modelo A-II), aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 23 de marzo pasado e de acordo cos artigos 7 e 27 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78.1 e a disposición adicional cuarta 2 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.= SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución do fin.

8.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN CELÍCA ESPAÑOLA SOBRE "MOCIÓN DE URXENCIA PARA INSTAR Ó MINISTERIO DE SANIDADE A TOMA-LAS MEDIDAS OPORTUNAS PARA SOLUCIONA-LOS PROBLEMAS QUE AFECTAN Ó COLECTIVO DE ENFERMOS CELÍACOS": ADOPCIÓN DE ACORDO.

Visto o escrito presentado pola Asociación Celíaca Española sobre "moción de urxencia para instar ó Ministerio de Sanidade a toma-las medidas oportunas para soluciona-los problemas que afectan ó colectivo de enfermos celíacos", así como o dictame da Comisión Informativa, o Pleno, por unanimidade, acorda: Aproba-la citada moción para instar ó Ministerio de Sanidade para que tome urxentemente as seguintes medidas: "1º.- Campañas de diagnóstico previo en distintas áreas españolas, xa que é a enfermidade crónica intestinal máis frecuente no noso país, a incidencia estimada é de 1 por cada 300 nacidos vivos ou quizais, aínda máis elevada. A maior parte deles encóntranse sen diagnosticar e sufrindo as consecuencias que se derivan do padecemento da enfermidade e do non seguimento dun réxime estricto sen gluten.= 2º.- Axuda técnica e económica para a realización de análises, seguimento periódico do contido de gluten en productos "sen gluten" especiais para celíacos e alimentos de consumo ordinario, e inspeccións para incentivar ós fabricantes á mellora dos mesmos.= 3º.- Face-las modificacións legais e asignacións presupostarias necesarias para que estes alimentos "sen gluten", especiais para celíacos reciban a consideración de alimentos dietéticos de vixiancia especial, a efectos de que cumpran certos requisitos para a súa aprobación e se realice unha vixiancia sobre eles.= 4º.- Un tratamento máis favorable para a adquisición destes productos especiais "sen gluten". Na actualidade non existe ningun tipo de axuda para eles no noso país e si nos da Unión Europea, onde estes productos están incluídos dentro do réxime da seguridade social ou a persoa celíaca recibe unha axuda ou compensación económica para a compra de ditos productos."

9.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA Á SINALIZACIÓN DE BETANZOS NA AUTOESTRADA DO ATLÁNTICO.

Vista a moción da Alcaldía-presidencia relativa á sinalización de Betanzos na Autoestrada do Atlántico, así como o dictame da Comisión Informativa, tódolos grupos anuncian o seu apoio, se ben o PP considera que hai outras sinalizacións que habería que pedir, empezando polas do Concello.

O Pleno, por unanimidade, acorda: solicitar que autoestrada sinalice convenientemente a súa saída dentro da mesma e antes dos desvíos correspondentes, a súa saída cara a Betanzos, ó tempo que se faculta a esta Alcaldía ou concelleiro en quen delegue para realiza-los trámites necesarios para consegui-los fins propostos.

10.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE MELLORAS NA N-VI ENTRE A CORUÑA-BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre melloras na N-VI entre A Coruña-Betanzos, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, entende que debería retirarse a moción, xa que estes días estase amañando a estrada e levando a cabo as actuacións que se solicitan na moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se vai mante-la moción, xa que só hai indicios de face-lo que se di na mesma, anque non definitivamente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, comparte a postura do voceiro do PP, entende que se debe dar unha marxe de confianza, sen que o seu voto sexa en contra, en canto que tódalas melloras son positivas.

- Insiste o Sr. Pita, engadindo que non entende a moción no día de hoxe, en que se está a executa-las obras e estase procedendo á sinalización, polo que considera que a moción é capciosa.

Remata o Sr. alcalde, reafirmándose na moción presentada, da que resalta a súa segunda parte, que non se puxo en dúbida.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concelleiros do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do representante do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Que se rematen adecuadamente as obras da N-VI entre A Coruña e Betanzos e se sinalice axeitadamente o seu trazado.= SEGUNDO.- Entre tanto estas obras non se rematen e tendo en conta que xa debería ser gratuito o percorrido entre A Coruña e Betanzos pola autoestrada, tal e como sucede noutros lugares do territorio nacional con áreas metropolitanas semellantes ás nosas, permitir, polo menos durante este período, a gratuidade do referido itinerario.= TERCEIRO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución do fin.

En explicación do voto, o Sr. Pita manifesta a contradicción que supón pedi-la gratuidade por un Concello que tanto cobra polos seus servicios.

11.- PRESTAR APROBACIÓN Á CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 1995.

Preséntase ó Pleno o expediente tramitado para prestar aprobación á conta xeral correspondente ó exercicio económico de 1995, no que se contén a documentación xustificativa da exposición pública, así como o informe favorable da Comisión de Contas.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, anuncia o seu voto en contra, por razóns que o goberno entenderá, facendo referencia a un informe existente sobre as contas do ano 1993, do Consello de Contas, que cre xa figura en poder do Concello e do que non se deu conta, non

coincidindo ditas contas co que é preceptivo, anque deso falarase no seu momento. Respecto da proposta que agora se presenta, falarase cando sexan sometidas ó control do Consello, mentres tanto o seu grupo non as vai apoiar.

- O Sr. Otero, ademais de facer referencia ó informe do Consello de Contas, entende que a xestión económica corresponde ó equipo de goberno e pouco se pode facer desde a oposición.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concelleiros do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda: Aproba-la conta xeral do presuposto de 1995, cun balance que reflicte, tanto no activo coma no pasivo, a cantidade de 4.852.396.697,- ptas. (catro mil oitocentos cincuenta e dous millóns trescentas noventa e seis mil seiscentas noventa e sete pesetas.).

12.- PRESTAR APROBACIÓN Á CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 1996.

Preséntase ó Pleno o expediente tramitado para prestar aprobación á conta xeral correspondente ó exercicio económico de 1996, no que se contén a documentación xustificativa da exposición pública, así como o informe favorable da Comisión de Contas.

Dando por reproducidas semellantes posturas que no anterior punto desta sesión, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concelleiros do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda: Aproba-la conta xeral do presuposto de 1996, cun balance que reflicte, tanto no activo coma no pasivo, a cantidade de 5.025.757.615,- ptas. (cinco mil vintecinco millóns, setecentas cincuenta e sete mil seiscentas quince pesetas).

En explicación do voto, o Sr. Pita entende que sería máis lóxico aprobar cada ano a súa.

13.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/97. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta do expediente de modificación de créditos número 2 de 1997, así como do dictame da comisión informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto a súa postura de abstención polos criterios ata o de agora mantidos sobre os asuntos de contido económico, que corresponden máis directamente á responsabilidade do goberno.

- Pola súa banda, o Sr. Pita, voceiro do PP, entende tamén o asunto como propio do criterio do grupo de goberno, non sendo partidarios de modificacións que son consecuencia da propia execución do presuposto.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (seis do PP, Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal, e un do BNG, Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo expediente de modificación de créditos 2/97, mediante transferencias de créditos, por importe de 132.830.000,- ptas., ó presuposto do presente exercicio.= SEGUNDO.- Que se proceda á súa publicación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

14.- PRESUPOSTO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 1998.

Preséntase á consideración do Pleno o presuposto para 1998, acompañado das bases de execución, relación de persoal e demais documentación regulamentariamente esixida, cos informes preceptivos.

Iniciado o debate polo Sr. Pita, voceiro do PP, solicita que o tema quede sobre a mesa, dada a importancia do asunto e dado que o debate non se pode facer sen facilitar información á oposición, o que considera unha burla e unha falta de respecto á oposición e ós principios democráticos, negando facilidades para a análise. Sinala outros aspectos, ó seu xuízo confusos, como a redacción da orde do día, reiterando a súa solicitude de deixa-lo asunto sobre a mesa.

- O Sr. alcalde, tras aclara-lo cumprimento dos prazos legais no trámite presupostario, somete a votación a solicitude.

O Pleno, co voto a favor de sete concelleiros (seis do PP, Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal, e un do BNG, Sr. Otero) e o voto en contra dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), rexeita o solicitado e acorda continua-lo debate do asunto.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, asinte á postura do PP, dada a importancia do asunto, anque se cumpran os prazos legais, o que levaba noutros exercicios a tratalo nun Pleno extraordinario, facilitando á oposición a presentación de enmendas. No que respecta ó presuposto, fai unha comparación co anterior, co que resalta algúns cambios notorios , que na súa opinión representan melloras respecto do de 1997, anque sinala o exceso de investimentos en material, anque non fungible, e a escasez de principios declarados na memoria que precede ó documento. Sinala que non vai apoia-lo asunto, dado que non houbo ocasión de participar, pero quere outorgar un mínimo de confianza.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece a intervención do voceiro do BNG e manifesta que o presuposto vai se-lo mellor posible, que foi debidamente tramitado, que cumpre os aspectos legais e sobre o que non é preceptivo un pleno monográfico. En resumo, califícao como presuposto de austeridade, progresista, xa que mantén o gasto corrente e aumenta o investimento, moderado na apelación ó crédito e solidario no aspecto de pretende-la mellor calidade de vida e o maior progreso para tódolos veciños. Engade que non se pode, cando non se adica tempo ou non se ten, pretender paraliza-las institucións.

En quenda de réplica, o Sr. Pita manifesta que ningún concelleiro do PP dispón de dedicación exclusiva, insistindo en que en ningún foro se presenta así o presuposto, entendendo que se están conculcando dereitos democráticos e que, en consecuencia, recorreranse. Critica que sexan os mellores porque non hai outros e remata manifestando a súa máis enérxica protesta por unha actuación que considera de ocultismo.

Remata o debate o Sr. alcalde, afirmando que non hai ocultación de nada e que a oposición non participa máis que na crítica, xa que agora que se trae o presuposto en tempo, polo que antes se protestaba, tampouco se está de acordo. Respecto ó contido da memoria, entende que o principal é o propio presuposto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Caleiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concelleiros do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do representante do BNG (Sr. Otero), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o presuposto para 1998, que ascende tanto en ingresos como en gastos á cantidade de 1.008.336.000,- ptas. (mil oito millons trescentas trinta e seis mil pesetas), sendo o seu resumo por funcións e capítulos o seguinte:

GASTOS, CLASIFICACIÓN FUNCIONAL.

Grupo func.	Descrición.	Importe.
0	Débeda pública	62.262.797,-
1	Servicios de carácter xeral	111.135.648,-
2	Protección civil e seguridade cidadá	85.090.869,-
3	Seguridade, protección e promoción social	122.298.414,-
4	Producción bens públicos de caracter social	312.754.447,-
5	Produc. bens públicos de carácter económ.	254.850.841,-
6	Regulación económica de carácter xeral	43.942.984,-
7	Regulación económica sectores productivos	10.000.000,-
9	Transferencias a administracións públicas	6.000.000,-
	TOTAL PRESUPOSTO.....:	1.008.336.000,-

GASTOS, CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.

Capítulo.	Descrición.	Importe.
1	Gastos de persoal	391.078.966,-
2	Gastos en bens correntes e servicios	251.416.000,-
3	Gastos financieiros	33.749.336,-
4	Transferencias correntes	45.375.000,-
6	Investimentos reais	252.203.237,-
7	Transferencias de capital	6.000.000,-
8	Activos financieiros	2.000.000,-
9	Pasivos financieiros	26.513.461,-
	TOTAL PRESUPOSTO.....:	1.008.336.000,-

INGRESOS

Capítulo.	Descrición.	Importe.
1	Impostos directos	293.700.000,-
2	Impostos indirectos	67.000.000,-
3	Taxas e outros ingresos	109.335.000,-
4	Transferencias correntes	323.001.000,-
5	Ingresos patrimoniais	3.800.000,-
6	Alleación de investimentos reais	81.500.000,-
7	Transferencias de capital	58.000.000,-
8	Activos financieiros	2.000.000,-
9	Pasivos financieiros	70.000.000,-
	TOTAL PRESUPOSTO.....:	1.008.336.000,-

SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período correspondente.

15.- PRESTAR APROBACIÓN A EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 1998.

Dase conta do expediente tramitado para modificación e derrogación de ordenanzas fiscais, conténdose as propostas e informes no expediente.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, fai referencia neste punto á mesma postura que a manifestada á hora de debate-lo presuposto. Entende que as ordenanzas son de grande importancia na vida económica de Betanzos e non se pode analizalas en corenta e oito horas con seriedade, polo que quedan de exclusiva responsabilidade do grupo de goberno, ó que acusa de falta de transparencia e de información, que en vez de permitir que os grupos políticos realicen o seu traballo, todo son dificultades.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia a súa abstención, indicando tamén a necesidade de máis tempo e anque lle houbera gustado analizalas mellor, cré que non hai excesivas variacións respecto ó anterior.

Realizada a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concellerios do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do representante do BNG (Sr. Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de ordenanzas e prezos públicos para o exercicio económico de 1998 e tarifas de aplicación a servicios e instalacións. Relación de ordenanzas que se modifican: Ordenanza fiscal número dous: Taxa por actividades administrativas ou servicios públicos municipais. Taxa número 1: Expedición e tramitación de documentos. Taxa número 2: Cemiterio municipal. Taxa número 3: Retirada e custodia de vehículos. Taxa número 4: Licencia de aperturas de establecementos. Taxa número 5: Licencias de autotaxis e outros vehículos de aluguer. Taxa número 6: Licencias urbanísticas. Taxa número 7: Incendios, ruinas, salvamentos. Taxa número 8: Rede de sumidoiros. Taxa número 9: Recollida domiciliaria de lixo.= Ordenanza fiscal número tres: Prezos públicos por aproveitamentos especiais, utilizacións privativas, actividades administrativas ou prestación de servicios públicos. Prezo público número 1: Mercado ou praza de abastos. Prezo público número 2: feira de gando e de productos agrarios. Prezo público número 3: Subministro de auga potable. Prezo público número 4: Ordenación e regulación de aparcamentos. Prezo público número 6: Mesas e cadeiras en vías públicas. Prezo público número 7: Quioscos en vías públicas. Prezo público número 8: Postos, barracas, casetas, etc. en vías públicas.Prezo público número 9: Industrias da rúa e venda ambulante. Prezo público número 12: Valas, entullo, materiais, mercadurías, etc.. en vías públicas. Prezo público número 13: Entradas de vehículos, reservas de aparcamentos en vías públicas. Prezo público número 16: Actividades culturais e deportivas. Prezo público número 17: Emisoras de radio.= Ordenanza fiscal número cinco: Imposto sobre bens inmobles.= Ordenanza fiscal número seis: Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.= Ordenanza fiscal número nove: Imposto sobre construccións, instalacións e obras.

Tarifas: Tarifas do servicio municipal de auga potable do Concello de Betanzos. Tarifas para utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Betanzos.

Relación de ordenanzas que se derrogan: Prezo público número 14: Balcóns, miradores, terrazas, sobre a vía pública. Prezo público número 15: Portadas, escaparates, vitrinas, rótulos, etc. na vía pública.

SEGUNDO.- Que se continúe a tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobadas se non se presentan reclamacións no período oportuno.

TERCEIRO.- Autorizar ós servicios de intervención para proceder á refundición das ordenanzas fiscais en vigor.

16.- EXPEDIENTE DE OPERACIÓN DE CRÉDITO, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de operación de crédito, incluída no presuposto para este exercicio, por importe de 29.961.677,- ptas.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifesta a postura do seu grupo que non é de oposición, senon que resposta a que un concello que ten uns impostos e taxas tan elevados non xustifica ter que recorrer ademais a operacións de crédito, cando, así mesmo, se producen gastos que vai sendo hora de moderalos. Por todo iso van votar en contra.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala que o seu grupo sempre se abstén e anque poida comparti-la estrañeza por algún gasto, a xestión corresponde ó goberno.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concelleiros do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda: Realizar, co Banco de Crédito Local, unha operación de préstamo por un importe de 29.961.677,- ptas., cun tipo de xuro fixo durante os dous primeiros anos de vida do préstamo do 5,35% e a tipo de xuro variable referenciado ó Mibor a tres meses máis unha marxe do 0,15% durante os restantes anos, sen comisións de apertura nin gastos de formalización; facultando ó Sr. alcalde para formaliza-lo correspondente contrato ou póliza.

17.- MOCIÓN DO GRUPO BNG RELATIVA Ó FUNCIONAMENTO DA EMISORA MUNICIPAL "RADIO BETANZOS".

Dase conta de moción do BNG na que se contén un regulamento de funcionamento da emisora municipal "Radio Betanzos".

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, comeza a súa exposición lamentando e excusando non poder ter asistido á Comisión Informativa e defendendo a súa proposta, no sentido de aplica-la lexislación vixente, cun regulamento semellante a outros que xa se veñen aplicando noutras radios municipais. Manifféstase disposto a que a moción sexa debatida por unha comisión especial que lle dea forma final ó regulamento.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, sinala o seu apoio á moción, considerando lamentable que ainda haxa pequenos focos de incumprimento da Constitución. Fai referencia á súa escasa participación na emisora, non así noutras da comarca. Insiste na necesidade de regulamenta-la radio polo que se adhire á moción.

- Sr. Díaz, voceiro do PSdeG-PSOE, afirma tamén o seu acordo no regulamento, pero sinala que en tal sentido se ven traballando nunha comisión mixta EMUGA-FEGAMP, sobre o futuro destas emisoras, para un regulamento básico para todas, que unifique criterios, polo que se pretendía esperar a que esta comisión rematase os seus traballos.

- O Sr. Otero entende correcta a postura do PSOE, sinalando que o regulamento que el presenta se ven aplicando nunha grande parte nun concello cercano a Betanzos,

polo se podería empezar a traballar sobre a base de todo iso, creando unha comisión que pase ó seu estudio.

- O Sr. Alcalde indica que espera que se alcance un regulamento que sexa para tódolos concellos e, resumindo o sentir do Pleno, considera formada unha comisión no sentido manifestado, presidida polo concelleiro de cultura, con representantes de cada grupo, quedando o grupo popular de indica-lo seu representante.

1800.- EXPEDIENTE CORRESPONDENTE A ORDENANZA DE RUIDOS, ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno de ordenanza de ruidos, co obxecto do establecemento, no ámbito das competencias municipais, de normas reguladoras en materia de protección do medio ambiente contra as perturbacións por ruidos e vibracións, e das actividades sometidas a licencia no termo municipal de Betanzos.Está acompañada do dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo, non por estar en contra, xa que se aceptaría unha grande parte da ordenanza proposta, senon por utilizar Plenos tan densos para aprobar tantos asuntos, co que se oculta información. Neste senso fai referencia a un informe do Valedor do Pobo sobre o problema do ruído, que ainda que supón está en poder do grupo de goberno, eles descoñéceno coma outras informacións ó respecto, co que se produce unha ocultación desa información, voluntaria ou involuntaria.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica o seu voto a favor, dada a importancia e a problemática da contaminación da que se trata, que se incrementou coa concentración dos locais de ocio. Fai referencia a anteriores debates sobre este asunto no Pleno, nos que sempre se puxo de manifesto a ausencia dunha lexislación, situación hoxe superada. Agora o que fai falta é que se aplique. Considera moi importante a determinación de zonas que permiten a regularización das licencias.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece a postura do BNG, indicando que se leva tempo traballando na ordenanza cun intento dunha mellor regulación que trate de soluciona-los problemas presentados, contémplanse zonas protexidas e saturadas, sinalando que todo é mellorable, polo que se vai inicia-lo período en que os colectivos afectados poden entrar a valora-la proposta.

- O voceiro do PP sinala que o importante non é aproba-la ordenanza, senon aplicala, facendo referencia ó anterior regulamento de ruídos, o que se pode facer agora coa lexislación autonómica. Insiste, así mesmo, na necesidade das aportacións dos distintos colectivos. Mantén a súa postura de abstención e espera unha aplicación obxectiva.

- Indica o Sr. Alcalde que sendo unha boa medida, intentarase aplicala o mellor posible.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (nove do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e un do BNG, Sr. Otero) e a abstención dos seis representantes do PP (Sres.: Pita, Faraldo, Fernández, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: 1º.- Aproba-la ordenanza de ruídos.= 2º.- Que se continúe a súa tramitación, considerándose definitivamente aprobada se non se presentan reclamacións no período de exposición.

19.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta a pregunta do PP efectuada no anterior Pleno ordinario (de data 12-09-1997): Darase conta da sentencia, unha vez que sexa definitiva.

Dase lectura ós seguintes rogos e preguntas do BNG:

1.- ¿Fixose algunha xestión ou prgunta a FENOSA para averigua-lo porqué e subsana-los contínuos cortes de subministro eléctrico que se producen a pouco que o tempo sexa tormentoso? ¿Cal foi a resposta de FENOSA? No caso de que tales xestións non se teñan realizado, pregamos do goberno municipal que as leve adiante.

2.- Cortes no subministro de auga.

¿Por que, nos casos que é posible xa que están previstos, a empresa concesionaria do servicio non avisa con anterioridade? Sería ademais importante que o aviso informase da duración estimada no corte do subministro para que os veciños afectados poidesen adopta-las oportunas medidas.

3.- ¿Por que o Servicio de Intervención Rápida de Protección Civil se vai encargar, segundo noticias de prensa, de xestionar en determinados momentos o servicio de guindastre nas zonas de ORA? ¿Non existe xa unha empresa concesionaria deste servicio? ¿Que convenio ou acordo se negociou -no caso de resposta afirmativa á primeira pregunta deste punto- coa empresa concesionaria para que ese servicio o cubra, parcialmente, un organismo público como é Protección Civil?

4.- ¿Que medidas se están a tomar diante dos contínuos recheos con entullo e a proliferación de vertedeiros incontrolados que se producen nas marxes dos nosos ríos? Como exemplos de recheos abonda cita-las zonas da Veiga e San Xiao e de vertedeiro o que se atopa nesta última zona, preto da fonte dos Anxeles, que medra dun xeito preocupante.

5.- Temos noticias de que o Concello xa dispón de colectores para papel

¿Cando se van instalar? ¿Tense previsto acompaña-la súa instalación dalgunha campaña informativa e de concienciación ó respecto? De non ser así, pregamos do goberno municipal que se habilite o presuposto necesario para a devandita campaña sobre o reciclado, a súa necesidade, os seus beneficios ambientais e o aforro de recursos.

6.- ¿Cando se van insntala-las prometidas marquesiñas nas paradas de autobús da rúa de Saavedra Meneses? Lembrámoslles que xa foron solicitadas polo grupo municipal do BNG na pasada lexislatura e que o equipo de goberno asegurou que se colocarían cando rematasen as obras de acondicionamento de dita rúa, cousa que aconteceu hai xa tempo.

O grupo municipal do BNG prega do goberno municipal que demande da Deputación da Coruña unha explicación pormenorizada dos criterios aplicados para resolve-las peticións de subvencións para actividades e infraestructuras en materia de cultura e deportes para o exercicio de 1997 que poida xustifica-lo aparente agravio a que somete ó Concello de Betanzos, que resulta bastante desfavorecido en comparanza con outros.

O Sr. Pita, representante do PP, realiza os seguintes rogos:

- Que se axilice o nomeamento do concelleiro do seu grupo que renunciou ó cargo, achacando á administración a limitación a unha persoa do exercicio dos seus dereitos.

- Pide a tódolos grupos que para outras campañas electorais se respecten os espacios de publicidade, dando exemplo de limpeza.

- Que se tome un acordo para unificar criterios sobre as festas, tratando igual a tódalas comisións.

- Que se tomen medidas respecto á recollida de pilas que eviten a contaminación, tendo en conta que Galicia conta cunha planta de resíduos industriais.

- Que se graven os plenos pola emisora para a súa reproducción ó público.

A Sra. Faraldo, representante do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Que se retire un anuncio de obras en Betanzos que indica desvío a Ferrol, xa que induce a confusión.

- Que se tomen medidas na xestión do "parking", sobre horarios, o que xa se manifestou noutro Pleno.

- ¿Que período ten unha asociación para pedir axudas? ¿Que tempo se tarda en contestar? ¿Hai algún documento que aclare esto?

- Que se informe sobre o convenio coa asociación PAIDEIA e os seus resultados.

- ¿Que fixo cambia-la postura do alcalde, para autoriza-lo uso festivo da praza García Irmáns, cando fai ano e medio se negou?

- Se foi recepcionada a rúa de José Fariñas e, no caso contrario ¿como se adoptan medidas de estacionamento?

- ¿Por que hai zonas de rede de sumidoiros defectuosa cando se fixo propaganda do seu bo estado?

- En relación coa solicitude da asociación "Leliadoura" na Comisión de Goberno, ¿Con que cantidade se subvencionou? ¿Subvenciónase algunha outra prestación? ¿Que taxa de aluguer se cobrou polo aluguer da praza do Campo?

- Respecto ás tarxetas de abonados ó Deportivo da Coruña ¿Cantas tarxetas hai? ¿Quen as usa? ¿É certo que algún fillo de concelleiro fixo uso delas?

- Respecto a obras de pavimentación da praza García Irmáns, aprobadas en Comisión, ¿que obras se fixeron?

- Pregunta sobre cantidade a pagar a "La Unión y el Fénix" como consecuencia de pleito civil

- ¿Por que non se volveu a convoca-la Comisión de Drogodependencias, téndose convocado, sen embargo, un curso pola Comisión de Goberno?

- ¿Cal é a situación dos locais sociais, uso, quen ten as chaves, quen regula o funcionamento?

- Fai referencia á escritura de compravenda da Escola García Irmáns, na que se sinala un aumento do prezo, en relación ó incremento de edificabilidade. ¿Que trámites se levaron ou se pensan levar a cabo para cobrar ese diñeiro?

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintetrés horas, da que se estende a presente acta que a sina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE XANEIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos,
D. Luis alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño.

Non asisten, con desculpa:

D. Jaime A. Pita Varela., concelleiro do PP.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintenove de xaneiro de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

100.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A Sra. voceira do PP indica que nos rogos e preguntas do pasado pleno se deixaron de recoller algúns, co que aproveita para solicita-la gravación dos Plenos. As preguntas non recollidas son referentes ó horario de multa de vehículos en carga e descarga e a solicitude da sentencia de cantidade a pagar a "la Unión y el Fénix" segundo constaba nunha acta da Comisión de Goberno.

A acta correspondente á sesión do vinteoito de novembro pasado queda aprobada por unanimidade.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR D. FRANCISCO GABRIEL GONZÁLEZ SUÁREZ.

Presente na sala o Sr. Francisco Gabriel González Suárez, acreditado como concelleiro, en sustitución de D. Manuel J. Basteiro Fernández, presta xuramento de

acordo coa fórmula prevista no artigo 1º do R.D. 707/79 do 1 de abril, sendo posesionado no seu cargo, facéndoselle entrega da medalla corporativa.

3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS E ESCRITOS VARIOS.

Dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

- "Autopistas del Atlántico concesionaria española SA", comunica que toda a sinalización colocada na autoestrada do Atlántico (A-9) está realizada de acordo con proxectos aprobados polo Ministerio de Fomento.

- Relación de obras menores aprobadas por resolución do delegado de urbanismo e medio ambiente.

- Resolucións da Alcaldía números 176/97, 177/97 e 181/97.

- Plano de prevención de drogodependencias, que presenta a Alcaldía para un próximo debate plenario.

4.- ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA SOBRE MODIFICACIÓN DE OBRAS NO CEMITERIO MUNICIPAL.

Visto o escrito presentado por ALCUBA SA relativo a solicitude para cambio de tipoloxía no método constructivo dos nichos da ampliación do cemiterio municipal de Betanzos, así como o dictame da Comisión informativa, o Sr. Otero (voceiro do BNG) explica a súa postura de abstención, xa que se ben non hai motivos técnicos, como xa se opuxera ó sistema e forma de contratación dos nichos do cemiterio, considera coherente manter esta posición.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (seis do grupo popular, Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), acorda acceder ó solicitado por ALCUBA SA, permitindo a modificación na construcción dos nichos no cemiterio, sen prexuízo das adaptacións necesarias ó proxecto.

5.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE AUTORIZACIÓN Á EMPRESA AQUAGEST PARA O COBRAMENTO DAS OBRAS REALIZADAS Ó MINISTERIO DE FOMENTO.

Visto o expediente tramitado, ó obxecto do cobramento de obras realizadas para "modificación da estación de bombeo de auga potable" como consecuencia da afectación polas obras da autovía do Noroeste e dado que, como queda sinalado, as obras foron realizadas pola concesionaria municipal, o Pleno, co voto favorable de dez concelleiros presentes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos seis concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: autorizar á empresa AQUAGEST SA para o cobramento dos traballos realizados ó Ministerio de Fomento, que ascenden ó importe de trece millóns novecentas corenta e nove mil catrocentas vintecatro pesetas (13.949.424,- ptas.), IVE incluído.

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE RUÍDOS.

Preséntase para a súa aprobación definitiva a ordenanza de ruídos, que foi tramitada regulamentariamente, procedendo agora o estudio das alegacións presentadas, informadas debidamente e coa proposta dictaminada tamén en sentido favorable pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto os seguintes aspectos: que non se remitiu ó seu grupo unha copia do documento, como se fixo con outras entidades, o que impediu un estudio máis amplo: que supón que a ordenanza entrará en vigor de inmediato e se adoptarán as medidas que procedan sen demora. Pregunta pola composición da Xunta Local de Seguridade, o seu funcionamento permitiría a actuación inmediata da Consellería e esixe a revisión dos "pubs", de acordo coa nova regulación, xa que se pode afectar ó emprego, é triste recoñecer que a Alcaldía non creou outra riqueza, nin se impulsou o tecido industrial. Entende que unha vez solicitadas as licencias e feitas as oportunas comprobacións, débese esixi-lo cumprimento das deficiencias. Engade que se deben ter máis en conta as reclamacións dos veciños e fai referencia ás actuacións do Defensor do Pobo, interesándose se se fixeron tódalas actuacións. Remata considerando necesaria a normativa, esperando o seu cumprimento.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lembrando o seu voto favorable no debate inicial, fai referencia ás alegacións presentadas, indicando a súa discrepancia respecto dalgunhas, como é no caso da esixencia da doble porta, xa que non atopa xustificación que a impida, anque non pretenda ir en contra do informe. Considera importante que a ordenanza entre en vigor, anunciando o seu apoio, esperando a legalización de tódolos locais e a aplicación da normativa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, comeza a súa exposición agradecendo as intervencións dos outros grupos e facendo referencia á ordenanza, como asignatura pendente, que se presenta unha vez superadas as lagunas legais, coa Lei do Parlamento de Galicia. Dá conta da tramitación da mesma, tanto nos aspectos técnicos como no de participación cidadá, producto da cal son as alegacións, que hoxe se van recoller, de acordo coa proposta. Resposta á exposición da Sra. voceira do grupo popular, sobre a documentación enviada ó Valedor do Pobo, co que se mantivo unha relación fluída e de total colaboración, se ben é de estrañar-la facilidade de determinados concelleiros en coñecer certa documentación, e a actuación da Xunta de Seguridade, entendendo que se presentan temas colaterais, que están respostados co plano de emprego xuvenil levado a cabo por este Concello, cré que con bos resultados. Voltando á ordenanza, admítense a maioría das reclamacións, outras non, por problemas legais, dándoselles a outras a solución de adaptarse, dentro das posibilidades físicas dos locais, impoñéndose o sistema de medida ou sonógrafo. Remata agradecendo e pedindo a tódolos grupos o apoio para a súa aprobación e posta en marcha coa maior obxectividade.

- A Sra. Faraldo, en quenda de réplica, xustifica os denominados asuntos colaterais, esixindo do goberno municipal que se preocupe do tecido industrial, entendendo que están no seu dereito e van seguir facéndoo. Respecto á estrañeza manifestada polo Sr. voceiro do grupo socialista, no coñecemento de documentos, acúsao de oscurantista, por canto os documentos os coñecen a través dunha asociación e no uso duns lexítimos dereitos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), en resposta ó oscurantismo, lembra as reunións sobre a ordenanza obxecto de debate e indica que outro grupo non pretende mais que torpedea-la vida municipal xudicializándoo todo, sinalando que o seu grupo continuará co camiño tomado.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a ordenanza de ruídos, unha vez incluídas na mesma as reclamacións aceptadas segundo a proposta

do informe emitido.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación ata a definitiva entrada en vigor.

7.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA CORUÑA.

Preséntanse as seguintes propostas dos diferentes grupos para o nomeamento de dous representantes na Mancomunidade de Municipios da Coruña:

- O PSdeG-PSOE propón a D. Manuel Lagares Pérez e a D. Andrés Beade Dopico.
- O PP propón a D. Jaime Alberto Pita Varela e a Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
- O BNG non vai presentar proposta, entendendo que nos organismos debería haber representación institucional que recaera na figura do Sr. alcalde.

Sometidas as propostas a votación, o Pleno, por nove votos a favor do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), seis en contra do grupo popular (Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal) e unha abstención (Sr. Otero do BNG), acorda nomear representantes na Mancomunidade de Municipios da Coruña a D. Manuel Lagares Pérez e D. Andrés Beade Dopico.

8.- ACORDO SOBRE RECLAMACIÓN DA CLÁUSULA 0603 DA SUBHASTA DE PARCELA NA U.A.-4.

Dase conta do expediente tramitado para proceder ó cumprimento da cláusula 06-03 do prego de concidións que no seu día rexeu a subhasta de terreos que formaban a antiga unidade de actuación número 4. Acompáñase dictame favorable da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, inicia a súa intervención recomendando que se agudice a memoria, xa que parece que o grupo de goberno non se lembra desta reclamación, desde o estudio de detalle aprobado en 1990, documento suficiente para o cumprimento da citada cláusula, ata que o seu propio grupo fixo unha pregunta no anterior Pleno. Chama a atención que só se reclame a cantidade do Concello e non a que corresponde ó Padroado. Non entenden por que a reclamación vai dirixida a unha entidade e non a quen corresponda pagar e tampouco entenden por que non se reclaman os xuros. Doutra parte cren que existen documentos que o Sr. secretario debía de valorar no seu informe. No devandito informe non se ten en conta o cambio da figura do deb edor, para o que se basea en fotocopia que aporta de escrito utilizado nun contencioso polo anterior secretario, no que se fai referencia á cesión de dereitos da entidade que agora se reclama a outra empresa coa aquiescencia municipal, existindo, pois, unha contradicción. Aporta outra documentación, en fotocopia sobre escrito de Construcciones Fraga no que pide un aprazamento no cumprimento de tales obrigas adquiridas, contestado pola Comisión de Goberno no ano 1990, no que non só se accedía ó solicitado senon que se establecía outra condición de aportar outra cantidade de diñeiro. Pide o pronunciamento do Sr. secretario á vista desta documentación e doutras actuacións como a devolución do aval que se impuxo, aval que respostaba das obrigas do primeiro adxudicatario. En consecuencia, entende que o que se reclama no Pleno faise con mala intención, xa que algún dos seus membros son coñecedores do acordado en Comisión de Goberno, polo que se pode incorrer nun posible delicto de prevaricación. Remata sinalando que se debe reclamar esa cantidade con xuros e de quen proceda, indicando que existe protección ós de sempre.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que xa posuía dúbidas sobre este tema e segue a mantelas. O único claro é que non se sabe quen é o verdadeiro debedor,

entendendo, doutra parte, que polo que respecta á subhasta, o alcalde actuou respecto ós outros vendedores a título persoal. Non considera oportuno o voto por canto no ano 1990 non se tiñan responsabilidades por parte do seu grupo, polo que indica a súa abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que se vai reclamar a quen corresponde segundo o informe do expediente. Denuncia o que é unha defensa clara dos intereses dunha empresa polo grupo popular, diante dos intereses xerais. Dá lectura á cláusula a esixir, a 06-03, da que resalta a obriga do adxudicatario e, tendo en conta que na actualidade se cumpren os parámetros correspondentes, ponse en marcha o sinalado na cláusula. Nese momento o grupo popular di que non, acusándoos de demagoxia pola defensa privada que se fai fronte ós intereses públicos.

Prodúcese unha interrupción pola Sra. Faraldo, quen protesta por entender que o Sr. voceiro do grupo socialista está mentindo, sendo corrixida polo Sr. alcalde, quen lle indica que non está no uso da palabra, pedindo que respecte as normas do debate.

- Segue el Sr. Lagares, facendo referencia á tolerancia e, de novo no tema, indica que o colmo se acada coa advertencia feita sobre a realización dun delicto de prevaricación, que entende como unha ameaza, por quen xudicializa toda a vida municipal, remitíndose a que o electorado pasará a súa factura. Anuncia o voto afirmativo do seu grupo no asunto, aclarando que hai que engadir á proposta o que tamén se reclame en nome do Padroado, por canto o Concello é o beneficiario de tódolos bens do mesmo ó procederse á súa liquidación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, esperando que se recolleran fielmente as súas verbas, sinala que o manifestado polo voceiro socialista non ten nada que ver co dito anteriormente por ela. Respecto ás actuacións xudiciais, indica que o seu grupo está a exercer accións contra actos delictivos como unha obriga cidadá e que con toda liberdade se acode ós tribunais. Doutro lado, entende que o seu grupo non fai defensa de ningunha empresa, como demostra o que xa suscitaran o tema noutro Pleno, propoñendo que se reclame a quen corresponda pagar, cun criterio de precaución. Insiste na documentación antes presentada e no cambio de opinión do grupo de goberno, así como no pronunciamento do secretario. Remata afirmando que o pobo sabe a quen se defende.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que se está salindo do tema, cre que é de sospeitar que as fotocopias aportadas polo grupo popular coincidan coas aportadas no mesmo día de hoxe por unha persoa xurídica que non ten acceso á documentación do Pleno, do que se poden saca-las conclusións que se queiran, pero cando menos de que hai unha filtración intencionada. Afirma que se está dubidando dos asesores e que se actúa con intolerancia. A indicación do Sr. alcalde, ante a insistencia da Sra. voceira do grupo popular, o secretario manifesta que non está na súa función pronunciarse acerca dun ou doutro tema, senon informar legalmente e que a realidade é que á vista da documentación, o que hai é unha obriga adquirida solemnemente nunha escritura pública, fronte a uns documentos que en principio califica de desvaídos, aclarando que o di no sentido de que non reflicten claramente unha vontade concreta e que a sóa remisión á lei indica sen dúbida que a escritura ten máis valor como proba, co que o Concello ten a obriga de inicia-la reclamación contra quen, dun xeito indubitable, figura como debedor, sen prexuizo de que ó non actuar con prerrogativas de dereito público, por ser unha débeda de dereito privado, á final se non se admite a débeda, serán

os tribunais ordinarios os que se pronuncien e ante os que os particulares poderán presentar tódalas súas excepcións e medios de proba.

Entendendo suficientemente debatido o asunto e sometido a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vazquez), o voto en contra dos seis concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do concelleiro do BNG, Sr. Otero, acorda: PRIMEIRO.- Inicia-las accións correspondentes, pola vía civil ordinaria se procedera, en reclamación á empresa Forjados Rivera Sociedade Anónima, do cumprimento das obrigas adquiridas na cláusula 06-03, pola compravenda en subhasta das Escolas García Irmáns, UA-4, na parte que se refire a este Concello e ó extinto Padroado da Fundación Benéfica, de padroado particular, "Escolas e Asilo García Irmáns".= SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía ó obxecto das xestións necesarias para tal fin.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas realizadas no anterior Pleno ordinario (de data 28 de novembro de 1997):

- Ás formuladas polo BNG:

1ª.- Si. Que tomaría as medidas axeitadas tanto preventivas como de arranxo despois do temporal, se se produciran.

2ª.- Canto están previstos a empresa concesionaria, de maneira xeral, dáo a coñecer ós veciños afectados, polos medios que considera mais oportunos e eficaces.

3ª.- Nestes intres remataron os seus contratos os membros. Existe unha empresa que fai a retirada de vehículos. Non hai ningún convenio neste senso con Protección Civil.

4ª.- Estase a seguir ós infractores tanto desde o Concello coma de Costas, para evita-los verquidos nas marxes dos ríos e noutros lugares do Concello.

5ª.- Cando teñamos os necesarios para iniciar con efectividade a campaña. Si.

6ª.- Estase a busca-la ubicación, xa que hai problemas cos propietarios dos terreos.

- Ás formuladas polo PP:

1ª.- O que marca a normativa.

2ª.- É necesario aclaración ó respecto, pois non se concreta a pregunta.

3ª.- Nas obras Públicas existen avais e garantías provisionais das mesmas, iso non implica que se adopten medidas de tráfico e derivadas.

4ª.- Concrétese a pregunta.

5ª.- Non se deu ningunha subvención , salvo a concesión da praza para o evento.

6ª.- Tres. Os cidadáns de Betanzos ó traverso dun concurso. Non.

7ª.- As que figuran no proxecto de adaptación.

8ª.- Concrétese a pregunta.

9ª.- Convocouse as veces que se consideraron oportunas. Fíxose un calendario de traballo e estase a executar e precisamente no Pleno de hoxe preséntase un plano de drogodependencias para a consideración e a próxima aprobación coas aportacións positivas que o completen.

10ª.- Réxense polo regulamento analogo ó resto das propiedades municipais.

11ª.- Os que marquen as bases de adxudicación e demas leis concordantes. Fixéronse as comprobacións, informes e tratarase de que se cumpra en toda a súa extensión.

A Sra. voceira do PP realiza as seguintes preguntas:

- Axudas concedidas a asociacións no ano 1997, a que asociacións se concederon.
- Se cando se denega unha axuda a unha asociación se lle comunica o motivo ou se da a calada por resposta.
- Por que existen vados sen dar acesos a garaxes e cal é o motivo de concesión dos vados.
- Que obras se van realizar no polideportivo de Infesta.
- Pídese o listado de actividades do grupo de pronto auxilio.
- Opina que a resposta a estas preguntas se da de maneira indefinida, non entrando na contestación, o que solicita se subsane.
- Pregunta sobre os lugares de recollida das pilas.
- Pídese o desglose do custe do despacho do Sr. alcalde.
- Pregúntase se a escola taller ven realizando algunha obra na piscina.
- Quere información sobre obxectores que haxa na escola taller.
- Remata cun rogo sobre o acceso ós documentos, indicando que é un dereito que marca a Lei, polo que hai que esquecerse de oscurantismos.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Sobre a perigosidade dun poste de luz, cunha caixa con cables en Ramón Beade, pegado ó parque.
- Pregunta sobre o espacio concedido a distintas entidades nas Escolas García Irmáns, interesando se queda espacio para outros usos.
- Pregunta sobre a regulación de construcción de casetas de aveños, entendendo que na actualidade están proliferendo.
- En relación coa recollida de lixo e dadas as informacións de prensa, quere coñecer cal é a alternativa que vai segui-lo Concello.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO.

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE MARZO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D.Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel Gonález Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de marzo de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Muncipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, reitera a súa solicitude anterior de grava-los Plenos, que, na súa opinión, queda de manifesto na acta da sesión anterior, no punto referido á ordenanza de ruídos, na que a súa referencia ó emprego ten unha relación directa co asunto e non colateral, así como na páxina 5, na que se recollen accións contra actos delictivos, cando se fixo referencia a posibles actos delictivos.

A acta correspondente á sesión do vintenove de xaneiro pasado queda aprobada, por unanimidade.

2.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS E ESCRITOS VARIOS.

Dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

- Resolución da Alcaldía-Presidencia nº 44/98, relativa a renovación de operación de tesourería.

- Director Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, realizando diversas consideracións sobre a comunicación do acordo plenario deste Concello relativo a supresión da peaxe do tramo Guísamo-A Coruña na autoestrada do Atlántico, A-9.

- Servicio de Conservación e Explotación da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, relativo a informe sobre melloras na N-VI entre Betanzos e A Coruña, que obedecen ó proxecto de obra: clave 32-LC-2730.

- Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda, convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Betanzos, de colaboración en materia de xestión catastral.

3.- SOLICITUDE DE ALTERACIÓN DE LÍMITES MUNICIPAIS.

Vista a documentación presentada por Tojeiro Transportes SA, relativa a solicitude de establecemento dunha nova liña de deslinde co Concello de Bergondo, na zona comprendida dentro do Polígono de Piadela, así como o dictame favorable da Comisión de

Programación, o grupo popular comenta a súa abstención respecto á alteración dos límites en tanto non teña mais información e aclaracións sobre o tema.

O Pleno, por unanimidade, acorda inicia-lo expediente de alteración de límites do termo municipal, nomeando para tal efecto para a comisión prevista regulamentariamente, ós Sres.: José Ramón García Vázquez, Luis Alberto Carro Erias e Andrés Otero Martínez que, xunto co técnico municipal que se designe, realizarán as funcións previstas na lexislación aplicable.

4.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE OBRAS PARA O PIEL-98.

Dase conta da proposta realizada, dictaminada favorablemente pola Comisión de Programación, sobre obras a incluir na anualidade de 1998 do Fondo de Cooperación Local.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a súa postura de abstención, xa que o seu grupo propoñería prioridades distintas, manifestando a súa queixa por non se facer reunións para determina-las obras.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, apoia a proposta, entendendo que a planificación de obras lévaa a cabo o equipo de goberno.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (nove do grupo socialista, Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e un do BNG, Sr. Otero) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-los proxectos: "Saneamento en Castro-estrada LC-161, tramo: acceso núcleo de Castro-ponte ferrocarril" por importe de catro millóns novecentas dezanove mil cento sesenta e unha pesetas (4.919.161,- ptas.) IVE incluído. "Saneamento de pluviais na Avda. Fraga Iribarne e saneamento en Castro-estrada LC-161 (tramo ponte ferrocarril-entronque depuradora)" por importe de catro millóns novecentas noventa e oito mil cincocentas trinta e cinco pesetas (4.998.535,- ptas.) IVE incluído.= SEGUNDO.- Poñer de manifesto a disponibilidade de terreos para a realización das obras.= TERCEIRO.- Solicita-la súa inclusión no Fondo de Cooperación Local, facultando ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites derivados dos presentes acordos.

5.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PRAZA "PASATIEMPO".

Preséntase, para a súa aprobación, proposta relativa ó expediente de contratación da obra "praza do Pasatiempo", obra que se ven realizando en virtude de convenio subscrito coa Excma. Deputación e que, debido a diversas vicisitudes, se fai necesaria a adopción de certos acordos contidos na proposta, para o seu remate. Esta proposta está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, da conta do desenvolvemento da obra en cuestión, facendo referncia a que no tempo transcorrido xa se podían ter adoptado medidas. En relación coa obra, non se alcanza a ver cal sexa a obra executada, non sabéndose cal é, a falta de explicacións concisas no informe técnico, polo que entende que non estaba a información completa para o Pleno, anunciando o seu voto en contra.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, da conta do proceso de adxudicación da obra, das actuacións coa Deputación que figuran no expediente, sinalando que a obra é a que consta certificada polo técnico director.

- Insiste a Sra. Faraldo en que, ó seu xuízo, non constan os informes, nin a remisión á Deputación polo Concello.

- O Sr. alcalde somete o asunto a votación, indicándose que os acordos neste expediente se adoptaron en tempo e forma, debéndose poñer a disposición da Sra. Faraldo unha fotocopia da certificación das obras.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), o voto en contra dos seis concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal) e a abstención do representante do BNG (Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Prestar aprobación á resolución por mutuo acordo do contrato subscrito entre o Excmo. Concello de Betanzos e a empresa Estudios Comerciales e Industriales SA (ECINSA) para a execución da obra denominada: Praza no parque do Pasatiempo.= SEGUNDO.- Prestar aprobación ó proxecto modificado para a execución da obra: Praza no parque do Pasatiempo.= TERCEIRO.- Solicitar da Deputación Provincial a ratificación do convenio subscrito no seu día coa Deputación Provincial para levar a cabo dita otra e o aboamento da certificación de obra executada pendente, formulando declaración de que o Concello de Betanzos ten suficientes recursos técnicos e capacidade para executa-las obras do proxecto modificado: Praza no parque do Pasatiempo, por administración.= CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial o realiza-las obras pendentes do proxecto modificado do Pasatiempo por administración.

6.- PROPOSTA DE OBRAS Ó PLAN 2000 DE DEPORTES.

Dase conta ó Pleno de propostas que se realizan, para a súa inclusión no plan 2000 de deportes da Excma. Deputación Provincial, así como do informe favorable da Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto o seu apoio, dado que se trata de dúas vellas aspiracións dedicadas ó ocio, que atende, unha delas, a unha barriada como a Ponte Vella, co que coincide e apoia totalmente a proposta.

Por dez votos a favor (nove do partido socialista, Sres.: Lagares Pérez Manuel, Sánchez, Lagares Pérez Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o do BNG, Sr. Otero) e seis abstencións (correspondentes ós concelleiros presentes do grupo popular, Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal), o Pleno acorda: PRIMEIRO.- Participar no plan 2000 deportes 1998-2001 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a execución no terreo aportado por este municipio da instalación deportiva descrita nas bases que a continuación se indica, facendo constar expresamente que o Exmo. Concello de Betanzos non dispon de instalación semellante á solicitada no termo municipal, establecendo a seguinte orde de prioridade:

Tipo instalación solicitada		Parcela municipal ofertada (Denominación, situación e superficie)
Código: D.	Denominación Piscina descuberta	Denominación: Parcela 123. Situación: Polígono Pasatiempo. Superficie: 2400 m2.
Código: E.	Denominación Instalacións: Remo/Piragüismo	Denominación: Pelamios. Situación: Lugar de Pelamios. Superficie: 1221 m2.

SEGUNDO.- Poñer a disposición da Deputación a parcela municipal indicada para a execución da instalación deportiva sinalada, manifestando expresamente que reune os requisitos esixidos nas bases. O Concello comprométese a facilitar e permitir inspeccións previas das parcelas, para os efectos de poder realiza-la selección das obras a incluir no plan.

TERCEIRO.- Para financia-lo importe da aportación municipal á instalación solicitada, de acordo co establecido na base 4, este Concello opta por financialo do seguinte xeito: a) Con cargo ós seus propios recursos, comprometéndose a inclur no presuposto municipal correspondente crédito suficiente para a súa financiación. Autorízase expresamente á Deputación para que inicie, cando proceda, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas derivadas do plan.

CUARTO.- Este Concello comprométese a realizar tódolos trámites que sexan precisos en orde á obtención de tódalas autorizacións, concesións, permisos e licencias que sexan necesarios para a execución das obras.

QUINTO.- O Concello comprométese, unha ver rematadas as obras, a realiza-lo mantemento e conservación das instalacións e a garantir e facilita-la súa óptima utilización.

7.- PROPOSTA DE PREGO DE CLÁUSULAS PARA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DUNHA CAFETERÍA NO "PASATIEMPO".

Preséntase, para a súa aprobación, o prego de cláusulas para concesión da explotación dunha cafetería no "Pasatiempo", informado favorablemente pola Comisión de Programación.

- Inicia o debate o Sr. Otero, voceiro do BNG, indicando que a súa abstención na Comisión informativa viña marcada por una maior coñecemento do prego. Fai mención de que o asunto xa veu antes a este órgano e á final non se cubriu polo escaso tempo de concesión, que retraeu a posibles ofertantes. Anque lle parece excesivo o prazo actual de trinta anos, entende que non se debe regatear nesto e indica a súa aprobación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo coa ubicación e outros motivos sinalados, pero non co prego de contratación, entre outras causas, pola ausencia da oposición da mesa de contratación, pola duración e as revisións, que debería existir un canon mínimo non libre, entendendo que a adxudicación vai respostar ós intereses do grupo de goberno, sinalando que se realizan manobras ata que se consigue as adxudicacións que se pretenden, desprestixiando a institución, pedindo que haxa mais asesoramento. Por todo iso anuncia o seu voto en contra.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, agradece o voto do BNG, fai referencia ás vicisitudes da anterior licitación e en relación á Sra. Faraldo, indica que non hai que xudicializa-los asuntos municipais, por non gañar a través de procesos democráticos. Fai referencia á proposta do canon polos interesados e a que a mellor oferta non é sempre a económica. Por outra banda cre que todos coñecen que o Concello ten unha mesa de contratación, que é pública, de acordo coa lei, a traverso de procedementos claros e transparentes.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, replica solicitando que non se terxiversen as súas verbas. Sabe que existe mesa de contratación pero o seu grupo non participa. Respecto á xudicalización, entende que se está cumprindo coa obriga de poñer en coñecemento dos tribunais determinados actos delictivos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, segue na súa exposición, afirmando que el di o que di, non o que lle atribúan outras persoas. Neste asunto trátase de prestar un servicio, non de facer leccións de xurisprudencia, que se considera necesario, anque algún grupo non o entende, que se vai facer con claridade e transparencia, polo que pide o voto favorable.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta ter algunhas dúbidas, entendendo que agora só se votan as claúsulas do prego, que a apertura de plicas é pública, que o concurso se inicia agora para determinar de novo no Pleno, onde será a ocasión de poñer de manifesto as posibles irregularidades.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, con dez votos a favor (correspondentes nove ós concelleiros do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e un ó representante do BNG, Sr. Otero) e seis en contra (os dos concelleiros presentes do PP, Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a concesión por concurso en procedemento aberto da explotación dunha cafetería no "Pasatiempo".= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación e se inicie o expediente de contratación, facultando ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites derivados dos presentes acordos.

8.- RECTIFICACIÓN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES Ó 31-DECEMBRO-1997.

Dase conta da rectificación padroal ó 31 de decembro de 1997, así como do informe favorable da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á rectificación do Padrón Municipal de Habitantes ó 31 de decembro de 1997, que ofrece o seguinte resumo numérico:

VARIACIÓNS NO NÚMERO DE HABITANTES:

Conceptos	Total	Mulleres	Varóns
Poboación de dereito ó 1-5-1996	12.300	6.491	5.809
Alta desde 1-5-1996 ata 31-12-1997	554	278	276
Baixa desde 1-5-1996 ata 31-12-1997	446	218	228
Poboación de dereito ó 31-12-1997	12.408	6.551	5.857

9.- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 1998.

Dase conta ó Pleno da oferta de emprego público correspondente ó ano 1998, así como do informe favorable da Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto a ausencia de algo consubstancial na proposta, como é que a oferta de emprego público viñera avalada polo informe dos traballadores, a través dos seus representantes, que poden aporta-lo seu coñecemento das necesidades laborais, polo que dubida se son ou non as prazas que se sacan as que se poidan necesitar.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que lle chamou a atención a cantidade de prazas laborais na relación de postos de traballo publicada no Boletín, polo que entende que a oferta que se saca é escada, dándose situacións dispares entre o persoal, non estando a oferta o suficientemente documentada.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, aclara que a relación de postos de traballo xa se acompañou co presuposto, sobre os que xa se informou e tratou cos representantes do persoal, co que o acordo estaba mais ou menos pactado,

significando así mesmo que as prazas son todas de funcionarios, co que coincide co manifestado pola voceira do PP.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (seis do PP, Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o do BNG, Sr. Otero), acorda: Aproba-la oferta de emprego público para 1998, que comprende as seguintes prazas: I) Grupo segundo art. 25 da Lei 30/84: C. Clasificación: Escala administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes 5. Denominación: Administrativos.= II) Grupo segundo art. 25 da Lei 30/84: D. Clasificación: Escala administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes 7. Denominación: Auxiliares.= III) Grupo segundo art. 25 da Lei 30/84: C. Clasificación: Escala administración especial, subescala técnica auxiliar. Número de vacantes 1. Denominación: Informático.= IV) Grupo segundo art. 25 da Lei 30/84: D. Clasificación: Escala administración especial, subescala servicios especiais. Clase persoal de oficios. Número de vacantes 1. Denominación: Alguacil-chofer.

10.- PROPOSTA SOBRE BASES DE CONVOCATORIA DENTRO DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 1998.

Dase conta ó Pleno da proposta sobre bases de convocatoria dentro da oferta pública de emprego 1998, así como do informe en sentido favorable da Comisión de Programación.

Os grupos manteñen as posturas postas de manifesto no debate do anterior punto da orde do día.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (seis do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o do BNG, Sr. Otero), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-las bases de convocatoria das prazas incluídas na oferta de emprego público para 1998.= SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente.

11.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN.

Dase conta ó Pleno de moción do BNG sobre a creación dunha comisión de investigación en relación coa reclamación da cláusula 06-03 da subhasta de parcela na UA-4 á empresa Forjados Rivera SA, así como do informe desfavorable da Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, en defensa da moción presentada, entende que se deben aclara-las dúbidas do Pleno do pasado 28 de xaneiro, dada a aparentemente escasa documentación, non recollida no asunto e de posterior aparición, o que xustifica a existencia de dúbidas racionais polo que pide a comisión para clarificalo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o seu apoio á comisión, con algunhas dúbidas respecto ós integrantes da mesma, entendéndoo como unha das vías máis adecuadas para establecer quen debe aboa-la débeda ó Concello. Lembra que a postura do seu grupo foi reclamar de "quen proceda", sendo ademais quen primeiro o trouxo ó Pleno, co que a súa postura é clara e concreta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pon de manifesto a oposición do seu grupo á creación desta comisión, por un lado porque está a disposición dos Sres. concelleiros toda a documentación relativa á reclamación e houbo un Pleno no que se adoptou un acordo claro e concreto, avalado por informes. Doutro, porque na

actualidade o asunto está en vía xudicial "sub iudice" e será o xuíz quen dictamine a quen corresponde a obriga que se dicute, o que é indistinto para o equipo de goberno, que esperará á resolución.

- O Sr. Otero sinala que todos coinciden en que se cobre, pero independentemente do fallo da xustiza, continuarán as dúbidas sobre o que hai arredor, dúbidas que se pretendían aclarar coa comisión proposta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio) incide en que todos estaban de acordo en cobra-la débeda, que os informes fan referencia a quen debe asumila e que ante a reclamación os xuices sentenciarán, insistindo en que toda a documentación está na Secretaría. No mesmo sentido indicáse polo Sr. alcalde, poñéndoa a disposición.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, con sete votos a favor (seis corresponden ós concelleiros presentes do PP, Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e un ó representante do BNG, Sr. Otero) e nove en contra (os emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeita-la moción presentada.

En aclaración do voto a Sra. Faraldo pregunta cando se iniciou a vía civil correspondente, sinalando o Sr. alcalde que tales termos pódenlle ser aclarados en calquera momento polo Sr. secretario.

12.- MOCIÓN DO PP SOBRE REALIZACIÓN DUNHAS XORNADAS POLA PAZ.

Dase conta de moción do Partido Popular sobre a realización dunhas xornadas pola paz, que non está informada pola Comisión de Programación por non asistencia á mesma do grupo que a presentou.

En defensa da moción, a Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que pouco hai que engadir, xa que se pide realizar actividades a favor da paz desde a Concellería de Cultura, ofrecendo a colaboración do PP, lembrando que xa se presentou noutra ocasión unha iniciativa semellante e que non só se hai que lembrar deste tema cando se producen atentados.

- O Sr. Díaz, voceiro do PSdeG-PSOE, indica que se levan dez anos con este tipo de actuación e programas a través dos talleres e actividades, con campañas de orientación e desenvolvemento social e xornadas de concienciación cidadá, como por exemplo, para o vindeiro trimestre a través dos centros de ensinanza. Todo iso sen negar que se poida facer algo máis específico.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que calquera inciativa neste sentido vai te-lo seu apoio, por canto dos valores que se fala deberíase incidir máis nos comportamentos dos máis xoves, facendo referencia ós posibles participantes.

- A Sra. Faraldo, ainda recoñecendo que se veñen realizando actos, indica que a moción non se dirixe só á xuventude e, en relación ós participantes, sinala as posibles actuacións de cariño e apoio ós concelleiros do País Vasco, sen predilección por grupos políticos, o que supoñería ampliar mais o que xa se ven facendo, estando o seu grupo aberto a todo tipo de suxestións.

- O Sr. alcalde deduce que se está suscitando a iniciativa dunha comisión para amplia-los programas culturais, polo que entende que se debe facultar ós representantes dos grupo para elevar propostas a tal comisión, ampliando en contido da delegación.

- En alusións a Sra. Faraldo aclara a súa postura de non incluir entre as propostas accións de concelleiros de HB, xa que se está a falar de paz e tolerancia.

O Pleno, por unanimidade, acorda constituir unha comisión ó obxecto de cubri-los obxectivos ata agora sinalados.

13.- MOCIÓN EN APOIO POLO SECTOR LÁCTEO.

Dase conta ó Pleno de moción en apoio do sector lácteo, informada favorablemente pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto que o seu grupo é consciente do problema do leite, anque non está de acordo con tódolos puntos da moción, ainda compartindo a problemática divérxese na forma de solucionalo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lamenta a cerrazón do PP, cando os seus representantes encabezan manifestación noutros sectores, non entende que haxa outros argumentos. Entende que os seus propios altos dirixentes teñen dúbidas e cren que algo deben facer. O que se demostra na unanimidade dos concellos do PP, en que o sector gandeiro é básico. Sinala que a desaparición de tal sector levaría á desarticulación da poboación rural galega, co que se quere resalta-la importancia do problema.

- A Sra. Faraldo insiste en que é consciente do problema, pero que se poden presentar distintos camiños para resolvelo, co que se verá quen consegue antes as cousas. Denuncia o que entende como cambio radical na postura do PSdeG-PSOE, calificando de vergoñento que asine mocións deste tipo que poñen de manifesto aspectos demagóxicos.

- O Sr. alcalde entende que a alguén si lle debería cae-la cara de vergoña. Coincide coa postura do BNG anque Betanzos non se vexa afectado, dada a importancia do seu sector gandeiro. Pon de manifesto a traxectoria do grupo socialista no seu compromiso de realizar unha reunión con tódolos sectores implicados e o seu apoio á gandería.

Sometido o asunto a votación, o Pleno co voto a favor de dez concelleiros (nove do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o do BNG, Sr. Otero), e o voto en contra dos seis concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal) acorda: PRIMEIRO.- Dirixirse ó Presidente da Xunta de Galicia para que paralice inmediatamente a aplicación da supertaxa (existen precedentes en anos anteriores.= SEGUNDO.- Dirixirse ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Delegado do Goberno en Galicia para que retiren tódalas actuacións emprendidas contra os labregos e labregas, e dos seus representantes, polas mobilizacións de tractores do 20 de xaneiro, e tamén, se as houbera, pola mais recente mobilización do 6 e 7 de marzo.= TERCEIRO.- Dirixirse ó Conselleiro de Agricultura para que convoque a Mesa do Leite de Galicia e se inicie un proceso de negociación dirixido: - Á paralización inmediata da Supertaxa. - Á consolidación da producción actual e incremento anual que permita ás explotacións lácteas de Galicia acadar a media europea.= CUARTO.- Apoiar activamente as medidas mobilizadoras emprendidas polos gandeiros e as súas organizacións que no futuro pretendan acadar unha solución a este conflicto social que acontece neste Concello e no conxunto do País.= QUINTO.- Da-la máxima difusión destes acordos nos medios de comunicación.

CUESTIÓN DE URXENCIA.

Fóra da orde do día, o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, somete á consideración do Pleno unha MOCIÓN SOBRE O PLANO DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.

Basea a cuestión da urxencia na nova situación que se da respecto ó convenio de colaboración que se pretendía subscribir coa Xunta sobre a erradicación do chabolismo, xa que a Comunidade Autónoma mantén o mesmo convenio, pero reduce a aportación económica de 66 millóns a 46, coas mesmas porcentaxes de participación e outras obrigas do Concello en demolicións, urbanización e amoblamento.

Sometida a urxencia e, en consecuencia, a súa inclusión na orde do día, queda aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación.

Iníciase o debase e o Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto que cando no seu día se aprobou o convenio xa as cantidades non eran ningunha maravilla, agora entende que hai que insistir, dentro dos prazos posibles, para mante-la cantidade inicial, facéndoo cos medios propios en caso contrario.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o seu acordo respecto a consegui-la aportación inicial, preguntando se se está en prazo e en que data chegou a comunicación.

O Sr. alcalde pon de manifesto que o Concello se manifestou xa claramente, con un só voto en contra, parecendo xa pequeno o presuposto, que o propio grupo popular pedía ampliar, anque se trataba dunha proposta equilibrada que parecía asumible pola Xunta e polo Concello. Entende que a actual resposta é un chasco, limitando o presuposto de forma que non se poden face-las obras. Descoñécese por que se fai esta limitación, para o que a Xunta alega non ter presuposto. Respecto óo prazo entende que non hai un prazo pechado, estase en conversas, anque o asunto vai retrasado e a propia Xunta retrasouno considerablemente, non sendo iso xusto para o colectivo de que se trata, polo que hai que face-la obra no prazo mais corto posible, pero mantendo as mellores condicións, unha obra digna, polo que haberá que pedir que considere a situación, o que cre estará no interese de tódolos grupos.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que non se trata de pospoñer, manifesta estar de acordo co proxecto e lembra que o primeiro ano que se puido pedir non se fixo nada, anque di que ningunha lei lle impide ó Concello financiar mais.

Resposta o Sr. alcalde, sinalando que a demagoxia é propiedade específica dalgún, pola inexactitude das cousas que se di que se fixeran antes de que a voceira do PP fose concelleira, que agora pretende que se realice a actuación cubrindo o Concello o incumprimento da Xunta, non sabendo así que intereses se defenden.

Neste momento incorpórase o Sr. Pita.

Segue o Sr. alcalde, manifestando que se vai seguir demandando mellores condicións e o cumprimento do convenio.

O Pleno, co voto a favor de dezaseis concelleiros (nove do PSdeG-PSOE, seis do PP e un do BNG) e o voto en contra dunha concelleira do PP, Sra. Fernández, acorda reclama-lo cumprimento do convenio proposto coa Xunta de Galicia, para a erradicación do chabolismo, nos termos inicialmente sinalados.

En explicación do seu voto, a Sra. Fernández reitera o xa sinalado nun Pleno anterior, que o problema é de sensibilidade social e voluntade política, xa que cando se quere hai diñeiro. Non pode apoiar voltar a facer un barrio marxinal que condena ós seus habitantes de por vida, xa os nenos son marxinados desde a escola. Entende que o máis acertado é reubicalos dentro de toda a xente.

EXCMO CONCELLO DE BETANZOS

Antes de pasar ó seguinte apartado, o Sr. alcalde, fai extensiva á Corporación a invitación para a asistencia ós actos da Semana Santa, recibida das Nais Agustinas Recoletas.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas realizadas no anterior Pleno ordinario (de data 29 de xaneiro de 1998):

Ás formuladas polo PP:

1.- Proximamente presentarase a rendición de contas correspondente ó ano 97, onde aparecen tódalas axudas e subvencións que terá a súa disposición para o seu estudio.

2.- Habitualmente motívanse as denegacións de subvencións ou ben solicítase que se xustifiquen aspectos concretos para a súa concesión de acordo coa normativa que as rexe.

3.- Además dos vados de entrada a garaxes, existen outros tipos de vados que se conceden tendo en conta as peticións específicas dos mesmos.

4.- As aprobadas polo Pleno da Corporación para tal finalidade.

5.- Non existe grupo de pronto auxilio. Funciona, neste momento, o grupo de voluntarios de protección civil que axuda en todas aquelas disponibilidades que pode e se lle demandan.

6.- As recollidas de pilar realizábanse, además de no Liceo, en locais públicos, centros comerciais, centros de ensino e outros lugares que teñen estreita relación coas pilas. Proximamente farase unha campaña de ampliación para tratar de dar un sentido globalizado.

7.- Nas contas aprobadas polo Pleno corporativo aparecen reflectidos os custes dos distintos subministros efectuados para o despacho da Alcaldía que poden comprobarse.

8.- Non existe escola taller.

9.- Non existe escola taller.

Ás formuladas polo BNG:

1.- Nas escolas García Irmáns estase a facilitar ás distintas agrupacións e entidades que o soliciten un lugar de xuntanzas que se coordinará para o mellor uso do mesmo. Además e por acordo plenario, concedéronse locais a entidades cuns fins específicos.

2.- Regúlanse polo establecido nas normas subsidiarias que rexen a construcción dentro do termo municipal.

3.- O Concello está a estudia-las distintas alternativas na recollida de lixo e aplicará aquela que considere máis axeitada cos principios medioambientais e sociais.

A Sra. voceira do PP realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Reitera o rogo de utilizar unha gravadora no Plenos para evitar terxiversacións.
- Pregunta sobre quen aboou a obra do tellado das escolas.
- Roga que se revisen os PUBs de Rosalía de Castro e arredores, ó obxecto de cumpri-las medidas previstas nos proxectos.
- Pregunta en que data se van poder solicita-los locais do rural, para cando estará feita a planificación do seu uso.

- Por que se acordou a execución subsidiaria da asa número 7 da praza da Constitución, que publicidade se deu ó concurso para as obras, se se ten permiso xudicial.

- Por que se reuniu a comisión de feiras posteriormente á adopción de acordos na Comisión de Goberno. ¿Están as comisións de adorno?

Neste momento interrúmpea o Sr. alcalde, rogándolle que se cinga ó asunto dos rogos e preguntas, evitando facer mítins.

- Faise un rogo sobre a festa dos veciños de Castro.

- Pregúntase por que existen listas de espera de un mes e medio en urbanismo.

- Pide a relación nominal dos que están ocupando os postos de traballo da lista publicada no BOP.

- Pregúntase sobre o pronunciamento do secretario solicitado nun escrito de data de entrada 23-01-98.

O Sr. Carro Erias, concelleiro do PP, realiza a seguinte pregunta:

- Cal é a base de cálculo do custo das licencias.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Exponse o problema da recepción da TVG nalguns lugares.

- Pregúntase por uns terreos en Vista Alegre, que non se sabe se son ou non do ministerio, coa intención de poder facer un mirador no desvio da estrada a Sada.

- Pregunta pola reunións de motoristas que se están producindo con carreiras polas estradas.

- En relación ás obras as que fixo referencia a voceira do PP, no número 7 da praza da Constitución, entende que son iniciativas públicas que se deben levar adiante, adotándose outras medidas de protección como os rótulos dos establecementos e un maior control sobre as fachadas.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e vnte minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

Dª Ofelia López Campos.

D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:
D. Jesús García Cainzos.

Non asiste:
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintenove de maio de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

O Sr. alcalde, antes de inicia-lo estudio dos asuntos, presenta ó novo interventor deste Concello, nomeado pola Consellería da Presidencia, en acumulación de funcións, D. Jesús García Cainzos.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación á acta da sesión anterior, correspondente ó día 30 do pasado mes de marzo.

2.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

- Dirección Xeral de Ferrocarrís e Transportes por Estrada, Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes, Ministerio de Fomento, contesta escrito relativo a supresión dos pasos a nivel das liñas férreas que pasan por este termo municipal, no sentido de que, polo de agora, non está prevista ningunha actuación ó respecto.

3.- NOMEAMENTO DE MEMBROS NO ÓRGANO DE GOBERNO DA CAIXA DE AFORROS DE GALICIA.

Visto o escrito sobre renovación parcial dos órganos de goberno da Caixa de Aforros de Galicia, e ó obxecto de novo nomeamento, segundo o previsto na lexislación aplicable, despois de se facer só proposta por parte do grupo socialista, o Pleno, co voto a favor de nove concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero, do BNG) e a abstención dos seis concelleiros presentes do PP (Sres.: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda designar representante deste Concello nos órganos de goberno da Caixa de Aforros de Galicia a D. Manuel Lagares Pérez.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA R/ CRUZ VERDE.

Dase conta do expediente para a aprobación definitiva de estudio de detalle na r/ Cruz Verde formulado por D. Antonio Couceiro Vicos, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta que en coherencia coas alegacións feitas no seu día ás normas de planeamento, sobre a dispersión das unidades de execución, que poñían un límite á intervención urbanística do Concello, non pode presta-la súa aprobación a este estudio de detalle, ainda recoñecendo que se axusta á legalidade urbanística vixente, considerendo desmesurados os volumes, polo que se vai abster.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, anuncia tamén a súa abstención, entendendo que no presente expediente non se da resposta ás alegacións presentadas e solicitando que, como noutras ocasións cando se presentan temas semellantes, asistan os técnicos a explica-las alegacións. En consecuencia e para que non se lles acuse de obstruccionismo, insistindo en que se resolva o oscurantismo, ó seu xuízo, cos grupos da oposición, con reunións previas nas que se dera información, anuncia a súa abstención.

Incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pon de manifesto que o expediente estivo a disposición dos Sres. concelleiros, que se dictaminou favorablemente na Comisión Informativa e que se cumpren tódolos preceptos legais de aplicación ós instrumentos de planeamento, como o que se trata, entende que as alegacións están informadas debidamente e en sentido desfavorable e que a proposta é de aproba-lo estudio, desestimando as alegacións.

- O Sr. Pita considera que o documento cumpre, porque se non non podería vir ó Pleno, pero pola súa repercusión debese estudiar, reiterando e denunciando a escasa información e a, ó seu xuizo, contradicción no informe técnico, que considera incorrecto.

- Reitera o Sr. Lagares (D. Antonio), que a documentación está, entendéndose suficiente.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle na r/ Cruz Verde, promovido por D. Antonio Couceiro Vicos, desestimando as alegacións presentadas segundo informe técnico.= SEGUNDO.- Que se proceda á súa publicación e demais trámites que procedan.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE NA ESTRADA DE CASTELA.

Preséntase para a súa aprobación inicial estudio de detalle na Estrada de Castela, formulado por Construcciones MPD SL, dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, que abunda nos criterios postos de manifesto no punto anterior, indica que neste caso se dan as circunstancia por el referidas, cando se trata de rematar unha zona residencial cunha industrial, de almacenaxe. Entende que se deberían ter dado saltos máis equilibrados, rompendo os tramos urbanísticos con espacios de transición. Entende que os promotores se acollen á legalidade que lles permite facer este urbanismo, e dado que non queren que se lles tache de obstruccionistas, indica a súa abstención.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, pon de manifesto que do documento inicial non se corrixe o que se informa, polo que parece que o documento final non sexa axustado. Di que está no seu afán non entorpece-lo desenvolvemento urbanístico, pero necesístase un desenvolvemento harmónico e igualitario.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, fai referencia a que se trata da aprobación inicial do documento, que os saltos ós que se fixo referencia danse en solo urbano xa con anterioridade e iso é o que xustifica o estudio de detalle. En relación ó informe sinala que primeiro se indicaron unhas correccións, corrixidas de forma que o arquitecto informa favorablemente, ó que se engade tamén o informe do secretario de que non existe inconveniente legal.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle na Estrada de Castela, promovido por D. Manuel Porto Dapena.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 14.

Dase conta de proposta de aprobación inicial de estudio de detalle na unidade de execución integral nº 14 (UEI-14), formulado por Construcciones Doyfra SL, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, mantén a postura dos puntos anteriores e pon de manifesto a picaresca que parece encontrarse na documentación presentada, que se o día 17 de abril non cumpría, o día 8 de maio, subsanados os defectos, xa se informa favorablemente, parecendo que os promotores buscan o despiste. Mantén a mesma postura de abstención, para que non se diga que están en contra da iniciativa privada.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifféstase aínda máis sorprendido que nos anteriores puntos, pola dilixencia que se observa neste, xa que un informe negativo se comunica o mesmo día, solicitando o mesmo tratamento para todos, xa que noutros casos a xente desespera. Por outro lado pon de manifesto o que entende actuación neglixente, por canto o anterior edificio permitiu un remate de rúa e unha fachada, á que loxicamente debería ir adosada o novo, co que se consegue ó seu xuízo unha chapuza urbanística, da que será responsable o grupo socialista.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras indicar que trasladará ós servicios urbanísticos os parabéns recibidos pola dilixencia en despacha-los asuntos, pon de manifesto que o se presenta está en orde ó desenvolvemento urbanístico previsto nas normas.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, di non felicitar, en canto á celeridade se supón, anque neste caso asombra a do promotor, que parece tiña xa os dous proxectos. Insiste en que non se está facendo o urbanismo que lle gosta, anque se cumpra en termos legais.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, indica que é a segunda vez que se lle contesta salindo polos cerros de Úbeda. Non tratan de poñer trabas, nin se fala de estética, senon do solar que queda na zona, sendo unha chapuza unha rúa de sete metros, xa que non se fan estas rúas, salvo que se revaloricen propiedades; pide que se centren as respostas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, di que vai contestar o que cré que debe contestar, non como queira o voceiro do PP. Indica que neste estudio de detalle se trata de consegui-la servidume do río, seguindo as normas existentes, admitindo que cada un teña o seu criterio, considerando utópico o do BNG e entendendo que o proposto é pragmático e axustado á realidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle na unidade de execución integral número 14 (UEI-14), promovido por Construcciones Doyfra SL.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 14.

Dase conta de proposta de aprobación inicial de proxecto de urbanización na unidade de execución integral nº 14 (UEI-14), formulado por Construcciones Doyfra SL, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, mantén as opinións dos puntos anteriores e anuncia a súa abstención.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, resalta a preocupación polos camiños de pescador, facendo referencia ó que consolidou en Roibeira.. Entende que cando eles teñan o compromiso de goberno tomarán medidas contrarias, referíndose a que eles non se cren utópicos e que o camiño do pragmatismo, neste caso leva ás chapuzas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, presenta ó Pleno o plano de cesións que resultan deste proxecto, o que cre importante urbanisticamente, insistindo en que fala con feitos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, asómbrase de que sempre se utilicen calificativos para dirixirse ás súas ideas, como utópicas. Defende as súas posturas realistas, xa que os resultados están á vista. Ainda así reclama a utopía gracia á cal evolucionou o mundo, sen prexuizo de ser conservacionistas no medio ambiente.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, en referencia ó plano presentado polo Sr. Lagares, síntese ilustrado sobre todo na premonición das cores negras empregadas. Insiste na súa opinión de chapuza e de beneficiar a determinada construcción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, acusa ó Sr. Pita de demagogo, porque a situación xa ven das normas de 1987, interrúmpese ante a actitude do Sr. Pita, a quen pide repecto institucional, e continúa dicindo que hai persoas que non se enteran, e que todo o fan con infamias, veladas acusacións, pero así non van conseguir nada porque non teñen razón, a cal se verá dentro de un ano.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente proxecto de urbanización na unidade de execución

integral nº 14 (UEI-14), promovido por Construcciones Doyfra SL.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE SEGREGACIÓN NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 3.

Dase conta do expediente para a aprobación definitiva de segregación na unidade de execución integral nº 3 (UEI-3), formulado por Dª Josefa Pereiro Lorenzo e outros. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, fai de novo referencia á tramitación das normas urbanísticas, nas que se deixaba unha marxe grande á iniciativa privada. Neste caso, divídese unha unidade creando cada vez parcelas máis pequenas, que se converten en illas que deixan o proceso de viais e as cargas, cando van aparecendo, á improvisación. Ó seu entender parece que cada un fai o que quere. Legalmente é correcto pero por criterios de desenvolvemento urbanístico vaise abster de novo.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, pregunta se en 1987 non gobernaba o PSOE no Concello, polo que nega a acusación de demagoxia anterior do Sr. Lagares. Insiste en que non se contesta ó que realmente se pregunta. Entende que neste caso é preceptivo e obrigatorio avisar ós afectados, non tendo constancia diso, debéndose reunir cos propietarios para informalos e non que teñan que facelo por cauces externos. Por outro lado cré que os planos utilizados non se axustan ó planeamento municipal. Con respecto á segregación, cré que é un criterio subxectivo, que haberá que admitir se os propietarios están de acordo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, reitera que fala en nome do seu grupo e das cuestións da orde do día como queira expresarse, non como lle indique ninguén. Non comparte a opinión do BNG, que levaría a facer un plano parcial de todo Betanzos, considerando que as cargas e beneficios se reparten equitativamente. En canto ós trámites, fai referencia ás publicacións e xustificantes de recepción de tódolos propietarios que constan no expediente, significando a ausencia de reclamacións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente segregación na unidade de execución integral nº 3 (UEI-3) promovida por Dª Josefa Pereiro Lorenzo e outros.= SEGUNDO.- Que se remate a súa tramitación.

9.- PROPOSTA DE PLANO DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS 1999-PROGRAMA DE COOPERACIÓN ECONÓMICA LOCAL.

Dase conta de proposta de plano de investimentos municipais 1999 dentro do programa de cooperación económica local, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica o seu voto afirmativo, xa que entende que as propostas son actuacións necesarias, sen entrar a debater outras cuestións e ademais afectan ó desenvolvemento nas zonas rurais.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo se absterá, en canto se teñen ó respecto criterios distintos ó grupo socialista.

O Pleno, co voto favorable de dez concelleiros (nove do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García,

Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo Plano de investimentos municipais de 1999 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar dentro do programa de cooperación económica local, integrado polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica:

Nº de orde e denominación da obra.	Importe total.	Estado+Diputación.	Concello.
1.- Pavimentación accesos a núcleos das parroquias de S. Martiño de Tiobre e S. Esteban de Piadela....	4.953.356,-	2.649.887,-	2.303.469,-
2.- Pavimentación accesos a núcleos da parroquia de S. Esteban de Piadela.....	4.998.227,-	2.649.888,-	2.348.339,-
TOTAIS.....	9.951.583,-	5.299.775,-	4.651.808,-

SEGUNDO.- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 1999 e que se relacionan no punto anterior.

TERCEIRO.-Declarar que o Concello dispón de tereos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 1999 os fondos presupostarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 1999.

QUINTO.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello par a contratación e execución das obras incluídas no plano, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

10.- PROPOSTA DE PLANO ANUAL MUNICIPAL 1999-PLANO 2000 DE INFRAESTRUCTURAS.

Dase conta de proposta de plano anual municipal 1999-plano 2000 de infraestructuras, así como do dictame da Comsión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica o seu voto afirmativo, ainda cos seus criterios contrarios ó plano 2000.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo se absterá, en canto se teñen ó respecto criterios distintos ó grupo socialista.

O Pleno, co voto favorable de dez concelleiros (nove do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP), acorda: 1º).- Aproba-lo PLANO ANUAL MUNICIPAL EXERCICIO 1999 integrado no PLENO 2000 DE INFRAESTRUCTURAS 1997-2001 aprobado por este Concello no que se inclúen as obras anuais e plurianuais que a continuación se indican e o desglose de financiación das cales se realiza nas fichas que se xuntan.

Nº de orde.- Denominación da obra.	Presuposto total.	1ª anualidade.
1.- Renovación servicios e pav. da r/ Cortaduría	4.950.000,-	4.950.000,-
2.- 3ª fase saneamento Montellos.....	4.990.000,-	4.990.000,-
3.- Guiliade 2ª fase.....	4.975.000,-	4.975.000,-

4.- Instalación e equipamento deportivo e social. Subministro e colocación mobiliario urbano en Pza. García Irmáns.....	4.000.000,-	4.000.000,-
5.- Instalación e equipamento social e cultural.....	3.000.000,-	3.000.000,-
6.- Construcción beirarrúas para a seguridade vial en Xan Rozo 2ª fase.....	4.925.000,-	4.925.000,-
7.- Pav. e renov. de servicios en r/ Irmandiños...	4.960.000,-	4.960.000,-
8.- Pav. en vías parroquias de S.M. Tiobre e S. M. Bravio.....	3.000.000,-	3.000.000,-
9.- Pav. vías parroquias de S.E. Piadela e S. de Requián.....	4.250.000,-	4.250.000,-
10.- Pav. de vías en parroquias de Sta. Mª de Pontellas (Castro) e S.P. de Viñas (Angustia)....	3.026.552,-	3.026.552,-

2º).- Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.

3º).- Declarar que o Concello dispón de terreos necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º).- Comprometerse o Concello a aporta-lo importe de aportación municipal previsto no plano financieiro das obras incluídas en planos e programas sectoriais e nas anualidades que corresponda e o detalle das cales se reflicte nas fichas citadas no apartado 1 que se xuntan a este acordo. Dita aportación municipal será ingresada na Deputación na forma prevista nas bases. Autorízase expresamente á Deputación para que inicie, cando procedera, expediente de extinción por compensación das débedas que puideran nacer das obrigas económicas do Concello que se tramitará de acordo co establecido nas bases.

5º).- Solicita-la realización da contratación e execución das obras que a continuación se relacionan, consonte os límites establecidos nas bases reguladoras do Plano 2000 de Infraestructuras.

Nº de orde.- Denominación da obra.	Presuposto total.
1.- Instalación e equipamento deportivo e social. Subministro e colocación mobiliario urbano na Pza. García Irmáns.....	4.000.000,-
2.- Instalación e equipamento social e cultural.....	3.000.000,-
3.- Pav. en vías parroquias de S.M. Tiobre e S.M. Bravio.....	3.000.000,-
4.- Pav. vías parroquia de S.E. Piadela e S. de Requian.....	4.250.000,-
5.- Pav. de vías en parroquias de Sta. Mª de Pontellas (Castro) e S.P. de Viñas (Angustia).....	3.026.552,-

6º).- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado na tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

11.- ESCRITO DO ADXUDICATARIO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO E ASILO MANUEL NAVEIRA.

Dase conta de escrito presentado por D. Saturnino Baquer Masgrau en nome e representación da entidade mercantil "Complejo San Roque, SL", empresa adxudicataria do aparcamento subterráneo e Asilo Manuel Naveira, así como do dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto a falta de información, ó seu xuizo, sobre o tema, entendendo que o que se presenta é que o contratista propón

modificacións, solicitando que se aclare se a proposta é de acepta-los cambios ou ben axustarse ós informes técnicos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que a proposta que hai no expediente é a do informe do secretario.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, lembrando a oposición do seu grupo, no seu momento, á utilización que se pretende, sinala que neste caso, aceptadas as condicións, hai que mantelas, polo que se atén ó informe técnico.

- Indica tamén o Sr. alcalde que a proposta está nas consideracións xurídicas do secretario.

Neste momento auséntase o Sr. Pita.

En consecuencia, tendo en conta as consideracións legais do informe que din:= 1º.- Respecto do primeiro punto cabe sinalar:= a) A cantidade de sesenta millóns á que se refire a empresa, debe ser entregada en concepto de canon inicial, xa que así o prevé o prego de condicións.= A primeira consecuencia é que tal concepto de canon, en nada ten que ver con ningún tipo de garantía, senon que o canon actúa como taxa ou prezo público, neste caso xustificada pola ocupación de bens de dominio público (art. 41.A, Lei 39/88 do 28 de decembro), ou incluso como participación nos beneficios, sendo este o senso que no noso ordenamento ten tal establecemento (entre outras, art. 84 e seguintes da Lei 22/88 do 28 de xullo).= b) As obras e a xestión de servicios públicos, así como os demais contratos coas administracións públicas, enténdense realizados baixo o principio de risco e ventura do contratista, sen prexuizo dos supostos de forza maior para o contrato de obras, como así o establece o artigo 99 da Lei 13/95 do 18 de maio de contratos das administracións públicas.= Por iso non se pode admiti-lo investimento ou o risco como xustificativo de menores esixencias, xa que é algo propio da actuación contractual e empresarial.= c) Ademais o artigo 37 da citada Lei 13/95 é taxativo ó establecer: "Os adxudicatarios dos contratos regulados por esta Lei estarán obrigados a constituir unha garantía definitiva...".= Respecto da xestión de servicios, a súa contía establécese, no prego de condicións, en virtude do artigo 39 da lei 13/95.= A propia lei e o prego de condicións, que goza así mesmo do carácter de "Lei entre partes", impiden acceder á pretensión do interesado, non estando recollido este suposto tampouco nos casos de excepción do artigo 40 da repetida lei.= 2º.- Respecto á fianza definitiva da concesión hai que dicir:= a) En absoluto se pode entender como unha entrega a fondo perdido, xa que segundo o referido artigo 37, non se obriga a avalar con ningunha entrega, senon a través doutros documentos como avais bancarios, contratos de seguros de caución, o custo financieiro dos cales non é tan gravoso como para xustifica-lo solicitado polo adxudicatario.= Pénsese ó respecto que os avais a depositar segundo o prego son os seguintes:= Aval provisional de 5.000.000,- ptas. (presentado para a adxudicación do Banco Español de Crédito).= Aval definitivo do 3% do importe das obras, que en cálculos provisionais segundo a documentación actual situaríase sobre os 7.000.000,- ptas., a súa presentación supoñería a cancelación do anterior.= Aval definitivo do 4% sobre o custe de explotación do servicio, que en cálculos provisionais segundo a documentación actual situaríase sobre os 20.000.000,- ptas., tendo en conta que o anterior se devolvería ó ano do remate das obras.= Todos eles sen prexuizo da fianza do aluguer.= Tres apreciacións respecto ó aval sobre o custe de explotación:= 1.- Parece lóxico interpretar que dito aval se imporá ó comezo da iniciación do servicio.= 2.- Non se fala do custe real de explotación, senon que o prego se refire ó custe de explotación, sen que

poida admitirse obscuridade nin ambigüidade no mesmo, nin falar de cantidades hipotéticas, por canto economicamente é factible realizar estudios de custe de explotación con marxes reducidas de erro. Todo iso sen prexuizo das posibles variacións ó longo do tempo, que poden influir tanto á alza como á baixa.= 3º.- O custe total pódese entender que debería realizarse sobre o verdadeiro servicio que se contrata, é dicir, a explotación do aparcamento, o que reduciría o aval de 20.000.000,- ptas., probablemente á metade.= b) A manifestación que se presenta ó longo do escrito sobre o custe dos avais, non se pode soster se se pensa que o custe financieiro dos mesmos, segundo distintas entidades bancarias, pódese situar en orde ó 1 por mil.= 3º.- Finalmente e respecto á execución por fases, non se pode admiti-la decisión unilateral do adxudicatario, se ben non se observa ningún inconveniente por no afectar ó interese público, sempre e cando se acredite e garantice o prazo de execución da segunda fase.

O Pleno, co voto favorable de dez concelleiros presentes (nove do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP), acorda: PRIMEIRO.- Non procede eximir de ningunha fianza ó adxudicatario da concesión citada, sen prexuízo da súa determinación en virtude dos criterios sinalados, que se materializarían nos momentos e polos órganos oportunos.= SEGUNDO.- Autoriza-la execución dunha primeira fase do aparcamento, segundo a proposta que se presente, poñendo un prazo de dous anos, ó obxecto de que á vista dos resultados da explotación, acordar sobre a execución da segunda, que en todo caso supoñería a obriga do adxudicatario de reparar toda a urbanización que puidera verse afectada.= TERCEIRO.- Lembrar ó adxudicatario, incumprimento de prazos en que se está incorrendo, segundo o prego de condicións.

12.- ESCRITO DO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP "VALES VILLAMARÍN".

Dada conta de escrito do consello escolar do CEIP "Vales Villamarín" relativo a realización das xestións oportunas a fin de consegui-lo adecentamento das naves que ten a Consellería de Agricultura na zona do Carregal, así como do dictame da Comisión informativa, o Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse á Consellería de Agricultura dando traslado do solicitado, así como informe, ó obxecto de que se atenda tal petición, facultando a tal fin á Alcaldía.

13.- PROPOSTA DE REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

Dase conta da proposta dos servicios sociais municipais sobre regulamento do servicio de axuda a domicilio. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, poñendo de manifesto a dificultade do tempo, considerando a necesidade do servicio, indica o seu voto a favor.

- Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (nove do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres: Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP), acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o regulamento do servicio de axuda a domicilio.= SEGUNDO.- Que se proceda á súa tramitación regulamentaria, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período oportuno.

14.- ESCRITO DO SECTOR DE AUTO TAXIS.

Visto o escrito subscrito por D. Miguel Hernández Fernández e outros, membros do colectivo de profesionais do sector de auto taxis, dictaminado pola Comsión Informativa, trala aclaración do Sr. Carro Galeiras sobre a data remate da suspensión proposta, así como o informe emitido, o Pleno, por unanimidade, acorda: Acorda-la suspensión da transmisión de licencias de taxis ata o día 31 de decembro do presente ano, ó obxecto de finaliza-las negociacións sobre reordenación do sector, sen prexuizo de someter este acordo a previa audiencia de tódolos afectados.

15.- ACORDO SOBRE DELEGACIÓN DA XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO.

Dase conta de escrito da Xerencia Territorial do Catastro da Coruña-Provincia en relación coa delegación da competencia de expedición de certificacións acreditativas da referencia catastral dos bens inmobles de naturaleza urbana, o cal está dictaminado pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade acorda acepta-la facultade delegada da Xerencia Territorial do Catastro da Coruña-Provincia para expedición de certificacións acreditativas da referencia catastral dos bens inmobles de naturaleza urbana que figuren nos padróns do devandito imposto.

16.- PETICIÓN A COSTAS DE PROXECTO DE DRAGADO RIOS MENDO E MANDEO.

Dase conta da solicitude, xa tramitada, á Demarcación de Costas do proxecto de dragado dos rios Mendo e Mandeo. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

Neste punto incorpórase de novo o Sr. Pita.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que debería presentarse un estudio mais detido, ante a situación que afecta a toda a ría, o que obrigaría a saca-lo proxecto do contorno urbano e amplialo ó exterior, recuperando a navegabilidade.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, entende o proxecto bo, anque presentado con retraso, incidindo na súa extensión.

O Pleno, por unanimidade, acorda reitera-la solicitude efectuada pola Alcaldía á Demarcación de Costas para que proceda a redacta-lo oportuno proxecto, así como a habilitación das partidas presupostarias necesarias para acometelo, para unha limpeza dos ríos Mendo e Mandeo desta cidade no contorno urbano por onde discorren, que comprende desde a ponte do Carregal ata a fonte dos Ánxeles.

- O Sr. alcalde tamén cre que o dragado e limpeza debería extenderse, pero a solicitude que se realiza responde ó dominio de costas, polo que se terá que tratar de trasladar unha segunda fase a outros organismos.

17.- PROPOSTA DO DELEGADO DE EMIGRACIÓN PARA VIAXE INSTITUCIONAL Ó CENTRO BETANZOS DE BOS AIRES.

Dase conta de proposta do delegado de emigración para viaxe institucional ó Centro Betanzos de Bos Aires. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que se debe ser condescendente coa entidade que eleva a invitación e polo tanto apoia a viaxe institucional.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, le a proposta e pregunta polo que se propón aprobar, xa que non o sabe.

- O Sr. alcalde explica que a proposta supón acepta-la invitación.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la proposta do delegado de emigración na que da traslado da invitación da xunta directiva do Centro Betanzos de Bos Aires á Alcaldía de Betanzos, para que unha representación do Concello asista ós actos previstos para finais do mes de novembro próximo con motivo do Centenario do 98,

estando previsto ofrecer unha homenaxe a tódolos ex-presidentes do centro e ó alcalde de Betanzos.

18.- MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS.

Dase conta da proposta do concelleiro de facenda, sobre modificacións en ordenanzas fiscais de 1998-taxas, prezos públicos e impostos do Excmo. Concello de Betanzos. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto o contido das modificacións, facendo referencia á necesidade de aclara-la aplicación de determinados colectivos, do uso da lancha dos Caneiros.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, indica a abstención do seu grupo, sinalando a posibilidade de erro, pola baixa espectacular que se propón.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que o prezo que se establece é por día, anque apareza redactado inducindo a erro.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de nove concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modifiación de ordenanzas fiscais propostas, do prezo público por actividades culturais e deportivas, do prezo público por emisora de radio.= SEGUNDO.- Que se continúe o expediente, debéndose considerar definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

19.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE APARCAMENTOS PÚBLICOS.

Dase conta de moción do PP sobre habilitación do terreo público de propiedade municipal situado na área do Carregal (entre o rio Mendo, a piscina mpal. e o Pasatiempo) para o aparcamento gratuito de automóbiles e realización dun proxecto para dotar a toda a zona dos servicios precisos para tal aparcamento. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, cre innecesaria a explicación, dado que a pesar dos aparcamentos subterráneos, segue habendo ausencia de espacios públicos para solucionar este problema. Propoñen o uso para tal fin da propiedade municipal no Carregal, que debería adaptarse para un aparcamento gratuíto, o que sen dúbida redundaría positivamente. Pon de manifesto que a idea está xurdida por algúns colectivos e quere matizar que non se pode esixi-la presentación de todo o proxecto, xa que entende que ese é labor dos técnicos, se se aproba a moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que o lugar que se propón está suxeito a un proxecto de urbanización que vai levar adiante a Xunta de Compensación do plano parcial do Pasatiempo. Que en dita zona hai dúas parcelas municipais, unha comprometida coa Deputación para unha piscina descuberta e outra coa finalidade e uso determinado nas normas, todo o cal impediría a proposta. Doutro lado, na actualidade entende que hai espacio en toda a zona do Pasatiempo para aparcar.

- De novo o Sr. Pita, voceiro do PP, pon de manifesto que non entende por que se responde á proposta dun aparcamento cunhas obras dunha urbanización, co que parece que se pretende tomarlle o pelo á oposición. Insiste en que está falando de terreos municipais e respecto da piscina, enteráronse da ubicación pola prensa e, estando de

acordo con ela, o seu grupo teríaa posto noutro sitio. Reitera que agora se está a falar dos aparcamentos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, mostra a súa perplexidade ó manifestar que a piscina se acordou nun Pleno e respecto ó aparcamento insiste nos motivos expostos.

O Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Fernández, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra dos outros nove concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda desestima-la moción presentada.

20.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÓS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS DO CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta de moción do BNG relativa ós centros de ensino públicos do Concello de Betanzos. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, non cre necesario estenderse en explicacións, en canto que tódolos grupos deberían estar de acordo en algo necesario para o futuro.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifesta o seu apoio á petición, indicando a perda de oportunidade que houbo, xa que estiveron á venda os terreos lindantes ó colexio.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o apoio do seu grupo, se ben quere matizar sobre as xestións que xa se veñen realizando sobre a escola infantil e a polideportiva, sen prexuizo da participación do consello escolar e as determinacións urbanísticas das normas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Que o Concello de Betanzos inicie os estudios necesarios na busca de terreos que permitan unha ampliación do "campus" dos nosos tres centros de ensino públicos: instituto de Formación Profesional, instituto "Francisco Aguiar" e CEIP "Fco. Vales Villamarín".= 2.- Que o Concello de Betanzos, toda vez efectuados os estudios indicados no punto 1, realice tódolos trámites posibles cara á consecución dos devanditos terreos para a ampliación do "campus" dos nosos tres centros de ensino públicos: instituto de Formación Profesional, instituto "Francisco Aguiar" e CEIP "Fco. Vales Villamarín".

- O Sr. Otero agradece o voto.

- O Sr. alcalde, xulga importante a coincidencia, poñendo de manifesto a necesidade de desenvolvemento da zona escolar e a súa comunicación co centro de Betanzos.

21.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á "PONTE VELLA" DE BETANZOS.

Dase conta de moción do BNG relativa á Ponte Vella de Betanzos. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, considera que todos saben as deficiencias desde o punto de vista do patrimonio, da parte vella de Betanzos, concretándose na "Ponte Vella", propoñendo a necesidade de xestionar ante os organismos correspondentes a súa posible restauración.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, apoia a postura, estendendo o dano realizado á ponte, a outros no paseo da Tolerancia, onde se fixo, ó seu xuizo, unha actuación salvaxe.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo valora positivamente a iniciativa, quedando á espera da resposta dos organismos competentes.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Que o Concello de Betanzos realice, diante de tódolos organismos e administracións implicadas -Ministerio de Fomento, Consellería de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio, ...- os trámites pecisos para unha rehabilitación e reforma da "Ponte Vella", acorde coa súa monumentalidade.

22.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas realizadas no anterior Pleno ordinario (de data 30 de marzo de 1998):

Ás formuladas polo PP:

1.- Á entidade que lle correspondeu facelo de acordo cos convenios e acordos establecidos.

2.- A planificación do uso dos locais da zona rural lévase a efecto tendo en conta os regulamentos existentes, as ordenanzas e os acordos dos distintos órganos decisorios do Concello de Betanzos.

3.- Fíxose de acordo coas normativas concretas na materia contractual e conta cos permisos solicitados.

4.- Porque a tal fin se estimou para un máis amplo coñecemento dos distintos sectores que a integran. As comisións son destinadas a preparar traballos e informes de cara ós Plenos ou outras instancias institucionais.

5.- Aclaren a que listas se refiren e concreten a pregunta.

6.- Están a disposición no departamento correspondente e deuse conta das mesmas ós diarios oficiais.

7.- Aclárese a que escrito se refire.

8.- A base de cálculo das licencias de obras é o pesuposto das mesmas.

Ás formuladas polo BNG:

1.- Son do Ministerio de Fomento, estudiarase a posible petición de cesión e posteriormente o seu destino, que ben puidera ser un mirador ou algo semellante.

2.- Existen xuntanzas de moteiros dentro dunha certa orde, pero non constan carreiras nas estradas do Concello.

2.- Aplícanse as ordenanzas e normas correspondentes. Isto non indica que se produzan alteracións que remataran no expediente correspondente

O Sr. Otero, voceiro do BNG, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Pregunta a situación do regulamento de Radio Betanzos, que xa fora obxecto doutra moción.

- Pregunta se as covas do Pasatiempo teñen tódalas medidas de seguridade.

- Pide que se retiren unhas pedras que quedaron cerca das monxas no cauce do rio.

- Pregunta sobre o paseo da Galera, se sufriu modificacións co proxecto orixinal, se se vai continua-lo retranqueo ou a demolición de casetas.

O Sr. Pita, voceiro do PP realiza os seguintes rogos e preguntas:

- En relación a acordo adoptado sobre a praza García Irmáns, queren saber onde se encontran as pedras cambiadas e que sexan útiles nalgunha outra parte noble, que non se perdan.

- Solicita retirar na praza de Lanzós o adorno de granito atípico arredor do magnolio, deixándoo ó aire ou con ferro forxado.

- Solicita que se retiren os elementos ornamentais diante do Concello, substituíndoos por elementos máis medievais.

O Sr. Carro Erias fai a seguinte matización, en relación con pregunta formulada no Pleno anterior, sobre a base do imposto de construccións, se é sobre o presuposto de execución material ou de contrata.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintetrés horas e dez minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDIA *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O VINTECINCO DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Jesús García Cainzos.

Non asiste:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vintecinco de xuño de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

- O Sr. alcalde, antes de incia-lo estudio dos asuntos da orde do día, solicita que se proceda a gardar un minuto de silencio como sinal de repulsa polo asesinato do concelleiro do Partido Popular en Rentería Manuel Zamarreño.

1.- PROPOSTA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/98.

Dase conta de expediente de modificación de créditos 1/98 e do informe da intervención. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto a súa abstención pola imposibilidade de tempo para analiza-lo asunto, se ben entende que son operacións de xestión que corresponden ó grupo de goberno que en ocasións teñen a súa lóxica.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, sinala que, como sempre, o seu grupo non se opón, xa que se entenden os reaxustes que se deben facer nos presupostos, que de sempre son orientativos, indicando tamén a súa abstención.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (6 do PP, Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente 1/98 de modificación de créditos do presuposto deste exercicio, por importe de 34.556.675,- ptas.= SEGUNDO.- Proceder á súa tramitación, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período regulamentario.

2.- PROPOSTA DE CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de operación de crédito para os investimentos que figuran no expediente. Consta informe favorable da intervención e dictame da Comisión Informativa.

Tanto o voceiro do BNG, Sr. Otero, como o do grupo popular, Sr. Pita, abundan na súa postura de non se opoñer, por entende-la xestión responsabilidade do grupo de goberno.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (6 do PP, Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Concertar co Banco Etcheverría unha operación de crédito destinada a investimentos, por importe de 39.600.000,- ptas., coas seguintes características: prazo de amortización dez anos, mais dous de carencia de amortización de capital; tipo de xuro, MIBOR (a 6 meses) mais 0,03 puntos.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde para formaliza-la oportuna póliza ou contrato.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL ESTUDIO DE DETALLE EN ROSALÍA DE CASTRO-CAL DAS BARRAS.

Preséntase para a súa aprobación inicial estudio de detalle en Rosalía de Castro-Cal das Barras, formulado por Proveco SL, dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, ainda cando non puido ve-la documentación, mantén a súa postura en cuestións de carácter urbanístico, que non coinciden coa do grupo de goberno. Ainda admitindo que se cumpren as determinacións legais, sinala a súa abstención, por ser contrario ó tipo de urbanismo que se practica.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, anuncia a abstención do seu grupo, considerando que o proxecto non é o máis axeitado á zona, comentando así mesmo o problema dos

propietarios que parece deducirse dun erro na documentación, o que espera se subsane ó longo da tramitación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pon de manifesto o erro xa detectado, sen prexuizo de ser unha cuestión na tramitación xa que pode haber outros cambios de titularidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (6 do PP, Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros esta Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o estudio e detalle na unidade de execución integral (UEI) número 4 (Rosalía de Castro, Cal das Barras, praza do Rollo), promovido por Proveco SL.= SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓN DE CAFETERÍA NO PASATIEMPO.

Dase conta do expediente aberto para a adxudicación de concesión de cafetería no Pasatiempo, no que se inclúen acta da mesa de contratación, informe técnico e dictame da Comisión Informativa.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (6 do PP, Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Adxudica-la concesión de explotación dunha cafetería no Pasatiempo á empresa Gallega de Suministros SL (única oferta presentada).= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para realizar tódolos trámites necesarios derivados deste acordo.

5.- PROPOSTA DE CONVENIO NO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.

Dase conta de convenio enviado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, de colaboración entre o mesmo e este Concello en materia de erradicación do chabolismo. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, solicita unha explicación sobre o tema, ó obxecto de ter coñecemento sobre o voto a emitir.

- O Sr. alcalde da conta da tramitación deste longo expediente, do que xa noutras ocasións tivo coñecemento o Pleno, centrándose todo o problema nos últimos pasos, na consideración do presuposto, que despois dunha rebaixa importante, de novo se produce neles unha considerable actualización, que anque non satisface plenamente as primeiras demandas, parece axustado á actuación a realizar.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que as obras non van resolva-lo problema dos residentes da zona, na que hai tempo xa se intentou eliminar. Cre que o Concello debe facer un esforzo ante a situación dos afectados, para o que se debe incidir no contorno, que se atopa moi degradado, con todo tipo de actuacións, ainda recoñecendo o aspecto cultural do problema.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, retomando a postura do BNG, entende que un xeito de erradica-lo problema sería a reintegración dos afectados no conxunto da sociedade, introducíndoos no mundo do traballo. Pon de manifesto a sensibilidade e xenerosidade do Goberno Galego e lembra que foi o seu grupo quen primeiro suscitou este proxecto. Insiste

en aproveita-lo momento para miras máis amplas, co desenvolvemento urbanístico e de accesos á zona, para o que pide que se faga un esforzo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto favorable dos outros grupos, pon de manifesto a satisfacción de que a Comunidade Autónoma financie o oitenta por centro, anque lle gustaría que fose o cento por cento, facendo referencia a outros aspectos expostos que se comparten e no que se seguirá traballando, profundizándose polos servicios sociais.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, insiste novamente na súa postura de reinserción laboral e ós problemas do colectivo infantil, ó que se lle debería da-la máxima axuda.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos en materia de erradicación do chabolismo, facultando ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do mesmo e para cantas actuacións derivadas do asunto sexa necesario realizar.

6.- RECTIFICACIÓN ERROS EN APROBACIÓN PADRÓN DE HABITANTES Ó 31-12-97.

Dase conta de proposta de corrección de erros na rectificación do Padrón de Habitantes ó 31-12-1997, aprobada na sesión plenaria realizada o 30 de marzo de 1998. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que é unha cuestión eminentemente técnica e hai que acepta-las propostas que se realizan.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, lamenta que o erro producido non fora para maior poboación.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á rectificación do Padrón Municipal de Habitantes ó 31 de decembro de 1997, subsanando así o erro detectado, que ofrece o seguinte resumo numérico:

Variacións no número de habitantes:

Conceptos.		Total.	Varóns.	Mulleres.
Poboación de dereito ó 1-5-1996		12.299	5.790	6.509
Alta desde 1-5-1996 ata 31-12-1997		554	278	276
Baixa desde 1-5-1996 ata 31-12-1997		446	220	226
Variacións por erro no sexo:	Altas	4	0	4
	Baixas	4	4	0
Poboación de dereito ó 31-12-1997		12.407	5.844	6.563

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e dez minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O TRINTA DE XULLO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:
D. Manuel Lagares Pérez.
Sres. concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Jesús García Cainzos.
Non asisten:
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Ángel Pastor Casal Otero.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas do día trinta de xullo de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación ás actas das sesións realizadas o 29 de maio e o 25 de xuño de 1998.

2.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

- Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, comunica que os escritos deste Concello de data 6-maio-98 solicitando a construcción de beirarrúas na estrada Betanzos-A Golada, tramo comprendido entre As Cascas e a entrada de Roibeira, e a mellora da ponte sobre o ferrocarril no lugar de Infesta na estrada de Betanzos-Mesón do Vento, respectivamente, foron trasladados ó Servicio de Estradas para o seu coñecemento e estudio.

- Subdirección Xeral de Organización e Medios da Administración de Xustiza e do Ministerio Fical do Ministerio de Xustiza, xustifica recepción de escrito de data 25-xuño-98 polo que se remite acordo plenario desta Corporación solicitando a creación dun cuarto xulgado de 1ª Instancia e Instrucción no partido xudicial de Betanzos.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL ESTUDIO DE DETALLE DA UEI Nº 27.

Preséntase, para a súa aprobación inicial, estudio de detalle na UEI-27, formulado por General de Edificios y Solares (GESS), dictaminado pola Comisión Informativa.

- No debate, o Sr. Otero, voceiro do BNG, remítese á postura que o seu grupo ven mantendo desde as normas subsidiarias, ó desenvolvemento urbanístico. Ainda non existindo inconvenientes do tipo legal, mantén a súa postura de abstención. Manifesta a súa preocupación respecto ó aumento do parque de vivendas cando a poboación non aumenta, o que, na súa opinión, ademais de utilizarse a construcción como investimento, orixina uns desprazamentos, coa perda de poboación doutras zonas como o casco antigo. Entende que se urbaniza libremente con independencia do Concello, é dicir, con falta de control, o que se ven unir á súa preocupación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a abstención do seu grupo, postura congruente coa súa impugnación ante o Contencioso das normas subsidiarias, querendo aclarar que non é de votar en contra, xa que non queren ser obstruccionistas, esixindo que non se fagan interpretacións personais.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que a obstrucción se pode facer de moitas maneiras, sendo obriga de todos tirar do carro da economía de Betanzos. Polo que respecta á perda de poboación, entende que non son eses os datos que oficialmente se manexan, xa que a poboación se mantén e nesta preocupación trátase de utiliza-los elementos de desenvolvemento consecuencia das normas subsidiarias, axilizando a construcción, conseguindo outro paseo fluvial, etc. Fai unha referencia final á impugnación das normas, citada polo PP, entendendo que cada un é libre de actuar como queira; o grupo de goberno está polo desenvolvemento e por que Betanzos siga subiendo.

Antes de somete-lo asunto a votación, o Sr. alcalde fai referencia ó desexo de que as cifras que antes manexara o Sr. Otero sobre o parque de vivendas e en consecuencia a poboación, foran realidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres: Faraldo, González, Carro Erias, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle da unidade de execución integral númmero 27 (UEI-27), que promove General de Edificios y solares (GESS).= 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UEI Nº 27.

Preséntase, para a súa aprobación inicial, proxecto de urbanización da UEI-27, formulado por General de Edificios y Solares (GESS), dictaminado pola Comisión Informativa.

- Reitéranse no debate as opinións manifestadas polos grupos políticos no punto anterior, poñéndose manifesto pola Sra. Faraldo, voceira do PP, o posible erro na documentación, sobre reiteración de planos, pedindo que se subsane.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres: Faraldo, González, Carro Erias, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da unidade de execución

integral número 27, que promove General de Edificios y Solares (GESS).= 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE NA UEI Nº1.

Preséntase, para a súa aprobación inicial, estudio de detalle na UEI-1, formulado por D. José Ramón Purriños Otero, dictaminado pola Comisión Informativa.

- Reitéranse no debate as opinións manifestadas polos grupos políticos no ppunto anterior referente ó estudio de detalle na unidade número 27, poñéndose de manifesto polo Sr. Otero, voceiro do BNG, as correccións necesarias na documentación, segundo se indica pola arquitecto municipal, e pola Sra. Faraldo, voceira do PP, que lle chama a atención que nesta unidade que agora se tramita, xa fixeran movementos de terras, o que que supón un adianto dos promotores.

- Resposta o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indicando que se corrixirán os aspectos necesarios e, sobre o movemento de terras, que foi unha actuación da propiedade consistente nun depósito de terras, polo que xa foi requirida a través dos mecanismos legais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres: Faraldo, González, Carro Erias, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle da unidade de execución integral número 1, que promove D. José Ramón Purriños Otero.= 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

6.- ACORDO SOBRE CONSTRUCCIÓN PISTA POLIDEPORTIVA.

Dase conta ó Pleno das actuacións seguidas en orde á construcción de pista polideportiva no colexio "Vales Villamarín".

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicita-la adhesión ó convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña sobre instalacións deportivas, manifestando a aceptación plena e sen ningunha reserva de todas e cada unha das cláusulas que o integran.= 2º.- Para a execución das obras de "construcción de pista polideportiva", no marco do devandido convenio o Concello compromete unha aportación económica de cinco millóns de pesetas (5.000.000,- ptas.), con carga á partida presupostaria 452/76100, distribuida nas seguintes anualidades: Ano de 1998: cinco millóns de pesetas (5.000.000,- ptas.). A adopción do presente comporta a autorización e disposición do gasto polos importes e finalidade sinalados, debendo procederse de seguido á adecuada e independente contabilización.= 3º.- Que polo órgano competente deste Concello se outorgarán as preceptivas licencias municipais de obras para a execución do proxecto técnico comprensivo das pretendidas, redactado por D. Francisco Luis Freire González, cun presuposto de execución por contrata de trinta e oito millóns duascentas catorce mil seiscentas doce pesetas (38.214.612,- ptas.).= 4º.- Poñer a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte, os terreos de titularidade municipal sitos no colexio público "Vales Villamarín", Avda. do Carregal s/n, cunha superficie de 2.000 m2 aproximadamente, que se atopan libres de cargas e gravames, todo iso co exclusivo fin de posibilita-la normal execución das obras. Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición son aptos urbanisticamente para a execución da obra pretendida e atópanse urbanizados.= 5º.- Autorízase expresamente á Secretaría

Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para que esta inicie, de chegar a proceder, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico a que se refire a cláusula XII.2 do convenio para o que se solicita a adhesión. A tramitación do devandito expediente, no seu caso, efectuarase consonte as prescricións contidas no convenio de referencia.= 6º.- No uso das instalacións deportivas ás que se refire o presente serán observadas as prescricións contidas na cláusula XII.5 do devandito convenio.= 7º.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren.= 8º.- Facúltase ó Sr. alcalde-presidente, tan amplamente como en dereito sexa necesario, para asistir ó acto de entrega das instalacións ás que se refire a aliña anterior. O referido acto comportará a incorporación da obra ó patrimonio municipal.

7.- EXPTE. Nº 2/98 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E BASES DE EXECUCIÓN DE PRESUPOSTO.

Dase conta de expediente nº 2/98 de modificación de créditos e bases de execución de presuposto, no que constan os antecentes, informes e o dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que estes expedientes respostan ó funcionamento económico, a responsabilidade do cal compete ó grupo de goberno, sendo neste caso os informes favorables, polo que anuncia a súa abstención. A mesma postura anuncia a Sra. Faraldo, voceira do PP, xa que o seu grupo non participa na xestión.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres: Faraldo, González, Carro Erias, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o expediente 2/98 de modificación de créditos ó presuposto, por un importe de cincuenta e dous millóns cincocentas noventa e sete mil seiscentas trinta e seis pesetas (52.597.636,- ptas.), así como modificación de bases de execución do presuposto para 1998.= 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición ó público.

8.- PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dase conta ó Pleno de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/98 de 1998, no que constan os antecentes, informes e o dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto a súa postura, semellante ó punto anterior, no que se refire á responsabilidade do grupo de goberno na xestión económica, sinalando neste caso a necesidade de axustarse ó presuposto do ano.

- Pola súa banda, a Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa abstención, por non participar na xestión e pide aclaracións sobre o anexo I do expediente, consistente na relación de facturas, poñéndosello á súa disposición a indicación do Sr. alcalde. Seguindo na súa exposición, a Sra. Faraldo lamenta que se chegue a este nivel de endebedamento con pequenos negocios, débedas que lle resultan gravosas, congratulándose por outro lado de que se lles vaia pagar, actuación da que acusa certo interese electoral, actitude que considera pouco digna.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que fronte ós grupos que utilizan o todo vale, o equipo de goberno entende que as eleccións decidiranse no seu

momento, sendo outras as actitudes indignas, ás que xa se está afeito. Entende que este tipo de expedientes son correntes e están regulamentados, negando que exista endebedamento, aspecto no que o Concello está perfectamente, polo que pide que non se confundan os termos, debéndose face-lo seguimento do presuposto, sen demagoxias.

- Interrompe a Sra. Faraldo, para sinalar que o indigno é estar cinco anos sen pagar unha factura.

- Segue o Sr. Lagares (D. Antonio) puntualizando que estas facturas que se traen a recoñecemento son do ano 1997, pedindo que se mire o significado da indignidade, a que se manifesta coas actuacións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (Sres: Faraldo, González, Carro Erias, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), acorda: Aprobar inicialmente o expediente 1/98 de recoñecemento extraxudicial de créditos contra o presuposto de 1998, por un importe de setenta e cinco millóns oitocentas sete mil seiscentas dezaseis pesetas (75.807.616,- ptas.).

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas realizadas no anterior Pleno ordinario (de data 29 de maio de 1998):

Ás formuladas polo BNG:

1.- Pregunta a situación do regulamento de Radio Betanzos, que xa fora obxecto doutra moción.

Resposta: Que está a FEGAMP a preparar un regulamento tipo, para o seu estudio e posible aplicación nos concellos.

2.- Pregunta se as covas do Pasatiempo teñen tódalas medidas de seguridade.

Resposta: Entendemos que contan coas medidas de seguridade axeitadas.

3.- Pregunta sobre o paseo da Galera, se sufriu modificacións co proxecto orixinal, se se vai continua-lo retranqueo ou a demolición de casetas.

Resposta: Vai de acordo coa dirección técnica das obras, realizada pola Demarcación de Costas. Houbo pequenos modificados e as demolicións algunhas delas estanse a facer.

Ás formuladas polo PP:

1.- En relación a acordo adoptado sobre a praza García Irmáns, queren saber onde se encontran as pedras cambiadas e que sexan útiles nalgunha outra parte noble, que non se perdan.

Resposta: Algunhas utilizáronse no casco histórico e outras están depositadas para a súa utilización cando sexa oportuna.

2.- En relación con pregunta formulada no Pleno anterior, sobre a base do imposto de construccións, se é sobre o presuposto de execución material ou de contrata.

Resposta: O ICO aplícase sobre o presuposto de execución material.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Sobre moción presentada o 3/04/98, por que non se incorporou ó Pleno.
- Polo nome da entidade que aboou o tellado das escolas García Irmáns.
- Pola revisión dos locais das rúas Rosalía de Castro e adxacentes.
- Reitérase a petición da relación nominal de empregados municipais, segundo a relación de postos publicada.

- Sobre se houbo obxectores que realizan a prestación social substitutoria facendo funcións de vixilancia na piscina ou no polideportivo.

- Pide o detalle do custe da reforma do despacho do alcalde.

- Que se conteste con respostas claras, non con evasivas, como respecto á utilización dos locais no rural.

- Se foron requiridos os propietarios do Carregal, onde se fixeron depósitos de terra.

- Cando se fixeron os vaciados do vaso da piscina, que obriga o regulamento do seu uso.

- Piden un pronunciamento sobre a legalidade da instalacións de sauna pola concesionaria da piscina.

- Pregunta sobre contenciosos recollidos en Comisión de Goberno que obrigaron ó pagamento de certas cantidades.

- Manifesta a súa sorpresa por que se recoñezan créditos doutros anos que case supoñen o dez por cen do presuposto.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Pregunta sobre os tipos de acordo a que se chegou no paseo da Galera para as demolicións.

- Pide que se prohiba a entrada de vehículos policiais pola praza García Irmáns ós xulgados, que xa teñen acceso posterior.

- Solicita unha copia do estado de execución do presuposto deste ano.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA UN DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

Dª Ofelia López Campos.

D. Andrés Beade Dopico.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Jesús García Cainzos.
Non asisten:
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día un de outubro de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a acta correspondente á sesión realizada o 30 de xullo de 1998.

2.- MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN COA ORDENANZA MUNICIPAL DE RUIDOS.

- O voceiro do BNG, Sr. Otero, da conta da moción subscrita polo seu grupo, dictaminada pola Comisión Informativa, sobre a ordenanza municipal de ruidos e a súa aplicación, que entende suficientemente motivada, ante os graves problemas que afectan ó vecindario dalgunhas zonas, que hoxe se van extendendo a outras e que se presenta ante a necesidade de compaxina-los dereitos en xogo. Resume os sete puntos propostos, nun cumprimento da normativa en vigor, a modificación do artigo 64 no que se refire á prohibición de actividades clasificadas no grupo 1 da ordenanza e o levar a cabo programas de prevención.

- O Sr. Carro Erias, como voceiro do PP, anuncia o seu voto a favor, xa que entende que os problemas que se pretenderon resolver coa ordenanza, non darían lugar a esta situación, se se cumprira, pero afirma que non se cumpre. Entende que na moción falta un punto, que sería facer cumprir, nas obras de execución, a normativa en vigor, xa que coas inspeccións técnicas se evitarían problemas, cumprindo o que pon nas licencias municipais, en canto á comprobación no remate das obras.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, intervén afirmando que os veciños teñen o seu dereito ó descanso pero tamén a hostelería ten os seus dereitos, sempre que cumpra as súas obrigas legais. Fai referencia á normativa, en canto que ata a publicación da Lei de Contaminación Acústica, non había mecanismos de actuación, o que permitiu aproba-la ordenanza municipal que se está a aplicar, dando conta da súa tramitación a través dos canles legais e participativos dos sectores interesados. Sinala que se levan seis meses desde a súa entrada en vigor, relatando as actuacións realizadas ata o momento, con indicacións ós hosteleiros e apertura de expedientes, entendendo que

se está no bo camiño da súa aplicación, indicando que as cousas non se poden facer de golpe, xa que hai que respecta-los mecanismos legais. En relación á moción, sinala que ten aspectos nos que se estaría a favor, pero co que non se está de acordo é co punto 6º, en canto que vai en contra de acordos plenarios, que acordaron a ubicación de determinados locais na zona. En tal sentido convidouse ó proponente da moción a retirar tal punto para un voto afirmativo, que neste caso non se pode outorgar. Insiste en que se están a adopta-las medidas axeitadas, anque non coa rapidez que algún quixera.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, de novo, sinala que ogallá fose certo o cumprimento. Entende que o asunto ven de lonxe, xa que ó longo da lexislatura se presentaron iniciativas semellantes ás analizadas na ordenanza. Cando xa se tén esta, cre que a situación non mellorou, senon que se degradou, ampliándose a outras zonas. Fai referencia ó problema que suscitan estas cuestións entre a xuventude, que esixen medidas serias, aceptando a culpabilidade de tódolos sectores e esixindo o compromiso de todos nas solucións. Non dubida que algún punto da moción se estea levando a cabo. Incide na importancia de modifica-la cultura do ocio. En canto ó punto 6º quere lembrar que o seu grupo non votou a favor de tales instalacións, e doutro lado, que nesa zona tan saturada, tódolos locais son o mesmo, no que se refire ós seus usuarios. Pide a reconsideración da postura do grupo socialista e mantén a moción á espera dunha boa aplicación en beneficio de todos, incluidos os propietarios de locais.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, non ve problemas na adaptación do punto 6º, pedindo ó respecto que se emita informe técnico, no que se vexa se antes do hotel que se ten previsto instalar se aprobara a ordenanza. Insiste na súa postura de que a ordenanza non se cumpre.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, quere matiza-los argumentos que, ó seu xuízo, son reiterativos. Sinala a responsabilidade común no ocio. Indica que o Concello non fixou os horarios dos pubs e cafés musicais, horarios cos que non se pode estar de acordo, introducindo os problemas do sector educativo e familiar no debate que se está producindo. Insiste en que o grupo de goberno vai seguir mantendo a aplicación da normativa, sinala que os horarios os pon a Consellería de Interior, ainda cando o problema de acumulación de xoves nas rúas resposta a cuestións máis amplas. Afirma que son sensatas as reivindicacións dos veciños e a elas se vai tratar de responder, lamentando ter que votar negativamente pola razón exposta.

- O Sr. Otero quere engadir, brevemente, que na moción non se fala de responsabilidade de horarios, xa que entende que a responsabilidade é de todos, senon de que a situación segue sendo a mesma que antes da ordenanza.

- O Sr. alcalde entende suficientemente debatido o asunto e, sometido a votación, o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra de nove concelleiros (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE), acorda, rexeita-la moción presentada.

- A Sra. Faraldo quere facer unha aclaración matizada, sobre a aplicación de cerre de locais, xa que un dos cerres se produce cando os veciños teñen que acudir cun avogado, polo que pide que non se faga propaganda. Interrómpea o Sr. alcalde, quen lle indica que non se van cambia-las normas de funcionamento do Pleno e pídelle que non faga afirmacións gratuitas.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE NOMENCLATOR DE VIAS MUNICIPAIS.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, fai referencia á moción presentada polo seu grupo, previamente dictaminada pola Comisión Informativa, en relación á confección dun nomenclator das vías municipais e a súa representación gráfica actualizada. Non considera necesario estenderse nas explicacións, indicando, entre outros, os problemas que se presentan para a identificación de camiños e outros coa determinación de fincas, facéndose tamén necesaria a actualización da planimetría.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, cre lóxico o solicitado, parecéndolle oportuno.

- Pola súa parte, o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que se trata dun tema delicado, en canto a súa relación co inventario e problemas de titularidade, servidumes, etc., así mesmo entende que a planimetría non están tan atrasada, se se ten en conta que a última revisión das normas é de 1997. Sinala que o seu grupo acepta a proposta, se ben debe facerse no momento de adaptación das normas subsidiarias á Lei do Solo, ó obxecto de non duplica-los traballos.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica que non hai inconveniente se se vai facer en breve. Insiste en que o seu grupo leva tempo pedindo esta actuación, referíndose ás subvencións para cartografía.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que, en certa forma, os camiños rurais xa están incluidos no inventario municipal, respecto ás subvencións solicitouse recentemente á Xunta, para planeamento, pero anque sexa a través do Concello, hai que face-la adaptación á Lei do Solo.

- Admite o voceiro do PP a proposta no tempo, rematando o debate o Sr. alcalde, quen indica que a pesar da subvención que se ten pedida, buscarase o método para facelo realidade.

O Pleno, por unanimidade, aproba a moción do PP adoptando, en consecuencia, os seguintes acordos: 1.- Realización por parte dos servicios técnicos municipais dun nomenclator de vías públicas municipais. 2.- Representación gráfica actualizada das mesmas. Coa modificación que se deduce do debate en canto ó tempo da súa realización.

4.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE SOLICITUDE DE Dª ARACELI GRANDIO VICENTE.

Dase conta de escrito presentado por Dª Araceli Grandio Vicente, no que, trala exposición dos correspondentes argumentos, solicita que se declare pola Corporación a nulidade das bases polas que se rexe a convocatoria para cubrir cinco prazas de administrativo de administración xeral, segundo anuncio no BOP do pasado 5 de agosto. Así mesmo solicita a suspensión da execución do acto, por entender que se causan prexuizos de imposible ou difícil reparación.

Xúntase informe do secretario e está dictaminado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pide maior información, que é facilitada, a indicación do Sr. alcalde, polo secretario, en base ós antecedentes e razoamentos que constan no seu informe. En resumo, preséntase a necesidade de tramita-lo expediente de revisión de oficio, que a Lei de Procedemento Administrativo Común sinala para estes casos, a petición de parte, quedando supeditada a resolución final ó preceptivo dictame do Consello Consultivo da Xunta de Galicia, se ben a proposta xa se fai en sentido negativo dados os razoamentos legais e no que respecta á suspensión do acordo corresponde manifestarse ó Pleno, como órgano que o adoptou, para o que se fai a correspondente proposta.

Interesándose sobre os prexuizos que se poderían presentar, indícase que está claro que ante o dictame contrario do órgano consultivo, calquera modificación substancial que houbera ou se acordara facer nas bases, suporía a apertura dun novo período de presentación de instancias co que quedarían subsanados tales prexuizos.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, entende que debe atenderse e respectarse a postura de calquera cidadán, que ó seu xuizo pon de manifesto certas dúbidas sobre as bases de convocatoria, de entre as que eles tamén destacan a escasa información prestada. Entende que non é preceptivo que calquera acto se paralice por unha alegación, anque neste caso algunha irregularidade debe de producirse, apoiando a paralización do proceso ata a resolución. Insiste no delicado do tema e na escasísima información, enterándose a xente polas academias privadas, non pola convocatoria, sinalando que incluso existen trabas para informar sobre as bases. Entende que a proposta é unha apreciación do secretario, pero quen ten que decidir son os órganos municipais.

- O Sr. alcalde putualiza que o grupo de goberno sempre está de acordo cos informes, que neste caso afirman a legalidade das bases, e respecto da información prestada, fai referencia a numerosos anuncios en diversos medios. Engade que agora se presenta unha proposta que é a que corresponde votar e que neste momento é lida polo secretario.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, afirma que o exposto corrobora o dito e anuncia a súa abstención, en canto eles non fixeron as bases e no que se refire á información, parécelle capcioso a referencia a tantas publicacións, xa que algúns se enteraron polas academias privadas, pedindo que se lle faga chegar en que medios se publicaron os anuncios, como o fan a maior parte das administracións, xa que eles non o viron.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, expon que non quere entrar no tema das bases, anunciando o seu voto a favor, en canto que hai unha alegación que quere que se resolva, pedindo que o dictame que se emita sexa vinculante, entendendo oportunos os informes do secretario.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP), acorda: 1º.- Elevar á consideración do Consello Consultivo da Xunta de Galicia o expediente correspondente ás bases de convocatoria das prazas da subescala administrativa, ó obxecto do preceptivo informe en revisión que se insta ante este Concello, tendo en conta que inicialmente o Pleno do Concello fai seu o informe emitido polo secretario en sentido desfavorable, sen prexuizo de que a adopción do acordo definitivo se fará unha vez que se manifesto o órgano consultivo.= 2º.- Que dado o momento procedemental a suspensión non suporía maís que prexuizos para a administración, sen alcanzar como poden valorarse os de imposible ou difícil reparación ós particulares, xa que no momento actual ninguén lle impide á solicitante inicia-los trámites de participación ata en tanto haxa lista definitiva de admitidos ou excluidos, momento en que podería suscitarse tal suspensión á vista de todo o actuado ata o momento en que sería de apreciar, coa prudencia oportuna, polo que procede denega-la solicitude de suspensión do acto do que inicia a revisión.

5.- SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO.

Dase conta ó Pleno de expediente iniciado para solicitar á Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Fomento a concesión de dominio público radioeléctrico para dotar dun servicio radiotelefónico ós servicios municipais e servicio de protección civil. Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Fomento a concesión de dominio público radioeléctrico para dotar dun servicio radiotelefónico ós servicios municipais e servicio de protección civil do Concello de Betanzos.= SEGUNDO.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente deste Concello, D. Manuel Lagares Pérez, para levar a cabo toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA ESTRADA DE CASTELA.

Dase conta de estudio de detalle na estrada de Castela, tramitado a instancia de MPD Betanzos SL, do que corresponde, unha vez rematados os trámites, adoptar acordo sobre a súa aprobación definitiva. Consta o correspondente dictame da Comisión.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, quere matizar en canto a que a súa postura é a que mantivo no Pleno que prestou aprobación inicial, sendo as circunstnacias as mesmas.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, sinala a falta de coincidencia co grupo socialista no tema urbanístico, anunciando a abstención para que non se lles tache de obstruccionistas, en canto que hai unha maioría suficiente. Entende que a política urbanística foi nefasta desde o ano 85, para o desenvolvemento de Betanzos, sendo así a poboación que menos medra e que menos se aproveita do empuxe da área da Coruña.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o que se vai someter a consideración do Pleno é un instrumento de planeamento promovido por entidades privadas, ó que non se presentou ningunha alegación.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, sinala que non cuestiona que sexa promovido por particulares, anque con retraso, sen as cargas que se metían a outros. Entende que hoxe non hai alegacións pero que si se fixeron nas últimas normas, atendéndose só a media ducia de privilexiados. Insiste no carácter subxectivo do urbanismo que se practica e na súa abstención.

- De novo o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, intervén matizando que agora se trata dun estudio de detalle, que as normas se debateron no seu momento e sobre iso méntese, en canto que as alegacións se estudiaron unha a unha, citouse a tódolos interesados, aceptáronse nun setenta e cinco a oitenta por cento e comunicáronse individualmente, polo que solicita que non se faga demagoxia e se axusten as manifestacións á realidade. Entende que se está a practica-lo urbanismo axeitado e non admite o engano.

- O Sr. alcalde fai unha precisión ó Sr. voceiro do PP, sobre a evolución demográfica de Galicia.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de nove concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta de membros deste Corporación, acorda: Prestar

aprobación definitiva ó estudio de detalle na Estrada de Castela, promovido por D. Manuel Porto Dapena.

- En explicación de voto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, quere facer de novo referencia ás alegacións afirmando que non se discutiron, pedindo que non se minta. É interrompida polo Sr. alcalde, quen lle indica que non é a hora do mitin, pedíndolle respecto. Segue a voceira do PP, entendendo como cuestión de orde que non se minta, non aceptando que se lles reproche a eles a mentira. Remata o Sr. alcalde chamándolle de novo a atención e lembrándolle que por cortesía lle permite falar ata tres veces.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 14.

Dase conta de estudio de detalle na unidade de execución integral número 14, tramitado a instancia de Construcciones Doyfra SL, do que corresponde, unha vez rematados os trámites, adoptar acordo sobre a súa aprobación definitiva. Consta o correspondente dictame da Comisión.

- O voceiro do PP fai constar que se mantén a mesma postura que no punto anterior.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala tamén a mesma posición. Nas súas discrepancias segue mantendo que na revisión das normas, que entende non son eternas, non se recollían as alegacións do BNG. Sostén que quen ten que controla-lo urbanismo é o propio Concello, pero non tramita-las unidades de execución na medida da demanda especulativa, como se comproba neste punto, en que se gaña un espacio libre xunto ó rio, que mais adiante se perde. Cre que os criterios son personalistas, que o Concello non controla nada, silenciándose cando se perden outras zonas, anque se espera que esto cambie no futuro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que o debate é reiterativo, que o grupo de goberno cre que Betanzos medra, sen prexuizo de que haxa que facer correccións, e planificando, lembrando o paso do pescador que aquí se recupera, sendo a idea chegar a disfrutar do rio, co que o tempo dará ou quitará a razón.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de nove concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta de membros deste Corporación, acorda: Prestar aprobación definitiva ó estudio de detalle na unidade de execución integral número 14 (UEI-14), promovido por Construcciones Doyfra SL.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 14.

Dase conta de proxecto de urbanización na unidade de execución número 14, tramitado a instancia de Construcciones Doyfra SL, do que corresponde, unha vez rematados os trámites, adoptar acordo sobre a súa aprobación definitiva. Consta o correspondente dictame da Comisión.

Os grupos políticos mantefien a mesma postura que nos dous puntos anteriores do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de nove concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López,

Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta de membros deste Corporación, acorda: Prestar aprobación definitiva a proxecto de urbanización na unidade de execución integral nº 14 (UEI-14), promovido por Construcciones Doyfra SL.

Case iniciado o punto seguinte, pídese polo PP aclaración de voto, coa matización ante as terxiversacións de que algunhas rúas se conseguiron abrir cando cambiaron de propietario. Interrómpeo o Sr. alcalde indicándolle que o que fai non é aclaración de voto, debéndose segui-lo Pleno.

9.- PROPOSTA DE FESTAS LOCAIS PARA 1999.

Dase conta ó Pleno de comunicación da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, relacionada co calendario laboral 1999 na Comunidade Autónoma de Galicia, solicita se sinalen as datas concretas de dous días de festas de carácter retribuido e non recuperables no ámbito deste termo municipal para o próximo ano 1999.

O asunto está informado na Comisión de Programación, por unanimidade dos grupos, no sentido de que formularán proposta directa na sesión plenaria.

Visto o mesmo, por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo: PRIMEIRO.- Sinalar como festas de carácter local para o ano 1999 o martes de carnaval e o 16 de agosto -San Roque-.

10.- PROPOSTA DE ACORDO CONTRA O CANON DE SANEAMENTO DA XUNTA DE GALICIA A INSTANCIA DO CONCELLO DE CANGAS.

Dase conta de acordo do Concello de Cangas, polo que se insta ó rexeitamento ó canon de saneamento da Xunta de Galicia. O asunto está dictaminado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, manifesta o rexeitamento o seu grupo. Entende que é curioso que se presente un acordo do Concello de Cangas, para o que habería que chamar a un voceiro do mesmo, ou admiti-la incapacidade para falar do canon. Non aceptan as propostas dun concello atípico, de ultrarradicais. Doutro lado solicita que a moción supoña a desaparición do canon pola depuradora municipal, sendo Betanzos o concello no que mais se paga polo mesmo, sendo exclusivos na materia e podendo dar leccións a todos do que son impostos altos. Insiste en que se opoñen por vergoña, ó vir proposto por un Concello que nada ten que ver con nós, indicando ó alcalde, que o propoña no marco da FEGAMP.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que a pesar do exposto, mantén o seu voto favorable á moción, por canto lle parece oportuno.

- O Sr. alcalde: parécelle incrible que haxa que aceptar todo o que a Xunta impoña, cando como neste caso é discriminatorio con determinados cidadáns galegos, entende que descoñece do que se está a falar, xa que o canon de nove ptas. por metro cúbico hano de pagar só os núcleos de dous mil habitantes, incluso en Betanzos, fóra dos ríos, haberá núcleos que non o pague e iso é discriminación. Quere aclarar que o goberno do Concello de Cangas é un goberno democrático, con alcalde do BNG, que se dirixe ós demais, como noutras ocasións, neste caso para solicitar un pronunciamento sobre un imposto inxusto. Porque ademais o diñeiro que se obteña vaise destinar a realizar obras onde queira a administración autonómica, co diñeiro de Betanzos, que por outro lado é o único concello

que ten abastecemento en tódalas casas e é lóxico que cobre as súas taxas e as actualice, pero non así a Xunta que non presta este servicio. Non entende como se pode defende-lo criterio favorable, que acepta como sometemento á disciplina do partido. En canto ás iniciativas na FEGAMP, xa se fixeron, no sentido de que cando se aplique este imposto pediranse as obras necesarias para Betanzos, así como se manifestou o carácter inxusto do imposto que non se aplica a quen contamina e que non ten base legal.

- O Sr. Pita pregunta se se fala como representante da FEGAMP porque, ante as resolucións dunha asociación democrática, se trae ó Pleno un documento asinado por un grupo radical. Entende que o alcalde non ten autoridade para falar en nome da FEGAMP e remítese ás taxas municipais, preguntando se as pagan tódolos veciños, concretamente o recargo pola depuradora, afirmando que no noso concello se paga o que non se paga en ningunha entidade galega, entendendo que as actuacións que se puideron facer en Betanzos foron tamén con diñeiro de tódolos galegos, xa que os presupostos se nutren con ingresos propios e de fóra. Remata insistindo en que ningún concello presenta ó Pleno este planfleto.

- O Sr. alcalde afirma que o exposto é total demagoxia, xa que non se presenta nin un só argumento. Non fala en nome da FEGAMP, senon como alcalde, ante cidadáns que van sufrir un agravio e que xa pagan outra taxa, esta por mante-lo servicio. Lembra que a taxa pola depuradora se entendeu importante polos tres grupos municipais, para o seu pagamento por todos os que a utilicen. Fai referencia ás peticións realizadas á Xunta para investimentos, obtidas cando si había outras maiorías e que, sen embargo, na actualidade, debido ás prácticas caciquís cara a determinados concellos, non lle parece que se aplique unha correcta solidariedade. Remata sinalando que o Concello de Betanzos vai votar en contra deste canon, por canto defende os intereses dos veciños.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, explica o seu voto a favor en canto que, insiste, é un imposto que non ten relación coa salvagarda dos recursos e en relación co concello que remite a solicitude, entende que así pasa noutros casos, en que se aceptan ou non as propostas, pero neste caso cre que teñen razón na mesma.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de dez concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP), acorda: Apoia-los acordos do Concello de Cangas, adoptados na sesión plenaria realizada o 26-06-1998 contra o canon de saneamento da Xunta de Galicia, que din: PRIMEIRO.- Que o Pleno da Corporación se dirixa á Xunta de Galicia, rexeitando e demandando a non aplicación do canon de saneamento.= SEGUNDO.- Dirixirse nos mesmos termos que no punto anterior ó presidente da Xunta de Galicia e á Consellería correspondente.

11.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA SOLICITUDE Ó MINISTERIO DE FOMENTO.

Preséntase á consideracióndo Pleno, moción da Alcaldía relativa a solicitude efectuada ó Ministerio de Fomento sobre sinalización (fundamentalmente horizontal) e remate das obras na estrada N-VI , entre o polígono de Piadela e San Pedro de Nos, así como gratuidade da circulación pola autoestrada neste itinerario polo menos ata a conclusión das obras. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo, por canto o grupo socialista trae estes asuntos como actos consumados, discriminando a función doutras comisións.

- O Sr. alcalde lémbralle que está no punto 11 da orde do día.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, explica a moción e solicita que se lea o dictame da Comisión.

- De novo a Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que se está a referir ás mocións dos puntos 11 e 12, das que entende que se deberían de tratar na Comisión de Tráfico.

- Volta o Sr. Alcalde a indicarlle que neste caso non é un problema de tráfico, pedíndolle que se ten algo que dicir sobre o asunto o diga.

- O Sr. Pita, voceiro do PP, indica que o alcalde, no seu afán de expansión, está permanentemente chegando á Coruña. Di que está falando da nacional VI e que non se ve ningún informe técnico sobre problemas de seguridade vial. Non se presentan as cousas con rigor e pediría que o Concello cumprise as súas obrigas co mesmo celo que pide ós demais.

- O Sr. alcalde entende que non se leu a moción, que se está a falar doutras cousas que nada teñen que ven con ela, por canto o que se di non só o di el, senon os cidadáns.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP), acorda: 1º) Demandar novamente do Ministerio de Fomento, o remate das obras na N-VI, tramo Polígono de Piadela-San Pedro de Nos.= 2º) Reiterar que, polo menos mentres as obras non rematen, a circulación pola autoestrada, entre Guísamo e A Coruña, sexa gratuito.= 3º) Facultar á Alcaldía-Presidencia, ou concelleiro en quen delegue, para realiza-los trámites necesarios para levar a bo fin as propostas.

- O Sr. Pita engade que eles si saben do que falan, que noutras ocasións non se tiveron en conta propostas que eles fixeron. Acusa ó Alcalde de ter unha grande capacidade para pedir fóra a gratuidade para a autoestrada, cousa que non fai no propio concello.

- O Sr. alcalde sinálalle que se limite a explica-lo voto.

12.- MOCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE ENLACE COA AUTOVÍA NO LUGAR DE INFESTA.

Preséntase a consideración do Pleno moción da Alcaldía relativa ós problemas de seguridade vial que se dan na rotonda que conforma o enlace coa autovía no lugar de Infesta, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que o seu grupo se vai abster, en canto que as mocións, tanto esta como a anterior, non son debatidas na Comisión de Tráfico. Sinala que a burla que o Alcalde pretende non lle vai servir de nada, pedíndolle que non se vaia polas ramas.

- Sinala o Sr. alcalde que non se burla de ninguén, pedindo á Sra. Faraldo que non o interrompa. Referíndose ó tema, indica que é unha estrada da Xunta, non municipal, na que se pide corrixir unha rotonda, polo que cre que se debe falar con seriedade.

EXCMO CONCELLO DE BETANZOS

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, engade que en ningún momento dixo que se ía abster polo contido da moción, senon por non se debater na Comisión de Tráfico, sobre a que insiste para que se reúna.

- O Sr. alcalde, en uso da palabra e tras volver a pedirlle á Sra. Faraldo que non o interrompa, indica que se reuna a Comisión de Tráfico se hai algún tema que o xustifique e somete o asunto a votación.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres: Pita, Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal, González, do PP), acorda: 1/ Dirixirse ó Ministerio de Fomento, amosando a preocupación da Corporación Municipal polos contínuos accidentes de tráfico, que se veñen producindo a diario na rotonda de enlace da Autovía do Noroeste coa estrada Betanzos-Mesón do Vento, no lugar de Infesta, solicitando a adopción de medidas correctoras urxentes.= 2/ Dirixirse tamén á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, comunicándolle o grave risco que representa para a circulación pola estrada Betanzos-Mesón do Vento, os contínuos incidentes que se producen no enlace coa autovía no lugar de Infesta.= 3/ Facultar á Alcaldía ou concelleiro en quen delegue, o realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a bo fin as xestións para corrixi-lo problema exposto.

Neste punto auséntase o Sr. Pita.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas realizadas no anterior Pleno ordinario (de data 30 de xullo de 1998):

Ás formuladas polo PP:

1ª.- Sobre moción presentada o 3-04-98, por que non se incorporou ó Pleno.

Resposta: Porque xa se solicitara polos servicios municipais a subvención a que se refire.

2ª.- Polo nome da entidade que aboou o tellado das escolas García Irmáns.

Resposta: Foi a través dun convenio aprobado polo Pleno desta Corporación e os datos son do seu coñecemento.

3ª.- Pola revisión dos locais das rúas Rosalía de Castro e adxacentes.

Resposta: Estanse dando os pasos que marcan as leis e a ordenanza de ruídos.

4ª.- Sobre se houbo obxectores que realizan a prestación social substitutoria facendo funcións de vixilancia na piscina ou no polideportivo.

Resposta: Dígase a que período de tempo se refire, para poder darlle unha contestación concreta.

5ª.- Pide o detalle do custe da reforma do despacho do alcalde.

Resposta: Remitimos a contestación desa pregunta ó contestado con anterioridade no senso de que os datos foron postos a súa disposición.

6ª.- Que se conteste con respostas claras, non con evasivas, como respecto á utilización dos locais do rural.

Resposta: Os locais do rural teñen o funcionamento que determinan os órganos competentes.

7ª.- Se foron requiridos os propietarios do Carregal, onde se fixeron depósitos de terra.

Resposta: Aclárese a que terreos do Carregal se refire para poder saber quen son os propietarios.

8ª.- Cando se fixeron os vaciados do vaso da piscina, que obriga o regulamento do seu uso.

Resposta: Segundo a información de que dispoñemos, fixéronse cando marcan as correspondentes normativas e regulamentos en vigor, e tendo en conta as directrices sanitarias ó respecto.

9ª.- Piden un pronunciamento sobre a legalidade da instalación de sauna pola concesionaria da piscina.

Resposta: A instalación da sauna é unha mellora para os usuarios, e a súa colocación parte das posibilidades contempladas nas condicións aprobadas no seu día polo Concello.

10ª.- Pregunta sobre contenciosos recollidos en Comisión de Goberno que obrigaron ó pagamento de certas cantidades.

Resposta: Refírense a unhas obras executadas na rúa Pintor Seijo Rubio, a un video sobre temas galegos e betanceiros e o depósito de un coche en dependencias municipais.

Ás formuladas polo BNG:

1ª.- Pregunta sobre os tipos de acordo a que se chegou no paseo da Galera para as demolicións.

Resposta: Os acordos oportunos fixéronse a través da Demarcación de Costas de Galicia e o Concello colaborou para acada-los mesmos.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

1.- Que xestións se levaron a cabo por parte da Alcaldía para a construcción dunha pasarela elevada na zona escolar, dado que comeza o novo curso e seguimos sen pasarela.

2.- En Plenos anteriores o Partido Popular pediu que os técnicos municipais realicen un control de se os pubs ou café-bar que se encontran abertos na zona de Rosalía de Casco e contiguas, para comprobar se as obras executadas se adaptaban ós proxectos presentados no Concello ¿que se fixo ó respecto?.

3.- Na entrevista mantida pola asociación de veciños "Rosalía de Castro" co concelleiro D. Antonio Lagares, este recoñeceu que había un pub aberto que nin tan sequera tiña licencia. Como é posible que isto suceda e se recoñeza polo propio concelleiro e que medidas se tomaron ó respecto.

4.- Que opinión lle merece ó Sr. alcalde o que sexa o "Defensor del Pueblo" o que de forma reiterada o inste a cumpri-la lexislación vixente e sexa este organismo o que teña que defende-los nosos veciños porque o seu alcalde non lles fai nin caso.

5.- Algún concelleiro do partido socialista ten a súa vivenda habitual na r/ Rosalía de Castro, esta pregunta vai dirixida no senso de se esto lles axudaría a entender mellor o problema.

6.- Insiste sobre o custe do despacho, pedido por escrito, quedando claro que non se pode dici-lo que custou.

7.- Subida no recibo da auga. Cotas mínimas de 230 ptas. e 200 ptas. ¿Axústase á normativa?

8.- Tivo coñecemento o Sr. alcalde que o aumento da taxa municipal sobre algunhas sepulturas no cemiterio levou a que algúns veciños viran aumentados os seus recibos nun 550%. ¿Que medidas pensa tomar ó respecto?

9.- ¿Que medidas se están levando a cabo ou se estima poñer en marcha na área informática ara palia-lo denominado efecto 2000?

10.- As beirarrúas do aparcamento diante de Caixa Galicia ¿quen sufragará os amaños pola nova rotura?

11.- ¿Que cantidade de diñeiro se recaudou polas festas de S. Roque?

12.- Ante a manifestación de desacordo dos veciños da r/ Rosalía de Castro á instalación de farolas pegadas ás fachadas ¿por que se lles deu contestación negativa por parte do Concello?

13.- O Partido Popular de Betanzos insta ó Pleno do Concello a que realice as xestións oportunas para a colocación de carteis que anuncien os monumentos arquitectónicos emblemáticos da cidade de Betanzos (igrexas románicas, etc...) en tódalas estradas de acceso á cidade (autovía, estrada de Madrid, Santiago, Ferrol, Sada, etc.).

O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, realiza as seguintes preguntas:

1.- Se existen fincas calificadas nas normas subsidiarias municipais como SNUC que dispoñan de acometida de auga municipal.

2.- Se existen esas fincas, por que na Comisión de Goberno do 19/05/98 se denega unha solicitude de acometida de auga municipal.

3.- Por que e a que razóns se debe que na Comisión de Goberno do 13/08/97 se autoriza a Aquagest á instalación dunha acometida de auga potable e na Comisión de Goberno do 19/05/98 (9 meses mais tarde) se denega esa autorización previa.

4.- Que se facilite ós membros desta Corporación copia do informe emitido pola Policía Local emitido para informar á Comisión de Goberno das actuacións realizadas nos traballos de instalación da acometida de auga potable autorizada na Comisión de Goberno do 13/08/97.

5.- Se existen denuncias rexistradas neste Concello relativas á instalación da acometida de auga potable referida anteriormente.

6.- Se existen as denuncias anteriores que se facilite copia das mesmas ós membros da Corporación.

7.- Cantos asistentes sociais hai contratados á data de hoxe no Concello.

8.- En que situación laboral, tipo e clase de contrato, se encontra cada un dos asistentes sociais.

9.- Se as obras de demolición e reforma que se están levando a cabo nas escaleiras da praza D. José Dapena posúen á data de hoxe licencia municipal de obras.

10.- Con que data e en que Comisión de Goberno se concedeu licencia de obras para as últimas obras que se están levando a cabo na praza José Dapena.

11.- Aboa o Concello de Betanzos algunha cantidade polas obras que se están executando na praza D. José Dapena. A canto ascende esa cantidade.

12.- En que lugar do Pasatiempo se vai ubica-la piscina descuberta. Que se facilite ós membros da Corporación cpia do plano de emprazamento da mesma.

13.- Se o equipo de goberno municipal mantivo conversas coś sectores afectados pola instalación dun centro comercial na UEI 27. Quen as mantivo e con que sectores.

14.- Con que data se reuniu por ultima vez a Comisión de Tráfico. En que data se realizará a próxima reunión.

15.- É o Concello de Betanzos quen debe executa-las obras de urbanización da rúa Prolongación Rosalía de Castro.

16.- A que motivos se debe que non se realizara ainda a urbanización da prolongación da rúa Rosalía de Castro.

17.- Que clase e tipo de pavimentación se contratou á empresa Construcciones Rocha Corral SL para a obra denominada "acondicionamento e pavimentación Av. do Carregal".

18.- Se os técnicos municipais inspeccionaron a citada obra e cal foi o seu informe. Copia do mesmo ós membros da Corporación.

19.- Que opinión lles merecen as citadas obras ó Sr. alcalde e ó delegado de urbanismo.

20.- Se o Concello de Betanzos é coñecedor do estado das rúas Rollo no seu punto mais alto, a Magdalena, e paralela a Ramón Beade.

21.- Se o equipo de goberno municipal tomou as medidas necesarias para repara-lo estado das rúas citadas e cales foron esas medidas.

22.- Se o movemento de terras que se está levando a cabo na Avda. do Carregal, próximo á piscina municipal posúe a preceptiva licencia municipal de obras.

23.- Con que data se outorgou a citada licencia municipal.

24.- Que criterios seguiu o delegado de infraestructuras e acción rural para a realización do proxecto técnico de aperturas forestais.

25.- Cales son as novas aperturas forestais que se van executar.

26.- Se a obra "xestión da piscina municipal climatizada e pavillón deportivo de Betanzos" está totalmente executada á data de hoxe.

27.- Se existen certificacións dos técnicos municipais relativas á citada obra.

28.- En que zonas do casco histórico se utilizaron as pedras levantadas na remodelación da praza García Irmáns.

<u>O Sr. Otero, voceiro do BNG, realiza os seguintes rogos e preguntas:</u>

- Que se inste a Deside, como concesionario da piscina, para modifica-lo abono familiar, que non debe ser discriminatorio para os maiores de 18 anos que teñan dependencia familiar.

- Fai referencia a acordo do 16-5-94, sobre regularización de embarcacións, tanto de desguace como a necesidade de elaborar un censo, a fin de aclara-la súa situación legal, para o que habería que negociar coas autoridades competentes. Ante a agravación da situación polo aumento do número de embarcacións, pide que se leven a cabo tales acordos.

- Pregunta sobre a cesión dunha embarcación ó Concello, interesándose polas contraprestacións.

- Solicita que se xestione o desvio do tráfico pesado a Ferrol pola autoestrada.

- Dirixido ó Sr. alcalde, fai o rogo de que no consello escolar, se aborde o tema do centro de formación permanente de adultos.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintetrés horas e trinta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Jaime A. Pita Varela.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Jesús García Cainzos.

Non asisten:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintenove de outubro de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Solicitada a opinión dos grupos sobre a acta, a Sra. Faraldo, voceira do PP, pón de manifesto o seguinte: Que conste na páx. 5ª da acta que o voceiro do PSdeG-PSOE, recoñeceu que a publicidade das probas se fixo por anuncios das academias. Na páx. 6ª e en referencia ás alegacións das normas, non dixo que non se discutiron, senon que xa se ía

ás xuntanzas coas decisións tomadas. Por último fai referencia, na páx. 8ª, na que parece que non queda ben reflectido un problema de apreciación física, sobre a petición de palabra coa man levantada.

Aclara o Sr. alcalde, respecto á primeira observación, que lle chama a atención que se pretenda aclara-las palabras doutro voceiro, sen prexuízo de que se atenda a petición.

A acta correspondente ó día un pasado queda aprobada.

2.- SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO PLANO DE PARQUES DE BOMBEIROS (PLAN 2000).

Dase conta de expediente tramitado, ó obxecto de solicitar á Excma. Deputación Provincial a incorporación ó plan 2000 de parques de bombeiros, que se encontra dictaminado pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia un cambio de postura respecto á Comisión no seu voto, que agora será de abstención, debido non só ó pouco tempo de estudio que se tivo, senon que se debía ter coñecemento do "Plan Galego do Parque de Bombeiros" da Xunta, a través da FEGAMP, do que pola información que se ten, un dos parques iría ubicado en Betanzos, o que sería máis vantaxoso e menos custoso que o da Deputación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia o seu apoio, entendendo "axeitadas" as dúas opcións e descoñecendo a posibilidade exposta pola voceira do PP, mantendo a súa postura, por canto o acordo actual, entende que se podería compatibilizar co plano autonómico e chegado o momento renunciar ó actual.

- O Sr. Alcalde pón de manifesto que na FEGAMP non se teñen tales noticias, si de que se pediu ó presidente da Xunta a coordinación do plano da Coruña e de que presupostariamente para 1999, non se ten previsto nada por presupostos autonómicos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste dando datos sobre o importe dos parques e o número deles, entendendo que se o alcalde non o coñece, non o vai discutir, pero o plano está e vai saír á luz.

- O Sr. alcalde tamén mantén a súa afirmación de que non se coñecían tales planos, se non é dentro dalgún libro branco, suscitando tamén a posibilidade de reconsidera-la situación, se tal plano se fai realidade.

Entendendo suficientemente debatido o asunto, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos cinco presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acordou: 1º.- Aproba-la solicitude do Concello de Betanzos de incorporación ó PLAN 2000 DE PARQUES DE BOMBEIROS, para ubicación de un parque de bombeiros e protección civil -módulo 3-, aceptando expresamente as bases do plan, facendo consta-lo compromiso do Concello de Betanzos de poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña, a parcela e instalacións sobre as que se pretende realiza-lo investimento. 2º.- Acepta-lo compromiso firme de incluir no presuposto municipal de 1999 crédito suficiente para a súa financiación. O ingreso da aportación municipal realizarase consonte dispoñen as bases do Plan 2000 de parques de bombeiros para os concellos usuarios do Servicio Provincial de Recadación. 3º.- Autorizar expresamente á Deputación Provincial da Coruña para que esta inicie -caso de que procedese-, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico a que se refire a base 4ª de execución do Plan 2000 de parques de bombeiros e instalacións de protección civil. 4º.-

Acepta-lo compromiso firme do Concello de Betanzos, de que realizará tódolos trámites precisos na orde á obtención de cantas autorizacións, concesións, permisos e licencias sexan necesarias para a correcta execución dos investimentos.

3.- SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO PLANO DE ARQUITECTURA POPULAR (PLAN 2000).

Dase conta de expediente tramitado, ó obxecto de solicitar á Excma. Deputación Provincial a incorporación ó Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular, que está dictaminado pola Comisión Informativa, así como a incorporación de nova solicitude, sobre a igrexa de Santiago.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o seu voto favorable, crendo que se debería ter en conta, ademais dos elementos a recuperar, o contorno dos mesmos, como complemento necesario.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pide información sobre a nova solicitude, anuncia o seu voto favorable, coas reservas totais ó Plan 2000, que lles parece algo descerebrado, cun investimento para pequenas cousas, que non é a maneira de facer rehabilitación, non hai plano, senon que é un electoralismo total, que pretende contentar a todos, sen que exista unha vertebración do país. Vai apoia-las solicitudes, pero quere que conste que non está de acordo coa forma de reparto, xa que non é forma de xestiona-lo diñeiro público.

- O Sr. alcalde explica a obra que se pretende na igrexa de Santiago, segundo a solicitude presentada.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto favorable, comparte os criterios do BNG, anque cre que deben de expoñerse noutros foros.

O Pleno, por unanimidade, acordou: Solicita-la participación no "Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular da provincia da Coruña", convocado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña. As súas bases coñécense e acéptanse na súa totalidade e solicítase a execución das seguintes memorias e/ou proxectos técnicos seleccionados neste municipio, de acordo coa seguinte orde de prelación:

Nº 1: Restauración do Parque Enciclopédico.

Nº 2: Restauración da ponte de Beldoña.

Nº 3: Recuperación de fontes e cruceiros.

Nº 4: A igrexa de Santiago.

2º.- Comprometerse o Concello a poñe-lo ben que se describe a continuación: Parque Enciclopédico, ponte de Beldoña, fontes e cruceiros, relacionados en memoria, a disposición da Deputación para permiti-la execución da obra solicitada, así como a permiti-lo acceso a dito ben a tódalas persoas responsabilizadas da execución da obra mentres dure esta. 3º.- Comprometerse o Concello a facilitar e permiti-las inspeccións previas e no seu caso a tramitación dos permisos, autorizacións e licencias precisos para a correcta execución das obras. 4º.- Facultar ó alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. 5º.- Comprometerse o Concello a constituir unha servidume de paso ó público sobre o ben (ou bens) detallados no presente acordo. 6º.- Prestar aprobación ás memorias ou proxectos técnicos das obras mencionadas a incorporar no Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular da provincia da Coruña.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 1.

Dase conta de expediente tramitado para a aprobación de estudio de detalle na UEI número 1, tramitado a instancia de D. José Purriños Otero.

Antes de iniciarse o debate incorpórase o Sr. Pita.

- A voceira do PP, Sra. Faraldo, anuncia a postura do seu grupo de abstención, así como nos seguintes puntos relativos a urbanismo, por canto ó igual que nos asuntos económicos, non son responsables da xestión directa, anque non queren que se lles acuse de entorpecer.

- O Sr. Otero, como voceiro do BNG, afirma coincidir coa postura do PP, non compartindo o modo de facer arquitectura, xa que é penoso o argumento que se utiliza nesta unidade, de que se trata de tapar aberracións urbanísticas, dando un exemplo claro do que non se debe facer, téndose cambiado a contemplación da nosa cidade, con mamotretos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala os obxectivos que se indicaban nas normas, para esta unidade, entre outros, obter 1800 m2 de área de esparcemento, recoñecendo que non se compartes as mesmas filosofías sobre o urbanismo.

De acordo co expediente tramitado, vistas as alegacións presentadas, vistos os informes emitidos, tendo en conta, que: A) O estudio de detalle non é o instrumento adecuado para distribuir cargas ou beneficios, establecer cesións ou determina-la realización de obras de urbanización. B) Que así mesmo non lle corresponde calificar solo, nin distinguir sobre a súa consolidación ou non, xa que só adapta determinacións das normas subsidiarias, que neste caso se cumpren escrupulosamente, aspecto que temén haberá que sinalar respecto á densidade, que por outro lado a lei redúcea ós sectores remitidos a planeamento especial. C) Tampouco queda de manifesto o que se aumenten os aproveitamentos e volumes edificatorios, senon que dos datos aportados cúmprense, incluso sen usalos, na súa totalidade, podéndose doutro lado modifica-la altura, ó así permitilo expresamente a norma, para resolve-lo problema coa urbanización existente. D) Polo que se refire a inclusión de terreos e outras deficiencias gráficas, dado que en ningún caso se tramitou modificación de polígono ou unidade de actuación, a mesma deberá rectificarse á orixinal das normas. E) Por último, en canto ó sistema de actuación, non parece existir problema en premiti-la actuación mediante reparcelación voluntaria.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle da UEI número 1, redactado polos arquitectos Santiago Torres Prada e outros, tramitado a instancia de D. José Purriños Otero. 2º.- Considera-la reparcelación voluntaria, sen prexuizo da súa posterior tramitación , como sistema de execución, non sendo necesario en tal suposto o proxecto de compensación. 3º.- Que polos promotores se presente en prazo inmediato, un novo texto do estudio de detalle, que recolla as modificacións aceptadas, en canto á ordenación de volumes en altura e a delimitación do polígono ou unidade de actuación, axustada ó determinado nas normas, así como o resto dos parámetros aprobados.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 3.

Dase conta de proposta de aprobación inicial de proxecto de urbanización na unidade de execución integral número 3.1, promovida por D. Luis Malde Manso e outros, a cal está dictaminada pola Comisión Informativa.

Os distintos grupos políticos manteñen semellantes posturas ás xa manifestadas no punto anterior e outros asuntos urbanísticos tramitados por este Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización na UEI número 3.1, promovida por D. Luis Malde Manso e outros. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE NA UNIDADE DE EXECUCIÓN INTEGRAL Nº 3.

Dase conta de proposta de aprobación inicial de estudio de detalle na UEI número 3.1, promovido por D. Luis Malde Manso e outros, o cal está dictaminado pola Comisión Informativa.

Os distintos grupos políticos manteñen semellantes posturas ás xa manifestadas no punto anterior e outros asuntos urbanísticos tramitados por este Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle na UEI número 3.1, promovido por D. Luis Malde Manso e outros. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

7.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PETICIÓN DE MELLORAS DE SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA BETANZOS-MESÓN DO VENTO.

Preséntase ó Pleno moción da Alcaldía relativa a petición de melloras de seguridade vial na estrada Betanzos-Mesón do Vento, dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, amosa a súa alegría, por que o grupo de goberno copie as súas iniciativas, facendo referencia, entre outras, a unha sobre o viño de Betanzos e no referente ó tema da moción, dun escrito dirixido á Deputación, pedindo beirarrúas para Guiliade e outras dos veciños de Infesta. Amosa a súa protesta por que a reunión da Comisión de Tráfico se convocara sen levar esta moción, que se pode parecerlles ben, o seu grupo vaise abster, polo que considera unha tomadura de pelo e un despropósito, en canto que as peticións xa foron feitas polo PP e debíanse ter tratado na Comisión.

- Ó Sr. Otero, voceiro do BNG, parécelle ben ben que todo o mundo pida, sobre todo en cuestións de seguridade, lembrando que se está a falar da zona máis conflictiva do municipio, zona na que se produciron moitos cambios no tráfico. Manifesta o seu acordo coas necesidades, ainda cando matiza que xa na última xuntanza da Comisión sinalou que

era unha pena que non se chegara a un consenso nestes temas. Coidaba que se ía seguir traballando sobre iso e afirma a responsabilidade dos verdadeiros titulares da estrada, que é a Xunta de Galicia, engadindo que a responsabilidade do Concello non debe ser só de pedir, senon que se debería estender, caso de non se cumprir coas peticións, a esixir responsabilidades por tódalas vías legais, por canto se debe velar polos intereses de todos, debéndose face-las correspondentes denuncias de carácter legal onde sexa preciso e necesario.

- O Sr. García, voceiro do PSdeG-PSOE, entende que a moción é oportuna e atinada, non admitindo a acusación de copiar da voceira do PP, citando varios e sucesivos acordos deste Pleno incluso doutras lexislaturas, solicitándose medidas polas obras da autovía, estudios sobre perigosidade do tráfico e, respecto á Deputación fixéronse non só desde o grupo de goberno, senon apoiando peticións dos veciños en varios lugares.

- A Sra. Faraldo admite que se lles copie cando a iniciativa é boa, insistindo que está de acordo no fondo pero non na forma, pedindo que se traten estas cuestións na Comisión de Tráfico.

- O Sr. alcalde aclara que a moción é da mesma Alcaldía. Cre que a maneira de entende-la cuestión é consultando as actas, e non presentar escritos despois de certos acontecementos luctuosos. A moción faise con ánimo de que se actúe, xa que desde a petición anterior houbo catro accidentes, polo que é consecuencia do abandoo e desidia. Pide que non se desvíe a atención, xa que non é a Deputación quen ten competencias e cita os problemas que se presentan hoxe na estrada: accesos a un colexio da zona, pasos en Montellos, Infesta, Guiliade, etc., polo que se fai necesario lembrarlle a unha administración as súas obrigas. Cre conveniente deixar transcorrer un prazo prudencial e despois pedir responsabilidades a través dos medios oportunos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos seis presentes do PP (Sres.: Pita, Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: 1º.- Dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, organismo titular da estrada C-542, Betanzos-Mesón do Vento, para que urxentemente realice un estudio técnico e acometa as obras necesarias para mellora-la seguridade vial nesta vía dentro do termo municipal, contemplando, entre outros, os seguintes aspectos: A) Saída de vehículos da calzada, en toda a vía. B) Limitación de velocidade dos vehículos nos diversos tramos. C) Mellora da ponte sobre o ferrocarril en Infesta. D) Problemática da rotonda de saída-entrada da autovía. E) Choques na encrucillada de Montellos. F) Seguridade peonil nas travesías de Guiliade, Infesta e Montellos. G) Adopción de medidas de sinalizacións luminosas, verticais e horizontais, contemplando na sinalización horizontal, a permisividade da entrada directa ó Sagrado Corazón, Farragoto, Infesta, etc. 2º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios para levar a bo fin esta proposta.

No uso da palabra en explicación de voto, a Sra. Faraldo, fai referencia a unha moción presentada polo seu grupo, que non se trouxo ó Pleno, esixindo os seus dereitos, sendo neste momento replicada polo Sr. alcalde, quen lle indica que, como é norma, non explica o voto senon que pretende introducir temas novos.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e vinte minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESEIS DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Jesús García Cainzos.

Non asisten:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Jaime A. Pita Varela.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e cinco minutos (iníciase a sesión a esta hora debido ó corte de fluido eléctrico sufrido na Casa do Concello) do día vinteseis de novembro de mil novecentos noventa e oito. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometida a acta a aprobación, pola Sra. Faraldo, voceira do PP, ponse de manifesto unha rectificación ó manifestado polo Sr. García Vázquez no punto 7 da sesión anterior, xa que non citou os acordos do Pleno a que se fai referencia, así como se aclara sobre moción do seu grupo non traída ó Pleno, insistindo nos dous casos, na necesidade de grava-los Plenos, xa que cousas que son importantes non se recollen e a redacción pode inducir a enganos.

A acta correspondente ó día vintenove de outubro pasado queda aprobada.

2.- DAR CONTA DE LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 1997.

Dase conta da liquidación do presuposto de 1997, cun resultado presupostario de -40.466.925,- ptas. e un remanente de tesourería total de -100.683.136,- ptas.

O Pleno, por unanimidade, aproba a liquidación do presuposto do exercicio de 1997.

3.- SOLICITUDE DE OBRAS DENTRO DO PLAN PROVINCIAL 2000 BAIXAS, ANUALIDADE 1998.

Dase conta de proposta de obras a incluir no Plan 2000-baixas, anualidade de 1998, anunciándose o voto favorable da voceira do PP, mentres que, pola súa banda, o Sr. Otero, voceiro do BNG, descúlpase pola ausencia á Comisión Informativa e a imposibilidade de analizar debidamente os asuntos, polo que, por coherencia, se vai abster.

O Pleno, coa sóa abstinencia do concelleiro do BNG, Sr. Otero, acorda: 1º.- Participar no PLAN 2000-BAIXAS anualidade de 1998 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que a continuación se indican que serán financiadas integramente pola Deputación:

Denominación	Presuposto
1.- Instalación de xogos infantís na zona rural	4.496.484,- ptas.
2.- Instalación de xogos infantís no polígono da Condesa	2.649.437,- ptas.
3.- Instalación de xogos infantís no casco urbano	3.854.079,- ptas.
TOTAL	11.000.000,- ptas.

2º.- Aproba-lo Plan Complementario no que se inclúen as obras ou equipamentos que a continuación se relacionan para ser financiados cos remanentes que se puideran xerar polas baixas de licitación producidas nas obras incluídas no apartado 1, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan.

Denominación	Presuposto
4.- Instalación de xogos infantís en distintos lugares do municipio	4.540.272,- ptas.
TOTAL	4.540.272,- ptas.

3º.- Aproba-los correspondentes proxectos técnicos das obras (ou no seu caso memoria presupostada) ou o prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos nos apartados 1 e 2.

4º.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que ten resolto todo o relacionado coas autorización administrativas e concesións que sexan necesarias.

5º.- Solicitar da Deputación a delegación da contratación e execución das obras ou subministros, para o cal conta cos medios necesarios, debendo entenderse aceptada dita delegación no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Facultar ó alcalde-presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PROGRAMA OPERATIVO DE MEDIO AMBIENTE LOCAL (POMAL).

Dase conta ó Pleno do expediente iniciado con relación ó asunto.

- A voceira do PP, Sra. Faraldo, solicita do voceiro do grupo socialista unha explicación sobre o cambio que se produce neste tema e a adscrición a este proxecto.

- O Sr. alcalde, pón de manifesto que non se tén coñecemento de que se produza ningún cambio e que o que se pretende é aproba-lo Plano Operativo de Medio Ambiente Local nos termos que se presenta.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que o seu grupo se vai abster polos xiros que o Concello está dando neste tema, no que non se ve unha postura coherente.

- Así mesmo, o voceiro do BNG, Sr. Otero, anuncia a súa abstención por non coñecer ben o asunto, ainda cando manifesta o seu apoio, se a solicitude mantén o xa debatido en Pleno e acordado no seu momento.

- O Sr. alcalde pón de manifesto que o Concello segue na mancomunidade aínda que non se acordou o método a seguir no tema de tratamento de resíduos, sen prexuizo de terse realizado convenios con medio ambiente, polo que non hai compromisos con Sogama nin outros.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP e o Sr. Otero do BNG), acorda: PRIMEIRO: Aproba-lo proxecto denominado "xestión integral de residuos sólidos urbanos e asimilables", redactado por Lagares Ingeniería, cun investimento total de 1.075.000.000,- de pesetas, segundo o resumo modificado do proxecto orixinal, e constituido polos subproxectos: - proxecto de motivación social e sensibilización cidadá cun investimento de 81.500.000,- ptas. - dotación de medios para implanta-la recollida selectiva de residuos sólidos urbanos, cun investimento de 993.500.000,- ptas. SEGUNDO: Solicitar ó presidente da Mancomunidade de Municipios da Área do da Coruña a convocatoria urxente da asemblea intermunicipal co fin de adoptar un novo acordo no que, deixando sen efecto o acordo do 11 de decembro de 1996, se aprobe o proxecto de referencia e se remita ó Ministerio de Economía e Facenda, para os efectos de que se tome en consideración como consecuencia de que supón a modificación da aprobación con data do día 5 de decembro de 1997 polo comité do Fondo para Infraestructuras de Medio Ambiente (FIMMA), aceptando, asemade, as axudas concedidas polo citado comité. TERCEIRO: Dado que os concellos interesados no proxecto deben financia-lo 30% do mesmo, o Concello de Betanzos comprométese a habilita-las partidas necesarias nos seus presupostos para afronta-lo cofinanciamento que lle corresponde por un importe de 38.349.996,- ptas. CUARTO: Dado que cómpre ter comezados os trámites para a contratación dos diferentes proxectos a data do día 31 de xaneiro de 1999, solicita que a asemblea intermunicipal da mancomunidade encomende a xestión a un dos municipios interesados na realización dos proxectos.

5.- INFORMAR PROPOSTA DE CONVENIO NO PLAN PARCIAL DO PASATIEMPO.

Dase conta de escrito da Xunta de Compensación do Plan Parcial do Pasatiempo, polo que se propón a aprobación de convenio polo Pleno do Concello, no que se incorporan as seguintes cláusulas: **Primeiro.-** No prazo máximo de 15 días a Xunta de Compensación

presentará para a súa oportuna tramitación unha modificación puntual das NN.SS., no que se refire ó ámbito territorial do polígono "El Pasatiempo", que establecerá as determinacións necesarias, en canto ós parámetros urbanísticos, para desenvolve-las previsións de máxima densidade de vivendas previstas na disposición adicional primeira das citadas normas, e poida cumprirse polo menos o estándar de superficie máxima das vivendas de protección pública. **Segunda.**- O Concello, no máis breve tempo posible, e trala formulación correspondente, procederá á súa aprobación inicial, previa a súa remisión á Consellería de Política Territorial, Obras Púbicas e Vivenda da Xunta de Galicia para o oportuno informe a que se refire o artigo oito da Lei 7/95 do 29 de xuño da Lei Autonómica (Diario Oficial de Galicia do 13 de xullo de 1995). **Terceira.**- Os compoñenetes da Xunta de Compensación asumirán ás súas propias expensas o custe da obra de urbanización así como calquera outro gasto ou imposto devengado ou que se devengue que corresponda ó Concello, proporcionalmente á cota de cada xuntacompensante, liberando ó Concello de calquera tipo de desembolso económico presente ou futuro en relación cos terreos que é titular no polígono. **Cuarta.**- O presente convenio queda sometido en canto á súa eficacia á aprobación en primeiro lugar da asemblea xeral da Xunta de Compensación a celebra-lo día 20 de outubro de 1998, e en segundo lugar á súa aprobación polo Pleno do Excmo. Concello de Betanzos.

Acompáñase informe da Secretaría, emitido en sentido favorable.

- A voceira do PP, Sra. Faraldo, entende que o asunto debería quedar sobre a mesa, ante a información facilitada, xa que segundo o informe do secretario parecen non concorda-los datos, producíndose entre eles certa incongruencia. Sinala que parece que do que se trata é de liberarse das cargas, pero ainda así a proposta debería vir acompañada dun proxecto de como vai queda-lo plan parcial, entendendo a información que se aporta escasa.

A indicación do Sr. alcalde, o secretario afirma que non se alcanza a ve-la contradicción sinalada.

- O voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Lagares (D. Antonio), da conta da execución do plan parcial, cun proxecto de urbanización aprobado e executándose e unhas modificacións de acordo coas normas subsidiarias, en canto ó ámbito, o que orixinará novas valoracións e compensacións.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do PP, en que o que se pide é unha mellor redacción do documento e máis información, xa que está escarmentada doutras negociacións, anunciando a abstención do seu grupo.

- Continúa o Sr. Lagares (D. Antonio), indicando que non se le o convenio nin as vantaxes que no custe das obras e a propiedade obtén o Concello.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia a súa abstención. Non pón en dúbida que a actuación poida estar de acordo coa lei e que o Concello poida saír ben parado, o que discute é o tipo de urbanismo que se vai facer, actuando sobre unha zona de importancia ambiental que xa se perdeu, esperando se mellore na execución e se actúe polo Concello con vivendas ó alcance dos cidadáns, xa que se contemplan de protección oficial.

O secretario informa en tal sentido de que o actual convenio que se presenta, non implica ningunha determinación máis que o compromiso de tramitar unhas modificacións de acordo coas normas subsidiarias xa aprobadas, a través dos correspondentes instrumentos de planeamento, que no seu día se terán que traer ó Pleno para o seu

coñecemento e aprobación, non tendo o convenio máis virtualidade que un acordo entre partes, pendente do seu contido urbanístico.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala a abstención do seu grupo, por un lado xa que ainda sendo un acordo entre partes, non hai unha claridade no que se está cambiando, debéndose ver se o acordo é vantaxoso, a través do que digan técnicos independentes, e por outro ante a necesidade de presentar un proxecto, para non se levar despois ningunha sorpresa.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero do BNG) acorda: 1º.- Aproba-lo convenio proposto pola Xunta de Compensaión do Plan Parcial do Pasatiempo, nos termos xa sinalados. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde para a formalización do presente acordo e a realización das xestións oportunas para tal fin.

6.- PROPOSTA DE PREGO DE CONDICIÓNS E AUTORIZACIÓN OBRA DE ASCENSOR NO EDIFICIO LICEO.

Dase conta de expediente tramitado, mediante subvención da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, para a instalación de ascensor no edificio Liceo, dentro do programa para eliminación de barreiras arquitectónicas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo prego de condicións técnico administrativas correspondente. 2º.- Autoriza-la contratación, aprobando o trámite de urxencia, coa empresa Zardoya Otis SA, por un importe de 7.885.680,- ptas.

7.- RATIFICACIÓN OBRAS PLURIANUAIS EN COLABORACIÓN CO INEM.

Vista a proposta da Alcaldía, sobre a execución de obras que se veñen realizando ó abeiro de subvencións da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (subsanado o erro da denominación do acordo, no que figura o INEM, organismo que anteriormente subvencionaba este tipo de actuacións), dictaminada pola Comisión Informativa, o Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP) e a abstención do Sr. Otero do BNG, acorda: 1º.- Autoriza-lo gasto para a execución dos proxectos de obras citados, de acordo co seguinte: OBRA Nº 1.- Supresión de barreiras arquitectónicas e mobiliario urbano. Importe total: 9.348.120,- ptas. -Anualidade de 1998: 6.540.100,- ptas. con cargo á aplicación 432/611.04. -Anualidade de 1999: 2.808.020,- ptas. OBRA Nº 2.- Mellora de seguridade vial no Carregal - zona escolar. Importe total: 5.410.927,- ptas. -Anualidade de 1998: 3.352.205,- ptas. con cargo á aplicación 511/611.04. -Anualidade de 1999: 2.058.722,- ptas. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente para que realice a contratación de persoal e todos cantos actos ou xestións sexan necesarios para a execución do presente acordo e convalida-las actuacións realizadas ata o de agora.

8.- PROPOSTA DE PRESUPOSTO E ANEXOS PARA O EXERCICIO 1999.

Preséntase ó Pleno o proxecto de presuposto para 1999, acompañado dos correspondentes informes, bases de execución e demáis documentación, incluidos os anexos de persoal correspondentes.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pón de manifesto que adolece de defectos como outros anos, non facéndose unha xestión adecuada para determinados gastos, non se facendo as correccións que permitirían un aforro nalgúns aspectos, aparecendo partidas que son excesivas na súa opinión. Fai referencia ós gastos de órganos de goberno, entendendo que se gastan tres millóns e medio por concelleiro, o que esixiría un mellor funcionamento. Sinala que non se prevé o gasto para o plano de medio ambiente que se acaba de aprobar neste Pleno, para resumir que, en liñas xerais, lle parecen uns presupostos repetitivos, nos que o investimento se ve mermado polo gasto corrente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lamenta non ter podido asistir á comisión e dispoñer de máis tempo para a análise do asunto e poder propoñer enmendas concretas. Entende que o presuposto é semellante ó anterior, cun pequeno aumento, que se vai achegando ó que cre parámetros axustados en gastos, anque insiste nas partidas que se poden destinar ó que considera obxectivos fundamentais: investimento real en infraestructura e fomento do emprego efectivo e real, indica que non hai unha memoria política, senon unha declaración de intencións, segue facendo unha análise das distintas funcións e partidas, entre as que destaca as dedicadas á promoción educativa, cultura e deportes da que sinala unha alta aportación cando se xestiona privadamente. Quere expoñer algunhas propostas, como aumenta-la dotación dos centros de ensinanza destinado a actividades propias, incluir partida dedicada á ampliación de terreos para ensinanza, remodelación da praza de Eiravella e iniciativas na zona da Condesa, entre outras.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia a aspectos do presuposto como a contención no capítulo 2, e o mantemento do investimento, con novas propostas de estructura presupostaria, manifestando que detrás dos números hai unha filosofía, respostando ós reproches do PP, no sentido de que non é certo o sinalado respecto ós órganos de goberno e que si se prevé a financiación para o plano medioambiental. Sinala tamén que se recollen case na súa totalidade as propostas do BNG, negando que o presuposto sexa repetitivo doutros anos, sen prexuizo dos incrementos e outros aspectos que veñen impostos por leis de obrigado cumprimento.

- Segue a defende-lo presuposto, anunciando unha operación piloto sobre aulas informáticas, o destino dos investimentos que levan á promoción de emprego, xunto coa iniciativa privada. Defende as aportacións en ensinanza, cultura e deportes, facendo referencia a obras como as de Eiravella, que xa se abordan neste ano e ás actuacións na Condesa, pendentes de convenio co IGVS, para recepciona-las obras en debidas condicións. Remata afirmando o carácter austero e progresista do presuposto, que aposta pola solidariedade dos cidadáns de Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, de novo intervén para agradecer en primeiro lugar ós funcionarios a mellora na elaboración do presuposto, pola súa mellor comprensión. Insiste nos gastos dos órganos de goberno, sinalando que corresponden só ó grupo socialista, xa que a eles nin se os invita ós actos. Nega que exista unha filosofía detrás dos presupostos, xa que estes son repetitivos, pouco orixinais, sen modificacións respecto ó ano anterior.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, conclúe que loxicamente o presuposto responde ó equipo de goberno, ó que non lle interesa que se faga doutra maneira, con tempo e posible consenso, que se poidan discutir e tratar e non presentados en maratonianas sesións. Coincide en que hai contención do gasto. Insiste nos gastos de ensinanza, pedindo

autonomía educativa para os centros e que se asuman todo tipo de responsabilidades polos Concellos que participan no centro. Analiza de novo as propostas realizadas, insistindo na promoción de emprego, na que se necesita encauzar camiños de traballo, ante a falta de perspectivas para os xoves, ás que non se resposta cos cursos que se realizan parece que só para cobrar algo, presentando alternativas, como o cultivo do viño, como exemplo de actividades novas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que comparte dúas cousas xa sinaladas, o agradecemento ós funcionarios na mellor comprensión do pesuposto e a asusteridade no gasto. Entende que se está facendo un labor importante anque todo é mellorable e remata solicitando o voto favorable dos outros grupos, polo progreso de Betanzos.

- O Sr. alcalde intervén para resalta-la importancia do presuposto. Quere matizar ó voceiro do BNG que o Concello fai no colexio máis do que lle corresponde, ainda estando de acordo na potenciación da ensinanza, non corresponde facer investimentos, anque se vai realizar un esforzo en tal sentido, levando á práctica os compromisos asumidos co sector. Afirma que se ben o ensino non tén as atencións que merece pola administración competente, desde o Concello vaise atender con importantes actuacións.

Considerando suficientemente debatido o asunto, sométese a votación e o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero do BNG) acorda: PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o presuposto para 1999, xunto coas súas bases de execución, anexo de persoal e demáis documentos que o acompañan, ascendendo a un importe de mil sesenta e seis millóns seiscentas mil pesetas (1.066.600.000,- ptas.), tanto en ingresos coma en gastos, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

INGRESOS:

Capítulo	Descrición	Importe
I	Impostos directos	297.500.000
II	Impostos indirectos	55.000.000
III	Taxas e outros ingresos	111.300.000
IV	Transferencias correntes	320.697.750
V	Ingresos patrimoniais	70.000.000
VI	Alleación de investimentos reais	50.000.000
VII	Transferencias de capital	74.706.500
VIII	Activos financieiros	2.000.000
IX	Pasivos financieiros	85.395.750
	Total	1.066.600.000

GASTOS:

Capítulo	Descrición	Importe
I	Gastos de persoal	404.069.156
II	Gastos en bens correntes e servicios	366.881.000
III	Gastos financieiros	23.793.344
IV	Transferencias correntes	27.500.000
VI	Investimentos reais	201.106.500

VII	Transferencias de capital	10.000.000
VIII	Activos financieiros	2. 100.000
IX	Pasivos financieiros	31. 150.000
	Total	1.066.600.000

SEGUNDO.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período regulamentario.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica o voto do seu grupo, baseándoo na baixa participación na elaboración.

9.- ACORDO SOBRE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS.

Dase conta de expediente tramitado para imposición e ordenación, así como modificación de taxas e prezos públicos, fundamentalmente para a súa adecuación á Lei 25/98 do 13 de xullo. Acompáñanse as propostas e informes corresprndentes.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica a densidade dos asuntos do Pleno, engadindo que lle gustaría se copiaran as cousas boas, como é a política de non subi-los impostos que segue o seu partido no goberno central, pasando a sinala-las subidas e outros aspectos da proposta que non considera axustadas, como a taxa arqueolóxica ou a tarifa por vados, que considera incongruente. Fai referencia ás tarifas da auga mal aplicadas que levou á devolución de quen reclamou, obrigando a concesionaria a que se lle merque o contador a ela, o que é un sistema irregular. Cita a taxa por entrada a museos, pedindo o mínimo e pregunta sobre as taxas de piscina e a publicidade nelas prevista, preguntando quen a vai cobrar, levando todas estas causas á postura do seu grupo de abstención.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende indubidable que se teñan que utiliza-las taxas, anque o ideal sería que non tivesen incremento. En referencia ó prezo da auga non o ve claro tendo en conta a necesidade de preservar un ben que hai que cuidar, sen entrar con iso na xestión da concesionaria. Noutro tipo de taxas entende que se deberían contemplar excepcións por sectores de poboación ou por determinados servicios. Insiste no exposto no anterior Pleno sobre a cota da piscina para maiores de 18 anos, que esquece unha situación familiar, entendendo que as taxas hainas que adaptar, se ben se debe vixilar para a súa xusta aplicación. Remata anunciando o seu voto de abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE , manifesta a súa sorpresa, indicando que os grupos da oposición non leron ben a documentación. A proposta que se trae resposta á modificación da Lei de facendas locais, levada a cabo polo parlamento, que implica fundamentalmente o que os prezos públicos pasan a ser taxas. Non hai subida de impostos, o único que se aumenta son catro taxas, que soben o IPC, a auga sobe 1 pta. cada metro cúbico, os vados mantéñense igual que o ano pasado, etc., polo que non hai cambios máis que os obrigados pola lei, non compartindo o xuizo da voceira do PP sobre a política impositiva do Goberno Central, que ó seu xuizo é represiva.

De novo interveñen os mesmos voceiros, aclarando algúns puntos: O Sr. Otero fala de mellor reparto e solidariedade; a Sra. Faraldo aclara sobre a existencia de irregularidades no cobramento da auga, insiste na desproporción nos vados e na relación nos impostos da administración do Estado, onde a máis cotizantes máis ingresos, o que debería de copia-lo Concello. Así mesmo o Sr. Lagares (D. Antonio) insiste na falta de progresividade dos impostos, trampa que quere facer cre-lo PP, en que os do Concello non

soben e en relación ás indicacións do BNG, que se aplica unha fiscalidade progresiva, desde hai anos.

- O Sr. alcalde considera que o asunto está suficientemente debatido, se ben aclarando as manifestacións da Sra. Faraldo sobre a auga, quere facer constar que non se fixeron denuncias en debida forma e documentadas, xa que se non actuaríase en defensa dos veciños.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do grupo popular, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1.- Acorda-la imposición e aproba-las correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras das taxas por: -Por prestación de servicios nos mercados municipais. -Por subministro e utilización de auga potable no termo municipal de Betanzos. -Por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas. -Pola ocupación do solo e voo de vías públicas e outros terreos de dominio público local. -Por ocupación de terreos de uso público, por mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos semellantes con finalidade lucrativa. -Por ocupación de terreos de uso público con quioscos. -Pola ocupación do subsolo de terreos de uso público local. -Pola apertura de gabias, prospeccións e calas en terreos de uso público, así como as remosións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública. -Por ocupación de terreos de uso público local, con mercadorías, materiais de construcción, entullo, valas, puntais, "asnillas", andamios e outras instalacións semellantes. -Por entrada de vehículos desde a vía pública ós edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades de interese particular. -Por prestación de servicios en museos e outras instalacións culturais do Concello de Betanzos. -Pola prestación de servicios nas instalacións deportivas municipais. -Pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes. 2.- Acorda-la supresión dos prezos públicos polos mesmos conceptos. 3.- Acorda-la modificación das ordenanzas seguintes: -Expedición e tramitación de documentos. - Cemiterio municipal. -Licencias urbanísticas. -Prestación de servicio de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais. -Recollida domiciliaria de lixo. 4.- Expoñer durante 30 días, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, estes acordos provisionais segundo o disposto no artigo 17 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, prazo durante o cal os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. 5.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período regulamentario.

10.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Ó REXISTRO DE DOCUMENTACIÓN DE EMPRESAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dada conta de escrito da Deputación Provincial da Coruña sobre adhesión ó Rexistro Oficial de Documentación de Empresas Contratistas, dictaminado pola Comisión Informativa, o Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP) e a

abstención do Sr. Otero do BNG, acorda: 1º.- Aproba-la adhesión do Concello de Betanzos ó Rexistro Oficial de Documentación de Empresas Contratistas da Deputación da Coruña e de acordo coa ordenanza publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 64 do 20 de marzo de 1998. 2º.- Aproba-lo clausulado do convenio de adhesión ó Rexistro de Documentación de Empresas Contratistas da Excma. Deputación da Coruña. 3º. Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para a sinatura do citado convenio.

11.- PROPOSTA SOBRE ACTUACIÓNS PARA ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.

Dáse conta de proposta sobre actuacións para erradicación do chabolismo, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP) e a abstención do Sr. Otero do BNG, acorda: Autoriza-la contratación das obras segundo os pregos de condicións previstos, delegando na Alcaldía tódalas actuacións necesarias para o bo fin deste acordo.

12.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE DEREITOS HUMANOS.

Dáse conta de moción do grupo popular sobre dereitos humanos, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP) e a abstención do Sr. Otero do BNG, acorda: 1.- Condenar tódolos réximes políticos de carácter dictatorial que violan os dereitos humanos. 2.- Apoia-los valores de liberdade, xustiza e democracia que inspiran a Comunidade Iberoamericana de Nacións e da Unión Europea, esixindo o respecto universal da Declaración de Dereitos Humanos das Nacións Unidas. 3.- Respalda-lo desenvolvemento das relacións máis intensas en tódalas ordes entre España e os Países Iberoamericanos. 4.- Respaldar tódolos procesos de transición cara á democracia, na medida en que consigan construir réximes democráticos respectuosos cos dereitos individuais. 5.- Promove-lo desenvolvemento e o fortalecemento dos sistemas democráticos no mundo, facendo posible o apoio dos españois á causa da liberdade e a democracia aló onde poidan estar en perigo.

13.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE CUIDADOS ÓS ANIMAIS.

Dáse conta de moción do grupo popular relativa á ubicación en Betanzos dun centro de recollida de animais abandonados e a toma-las medidas necesarias para que se divulgue entre os cidadáns o contido da lei. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende explicada a proposta, parecéndolles interesante e necesaria, debéndose solicita-la correspondente subvención, pero non nos termos que propón o grupo socialista, é dicir ó centro por cento, xa que iso non o permite a orde da subvención, o que supón dicir que non á axuda.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, solicita que non se falte á verdade, xa que se pediu que se retirara a mentira que se di na primeira parte da moción sobre o sacrificio dos animais e que se engada a solicitude do cento por cento dos custos á Xunta.

Tal aseveración produce un enfrontamento dialéctico, no que queda de manifesto que a primeira parte da moción xa se acordou retirala na Comisión Informativa e en canto ós gastos é contrario á orde de subvención.

- O Sr. alcalde manifesta que non se van aceptar novos gastos, xa que a práctica encuberta é a de traspasar servicios ós concellos sen a correspondente financiación.

O Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), o voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención do Sr. Otero, do BNG, acorda: Rexeita-la moción.

14.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE INCORPORACIÓN DE BETANZOS Ó FONDO GALEGO DE SOLIDARIEDADE.

Dáse conta de moción da Alcaldía-Presidencia relativa a incorporación de Betanzos ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP) e a abstención do Sr. Otero do BNG, acorda: Primeiro.- Manifesta-la adhesión do Concello de Betanzos ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e acepta-los seus estatutos e declaración programática. Segundo.- Asumi-lo compromiso de dotar presupostariamente unha partida, como aportación anual ó Fondo Galego, con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de conformidade co correspondente baremo de cotas que aprobe a asemblea xeral de socios. Terceiro.- Expresa-la vontade de incrementa-las responsabilidades económicas do Concello de Betanzos respecto do Terceiro Mundo para aproximarse ó 0,7% do presuposto ordinario recomendado polas Nacións Unidas. Cuarto.- Facultar ó alcalde-presidente para que designe un representante do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Quinto.- Notificar estes acordos ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Sexto.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

15.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS PARA CONSELLOS ESCOLARES DE CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO.

Dáse conta de escritos de centros públicos de ensino de Betanzos, solicitando nomeamento dun representante do Concello para cada un dos respectivos consellos escolares. O asunto está dictaminado pola Comisión Informativa no sentido de que os grupos formularán as súas propostas directamente nesta sesión plenaria.

- O Sr. alcalde propón que sexan os mesmos xa existentes.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, quere lembrar que os representantes non teñen por que ser concelleiros, indicando que non entende a situación de ter unha concelleira de educación que non coincide como representante.

Non habendo máis propostas, o Pleno acorda nomear representantes para consellos escolares de centros públicos de ensino: -Instituto de educación secundaria "Francisco Aguiar" a D. Antonio Vázquez Lorenzo. -Instituto de educación secundaria "As Mariñas" a Dª Ofelia López Campos. -CEIP "Vales Villamarín" a D. Antonio Carro Galeiras.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Inicia o alcalde este punto, indicando que o Pleno eleve rogo a Unión Fenosa e á Consellería de Industria para que se resolvan os problemas de subministro, como o que ocorreu nesta sesión e se dan noutras zonas do municipio.

Dase resposta ás preguntas realizadas no anterior Pleno ordinario (de data 1 de outubro de 1998):

Ás formuladas pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

1ª.- As que constan nos distintos expedientes e escritos.

2ª.- Estase a cumpri-la normativa en vigor con reforzamento das medidas de control e supervisión.

3ª.- Non entende o concelleiro tal cousa, que se demostre con algún documento ou proba.

4ª.- O Concello está a cumpri-la lexislación vixente e se o Valedor do Pobo se interesa por algo, contéstase e actúase ó respecto.

5ª.- Segundo os datos que se dispoñen, non.

6ª.- Está recollido nos distintos expedientes, que están a súa disposición.

7ª.- Os impostos, taxas e prezos públicos aplícanse de acordo coas ordenanzas fiscais aprobadas polo Pleno desta Corporación.

8ª.- Aplícanse as taxas e prezos públicos de acordo coas ordenanzas fiscais.

9ª.- A adaptación para dotar dun servicio axeitado para os cidadáns de acordo coa FEGAMP, a Deputación e a Xunta de Galicia.

10ª.- A empresa correspondente.

11ª.- En datas próximas presentaranse tódalas contas das festas de San Roque-98, que porán a súa disposición para que consulte tódolos extremos que desexe.

12ª.- Non se lles deu ningunha negativa senón que se lle remitiron indicacións cos informes técnicos ó respecto.

Ás formuladas polo Sr. Carro Erias, voceiro do PP:

1ª.- Si

2ª.- As razóns e argumentos aparecen reflectidos na mentada acta da Comisión de Goberno de data 19/05/98.

3ª.- Por razóns expostas nos informes correspondentes.

4ª.- O informe aparece no expediente correspondente ó que se pode acceder polas canles que marca a normativa en vigor.

5ª.- Existen novos documentos aportados por particulares que levaron a face-las matizacións que constan no expediente.

6ª.- Os documentos aparecen no expediente correspondente ó que se pode acceder polas canles que marca a normativa en vigor.

7ª.- Hai tres asistentes sociais.

8ª.- Na que marca a "plantilla" e cadro de persoal aprobado polo Pleno deste Concello.

9ª.- Si.

10ª.- Con data 22 de xullo de 1998.

11ª.- Non.

12ª.- Tódolos datos referidos ó expediente pódense comprobar nas oficinas técnicas do edificio Liceo.

13ª.- Aclárese a pregunta para poder respostar.

14ª.- O 8-10-98. Cando as circunstancias así o requiran.

15ª.- O sistema que se segue nesa zona e o de cooperación polo que se fan os trámites tendo en conta a normativa dese sistema.

16ª.- A problemas de replanteo da empresa adxudicataria do aparcamento subterráneo.

17ª.- Obra de acordo co proxecto técnico aprobado polo Pleno da Corporación de data 12/09/97.

18ª.- Tódalas obras son inspeccionadas polos servicios técnicos municipais.

19ª.- Aclárese tal pregunta. Se é opinión persoal resérvana.

20ª.- Aclárese a pregunta para poder matiza-la resposta.

21ª.- Conclusión da pregunta anterior.

22ª.- Si.

23ª.- Con data 19/05/98.

24ª.- (Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación de 24/01/97) As necesidades prioritarias do Concello, as consultas ós distintos alcaldes de barrio (xuntanza 11/10/96), a valoración técnica e a posta dos terreos a disposición do Concello por parte dos veciños.

25ª.- Están en estudio. É preciso para facelas que as pidan os alcaldes de barrio e os veciños poñan os terreos a disposición do Concello.

26ª.- Non se entende a pregunta.

27ª.- Conclusións da anterior.

28ª.- Algunhas están en depósito e outras utilizáronse en pequenas reparacións do casco antigo.

Ás formuladas polo Sr. Otero, voceiro do BNG:

1ª.- É unha cesión gratuita ó Concello sen ningún tipo de contraprestacións.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, presenta o rogo de convoca-la Comisión de Drogodependencia, ante a situación entre os xoves do concello en que se están dando graves sucesos, polo que se deben retoma-los traballos ó respecto.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

1.- ¿En que se investiu o diñeiro destinado pola Consellería de Familia para a ordenación do tráfico na zona do Carregal?

2.- ¿En que se investiu o diñeiro destinado pola Consellería de Familia para a supresión das barreiras arquitectónicas?

3.- ¿En base a que lei unha moción presentada ó Pleno do Concello por un grupo da oposición pode non ser presentada ó Pleno?

4.- ¿Por que os concelleiros do Partido Popular foron avisados só con dúas horas de antelación á celebración dun acto o día de defuntos no cemiterio municipal?

5.- ¿Por que non foi facilitado ós concelleiros do Partido Popular o listado de débedas que ascenden a 75 millóns para o que se solicitou un crédito para aboar estas débedas, aprobado en Pleno?

6.- ¿Encóntrase integrada a biblioteca de Betanzos na rede bibliotecaria de Galicia ó abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 28 de setembro de 1998?

7.- ¿A que hora se procede ó encendido da iluminiación pública e que mecanismo se utiliza para iso?

8.- ¿Por que aínda non se procedeu á pavimentación da rúa ubicada detrás do ambulatorio?

9.- ¿Cantos traballadores solicitou o Concello para a execución de obras ou a prestación de servicios de interese xeral e social ó abeiro da resolución do 8 de xuño de 1998 da Dirección Xeral de Fomento do Emprego?

10.- ¿Cantas e quen son as persoas beneficiadas pola prestación de axuda a domicilio por parte do Concello de Betanzos?

11.- ¿Está a Escola de Música de Betanzos no rexistro de escolas de música?

O Sr. Casal, voceiro do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

1.- ¿Por que non se pediu antes a frecuencia de 2 metros para os equipos de comunicación de protección civil?

2.- ¿Cantos equipos de comunicación de protección civil están precintados por telecomunicacións?

3.- ¿Canto é a contía da multa imposta por telecomunicacións?

4.- ¿Por que se tardou tanto tempo por parte de protección civil en acudir ó accidente de tráfico que tivo lugar no porto, ó lado da ponte do ferrocarril?

5.- ¿Por que se esperou a que unha persoa allea a protección civil tivese que realiza-lo salvamento que debeu realizar dito corpo?

6.- ¿En que investiu protección civil as subvencións recibidas pola Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña?

7.- ¿Por que os equipos de salvamento (bombonas baleiras, sen aletas, sen lanternas, sen focos de iluminación, zodiac almacenada) se encontran en tan precarias condicións?

- O Sr. alcalde, en relación a rogo do BNG, entende interesante que se eleve ó Pleno unha moción dos grupos sobre o centro de adultos.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintetrés horas e trinta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE BETANZOS * ALCALDE *

CONCELLO DE BETANZOS * SECRETARIO *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA UN DE FEBREIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Non asisten:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Jaime A. Pita Varela.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día un de febreiro de mil novecentos noventa e nove. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a acta correspondente á sesión realizada o 26 de novembro de 1998.

2.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Urbanismo), comunica denegación de subvención solicitada ó abeiro da Orde do 13 de abril de 1998 (DOG nº 80 do 28-04-98) para formulación de planeamento urbanístico.

- Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia (Dirección Xeral da Función Pública), comunica revocación, a petición do interesado, da resolución de acumulación do posto de Intervención do Concello de Betanzos a favor do funcionario D. Jesús García Cainzos.

- Augas de Galicia, en resposta a acordo deste Pleno contra o canon de saneamento da Xunta de Galicia, efectúa diversas consideración relacionadas co mesmo.

- Resolución da Alcaldía-Presidencia deste Concello, número 11/99, sobre concertación dunha operación de tesourería co Banco de Crédito Local.

3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO COMITÉ COMARCAL DA CRUZ VERMELLA.

Dase conta de escrito asinado polo presidente comarcal da Cruz Vermella Española, no que solicita nomeamento dun representante do Concello no comité comarcal desa asociación.

- O voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Lagares (D. Antonio), propón a D. Antonio Carro Galeiras.

- A voceira do PP, Sra. Faraldo, propón a D. Alberto Carro Erias.

Sometidas a votación as propostas presentadas, obteñen os seguintes resultados:

* 1ª proposta: nove votos a favor, os emitidos polos concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez); cinco votos en contra, os emitidos polos concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), e a abstención do Sr. Otero, do BNG.

* 2ª proposta: cinco votos a favor, os emitidos polos concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal); nove votos en contra, os emitidos polos concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), e a abstención do Sr. Otero, do BNG.

Queda designado como representante do Concello no comité comarcal da Cruz Vermella Española D. Antonio Carro Galeiras.

4.- PROPOSTA DE PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS PARA A CONCESIÓN DA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL.

Dase conta de prego de condicións económico administrativas para a concesión da planta alta do Mercado Municipal, informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta o seu acordo, por ser unha forma de vitaliza-lo casco histórico, entendendo que a taxa proposta é baixa, anque se pode mellorar.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, está de acordo en canto actividade comercial que pode dar vida ó casco histórico, pero o seu grupo vaise abster por non estar representados na apertura de plicas, sendo mala a experiencia que teñen ó respecto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto do BNG, considerando a medida como importante para poñer en marcha o mercado, co que pode supoñer para o comercio da zona. Fai referencia á existencia dunha mesa de contratación debidamente creada e encargada das licitacións, que eleva as propostas, neste caso para a súa adxudicación polo Pleno.

- O Sr. alcalde considera debatido o asunto, someténdoo a votación.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda aproba-lo prego de condicións para a concesión da planta alta do Mercado Municipal, debéndose continua-la súa tramitación.

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE ROSALÍA DE CASTRO-CAL DAS BARRAS.

Preséntase para a súa aprobación definitiva polo Pleno o estudio de detalle da unidade de execución integral número catro (UEI-4) Rosalía de Castro-Cal das Barras, promovido por Proveco SL, informado pola Comisión de Programación. No expediente constan informes ás alegacións presentadas, nos que se pón de manifesto o seguinte: -Á presentada por Dª Beatriz Rosa Lendoio Sánchez: polas averiguacións realizadas non consta ningunha casa na r/ Rollo co número 47; así mesmo, non é o momento de substanciación de cuestións sobre propiedade, non correspondendo ó Concello declarar sobre a mesma. -Á presentada por Dª María Jesús Picado Vaamonde (e outros): as alteracións que se producen con respecto ás normas teñen cabida dentro da figura

urbanística que son os estudios de detalle, en tanto un ED cumpre unha función interpretadora correctiva, plasmándose as súas finalidades coas limitacións seguintes: non orixinar aumento de volume da edificación, non incrementa-la ocupación do solo pola edificación, non altera-lo uso predominante asignado polas normas, non reduci-la superficie destinada a espacios libres, limitacións que este estudio de detalle non rebasa nin contravén, e no tocante á consideración sobre a consolidación do solo e o sistema de distribución de cargas e beneficios, non procede na figura do ED que agora se informa; así mesmo, as áreas libres non desaparecen só cambian na súa ubicación e os predios lindantes parece que se beneficiarían en base ás cargas que só recaen sobre outra unidade de actuación, non se incumpren os aspectos sinalados no art. 34 das NNSS, preséntase estudio comparativo (apartado 7 do documento), o ED non entra en determinar cesións nin outras obrigas xa que non é o momento procedemental, o ED non modifica o permitido polas NNSS no que respecta á densidade, entendendo solventadas o resto das alegacións (que entran en consideracións máis técnicas) no informe técnico, non encontrando ningún inconveniente legal para a tramitación e aprobación do documento que se presenta.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle da unidade de execución integral número catro (UEI-4) Rosalía de Castro-Cal das Barras, promovido por Proveco SL. SEGUNDO.- Que se publique de forma regulamentaria, debéndose notificar a tódolos interesados, entendendo rexeitadas as súas alegacións polos fundamentos que se sinalan.

6.- PETICIÓN Á CONSELLERÍA DE AGRICULTURA RELACIONADA CON MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAL.

O Pleno, por unanimidade, acorda solicitar autorización á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para dispoñer dunha franxa de terreo no Carregal, propiedade desa Consellería, para a realización de obras de mellora da seguridade vial na Avda. do Carregal (dotación de beirarrúas na marxe dereita en dirección á Avda. Fraga Iribarne) a fin de mellora-lo tránsito escolar peonil pola zona.

7.- PETICIÓN DA AA.VV. CIDADE NOVA SOBRE ADQUISICIÓN DE BAIXOS Ó IGVS NA CONDESA.

Dase conta de solicitude da asociación de veciños "Cidade Nova" interesando deste Concello que adquira dous baixos no barrio da Condesa (praza de San Antonio) ó IGVS, propietario dos mesmos. Está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que o apoio é para negociar co IGVS, sendo consecuencia do trato que se dea por dito organismo que o seu grupo adopte outras propostas, para as que xa barallan alternativas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que este punto voltará ó Pleno cando se teñan os acordos co IGVS, debéndose saber que petición se vai facer.

- O Sr. alcalde aclara, facendo referencia ó escrito dos veciños, que se pretende a cesión gratuita, xa que os terreos se deron cunhas finalidades.

- Sinala a Sra. Faraldo, voceira do PP, que se non fora gratuito quedarían os veciños sen local, co que non está de acordo, polo que o seu grupo se vai abster.

- Entende o representante do BNG, Sr. Otero, que así lle gustaría que se informase no seu día ó Pleno.

- Engade o Sr. alcalde que iso é algo evidente, que o grupo popular pode face-lo que lle dea a gana, pero que neste Pleno séguese a defende-los intereses dos veciños.

O Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse ó IGVS solicitando a cesión de dous baixos lindantes que existen no bloque da praza de San Antonio (exptes.: C-89/040 e C-98/40, locais 3 e 4) no barrio da Condesa de Betanzos.

- En explicación do voto a voceira do PP (Sra. Faraldo) entende que a condición de gratuidade non impida as negociacións posteriores.

8.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BETANZOS E A AGRUPACIÓN LOCAL DE AUTO TAXIS.

Dase conta de convenio de colaboración entre o Concello de Betanzos e a Agrupación Local de Auto Taxis, informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pón de manifesto que é un tema esperado desde fai tempo, sobre o que parece que hai discrepancias no colectivo, entendendo que a proposta que hoxe se trae ha de ser refrendado polos titulares das licencias. Se é así anuncia o seu voto positivo, entendendo vinculante o resultado da consulta, co que se acabaría coa incertidume.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pola súa banda, anuncia a abstención do seu grupo, en canto no gremio existen dúas posturas enfrontadas, sen que o Concello conseguira un acordo, apoiando a consulta, se se obtivera a súa aprobación polo cento por cento, xa que entende que se debería avanzar no consenso. Así mesmo engade que nunca se contou co seu grupo, podéndose, además, iniciar conversas con concellos limítrofes, entendendo mala a xestión.

- O Sr. Carro, voceiro do partido socialista, fai referencia á situación económica do sector e ás conversas coa directiva da asociación de taxis, sen prexuízo das mantidas individualmente. Entende que os interesados coñecen o que se propón e en xeral manifestan a súa aceptación, así como que será difícil obte-lo cento por cento, non existindo dúas posturas, senon, máis ben, a de aceptación dos resultados que se produzan.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, cré que sería digno de estudio as causas da diminución da actividade comercial e do taxi, así como que se deberían levar outras negociacións, non parecéndolles o convenio o máis adecuado.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que se debe actuar en orde a paraliza-las licencias, que parece se-lo interese da directiva, que o convenio o había que facer, tendo en conta o exceso de licencias para o sector e insiste no carácter vinculante da consulta se se dá unha maioría cualificada.

- O Sr. alcalde reitera o carácter vinculante, entendendo que o Concello pode facer uso da súa capacidade para revoca-las licencias, por circunstancias sobrevidas, que é a realidade deste caso, pero cré oportuno buscar situacións equilibradas por medio do entendemento. Sinala que o número de licencias actual supera os tipos da Unión Europea. Considera importante a consulta ó sector, debéndose manter suspendidas entramentres as transmisións.

Entendendo o asunto suficientemente debatido e sometido a votación, o Pleno co voto a favor de dez concelleiros (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz,

Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio de colaboración entre o Concello de Betanzos e a Agrupación Local de Auto Taxis. SEGUNDO.- Que se condicione na súa efectividade á consulta que no prazo máis breve posible se debe realizar entre tódolos titulares de licencias, segundo maioría cualificada, quedando suspendidas entramentres as transmisións. TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites derivados do presente acordo, debéndose dar conta ó Pleno dos resultados que se obteñan.

9.- ESCRITO DE ARACELI GRANDIO VICENTE SOBRE REVISIÓN DE OFICIO DE BASES DE CONVOCATORIA DE PERSOAL DESTE CONCELLO.

Dase conta de escrito presentado por Dª Araceli Grandio Vicente solicitando a revisión de oficio das bases que rexen a convocatoria para cubrir cinco prazas de administrativo de Administración Xeral. Está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que no seu día pediu que o informe fora vinculante e dado que o mesmo dá a razón ós servicios xurídicos do Concello, non tén nada que obxectar se ben, en tanto mantén as súas dúbidas de certas situacións, vaise abster.

O Pleno co voto a favor de nove concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención de seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Desestima-la reclamación presentada por Dª Araceli Grandio Vicente solicitando a revisión de oficio e a declaración de nulidade das bases que rexen a convocatoria para cubrir cinco prazas de administrativo de Administración Xeral, tendo en conta para iso o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, que sinala: que na actualidade, a partir la Lei 4/90 do 29 de xuño e posteriormente da Lei 22/93 que produciron significativas reorientacións dos criterios de xestión da política de persoal e coa previsión da Lei 42/94, que modificou a Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, da potenciación da promoción interna, non constitúe vulneración do art. 23 da Constitución a aplicación de políticas de emprego en virtude das que conxunturalmente se favoreza a promoción interna a custa dunha circunstancial postergación da convocatoria aberta, polo que non é de aprecia-la tacha de nulidade de pleno dereito; que a disposición adicional vixésimo segunda da Lei de reforma da función pública prevé expresamente que o acceso a corpos ou escalas do grupo C poderá levarse a cabo a través de promoción interna e por medio do sistema de concurso-oposición, polo que non existe tampouco neste caso fundamento para revisión de oficio; que á vista das bases publicadas coa convocatoria, en contreto a 5ª, cando considera ó secretario do tribunal como membro do mesmo e polo tanto podendo facer uso das facultades de ostentar voz e voto, o Consello maniféstase en idéntico sentido que o da proposta de resolución, non procedendo estima-la revisión de oficio pretendida. SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do expediente da oferta de emprego para 1998.

10.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ADAPTACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DESTE CONCELLO.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre adaptación das normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste Concello. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a abstención do seu grupo neste punto, por canto o prazo de un mes que se anuncia é escaso. Tamén indica a participación do seu grupo en tódalas comisións que se formen, para o que pide que os chamen e os teñan máis en conta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, quere facer unhas pequenas matizacións, indicando que o que se propón é un prazo de suxestións, nun documento oficioso, ó que despois haberá que darlle o tratamento oficial, momento no que coa máxima información, participarán tódolos grupos, claro está coa distribución de maiorías e minorías existentes en cada caso.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala que a proposta ven obrigada pola Lei e que o prazo que se establece non tén relación coa Lei, entendéndoo xeneroso. Indica que os prazos legais si teñen unha periodicidade e nese momento pediranse os máximos, incluso sobrepasándoos coa maior información posible.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, na necesidade de fundamentarse dos cidadáns, que non coñecen suficientemente as técnicas urbanísticas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, coincide co BNG, indicando que se vai informar do xeito máis exhaustivo.

- Remata o Sr. alcalde facendo referencia a que o proceso sobrepasará o próximo período electoral, téndose en conta a máxima participación.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, do PSdeG-PSOE, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos cinco concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda aproba-la moción, adoptando en consecuencia os seguintes acordos: 1º.- Proceder a adapta-las normas subsidiarias de planeamento urbanístico deste Concello, ó novo marco legal citado. 2º.- Constituir unha comisión de seguimento, baixo a presidencia do concelleiro de urbanismo, coa participación de un membro de cada grupo político e os técnicos que se consideren, a que á vista das propostas técnicas oportunas elevará á consideración do Concello Pleno a proposta de adaptación, revisión ou modificación das normas que se consideren. 3º.- Abrir un prazo de participación pública, por termo de un mes, ó obxecto de que por tódolos interesados se presenten suxestións ou iniciativas, para que sexan tidas en conta no novo planeamento.

Así mesmo, noméase ós representantes na comisión que se crea para o efecto, sendo polo BNG D. Andrés Otero, polo PP D. Alberto Carro e polo PSdeG-PSOE D. José Ramón García Vázquez.

11.- <u>MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A MELLORA DO COMERCIO LOCAL.</u>

Preséntase ó Pleno moción do grupo popular para a mellora do comercio local, na que se propón: organizar un "feirón específico" os sábados pola tarde, traballar na mellora das feiras quincenais, organización dunha "feira da oportunidade", realizar publicidade, estudio de dúas rotas de transporte, facilidades para aparcar, organización do "día da tortilla".

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en explicación da moción presentada polo seu grupo, afirma que é longa, supoñendo que foi lida polos Sres. concelleiros, instando que se poñan en marcha coas medidas que se propoñen, anque sabe que non se poden facer da noite á mañá. Aproba-la moción suporía empezar a traballar, xa que á parte das

diferencias entre os grupos, todos se deberían interesar polo comercio de Betanzos. Indica que o seu grupo queda aberto a tódalas preguntas e suxestións.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, comeza apuntando que o escrito vén ó Pleno como moción, cando en realidade se dirixe ó Sr. alcalde, o que lle estraña. Coincide en que o comercio é o motor da economía, que hai que revitalizar entre todos independentemente das culpas que se teñan, incluídos os propios comerciantes. Pero sinala na proposta moita ambigüidade, non hai medidas concretas, anunciando que se opón ás romarías interminables, como o día da tortilla, en que se quere converter a Galicia. Pero tódalas medidas propostas, entende que venñen á medida das grandes áreas comerciais, que tamén xurden polos intereses dos grandes partidos. Non cré que a solución de vi-la xente sexan as grandes feiras e lembra os seus orixes familiares en relación co comercio e o logro que supuxo o descanso dos sábados, propoñéndose agora o traballar máis, sen garantías. Entende que a potenciación ó pequeno falla onde se lexisla, que se fai danando. Por todo iso vaise abster, ante a falta de propostas concretas, sen prexuizo de estar dispostos a estudia-lo que sexa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que tódalas causas son de tódolos betanceiros e os seus representantes e que agora se chega un pouco tarde xa que se está a traballar para todos por parte do equipo municipal, do que dá várias probas: a asistencia a Fitur, a feira franca medieval, etc., etc. Existe unha actuación non deslabazada segundo o seu programa electoral, anque algunhas cousas, poucas, da moción poderíanse apoiar. Fai referencia á lexislación do parlamento sobre o comercio, que é competencia da Xunta e que sustenta ó comercio que todos sabemos. En consecuencia, anuncia o voto negativo do seu grupo que, sinala, tén un proxecto global baseado no turismo, os servicios e o comercio.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en referencia ó voceiro do BNG, indica que a moción tén puntos concretos, sobre aparcamentos, publicidade, etc., outros non se concretan, por canto eles non están no goberno, propoñendo que se comece polo inmediato, pedindo que outros grupos traian alternativas, existindo cuestións que terán que ser debatidas polos propios comerciantes. Polo que respecta ó voceiro socialista, entende que as medidas que adopta o seu grupo non supoñen traer máis xente, polo que fan necesarias outras medidas, criticando actuacións como as de Fitur, nas que non ve o interese polo comercio de Betanzos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que a ninguén se lle pode nega-lo seu traballo polo comercio, anque agora se debata unha moción. Cré que a situación actual se ve ocasionada por unha política determinada e que as medidas concretas a adoptar pasan polas que os comerciantes non dan asumido, como a peatonalización, citando o exemplo de Lugo, considerando necesario crear cidade, con rúas de verdade e non de formigón, con aparcamentos alternativos, coa recuperación de artesanías, antigüidades e non tendo coches por tódolos lados nin montando chiringuitos, senon con comercio de calidade que tamén asegure o dereito ó ocio de todos. Insiste na súa oposición ás romarías xeralizadas e na súa postura de abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, alégrase de que o grupo popular queira empezar a traballar, pero con máis seriedade, para o que hai que asistir ás comisións e defende-las posturas. Afirma que o grupo socialista tén un proxecto global, negando as críticas a Fitur, que considera un éxito, así como outras actuación ás que non

se lles quere dar importancia, parecendo máis importante borra-las raias amarelas. Engade que o comercio non só é o casco histórico, nin o traslado nunha liña de autobuses e respecto á apertura dos sábados, fai referencia á experiencia do pasado Nadal, que deu división de opinións. Fai referencia a outras propostas como a estación de autobuses, semellante á do prometido ambulatorio, do que está esperando que se diga algo. Todo iso fai que Betanzos semelle algo abstracto, sobre o que cada un tén os seus programas, pero o que hai que facer é empezar a traballar desde sempre.

- O Sr. alcalde entende suficientes as intervencións, sinalando que o seu grupo sostén un proxecto global para Betanzos e xa que a moción vai dirixida á Alcaldía, anuncia próximas iniciativas sobre o casco histórico e outras no sentido debatido, indicando ó voceiro do BNG que as rúas se melloran, non coincidindo nalgunhas cuestións por problemas de sensibilidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), o voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda rexeita-la moción do Partido Popular para a mellora do comercio local.

- En explicación do voto a Sra. Faraldo quere aclarar ó voceiro do BNG, que a idea de "feirón" que presentan é máis orientada ó de cidades francesas que cré coñece e en canto ó voceiro do grupo socialista, pide que non saque a colación outros temas, como o do ambulatorio, sobre os que aporta datos da súa programación.

A súa quenda ocasiona a chamada á orde do Sr. alcalde, por consumir máis de un minuto e non explica-lo voto, senon pretender incidir noutros temas de debate, pediendo respecto para as normas de funcionamento do Pleno.

12.- <u>MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE AMPLIACIÓN DA CASA DO CONCELLO.</u>

Dase conta de moción do Partido Popular sobre ampliación da Casa do Concello, para o que propoñen merca-lo edificio lindante e solicitar axuda económica á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para "obras que supoñan a rehabilitación integral de edificios que vaian ser adicados a sede da entidade local".

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, fai referencia ás vantaxes que ó seu xuizo suporía a proposta, indicando a existencia de dúas liñas de axuda, a da Deputación e a Consellería, crendo que neste caso ninguén poderá sinalar que non se é concreto.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, afirma que a proposta está clara, que a Casa do Concello é pequena, incluso nalgún momento se falou de trasladala ó Liceo. Non se ve mal a idea, o que daría incluso lugar a despachos para os concelleiros, anque dubida que se chegara a iso coa ampliación pretendida. Doutro lado ninguén garantiza a subvención, polo que sinala que ainda estando de acordo no fondo non cré que economicamente o Concello estea para estes investimentos. Está de acordo en iniciar contactos cos propietarios, facer estudios e analizar se merece a pena.

- O Sr. alcalde indica que as conversas xa se iniciaron de antigo, estando a punto de chegar a acordos. Querería confirma-la obtención da subvención ó cento por cento, o que lle estraña ante as necesidades e o crédito existente para 1999, polo que se pode afirmar que, en realidade, non existe posibilidade de facelo. A súa postura é a de falar con realidades, sen prexuizo de que se manterán as conversas cos propietarios.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala a súa disposición de acordo co indicado polo BNG, de acordar só os dous primeiros puntos, para que posteriormente o Pleno estudie as propostas. Polo que respecta ó sinalado polo Sr. alcalde, é completamente imposible garantizar ó cento por cento, xa que eles non gobernan na Consellería, sen esquece-la axuda da Deputación, crendo ainda así que se podería conseguir.

- Engade o Sr. alcalde que non se aporta nada novo, que os dous puntos da moción xa están feitos, que respecto ás subvencións e por compromisos anteriores non existe partida e así se sabe na FEGAMP, e dentro do Concello hai que prioriza-los investimentos segundo unha orde de necesidades, entre as que non é tan fácil adquirir un novo edificio para o Concello.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal), o voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención do concelleiro do BNG (Sr. Otero), acorda rexeita-la moción do Partido Popular para ampliación da Casa do Concello.

- En aclaración de voto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, achaça ó alcalde faltar á verdade sobre a información da FEGAMP, como xa pasou no asunto dos bombeiros, momento no cal o Sr. alcalde lle retira a palabra, por non se axustar á explicación do voto.

13.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE CREACIÓN DE PÁXINA WEB MUNICIPAL.

Dase conta de moción do Partido Popular sobre creación dunha páxina Web municipal. - A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica brevemente a proposta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, comeza solidarizándose cos usuarios de internet, ante os prezos abusivos que mantén o goberno central do PP. Continúa afirmando que as páxinas de Betanzos xa existen en dito medio, amosando varias delas. E que a maior sorpresa do seu grupo é que se presente esta moción polo grupo popular, cando o mesmo afirma o carácter minoritario de tal medio de comunicación. Remata sinalando que Betanzos xa tén amplio soporte e estudios monográficos en Internet, sen prexuizo de que se leve traballando desde hai tempo nunha páxina institucional, pedindo ó grupo popular que se poña de acordo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifféstase a favor, facendo referencia á picaresca que pode existir en Internet.

- Á Sra. Faraldo, voceira do PP, parécelle curiosa a postura do grupo socialista, que primeiro critica e despois di que xa o están facendo. Xa sabe que hai outros organismos que teñen cousas de Betanzos, pero o que eles piden é a representación institucional. Respecto ó carácter minoritario é un problema relativo e non hai contradicción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que non critica a moción, que xa se está a facer-lo que propón, que onde hai contradicción é no grupo popular, dando lectura a unha noticia aparecida en Internet este mesmo día, que pide conste en acta e que di: "¡Non se aprobou a proposición non de lei para que o BOE sexa gratuito en Internet! Case un ano despois do inicio desta campaña onte votouse na Comisión de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Congreso dos Deputados a seguinte proposición non de lei: Votaron en contra PP e CiU. A deputada do PP María

Fernanda Faraldo, defendeu o cobramento de servicios do BOE argumentando que Internet segue sendo un medio de comunicación moi minoritario".

- Replica a voceira do PP, Sra. Faraldo, indicando que está moi orgullosa das actividades da súa irmá, facendo referencia a que se pode incorporar algo dos incendios.

- Interrompe o Sr. alcalde, afirmando que xa non se sabe de que se está a falar, polo que pón fin ó debate.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Creación dunha páxina Web municipal.

14.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CREACIÓN DUN CENTRO PÚBLICO ESPECÍFICO DE EPA.

Preséntase moción do BNG sobre creación dun centro público específido de EPA. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. alcalde pón de manifesto que o Consello Escolar tamén solicitou este tema, que considera debe ser unha cuestión de tódolos grupos, o que é corroborado polo voceiro do BNG, Sr. Otero, quen entende que a proposta é clara, solicitando asemade que se dirixa ós grupos municipais dos concellos próximos no mesmo sentido.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Que o Concello de Betanzos solicite da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a creación, na nosa localidade dun Centro Público Específico de EPA no que se impartan tódolos niveis da ensinanza de adultos: nivel I, ou de alfabetización, nivel II, ou de consolidación de coñecementos e técnicas instrumentais, nivel III, ou de educación secundaria para persoas adultas; así como o mantemento das ensinanzas de preparación das probas libres para a obtención do título de Graduado Escolar, ata a desaparición das mesmas (curso 2001-02). 2.- Que o Concello de Betanzos solicite de tódolos demais concellos da nosa zona educativa o seu apoio e solidariedade, instándoos a que todos eles soliciten da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a creación do Centro Público Específico de EPA, tal e como se contempla no anterior punto 1. 3.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios cara a consecución dos presentes acordos.

15.- MOCIÓN DO BNG SOBRE REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA EMISORA MUNICIPAL "RADIO BETANZOS".

Dase conta ó Pleno de moción do BNG sobre regulamento de funcionamento da emisora municipal "Radio Betanzos", na que se propón a xestión directa a través de órgano especial diferenciado, o Consello de Administración, creándose ademais o Consello Asesor. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lembra que é a segunda ocasión na que se trae ó Pleno este asunto, sendo o motivo para iso que ainda non hai regulamento e que se considera necesario. Fai referencia a que a vez anterior se postergou en función dun regulamento tipo a confeccionar pola FEGAMP, pedindo que nesta ocasión se utilice o proposto para face-lo regulamento e non retrasalo máis.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, apoia a moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que a situación é igual á anterior; a comisión oportuna da FEGAMP está a traballar no tema e vaise esperar o tal traballo, polo que anuncia o seu voto negativo, admitindo a utilización do aportado para futuros traballos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que non se xustifica o feito de seguir esperando, por canto as noticias son de demora, considerando un erro tal postura, insistindo en que se pode regular en base ó aportado.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende necesarios os regulamentos pero afirma que existen órganos de control suficientes, como o Pleno.

- Remata o Sr. alcalde sinalando que a FEGAMP tén a intención de levar a cabo esta cuestión, ainda cando a través de EMUGA, asociación das emisoras municipais, non se chegará a un acordo unánime. É partidario de que exista regulamento, pero non en contradicción coa FEGAMP.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeita-la moción.

16.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Ó BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL "O CONCELLO BETANCEIRO".

Dase conta de moción do BNG relacionada co boletín informativo municipal "O Concello Betanceiro" na que se solicita que dea conta en tódolos seus números dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en tódalas súas sesións, con referencia explícita do grupo municipal promotor dos mesmos. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, aclara o sentido da moción, manifestándose o grupo popular tamén a favor.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, quere facer unhas matizacións, xa expostas na comisión: primeiro que o que se pide xa se vén facendo e, por outro lado, que a publicación non é dos grupos políticos senon da institución municipal.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que o punto está claro, pretendéndose que os acordos se reflictan facendo consta-lo grupo promotor dos mesmos, o que supón un reflexo da realidade do que pasa nos plenos, sendo á vez un soporte do grupo de goberno.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a súa conformidade polo sinalado polo voceiro do BNG, afirmando que o Concello tén máis concelleiros que os do grupo de goberno e que a manipulación da información institucional é clara e notoria. Non ve o problema de que consten os votos e o sentido político dos acordos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, resposta que a única manipulación é a da voceira do grupo popular, a través das súas intervencións indebidas.

- O Sr. alcalde insiste na postura do seu grupo, lembrando que xa noutras ocasións se intentou o que agora se pretende e que "O Concello Betanceiro" debe seguir sen exposicións políticas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, González, Carro Erias, Casal, Gestal, do PP, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeita-la moción.

FÓRA DA ORDE DO DÍA. A proposta da Alcaldía e previa a declaración de urxencia, por unanimidade dos asistentes, o que supón a maioría legal do número de membros da Corporación, procédese a examina-lo seguinte asunto:

17.- SERVICIO DE DISTRIBUCIÓN DO GAS.

Dada conta dos trámites realizados e a presentación dun anteproxecto ó respecto, o Pleno, por unanimidade, acorda: Iniciar ante os organismos competentes da Xunta de Galicia as xestións encamiñadas á concesión do referido servicio, facultando á Alcaldía para as xestións necesarias a tal fin.

18.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste apartado, previo á contestación das presentadas na sesión anterior, pola Alcaldía ponse en coñecemento dos Sres. concelleiros a encomenda da súa despedida polo Sr. interventor, D. Jesús García Cainzos, do que se deu oficialmente ó inicio do Pleno.

Así mesmo o Sr. alcalde informa do falecemento de D. Julián Marcos Alonso, notario que foi desta cidade e fillo adoptivo da mesma, poñéndose de manifesto o recoñecemento e pésame da Corporación, anunciándose a realización de actos corporativos.

A continuación, o secretario dá lectura ás respostas das preguntas formuladas no Pleno do pasado 26 de novembro:

Ás formuladas pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

1ª.- Existe un expediente ó respecto onde constan a memoria, obras a realizar e obxectivos concretos do plano.

2ª.- Cóntase cun expediente onde aparecen reflectidos os destinos concretos do proxecto.

3ª.- Na lexislación local hai distintas leis e regulamentos que contemplan a periodicidade de sesións así como a confección de ordes do día, mocións, dictames, etc.

4ª.- Para os actos institucionais séguense os canles normais de comunicación e avisos, ós grupos municipais ou ós concelleiros de xeito individualizado.

5ª.- Aparecen tódolos datos nos expedientes correspondentes, ós que poden acudi-los concelleiros de acordo coa normativa en vigor.

6ª.- Fíxose a petición correspondente pedindo a integración sen ter ata o de agora resposta por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

7ª.- Depende da época do ano, xa que se utiliza un reloxio solar artellado para ortos e ocasos.

8ª.- Recentemente iniciáronse as obras, que tiveron un retraso pola planificación da empresa adxudicataria.

9ª.- Existen uns expedientes ó respecto ós que poden acudi-los concelleiros de acordo coa normativa en vigor.

10ª.- Existen uns expedientes ó respecto ós que poden acudi-los concelleiros de acordo coa normativa en vigor.

11ª.- Non. O Conservatorio Municipal está no rexistro de conservatorios de música.

Ás formuladas polo Sr. Casal, voceiro do PP:

1ª.- Séguense en todo momento os criterios de protección civil a nivel galego (frecuencia asignada pola Xunta de Galicia 168.900).

2ª.- Ningún.

3ª.- Non consta neste intre ningunha cantidade resolutiva.

4ª.- A resposta foi inmediata. Chegou en primeiro lugar o Grupo de Intervención Rápida e posteriormente os buzos voluntarios de Protección Civil.

5ª.- Os participantes foron tres buzos de Protección Civil.

6ª.- En distintos materiais funxibles e equipamentos que constan nos expedientes correspondentes.

7ª.- Tendo en conta as informacións facilitadas polo servicios de Protección Civil, os materiais e medios de que dispoñen están en perfectas condicións de uso.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, presenta o rogo de que polo concesionario de augas, AQUAGEST, se lea coa periodicidade debida o contador, para evita-los problemas que presentan os tramos de tarifa e en consecuencia os prexuizos ós veciños. Así mesmo quere transmiti-las queixas dos veciños da Avda. Jesús García Naveira, polos problemas existentes de presión.

Seguindo nos rogos, expón os problemas de participación en Radio Betanzos, afirmando que se prohibe le-las noticias do grupo.

Pregunta sobre o custe en pesetas da recente viaxe realizada a Bos Aires.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, fai o rogo da adopción de medidas respecto a unha vala de obra na rúa Mandeo, que presenta molestias e problemas de seguridade.

Así mesmo, interésase polo lavadeiro de Caraña de Arriba, ante o desmonte que o soterrou.

Pregunta sobre Radio Betanzos, afirmando a nula participación, negando as noticias dos outros grupos e preguntando sobre a liberdade de prensa.

Pide un listado dos admitidos nos concursos-oposición convocados.

Interésase polas familias do Martín Ballelsteros, cando se inicien as obras.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintetrés horas e dez minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESEIS DE FEBREIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

Dª Ofelia López Campos.

D. Andrés Beade Dopico.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Non asisten:
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Jaime A. Pita Varela.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.
Non asiste, con desculpa:
D. Antonio S. Lagares Pérez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinteseis de febreiro de mil novecentos noventa e nove. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a acta correspondente á sesión realizada o 1 de febreiro de 1999.

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/99 Ó PRESUPOSTO ORDINARIO.

Dase conta de proposta de modificación de créditos 1/99 ó presuposto ordinario, constando no expediente o informe da Intervención e o dictame favorable da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa postura de abstención, ó igual que noutros expedientes deste tipo, por non teren participación directa na xestión económica.

O Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Díaz, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos catro concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o expediente 1/99 de modificación de créditos, mediante transferencias, ó presuposto de 1999, por importe de 17.426.952,- ptas. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándoo debidamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

3.- PROPOSTA DE ACORDO SOBRE COMPROMISOS DE APORTACIÓN Ó PROGRAMA OPERATIVO DE MEDIO AMBIENTE LOCAL (POMAL).

Dase conta das actuacións realizadas en orde á execución do Programa Operativo de Medio Ambiente Local (POMAL), segundo se vén tramitando pola Mancomunidade de Municipios da Coruña, para a adopción dos compromisos necesarios para a efectividade da encomenda de xestión, realizada ó Concello de Oleiros. O asunto está dictaminado pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, interesa que se explique se os fondos que se pretende dedicar a este plano se retraen doutros referentes a actuacións en parques e

xardíns que se van deixar de facer. Así mesmo anuncia a súa abstención, por canto entende que non se mantén unha postura adecuada en medio ambiente.

Neste momento incorpórase o Sr. Carro Galeiras.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos oito concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos catro concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Casal, Gestal), acorda: Ratifica-lo convenio regulador da "Encomenda de Xestión" outorgada a favor do Concello de Oleiros pola Asemblea Intermunicipal da Mandomunidade de Municipios da Coruña e especialmente os compromisos de aportación plurianual, de acordo cos artigos 17, 18 e 19 do citado convenio.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en aclaración do voto, insiste en que non se lle contesta á explicación pedida, non entendendo o porque.

4.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Da conta o Sr. alcalde de circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña para aprobación da primeira programación plurianual das obras a contratar pola Deputación incluídas no convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 1997-2001 para a reforma e construcción de instalacións deportivas, explicando que se corresponde co acordado no seu día coa Secretaría Xeral para o Deporte, e en tal sentido propón a aprobación da proposta, coa aportación xa acordada no seu momento de 5.000.000,- ptas., entendendo que o resto lle corresponde a dita Secretaría Xeral.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Adherirse ó convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 1997-2001 para a reforma e construcción de instalacións deportivas para a execución, nesta primeira programación plurianual, da obra "pista polideportiva cuberta". 2º.- Comprometerse a aporta-la cantidade que a este Concello lle corresponde efectuar respecto da obra incluída nesta programación (5.000.000 ptas. segundo o acordado no seu día coa Secretaría Xeral para o Deporte), de maneira que a aportación municipal se realice en concordancia coa anualidade ou anualidades que se establezan na programación da obra deste Concello ó obxecto da cofinanciación dos conceptos sinalados no convenio: "presuposto de execución por contrata da obra ou obras, o importe destinado a dotación artística e dotación do Camiño de Santiago, nos casos en que proceda, control de calidade, honorarios de redacción de proxectos e de dirección de obras e o importe do IVE". 3º.- Poñer a disposición da Deputación Provincial aqueles terreos precisos para a ubicación neles da instalación deportiva que se pretende construir, de acordo coas condicións establecidas na cláusula 10.3 do convenio. 4º.- Comprometerse a urbaniza-los terreos simultaneamente á execución da obra de que se trata, a cargo do Concello exclusivamente. 5º.- Comprometerse a garantir que no uso da instalación deportiva se observarán as reglas establecidas para tal efecto no convenio na cláusula 10.5. 6º.- Comprometerse a que a xestión, mantemento e conservación das instalacións deportivas serán de responsablidade exclusiva do Concello, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren, consonte o indicado na cláusula 6 do convenio. 7º.- Autorizar expresamente á Deputación Provincial para a iniciación, cando proceda, do

expediente de extinción por compensación de débedas que nazan de obrigas de carácter económico dos concellos, concretamente, en relación co aboamento da aportación económica municipal correspondente. 8º.- Comprometerse a asumi-las indemnizacións por incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio ou por retraso no libramento da aportación correspondente por parte do Concello, nos termos sinalados na cláusula 10.7. 9º.- Comprometerse a obte-las preceptivas licencias munipais de obras e sufragar, no seu caso, e sen diminución da aportación económica que corresponda efectuar en virtude da adhesión, as taxas ou imposto municipal de construccións, instalacións e obras, que a expedición daquelas poidera devengar.

5.- PROPOSTA DE OBRAS A INCLUIR NO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE.

Dase conta de proposta de obras para a súa inclusión no Plan 2000 de protección do medio ambiente, anualidades 1999-2000. Conta co dictame favorable da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda: 1º.- Participar no Plan 2000 de protección do medio ambiente 1999-2000 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e se aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que a continuación se indican, que serán financiados integramente pola Deputación:

Denominación	*Presuposto*
1º.- Realización do museo da natureza no Pasatiempo	10.198.400,- ptas.
2º.- Limpeza, acon. e recuperación das ribeiras dos ríos Mendo e Mandeo	14.801.600,- ptas.
TOTAL	25.000.000,- ptas.

2º.- Aproba-los correspondentes proxectos técnicos das obras dos investimentos previstos no apartado 1º. 3º.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que no suposto de que se sliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o Concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra. 4º.- Facultar ó alcalde-presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL SOBRE O IVTM.

Dase conta de proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 6 de 1999, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, deste Concello. Conta co informe favorable da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda: PRIMEIRO.- Ampliar e asemade modifica-la ordenanza fiscal número 6.- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, engadindo o seguinte artigo: "Art. 6.- Bonificación vehículos históricos.= Establécese unha bonificación do 100 por 100 da cota do imposto para os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo o variante se deixou de fabricar. SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

A proposta da Sra. Faraldo, o Pleno quere facer consta-la súa felicitación ó Sr. Pita Varela polo seu recente nomeamento como conselleiro da presidencia da Xunta de Galicia.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE MARZO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Non asisten:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Jaime A. Pita Varela.
D. Francisco Gabriel González Suárez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de marzo de mil novecentos noventa e nove, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a acta correspondente á sesión realizada o 26 de febreiro de 1999.

2.- ESCRITO DE RENUNCIA DE D. JAIME ALBERTO PITA VARELA.

Dase conta de escrito de D. Jaime Pita Varela, de data 24-febreiro-1999, no que formula a súa renuncia como concelleiro e voceiro do grupo popular deste Concello por incompatibilidade co seu novo cargo de conselleiro da Xunta de Galicia.

O Pleno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda darse por enterado e acepta-la renuncia, agradecendo os traballos realizados como concelleiro.

3.- SOLICITUDE DE OBRAS Ó PLAN 2000-BAIXAS, ANUALIDADE 1999.

Dase conta de proposta de obras a incluir no Plan 2000-baixas, anualidade de 1999, dictaminada pola Comisión Informativa.

- Previamente, a Sra. Faraldo, voceira do PP, alude a que non se presenta ó Pleno a proposta realizada polo seu grupo, cando se traen a este Pleno outras posteriores. Indica o seu voto favorable por colaboración nos investimentos.

Tras agradece-lo voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Lagares (D. Antonio), o voto do grupo popular, aclarándose a abstención do representante nacionalista, Sr. Otero, que entende que a programación responde ó equipo de goberno, o Pleno acorda: 1º.- Participar no Plan 2000-baixas, anualidade de 1999 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que a continuación se indican que serán financiados integramente pola Deputación:

Denominación.	Presuposto
1.- Subministro de dispositivos para a suxeición dos colectores de lixo.....	1.205.936,- ptas.
2.- Subministro de placas informativas de precaución e sinalización para distintas travesías do Concello de Betanzos.....	1.332.386,- ptas.
3.- Mantemento e pavimentación en vías públicas da parroquia de Piadela.....	3.225.524,- ptas.
4.- Mantemento e pavimentación en vías das parroquias de Pontellas e San Pedro das Viñas.....	1.236.148,- ptas.
Total.....	6.999.994,- ptas.

3º.- Aproba-los correspondentes proxectos técnicos das obras (ou no seu caso memoria presupostaria) ou o prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos nos apartados 1 e 2. 4º.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras que tén resolto todo o relacionado coas autorizacións administrativas e concesións que sexan necesarias. 5º.- Solicitar da Deputación a delegación da contratación e execución das obras ou subministros, para o cal conta cos medios necesarios, debendo entenderse aceptada dita delegación en caso de que efectivamente se produza. 6º.- Facultar ó alcalde-presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

4.- SOLICITUDE DE OBRAS Ó PIEL.

Dase conta de proposta de obras a incluir no plano de pequenas infraestructuras e equipamentos locais, anualidade de 1999, da Xunta de Galicia, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, tras manifesta-los voceiros dos distintos grupos a súa intención de voto no mesmo sentido que no punto anterior, acorda: Aproba-lo proxecto que a continuación se indica que será financiado tal e como se relaciona, para a súa inclusión no plano de pequenas infraestructuras e equipamentos locais, incluído no Fondo de Cooperación coas Entidades Locais 1999, da Xunta de Galicia, manifestando que este Concello tén plena dispoñibilidade dos terreos para a súa realización e facultando ó alcalde-presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo:

Denominación	Presuposto total	Aport. Xunta.	Aport.Concello
Pavimentación con aglomerado asfáltico da avenida Carregal.....	9.902.810,- ptas.	8.776.334,-	1.126.476,-

5.- SOLICITUDES DE LOCAIS FORMULADAS POR DIVERSAS ASOCIACIÓNS.

Dase conta ó Pleno de solicitudes de locais formuladas por diversas asociacións(Rotary Club, Asociación Española Contra el Cáncer, Eira Vella), dictaminadas pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda ceder un local no edificio "Escolas García Irmáns" que será compartido polas asociacións solicitantes: Rotary Club, Asociación Española Contra el Cáncer, Eira Vella, todas elas de Betanzos, para o cal se redactará e asinará o oportuno convenio, facultando ó alcalde-presidente para levar a cabo tódalas xestións relacionadas co asunto.

6.- ESCRITO ENVIADO POLO DIRECTOR DO COLEXIO "FRANCISCO VALES VILLAMARÍN".

Dase conta de escrito enviado polo director do CEIP "Vales Villamarín", solicitando apoio da Corporación na súa demanda dunha entrevista co Excmo. Sr. concelleiro de Educación e Ordenación Universitaria. O asunto está dictaminado pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: presta-lo seu apoio á dirección do CEIP "Vales Villamarín" na súa demanda dunha entrevista co Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para tratar de dar solución ás graves carencias e deficiencias que en materia de edificio, dotación e infraestructuras presenta ese colexio, así como a remisión do presente acordo ó Excmo. Sr. conselleiro e ó Ilmo. Sr. delegado provincial de educación.

7.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUCTURAS.

Dase conta de proposta do concelleiro de acción rural e infraestructuras en relación coa mellora da estrada que conduce ó lugar do Barallobre desde a comarcal Betanzos-Golada. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a inclusión da estrada provincial de Roibeira ó Barallobre, nos planos de mellora de vías provinciais, incluíndo na obra a mellora do pavimento e construcción de beirarrúas nos lugares de Roibeira e o Piñeiro. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen el delegue para levar a cabo tódolos trámites para levar a bo fin esta moción.

8.- ADXUDICACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS NO MARTÍN BALLESTEROS.

Dase conta ó Pleno do expediente iniciado para a adxudicación das obras de construcción de vivendas no Martín Ballesteros, por concurso con procedemento aberto, no que consta a proposta da Mesa de Contratación e os informes técnicos. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- A voceira do PP, Sra. Faraldo, mostra a satisfacción por que se leve a cabo esta obra, facendo referencia ó compromiso de realoxamento, pedindo aclaracións ó respecto, que son respostadas polo Sr. alcalde, no sentido que se tomarán as medidas axeitadas ó efecto.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Adxudica-lo contrato para a construcción de vivendas, nave-almacén e obras de urbanización do Grupo Martín Ballesteros de Betanzos, no importe de 58.303.120,- ptas. á empresa Química Industrial Proquintas SA.

9.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE CONSULTA Ó SECTOR DE AUTO TAXIS.

Dase conta dos resultados obtidos na consulta sobre convenio de colaboración entre o Concello de Betanzos e a Agrupación Local de Auto Taxis, efectuada como consecuencia do acordo adoptado por este Pleno na sesión realizada o 1-02-1999, previa á ratificación do mencionado convenio, sendo os votos obtidos: 20 a favor, 15 en contra e 1 nulo. A Comisión de Programación informa favorablemente a ratificación do convenio.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa postura de abstención, xa que anteriormente manifestou a necesidade de chegar a un consenso. Entende que a diferencia da consulta efectuada entre os taxistas é pequena e considera que sería posible chegar a acordos máis vantaxosos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai referencia a mante-la postura xa manifestada no Pleno anterior, de acepta-la votación, que foi libre e segreda e cun resultado favorable.

- O voceiro do BNG, Sr. Otero, tamén fai referencia ó compromiso adoptado e á división existente no grupo profesional, o que faría difícil un consenso. Ainda considerendo o voto axustado é a única decisión posible e a única maneira de avanzar, xa que sempre vai haber prexudicados.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do PP, na súa abstención xa con anterioridade, por falta dunhas negociacións abertas.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros tres concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal), acorda: 1º.- Ratificar e en consecuencia aprobar con carácter definitivo o convenio acordado co grupo profesional de auto taxis. 2º.- Delegar na Alcaldía a realización de tódolos tramites relacionados coa adopción deste acordo.

10.- PREGO DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS PARA SERVICIO DE LACEIRÍA E OUTROS.

Preséntase ó Pleno, para a súa aprobación, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servicios de laceiría e outros no Concello de Betanzos. Está informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que non hai moitas sesións o seu grupo presentara unha moción, en referencia a subvencións outorgadas pola Xunta, sobre este servicio, que foi rexeitada por non aporta-la Xunta o cento por cento, custándolle agora ó Concello na súa totalidade, polo que se pode xulga-la política de pouco rendible; en base a iso vanse abster, aínda cando non teñan nada en contra do prego.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia a súa abstención non entrando a valora-lo prego, entendendo que o servicio de desratización é o máis importante.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia ó prego de condicións, entendendo que sempre se dan os pasos necesarios para conseguilas axudas, pero que agora se suscita fundamentalmente o tema da contratación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, admitindo a importancia das outras partes do servicio que se pretende contratar, insiste en que a laceiría esixe unha sensibilización sobre o trato ós animais, o que dá lugar a outras intervencións en referencia ó tema canino hoxe tan importante.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do partido socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (3 do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), acorda: 1º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación, mediante concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servicios de laceiría, desratización, desinfección e desinsectación no Concello de Betanzos. 2º.- Que se inicie e se continúe o expediente de contratación oportuno.

11.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA UEI-3.1 ZONA SUR.

Dase conta do expediente iniciado para a aprobación definitiva de estudio de detalle na UEI-3.1 zona sur. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a postura en contra da política urbanística levada a cabo polo equipo de goberno, consecuencia da cal se absterán neste punto e nos seguintes como mecanismo de protesta. Cré que habería que recapacitar ante feitos que lles dan a razón, como o que non aumente a poboación, o que ó seu xuízo tén moito que ver coa política urbanística.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala tamén as diferencias ideolóxicas que se presentan no urbanismo, xa que os levou a presentar alegacións contra as normas, o que o leva a unha postura de abstención, por coherencia. Entende que se pode cumpri-la legalidade e en referencia ó crecemento da poboación é máis por cuestións laborais, sendo además un problema xeral de Galicia, na que se produce un trasvase de cidadanía e non aumenta a poboación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, recoñece a falta de coincidencia no tema, resaltando que as normas existentes son positivas para o desenvolvemento de Betanzos, entendendo que se vai polo bo camiño e que o que agora se trata son documentos de xestión urbanístiica. Respecto ás cifras de poboación, considera que existe un erro, por canto segundo o datos, Betanzos creceu, anque no tema cré que a Xunta de Galicia é quen máis ten que ver.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en réplica, sinala que o voceiro do PSdeG-PSOE pide que non se fagan valoracións para, a continuación, da-lo seu discurso. Respecto á opinión do voceiro nacionalista o que ó seu grupo lle importa é que o pobo progrese ainda que sexa con trasvase de cidadáns. Admite que o censo aumentou, pero pouco, e que si iso depende do emprego, tamén depende do prezo da vivenda.

- Replica o Sr. Otero, voceiro do BNG, poñendo de manifesto a sensibilidade que demostra o grupo popular, xa que admiten o crecemento duns lugares a custa de que outros queden desertos, entendendo que o desenvolvemento debe ser vertebrador.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, insiste no que se está a debater, que son documentos de planeamento, pedindo máis respecto coas palabras e sensibilidade coas persoas, debéndose garda-los principios máis elementais, entendendo que algún grupo quere centrarse tando que ainda nos respecta as ideas.

- Remata o Sr. alcalde dando o último dato do padrón, desementindo o afirmado, considerando suficientemente debatido o asunto e someténdoo a votación.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (3 do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioria absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: Aprobar definitivamente o estudio de detalle da unidade de execuciónn integral (UEI-3.1) número 3-1, promovido por D. Luis Malde Manso e outros.

12.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA UEI-3.1 ZONA SUR.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación definitiva de proxecto de urbanización na UEI-3.1 zona sur. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- Os grupos políticos reiteran os argumentos expostos no punto anterior.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (3 do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioria absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da UEI-3.1, promovido por D. Luis Malde Manso e outros.

13.- APROBACIÓN REPARCELACIÓN VOLUNTARIA NA UEI-3.1 ZONA SUR.

Dase conta de expediente tramitado para aprobación de reparcelación voluntaria na UEI-3.1 zona sur, das normas subsidiariais de planeamento vixentes neste Concello, no que se tivo en conta o previsto no artigo 103 da Lei 1/1997 do 24 de marzo do Solo de Galicia. Constan os informes oportunos.

- Os grupos políticos reiteran as posturas manifestadas nos dous puntos anteriores.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (3 do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG), o que supón a maioria absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar definitivamente a proposta de reparcelación voluntaria da UEI-3.1, promovida polos seus propietarios, Dª Josefa Pereiro Lorenzo e outros, segundo escritura pública outorgada o 23-decembro-1998 co núm. 3586 ante o notario D. Gustavo Casto Hermoso Carazo. 2º.- Que se expida a oportuna certificación deste acordo ó obxecto da súa inscrición no Registro da Propiedade segundo prevén o citado artigo 103.3 da Lei do Solo de Galicia.

14.- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN DE PEZAS DE IMPRENTA PARA O MUSEO.

Dase conta de proposta do Sr. Villuendas para adquisición por este Concello de pezas da imprenta Villuendas con destino ó "Museo das Mariñas" de Betanzos. Consta no expediente informe do director do museo e o asunto está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Adquirir á imprenta Villuendas as pezas que se relacionan na segunda opción da proposta presentada por D. Manuel Villuendas Borondo, no importe de 4.000.000,- ptas., con destino ó "Museo das Mariñas" desta cidade. 2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

15.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL.

Dase conta de proposta da Alcaldía relativa á necesidade de construir novas vivendas de promoción pública. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta o seu apoio, estando de acordo coa iniciativa, se ben pode discrepar dos lugares que finalmente se elixan e que en principio se deixan á determinación dos servicios técnicos. Destaca a importancia numérica das familias solicitantes, que pón de novo de manifesto os problemas urbanísticos, xa que non sabe que sucederá coa cantidade de vivendas que se están facendo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa abstención, por entender que a moción está pouco elaborada, que se debería facer máis en serio, non facéndose referencia ás propostas que fixeron pola Xunta, que non se levaron adiante pola indefinición das propostas, por iso manterán a abstención ata que o tema estea mellor definido.

- O Sr. alcalde sinala que coincide co Sr. Otero na necesidade dunhas vivendas ante unhas demandas concretas, cuns lugares concretos, ante os que a Xunta non exercitou as súas competencias en vivendas sociais, polo que se produce esta resposta do Concello, que pode parecer escasa pero é posible. Iso supón unha experiencia nova para un Concello como o noso, experiencia que de ser positiva se ampliaría, sen prexuizo de seguir abertos á Xunta, como así se puxo de manifesto. Respecto dos lugares actuarase sobre os que tén o Concello, a través dos informes técnicos e segundo a planificación. Remata resaltando que é unha actuación dirixida ós cidadáns de Betanzos, sendo unha actuación do Concello en cobertura dun servicio que non lle corresponde asumir.

- Insiste o Sr. Otero, voceiro do BNG, na necesidade de apoia-la iniciativa, sen prexuízo de entendelo como anteproxecto, polo que no seu momento se adoptarán as posicións que correspondan.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros tres concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal), acorda: 1º.- Que os servicios técnicos concreten nun anteproxecto a construcción dunha fase de 50 vivendas que se deberán situar nas parcelas que o Concello dispón para o efecto e que son: detrás do parque "Pablo Iglesias" e no ámbito do "Pasatiempo". 2º.- Que os servicios xurídicos e económicos estudien as mellores posibilidades para a súa construcción e as concreten. 3º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios para levar a bo fin os acordos adoptados.

16.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CAMBIO DE COMPORTAMENTO RESPECTO DAS MULLERES.

Dase conta de moción do BNG sobre cambio de comportamento respecto das mulleres, informada pola Comisión de Programación, que é explicada polo voceiro do grupo nacionalista, Sr. Otero.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o voto afirmativo do seu grupo, tendo en conta que o seu grupo presenta outra moción das mesmas características, polo que se poden fusiona-las fúas, xa que o fondo da moción é o mesmo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que, salvo que se fusionen, o seu grupo veríase obrigado a votar afirmativamente só á do grupo nacionalista.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta que non existe inconveniente na fusión de ámbalas dúas propostas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, afirma non entende-la postura do grupo socialista, que ó seu xuízo fai unha diferencia sectaria.

- O Sr. alcalde entende que cando se fala de fusionar, débese referir ás coincidencias.

Tras solicita-la Sra. Faraldo outras aclaracións e rebate-lo Sr. Lagares (D. Antonio) sobre a necesidade de asistir ás comisións, xa que alí sería posible aclarar mellor estas cuestións, o Pleno, por unanimidade, acorda: Aproba-la moción presentada polo BNG, sen prexuízo de incluir nela os aspectos coincidentes da moción presentada polo grupo popular e que debería ser tratada no punto 19 deste Pleno.

17.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CREACIÓN DE CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, da conta de moción sobre creación dun conservatorio profesional de música, que conta co informe favorable da Comisión de Programación condicionado a que a Xunta financie totalmente o seu funcionamento, entendendo que no momento preciso se deberán suscita-las cuestións financeiras.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a postura afirmativa do seu grupo, facendo referencia a que as posturas do grupo socialista, ó remate non permiten levar a cabo estas iniciativas, en canto establecen condicionantes que chocan coas convocatorias.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, tamén anuncia o voto positivo, se ben sinala que a Xunta se debe facer cargo dos seus servicios, o cal é unha demanda que se mantén desde a FEGAMP. Agora débese face-lo debate no Consello Escolar e posteriormente ver de onde se financiará o servicio.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, insiste na importancia da moción e entende que se debe partir dunha postura común, insistindo a Sra. Faraldo, voceira do PP, nos condicionantes do grupo socialista.

- O Sr. alcalde entende que se parte dunha realidade clara, que el coñece ben, como membro que é da comisión que está tratando o pacto local. A condición indispensable da asunción de servicios está na financiación, entendéndoo pois como unha obriga inherente, e baixo a súa responsabilidade non se fará fronte a competencias exclusivas da Xunta se non se financian ó cento por cento, o que non parece que queira face-la Xunta neste caso, anque se debe demandar, dada a importancia, facendo cada un o que lle corresponda.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Leva-la presente moción ó Consello Escolar Municipal como base e proposta de debate sobre a creación dun conservatorio profesional no Concello de Betanzos. 2º.- Que os acordos que se tomen no Consello Escolar Municipal sobre a creación dun conservatorio profesional no Concello de Betanzos sexan traídos ó Pleno para a súa aprobación pola Corporación. 3º.- Que no caso de aprobarse polo Pleno da Corporación a proposta de creación dun conservatorio municipal no Concello de

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Betanzos, o acordo sexa trasladado a tódolos concellos da nosa zona educativa e comarca, solicitando os apoios plenarios dos mesmos. 4º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar adiante tódolos trámites que se desprenden dos presentes acordos.

18.- MOCIÓN DO BNG SOBRE REHABILITACIÓN INTEGRAL DA PRAZA DA "EIRA VELLA".

O Sr. Otero, voceiro do BNG, dá conta de moción presentada polo seu grupo sobre rehabilitación integral da praza da "Eira Vella". Conta co dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pón de manifesto o seu voto positivo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia á temporalidade da moción, en canto os presupostos contemplan xa unha actuación da que se realizou o derrubamento, na citada praza, sen prexuízo de que a proposta teña validez como documento de traballo, pero as obras contratadas e previstas teñen que se facer. A proposta terase en conta, aínda cos problemas de presuposto.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, agradece o voto, sinalando que a mesma moción cita o documento como inicial, polo que neste momomento habería que falar de compromiso a respectar pola próxima corporación. Respecto ós problemas de contrato, que lle lembra o alcalde, indica que este tema xa o expuxo antes e non se fixo nada no seu momento.

- O Sr. alcalde indica que se pode face-la proposta como punto de partida, facéndose as xestións coa posibilidade de facer variacións, anque non se pode deixar unha obra adxudicada.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- A elaboración por parte dos servicios técnicos do Concello, dun plan integral de rehabilitación da praza da Eira Vella que contemple unha nova urbanización do contorno e a recuperación, reforma e reedificación dos edificios de arquitectura popular e culta que configuran o propio espacio. 2º.- A realización dos trámites necesarios para consegui-la titularidade municipal do edificio en ruinas coñecido como dos "Lousada" ou antigas "Caballerizas de Enrique IV" para, unha vez rehabilitado e reedificado, convertelo en local social e de usos múltiples da barriada da Ponte Vella. 3º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar adiante tódolos trámites oportunos que se desprenden dos presentes acordos.

19.- MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DEREITOS DE HOMES E MULLERES.

Considérase xa tratado no punto 16.

20.- MOCIÓN DO PP SOBRE XORNADAS DE EDUCACIÓN VIAL.

Dase conta de moción do PP sobre xornadas de educación vial, solicitando a realización dunhas xornadas de educación vial en Betanzos, con participación da Policía Municipal e os centros docentes.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insite no seu contido, sendo o motivo a concienciación cos problemas do traáfico e malos hábitos existentes que convén erradicar, sobre todo nos nenos, coa colaboración da Policía Local.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lémbralle á voceira do PP que tales programas xa se veñen facendo, téndoo concretamente o "Vales Villamarín" programado desde hai tempo e en varios cursos, sendo se cadra oportuno trasladalo a outros centros; nese caso apoiarían a moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, indica que o servicio e a actividade se vén facendo nos centros que o solicitaron, desde o ano 1983, polo que non parece procedente votar a favor.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, destaca que dos centros de Betanzos, só nun se fixo o proposto, no ano pasado, non querendo insistir na súa necesidade, se ben indica que lle interesa que as cousas se fagan, non poñerse medallas.

- Remata o Sr. alcalde, indicando que estes cursos vanse seguir realizando coma sempre.

Sometido o asunto votación, o Pleno, co voto a favor de catro dos concelleiros presentes (3 do PP, Sres.: Faraldo, Casal, Gestal, e o Sr. Otero do BNG) e o voto en contra dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez), acorda rexeita-la moción.

21.- MOCIÓN DO PP SOBRE SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.

Dase conta de moción do grupo popular sobre servicio de teleasistencia domiciliaria, solicitando que se tomen as medidas necesarias para a instalación do servicio de teleasistencia en Betanzos.

- A voceira do Partido Popular, Sra. Faraldo, expresa a posibilidade de facer un convenio coa Xunta e a necesidade de face-las xestións para incluirse o máis pronto posible no programa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pregunta se xa funciona algún servicio semellante, concretamente coa Cruz Vermella.

- O Sr. alcalde cré que algún grupo vai descrubrir Betanzos, xa que desde o ano 1993 tense asinado un convenio coa Cruz Vermella para o citado servicio, o que xa é coñecido para a maioría.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, insiste en que se pode face-la demagoxia que se queira, cando outra cousa é a realidade e ante o intento de ridiculizala, a realidade é duns cidadáns insatisfeitos e nestes termos non quere debater, xa que o que se consigue é prexudicar ós cidadáns, xa que o que se propón é un servicio máis amplo.

- O Sr. alcalde afirma que o grupo de goberno non practica demagoxias nin sectarismos, indicando que o que non se pode é vir ó Pleno sen información, non podendo aceptarse algo que xa está desenvolvido.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos tres concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Casal, Gestal) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG), acorda rexeita-la moción.

- En explicación do voto, o Sr. Otero, voceiro do BNG, engade que cré que xa se está cumprindo o que se pide, polo que é innecesario.

- Igualmente a Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que se propón algo máis amplo.

- Tamén o Sr. alcalde quere que conste que xa se está a presta-lo servicio de teleasistencia domiciliaria.

22.- MOCIÓN DO PP SOBRE MELLORA DE ACCESOS E SOLO INDUSTRIAL.

Preséntase moción do Partido Popular sobre mellora de accesos e solo industrial, solicitando: 1º.- Que se melloren os accesos ó Polígono de Piadela. 2º.- Que se xenere máis solo industrial, na revisión das normas urbanísticas que se están levando a cabo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que o que se pretende é máis solo industrial, mellores accesos ó Polígono de Piadela e mellor sinalización.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, considera que se está a falar de temas que se descoñecen, xa que no último Pleno se acordou establecer un canle de suxestións urbanísticas, polo que non é o das mocións o camiño axeitado. Quere distinguir entre os accesos públicos e privados, considerando que o tema hai que enfocalo con rigor, non a través dunha moción.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que non existe unha norma que impida traer estas mocións. O que se pretende é crear sensibilidade de cara a máis solo industrial, sen prexuízo de que nun próximo Pleno traia a moción máis desmenuzada.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que se perde o tempo en cuestións colaterais, xa que se os accesos están mal, haberá que amañalos, centrando a cuestión en crear máis solo industrial, sobre o que ningún membro do Pleno podería estar en contra, sobre todo de obter solos públicos.

Seguen outras aclaracións sobre as obras que se están a realizar nos accesos obxecto de discusión.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos tres concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Casal, Gestal), o voto en contra dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención do Sr. Otero (do BNG), acorda rexeita-la moción.

23.- MOCIÓN DO PP SOBRE CAMBIOS NA VARIANTE N-VI.

Dase conta de moción presentada polo grupo popular sobre cambios na variante N-VI.

- A Sra. Faraldo explica que se trata dunha demanda de diversos veciños, ante a que se estudiaron os pasos que se debían dar, que son os que agora se propoñen.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, insiste na necesidade de asistir ás comisións, para así poder presentar posicións conxuntas. Manifesta que o seu grupo vai votar favorablemente como xa o fixera na sesión do vinte de marzo de 1997, na cal o grupo popular se abstivo, postura que fai que agora sexa estraña a proposta, desexando que o ministerio o admita, conxuntamente coa reducción da afección de cincuenta a vintecinco metros, o que se deberá incluir no próximo plano urbanístico.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta tamén o seu acordo, entendendo que se debe extender desde as Cascas ata a Angustia ou ben a todo o tramo afectado, estea o non no municipio.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, replica sobre que sexa a segunda vez que non asisten ás comisións, que neste caso lles coincidiu con reunións xa previstas cos veciños, non dispoñendo dos medios doutros grupos. Doutro lado, sabendo no seu día a solicitude do grupo de goberno, agora a diminución do tráfico pódese demostrar.

- De novo o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do partido socialista, insiste na non asistencia e en que non se deben utilizar datos que non son certos.

- Remata o Sr. alcalde, manifestando a coincidencia actual do grupo popular, o que considera unha evolución positiva sobre este tema.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Que o Concello se dirixa ó Ministerio de Fomento solicitando o cambio de denominación da variante de poboación as Cascas-Angustia como paso previo necesario para a retirada da vala de protección. 2.- Unha vez concedido o cambio de denominación, que lle sexa solicitada a retirada da vala.

24.- ROGOS E PREGUNTAS.

O secretario dá lectura ás respostas das preguntas formuladas no Pleno do pasado 1 de febreiro:

Ás formuladas pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

1.- Dado que aínda non se fixo a liquidación dos gastos da viaxe a Bos Aires, unha vez que estean ultimados teran os mesmos á súa disposición.

Ás formuladas polo Sr. Otero, voceiro do BNG:

1.- En Radio Betanzos existe total e absoluta liberdade e emítense as noticias de xeito obxectivo para dar unha comunicación a Betanzos e a comarca adaptada á realidade. Para o seu coñecemento, non existe censura sobre as noticias de ningún grupo político, e máis concretamente, sobre o seu, saen as noticias como moi ben pode contrastar.

2.- Entrégaselle unha copia do BOP.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

1.- En que situación se encontra a inspección de ruídos, que informes e que medidas se tomaron e se se pediron correccións.

2.- Por que se colocaron e cantas bocas de incendios por empregados municipais, cantas colocou Aquagest e onde.

3.- Dado que se afirma que se duplicaron os servicios dos axentes de policía: pídense as quendas e as duplicidades de servicios.

Ademáis, o grupo popular presenta os seguintes:

- ¿Cantos coches retirou o guindastre o ano pasado?

- ¿Que ocorre coa rúa D. José Fariña? ¿Quen a amañou? ¿Quen pagou a urbanización desa rúa? ¿A quen lle pertencía paga-la urbanización desa rúa?

- ¿Para que concerto benéfico adquiriu o Concello, con cargo ó presuposto, 100 entradas por valor de 150.000,- ptas.? ¿A quen se lle repartiron esas entradas?

- ¿Que ocorreu na situación creada para leva-la luz ós Caneiros? ¿Puxéronse postes e logo houbo que retiralos?

- O Partido Popular pide ó Pleno Municipal que se arbitren as medidas necesarias para a construcción de beirarrúas na Condomiña. 1º tramo baixando da Angustia.

- ¿Existe algún tipo de control por parte do Concello das queimas no Martín Ballesteros?

- ¿Que problema tén o Concello co aboamento de facturas ó grupo de arquitectos TAO?

- Rogan a colocación da iluminación pública de Viladesuso ó lindeiro co concello de Bergondo, debido á perigosidade da zona.

- Rogan a colocación da vala de protección nas beirarrúas que se fixeron desde a encrucillada da estación á embotelladora de viños de Infesta.

- Rogan que o Concello se dirixa á empresa que está a realiza-las obras por detrás do Pasatiempo para que repare as beirarrúas, as fochas producidas no pavimento e a reparación das tuberías de desaugue e proceda ó saneamento de dita rúa.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE ABRIL DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D.Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
Dª Ofelia López Campos.
D. Andrés Beade Dopico.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño

Non asiste, con desculpa:

D. Andrés Otero Martínez.

Non asisten:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteoito de abril de mil novecentos noventa e nove. Baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o

Pleno da Corporación Muncipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión plenaria realizada o 30 de marzo de 1999.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, pregunta sobre a non inclusión na orde do día dunha moción presentada polo seu grupo, ó que indica o Sr. alcalde que se contestará na próxima sesión que haxa rogos e preguntas.

2.- PROPOSTAS QUE PROCEDAN SOBRE OBRAS A INCLUIR NO PLAN 2000, ANUALIDADE 2000, E OUTROS.

Dase conta ó Pleno de propostas de obras a incluir no plano anual municipal exercicio 2000, integrado no Plan 2000 de infraestructuras 1997-2001; no adicional nº 2 ó Plan 2000 de infraestructuras, anualidade de 1998; e no plan aforro licitacións 1999 (PAL-99). Están informadas pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade acorda ó respecto do plano anual municipal exercicio 2000 integrado no plan 2000 de infraestructuras 1997-2001:

1º.- Aproba-lo Plano Anual Municipal exercicio 2000 integrado no Plan 2000 de infraestructuras 1997-2001 aprobado por este Concello no se inclúen as obras anuais e plurianuais que a continuación de indican e co detalle de financiamento nas fichas que se xuntan:

Nº	Denominación.	Presuposto	Ano 00
1.-	Saneamento zonas urbanas Piadela-1ª fase	4.950.000,- pts.	4.950.000,- pts.
2.-	Saneamento zona rural- 1ª fase saneamento Caraña do Medio.....	4.990.000,- pts.	4.990.000,- pts.
3.-	Travesías urbanas Guiliade-3ª fase.....	4.975.000,- pts.	4.975.000,- pts.
4.-	Construcción de beirarrúas para a seguridade vial: Touriñao de Abaixo e Montellos	4.925.000,- pts.	4.925.000,- pts.
5.-	Acondicionamento e pavimentación de camiños en Tiobre, Brabio e outros.....	3.000.000,- pts.	3.000.000,- pts.
6.-	Instalación e equipamento deportivo e social: subministro de material eléctrico para instalacións deportivas e de interese social.....	4.000.000,- pts.	4.000.000,- pts.
7.-	Instalación social e cultural: subministro de mobiliario urbano.....	3.000.000,- pts.	3.000.000,- pts.
8.-	Acondicionamento e pavimentación de vías urbanas.....	4.960.000,- pts.	4.960.000,- pts.
9.-	Acondicionamento e pavimentación de camiños en Piadela e Requián.....	4.250.000,- pts.	4.250.000,- pts.
10.-	Acondicionamento e pavimentación de camiños en Castro, Angustia e outros.....	3.026.552,- pts.	3.026.552,- pts.

2º.- Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior cando a execución se inicia no ano 2000.

3º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Autorízase expresamente á Deputación para que inicie, cando proceda, expediente de extinción por compensación das débedas por sanción que puidese nacer das obrigas do Concello de acordo co establecido nas bases, en relación coa execución das obras.

5º.- Solicita-la realización da contratación e execución das obras que a continuación se relacionan, de acordo cos límites establecidos nas bases reguladoras do Plan 2000 de infraestructuras.

Nº	Denominación.	Presuposto.
1.-	Instalación e equipamento deportivo e social: subministro de material eléctrico para instalacións deportivas e de interese social.....	4.000.000,- ptas.
2.-	Instalación social e cultural: subministro de mobiliario urbano.....	3.000.000,- ptas.
3.-	Acondicionamento e pavimentación de vías urbanas.....	4.960.000,- ptas.
4.-	Acondicionamento e pavimentación de camiños en Piadela e Requián.....	4.250.000,- ptas.
5.-	Acondicionamento e pavimentación de camiños en Castro, Angustia e outros.....	3.026.552,- ptas.

6º.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde para todo o necesario e relacionado na tramitación e xestión do presente acordo e o correspondiente expediente.

7º.- Aproba-la realización dos gastos plurianuais previstos nas fichas para as obras incluídas con carácter plurianual, de acordo co disposto no artigo 155 da Lei 39/88 reguladora das facendas locais.

O Pleno, por unanimidade acorda ó respecto do adicional nº 2 ó Plan 2000 de infraestructuras, anualidade de 1999:

1º.- Participar no Adicional nº 2 ó Plan 2000 de infraestructuras, anualidade de 1998 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que a continuación se indican que serán financiados integramente pola Deputación:

Denominación.	Presuposto.
1.- Subministro de dispositivos para a suxeición dos colectores de lixo.....	123.540,- ptas.
Total.....	123.540,- ptas.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos en el apartado.

3º.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que tén resolto todo o relacionado coas autorizacións administrativas e concesións que sexan necesarias.

4º.- Solicitar da Deputación a delegación da contratación e execución das obras ou subministros, para o cal conta cos medios necesarios, debendo entenderse aceptada dita delegación no caso de que efectivamente se produza.

5º.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

O Pleno, por unanimidade acorda ó respecto do plan aforro licitacións 1999 (PAL-99):

1º.- Participar no plan aforro licitacións 1999 (PAL-99) da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que a continuación se indican que serán financiados integramente pola Deputación:

Denominación.	Presuposto.
1.- Subministro dun sistema de alimentación ininterrumpida (SAD).....	1.566.000,- ptas.
2.- Subministro dunha fotocopiadora.....	786.828,- ptas.
3.- Subministro de 2 ordenadores e unha impresora...	669.758,- ptas.
4.- Subministro de postes de formigón para instalacións eléctricas.....	510.400,- ptas.
5.- Subministro de material eléctrico.....	871.554,- ptas.
6.- Subministro de colectores e papeleiras para a recollida de lixo.....	1.595.000,- ptas.
Total.....	5.999.540,- ptas.

2º.- Aproba-los correspondentes proxectos técnicos das memorias presupostadas ou o prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos no apartado 1.

3º.- Solicitar da Deputación a delegación da contratación e execución das obras ou subministros, para o cal conta cos medios necesarios, debendo entenderse aceptada dita delegación no caso de que efectivamente se produza.

4º.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE SOLICITUDE DUNHA DELEGACIÓN VIRTUAL DA CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN EN BETANZOS.

Dase conta de moción do PP sobre solicitude dunha delegación virtual da Cámara de Comercio, Industria e Navegación en Betanzos. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, explica a importancia da proposta, que leva aparellada a necesidade dun local.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, anuncia o voto favorable do seu grupo, tendo en conta que xa fora solicitado pola asociación de comerciantes, engadindo tamén á moción o facultar ó alcalde para as xestións oportunas.

O Pleno, por unanimidade, acorda solicitar á Cámara de Comercio, a apertura dunha delegación virtual en Betanzos, poñendo un local á súa disposición, facultando ó alcalde para as xestión oportunas.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE LOCAL NA GRAÑA.

Dase conta ó Pleno de moción do PP sobre local social na Graña. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, da conta do contido da moción e das conversas xa mantidas con Renfe ó respecto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica o voto favorable do seu grupo, se ben sinalando algúns aspectos que hai que ter en conta, como son a necesidade dun informe técnico non só de valoración, senon tamén de seguridade, a situación do inmoble desde o punto de vista físico, se está ou non en ruína. Solicita que se engada como antes a facultade ó alcalde para as xestións oportunas, entendendo que supoón un aumento do patrimonio municipal.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se habilite ó Sr. alcalde-presidente para realiza-los trámites de solicitude da cesión de uso da casa de Renfe no núcleo da graña, actualmente deshabitada, para dedicala a local social.

5.- ACORDO SOBRE AXUDAS SOCIAIS PARA O PERSOAL, EJERCICIO 1998/99.

Dase conta ó Pleno de acordo sobre axudas sociais para o persoal, exercicio 1998/99. Está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó acordo sobre axudas sociais para o persoal, exercicio 1998/99.

6.- PREGO DE CONDICIÓNS E EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONCURSO PÚBLICO PARA PARCELA DO PLANO PARCIAL DO PASATIEMPO.

Dase conta ó Pleno do prego de condicións de concurso público para parcela do plano parcial do Pasatiempo. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia a abstención do seu grupo, dado que, por un lado non se considera adecuado o prego e por outro para que non se lles acuse de obstrui-lo desenvolvemento de Betanzos. Non está de acordo coa xestión urbanística do Concello, entendendo que eles a mellorarían, ampliando e conseguindo unha boa oferta turística, que fixera que xurdiran empresarios. Respecto ó prego de condicións, entende que hai un libre albedrio no uso, falta o canon fixo mínimo, sendo moitos metros cadrados de parcela, que con esta situación se hipotecan, non está de acordo en que se poidan facer acordos con terceiros, nin coa duración de setenta e cinco anos, xa que nese tempo unha edificación perde rendibilidade, co que non se sabe que beneficios sacará o Concello. E o que entende como peor, onde se descobre a mala xestión urbanística, está en impedir unha futura ampliación do Pasatiempo, con afán especulador.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que lle agrada ver que se fala do importante e que os resultados están á vista de todos. Destácanse tres focos de turismo, o casco histórico, o museo e o Pasatiempo, habendo lugares nos que hai que pedir cita para as visitas, o que é demostrativo de estar na liña correcta. Respecto do prego, enténdese que non se leu ben. Proponse prima-lo uso hoteleiro. En canto ó canon, aparece no expediente, a través do informe do arquitecto. Nega que se estean facendo especulacións, senon cumprindo co plano do Pasatiempo, cun prego ben elaborado, esperando que cando veñan ó Pleno as ofertas, o grupo popular vote afirmativamente e non cambie o uso de aparcamentos a zona verde, senon que se manteña unha postura, como fai o grupo de goberno.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, quere facer constar que eles non xestionan o solo municipal, anque esperan facelo proximamente e non se propón o uso desta parcela como unha ampliación senon só unha posibilidade. Así mesmo, insiste en que non vén marcado o canon mínimo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que non hai nada que engadir, dando lectura ó informe do arquitecto no que consta o prezo que fará constar como cánon mínimo.

Entendendo debatido o asunto, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, Beade, García, Vázquez) e a abstención dos catro concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Carro Erias, Casal, Gestal, González), acorda: 1º.- Aproba-lo prego de condicións particulares administrativas e técnicas que rexerá o concurso público para selecciona-la mellor oferta para promoción, construcción e explotación do equipamento previsto para a parcela municipal no plano parcial do Pasatiempo outorgando ó adxudicatario os dereitos de superficie sobre a mesma. 2º.- Que se continúen os trámites, iniciándose o oportuno expediente de contratación.

7.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SUXESTIÓNS Ó PLANO XERAL DE URBANISMO.

Dase conta ó Pleno de proposta de ampliación do prazo de presentación de suxestións ó plano xeral de urbanismo. Está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda amplia-lo prazo para recepción de suxestións ó plano xeral de urbanismo ata o próximo día 31 de maio do ano en curso.

8.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PLANO XERAL DE DROGODEPENDENCIAS DO ANO 1999.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, da conta do plano de drogodependencias, do que xa informara na Comisión de Programación, a expensas de completa-la información. Supón mante-las actuacións de liñas anteriores.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo plano de prevención de drogodependencias.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDÍA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARÍA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA DOCE DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

Dª Ofelia López Campos.

D. José Ramón García Vázquez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:
D. Antonio Vara Fiaño.

No asiste, con desculpa:
D. Andrés Beade Dopico.

Non asisten:
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día doce de maio de mil novecentos noventa e nove, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a acta correspondente á sesión realizada o 28 de abril de 1999.

2.- PROPOSTA DE CONVENIO CO INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA PARA CENSO AGRARIO.

Dase conta de convenio remitido pola Delegación Provincial da Coruña do "Instituto Nacional de Estadística" en relación coa elaboración dun censo agrario. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Subscribi-lo convenio do "Instituto Nacional de Estadística", en relación coa elaboración dun censo agrario, con concellos de municipios de máis de 300 titulares de explotacións, con aportación de medios materiais e preselección de medios humanos por parte dos mesmos, con compromisos financeiros de contía determinada por parte do "Instituto Nacional de Estadística". 2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para tódolos trámites derivados deste acordo.

3.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO.

Dase conta de convenio urbanístico sobre diversos extremos relacionados co Polígono de Piadela. Está dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, pregunta polos compromisos de cesións a asumir polos propietarios e a venda directa á promotora dos terreos.

- O Sr. alcalde sinala que se deduce dos documentos que figuran no expediente.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia a abstención do seu grupo, xa que non ven claro o tema.

- Novamente o Sr. alcalde, indica que as cesións son as que teñen que facer legalmente, 15%, hoxe sería o 10% e o resto de compensacións legais. Tendo en conta que se trata de obter un beneficio mutuo, no que flexibilizando as posturas se consigan novas industrias.

O Pleno, co voto a favor de nove concelleiros presentes (8 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, López, García, Vázquez, e o Sr. Otero do BNG) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (do PP, Sres.: Carro Erias, Casal, Gestal, González), o que supón a maioría legal absoluta do número legal de membros, acorda: 1º.- Subscribi-lo convenio urbanístico con Terrenos Piadela SL e UMAFINSA sobre diversos extremos relacionados co Polígono de Piadela relativos ás cesións e tramitación de documentos de xestión.. 2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

4.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A DA-LO NOME DE "PRAZA DO NOTARIO JULIÁN MARCOS" NO PASEO DA GALERA.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relativa a da-lo nome de "Praza do Notario Julián Marcos" no Paseo da Galera. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Da-lo nome de "Praza do Notario Julián Marcos" á parte central do Paseo da Galera, onde se atopa a fonte. 2º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódalas xestións necesarias para materializar este acordo.

5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á CONCESIÓN DA MEDALLA DE PRATA DA CIDADE Á FAMILIA DE D. JUAN GARCÍA NAVEIRA.

Dase conta de moción da Alcaldía relativa á concesión da medalla de prata da cidade á familia de D. Juan García Naveira, con motivo do cumprimento (o próximo 16 de maio) dos 150 anos do seu nacemento, tendo en conta que foi unha das persoas que máis aportou á construcción e mellora de Betanzos. Fai referencia ó nacemento de D. Juan no barrio da Ribeira, no seo dunha familia humilde e á súa emigración á República Arxentina onde conseguiu prosperar económicamente, acadando moi pronto unha elevada fortuna, tendo a sensibilidade de compartila dun xeito altruista cos seus conveciños e así, coa aportación do seu irmán Jesús, adicouse á realización dun conxunto de obras das que o pobo carecía: escolas, asilos, residencias para nenos con minusvalías, lavadeiros e o monumento do "Pasatiempo", no que chegou a ter empregados a máis de 200 traballadores, continuando a súa familia o seu destacado comportamento. Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

- O Sr. alcalde informa sobre os actos que, con tal motivo, está previsto realizar, invitando ós representantes dos diversos grupos a participar neles.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Concede-la medalla de prata da cidade á familia de D. Juan García Naveira. 2º.- Impoñe-la mesma nun acto protocolario que terá lugar o próximo día 16 de maio á persoa designada polos familiares para a súa representación e que é D. Jaime Lafora González. 3º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para organiza-los distintos actos que, con motivo do 150 aniversario do nacemento de D. Juan García Naveira, se realizarán na nosa cidade os días 14, 15 e 16 de maio do ano en curso.

6.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE OBRAS POLIDEPORTIVO.

Dase conta de moción da Alcaldía-Presidencia sobre construcción dun polideportivo no colexio "Francisco Vales Villamarín", para o que no Pleno do 30 de xullo pasado se prestou aprobación a un convenio coa Diputación Provincial e a Xunta de Galicia e na que se tivo en conta a petición da Secretaría Xeral para o Deporte, que indicaba que nesta fase de construcción do polideportivo o investimento total era de 38.214.612,- pesetas, das cales o Concello debería aportar cinco. Con posterioridade a Secretaría Xeral para o Deporte delega a construcción na Deputación Provincial, polo que, tendo en conta os criterios da Deputación para os concellos da provincia, o Concello de Betanzos tería que aporta-lo 25%, o que supón a cantidade de 9.553.653,- pesetas, e para poder adxudica-la Deputación Provincial a contratación da obra, necesitaría o Concello completa-la aportación municipal ata o 25% aludido, que se lle ingresaría á propia Deputación, o que supón un incremento sobre a aportación inicial aceptada de 4.553.653,- pesetas. Esta moción está informada favorablemente, coa reserva de voto ó Pleno do grupo popular, pola Comisión de Programación e Planificación.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: 1º.- Compromete-la aportación de 9.553.653,- pesetas do Concello de Betanzos para a realización da construcción polideportiva cuberta do colexio "Vales Villamarín", dentro do plano de "primeira programación plurianual das obras a contratar pola Deputación incluídas no convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 1997-2001, para a reforma e construcción de instalacións deportivas", cun importe global nesta fase de 38.214.612,- pesetas. 2º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para que realice as xestións necesarias para o bo fin deste acordo.

7.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN SOLICITUDE Á SECRETARÍA DE DEPORTES.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía-Presidencia relativa a solicitude á Secretaría Xeral para o Deporte en relación co convenio que enviou en data 2-7-98 a este Concello para a construcción dunha pista polideportiva no colexio "Vales Villamarín" por importe de 38.214.612,- pesetas, dos cales o Concello tería que aportar cinco millóns dentro da anualidade do ano 98; con posterioridade a citada Secretaría Xeral para o Deporte comunica que a adxudicación desa obra corresponde á Deputación Provincial e que se manterían as mesmas condicións; sen embargo recentemente o presidente da Deputación comunica que para poder adxudicar esta obra é preciso que o Concello aporte o 25% e que amañe coa Secretaría Xeral os compromisos existentes. Esta moción está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar que a Secretaría xeral para o Deporte nos ingrese a diferencia entre os 5 millóns que debería aporta-lo Concello para a construcción do polideportivo do colexio "Vales Villamarín" e os 9.553.653,- que nos pide a Deputación para poder facer esta adxudicación. Desta forma manterase o convenio -que se acompaña- aprobado no seu día polo Pleno, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o que supón que se nos ingrese por parte do organismo autónomo a cantidade de 4.553.653,- pesetas. 2º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin este acordo.

8.- MOCIÓN DO PP SOBRE TARIFA NO APARCAMENTO DA PRAZA GARCÍA IRMÁNS.

Dase conta ó Pleno de moción presentada polo grupo popular en relación coa implantación da tarifa de 30 minutos no aparcamento da praza García Irmáns. Está informada pola Comisión de Programación, coa reserva de voto ó Pleno do grupo socialista.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, explica a reserva de voto, debido a que a Alcaldía estaba a realizar xestións das que avanza que pode haber acordo, sen prexuizo da asistencia xurídico-administrativa, polo que o seu grupo votará afirmativamente. Indica tamén que terá que vir ó Pleno a modificación do prego e que tal vez sexa preciso ofrecer algunha contrapartida á empresa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, agradece o apoio.

O Pleno, por unanimidade, acorda, establece-las negociacións necesarias coa empresa que explota o aparcamento subterráneo para a implantación da tarifa de 30 minutos.

A proposta do BNG, preséntase unha moción conxunta dos tres grupos políticos con representación no Concello (BNG, PP e PSdeG-PSOE), a urxencia da cal é aprobada por unanimidade dos asistentes, o que representa a maioria absoluta do número legal de membros, polo que se somete á consideración do Pleno.

9.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS SOBRE COMUNICACIÓN DO FUTURO COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL CO PATIO CUBERTO DO CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA "FRANCISCO VALES VILLAMARÍN".

Dase conta de moción dos grupos políticos sobre comunicación do futuro colexio de educación infantil co patio cuberto do centro de educación primaria "Francisco Vales Villamarín", declarada de urxencia polo Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar da Consellería de educación de Ordenación Universitaria que se leve a efecto a pasarela ou elemento necesario para comunica-lo novo centro de Educación Infantil co patio cuberto de Educación Primaria. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para realiza-los trámites oportunos derivados destes acordos.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas formuladas na anterior sesión ordinaria (30-marzo-1999).

Ás efectuadas polo PP:

1.- En que situación se encontra a inspección de ruídos, que informes e que medidas se tomaron e se se pediron correccións.

RESPOSTA.- Por parte do Concello puxéronse en coñecemento dos hosteleiros afectados as medidas de seguridade e de control de ruidos que tiñan que adoptar. Nestes momentos estanse a facer diversas obras de adaptación e actualización e os técnicos municipais teñen as ordes oportunas para facer tódalas comprobacións necesarias para a aplicación das ordenanzas.

2.- Por que se colocaron e cantas bocas de incendios por empregados municipais, cantas colocou Aquagest e onde.

RESPOSTA.- Estase a aplica-lo convenio aprobado no seu día polo Pleno corporativo no que Aquagest tiña unha obriga de instalación de bocas de rego que ten que cumprir na súa totalidade.

3.- Dado que se afirma que se duplicaron os servicios dos axentes de policía: pídense as quendas e as duplicidades de servicios.

RESPOSTA.- Non entendemos o sentido da pregunta con respecto ós servicios de policía. O que si é evidente é que tódolos policías locais están a cumprir servicios que hai anos non tiñan.

4.- ¿Cantos coches retirou o guindastre o ano pasado?

RESPOSTA.- No resumo correspondente ó ano 98 que poñeremos a súa disposición comprobará tódolos datos que desexe.

5.- ¿Que ocorre coa rúa D. José Fariña? ¿Quen a amañou? ¿Quen pagou a urbanización desa rúa? ¿A quen lle pertencía paga-la urbanización desa rúa?

RESPOSTA.- A rúa José Fariña fíxose a petición veciñal, tendo en conta os informes xurídicos, por esixencia do propio Concello ante a pasividade das empresas que terían que abordala. Coresponderá ós tribunais dicir quen debe pagala e o Concello executará as ordes neste senso.

6.- ¿Para que concerto benéfico adquiriu o Concello, con cargo ó presuposto, 100 entradas por valor de 150.000,- ptas.? ¿A quen se lle repartiron esas entradas?

RESPOSTA.- Para o concerto a beneficio dos prexudicados polo furacán Mich de Centroamérica. Informouse a través dos medios de comunicación para as persoas interesadas en asistir.

7.- ¿Que ocorreu na situación creada para leva-la luz ós Caneiros? ¿Puxéronse postes e logo houbo que retiralos?

RESPOSTA.- A dotación do servicio de luz ós Caneiros é unha obra que se está a facer en colaboración entre o Concello e Fenosa. Descoñecemos que se suprimiran postes.

8.- ¿Existe algún tipo de control por parte do Concello das queimas no Martín Ballesteros?

RESPOSTA.- Non temos coñecemento de que, nestes momentos, exista ningunha denuncia por queima no Martín Ballesteros.

9.- ¿Que problema tén o Concello co aboamento de facturas ó grupo de arquitectos TAO?

RESPOSTA.- Ningún. Que se saiba non existe ningunha débeda co grupo de arquitectos TAO.

Non se formulan rogos nin preguntas.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteúnha horas e dez minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA DEZAOITO DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D.Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:
D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
Dª Ofelia López Campos.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Andrés Otero Martínez.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Antonio Vara Fiaño
Non asisten:
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
Non asisten, con desculpa:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día dezaoito de maio de mil novecentos noventa e nove. Baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Muncipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS.

Dada conta do resultado do sorteo realizado para elixi-los membros das mesas electorais con motivo das eleccións locais e ó Parlamento Europeo 1999, o Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo sorteo realizado, quedando formadas as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

1	UNICA	U	ALVARO VARELA BROZOS	PRESIDENTE
1	UNICA	U	BENIGNO VIA TEIJO	1ºVOCAL
1	UNICA	U	CONSUELO VIDAL PEDREIRA	2ºVOCAL
1	UNICA	U	BEATRIZ VICTOR. VAZQUEZ MARTINEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
1	UNICA	U	ENRIQUETA VIA LEIRA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
1	UNICA	U	LUIS VIDAL VEIRA	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
1	UNICA	U	JOSE M. VILARIÑO BUJIA	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
1	UNICA	U	FRANCISCO ALLEGUE CASTRO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
1	UNICA	U	MONICA AMOR FERNANDEZ	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
2	UNICA	U	INMACULADA VALEIRO IGLESIAS	PRESIDENTE
2	UNICA	U	RAFAEL VALES VALES	1ºVOCAL
2	UNICA	U	ENRIQUE ALVAREZ CRESPO	2ºVOCAL

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS
AYUNTAMIENTO

2	UNICA	U	ROBERTO VEIGA RIVEIROS	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
2	UNICA	U	RAFAELA VILLALVA FERREIRA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
2	UNICA	U	JOSE MANUEL VILLAVERDE CRESPO	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
2	UNICA	U	CARLOS ABARRATEGUI VILLAVERDE	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
2	UNICA	U	M.SANDRA BAAMONDE REIJA	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
2	UNICA	U	M.PILAR BABIO RODRIGUEZ	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
3	UNICA	U	DANIEL RUANOVA MACK	PRESIDENTE
3	UNICA	U	M.MAR SAS VICOS	1ºVOCAL
3	UNICA	U	ROSA MARIA SEOANE GARCIA	2ºVOCAL
3	UNICA	U	FERNANDO SUAREZ BARREIRO	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
3	UNICA	U	MARIA BEGOÑA SUAREZ CAMBA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
3	UNICA	U	ALEJANDRO TEIJEIRO PEDREIRA	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
3	UNICA	U	JOSE TORRES BELLON	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
3	UNICA	U	MARIA OLGA UCHA MANSO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
3	UNICA	U	MARIA SOLEDAD VARELA OTERO	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
4	UNICA	U	PILAR CALO VIDAL	PRESIDENTE
4	UNICA	U	NORMA CAMPOS MANIVESA	1ºVOCAL
4	UNICA	U	MARIA PILAR CANDAMIO FOLGAR	2ºVOCAL
4	UNICA	U	JOSE LUIS CANDELA TOHA	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
4	UNICA	U	MARIA MANUELA CARRO GARCIA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
4	UNICA	U	BERTA MARIA CARRO NOGUEIRA	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
4	UNICA	U	ANA MARIA CASTRILLON MANSO	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
4	UNICA	U	ANTONIO COTOS RIVA	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
4	UNICA	U	OLGA COUCEIRO LAGO	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
5	A	A	NICOLE CARRO SEIJO	PRESIDENTE
5	A	A	CONCEPCION CARRO YAÑEZ	1ºVOCAL
5	A	A	MARIA LUZ CASAL ANDRADE	2ºVOCAL
5	A	A	JOSE ANGEL CASAL REY	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
5	A	A	MARIA NIEVES CASAL SANCHEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
5	A	A	M.MERCEDES CASANOVA DIAZ	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
5	A	A	BEGOÑA CERRILLO ORTIZ	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
5	A	A	JOSE LUIS CIBREIRO BLANCO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
5	A	A	JOSE CID CARRERA	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
5	B	B	MARIA CARMEN NUÑEZ FARALDO	PRESIDENTE
5	B	B	M.ISABEL OGANDO MARZOA	1ºVOCAL
5	B	B	ISIDRO OTERO ARES	2ºVOCAL
5	B	B	ALFREDO OTERO GARCIA	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
5	B	B	MARIA MERCEDES OTERO GONZALEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
5	B	B	ANTONIA OTERO REY	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
5	B	B	MARIA PILAR OTERO VAZQUEZ	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
5	B	B	FRANCISCO JAVIE OTERO VILAR	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
5	B	B	CARLOS PABLOS DE ARRIBAS	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
6	UNICA	U	DARIO MANUEL PEREZ BARREIRO	PRESIDENTE
6	UNICA	U	JOSE PEREZ BERBEL	1ºVOCAL
6	UNICA	U	ANTONIO PEREZ CASTRO	2ºVOCAL

6	UNICA	U	MARIA CRUZ PEREZ CRESPO	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
6	UNICA	U	JAVIER PEREZ GARCIA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
6	UNICA	U	CARMEN PEREZ GOMEZ	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
6	UNICA	U	FRANCISCO PEREZ MEDIN	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
6	UNICA	U	HIPOLITO JOSE PEREZ NOVO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
6	UNICA	U	MARIA DOLORES PEREZ PORTA	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
7	UNICA	U	MARIA ANGELES CAGIAO FIDALGO	PRESIDENTE
7	UNICA	U	JAVIER CAGIAO SOUTO	1ºVOCAL
7	UNICA	U	JUAN CARLOS CAMPOS PEREZ	2ºVOCAL
7	UNICA	U	MARIA MONSERRAT CARRO ALVAREZ	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
7	UNICA	U	ANGELA MARIA CERVERA RIVAS	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
7	UNICA	U	ANA MARIA CARRO NUÑEZ	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
7	UNICA	U	TERESA CARRO RAMALLO	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
7	UNICA	U	ESTHER CASADO DE LA FUENTE	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
7	UNICA	U	MARIA CASTRO CASTIÑEIRAS	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
8	A	A	VICTOR M. DELGADO MACEIRAS	PRESIDENTE
8	A	A	EUGENIO DIAZ DANS	1ºVOCAL
8	A	A	JOSE FARIÑAS GARCIA	2ºVOCAL
8	A	A	DAVID FARIÑAS RESTREBADA	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
8	A	A	ANA FRANCISCO RODRIGUEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
8	A	A	JOSE RAMON LATA BARBEITO	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
8	A	A	MANUEL LENDOIRO SANCHEZ	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
8	A	A	ADOLFO LOPEZ LENDOIRO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
8	A	A	INES MARTINEZ BLANCO	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
8	B	B	CONSUELO PAZ BEADE DOPICO	PRESIDENTE
8	B	B	BASILIO BLANCO RODRIGUEZ	1ºVOCAL
8	B	B	MARIA JOSE BOADO BLANCO	2ºVOCAL
8	B	B	ANA MARIA BOTANA RIVAS	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
8	B	B	MARIA CALVIÑO RUANOVA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
8	B	B	JOSE LUIS CALVO SANCHEZ	SUPLENTE 1ºVOCAL
8	B	B	M.DOLORES CAMPAÑO FARALDO	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
8	B	B	ANTONIA MARIA CAMPOS FERNANDEZ	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
8	B	B	MARIA LUZ CARRO IGLESIAS	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
8	C	C	JUAN MANUEL RILO FUENTES	PRESIDENTE
8	C	C	MARIA JOSE DEL RIO NOGUEROL	1ºVOCAL
8	C	C	RAMON RIVAS LOPEZ	2ºVOCAL
8	C	C	JOSEFINA RODRIGUEZ GOMEZ	SUPLENTE 1º PRESIDENTE
8	C	C	JOSE A. RODRIGUEZ PEDREIRA	SUPLENTE 2º PRESIDENTE
8	C	C	MARIA LUZ RODRIGUEZ VAZQUEZ	1ºSUPLENTE 1ºVOCAL
8	C	C	ANA MARIA ROEL FUENTES	2ºSUPLENTE 1ºVOCAL
8	C	C	MARIA ROSENDE QUELJO	1ºSUPLENTE 2ºVOCAL
8	C	C	ABELARDO SANCHEZ BONOME	2ºSUPLENTE 2ºVOCAL
9	UNICA	U	JUAN CARLOS CARRO SOBRINO	PRESIDENTE
9	UNICA	U	JOSE FRANCISCO CASAL RODRIGUEZ	1ºVOCAL
9	UNICA	U	ANGEL CASTIÑEIRA PURRIÑOS	2ºVOCAL

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

9	UNICA	U	LAUREANO CASTRO DANS	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
9	UNICA	U	JAIME RICARDO CASTRO FERNANDEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
9	UNICA	U	FRANCISCO CASTRO MARTINEZ	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
9	UNICA	U	JAIME CASTRO VEIGA	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
9	UNICA	U	JULIO CODESIDO LOPEZ	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
9	UNICA	U	ABRAHAN CUPEIRO LOPEZ	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	A	A	ISABEL FONTENLA MARTINEZ	PRESIDENTE
10	A	A	MARIA TERESA FURELOS RAMOS	1ºVOCAL
10	A	A	MARIA MERCEDES GARCIA FERNANDEZ	2ºVOCAL
10	A	A	OLAYA TAMARA GARCIA LAUDA	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
10	A	A	JOSE GARCIA MIÑONES	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
10	A	A	SUSANA HERMO RODRIGUEZ	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	A	A	JUAN CARLOS IGLESIAS VEIGA	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	A	A	LUIS MIGUEL MEDIN VAZQUEZ	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	A	A	JOSE MORENO DE LEON	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	B	B	JOSE ANGEL ARCAY LOPEZ	PRESIDENTE
10	B	B	MARIA ELVIRA CASTRO OTERO	1ºVOCAL
10	B	B	MARIA JOSE BELLO CARABEL	2ºVOCAL
10	B	B	FRANCISCO JOSE BREA SANCHEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
10	B	B	MARIA ISABEL CALVIÑO GOLPE	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
10	B	B	ISABEL CHOREN SOILAN	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	B	B	MARIA DEL PILAR BARRAL LOPEZ	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	B	B	MARIA JOSE CRESPO SANMARTIN	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	B	B	BRUNO DOPICO RAMOS	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	C	C	PAULA PEREZ GOMEZ	PRESIDENTE
10	C	C	DIEGO JOSE PEREZ PAZ	1ºVOCAL
10	C	C	ALBA PONTE ORTIZ	2ºVOCAL
10	C	C	MARIA JOSE PREGO OTERO	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
10	C	C	CELSA RAMOS GARCIA	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
10	C	C	MARIA OLGA RECIO SANCHEZ	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	C	C	PATRICIA RIOS MARTIN	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	C	C	HERNAN RODRIGUEZ CASTRILLON	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	C	C	GUILLERMO SAAVEDRA QUIROGA	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	D	D	ESTHER VARELA MARTINEZ	PRESIDENTE
10	D	D	JUAN C. VARELA MOSQUERA	1ºVOCAL
10	D	D	PEDRO VEIGA AMADO	2ºVOCAL
10	D	D	MARIA DOLORES AMADO MENDEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
10	D	D	MONICA AMADO RODRIGUEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
10	D	D	BERTA ANDRADE ROSENDE	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	D	D	ANTONIO CAINZOS PENA	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
10	D	D	YOLANDA MARIA CANDAME PARDO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
10	D	D	MARIA OLGA CARRO CARRO	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
11	UNICA	U	FERNANDO CAINZOS GOMEZ	PRESIDENTE
11	UNICA	U	MARIA ISABEL CAL ROZADOS	1ºVOCAL
11	UNICA	U	PEDRO I. CARRO BREIJO	2ºVOCAL

11	UNICA	U	MARTIN	CARRO	RAMALLO	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
11	UNICA	U	ELENA	CARRO	VIEITES	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
11	UNICA	U	BEGOÑA	CASANOVA	PRADO	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
11	UNICA	U	CRISTINA	CASTRO	CASTIÑEIRA	2 SUPLENTE 1ºVOCAL
11	UNICA	U	AGUSTIN	CRESPO	PARDO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
11	UNICA	U	BELEN	CRESPO	SEOANE	2 SUPLENTE 2ºVOCAL
12	U	U	MONICA	BOADO	GONZALEZ	PRESIDENTE
12	U	U	ROSA MARIA	BOADO	MOSQUERA	1ºVOCAL
12	U	U	JAVIER	BORRAZAS	LORENZO	2ºVOCAL
12	U	U	CARLOS	BUGALLO	SANCHEZ	SUPLENTE 1º PRESIDENTE
12	U	U	PURIFICACION	CAL	VIQUEIRA	SUPLENTE 2º PRESIDENTE
12	U	U	MANUEL	CALDEIRO	SEOANE	1ºSUPLENTE 1ºVOCAL
12	U	U	AINHOA	CALVO DE OZANIZ		2ºSUPLENTE 1ºVOCAL
12	U	U	JAVIER	CAMBON	CASTRO	1ºSUPLENTE 2ºVOCAL
12	U	U	ISABEL	CAMPOS	MANIVESA	2ºSUPLENTE 2ºVOCAL

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS *ALCALDIA*

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS SECRETARIA

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA UN DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D.Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª. María Asunción Sánchez Vázquez

D. Antonio S. Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras

D. Antonio Vázquez Lorenzo

Dª. Ofelia López Campos.

D. José Ramón García Vázquez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño

Non asisten:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Alberto Carro Erias
D. Andres Otero Martínez
D. Andres Beade Dopico

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do día un de xuño de mil novecentos noventa e nove. Baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Muncipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- NOVO SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA CUBRIR VACANTES E AUSENCIAS.

Dada conta do resultado do novo sorteo realizado para elixi-los novos membros das mesas electorais, para cubrir vacantes e ausencias, con motivo das eleccións locais e ó Parlamento Europeo 1999, o Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo sorteo realizado, quedando formadas as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

1	UNICA	U	ISABEL IGLESIAS LATA	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
1	UNICA	U	JOSE LUIS LOPEZ ALONSO	1 SUPLENTE 2ºVOCAL
5	B	B	FRANCISCO ANTON LOPEZ GOMEZ	SUPLENTE PRESIDENTE 1º
5	B	B	M. LORETO LOPEZ GRANDAL	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
5	B	B	JOSE MANUEL LOPEZ LODEIRO	1 SUPLENTE 1ºVOCAL
8	B	B	FRANCISCO CARTEMIL VALES	PRESIDENTE
8	C	C	M. TERESA LAVANDEIRA RODRIGUEZ	PRESIDENTE
8	C	C	JOSE LESTA VIEITES	2ºVOCAL
8	C	C	PATRICIA LOBATO ALVAREZ	SUPLENTE PRESIDENTE 2º
11	UNICA	U	ANA MARIA SANCHEZ VAZQUEZ	1ºVOCAL

Por se se poduciran novas vacantes ou ausencias acórdase nomea-las persoas que se expresan a continuación:

1	UNICA	U	FOLLA 7 NUMERO 280
1	UNICA	U	FOLLA 8 NUMERO 302
1	UNICA	U	FOLLA 7 NUMERO 303
2	UNICA	U	FOLLA 3 NUMERO 93
2	UNICA	U	FOLLA 3 NUMERO 108
2	UNICA	U	FOLLA 3 NUMERO 141
3	UNICA	U	FOLLA 6 NUMERO 216
3	UNICA	U	FOLLA 6 NUMERO 217
3	UNICA	U	FOLLA 6 NUMERO 219
4	UNICA	U	FOLLA 4 NUMERO 132
4	UNICA	U	FOLLA 4 NUMERO 134
4	UNICA	U	FOLLA 4 NUMERO 139

5	A	A	FOLLA 1 NUMERO 2
5	A	A	FOLLA 1 NUMERO 4
5	A	A	FOLLA 1 NUMERO 9
5	B	B	FOLLA 2 NUMERO 53
5	B	B	FOLLA 2 NUMERO 54
5	B	B	FOLLA 2 NUMERO 58
6	UNICA	U	FOLLA 8 NUMERO 324
6	UNICA	U	FOLLA 8 NUMERO 332
6	UNICA	U	FOLLA 8 NUMERO 335
7	UNICA	U	FOLLA 3 NUMERO 87
7	UNICA	U	FOLLA 3 NUMERO 124
7	UNICA	U	FOLLA 3 NUMERO 130
8	A	A	FOLLA 1 NUMERO 2
8	A	A	FOLLA 1 NUMERO 21
8	A	A	FOLLA 1 NUMERO 31
8	B	B	FOLLA 5 NUMERO 180
8	B	B	FOLLA 5 NUMERO 183
8	B	B	FOLLA 5 NUMERO 200
8	C	C	FOLLA 1 NUMERO 14
8	C	C	FOLLA 1 NUMERO 39
8	C	C	FOLLA 1 NUMERO 47
9	UNICA	U	FOLLA 5 NUMERO 174
9	UNICA	U	FOLLA 5 NUMERO 182
9	UNICA	U	FOLLA 5 NUMERO 198
10	A	A	FOLLA 3 NUMERO 113
10	A	A	FOLLA 3 NUMERO 115
10	A	A	FOLLA 3 NUMERO 123
10	B	B	FOLLA 2 NUMERO 45
10	B	B	FOLLA 2 NUMERO 66
10	B	B	FOLLA 2 NUMERO 74
10	C	C	FOLLA 3 NUMERO 95
10	C	C	FOLLA 3 NUMERO 100
10	C	C	FOLLA 3 NUMERO 120
10	D	D	FOLLA 2 NUMERO 53
10	D	D	FOLLA 2 NUMERO 56
10	D	D	FOLLA 2 NUMERO 57
11	UNICA	U	FOLLA 11 NUMERO 437
11	UNICA	U	FOLLA 11 NUMERO 443
11	UNICA	U	FOLLA 11 NUMERO 468
12	U	U	FOLLA 6 NUMERO 217
12	U	U	FOLLA 6 NUMERO 218
12	U	U	FOLLA 6 NUMERO 223

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D.Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

D. Antonio S. Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras
D. Antonio Vázquez Lorenzo
D. José Ramón García Vázquez.
D. Andres Beade Dopico
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Alberto Carro Erias

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Antonio Vara Fiaño

Non asisten:

Dª Mª Cinta Fernández Ramos.
D. Ángel Pastor Casal Otero.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Gabriel González Suárez.
D. Andres Otero Martínez
Dª. María Asunción Sánchez Vázquez
Dª. Ofelia López Campos.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do día trinta de xuño de mil novecentos noventa e nove. Baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Muncipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN ACTAS PENDENTES.

Apróbanse por unanimidade as actas correspondentes ás sesións realizadas o 12 de maio, o 18 de maio e o 1 de xuño de mil novecentos noventa e nove.

A Sra. Faraldo Botana, voceira do PP, felicita ó grupo solicialista polos resultados electorais obtidos polo PSdeG-PSOE.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO.

Na Cidade de Betanzos, o día tres de xullo de mil novecientos noventa e nove, sendo as trece horas e trinta minutos, na Sala Capitular da Casa do Concello, comparecen os seguintes señores, todos eles elixidos como Concelleiros dos Grupos Políticos que se dirá, nas eleccións municipais realizadas o día trece de xuño pasado:

Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obreiro Español (PSdeG-PSOE):
Don Manuel Lagares Pérez
Dona María Asunción Sánchez Vázquez
Don Antonio Salvador Lagares Pérez
Don Antonio Carro Galeiras
Don Francisco Manuel Díaz Pereira
Don José Ramón García Vázquez
Dona María Beatriz Gómez Iglesias
Don Andrés Beade Dopico
Don Antonio Vázquez Lorenzo
Dona Ofelia López Campos

Partido Popular (PP):
Dona María Dolores Faraldo Botana
Don Luis Alberto Carro Erias
Dona Lucia Romay Roldan
Don Manuel Amancio Agraso Carballido
Don Francisco Antonio Martínez García

Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don Andrés Otero Martínez
Don Xosé Isidro Doporto Santos

1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Tén por obxecto a comparecencia proceder a constitui-lo Pleno do Concello, en virtude do disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/85 do 19 de juño do Réxime Electoral Xeral.

A tal fin constitúese a mesa de idade por Don Andrés Beade Dopico e Dona Lucía Romay Roldan, como concelleiros de maior e menor idade, actuando de secretario o da Corporación, Don Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, quen procede a comproba-las credenciais e a comproba-la personalidade dos electos.

A continuación procédese á toma de xuramento ou promesa de forma regulamentaria, dos concelleiros, declarándose pola mesa de idade, constituida a Corporación deste Concello.

2.- ELECCIÓN DE ALCALDE.

En cumprimento do disposto no art. 196 do referido texto legal, procédese á elección de Alcalde.

A indicación da mesa de idade, son presentados como candidatos, os Concelleiros Don Manuel Lagares Pérez, Dona María Dolores Faraldo Botana e Don Andrés Otero Martínez, sendo aceptadas as súas candidaturas por se-los que encabezan as correspondentes listas electorais.

Realizada a votación mediante procedemento segredo,ofrece o seguinte resultado: Don Manuel Lagares Pérez: 10 votos, Dona María Dolores Faraldo Botana: 5 votos e Don Andres Otero Martínez: 2 votos.

En consecuencia, a mesa de idade proclama Alcalde a Don Manuel Lagares Pérez, quen tras prestar promesa do seu cargo, pasa a presidir esta sesión e dirixe ós asistentes as seguintes palabras:

"Concelleiras e Concelleiros, Autoridades e Representacións , Señoras e Señores: O pasado 13 de xuño, os cidadáns de Betanzos decidiron libre e democraticamente que eu fose o seu Alcalde durante os próximos catro anos. Por iso, neste solemne acto, acabo de tomar posesión da Alcaldía.

Quero, antes de nada, agradece-la amplia participación veciñal dos betanceiros no proceso electoral. Como fan sempre, coa súa comprometida aportación, permiten que a Corporación Municipal aquí representada sexa un expoñente dos seus desexos e das mellores intencións que sempre teñen e maniféstanas para construi-lo Betanzos do futuro, que todos esperamos.

Durante os últimos tempos tiven ocasión de conversar con moitos cidadáns sobre as súas inquedanzas e as súas ilusións. E podo dicirlles que me comprometo a tratar de consegui-lo mellor para Betanzos. Por iso necesito do apoio de tódolos sectores sociais: institucións, asociacións, entidades, grupos e cidadáns en xeral.

Fago unha oferta de colaboración e de diálogo para tratar de conseguir todos as melloras que Betanzos necesita. Para iso non dubidarei en profundizar en tódalas conversas e negociacións que sexan necesarias, tendo como horizonte das mesmas a Betanzos e como norma de traballo o respecto que entre as distintas partes, ten que existir.

Felicito moi cordialmente a tódolos concelleiros e deséxolles que entre todos saibamos e poidamos dar resposta ás pretensións do Betanzos do século XXI. Dentro da xenerosidade, respecto e lealdade que deben presidi-las relacións corporativas, ofrézome para tratar de busca-los camiños máis axeitados para consegui-los obxectivos que nos propoñemos.

E agradezo a tódolos presentes a asistencia a este solemne acto no que se protocoliza o desexo de que eu sexa o Alcalde de tódolos betanceiros na próxima lexislatura. Moitas gracias.¡ Viva Betanzos!"

Polo Sr. Alcalde procedese á entrega ós Concellerios da medalla da Corporación.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min, secretario, que do seu contido certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 2/08/99 (1º)

PRESIDENTE: D. Manuel Lagares Perez

CONCELLEIROS:

Dª. María Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Antonio Carro Galeiras, D. Francisco Díaz Pereira, D. José Ramón Vázquez García, Dª. María Beatriz Vázquez Iglesias, D. Andrés Beade Dopico, D. Antonio Vázquez Lorenzo, Dª. Ofelia Lóopez Campos, Dª. María Dolores Faraldo Botana, D. Luis Alberto Carro Erias, Dª. Lucía Romay Roldán, D. Manuel Amancio Agraso Carballido, D. Francisco Antonio Martinez García, D. Andrés Otero Martinez e D. Xosé Isidro Doporto Santos.

SECRETARIO: D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

INTERVENTOR: D. Antonio Vara Fiaño

Na Casa Consistorial do Concello, o día dous de agosto de mil novecentos noventa e nove, reúnese co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, o Pleno deste Concello, baixo a presidencia do sr. Alcalde, coa asistencia do srs. Concelleiros que quedan relacionados, si ben a sra. Sanchez Vazquez e o sr. Vazquez Lorenzo, incorpóranse no segundo punto do orde do día, actuando de Secretario o desta Corporación, asistindo asemade o sr. Interventor en funcións.

Sendo as vinteunha horas, el sr. Presidencia indica se inicie a sesión, pasando o debate dos asuntos incluidos no orde do día da convocatoria, respecto dos cales adóptanse os seguintes acordos:

1º.- MOCION SOBRE ORGANIZACION DA CORPORACION.

A indicación do sr. Alcalde, polo Secretario procedese a dar lectura a Moción cobre criterios de organización da Corporación.

Por unanimidade préstase aprobación a mesma, acordándose:

1.- O Pleno celebrara sesión ordinaria unha vez o mes. As Comisións de Goberno duas veces o mes. Reunión de Delegados da Alcaldia, una vez o mes.

2.- Asignacións dos membros da Corporación con adicación exclusiva e percepcións: O sr. Alcalde, percibira un soldo de unha peseta mais co do Secretario da Corporación. O Delegado de Urbanismo e o Delegado de Cultura: percibiran unha cantidade similar os funcionarios do Grupo A. O Delegado de Turismo percibira unha retribucion de 125.000 ptas. líquidas ó mes.

3.- Indemnizacións por asistencias: Os srs. Concelleiros, que non teñan adicación exclusiva, percibiran as indemnizacións que se indican pola sua asistencia as sesións que se di:

Plenos ordinarios: 30.000 ptas., extraordinarios: 15.000 ptas. Comision de Goberno, ordinarias: 15.000 ptas., extraordinarias: 10.000. Reunións de Delegados, ordinaria 20.000 ptas., extraordinaria 12.000 ptas. As cantidades indicadas enténdense líquidas, e dicir unha vez deducidos os impostos que correspondan.

4.- Os grupos políticos percibiran unha asignación fixa mensual de 15.000 ptas, as que se engadirán 5.000 ptas, por cada Concelleiro con que conten.

2º.- PROPOSTA DE CREACION DE COMISIONS INFORMATIVAS E ESPECIAIS.

Dase lectura a proposta presentada para constitución de Comisións Informativas i especiais.

Por unanimidade préstase aprobación a proposta, acordándose:

1.- Constituir unha "Comisión informativa de Programación e Seguimento", que terá por obxecto cumpli-las funcións establecidas no art. 20.1.c.da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local.

2.- Constitui-la Comision Especial de Contas, coas funcións que lle atribue a lexislación vixente.

3.- Ambalas duas Comisións quedan Constituidas, ademais da Presidencia do sr. Alcalde, o Concelleiro en quen delegue, por seis membros: tres do Grupo Socialista, dous do Grupo Popular e un do Grupo Nacionalista.

4.- Mante-las Comisións Especiais de Feiras e Mercados, Seguimento do Plan Xeral, Tráfico e Drogodependencias, tal e como viñan funcionan, constituíndose as mesmas cos membros desta Corporación seguintes: además da presidencia do Alcalde o Concelleiro en quen delegue, tres vocais, un de cada grupo politico, entendéndose que o voto será ponderado.

O sr. Otero, como voceiro do grupo nacionalista, pide o mantenimento doutra comisión xa existente con anterioridade, a de Contratación de Persoal, indicándose polo sr. Alcalde que se terán en conta, asi como outras especiais.

Doutra banda os voceiros dos distintos grupos, proceden a nomear os seus representantes, nas devanditas Comisións, quedando asi constituidas polos seguintes srs:

COMISION DE PROGRAMACION E SEGUIMENTO: Grupo Socialista: Dª. Beatriz Gómez Iglesias, D. Antonio Vázquez Lorenzo e Dª. Ofelia López Campos. Grupo Popular: Dª. María Dolores Faraldo Botana e Dª. Lucía Romay Roldán. Grupo Nacionalista: D. Andrés Otero Martinez. E como suplentes: Grupo Socialista e Popular: Calqueroutro dos seus membros. Grupo Nacionalista: D. Xosé Isidro Doporto Santos.

COMISION ESPECIAL DE CONTAS: Grupo Socialista: Dª. Beatriz Gómez Iglesias, D. Antonio Vázquez Lorenzo e Dª. Ofelia López Campos. Grupo Popular: Dª. María Dolores Faraldo Botana e Dª. Lucía Romay Roldán. Grupo Nacionalista: D. Xosé Isidro Doporto Santos.. E como suplentes: Grupo Socialista e Popular: calqueroutro dos seus membros. Grupo Nacionalista: D. Andrés Otero Martinez

COMISION DE FEIRAS E MERCADOS: Grupo Socialista: Dª. Ofelia López Campos, Grupo Popular: D. Francisco Antonio Martinez Garcia. Grupo Nacionalista. D. Andrés Otero Martinez. Como suplentes: Grupo socialista: calqueroutro dos seus membros. Grupo Popular: D. Manuel Amancio Agraso Carballido. Grupo Nacionalista: D. Xosé Isidro Doporto Santos.

COMISION DE SEGUIMENTO DO PLAN XERAL: Grupo Socialista: D. José Ramón García Vázquez, Grupo Popular: D. Alberto Carro Erias. Grupo Nacionalista. Xosé Isidro Doporto Santos. Como suplentes: Grupo Socialista: calqueroutro dos seus membros. Grupo Popular: Dª Lucía Romay Roldán. Grupo Nacionalista: D. Andrés Otero Martinez.

COMISION DE TRAFICO: Grupo Socialista: D. Antonio Vázquez Lorenzo. Grupo Popular: Dª. María Dolores Faraldo Botana. Grupo Nacionalista. D. Xosé Isidro Doporto Santos. Como

suplentes: Grupo socialista: calqueroutro dos seus membros. Grupo Popular: D. Antonio Carro Erias. Grupo Nacionalista: D. Andrés Otero Martinez.
COMISION DE DROGODEPENDENCIAS: Grupo Socialista: Dª. Maria Asunción Sánchez Vázquez. Grupo Popular: D. Manuel Amancio Agraso Carballido. Grupo Nacionalista. D. Andrés Otero Martinez. Como suplentes: Grupo Socialista: calqueroutro dos seus membros. Grupo Popular: D. Francisco Antonio Martinez Garcia. Grupo Nacionalista: D. Xosé Isidro Doporto Santos.
Asemade anúncianse as Delegacións da Alcaldia na Presidencia destas Comisións, nos seguintes: FEIRAS E MERCADOS E TRAFICO:D. Antonio Carro Galeiras. SEGUIMENTO DO PLAN XERAL E DROGODEPENDENCIAS: D. Antonio Salvador Lagares Perez.

3º.- NOMEAMENTO DE RESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS

Feitas as correspondentes propostas polos grupos Socialista e Popular, non presentando candidatos o Grupo Nacionalista e realizadas as oportunas votacións, co voto a favor dos membros do grupo socialista, quedan nomeados representantes do Concello nos organos que se indican, os seguintes:

No Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: D. Andrés Beade Dopico.

Na Mancomunidade de Concellos de A Coruña. D. Manuel Lagares Pérez e D. Jose Ramón GárciaVázquez.

No Instituto "As Mariñas": Dª. Ofelia López Campos

No C.P. "Francisco Vales Villamarin": D. Antonio Carro Galeiras.

No Instituto "Francisco Aguiar": D. Antonio Vázquez Lorenzo.

O sr. Otero como voceiro do BNG., indica que non lles preocupa quen sexa representante senón que esa representación o sexa da Corporación e pide información das mesmas o que non se viña facendo.

4º.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA .

Leidas polo Secretario, dase conta o Pleno, de resolucións da Alcaldia, nums: 143, 144 e 149, de 1999, polas que se procede o nomeamento de membros da Comisión de Goberno, Tenentes de Alcalde e Delegados da Alcaldia, asi como das Atribucións da Alcaldia que se delegan na Comisión de Goberno. O pleno dase por enterado.

5º.- PROPOSTA DE NORMAS SOBRE FUNCIONAMENTO DE ORGANOS CORPORATIVOS.

Por unanimidade prestase aprobación a moción da Alcaldía sobre normas de funcionamento que di:

"No debate dós asuntos do Pleno, cada Grupo poderá utilizar duas tandas, dún máximo de cinco minutos cada unha e porá fin ó debate a intervención da Alcaldía. Tódolos Grupos, poderán face-la explicación do seu voto, para o que disporán como máximo dún minuto. Calquer Concelleiro poderá entrar ou ausentarse das sesións coa autorización da Alcadia. Os Concelleiros que desexen obter documentación relacionada con asuntos municipais, a solicitaran da Alcaldia. quen resolverá o procedente.

Os actos institucionais ou participativos, os que asista a Corporación, serán presididos polo Alcalde ou Tenente de Alcalde que o sustitua e os mesmos asistiran os Concelleiros que o desexen. Cando se establezan comitivas ou desfiles procesionais, o Alcalde os presidira acompañado dun Tenente de Alcalde, deseguido se colocaran os restantes concelleiros en grupos de catro, empezando polos Tenentes de Alcalde e despois os demais membros corporativos. Cando se produza a saida do estandarte municipal, será portado polo Cronista Oficial ou Delegado de Cultura, acompañándoos o Secretario da

Corporación. Ante a ausencia do Cronista e Delegado de Cultura, o portará calquer outro representante da Alcaldia ou Concelleiro".

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as vinteunha horas, vintecinco minutos, polo sr. Alcalde, dase por rematada a sesión, redactándose do tratado a presente acta, por min secretario, que certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DIA 2 DE AGOSTO DE 1999. (2º)

PRESIDENTE. D. Manuel Lagares Pérez

CONCELLEIROS:

Dª. María Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Antonio Carro Galeiras, D. Francisco Díaz Pereira, D. José Ramón Vázquez García, Dª. María Beatriz Vázquez Iglesias, D. Andrés Beade Dopico, D. Antonio Vázquez Lorenzo, Dª. Ofelia Lóopez Campos, Dª. María Dolores Faraldo Botana, D. Luis Alberto Carro Erias, Dª. Lucía Romay Roldán, D. Manuel Amancio Agraso Carballido, D. Francisco Antonio Martinez García, D. Andrés Otero Martinez e D. Xosé Isidro Doporto Santos.

SECRETARIO: D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

INTERVENTOR: D. Antonio Vara Fiaño

Na sala Capitular do Concello de Betanzos, reúnese o dia dous de agosto de mil novecentos noventa e nove, co obxeto de celebrar sesión extraordinaria, o Pleno do Concello baixo a presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dós srs. Concelleiros, que se relacionan, actuando de Secretario o desta Corporación, asistindo o sr. Interventor accidental.

Sendo as vinteuha horas, trinta minutos, iníciase a sesión polo sr. Alcalde, quén indica se proceda o estudio e debate dós asuntos incluidos no orde do día da convocatoria, respecto dos cales adóptanse os seguintes acordos:

1º- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO COMISIONADO PARA O PLANO DE GALICIA SOBRE DROGAS E ADOPCION DE ACORDO QUE PROCEDA.

A indicación da Alcaldía, polo secretario, dase lectura a escrito do Comisionado do Plano de Galicia sobre Drogas, no que se da conta de acordo da Comisión InterConsellerias, en materia de Drogodependencias, polo que non se autoriza o convenio solicitado polo Concello de Betanzos, dado a falla de crédito orzamentario.

Polo sr. Lagares, D. Antonio, como voceiro do Grupo Socialista, dase conta das xestións feitas neste senso, que foron dirixidas a duas propostas: ésta que hoxe se denega e outra en solicitude dun centro comarcal, sobre a que non houbo resposta. Entende que hai que seguer nesta posición, e demandar axudas para prevención e tratamento e para un centro comarcal.

A sra. Faraldo, voceira do Grupo Popular, apoia os dous puntos xa que, o marxe de diferencias, e un problema importante. Lembra que en anteriores lexislaturas, presentouse por ela unha moción sobre o tema, perdéndose de aquela a oportunidade, por non querer

axustarse á convocatoria, explicando os distintos tipos de axudas e as consideracións para xustificar unha actuacion comarcal..

O sr. Otero, voceiro Nacionalista, cree que o acordo ha de ser unánime, xa que no asunto deben de empregarse tódolos resortes, pero manifesta a sua preocupación, pola maneira tan aséptica que se resolve polos organismos responsables, cunha total falla de sensibilidade.

O sr. Lagares, D. Antonio agradece en principio o apoio dós Grupos, e sinala que non se pode estar de acordo co plantexamento sobre a anterior solicitude. O problema non cree que sexa de comarca, senón de vontade política por parte de a Xunta de Galicia, e non hai outros argumentos, ante unha resposta negativa a unha iniciativa cidadán. Por elo, entende, debese seguir insistindo.

Pola sra. Faraldo, faise unha diferenciación sobre centros de prevención e de tratamento e do problema na solicitude de fai cinco anos, afirmando que non quere entrar en debates demagóxicos.

Remata o debate o sr. Alcalde, inidicando que agradece o apoio dos grupos, pedindo un apoio practico, na realidade, e que se trate polos organos competentes, a Xunta de Galicia, o problema.

O Pleno por unanimidade, dándose por enterado da devandita resolución, acorda insistir nos mesmos terminos, ante a gravidade do problema, para obte-las axudas necesarias dentro dós programas de prevención de drogodependencias.

2º.- PROPOSTA DE ADXUDICACION DO CONCURSO DO SERVICIO DE LACERÍA E OUTROS.

Dase conta do expediente tramitado para a contratación do servicio de laceiria, desratización, desinfección e desinfectación, constando acta da mesa, para a sua adxudicación.

A mesma, admitíronse as cinco empresas presentadas: Arumia, S.L., Nogalcoruña S.L., Eurosip-Galicia, Sanal S.A. e Herbin S.L.

Vista a proposta da mesa de contratación, unha vez feias as valoracións previstas no concurso, a Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudica-lo servicio de laceiria, desratización, desinfección e desinfectación, a empresa SANAL, S.A., polo importe de Un millon cento noventa e catro mil (1.194.000) ptas. nas condicións que se derivan do prego de condicións e demáis documentación do concurso.

2º.- Continua-la tramitación do expediente e faculta-lo sr. Alcalde, para asina-lo correspondente contrato administrativo.

3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACION DO CONCURSO PARA ADXUDICACION DE PARCELA NO PASATEMPO.

Dase conta da tramitación do expediente e a proposta da Arquitecta municipal, que se eleva o Pleno, o respecto da adxudicación convocada sobre unha parcela de propiedade municipal no plan Parcial do Pasatempo.

A proposta faise de xeito favorable a única empresa presentada, cunha serie de condicións

Polo sr. Doporto, voceiro do Grupo Nacionalista, ponse de manifesto o pouco tempo para ve-lo expediente, asi como a sua oposición a valoración técnica que avala o canón, xa que entende que e un informe non baseado en datos, e segun sus valoracións leva o Concello a perder alomenos vintacatro millóns de pesetas. Anuncia a postura do seu grupo de abstención.

A sra. Faraldo, voceira do Grupò Popular, anuncia o voto do seu grupo en contra, xa que a sua postura, non contemplaba esa parcela para uso hoteleiro. Aproveita para pedir explicacións da outra actuación hoteleira que o Concello motivóu, insistindo en que a parcela da que se trata actualmente, deberia adicarse a outros servicios.

Segue facendo referencia a unha sentencia do ano 97, pola que resulta que outra empresa unida a que hoxe oferta, é debedora duns dezasete millons de ptas ó Concello, ainda que esté recorrido. E cree que poidera darse o caso de que o Supremo manifestárase da mesma maneira, rolo que podería darse unha situación, de non avenirse de xeito voluntario a ter que pleitear cunha empresa que ten una parcela municipal cedida por setenta e cinco anos.

El sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do Grupo Socialista, manifesta non entender nada da postura do grupo Popular, que intenta dar leccións de sentencias, polo que parece que nesta andadura queren volver polos mesmos camiños que antes. Respeta que se plantexara adica-la parcela a outros servicios e recoñece o retraso na outra adxudicación. Polo que respecta a valoración do voceiro do Grupo Nacionalista, entende que é moi subxetiva, xa que incluso pode ser discutible que sexa o doble. Cree que non esta no certo, xa que as valoracións do catastro que el coñece no se fan asi.

O sr. Doporto, insiste en que non trata de facer o analise tecnicamente, senón de valorar o informe do Arquitecto; que os valores catastrais tenden a un 0,5 dos valores de mercado e non a titulo de exemplo, como se fai no informe.

A sra. Faraldo, indica que os anteriores Concelleiros saben a historia. Volve coa senrtencia, a que antes fixo referencia, e insiste en que a mesma pode dar lugar a situacións raras, coas empresas que participan.

O sr. Lagares, D. Antonio, manifesta que non sabe que pode ter unha empresa con outra, da que se fala na sentencia e da que agora fai unha porposta neste concurso, non sabendo tampouco a que contencioso se está a referi-la voceira do Grupo Popular, insistintdo en que se leva un camiño que non e o adecuado.

Remata o Alcalde, recordándolle os tres grupos, que o punto a tratar era sobre una adxudicación, e non sobre cousas xa aprobadas, como a valoración, nin alusións a outras que non se estan a tratar. Engade que se o concurso fora tan barato, habería mais empresas. O que se trata e de elexir e unha empresa que cumpra as condicións, o que se fai favorecendo o desenrolo turístico de Betanzos.

Sometido o asunto a votación, o pleno, co voto a favor dós dez concelleiros presentes do Grupo Socialista (srs. Lagares, D. Manuel, Lagares, D. Antonio, Carro, Díaz, Vázquez García, Beade, Vázquez Lorenzo y sras. Sánchez Vázquez, Vázquez Iglesias e López Campos) o voto en contra dos cinco Concelleiros do Grupo Popular, (sras. Faraldo Botana, Romay , e srs Carro Erias, Agraso e Martinez García) e a abstención dos dous Concelleiros do Grupo Nacionalista, (srs. Otero e Doporto) acorda:

1º.- Adxudicar, por un período de setenta e cinco anos, o dereito de superficie sobre a parcela 121 do poligono do Plan Parcial do Pasatempo desta Localidad, a empresa "Urbanizaciones Betanzos S.L.", co obxecto da construcción e explotación de equipamento hoteleiro, comercial e sociocultural, cun Canon fixo inicial de cen millons (100.000.000) ptas., un canón periódico anual de cincocentas mil (500.000) ptas., coa inversión e demais condicións que se impoñen no prego de condicións que servíu de base o concurso e na oferta presentada, asi como no informe da tecnico municipal que en resume sinala: Redacción de Estudio de Detalle, coas indicación do referido informe, mantenimento da

distancia a ribeira e márxenes do río, de acordo ca normativa vixente superiores a proposta, determinación das obras de consolidación da ribeira e márxenes do río, mellora das caracteristicas arquitéctonicas propostas, entre outras, asi como prazo de construcción de edificio socio-cultural, axustándoo ó prazo do art. 20 do prego de condicións..

2º.-Que se continue co trámite do expediente, facultando o sr. Alcalde, a asina-los correspondentes contratos, en documento administrativo ou escritura pública según proceda.

4º.- MOCION DA ALCALDIA EN SOLICITUDE O ORGANISMO AUTONOMO AUGAS DE GALICIA.

Dase lectura polo secretario, a moción da Alcaldía, na que se fai referencia os feitos luctuosos ocurridos no río Mandeo, consecuencia da apertura das comportas dos encoros existentes, asi como os anuncións de construcción de novas minicentrais, nos rios Mainzoso e Portorrosa, solicitando a Conselleira de Política Terriorial e o Organismo Autónomo "Augas de Galicia", diversas medidas.

Polo sr. Otero, voceiro do BNG., anuncia o seu voto a favor, e que se está a facer, polo seu grupo, un estudio minucioso ó respeto. Sinala que sempre as medidas han de adoptarse con posterioridade, resultándolle sorprendente que haxa que pedir esto agora, con todos los danos feitos a ecoloxía e vida do río, o que ven agravado coa intención de abrir novas instalacións.

A sra. Faraldo, voceira do Grupo popular, anuncia o apoio a moción.

O sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do Grupo Socialista, agradece o apoio, coincidendo coas manifetacións feitas.

O Pleno por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Organismo Autónomo "Augas Galicia", Departamento de Xestión do Dominio Público Hidraúlico, que:

A) Se adopten cantas medidas de control e aviso de apertura dos encoros establecidos no Rio Mandeo, sexan necesarias, para evitar accidentes como os que se han producido.

B) Se estudie a incidencia que a apertura simultánea de varios destes encoros, poida ter, de coincidir ca pleamar, en anegacións na zona de a Ribeira e Malecón e outros lugares do término municipal en Betanzos.

2º.- Faculta-lo sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue, para facer cantos trámites sexan necesarios para levar a bo fin este acordos.

5º.- PROXECTO DE SUSPENSION DE PASOS A NIVEL DA XERENCIA DO EIXO NORTE DE GALICIA DE RENFE.

Presentado o proxecto de construcción de dous pasos inferiores para a supresión dós pasos a nivel dós PK. 525/004 da liña de Palencia a A Coruña e 0/495 de Betanzos o Ferrol, redactados polo Inxeñeiro de Camiños, D. Fernando Carreño Martinez, o Pleno, tras a manifestación de recoñecemento no interes dás obras de tódolos Grupos, por unanimidade, aproba o devandito proxecto concedendo as autorizacións municipais correspondentes.

Polo sr. Alcalde recórdase que ainda quedan outros pasos dós que se seguira a pedir a supresión.

Antes de remata-la sesión, polo sr. Alcalde agradécese a asistencia de tódolos Concelleiros a estes primeiros Plenos, desexando que entre todos se encontren resposta

as demandas dos cidadáns o traves das mellores solucións. E non habendo mais asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinteduas horas doce minutos, redactándose, a presente acta, por min secretario, que do seu contido certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana Mª Fernández Rodríguez.

No asisten, con desculpa:

D. Antonio Lagares Pérez.
D. Andrés Beade Dopico.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día trinta de setembro de mil novecentos noventa e nove, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Antes de comeza-la sesión ó Sr. alcalde procede a realiza-la presentación da interventora, nomeada con carácter provisional, deste Concello, Dª Ana Mª Fernández Rodríguez, a tódolos asistentes.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Apróbanse, por unanimidade, os borradores das actas correspondentes á sesión realizada o día 3 de xullo de 1999 (sesión constitutiva), e ás efectuadas o día 2 de agosto de 1999 (2 sesións).

2.- DAR CONTA DE ESCRITO DE D. JAIME LAFORA EN REPRESENTACIÓN DA FAMILIA GARCÍA NAVEIRA.

Dase conta de escrito remitido por D. Jaime Lafora, en representación da familia García Naveira, testemuñando o seu agradecemento polo constante recordo que habita na cidade de Betanzos á persoa de D. Juan e polo interese que puxo a Corporación Municipal na pasada celebración do 150 aniversario do seu nacemento. O Pleno dase por enterado.

3.- PROPOSTA SOBRE FESTAS LOCAIS.

Dase conta de escrito remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais sobre calendario laboral para o ano 2000, interesando que este Concello determine dous días de festa de carácter retribuido e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o próximo ano 2000. O asunto está dictaminado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Designar como días con carácter de festas locais de carácter retribuído e non recuperables para o próximo ano 2000 os seguintes: MARTES DE CARNAVAL E 16 DE AGOSTO.

4.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN AMIGOS DOS RÍOS (ARBE).

Dase conta de escrito da Asociación Amidos dos Ríos Betanzos (ARBE) en relación coa publicación no BOP nº 188 da futura instalación de dúas minicentrais hidroeléctricas nos rios Mandeo e Meizoso nos municipios de Aranga e Paderne respectivamente, realizando diversas peticións ó respecto. O asunto está dictaminado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, indica que non se ten claro na Comisión o pronunciamento que se solicitaba, xa que parece que a asociación que presenta o escrito, da conta das súas actividades, sendo encomiable a súa preocupación, tratándose xa nun Pleno anterior o problema presentado, sinalándose polo seu grupo o pouco respectuoso que se está sendo coas actuacións nos rios respecto ó medio ambiente e á ecoloxía.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, maniféstase en sentido semellante, manifestando discrepancias nos usos que se poidan realizar.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, entende que se debe mostra-lo apoio que se solicita ante as inquedanzas manifestadas, que veñen reafirmar unha moción da Alcaldía, xa tratada neste Pleno.

O Sr. alcalde dá lectura ás solicitudes contidas no escrito, que din: "que o Concello de Betanzos como afectado no uso turístico, recreativo e medioambiental manteña unha actitude firme ante calquera actuación que prexudique, como entendemos é o caso, a vida futura dos rios anteriormente citados.= Que o Concello de Betanzos iforme ós seus cidadáns destes futuros proxectos, pois existe total descoñecemento do tema, os cales xa foron depositados nos concellos de Aranga e Paderne, explicando así mesmo funcionamentos, instalacións, materiais empregados, riscos, sinalizacións, horarios de apertura, etc. A non explicación ós cidadáns de todos estes puntos podería crear a posteriori unha grande alarma social, non esquezamos esas tres persoas falecidas ata a

data, e as causas que provocaron as súas mortes.= Que se chegado o caso se instalan estas minicentrais o Concello esixa a instalación de medidas de seguridade e prevención que por lei son obrigatorias e as cales son en moitos casos ignoradas voluntariamente polas empresas e promotoras concesionarias.", entendendo que xa se realizaron certas actuacións e que chegado o momento se adoptarán as medidas que se consideren e en tal sentido maniféstase o Pleno.

5.- ACORDO SOBRE SOLICITUDES A AUGAS DE GALICIA.

Dase conta de escritos remitidos por "Augas de Galicia" en relación con solicitudes efectuadas por este Concello a ese organismo. O asunto está dictaminado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda: PRIMEIRO.- En relación coa solicitude deste Concello interesando autorización para proceder á demolición dunha pequena ponte de formigón no lugar do Barallobre na zona do río Mendo, TM de Betanzos (clave DH.W15-11281), nomear representante para a solicitude das devanditas obras a D. Ramón García Vázquez, solicitando que se subsane o erro do segundo apelido que figura no seu expediente, pois onde di GURIA debe dicir GARCÍA. SEGUNDO.- En relación coa solicitude deste Concello interesando autorización para efectuar limpeza e desbroce no río Mendo, entre a ponte gótica e a traseira do antigo concesionario "Reanault" (clave DH.W15.11652), facultar ó Sr. alcalde a pedir en nome do Concello a autorización solicitada. TERCEIRO.- En relación coa solicitude deste Concello interesando autorización para obras de cambio de tubo de saneamento e impermeabilización de pozo, na zona de policía do río Mendo, nas Cascas (clave DH.W15.11653), designar como representante legal para a petición ó Sr. alcalde.

6.- ACORDO SOBRE PARCELAS DA CONCENTRACIÓN DA ZONA DE PIADELA.

Dase conta de expediente de investigación posesoria que pola Delegación de Economía e Facenda se está a levar a cabo, mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia do 18 de agosto pasado, que recae sobre fincas rústicas procedentes de propietarios descoñecidos na zona de concentración parcelaria de Piadela-Cortiñán, entendendo a propiedade do Concello sobre algunha das mesmas e o interese que podería haber sobre outras. Consta dictame en sentido favorable da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, solicita aclaracións sobre os trámites a seguir, explicándose polo secretario.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, engade que se trata de sobrantes de descoñecidos, que noutras ocasións foron cedidas ós Concellos como masas comúns, e polo que respecta ás fincas que consta neste expediente, sobre unha delas enténdese que é de propiedade municipal, como consta no inventario e sobre ela está construído un lavadeiro, sendo de interese outras das que había que interesarse ante a Delegación correspondente.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Reivindica-la propiedade da parcela núm. 1015 do expediente posesorio citado, acompañando certificado do inventario de bens. 2º.- Solicitar da Delegación do Ministerio de Economía e Facenda as parcelas 1068, 1073 e 1075, de interese para este Concello. 3º.- Facultar á Alcaldía para as xestións oportunas para o bo fin deste acordo, especialmente no que se refire ós acordos que procedan para o logro do segundo punto.

7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE DENOMINACIÓN DE RÚA.

Dase conta de moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicitando a designación dunha rúa de Betanzos co nome de "Alexandre Bóveda". O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, basea a moción na conmemoración, o día 17 de agosto, da data na que este ilustre intelectual galeguista foi fusilado a mans das forzas feixistas, lembrándose nela non só o recordo desta morte, senon tamén a de todos aqueles que deron a súa vida na procura dunha sociedade máis xusta e democrática. Está de acordo, se así lles parece máis democrático, con que este tema sexa discutido na Comisión correspondente.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta a súa coincidencia coa postura de trata-lo asunto na Comisión de Nomenclátor.

- Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que comparte este posicionamento e que o tema se estudie na próxima xuntanza da comisión citada.

- Intervén o Sr. secretario para lembrar que se ben existíu a Comisión de Nomenclátor na anterior lexislatura, non se creou para a actual.

Por unanimidade dos asistentes, trala oportuna declaración de urxencia, créase neste acto a Comisión de Nomenclátor que estará composta polo presidente e os representantes dos distintos grupos políticos, quedando estes de face-lo nomeamento dos seus representantes.

8.- MOCIÓN DO PP SOBRE DEFICIENCIAS DE RECEPCIÓN DE TELEVISIÓN.

Dase conta de moción do PP en relación con deficiencias na recepción do sinal de TV nalgunhas vivendas do lugar da Sancia (Infesta). Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, explica a moción, indicando que recolle a vontade dos veciños e informa dos trámites a seguir, presentando a correspondente solicitude ante a Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual previo acordo plenario ó respecto. Pón de manifesto que existen deficiencias noutros puntos, non vendo ningún inconveniente en que se fagan constar tamén. Habería que amplia-los reemisores.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, indica que están de acordo, debendo facer algunha matización, coma por exemplo o problema dos terrenos dos que no seu momento se verá cales serían os máis adecuados. Tamén que hai varias zonas con este problema, dos que xa se presentaron mocións, froito das cales se asinaron dous convenios hai un ano, dos que houbo que reclama-lo seu cumprimento. Así mesmo, fai uns 8 meses, nunha reunión coa Alcaldía, Retevisión manifestou non haber suficiente demanda para a ampliación. A proposta parece ben, considerándose que se debe facer unha moción conxunta na que se recollan tódolos puntos e se traia a un próximo Pleno.

- A Sra. Faraldo, voceiro do PP, indica que estarían dispostos a cumpri-la moción, non ven ningún inconveniente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, coincide co xa manifestado na Comisión. Indica que eles teñen un listado semellante ó aludido polo voceiro do grupo socialista. Está de acordo en elaborar un mapa de invisibilidade e face-las solicitudes oportunas.

- O Sr. alcalde indica que vai ser reitera-lo que xa se fixo, esperando ter agora máis sorte, citando o caso concreto de Saavedra Meneses.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Sobre a instalación de liñas de alta tensión en relación co parque eólico do Xistral, teñen coñecemento de que no concello de Oza dos Rios xa se iniciaron os trámites de expropiación forzosa, e a ese respecto: ¿Cal é zona afectada en Betanzos?, ¿cales serían as posibles repercusións?. A cuestión parece alarmante e non saben se a información é suficiente, polo que piden claridade de información sobre zona, expropiacións, etc.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, formula o seguinte rogo:

1.- Que se demande a retirada dun tiraventos dun poste de luz.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se volva a trae-lo plano de drogodependencias, devolto no seu día, para estudiar outras posibles liñas de subvención e colaboración.

2.- Ó respecto das retribucións dos concelleiros, pide aclaracións sobre as retencións.

- O Sr. alcalde entende que xa se está a aplica-lo acordo do Pleno, sen embargo, non hai inconveniente en face-las aclaracións oportunas. As contestacións efectuaranse nos plenos seguintes.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE OUTUBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.

D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. interventora:
Dª Ana Mª Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintenove de outubro de mil novecentos noventa e nove, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión realizada o día 30 de setembro de 1999.

2.- DAR CONTA DE ASUNTOS VARIOS.

- Dase conta de liquidación do presuposto correspondente ó exercicio 1998, que ofrece o seguinte resultado presupostario:

A) Resultado presupostario	-19.886.240,-
1.- (+) Dereitos recoñecidos netos:	892.145.729,-
2.- (-) Obrigacións recoñecidas netas:	912.031.969,-

A Sra. Faraldo, voceira do PP, pregunta por que se dá conta da liquidación e non se trae para aprobación.

O Sr. alcalde respóstalle que a liquidación do presuposto se aproba por resolución da Alcaldía, por se-la súa competencia.

- En relación co plano de drogodependencias, dase lectura a dous escritos, o primeiro envíao o Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas, da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, e reflicte diversas consideracións en relación ó acordo da Comisión Interconsellerías en materia de drogodependencias; o segundo é un informe do Departamento de Servicios Sociais deste Concello, relacionado coas actuacións que se están a levar a cabo dentro do programa de prevención de drogas que, pola insuficiente axuda recibida, non se pode desenvolver coa continuidade e dedicación suficiente para obter resultados óptimos.

- Dase conta de acordo adoptado pola xunta directiva do Colexio Notarial da Coruña agradecendo a dedicación dunha praza desta Cidade ó que foi notario de Betanzos D. Julián Marcos Alonso e o recoñecemento polos actos públicos realizados con motivo de tal dedicación.

- Infórmase de que o concurso realizado para a concesión da parte alta do Mercado Municipal quedou deserto ó non se ter presentado ningunha oferta/solicitude de participación no mesmo.

3.- INFORME PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Dase conta de informe proposta da Alcaldía en relación con diversas entrevistas institucionais nas que se busca conseguir apoios para o desenvolvemento de Betanzos en diversos ámbitos, solicitando o apoio expreso dos membros da Corporación ós mesmos e que se faculte á Alcaldía para amplia-las xestións precisas para concretalos e materializalos. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que no informe que se presenta se dá conta de visitas realizadas, pero non se pide adopción de acordo, non consta un posicionamento, considerándose o informe como algo informativo interno. Parécenlles ben as entrevistas, ainda co afán propagandístico co que se fan, así como as peticións que se efectúan, que o van apoiar. Anque non lle parece ben como se traen ó Pleno, xa que aquí se deberían traer presupostos concretos, é dicir, peticións avaladas con informes. Xa que non se pide acordo, insiste en que o informe debería ir no punto de "dar conta" anterior.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que para falar hai que estar nos sitios, xa que se dixeron cousas fantásticas, que non se explica. O que se propón é refrenda-las peticións, tal e como se expuxo na Comisión Informativa, polo que pide que se lean mellor os documentos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, coincide en parte no afirmado pola Sra. Faraldo, se ben sinala que na xunta de voceiros e na Comisión Informativa se explicou que se traía para refrendar, polo que si hai acordo ou petición ó Pleno.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, coincide nas peticións, pero insiste na falta de proxectos. Critica a falta de forma, que a eles tamén se lles recrimina e, no fondo, traendo ó Pleno por primeira vez as entrevistas, seguindo a maneira de bota-la culpa ós demais se despois non se consegue nada, a través de argucias e artimañas.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, só quere engadir que entende o seu posicionamento respecto á moción como unha actuación institucional.

- O Sr. alcalde pón de manifesto que descoñecía que a Sra. Faraldo non asistira á Comisión Informativa, na que se pediu o apoio expreso e facultar á Alcaldía, como sinala a proposta. Non comprende como se pode dicir desde o Concello que partidas do presuposto do Estado ou da Comunidade Autónoma hai que poñer, tampouco se comparte o que se estean utilizando artimañas. Non se debe buscar outro contido ó asunto, non sendo ademais a primeira vez que se da conta das actuacións da Alcaldía. O que se está é a desborda-la realidade con cuestións que non merecen comentario, como a publicidade que se di. O único desexo é un apoio expreso ás xestións realizadas, que supoñen proxectos para Betanzos.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: apoiar expresamente e facultar á Alcaldía para amplia-las xestións precisas para concretar e materializa-los proxectos seguintes: -ampliación da ponte da Ponte Nova, así como medidas de seguridade na estrada nacional N-VI ó seu paso por Betanzos (Caraña, Avda. da Coruña, Magdalena, Angustia, encrucillada da Ponte Nova, etc), peticións efectuadas ó delegado do goberno en Galicia; -ubicación en Betanzos dun centro comarcal de servicios, -realización en Betanzos dun festival de cine con elementos distintivos da nosa cidade, -apoio á consolidación do centro internacional da estampa contemporánea (CIEC), así como a sala permanente adicada á obra de Jesús Núñez e de exposicións tanto da súa propiedade como outras itinerantes de trascendencia para Betanzos e para Galicia, peticións efectuadas ó conselleiro de presidencia; -dragado e limpeza da ría, -acondicionamento das sendas peonís entre Betanzos e o lugar dos Caneiros tanto pola marxe dereita como pola esquerda, -interesar que Betanzos poida participar no programa de axuda e colaboración con cidades con casco histórico que teñan a catalogación de

conxunto histórico-artístico que tén previsto realiza-la Unión Europea a partir do ano 2000, peticións efectuadas ó ministro de sanidade; -outros proxectos que poidan favorecer a Betanzos.

4.- REQUIRIMENTO DO DELEGADO DO GOBERNO SOBRE ACORDO PLENARIO DO PASADO DÍA 2 DE AGOSTO.

Dase conta ó Pleno de requirimento do delegado do goberno en relación con acordo plenario do pasado día 2 de agosto, sobre retribucións dos membros da Corporación. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, pon de manifesto que o requirimento do Sr. delegado do goberno coincide co solicitado no Pleno anterior polo PP, debéndose facer estensivo ás retribucións de tódolos membros da Corporación, polo que se deben fixar de xeito adecuado.

- O Sr. alcalde fai referencia a que se vai atende-la proposta concreta do Sr. delegado do goberno, que é dunha incrible e estraña coincidencia co sinalado polo PP, sendo a proposta o que se materialice en tal sentido.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, puntualiza que a coincidencia o é na lexislación vixente.

- Continúa o Sr. alcalde, indicando que non hai que dar máis voltas xa que non é senon aplicación do que se estaba a facer.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, manifesta que no anterior Pleno se dubidou sobre a legalidade ou se había un erro legal ou administrativo, entendendo que se ía aclarar polos servicios xurídicos, insistindo en que se hai algo máis que se estudie, xa que parece que o PP propón algo novo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, pola súa parte, indica que se referira á necesidade de adaptarse tódalas retribucións.

Todo esto da lugar a certa confusión, entendendo o Sr. alcalde que a documentación que consta no expediente recolle totalmente o requirimento efectuado.

O Pleno, por unanimidade, acorda: acepta-lo requirimento modificando o acordo adoptado na sesión do día 2 de agosto pasado, sobre retribucións dos cargos corporativos, do xeito seguinte: 1º.- As retribucións que se sinalan para o exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, de alcalde, concelleiros delegado de urbanismo e delegado de cultura, enténdense brutas e sobre as mesmas efectuaranse tódalas retencións legalmente establecidas. 2º.- O delegado de turismo percibirá en concepto de retribucións polo exercicio do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva a cantidade de 145.000,- ptas. brutas, sobre as que se efectuarán tódalas retencións legalmente establecidas. 3º.- Os ingresos dos restantes concelleiros serán: asistencia Pleno ordinario 37.500,- ptas., asistencia Pleno extraordinario 18.750,- ptas., asistencia Comisión de Goberno ordinaria 18.750,- ptas., asistencia Comisión de Goberno extraordinaria 12.500,-ptas., asisitencia reunións delegados ordinarias 25.000,- ptas., asistencia reunións delegados extraordinarias 15.000,- ptas., sobre os que se efectuarán tódalas retencións legalmente establecidas.

5.- PROPOSTA SOBRE ADHESIÓN A CONVENIO FEGAMP-FENOSA.

Dase conta de convenio asinado entre a FEGAMP e UNIÓN FENOSA en relación ó aboamento da taxa pola utilización do subsolo, solo e vóo. A Comisión de Programación informa favorablemente a adhesión a este convenio.

O Pleno, por unanimidade, acorda adherirse ó convenio subscrito entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e Unión Fenosa SA, en relación ó aboamento da taxa pola utilización do subsolo, solo e vóo, por importe de 2.842.717,- ptas., e en relación coa fórmula de pagamento óptase pola compensación da débeda existente do Concello con Unión Fenosa.

6.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE OBRAS NO PLANO DE INVESTIMENTOS 1999.

Dase conta de proposta relativa ás obras previstas para a súa inclusión no Plano de Investimentos 1999. O asunto conta do dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda incluir no Plano de Investimentos 1999 as obras: "instalación de calefacción en edificio municipal de servicios múltiples na r/ San Francisco" e "adecuación do edificio das antigas escolas de San Francisco".

7.- SOLICITUDE Ó PIEL DE OBRAS POR BAIXAS EN LICITACIÓN.

Dase conta ó Pleno de obras para inclusión no PIEL-99 por baixas en licitación. Conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto "complementario do proxecto de pavimentación con aglomerado asfáltico da Avda. do Carregal" por importe de 1.980.562,- ptas. (IVE incluído), así como solicita-la súa inclusión no PIEL 1999 (programa de pequenas infraestructuras e equipamentos locais) por baixas en licitación, facultando á Alcaldía para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

8.- ACORDO SOBRE PERSONAMENTO EN XUIZO DE FALTAS 115/99-02.

Antes de iniciar este punto auséntase a Sra. Lucía Romay.

Dase conta de informe relativo a personamento en xuízo de faltas 115/99-02. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a súa postura de abstención, por non ter sido informados dos feitos que orixinan este asunto, polo que descoñecen o proceso.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a mesma postura, aproveitando para lembra-la información solicitada sobre número de accidentes da Escola Taller e que se tomen as medidas ó respecto no futuro.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: personarse no xuízo de faltas 115/99-02, a través do asesor xurídico, D. Daniel Pereiro Cachaza, facultando ó Sr. alcalde para outorga-la representación que proceda.

9.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

Incorpórase a Sra. Lucía Romay.

Dase conta ó Pleno de proposta de modificación de ordenanzas fiscais, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta a súa abstención, sen que teña motivo de cambia-la súa actitude respecto a outros anos. Entende que se cumpren os criterios legais, pero non tén outros criterios de apoio.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala así mesmo a abstención do seu grupo, facendo referencia a que vista a liquidación do punto segundo hai máis diferencias de criterios.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das ordenanzas e prezos públicos que a continuación se detallarán, para o exercicio do 2000: ORDENANZA FISCAL Nº 1.- Xeral de tributos e de prezos públicos. ORDENANZA FISCAL Nº 2.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición e tramitación de documentos. ORDENANZA FISCAL Nº 3.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servicios do Cemiterio Municipal. ORDENANZA FISCAL Nº 4.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por retirada e custodia de vehículos. ORDENANZA FISCAL Nº 5.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licencias de apertura de establecementos. ORDENANZA FISCAL Nº 6.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licencias de autotaxis e demáis vehículos de aluguer. ORDENANZA FISCAL Nº 7.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licencias urbanísticas. ORDENANZA FISCAL Nº 8.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servicio de rede de sumidoiros e depuración de auguas residuais. ORDENANZA FISCAL Nº 9.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo. ORDENANZA FISCAL Nº 10.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servicios nos mercados municipais. ORDENANZA FISCAL Nº 11.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro e utilización de augua potable no termo municipal de Betanzos. ORDENANZA FISCAL Nº 12.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa que rexe o estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas. ORDENANZA FISCAL Nº 13.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación do solo e vóo de vías públicas e outros terreos de domino público local. ORDENANZA FISCAL Nº 14.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos semellantes con finalidade lucrativa. ORDENANZA FISCAL Nº 15.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos. ORDENANZA FISCAL Nº 16.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación do subsolo de terreos de uso público local. ORDENANZA FISCAL Nº 17.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola apertura de zanjas, calicatas e calas en terreos de uso público, así como as remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública. ORDENANZA FISCAL Nº 18.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercancías, materiais de construcción, entullo, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións semellantes. ORDENANZA FISCAL Nº 19.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos desde a vía pública ós edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular. ORDENANZA FISCAL Nº 20.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servicios nos museos e outras instalacións culturais do Concello de Betanzos. ORDENANZA FISCAL Nº 21.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servicios nas instalacións deportivas municipais. ORDENANZA FISCAL Nº 22.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes. ORDENANZA FISCAL Nº 23.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por retirada e custodia de artigos e productos

expostos á venda. ORDENANZA FISCAL Nº 25.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. ORDENANZA FISCAL Nº 26.- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. ORDENANZA FISCAL Nº 27.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. ORDENANZA FISCAL Nº 28.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construccións, instalacións e obras. ORDENANZA FISCAL Nº 29.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas (IAE). PREZO PUBLICO Nº 1.- Prezo público regulador das taxas pola emisora de radio. 2.- Expoñer durante 30 días, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, estes acordos provisionais segundo o disposto no artigo 17 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, prazo durante o cal os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. 3.- Se non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose a publica-lo texto das modificacións introducidas nas ordenanzas vixentes e o articulado completo da nova ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

10.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO.

Dase conta ó Pleno de proposta de modificación puntual das normas subdiarias de planeamento, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. alcalde dá conta de que pola Xunta de Compensación do Plan Parcial do Pasatiempo, quen iniciara este expediente, se presentou con esta data un escrito solicitando a retirada do citado expediente, o que é lóxico ter en conta.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pide información adicional por canto lle chama a atención, aspecto tamén sinalado polo Sr. Doporto, voceiro do BNG.

- Insiste o Sr. Alcalde en que non coñece motivos nin explicación de que esto sexa así, sen prexuízo de que se manteñen conversas das que, no seu momento, se dará conta.

O Pleno, por unanimidade, acorda o desistimento solicitado.

11.- MOCIÓN SOBRE A RECEPCIÓN DE SINAIS DE TELEVISIÓN.

Dase conta de moción conxunta dos grupos con representación municipal: socialista, popular e nacionalista, en relación coa recepción de sinais de televisión en distintas zonas do municipio. Está dictaminada favorablemente pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ó Ministerio de Fomento (Dirección Xeral de Telecomunicacións), RETEVISIÓN e Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a adopción de medidas que corrixan as deficiencias existentes no municipio de Betanzos, nas zonas que se sinalan no plano xunto. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios para levar a bo fin este acordo.

12.- MOCIÓN DO PP SOBRE ESTACIÓNS VERDE.

Dase conta de moción do grupo municipal do Partido Popular en relación co proxecto de RENFE de estacións verdes, para o que está seleccionada a estación de ferrocarril de Betanzos. Está dictaminada favorablemente pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: entabla-las negociacións necesarias coa compañía RENFE encamiñadas a que como medio para divulga-los valores culturais e históricos da cidade, que se edite unha publicación dirixida especificamente ós usuarios deste servicio. Esta publicación podería ser distribuída entre as persoas que soliciten

billetes en calquera das estacións verdes que existen no resto de España e por suposto a tódolos usuarios da liña de Betanzos a Ferrol, para o cal se terían dúas posibilidades: no propio tren, ou á súa chegada á estación. Esto supoñería a posibilidade de empezar a dirixi-la oferta turística de Betanzos cara ó turismo ecolóxico que se presenta actualmente como unha das actividades de máis futuro dentro deste sector.

13.- MOCIÓN DO BNG EN SOLIDARIEDADE CO POBO DE TIMOR-LESTE.

Dase conta de moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego en relación coa solidariedade co pobo de Timor-Leste. Está dictaminada favorablemente pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Solicitar da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado que fagan presión internacional para que o Goberno Indonesio respecte o resultado do referendum de autodeterminación do pobo de Timor-Leste, que determinou a súa independencia. 2.- Condenar ó Goberno Indonesio pola súa responsabilidade no xenocidio exercido sobre o pobo timorense. 2.- Que o Concello de Betanzos promova e participe en tódolos actos e medidas de solidariedade que se realicen e adopten co pobo de Timor-Leste.

14.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PROBLEMÁTICA DO SECTOR LÁCTEO.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo municipal do BNG en relación coa problemática do sector lácteo. Está dictaminada pola Comisión de Programación.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1.- Dirixirse á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Agricultura para que: -Elaboren unha lexislación da Interprofesional Galega do Leite, con capacidade e competencias para determinar un marco global de acordos que estableza a relación contractual para a compravenda do leite, estándar de calidades, primas por cantidades e duración dos contratos, así como das condicións de extinción da relación contractual. -Se proceda ó reparto gratuíto do fondo de cotas e da reserva estatal. -O reparto das 550.000 Tm. se efectúe tendo en conta o peso do sector lácteo nas economías rurais de Galicia e o número de explotacións, de cara ó mantemento de postos de traballo no agro. -Se inicien por parte da Consellería de Agricultura negociacións co Ministerio para a concesión dunha moratoria na aplicación da supertaxa, que inclúa desde a campaña 96/97 ata a final do período de cotas da Unión Europea. -Reclamen do Goberno Central que se faga cargo da responsabilidade que puidese implica-la aplicación de sancións ou supertaxas pola producción excedida de cota. 2.- Así mesmo, que se fagan públicos estes acordos e o apoio ó sector lácteo de cara á realización de futuras actuacións pola problemática anteriormente exposta.

15.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE CANON DE SANEAMENTO.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras relacionada co "canon de saneamento". Conta co dictame favorable da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Amosa-lo rexeitamento da Corporación Municipal á aplicación do canon de saneamento, establecido pola Xunta de Galicia mediante a Lei 8/93. 2º.- Mostra-lo desacordo da Corporación Municipal coa relación de núcleos afectados no municipio de Betanzos, coa aplicación do canon de saneamento, relacionados no anexo á Orde do 10/xuño/1999 (DOG nº 119) da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. 3º.- Solicitar á Consellería e Política Territorial, Obras

Públicas e Vivenda, aclaración ou xustificación da aplicación do canon de saneamento ós núcleos que figuran do municipio de Betanzos, no anexo á Orde do día 10 de xuño de 1999 (DOG nº 119 do 23 de xuño de 1999). 4º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo cantas xestións sexan necesarias para a aclaración dos feitos descritos, e realizar cantos trámites administrativos sexan necesarios en defensa dos intereses veciñais, en relación ó canon de saneamento da Xunta de Galicia.

16.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE SEGURIDADE EN VÍAS PROVINCIAIS.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras relacionada con solicitude á Deputación Provincial de seguridade en vías provinciais. Conta co dictame favorable da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Reiterar á Excma. Deputación Provincial a retirada dos postes de conducción eléctrica existentes na estrada Cortiñán-Vilacoba (tramo Cortiñán-Montellos) na encrucillada de Montellos, dada a perigosidade que representan, por estar introducidos na calzada e terse producido contra os mesmo vários accidentes. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para levar a bo fin este acordo.

17.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE ESTRADA PROVINCIAL DE BETANZOS A CAMPOLONGO.

Dase conta ó Pleno de moción do delegado de infraestructuras relacionada con solicitude á Deputación Provincial de ampliación e mellora da estrada provincial de Betanzos a Campolongo. Conta do dictame favorable da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Reiterar á Excma. Deputación Provincial a solicitude de ampliación e mellora da estrada provincial Betanzos-Campolongo, ó seu paso polo municipio de Betanzos. 2º.- Solicitar se contemple na posible ampliación e mellora, a construcción de beirarrúas para a seguridade vial, para o discorrer peonil entre os distintos núcleos e a súa unión co centro municipal. 3º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo as xestións necesarias para levar a bo fin estas peticións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, presenta para aprobación, dada a importancia e a urxencia do asunto, un informe dos servicios técnicos municipais relacionado con obras no CEIP "Francisco Vales Villamarín" de Betanzos.

Sometido a consideración do Pleno, este, co voto a favor de tódolos concelleiros presentes (16), agás a abstención por ausencia do Sr. Díaz, acorda incluir na orde do día o punto seguinte: INFORME SOBRE OBRAS NO CEIP "FRANCISCO VALES VILLAMARÍN"

18.- INFORME SOBRE OBRAS NO CEIP "FRANCISCO VALES VILLAMARÍN.

Incorpórase novamente o Sr. Díaz Pereira.

O Sr. secretario da lectura ó informe elaborado polos servicios técnicos municipais sobre obras no CEIP "Francisco Vales Villamarín".

- O Sr. alcalde indica que no informe se constatan algunhas carencias e modificacións na obra, que se deben poñer en coñecemento da Consellería de Educación de Ordenación Universitaria para que se adopten as medidas necesarias.

O Pleno, por unanimidade, acorda: eleva-lo informe elaborado polos servicios técnicos municipais de revisión das obras do centro de ensinanza infantil do CEIP "Vales Villamarín" á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

(autora das obras) a fin de que adopte as medidas necesarias para subsana-las carencias existentes.

- O Sr. alcalde pide que conste en acta o sentemento polo falecemento de D. Carlos González García (último neto varón de D. Juan García Naveira), facendo unha breve semblanza do mesmo.

19.- ROGOS E PREGUNTAS.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- A actual lexislación en materia educativa, para os períodos de escolaridade obrigatoria, establece un reparto de competencias entre a administración autonómica e a local. É pois evidente que a Consellería de Educación e o Concello de Betanzos son responsables, ámbolos dous, de garanti-la calidade do ensino e os niveis axeitados en materia de dotacións e infraestructuras do CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos.

Á vista das reiteradas reclamacións que toda a comunidade educativa do Vales Villamarín (mestres, pais e alumnos) ven realizando nos últimos cursos, de maneira case permanente e con constante presencia nos diferentes medios de comunicación, está absolutamente claro que o ensino que reciben os nosos rapaces dista moito de ser de calidade debido ó mal estado de conservación do propio centro e ás numerosas deficiencias e carencias que presenta, tal e coma mesmamente recoñecen o delegado provincial de educación e o propio alcalde de Betanzos, en declaracións públicas que ámbolos dous efectuaron nos últimos días.

E isto é bo. O feito de que os principais responsables de que o CEIP Francisco Vales Villamarín estea en óptimas condicións recoñezan publicamente que está rematadamente mal, é bo, pois recoñece-la existencia dun problema é da-lo primeiro paso para solucionalo. Pero, sen embargo, resulta enormemente preocupante que o Goberno Local e a Delegación Provincial de Educación se líen en discusións de "patio de colexio" (nunca mellor dito) a cerca de quen fai máis ou menos e a quen lle corresponde (non é demagoxia, abonda repasa-las últimas declaracións públicas para comprobar que é certo).

Non imos politiza-lo asunto, nunca o fixemos nin o faremos, pero para o Bloque Nacionalista Galego está perfectamente claro e demostrado que o Goberno Local e a Consellería de Educación son os únicos culpables, dobremente culpables, da preocupante situación na que se atopa o colexio. Culpables de obra por non ter intervido en subsanar a tempo as deficiencias que están baixo da súa competencia e culpables de omisión por non esixir, no momento oportuno, o cumprimento das súas obrigas á outra administración, máis aínda se temos en conta que os desperfectos, carencias e deficiencias que presenta o Vales Villamarín son xa vellos problemas, agravados co paso do tempo, e por engadido, vellas reivindicacións da comunidade educativa.

Goberno Municipal e Consellería de Educación saben perfectamente de quen é responsabilidade o arranxo da caldeira da calefacción, o pintado do colexio, a reparación dos servicios, a adecuación da instalación eléctrica, a construcción de ascensores, a supresión de barreiras arquitectónicas, a adecuación do edificio á normativa legal en materia de seguridade, etcétera, etcétera.

Desde o BNG de Betanzos, non imos botar máis leña ó lume, tan só pretendemos e avogamos porque Goberno Local e a Delegación Provincial da Consellería de Educación asuman dunha vez por todas as súas responsabilidades en materia educativa, que amosen a súa "maioría de idade política" e se senten a discutir e a negociar na busca de solucións para as numerosas carencias e deficiencias que presenta o CEIP Francisco Vales

Villamarín de Betanzos e que eles mesmos recoñecen, demostrando así que os nosos rapaces e o ensino público lles preocupan e son para eles algo máis que fríos números e rigorosa estatística.

Por tal motivo, rogamos encarecidamente, esiximos, do Goberno Local que inicie tódolos trámites oportunos, que dea tódolos pasos pertinentes para chegar a un clima de entendemento coa Consellería de Educación e a súa Delegación Provincial cara a unha solución das numerosas deficiencias e carencias que afectan ó CEIP "Francisco Vales Villamarín".

2.- Solicita que o goberno municipal arbitre tódalas medidas oportunas para dar pronta solución á "excesiva" concentración de colectores de lixo na beirarrúa ó pe do edificio nº 2 da r/ Dr. José Fariña.

3.- En relación cos recheos das marxes do río Mandeo, cos desmontes das ladeiras do val, coa privatización e acotado ilegal da beira do río e coa proliferación de casetas de todo tipo:

* ¿O goberno municipal informa ós infractores do dano causado e mesmo do posible delicto que están a cometer?
* ¿Tén o goberno municipal competencias para evitar este tipo de actuacións?
* No caso dunha resposta negativa á pregunta anterior: ¿exerce o goberno municipal, cando menos, un control sobre este tipo de actuacións denunciando as infraccións ou delictos diante da administración competente? ¿demanda das administracións competentes o cumprimento estricto da Lei?
* ¿Tén pensado o goberno municipal algunha campaña de concienciación entre toda a cidadanía polo respecto do noso contorno natural?

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- En relación coas presuntas irregularidades urbanísticas en dúas edificacións, de distintas promotoras, sitas na travesía do Pintor Seijo Rubio:

* ¿Adáptanse os dous edificios en cuestión ás especificacións das licencias de obra municipais concedidas?
* En caso afirmativo ¿ditas licencias cumpren coas directrices contempladas nas presentes normas subsidiarias e demáis normativas urbanísticas de aplicación para esa zona?, é dicir ¿están axustadas a dereito?
* En caso negativo ¿que medidas de control e que criterios se seguiron para permitir que se chegase a esta situación?

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Que o Concello se interese polo tema da rede de sumidoiros do Norte que, segundo os veciños, desprende moi mal olor.

2.- Que se coloque unha barandilla no tramo das beirarrúas de Betanzos ó Mesón do Vento.

3.- Limpeza da pista que da acceso ó campo de fútbol de Guiliade.

4.- Que se tomen as medidas oportunas a fin de que a casa non habitada na baixada da rúa do Rollo non continúe a ser utilizada para pinchazos de drogadictos, etc.

5.- Que se merque un aparato de excarcelación para saca-los accidentados dos vehículos.

6.- Que se amplíe o horario do cemiterio e, sobre todo, que permaneza aberto os domingos e festivos pola tarde.

7.- ¿Cantas veces ó mes se limpan os colectores do lixo?

8.- ¿Cantas veces ó mes se limpan os baños públicos?

9.- ¿Canto leva pagado o Concello de Betanzos en minutas de avogados e asesores nos últimos 4 anos?

10.- ¿Que criterios utiliza o Concello para a concesión de bolsas para libros ós veciños da nosa cidade?

11.- ¿Que actitude tomou o Concello na petición de execución da sentencia do recurso contencioso administrativo 02/0005489/1994?

12.- ¿Que ocorre co punto limpo existente na feira detrás da Escola Taller na que se acumula entullo de forma importante?

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

DILIGENCIA DE PECHE:

Para facer consta-lo peche do presente libro que se compón da transcrición das actas das sesións do Pleno do Concello desde a data de 28 de maio de 1995 a 29 de outubro de 1999, téndose utilizado as follas que abranguen desde a B0000001 á BC0000198, inutilizándose a continuación as restantes na forma indicada no artigo 5.2 do Decreto 101/83 de 14 de xullo da Xunta de Galicia.

E para que así conste esténdese a presente dilixencia en cumprimento do disposto no artigo 5.1 do citado Decreto, co visto e prace do Sr. Alcalde, en Betanzos o vintecatro de novembro de mil novecentos noventa e nove.

Vº e Pr.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo.- Manuel Lagares Pérez. Asdo.- Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Folio 00199

B 0000199

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

9326



CONCELLO
DE
BETANZOS

ACTAS DE PLENO

DEL
28-5-95
AL
29-10-95